

Universidade de Santiago de Compostela  
Facultade de Filoloxía

Construcións  
verbais en galego  
e portugués:  
verbos de  
movemento

M<sup>a</sup> Soraya Domínguez Portela

2012

# Construcións verbais en galego e portugués: verbos de movemento

Tese de Doutoramento presentada no Departamento de Filoloxía Galega, da Facultade de Filoloxía, da Universidade de Santiago de Compostela, por M<sup>a</sup> Soraya Domínguez Portela e dirixida pola doutora Rosario Álvarez Blanco.

V<sup>o</sup> e Pr. da Directora

Asdo. Rosario Álvarez Blanco

Asdo. M<sup>a</sup> Soraya Domínguez Portela

## Agradecementos

Quero agradecerlle a dirección da doutora dona Rosario Álvarez Blanco, fundamental para que este traballo chegase a porto e responsable dos posibles acertos que este poida incluír.

Tamén quero agradecerlle a axuda académica inesgotable do profesor Xosé Xove, o cal sempre estivo ó meu dispor para encher as miñas numerosas lagoas sobre o verbo.

Debo ademais dar grazas pola axuda prestada pola totalidade dos membros do Instituto da Lingua Galega, que sempre me resolveron as diferentes necesidades que me xurdiron.

## **Dedicatorias**

A Roi, por todas as novas experiencias que me ofertou e por animarme a darlle o último impulso a este traballo.

A Alberto, por estar sempre aí e ser o meu guieiro e apoio intelectual, e non só.

Ós meus pais Cándida e Severino, por abríreme todas as portas que eles sempre tiveron pechadas.

# Introducción

## Introdución

A capacidade lingüística é un dos trazos que nos singulariza como especie dentro do reino animal. Isto xustifica que a busca da comprensión e do mellor coñecemento dos idiomas sexa unha constante en toda a nosa historia, que comeza cos filósofos gregos dende Platón e continúa ata os nosos días. A forma en que se perspectiviza este estudo pode ser de dobre natureza: descritiva ou prescritiva. Isto é, hai estudos que buscan entender como funcionan as linguas, mentres que outros delimitan a forma *correcta* en que esta se regula. Nas últimas décadas os traballos lingüísticos abandonaron en grande medida a composición de regras prescritivas de como se debe usar un código concreto, para centrárense en entender a súa construción e comportamento. Isto mesmo se dá nos estudos filolóxicos centrados en idiomas en proceso de normalización, como é o caso do galego. Despois do asentamento dun estándar e da redacción de ferramentas prescritivas abundas para que a comunidade dispoña deses útiles básicos de referencia, a lingüística mergúllase no coñecemento do obxecto lingüístico en si. Para desenvolver este labor, a partir dos traballos de Chomsky e das diferentes liñas xenerativistas, as múltiples vertentes da lingüística toman como base o postulado de que os idiomas, aínda que son sistemas de comunicación arbitrarios tal e como indicara no seu momento Saussure a respecto do signo lingüístico, non funcionan dun modo absolutamente aleatorio; estes responden a principios, regras ou parámetros de construción que é preciso descubrir.

En occidente, o verbo tradicionalmente é considerado unha das categorías fundamentais. Isto xustifica a nuclearidade de que goza nos estudos lingüísticos. No caso do galego, dende os anos 70 encontramos numerosas achegas ó seu funcionamento morfolóxico-gramatical, os cales son traballos descritivos, pero tamén en grande medida prescritivos. Porto Dapena fai “unha descripción da estrutura do verbo galego, seguindo un criterio absolutamente funcional” (1972: 13); Santamarina (1974) oferta un traballo pormenorizado da estrutura morfolóxica do verbo galego, da súa evolución diacrónica e dos valores de cada forma verbal simple ou perifrástica; Xove Ferreiro (1982, 2005) atende diferentes aspectos da construción verbal, centrándose en grande medida nos lugares de difícil caracterización ou de interferencia lingüística; ou García Represas (2004) e Hermida Borrajo (2006) ofertan cadanseu traballo sobre a conxugación verbal. Mais o tratamento desta categoría gramatical tivo outros enfoques: encontramos investigacións que se centran na

## Introdución

diversidade dialectal do verbo galego (Fernández Rei, 1979), na súa evolución na diacronía (Veiga, 1986; Moscoso Mato, 2000; Freixeiro Mato, 2002), no ámbito léxico (Gómez Clemente, 1995; Álvarez de la Granja, 2003) ou que tratan aspectos concretos da construción sintáctica da oración a partir do núcleo verbal (Costas González, 1988; López Martínez, 1991). Nas últimas décadas xorde unha tipoloxía de traballos diversa. Formulan a construción verbal, pero xa non se centran exclusivamente no aspecto sintáctico; o propósito é poñela en diálogo co significado. Lantes Vitueira (1996), aínda que foca a construción sintáctica fundamentalmente, para atender a dobre rexencia de obxecto directo e indirecto dos verbos tipo *mandar* introduce consideracións de natureza argumental semántica na súa delimitación funcional que debuxan o camiño de estudos posteriores. Deste modo, a sintaxe conxúgase coa dimensión semántica nos traballos de Sousa Fernández (1998a, 1998b, 1999, 2002, 2005), Soto Andión (2000, 2001, 2002, 2009), Rodríguez Guerra (2004), Sánchez Rei (2006), Pereira Maceda (2009) ou Fernández Salgado (2009), os cales se postulan dende a gramática de valencias (como é o caso de Sánchez Rei) á perspectiva léxico-gramatical (Soto Andión); todos os traballos anteriores analizan exemplos concretos de unidades verbais ou de grupos de verbos. Para encontrar unha ferramenta máis global que atenda o funcionamento do verbo galego en conxunto a respecto da súa construción semántico-sintáctica debemos facer referencia ó proxecto de investigación en curso do Instituto da Lingua Galega (ILG) *Construcións verbais e sintaxe da oración*<sup>1</sup>. Este iniciouse no ano 2002 e ten como obxectivo a delimitación das construcións base dos verbos galegos tanto no plano semántico coma no sintáctico na busca de crear unha ferramenta referencial no que respecta á construción da oración a partir do núcleo verbal.

O referido proxecto encádrase nunha tipoloxía de traballos que dende o último terzo do século pasado xurdiron en diferentes ámbitos lingüísticos. Son programas de investigación que teñen como obxectivo esta delimitación dos esquemas argumentais sintáctico-semánticos dos verbos nunha lingua concreta, sexa, por exemplo, no inglés (FrameNet), no alemán (SALSII) ou no español (Proxecto Adesse).

A tese que nos ocupa foi motivada pola participación no mencionado proxecto galego a través dunha bolsa de investigación durante os anos 2002-2003. Deste modo deuse

---

<sup>1</sup> Proxecto subvencionado pola Real Academia Galega.

## Introdución

o achegamento a esta modalidade de enfocar a análise verbal e a consciencia da súa rendibilidade para unha comprensión nova do feito lingüístico.

Para elaborar a nosa propia investigación partimos da hipótese de que os verbos determinan de seu unha predicación nuclear semántico-sintáctica que caracteriza unha unidade verbal e tamén en boa parte o grupo semántico de verbos no que se pode incluír (Levin, 1993). Dende unha perspectiva léxico-gramatical e seguindo en grande medida os postulados da lexemática funcional e de Jackendoff (2010), que se sitúa entre a lingüística xenerativa e a cognitiva, o noso traballo circunscríbese a un campo semántico concreto: os verbos de movemento con desprazamento. As relacións espaciais son entendidas, singularmente pola lingüística cognitiva (Goldberg, 1995), como un dominio básico na conceptualización o que explica que os verbos de movemento sexan unidades que atraeron e atraen a atención dos lingüistas case que dun modo constante no tempo e a nosa en particular aquí tamén. Neste traballo buscamos, polo tanto, a visualización de patróns de conduta xeral, regularidades ou principios que determinen as escollas lingüísticas e o modo de construírse a oración que ten como núcleo un verbo de movemento con desprazamento.

Alén da referida perspectiva de análise verbal, este é un estudo contrastivo entre idiomas, é dicir, un estudo tipolóxico de equivalencias entre os verbos de movemento con desprazamento en galego e en portugués<sup>2</sup>. A tipoloxía lingüística está demostrando que o contraste entre idiomas xorde como unha ferramenta útil para contextualizar un funcionamento base concreto dentro dun prisma máis amplo. Neste traballo atendemos o comportamento dos verbos de movemento en galego e en portugués; buscamos os puntos de intersección e de afastamento entre idiomas que axuden a entender evolucións concretas de dúas linguas que comparten unha orixe común, pero que sufriron evolucións diferentes pola súa separación política-social.

---

<sup>2</sup> O corpus de traballo está extraído do *Corpus de Referência do Português Contemporâneo*. Este toma en consideración todas as variantes do portugués: a continental, a do Brasil, a dos PALOP, a de Macau, a de Timor-Leste e a de Macau; aínda que se centra na continental. Esta variedade diatópica é a que máis interese ten para a nosa investigación por corresponder coa máis próxima territorialmente ó galego. Co contraste destes dous idiomas fronteirizos buscamos atopar as coincidencias e diferenzas que nos axuden a entender a evolución de cada un dos idiomas a respecto da construción dos verbos de movemento con desprazamento.



## Introdución

Por conseguinte, este traballo ten catro obxectivos fundamentais:

- Determinar a predicación nuclear semántico-sintáctica dun grupo de verbos de movemento que cubran o abano tipolóxico deste conxunto verbal.
- Definir o patrón xeral de comportamento a través de regras ou principios que regulan as escollas lingüísticas e o modo de construír a oración que ten como núcleo un verbo de movemento con desprazamento.
- Comprobar a rendibilidade de traballar con grupos semánticos a partir de exemplos concretos que caractericen o funcionamento base do conxunto.
- Contrastar o comportamento entre o galego e o portugués no que se refire ó funcionamento nuclear dos verbos de movemento con desprazamento para determinar se existen discordancias entre linguas e a que nivel de construción lles afectan.

Para desenvolver esta investigación elaboramos un corpus de rexistros, encadrándonos nos postulados teóricos da lingüística de corpus e da computacional que avogan polo traballo non intuitivo, pola investigación baseada en producións lingüísticas reais. Para a súa configuración foi preciso, en primeiro lugar, determinar que entendemos por movemento, elaborar unha clasificación propia de verbos encadrables neste grupo e determinar a listaxe de unidades que representarían os tipos verbais; e, en segundo lugar, definir que relación iamos establecer entre os planos semántico-sintáctico. Estes serán os obxectivos do primeiro capítulo. A partir dun percorrido polas diferentes posicións teóricas a respecto da relación significado e construción sintáctica, presentamos a que será a nosa: amósanse como dous planos fortemente interligados aínda que non absolutamente coincidentes. Non nos interesa determinar cal deles inflúe no outro, senón delimitar os espazos de coincidencia e de implicación mutua; este posicionamento aséntase como unha das bases teóricas do noso traballo. Por conseguinte, despois de facer unha revisión das principais clasificacións dos verbos de movemento con desprazamento, formulamos a nosa, que toma en consideración aspectos semánticos e sintácticos.

No segundo capítulo presentamos o noso corpus de traballo. Identificamos as fontes de que se extraen os rexistros para a lingua galega (fundamentalmente o *Tesouro Informático da Lingua Galega*) e para a portuguesa (o *Corpus de Referência do*

## Introdución

*Português Contemporâneo*) e desenvolvemos a configuración da base de análise do noso corpus. Esta, tal e como a clasificación dos verbos de movemento con desprazamento, tamén está conformada por trazos semántico-sintácticos.

O terceiro capítulo conta cunhas dimensións moi superiores á dos restantes, mais é un desequilibrio que se debe ó tipo de contido que inclúe: nel formulamos o corpo de acepcións dos verbos de movemento con desprazamento escollidos. Xunto de cada acepción presentamos o seu correspondente esquema semántico base, polo que non é xustificativo incluír esta información nun anexo ou parte complementaria fóra do propio apartado. Na introdución dese capítulo formularemos, despois dunha revisión detallada das diversas liñas teóricas, o noso concepto de rol semántico e as figuras que imos considerar como tales. As acepcións serán agrupadas en macroacepcións, de maneira que o contraste entre verbos sexa máis fácil de facerse. Neste mesmo capítulo describiremos, sen determinar a súa construción semántica, as estruturas de discurso fixo en que xorde a determinada unidade verbal e as unidades perifrásticas en que se desenvolve o verbo como elemento auxiliar. A partir da información aquí presentada extraemos as primeiras conclusións globais no que respecta ó funcionamento semántico dos verbos de movemento e á súa construción.

No capítulo cuarto afondamos na caracterización do comportamento base no plano da construción semántica deste tipo de verbos cunha visión de conxunto a partir de cada subgrupo establecido na nosa clasificación. Os esquemas semánticos dos verbos xerarquízanse segundo a súa importancia de uso no corpus, de maneira a delimitar un funcionamento común e prototípico de cada subtipo de verbos de movemento con desprazamento e aqueles espazos de interligazón común ó conxunto dos verbos de movemento no que respecta á súa construción semántica base.

O capítulo quinto céntrase nas estruturas de discurso fixo formadas a partir dos verbos de movemento. Nel describiremos que se entende por discurso fixo e estableceremos dous tipos: os marcadores discursivos e a fraseoloxía. Analízase con pormenor este tipo de construcións para buscar regras de funcionamento que xustifiquen que tipo de verbos teñen maior disposición para adquirir un comportamento discursivo nos que se inclúe o verbo de movemento con desprazamento, como se comportan a respecto da idea de movemento nestes contextos e o contraste no seu funcionamento neste nivel entre as dúas linguas estudadas nesta tese.

## Introdución

A construción sintáctica dos verbos de movemento con desprazamento é o obxecto de estudo do capítulo sexto. Nel formulamos diferentes aspectos teóricos: o noso posicionamento no que se refire á relación entre semántica e sintaxe, os conceptos que utilizaremos para a análise sintáctica (*esquema argumental*, *argumento* e *satélite*), as funcións sintácticas con que traballaremos (a partir do concepto de *función sintáctica* da gramática funcional) e o criterio de uso que avogamos como fundamental para delimitar os esquemas argumentais base de cada un dos verbos de movemento. Formulamos un ou varios esquemas argumentais base para cada unidade, a partir dos que describimos o comportamento sintáctico nuclear de cada grupo verbal e os puntos comúns do conxunto de verbos de movemento con desprazamento en cada unha das linguas obxecto de estudo. Veremos como o conxunto formado polo significado, a multiplicidade argumental, a definición sintáctica e a variabilidade na lingua será a guía na nosa delimitación dos principais esquemas argumentais dos verbos de movemento.

Despois da revisión semántico-sintáctica, faise evidente que para os verbos de movemento con desprazamento as referencias locativas son nucleares. No capítulo sétimo estas son o obxecto de análise. Xa non só interesa a especificación locativa que cada tipo de verbos de movemento tende a rexer ou as posibilidades de elisión de cada unha. Neste apartado observamos se as diferentes referencias espaciais son posibles con todos os subgrupos verbais de desprazamento, se se poden combinar entre si, se contan cunha orde fixa ou prioritaria na oración cando hai un encontro de varios locativos e se a tipoloxía verbal inflúe na rexencia do enlace de cada un dos complementos de lugar. Mais o rol semántico locativo non só se corresponde no plano sintáctico con complementos circunstanciais, senón que existen dous elementos argumentais que admiten esta proxección: o obxecto directo e o indirecto. Neste mesmo capítulo delimitamos cales son os condicionantes para que estas dúas figuras sintácticas se correspondan cun rol semántico locativo; cales dependen do tipo verbal e que diverxencias comunicativas se dan segundo a escolla que faga a falante entre as diferentes estratexias sintácticas de que dispón para explicitar o rol semántico locativo.

Deixamos para o oitavo e último capítulo o contraste entre o plano semántico e o sintáctico no que se refire ó comportamento base dos verbos de movemento.

## Introdución

Defendemos dende o inicio deste traballo unha posición polo que estas dúas dimensións xorden como caras dunha mesma figura, que non son absolutamente coincidentes, pero entre as que hai unha clara interligazón. A partir dos datos extraídos deste contraste podemos concluír unha serie de regras ou principios xenéricos que determinan a construción semántico-sintáctica base de cada subgrupo de verbos de movemento con desprazamento e do conxunto dos verbos de movemento con desprazamento en xeral. Ademais tamén lle demos unha especial atención ó funcionamento copulativo e auxiliar que algúns destes verbos poden admitir, na busca de regras que establezan predisposicións cara a estes funcionamentos. Finalmente, o contraste entre os resultados obtidos na lingua galega e na portuguesa guiarannos na conclusión final sobre a tipoloxía de discordancias que existen entre os dous idiomas a respecto do comportamento semántico-sintáctico dos verbos de movemento con desprazamento.

Para concluír coa introdución deste traballo, presentamos un índice coas abreviaturas máis recorrentes do texto na busca de facilitar a lectura.

AC: macroacepción de Acción.	comparación.
Amb: rol semántico de ámbito.	CTRANSP: complemento circunstancial de transporte.
Ax: rol semántico de axente.	CINSTR: complemento circunstancial de instrumento.
Benef: rol semántico de beneficiario.	CL: complemento circunstancial de localización.
Cant: rol semántico de cantidade.	CLD: complemento circunstancial de lugar de destino.
CANT: macroacepción de cantidade.	CLO: complemento circunstancial de lugar de orixe.
Cau: rol semántico de causa que produce unha acción.	CLP: complemento circunstancial de traxecto.
CFIN: complemento circunstancial de finalidade.	CLUL: Centro de Linguística da Universidade de Lisboa.
CM: complemento circunstancial de modo.	Cía: rol semántico de compañía.
CCAU: complemento circunstancial de causa.	
CCÍA: complemento circunstancial de compañía.	
CCOMP: complemento circunstancial de	

## Introdución

- CP: complemento preposicional.
- CRPC: *Corpus de Referência do Português Contemporâneo*.
- DHLP: *Dicionário Houaiss da Língua Portuguesa*.
- DRAG: *Dicionário da Real Academia Galega*.
- Dt: rol semántico de destino.
- EA: esquema argumental sintáctico.
- Ent: rol semántico de entidade.
- ES: esquema semántico.
- EST: macroacepción de descrición dun estado.
- F: fraseoloxía.
- Fin: rol semántico de finalidade.
- GCXLG: *Gran Dicionario Xerais da Lingua Galega*.
- Ini: rol semántico de iniciador dun movemento.
- Instr: rol semántico de instrumento.
- LG: lingua galega.
- Loc: rol semántico de localización.
- LOC: macroacepción de localización.
- LP: lingua portuguesa.
- Mb: rol semántico de móbil que experimenta un movemento.
- MCD: macroacepción de movemento con desprazamento.
- Md: rol semántico de modo.
- MD: marcador discursivo.
- MDE: macroacepción de mudanza de estado.
- MSD: macroacepción de movemento sen desprazamento.
- OD: obxecto directo.
- OI: obxecto indirecto.
- Or: rol semántico de orixe.
- P: verbo núcleo do predicado
- P1: perífrase con infinitivo.
- P2: perífrase con xerundio.
- P3: perífrase con participio.
- P4: acumulación de verbos en forma persoal.
- Pac: rol semántico de paciente que experimenta unha acción.
- PVO: complemento predicativo.
- Q: marcador discursivo.
- Ref: rol semántico de referente.
- REL: macroacepción de relación.
- RL: *Recursos Lingüísticos para o Português*.
- S: unidade sintáctica de suxeito.
- TILG: *Tesouro Informático da Lingua Galega*.
- Tr: rol semántico de traxecto.
- VM: verbo de movemento.
- VDM: verbo de desprazamento *mover*.
- VD: verbo de desprazamento.
- VMM: verbo de maneira de moverse.

# **1. Clasificación dos verbos de movemento: delimitación do campo de traballo**



O movemento é unha noción semántica cunha alta complexidade. Hai unidades verbais de movemento con desprazamento (*ir*, *vir* ou *perseguir*) e outras en que se refire un cambio de posición aínda que non de localización (*sentar*, *estirarse* ou *agacharse*); por outra banda, dentro destas dúas situacións rexístrase unha gran variedade de casuísticas. O desprazamento é diferente, por exemplo, segundo se realice no eixo vertical (*subir* ou *baixar*) ou no horizontal (*entrar* ou *saír*), ou tamén segundo cal sexa o punto de referencia da actividade comunicativa (*levar* fronte a *traer*); ó mesmo tempo, os verbos carentes de indicación de desprazamento presentan unha ampla gama de situacións: nuns casos, o movemento realízase sobre o axente da acción (*xirar*), mentres que noutros o punto de referencia é alleo (*saltar*). Esta complexidade ten o seu correlato no plano sintáctico, onde hai unha gran diverxencia de situacións nas estruturas destes verbos só atendendo dous roles sintácticos: o suxeito e o complemento locativo. A presenza ou ausencia destes, o carácter [ $\pm$ animado] do suxeito ou o tipo de locativo (segundo indique destino, traxectoria, orixe ou localización) mostran un abano amplo de posibilidades dentro da noción de movemento.

Simultánea a esta pluralidade e complexidade, a consideración –nos últimos tempos, en especial, pola lingüística cognitiva– das relacións espaciais como un dominio básico na conceptualización explica que os verbos de movemento sexan unidades que atraeron e atraen a atención dos lingüistas case que dun modo constante no tempo.

O obxectivo deste capítulo é establecer unha clasificación dos verbos de movemento. Para iso faremos un primeiro repaso polos postulados teóricos en que esta se basea, seguindo coa revisión das clasificacións que son máis referidas neste tipo de investigacións, para alcanzar a propia deste traballo.

### **1.1. A relación léxico-sintaxe**

Un dos principios que a lingüística xenerativa, a través de Chomsky (1965), defendeu foi a visión da sintaxe como proxección da semántica. Partindo desta idea, nas últimas décadas estes dous aspectos do feito lingüístico aparecen como realidades paralelas ou, cando menos, cunha relación evidente que fai que o tratamento separado de sintaxe, significado e tamén do contexto non sexa considerado viable, fronte ós postulados estruturalistas en que a sintaxe era estudada como un plano illado.



O léxico dunha lingua é o seu sistema básico de organización do mundo, onde a cada unidade léxica lle corresponde unha asociación prototípica de situacións ou obxectos (García-Miguel, 1999). No caso dos verbos, o seu significado léxico, é dicir, a situación que designa, carrega unha serie de participantes que contan cun rol semántico e un rol sintáctico. Polo tanto, o significado da unidade verbal inclúe, servímonos do paralelismo, un código xenético que xa determina a estrutura sintáctica base que vai presentar ese verbo (*predicación nuclear* para Dik, 1989). Partindo desta idea, parece fácil chegar á conclusión de que se o significado léxico dun predicado determina a súa estrutura sintáctica, de conseguirmos establecer unha delimitación semántica por grupos de tódalas unidades verbais, atoparemos un número paralelo de estruturas sintácticas ó número de grupos semánticos verbais. Esta correspondencia é o que se pescuda en distintos proxectos lingüísticos que teñen como obxecto de estudo unha lingua concreta. Algúns dos máis coñecidos son WordNet (University of Princeton; George A. Miller, director), FrameNet (University of Berkeley; Charles J. Fillmore, coordinador), VerbNet (University of Colorado Boulder; Martha Palmer e Karin Kipper, coordinadoras) –os tres centrados na lingua inglesa–, SALSAIL (Universität des Saarlandes; Manfred Pinkal, coordinador) –do alemán– ou Adesse (Universidade de Vigo; Francisco Albertuz e José María García-Miguel, coordinadores) –analiza a correspondencia semántico-sintáctica das construcións verbais do español–. Todos buscan a relación entre significado e sintaxe, aínda que nalgúns haxa un desequilibrio no tratamento destes dous aspectos, como se pode ver en WordNet, centrado na semántica, fronte a FrameNet no que a sintaxe é o albo destacado da investigación.

### **1.1.1. A relación sintaxe e semántica na categoría verbal**

Levin (1993) foi quen presentou dun modo máis contundente a hipótese anterior. Segundo a autora, os verbos que comparten certas compoñentes de significado presentan un comportamento sintáctico similar ó participar nas mesmas estruturas sintácticas, principalmente nas alternancias de diátese<sup>1</sup>, e, á súa vez, de compartiren estruturas sintácticas, deben presentar algún tipo de paralelismo semántico. Este é un postulado defendido, con diferentes graos, por distintas correntes teóricas, dende a

---

<sup>1</sup>Con *diátese* referímonos á correspondencia entre entidades participantes, papeis semánticos e funcións sintácticas que se establece nun tipo de oración determinado (García-Miguel, 2003).

lingüística cognitiva, á conceptual ou pasando pola lexemática funcional ou o distribucionalismo semántico.

A lingüística cognitiva observa que o significado léxico do verbo se proxecta en estruturas actanciais que se supoñen consecuencia da estrutura sintáctica que o verbo evoca. Hai unha relación, pois, de interdependencia entre significado léxico e estrutura verbal. A lingüística conceptual, compartindo o postulado anterior coa cognitiva, chega a establecer unha serie de principios que regulan as estruturas argumentativas coas estruturas léxico-conceptuais. Na lexemática funcional tamén o significado e a descrición sintáctica aparecen conxugados; o léxico é entendido como unha gramática dicionario-base, como un potencial de significado do que poder obter información relativa ós distintos niveis gramaticais e sintácticos. Finalmente, no distribucionalismo semántico (Rojas, 1988) estas dúas dimensións son vistas como a vía para establecer o conxunto de trazos organizadores das oposicións lingüísticas.

Noutras correntes, mais que unha superposición, o que se defende é un contínuum entre o dominio léxico e o sintáctico; para a gramática de construcións os esquemas sintácticos son estruturas dotadas de significados específicos independentemente do verbo principal. As estruturas argumentativas son as que fornecen a ligazón directa entre a forma concreta dunha oración e os aspectos xerais da interpretación. Polo tanto, o verbo é entendido como unha unidade léxica que se combina cunha construción argumentativa, pero esta vén determinada pola unidade verbal a causa das limitacións que os roles da estrutura esixen (Brown, 1996).

Aínda que o paralelismo entre significado e léxico non é total, o que explica as alternancias construtivas, parece sustentable o feito de que o verbo determina as propiedades sintácticas e semánticas da construción da que el é o núcleo e tamén establece as restricións ou incompatibilidades posibles. Polo tanto, como xa dixemos no comezo deste apartado, os verbos con trazos semánticos comúns mostrarán tamén afinidades no seu comportamento sintáctico, o que permitiría establecer clases de predicados definidos polas súas propiedades semánticas e sintácticas. Deste modo, amósase como lóxica a tentativa de establecer unha clasificación das unidades verbais, mais a discusión está na decisión dos criterios a partir dos cales se debe establecer: exclusivamente semánticos (Jackendoff, 1990) ou a partir dunha combinatoria entre semánticos e sintácticos (Levin, 1993).

En todas as propostas o significado é un punto polo que hai que pasar para establecer as clasificacións verbais, e o traballo con campos semánticos amósase como o mellor método, mais tamén aparecen problemas, como veremos no seguinte apartado.

### **1.1.2. Delimitación dos campos semánticos**

O campo semántico é unha unidade útil da que partir para delimitar o contínuum lexical dunha lingua. A problemática está en que tentar traballar coa totalidade dun campo semántico é inabarcable. Para Meya (1976), o campo semántico é un concepto empírico, non lingüístico, porque se establece dende a propia experiencia extralingüística de quen o elabora, é dicir, os lexemas elixidos obedecen a un criterio previo extralingüístico, baseado na propia experiencia. Por iso se mostra como un punto de partida máis abarcable tentar delimitar o campo semántico e ir, dese modo, do particular para chegar ó xeral ou establecer xeneralidades, é dicir, poder facer unha explicación máis exhaustiva e extraer logo categorías válidas e ampliáveis ó resto dos verbos do mesmo campo. Deste modo, a mellor opción é delimitar un grupo reducido de lexemas (*conxunto de lexemas* en Pottier, 1967), como se fará neste traballo ó tratar os verbos de movemento con desprazamento: escollemos un número limitado de verbos (véxase apartado 1.3.) para tentar obter conclusións extrapolables ó conxunto da clase verbal.

## **1.2. Clasificacións verbais**

Ó longo deste apartado revisamos algunhas das clasificacións verbais máis referidas dos verbos de movemento. Existe unha ampla diversidade de propostas de análise e organización deste ámbito semántico. É necesario partir delas pola súa riqueza e utilidade á hora de enfocar un proceso de configuración dunha clasificación propia, válida para os obxectivos dun traballo concreto como é o noso caso. Por iso antes de presentar o que será o noso modelo, faremos un percorrido por algunhas das propostas que mellor foron acollidas pola comunidade investigadora.

As clasificacións dos verbos de movemento que se formularon ata o de agora pódense agrupar en dous grandes tipos, tendo en conta os criterios de clasificación escollidos:

- Clasificacións semánticas: só consideran trazos semánticos para establecer os distintos grupos verbais.

- Clasificacións que conxugan trazos semánticos con sintácticos para agrupar os verbos de movemento.

Aínda así, todas as clasificacións que imos presentar comparten, alén da consideración do significado como un trazo diferenciador fundamental (único ou compartido con outros), o uso do principio saussureano de que cada unidade cobra o seu valor non en si mesma senón en relación coas demais a que se opón; polo tanto, o máis habitual será que a presentación dos verbos de movemento se basee na existencia de pares contrarios.

### 1.2.1. Clasificacións verbais semánticas

**Jackendoff** (1990) defende que a relación sintaxe-semántica non é de igualdade ou interdependencia. Para este autor a estrutura conceptual-semántica é a que determina os argumentos esixidos por unha unidade verbal, mentres que a estrutura sintáctica só é o modo en que a primeira se fai visible. Sustenta esta posición en tres feitos.

- Restricións argumentativas.

A delimitación dos argumentos dunha unidade oracional establécese polo significado do verbo. A información léxica determina que *estudar* esixa un axente ('quen estuda') e un obxecto ('o estudado') mentres que *camiñar* un axente ('quen camiña') e unha traxectoria ('por onde camiña') ou *doer* un obxecto ('sobre o que recae a dor') e un paciente ('quen padece a dor').

- Correspondencia non unívoca entre función sintáctica e rol semántico.

O suxeito dunha oración, por exemplo, non conta cunha única correspondencia temática, senón que o seu rol é diferente segundo o verbo que acompañe: pode indicar o axente da acción (*María colleu a bicicleta*), ou, noutros casos, padecer a acción (*María cansou despois de tanto correr*).

Pero tamén é posible a situación inversa: a unha mesma estrutura conceptual pódennlle corresponder distintas estruturas argumentativas. O locativo de dirección sintacticamente pode funcionar como un obxecto directo (OD) (*pasei a fronteira ás 12 da noite*) ou un complemento de lugar (*cheguei a outro país*) segundo o verbo.

- Elisión de argumentos verbais.

## Clasificación dos verbos de movemento: delimitación do campo de traballo

O verbo *comer* inclúe na súa información léxica un rol obxecto (‘o que é comido’), mais sintacticamente ese rol non sempre se explicita (*onte comeu con nós María*); isto non significa que o verbo deixe de proxectar ese rol, senón que a nivel sintáctico está elidido.

A partir da teoría exposta de Jackendoff enténdese que unha boa parte dos autores/as que clasificaron os verbos de movemento se basearan só en criterios semánticos, xa que sería a partir deles como se chegaría ás realizacións sintácticas. Agora imos revisar algunhas destas clasificacións.

Xa se indicou no comezo deste capítulo a complexidade interna da noción de movemento, polo que identificar a dimensión de significado coa que se vai traballar constitúe unha condición previa á organización de conxuntos ou subconxuntos léxicos dos verbos de movemento (Rojas, 1988). Deste modo, algunhas clasificacións que, de primeiras, puideran semellar básicas, érguense como ferramentas moi útiles para establecer lindes na noción tan ampla coa que estamos a traballar. Referímonos ós traballos de Cifuentes Honrubia (1999) ou de Morimoto (2001).

**Cifuentes Honrubia** (1999) fai unha primeira distinción entre verbos que só indican movemento (locativos) fronte a aqueles nos que o significado do verbo especifica tamén o modo en que se realiza ese movemento (semilocativos), polo tanto, non precisan unha complementación de modo. Á vez, nestes dous grupos opón os que carretan unha mudanza na localización (direccionais) ós que non mudan de localización senón de estado (estativos) ou de posición do corpo (posicionais).

verbos locativos	estativos	<i>estar, habitar, vivir</i>
	direccionais	<i>ir, chegar</i>
verbo semilocativos (modo de desprazamento)	posicionais	<i>saltar, agacharse</i>
	direccionais	<i>correr, perseguir</i>

**Táboa 1: Clasificación de Cifuentes Honrubia**

**Morimoto** (2001) elabora unha clasificación moi pormenorizada dos verbos de movemento non causativos sustentada en características semántico-sintácticas que presentaremos no seguinte apartado, mais ó tratar os verbos non causativos (sen especificación da causa, axente ou forza que provoca o movemento) de desprazamento (con mudanza de localización), establece unha primeira oposición básica de carácter semántico: os verbos télicos, que sinalan a situación definitiva do movemento, opóñense ós que non contan con esta propiedade, os atélicos.

## Clasificación dos verbos de movemento: delimitación do campo de traballo

verbos de desprazamento	tipo de traxectoria	télica	<i>atravesar, superar (a porta)</i>
		atélica	<i>ir, vir</i>

**Táboa 2: Clasificación de Morimoto**

Noutras clasificacións faise unha desagregación máis pormenorizada dos semas dos verbos de movemento. Presentaremos as propostas de Lamiroy (1983), de García Padrón (1988), e, por último, a clasificación dos verbos de movemento do proxecto Adesse (aínda en curso).

**Lamiroy** (1983) propón unha das clasificacións verbais semánticas máis citadas e referenciadas na literatura sobre os verbos de movemento. A razón da súa acollida por outros teóricos débese a que é unha estruturación básica e clara con fácil aplicación en diferentes tipos de traballos e a que está aberta a posibles complementacións posteriores.

Esta autora retoma a división establecida por Tesnière (1959), aínda que cunha mudanza terminolóxica, entre movemento ó que lle é inherente a presenza do seu destino final fronte ó que non, de modo que opón verbos de *movemento extrínseco* ós de *movemento intrínseco*. A estes Lamiroy denominounos *verbos de movemento de dirección* e *verbos de movemento de desprazamento* respectivamente, e engádelle un terceiro tipo ó conxunto: os *de movemento corporal*, verbos que manifestan un movemento dun obxecto [ $\pm$ humano], pero sen que haxa necesariamente desprazamento dun lugar a outro. A pesar de ser esta a súa proposta, Lamiroy recoñécelle a dificultade de pór fronteiras claras entre os verbos de dirección e os de desprazamento orientados; só o ve posible ante a contextualización destes verbos.

verbos de dirección	télicos	<i>entrar</i>
	non télicos	<i>chegar</i>
verbos de desprazamento	orientado	<i>ir, partir, seguir, entrar, descender, retornar</i>
	modo de desprazarse	<i>galopar, conducir</i>
	velocidade	<i>correr</i>
verbos de movemento corporal		<i>sentar, xirar</i>

**Táboa 3: Clasificación de Lamiroy**

**García Padrón** (1988), a diferenza da autora anterior, non atende o conxunto dos verbos de movemento. Céntrase nos que indican movemento con mudanza de lugar, ós que chama *verbos dinámicos* e que se corresponden cos verbos *direccionais* de Cifuentes, cos de *desprazamento* de Morimoto e con ámbalas dúas etiquetas (*direccionais* e de *desprazamento*) na proposta de Lamiroy.

Delimitado o obxecto de estudo, García Padrón establece unha clasificación considerando un amplo número de trazos semánticos:

- A orientación do movemento. Este é o criterio con que coloca as fronteiras básicas entre os verbos dinámicos. Opón a verticalidade ó eixo horizontal; e neste último delimita dous grupos a partir da indicación ou non da dirección do verbo.
- A delimitación de referencias locativas. A inclusión no significado verbal dalgún tipo de referencia locativa funciona como un elemento clasificador no conxunto dos verbos dinámicos [ $\pm$ orientados]. O tipo de referente do movemento diferencia:
  - a. Se o verbo se orixina ou conclúe nun punto determinado, é un verbo *puntual*.
  - b. Se hai un lugar que funciona como referencia do movemento, presenta o trazo [+referente].
  - c. Se o movemento se realiza a través dun espazo, será un verbo [+transversal].

García Padrón marca unha situación como particular: cando o propio emisor é o referente locativo. Neste caso, se o movemento parte do locutor, estamos ante un verbo *ablativo*<sup>2</sup> e, se vai cara a el, entón é *adlativo*.

- O modo en que se realiza o movemento. A acción verbal pode incluír indicacións precisas sobre a súa realización. A autora marca cinco tipos de modo de realización do movemento:
  - a. Con cambio de dirección: é un verbo reverxente.
  - b. Realizado con aceleración: o verbo presentará [+precipitación].
  - c. Con decisión na súa realización: estamos ante un verbo [+determinado].
  - d. Cunha realización sen interrupción: é un verbo continuo.
  - e. Cun desenvolvemento por etapas: é un verbo secuencial.

---

<sup>2</sup>Este concepto é tomado da gramática clásica latina. No latín existían as relacións espaciais de movemento cara algo (acusativo de dirección, onde este caso podía ir con ou sen preposición), o movemento desde algo (ablativo) e encontrarse nun lugar (locativo).

Do conxunto destes criterios resulta a seguinte clasificación:

verbos dinámicos	verticalidade	máxima		<i>subir</i>
		mínima		<i>baixar</i>
	+orientación	achegamento ó falante	ablativo	<i>partir</i>
			adlativo	<i>chegar</i>
		orixínase/conclúe nun punto		<i>saír,</i> <i>entrar,</i> <i>ir, vir</i>
		reverxente		<i>volver</i>
	±orientado	+ referente		<i>pasar</i>
		+ transversal	coincidente	<i>cruzar</i>
			bloqueado	<i>pasar</i>
		+ precipitación (con aceleración)		<i>correr</i>
		+ determinación		<i>andar</i>
		tipo de realización	continuo (sen parar)	
	secuencial (por etapas)		<i>percorrer</i>	

**Táboa 4: Clasificación de García Padrón**

A terceira clasificación con natureza semántica dos verbos de movemento que imos presentar é a empregada no proxecto **Adesse** da Universidade de Vigo. Adesse é unha base de datos onde se analizan marcos verbais<sup>3</sup> dende unha perspectiva semántico-conceptual e relacional, partindo dunha clasificación semántica dos verbos. O postulado teórico no que se basea este traballo sitúase na liña do xa presentado por Levin: cada clase verbal correlaciónase cunha determinada configuración prototípica de funcións semánticas, polo que ós argumentos dos verbos pertencentes á mesma clase seranlles asignados, en principio, os papeis semánticos asociados con esta. Deste modo, agrupan as unidades verbais nunha serie de clases que poden presentar ou non macroclases e/ou subclases. A clasificación que ofertan a respecto da noción de movemento fai unha desagregación de tódolos verbos que xiran ó redor desta noción, indiquen desprazamento ou non, considerando *mover* como o seu arquitemema, como tamén fixo Meya (1976). De seguido, fóra do valor *xeral* [ou arquilexema(s)], diferencian seis subclases que podemos agrupar segundo indiquen mudanza de localización ou non:

- Hai unha mudanza na localización do obxecto que padece o movemento.
  - a. Desprazamento: unha entidade desprázase desde unha localización inicial cara a unha localización final percorrendo un traxecto.

<sup>3</sup>Os marcos verbais analizados extráenos do *Archivo de textos hispánicos de la Universidad de Santiago de Compostela (Arthus)*, que contén textos de todas as etapas da historia do español.



Clasificación dos verbos de movemento: delimitación do campo de traballo

b. Orientación: unha entidade sitúase de tal modo que indica unha determinada dirección.

c. Unión: unha entidade encóntrase nun estado ou experimenta un proceso de unión, reunión, integración ou separación respecto a outra entidade.

➤ O movemento non carrega mudanza de lugar.

a. Localización: unha entidade presenta unha determinada situación no espazo (ou, por extensión, no tempo).

b. Postura-posición: unha entidade presenta unha determinada configuración espacial ou sofre un proceso de modificación da mesma.

c. Maneira de moverse: unha entidade experimenta un movemento que non supón un cambio de localización nin de configuración espacial.

Macroclase	clase	subclase	exemplos
proceso material	espazo	xeral	<i>mover</i>
		desprazamento	<i>ir, andar, levar</i>
		localización	<i>pór, pender</i>
		postura-posición	<i>sentar, agachar</i>
		orientación	<i>sinalar, apuntar</i>
		maneira de moverse	<i>alterar, arrolar</i>
		unión	<i>xuntar, engadir</i>

**Táboa 5: Clasificación de Adesse**

O interese das clasificacións semánticas presentadas está na axuda que fornecen ó delimitar a ampla noción de movemento. De observármolas dun modo global, veremos que se basean nun mesmo esquema que logo desenvolven en maior ou menor grao:

verbos con mudanza na localización	indican o destino do movemento
	indican a orientación do movemento
	indican o modo en que se desenvolve o movemento
verbos sen mudanza de localización	o movemento é sobre o propio actor da acción
	o movemento é sobre unha parte do propio actor da acción
	o movemento non se exerce sobre quen o provoca

**Táboa 6: Clasificación xeral do movemento**

Mais a súa rendibilidade non vai alén. O principio defendido repetidamente neste capítulo de a sintaxe e a semántica dunha unidade verbal estaren estreitamente

vencelladas tamén se evidencia na dificultade de delimitar a natureza sintáctica ou semántica das propiedades verbais. Un exemplo é a transitividade; esta esixe normalmente a aparición dun paciente da acción, mais a dúbida está na decisión de cal determina a cal, é dicir, se é o significado (a esixencia dun paciente da acción) o que determina a transitividade dun verbo, ou se a transitividade condiciona a súa estrutura conceptual. Ó apareceren estas dúas dimensións tan estreitamente vencelladas fai que a opción de só escoller criterios semánticos para a clasificación dos verbos de movemento non pareza a mellor escolla.

### 1.2.2. Clasificacións verbais semántico-sintácticas

Neste apartado imos presentar clasificacións dos verbos de movemento elaboradas con criterios sintácticos e semánticos. A diferenza do apartado anterior, o punto de partida destas propostas non é a consideración dunha implicación consecutiva entre o significado e a sintaxe dun marco predicativo<sup>4</sup> determinado, senón que ven estes dous aspectos interrelacionados reciprocamente, é dicir, interdependentes.

Os aspectos sintácticos habituais como criterios para a clasificación dos verbos de movemento son:

- a. A rexencia prepositiva dos verbos.
- b. A predicación nuclear do verbo.
- c. A transitividade verbal.
- d. A causatividade.

Existe unha relación, mais non unha equivalencia, por pares entre estes catro aspectos. Mentres a rexencia prepositiva determina os tipos de complementos do marco predicativo, en especial os locativos nos verbos de movemento, a causatividade (a existencia dun indutor do movemento que recae sobre outro) esixe estruturas transitivas, aínda que a transitividade non carrega necesariamente construcións causativas.

No percorrido polas diferentes propostas imos comezar coa elaborada por **Levin** (1993). O modelo lexemático funcional desta autora é unha ponte entre os dous tipos de clasificacións presentadas neste capítulo: establece a división dos verbos por clases

---

<sup>4</sup>Enténdese marco predicativo como: “In Functional Grammar, the term (predicate) has a central status: here, a predicate is taken to be the basic element of a predication; it is listed in the lexicon in the form of a predicate frame (marco predicativo), from wich nuclear predications are formed by insertin appropriate terms into the argument positions.” (Crystal, 1987: 366).

## Clasificación dos verbos de movemento: delimitación do campo de traballo

xenéricas baseadas no significado e na maioría delas introduce subclases condicionadas por trazos semánticos e sintácticos. Levin parte da premisa de que dende o significado común dun campo léxico verbal accédese ás funcións sintácticas compartidas polos membros dese mesmo campo, mais na súa estruturación considera tamén trazos sintácticos; isto aparece como unha contradición xa que non só chega a eles polo significado pois tamén son usados para establecer os grupos ou subgrupos de verbos semanticamente relacionados.

A respecto do movemento, os verbos que indican esta noción na clasificación de Levin son o tipo 43 dun total de 49. Á súa vez este grupo é dividido en sete subclases, tendo en conta aspectos semántico-sintácticos de moi variada índole. Estes criterios ímolos agrupar segundo o aspecto central que observan:

- Atendendo as particularidades gramaticais do verbo:
  - a. Se conta con participio perfecto de función adxectiva: *an escaped convict* ('un preso fuxido').
  - b. Se conta con participio pasivo: *a constantly rolled ball* ('unha pelota que rola constantemente').
  - c. Se permite o uso nominal: *a run, a walk* ('un correr', 'un pasear').
- Atendendo o axente da acción:
  - a. A alternancia entre estruturas causativas ou non, isto é, serán causativos se un axente provoca a acción que recae sobre un obxecto: *eu movo a cadeira rapidamente* fronte a *eu traio este camiño*.
  - b. A capacidade de alternancia no elemento indutor da acción, como se pode ver nas oracións  
*The horse jumped over the stream.*  
*Tom jumped the horse over the fence,*  
onde o elemento indutor alterna entre *the horse* e *Tom*.
- Atendendo a complementación do verbo.
  - a. Segundo esixa ou permita a elisión da preposición locativa: *sobe as escaleiras* xunto de *sobe polas escaleiras*.

## Clasificación dos verbos de movemento: delimitación do campo de traballo

b. Se hai posibilidade de elaborárense construcións con obxectos redundantes, do tipo *They waltzed every other waltz* ('valsearon\* todos os vales restantes').

- Atendendo a modificación do conxunto da oración.
  - a. Segundo a compatibilidade coa inserción de *there* ('aí, alí').
  - b. Segundo admita a presenza de frases que indican medición.
  - c. Segundo sexa posible ou non a modificación por frases descritivas.
  - d. Segundo sexa posible ou non a modificación por frases resultativas.

Partindo do significado do verbo e dos criterios presentados, Levin estableceu sete subclases de verbos de movemento, das que cinco indican desprazamento, unha non e outra inclúe formas verbais con e sen ese sema:

- Verbos de dirección inherente: o significado destes verbos inclúe unha especificación da dirección do movemento, sen a necesidade dun complemento de dirección.
- Verbos de movemento usando un vehículo: todos describen un movemento usando un tipo particular de vehículo; o inglés, unha lingua cun vocabulario moi especificativo, conta con moitos verbos pertencentes a esta subcategoría que no galego se corresponden con xiros frásticos (*bike* traduciríase por 'conducir/andar en bicicleta').
- Verbos do tipo *leave* ('deixar'): estes verbos non especifican a maneira de desenvolverse o movemento, senón só a noción de abandonar un lugar.
- Verbos do tipo de *chase* ('perseguir'): son verbos comunmente transitivos, co perseguidor como o suxeito e a persoa perseguida como obxecto; tamén poden presentar algúns verbos unha construción intransitiva en que o obxecto vai precedido de preposición.
- Verbos que indican acompañamento: estes verbos relacionan unha persoa collendo unha segunda dende un lugar ata outro. Os verbos diferéncianse pola natureza da relación existente entre os dous participantes.
- Verbos que indican a maneira ou o modo do movemento: non indican necesariamente desprazamento (por exemplo, *roll* 'rodar' non trae consigo

## Clasificación dos verbos de movemento: delimitación do campo de traballo

sempre desprazamento fronte a *run* ‘correr’), pero si refiren o modo en que se desenvolve o movemento.

- Verbos do tipo de *waltz* (‘valsear o valse’), isto é, que contan con obxecto inherente no seu significado polo que a súa explicitación na oración é redundante; inclúe nesta subclase verbos referidos a accións vencelladas ó mundo do baile, polo tanto, hai movemento mais non desprazamento neste grupo.

con desprazamento	movemento de dirección inherente		<i>ir, volver, subir, vir, escapar</i>
	indican movemento con vehículo ou instrumento		<i>conducir, pedalear</i>
	verbos con noción <i>leave</i> (‘deixar’)		<i>abandonar, deixar</i>
	verbos do tipo de <i>chase</i> (‘perseguir’)		<i>perseguir, seguir</i> <sup>5</sup>
	verbos que indican acompañamento		<i>acompañar, guiar, escoltar</i>
con/sen desprazamento	indican modo de moverse	con desprazamento	<i>correr, viaxar, voar</i>
		sen desprazamento	<i>xirar, flotar</i>
sen desprazamento	verbos do tipo <i>waltz</i> (‘valsear o valse’)		<i>bailar, rumbear, sambar</i>

**Táboa 7: Clasificación de Levin**

É esta unha clasificación moi ampla tanto en criterios que se consideran para a súa elaboración coma no número de subclases establecidas, mais é discutible a rendibilidade de tanto pormenor. Verbos pertencentes a distintas subclases de movemento poden compartir nocións básicas de significado e tamén marco predicativo. É o caso de *seguir* (verbo do tipo de *chase*) e *levar* (verbo de dirección inherente); ambos esixen un axente da acción (funcionando como o suxeito) e un obxecto que padeza esa mesma acción, e tamén os dous poden presentar, aínda que non é necesario, un locativo de dirección e, en menor medida, un locativo de orixe. Polo tanto, é necesario revisar a rendibilidade dunha clasificación tan completa que xa algúns autores non aceptaron ou polo menos matizaron. Unha das críticas é a definición desta clasificación como un instrumento só descritivo, xa que non é útil para predicar o comportamento sintáctico ó non explicar que verbos de significado semellante presenten diferentes alternancias ou que moitos verbos varíen segundo o contexto (Rosen, 1996). Outros autores críticanlle a Levin a cantidade de trazos que se consideran na clasificación, o que provoca que verbos moi similares sexan

<sup>5</sup>En inglés son varios os verbos que en galego se traducen como ‘perseguir, seguir (a) algo/alguén’: *chase, follow, pursue, shadow* ou *track*.

## Clasificación dos verbos de movemento: delimitación do campo de traballo

encadrados en grupos diferentes de maneira que é difícil ter unha visión global dun grupo amplo de unidades (Fernández et alii, 2001).

As outras clasificacións semántico-sintácticas que imos presentar, seguindo unha orde estritamente cronolóxica, son as de Meya (1976), Rojas Nieto (1988), Fernández López (1999), Crego García (2000), Morimoto (2001), García-Miguel (2006) e a do proxecto FrameNet (en desenvolvemento).

**Meya** (1976) formula dúas clasificacións dos verbos de movemento: nunha primeira establece os tipos de movemento existentes para delimitar o seu campo de traballo e despois presenta outra na que clasifica os verbos de movemento obxecto da súa investigación.

Meya clasifica, como Cifuentes, dun modo xeral os tipos de movemento posibles, mais, fronte a este autor, utiliza criterios semántico-sintácticos para facelo:

- A causatividade: a existencia ou non dun impulsor do movemento que provoca que outro o padeza.
- O tipo de axente/paciente do movemento, o seu carácter [ $\pm$ animado].
- A participación, se nos referimos a un ser animado, de todo o corpo no movemento ou só dunha parte.
- A existencia de desprazamento.

movemento autónomo - non causado	ser vivinte	participa todo o corpo	desprazamento de lugar	<i>ir, vir, chegar, saír</i>
			non desprazamento	<i>saltar, xirar, sentar, agacharse</i>
		non participa todo o corpo		<i>cabecear, pestanexar</i>
	forza natural			<i>decorrer, fluír</i>
movemento non autónomo - causado	resultante da actividade humana			<i>levar, traer, guiar, pilotar</i>
	efectuado por forzas naturais			

**Táboa 8: Clasificación do movemento de Meya**

A partir da clasificación anterior determina que o movemento con que vai traballar indicará desprazamento e, considerando o carácter antropocéntrico do feito lingüístico, presentará un obxecto ou impulsor do movemento humano; non

## Clasificación dos verbos de movemento: delimitación do campo de traballo

considera, daquela, nin os verbos que non indican desprazamento, nin os efectuados ou padecidos por forzas naturais. A súa escolla débese en exclusiva á necesidade de delimitar o traballo de campo, xa que

Para elaborar un material lingüístico y no correr el riesgo de perderse por derroteros imprevistos, es aconsejable establecer previamente el radio de acción (Meya, 1976: 146).

O paso seguinte foi establecer os diferentes tipos dentro desa clase xeral. Fíxoo, tomando como arquismema *moverse*, fixándose no eixo da orientación do movemento e establecendo pares opostos nela. Deste modo a *horizontalidade* opónse á *verticalidade* e, dentro destas, *adiante* sitúase fronte a *atrás* e *arriba* fronte a *abaixo* ou *dentro* é a cara oposta a *fóra*. Só considera nesta segunda clasificación un trazo con consecuencias sintácticas: a causatividade, que oporá verbos que comparten o mesmo punto de referencia do movemento (ou o falante ou o oínte).

horizontal	cara adiante	volumen	cara a dentro		<i>entrar, pasar</i>	
			cara a fóra		<i>saír, sacar</i>	
		punto de referencia	falante	causativo	<i>con punto de referencia</i>	<i>pasar, atravesar</i>
				non causativo	<i>traer</i>	
	oínte	causativo	<i>levar</i>			
		non causativo	<i>vir</i>			
	cara atrás		<i>volver</i>			
	vertical	cara arriba		<i>subir, montar</i>		
cara abaixo		<i>baixar, descender</i>				

**Táboa 9: Clasificación do desprazamento de Meya**

De tódolos modos, a autora destaca o carácter condicionante do contexto para o significado do verbo, o que fai difícil tomar como inamovible calquera clasificación; para iso pon como exemplo o verbo polisémico *ir*. *Ir* pode funcionar como sinónimo de *camiñar*, *andar*, *subir*... e só o contexto nos indicará o valor co que é usado en cada caso.

**Rojas Nieto** (1988) establece unha primeira clasificación tomando en conta tres trazos semántico-sintácticos (locatividade, dimensionalidade e control) de oposición, e despois engade dous (perspectiva, orientación) que afectan o conxunto dos subtipos xa establecidos independentemente da clase a que foran adscritos.

Clasificación dos verbos de movemento: delimitación do campo de traballo

+ locatividade	+dimensionalidade	+control externo	<i>colocar, pór, quitar</i>
		–control externo	<i>estar, quedar</i>
–locatividade	+relatividade	+control externo	<i>opor, achegar, xuntar</i>
		+control interno	<i>coincidir, distar</i>

**Táboa 10: Clasificación de Rojas Nieto**

Veremos agora a que se refire a autora con cada unha destas etiquetas:

- Locatividade: un verbo [+locativo] sinala unha relación de ordenamento entre un par de elementos nun ámbito que pode ser espacial, temporal ou nocional.
- O eixo de dimensionalidade marca elementos que sinalan a constitución de espazos provistos de extensión.
- Control, esta etiqueta de Rojas correspóndese en gran medida coa causatividade presentada por outros autores. Contan con control externo aqueles verbos nos que o participante [+control] se corresponde co suxeito e o obxecto do movemento é o OD. Pola contra, as situacións non causativas a autora desígnaa de control interno, isto é, o suxeito é o obxecto do movemento e tamén o que o controla.
- Perspectiva: os tres criterios presentados (locatividade, dimensionalidade e control) refírense ós trazos sintáctico-semánticos dos verbos en termos da súa marcación nestes eixos, como necesaria condición para situar cara a que constituínte se dirixe a interpretación dos membros da relación locativa, isto é, a perspectiva. A autora considera que, a partir das posibilidades combinatorias dos diversos verbos de movemento con puntos de referencia marcados por preposicións diversas, pódese sacar información a respecto do tipo de ordenamento que opera o verbo ou con que é compatible. Quen marca a perspectiva será a preposición rexida polo verbo, que sinala un tipo de orientación nun esquema de oposicións que se organiza nun eixo de perspectivas.

Polo tanto, a autora subagrupa os verbos de movemento segundo a preposición que introduce o seu punto de referencia e as súas condicións de emprego; deste modo distingue entres os verbos que só aceptan un tipo de preposición, os que permiten máis dun nexa para introducir un mesmo participante ou os que poden presentar distintas preposicións porque tamén poden esixir diferentes participantes.



## Clasificación dos verbos de movemento: delimitación do campo de traballo

aceptan un só tipo de preposición	con	<i>coincidir, contrastar</i>
	en	<i>radicar, incluír</i>
	a	<i>pospor, superar, suceder</i>
	de	<i>afastar, separar, sobresaír</i>
un participante introducido por preposicións diferentes		<i>opor, xuntar, pór, situar</i>
distintas preposicións e distintos participantes		<i>anteceder a vs antecedeuse de preceder a vs precederse de</i>

**Táboa 11: Clasificación segundo a rexencia prepositiva de Rojas Nieto**

- Finalmente, establece como criterio para a clasificación verbal a orientación que indica o verbo; establece unha dicotomía entre *horizontal* fronte a *vertical*, e aqueles verbos que se sitúan dentro dun destes eixos e se opoñan pola orientación denomínanos pares con *relación inversa*, como *preceder* fronte a *sucedere*.

Esta é unha clasificación que delimitando cinco criterios non formula un modo único de agrupar os verbos de movemento, senón que se analizan estas propiedades dun modo illado en cada unidade verbal. Por iso, máis que parecer unha ferramenta útil para a clasificación parécezo para a análise verbal.

**Fernández López** (1999) diferénciase ó establecer unha clasificación na que o primeiro criterio diferenciador é un trazo sintáctico: a transitividade. A respecto das anteriores propostas, é un punto de vista diferente, xa que mentres nos traballos vistos os criterios sintácticos completaban os grupos determinados polo significado, nesta a sintaxe é o punto de partida. A transitividade dunha unidade verbal determina o seu marco predicativo e condiciona o seu significado, ou é o resultado deste, xa que nos atopamos novamente co estreito vencello entre significado e sintaxe que dificulta a delimitación entre os dous eidos ou faces dunha mesma realidade para decidir dun modo indiscutible cal determina a cal.

A ausencia da función obxecto, isto é, a intransitividade, pode ser unha propiedade inherente do verbo ou dependente do contexto. Esta oposición tense en conta na clasificación de Fernández López ó colocar aqueles verbos onde quen realiza a acción coincide sempre con quen a padece (verbos ergativos) fronte a aqueles outros que alternan construcións transitivas (*María sentou o neno*) con outras en que o obxecto e o axente da acción son o mesmo, polo que presentan unha construción inacusativa (*María sentou xunto de min*).

## Clasificación dos verbos de movemento: delimitación do campo de traballo

Unha vez establecidos os grupos de verbos de movemento segundo a súa sintaxe, dentro dos verbos intransitivos diferencia aqueles nos que a indicación sobre o modo do movemento é máis importante do que a dirección ou a posición que outros focalizan.

intransitivo	inergativo	verbos de modo de moverse	<i>correr, andar</i>
		denotan dirección	<i>ir, vir, chegar, saír</i>
	inacusativo	denotan modo de moverse	<i>xirar</i>
		verbos de cambio de posición	<i>levantarse, tombarse</i>
transitivos	os verbos de cambio de localización teñen variantes transitivas de causa externa		<i>sentar, erguer</i>

**Táboa 12: Clasificación de Fernández López**

Sorprende nesta clasificación dos verbos de movemento que ó tratar as unidades transitivas non distinga tamén entre verbos transitivos con desprazamento (*María levou o neno á túa casa*) daqueles nos que só hai unha mudanza na posición (*María sentou o neno*). Outro trazo esperable nesta clasificación sería a causatividade dentro dos verbos transitivos; ó establecer dous tipos opostos de intransitividade nos verbos de movemento, esperaríase o mesmo a respecto da transitividade.

A clasificación defendida por **Crego García** (2000) presenta un criterio con consecuencias sintácticas como punto de partida para a elaboración: a causatividade. Xa indicamos ó comezo deste apartado que a transitividade e a causatividade son dous aspectos estreitamente vencellados aínda que non en pé de igualdade na dependencia, xa que a causatividade carrega transitividade, pero a segunda non carrega sempre a primeira. A autora, tendo en conta este principio, parécelle máis rendible a escolla da causatividade como elemento lindeiro entre os verbos de movemento, xa que ten unhas consecuencias na estrutura argumentativa máis regulares das que se poden extraer da natureza transitiva ou intransitiva dunha unidade verbal, pola ampla diversidade de roles que poden presentar tanto o suxeito coma o obxecto destes verbos.

Unha vez establecidos os grupos de verbos segundo este criterio, o segundo parámetro é o o tipo de movemento que indican. Aquí fixouse a autora no tipo de preposición que acostuman esixir e o perfil semántico dos complementos espaciais. Deste modo mantén as propostas semánticas da maioría das clasificacións que vimos

## Clasificación dos verbos de movemento: delimitación do campo de traballo

ata o de agora: distingue entre aqueles verbos que focalizan o modo do movemento, fronte ós que se centran na dirección ou na situación deste. A diferenza está na nomenclatura: a etiqueta *desprazamento* é empregada como un xenérico que abarca tanto movementos *direccionais* coma *situacionais*<sup>6</sup>.

verbos de movemento causativos	desprazamento	direccional	<i>dirixir(se), afastar(se), achegar(se)</i>
		situacional	<i>pór(se), colocar(se)</i>
	modo de desprazamento		<i>arrastrar</i>
verbos de movemento non causativos	desprazamento direccional		<i>ir, vir</i>
	modo de desprazamento		<i>andar, camiñar, correr, pasear</i>

**Táboa 13: Clasificación de Crego García**

No apartado anterior incluíuse como unha das clasificacións semánticas básicas dos verbos de movemento a proposta de **Morimoto** (2001), mais xa se anunciara alí que esta autora formulara outra clasificación. Nesta última agrupa o conxunto dos verbos non causativos, tanto os que focalizan a maneira en que se realizaba o movemento coma os que só indican desprazamento; estas dúas clases representounas por arquilexemas diferentes, *moverse* para os primeiros e *ir* para os segundos. Á súa vez estes grupos divídense tendo en conta criterios diferentes para cada caso.

Estableceu tres tipos de verbos de desprazamento. Segundo combinen con locativos de orixe ou de destino pertencerán a distintos grupos; ademais Morimoto establece un terceiro grupo ós que chama orientativos, ó situárense no eixo de orientación dun modo inherente, é dicir, sen necesidade de explicitación da súa orientación a través dun complemento locativo (ós que chama de *orientación absoluta*) ou ó determinarse a súa orientación a través da explicitación dun obxecto de referencia (*non absolutos*). A obxección a esta clasificación está no feito de que aqueles verbos de desprazamento que a autora clasifica como de orixe ou destino tamén son verbos orientados no eixo horizontal.

Nos verbos que indican o modo do movemento distingue os que son *intransitivos puros*, é dicir, que en ningún caso presentan construcións transitivas (por exemplo, *andar*), fronte ós verbos *internos* nos que o axente da acción comparte referente co paciente, que se explicita cun pronome reflexivo (por exemplo, *xirarse*).

<sup>6</sup> Estes verbos denomínanse noutras propostas *verbos de localización* (Adesse) ou *estativos* (Cifuentes).

Ó igual que nas clasificacións de Levin ou de Cifuentes, os verbos de maneira de moverse de Morimoto non teñen que referir necesariamente un desprazamento; poden indicar unha mudanza na localización do que se move (*camiñar*) ou só haber unha mudanza na súa situación, posición ou estado (*cambalearse*).

verbos de movemento non causativos	de desprazamento	orixe		<i>ir, partir</i>
		destino		<i>vir, chegar</i>
		orientativo	absoluta	<i>subir, baixar</i>
	non absoluta		<i>aproximarse, afastarse</i>	
	de maneira de moverse	externo (intransitivos puros)		<i>camiñar, andar</i>
interno		<i>cambalearse, axitarse</i>		

**Táboa 14: Clasificación de Morimoto**

**García-Miguel** (2006) é un dos responsables do proxecto Adesse (Universidade de Vigo), que establece, como xa se viu (véxase apartado 1.2.1.), unha clasificación de natureza semántica dos verbos. Mais ó tratar os tipos de complementos locativos que acompañan os verbos de movemento, este autor propuxo unha nova clasificación atendéndoos. Tal e como fixera Rojas Nieto (1988), observa o tipo de preposición que rexe o verbo con desprazamento<sup>7</sup> mais non se centra, coma Rojas Nieto, na variación de nexos prepositivos, senón no seu valor semántico, distinguindo verbos que indican destino (designado polo autor coa etiqueta *dirección*), traxecto ou orixe fronte ós non dinámicos situacionais.

verbos estáticos	situación	en	<i>estar, quedar</i>
verbos dinámicos (movemento orientado)	dirección	a	<i>dirixirse, ir</i>
	traxecto	por	<i>andar, correr</i>
	orixe	de	<i>sacar, partir</i>

**Táboa 15: Clasificación de García-Miguel**

Para concluír co repaso de clasificacións semántico-sintácticas, revisaremos a utilizada no proxecto **FrameNet** da University of Berkeley. FrameNet é un programa aínda en desenvolvemento, co que se busca crear unha base de datos na rede de oracións anotadas semántica e sintacticamente, partindo da teoría semántica de marcos de Fillmore (1968, 1982). A semántica de marcos ten como base que o significado dos elementos léxicos se debe analizar en relación cos marcos semánticos que evocan, entendendo por marco semántico unha representación esquemática dunha situación na que están implicados varios participantes, cada un dos cales é un

<sup>7</sup> Estes tipo de verbos de movemento denomínanos *dinámico*, etiqueta xa usada por García Padrón (1998).

elemento do dito marco ou, simplemente, un argumento semántico. Analízase os significados dos predicados partindo dos marcos semánticos que os determinan e, á vez, estúdanse as construcións sintácticas nas que aparecen os referidos predicados, tratando de identificar como as características semánticas que se definen nun marco semántico adquiren unha forma sintáctica nunha ou máis construcións deste tipo (Ruppenhofer, 2006). Deste modo, a base conta con descrições dos frames semánticos resultado dos significados das palabras descritas e a súa representación valencial tanto semántica coma sintáctica.

FrameNet cobre trece dominios semánticos: entre eles está o movemento, que constitúe un frame independente. Á súa vez, este aparece vencellado con outros frames a través de tres tipos de relacións baseadas en cadanseu principio: a inherencia semántica, a subordinación de frame (subframe) e o emprego dun frame como uso específico doutro. Mais antes de revisar os frames relacionados co movemento é necesario delimitar que é o que se entende por tal en FrameNet.

Some entity (Theme) starts out in one place (Source) and ends up in some other place (Goal), having covered some space between the two (Path). Alternatively, the Area or Direction in which the Theme moves or the Distance of the movement may be mentioned. (Ruppenhofer e Ellsworth, 2006)

Polo tanto, neste proxecto o *movemento* implica necesariamente desprazamento, de modo que aqueles verbos con movemento sen mudanza de localización non son incluídos neste frame. Algunhas das unidades léxicas que encaixan neste grupo son *go, move, circle, coast, float, fly, roll, swing*, ou *zigzag*; son verbos que significan un movemento con desprazamento sen connotacións doutro tipo (*go*), un movemento sen que necesariamente haxa implicación de desprazamento (*move*) e movementos con desprazamento e clara especificación sobre o desenvolvemento da acción (*zigzag*). Son nocións moi diversas que nas clasificacións vistas ata o de agora non adoitaban incluírse nun mesmo grupo.

Agora achegarémonos a todos aqueles frames que neste traballo vencellan coa noción de movemento segundo os tres criterios xa presentados.

1. Relacións de inherencia: entendendo inherencia como un “estado de cousas que, por natureza, son inseparables e que soamente por abstracción poden ser dissociadas” (Houaiss, 2001), conclúese que o frame inherente inclúe no seu significado un outro

frame máis xeral. Segundo este criterio, o movemento é un frame xenérico que xa vimos e relaciónase con outros catro que lle son inherentes:

- Movemento direccional: conta coa especificación da dirección, normalmente determinada pola gravidade ou por outra forza natural ou física; non é necesario que o movemento sexa exercido polo que o padece.
- Movemento en masa: onde un conxunto se move con coincidencia temporal e espacial dende unha orixe ata un destino.
- Movemento por un mesmo: quen provoca o movemento e quen o padece é a mesma realidade. Non é necesaria a especificación nin do traxecto, nin da orixe, pero determina o vehículo para o transporte. Noutras clasificacións xa vistas denomínase este frame como ‘verbos que indican o modo de movemento’, non causativos para Crego García (2000) e intransitivos segundo Fernández López (1999).

Á súa vez, este frame inclúese no significado doutros catro:

- a. Co-temático: indica un movemento de dous obxectos distintos, un tema e un co-tema. O tema é o mesmo do frame *movemento por un mesmo*, é dicir, un obxecto [+animado] que funciona como axente e paciente do movemento e que normalmente desenvolve a función sintáctica de suxeito, mentres que o co-tema condúcese ou é conducido polo primeiro no desprazamento. A respecto das indicacións locativas, non restrinxe a aparición dun locativo de orixe, de destino ou de traxecto.
- b. Fuxindo: un tema que controla o seu propio movemento responde a un perigo fuxindo del.
- c. Viaxar: a diferenza do resto é que o viaxante vai facer unha viaxe normalmente planificada. Esta será dende unha orixe ata un destino a través dun traxecto ou por unha área; poden aparecer coparticipantes e equipaxe e a duración ou a distancia da viaxe, normalmente longas, poden ser descritas no modo de transporte.
- d. Atravesando con intencionalidade: este é un frame inherente tanto de *movemento por un mesmo* coma do que indica a *acción de atravesar*. Nel un axente, autónomo na acción, vai intencionalmente dun lugar cara a outro

## Clasificación dos verbos de movemento: delimitación do campo de traballo

por un traxecto. O particular nestes verbos é que o punto destacado do movemento é xustamente o traxecto e non a orixe nin o destino.

- Movemento que indica acción de atravesar: o que diferencia este frame do anterior (*atravesando con intencionalidade*) é a intencionalidade no movemento, xa que neste caso non é necesaria.

movemento	xeral	<i>ir, mover</i>	
	movemento direccional	<i>baixar, caer, descender, orientar, subir</i>	
	movemento en masa (mass_motion)	<i>acudir, chover, desfilar, fluír, inundar, pulular, reunirse</i>	
	movemento por un mesmo (self_motion)	xeral	<i>marchar, correr, camiñar</i>
		co-temático	<i>acompañar, conducir, perseguir, escoltar, seguir, guiar, acosar, levar, vixiar, axexar, rastrexar, pasear a</i>
		Fuxindo	<i>fuxir, escapar</i>
		Viaxar	<i>conmutar, viaxar, peregrinar</i>
		Atravesando con intencionalidade	<i>ascender, rubir, cruzar(se), vadear, atravesar</i>
	acción de atravesar	xeral	<i>pasar</i>

**Táboa 16: Clasificación de FrameNet**

Observando os exemplos, unha vez traducidos ó galego e por causa da propia tradución, non se ven en todos eles as propiedades que lles asignaron segundo o frame ó que foron adscritos ou as diferenzas supostas por pertenceren a frames distintos. En *ascender* a intencionalidade é semellante á que pode acompañar a *pasar*; e *correr* indica un movemento tan provocado por quen o padece coma *ir*. Polo tanto, os criterios delimitadores non son tan concluíntes como sería de esperar.

2. Relación por subframes: algúns frames son considerados complexos ó poder referir secuencias de estados e de transicións; os subframes son cada un destes matices de significado separados e descritos como un frame independente. Imos presentar agora os subframes de *movemento* e das construcións que lles son inherentes en FrameNet.

O movemento presenta dous subframes, segundo o desprazamento estea no seu inicio (verbos incoativos) ou no cese da acción:

## Clasificación dos verbos de movemento: delimitación do campo de traballo

- Comezar o camiño: son verbos que sitúan a actividade no comezo do movemento; un axente autónomo comeza a moverse dende unha determinada orixe focalizando o propio movemento máis do que o lugar de que se partiu. O que se move pode ser un vehículo conducido por un axente concreto.
- Deterse: o obxecto cesa o movemento.

Dous frames inherentes ó movemento, *movemento direccional* e *movemento en masa*, non presentan ningún subframe. No primeiro dos casos é relevante o feito de non estableceren diferenzas de frame segundo o eixo de dirección que determine o verbo sexa a verticalidade ou a horizontalidade.

movemento	comezar o camiño ( <i>getting_underway</i> )	<i>empezar a ir, tomar a estrada, dirixirse para fóra</i>
	parar	<i>deterse, parar</i>
movemento direccional	0	
mass_motion	0	
self_motion	abandonar un lugar	<i>abandonar, desertar, emigrar, fuxir, desalojar, retirarse</i>
atravesando	chegada	<i>chegar, entrar, volver</i>
	partida	<i>abandonar, partir, desertar, desaparecer, emigrar, fuxir, saír, deixar</i>

**Táboa 17: Frames interligados co movemento en FrameNet**

Pola contra, os dous valores inherentes ó movemento que nos restan inclúen subframes: aqueles verbos nos que o obxecto do movemento é autónomo (*self\_motion*) e aqueles que indican un cruzamento por un lugar. No primeiro (*self\_motion*), consideraron un frame independente as unidades verbais que indican abandono: o obxecto autónomo deixa unha localización inicial, podendo mencionar o traxecto, o destino do movemento e, nalgúns casos, o descontento que lle produce o lugar do que parte. Pola súa parte, os verbos que refiren un cruzamento, isto é, coa noción de *atravesar* contan con dous subgrupos segundo o punto de vista do cruzamento. Son dous posicionamentos opostos: os que se centran na chegada fronte ós que o fan na partida. De fixármolos no significado e nos exemplos dos subframes *abandonar un lugar* e *partida* veremos que as diferenzas se reducen á esixencia do primeiro de que quen abandona o lugar realice un movemento autónomo, por si mesmo. En FrameNet estes dous valores aparecen relacionados por inherencia, o primeiro é inherente do subframe dos verbos que indican acción de *atravesar*. Esta



rede de interligazóns aquí presentada é unha mostra da arañeira interminable e confusa de interrelacións que este proxecto establece (véxase Táboa 17).

3. Relacións de uso: a miúdo un frame particular fai referencia nun modo máis ou menos xeral á estrutura doutro máis abstracto e esquemático. A relación de uso é empregada para os casos en que unha parte da escena evocada polo frame dependente se refire ó frame do que depende; é posible para un frame usar varios como valores adquiridos. Aínda que as relacións entre frames establecidas neste proxecto segundo uso son diferentes das que se determinan pola inherencia, a diferenza entre os dous tipos de relación non aparecen dun modo, outra vez, claro. Ambas as dúas carretan dependencia no significado, ó indicar un dos frames unha noción xeral que pode ser incluída na do outro.

No caso do movemento, el é o frame xeral que outros poden incluír como uso concreto. Presentan un uso de *movemento* os seguintes frames:

- **Movemento corporal:** contén verbos indicadores de movemento ou acción nos que un axente usa algunha parte do seu corpo. Este frame presenta dous usos, o de movemento, e un segundo desvencellado con esta noción: *observable\_bodypart*. Á vez, indica movemento, pero sen desprazamento, o frame *expresión facial* que ten como un uso particular a idea de *movemento corporal*. Este é outro exemplo das interligazóns difíciles de delimitar abundantes neste proxecto.
- **Transporte:** indica un movemento dun tema e dun axente e/ou dun transporte. O axente, que pode ser [ $\pm$ humano] e pode coincidir co transporte do movemento, controla o traxecto polo que se leva o obxecto.

Cando quen envía algo planifica o traxecto que esa entidade vai levar ata chegar xunto dun beneficiado (*recipient*), estamos ante o frame *envío*. Este, segundo a base que estamos a presentar, emprega como uso o valor *transporte*, aínda que, tendo en conta que centra un dos aspectos desa actividade, parece que a relación entre eles debería ser de inherencia: ó enviar algo sempre se sobreentende que hai daquela un transporte dun produto, animado ou non.

- **Cambio na dirección:** a etiqueta deixa ver claramente o tipo de situación a que se refire este frame. Unha realidade que se está a mover introduce unha

mudanza na súa traxectoria. A cuestión neste caso é: se entre os grupos *movemento* e *movemento direccional* hai unha relación de inherencia, por que entre *cambio na dirección* e *movemento* non se considera a mesma situación, xa que o movemento é imprescindible para que se realice un cambio nel?

- Co-temático e partida: o primeiro destes frames xa foi presentado ó referírmonos á inherencia dun frame, á súa vez, inherente de movemento: *movemento autónomo*. Mentres que ó segundo –*partida*– referírmonos a el ó tratar os subframes de *atravesando*, que mantén unha relación de inherencia con *movemento*. Simultaneamente, o frame *partida* pasa a ser un valor de uso do grupo de unidades léxicas que refiren o abandono do vehículo de transporte por parte do obxecto da acción, o que neste proxecto denominan *desembarco*.

Referírmonos a que a rede de interligazóns establecidas neste proxecto, aínda respondendo a relacións lingüísticas argumentables, mostran que é unha ferramenta provocadora máis de confusión ca de esclarecemento para enfrontarse ó feito lingüístico.

- Emanación: neste frame o tema do movemento é unha emisión que parte dende un punto de orixe, a través dunha traxectoria ou ata un destino.
- Evasión: unha entidade tenta evadirse dun perseguidor para evitar a súa captura ou un contacto. A diferenza que establecen co frame *fluxando* (inherente este por vía secundaria de *movemento*) é o feito de requirir un perseguidor e de ser neutral a respecto do estado anterior de cativerio do perseguido. Estes dous trazos non parecen suficientes para que un dos frames sexa considerado inherente de *movemento* (por vía indirecta, xa que o consideran inherente do *movemento autónomo*) e outro non.
- Excretando: *movemento* para FrameNet, como xa vimos, implica desprazamento. Este é un dos frames que consideran como posuidores da idea de *movemento* como uso.
- Movemento fluído: a particularidade deste frame é ser un fluído o que se move. Cando a acción xira ó redor da acción de *respirar*, inclúese nun frame que se relaciona co movemento fluído ó presentar a este último como un posible uso propio.

## Clasificación dos verbos de movemento: delimitación do campo de traballo

- **Movemento de luz:** denota o movemento da luz, contando cun emisor ou non.
- **Movemento\_ruído:** neste frame encáixanse os verbos indicadores de ruído usados para caracterizar o movemento; estes comparten as mesmas nocións locativas ca outros tipos de verbos de movemento.
- **Dirixir un vehículo:** nos ítems deste frame o movemento é o dun vehículo ou de alguén que o controla, isto é, do condutor. En inglés son numerosos os verbos formados a partir do vehículo (coincidindo na forma ou non), mentres que no galego o habitual é o uso do verbo *andar* ou *conducir* acompañado do vehículo de cada caso.
- **Viaxando por un traxecto:** ó igual ca nos frames vencellados coa idea de *atravesar* (con ou sen intencionalidade), neste frame focalízase o traxecto, aínda que os puntos de orixe e destino poden estar explícitos. Neste frame non inclúen unidades verbais; de facelo, sería difícil distinguilos dos formantes dos frames mencionados indicadores de cruzamento dun espazo.
- **Situación:** nas clasificacións que revisamos ata o de agora, a situación (ou localización) oponse por principio ó desprazamento. Este frame tamén presenta en xeral esta situación, aínda que nalgúns usos a mudanza de localización parece estar presente.
- **Redirixir:** alguén ou algo provoca que outro alguén ou algo mude ora a súa traxectoria ora o seu destino.
- **Volver mover:** un axente fai que un algo ou alguén saia dunha localización determinada, da orixe. A orixe está determinada no frame, mentres que o frame *situación* determinaba o destino.
- **Estradas:** este frame inclúe exclusivamente nomes de vías que conectan dous puntos, unha orixe cun destino. Elas inclúen un traxecto ou unha localización relativa na que se desenvolve a viaxe.

Ata aquí vimos os frames que presentan o *movemento* como un uso máis ou menos habitual, segundo o caso, dos seus verbos. Agora é a quenda de fixármonos que frames presentan os valores inherentes ó movemento como posibles usos contextuais.

Mentres o frame *movemento autónomo* non é usado por ningún outro como un valor adquirido, dous dos frames restantes inherentes ó movemento inclúense como usos potenciais de cadanseu frame e un último presenta un valor específico que pode el chegar a adquirir.

O *movemento direccional* é un uso posible para os verbos referidos a entidades astronómicas que fan a súa aparición dun modo regular no ceo como parte dun proceso sideral (por exemplo, *ó vir o sol co día*). Denomínanos verbos de *aparición sideral*.

Con *atravesando* focalízase o traxecto dun determinado tema superando un punto referente que non é necesario especificar. Este é un valor que poden adquirir aqueles verbos que refiren a accesibilidade dun determinado lugar para un obxecto a pesar dunha potencial barreira, ou xustamente a inaccesibilidade por causa desa barreira. Son os verbos encaixados no frame *abertura*.

Xa para concluír, ó frame *abundando* –en que unha localización é reenchida ou abarcada co tema– élle inherente a ausencia de desprazamento, isto é, a localización; aínda así pode aparecer como un uso de *movemento en masa*, para o que a mudanza de localización é un sema difícil de se lle desvencellar. Despois de repasar o tratamento das construcións inscritas na noción de movemento en FrameNet (véxase Táboa 18), puidemos observar que as clasificacións ou delimitacións dos distintos frames se basean en dous criterios básicos: o significado das unidades verbais e o marco predicativo destas, isto é, a presenza ou ausencia de determinados argumentos significa a adscrición en distintos grupos verbais próximos semanticamente. Un exemplo tirado dos frames que vimos é a oposición entre os verbos que indican *situación* e os que están baixo a etiqueta *volver mover*, onde a diferenza entre pertencer a un ou a outro depende de se o argumento locativo focalizado se refire ó destino ou á orixe.

Polo tanto, esta é unha clasificación semántico-sintáctica, mais que presenta inconvenientes para amosarse como rendible. En primeiro lugar, os criterios empregados para determinar a rede de interdependencias entre os distintos frames parecen finalmente un único: a dependencia semántica. Destaca a dificultade de distinguir inherencia e uso, como se viu ó tratar a ligazón dos frames *movemento direccional* e *cambio de dirección* con *movemento*: mentres para un a idea de

Clasificación dos verbos de movemento: delimitación do campo de traballo

movemento élle inherente, para o segundo establecen unha relación de uso contextual, a pesar de o movemento incluírse tamén no seu significado.

<b>Contan co valor <i>movemento</i></b>		
movemento corporal	aforcar, aplaudir, arquear, bambear, cruzar, engurrar, martelar, pechar, pestanexar, retorcerse, torcer	
	expresión facial	non inclúen neste frame ningún exemplo verbal; son todos substantivos: expresión, cara, aspecto
transporte	levar, conducir, traer, carretar, carrexar, pilotar, transportar	
	envío	exportar, enviar un fax/correo (fax, mail, post), enviar por vía marítima (ship), teleenviar
cambio na dirección	torcer (cara a), virar (cara a), xirar	
co-temático	ver inherencia de <i>movemento</i>	
partida	ver subframes de <i>atravesando</i>	
	desembarco	apear, desembarcar, baixar do autobús, avión ou tren (debus, deplane, detrain), desmontar
emanación	emanar, exhalar, emitir, radiar	
evasión	eludir, escapar, evadir, fuxir	
excretando	arrotar, defecar, evacuar, mexar, ouriñar, peidear, suar, vomitar	
movemento fluído	gurgullar, chorrear, correr, filtrar, fluír, pingar	
	respirando	exhalar, expirar, inhalar, inspirar, insuflar, respirar, suspirar
movemento de luz	brillar, lustrar, escintilar, pestanexar, prender(se), relucir	
movemento_ruído	estalar, zoar, bufar, zapatear, tintinar, chocar, renxer, golpear, chapuzar	
dirixir un vehículo	andar en globo/bicicleta/canoa/taxi (balloon, bicycle, bike, canoe, taxi), navegar, conducir, voar, patinar	
viaxando por un traxecto	non lle adscribimos unidades verbais, só substantivas: circuíto, curso, órbita, traxecto	
situación	arquivar, depositar, empaquetar, emprazar, encaixar, ensaquetar, estacionar, gardar, implantar, inserir, inxectar, poñer, situar	
redirixir	desviar(se), redirixir, volver	
volver mover	confiscar, desaloxar, drenar, eliminar, evacuar, executar, expulsar, extraer, lavar, remover, sacar, tirar, baleirar	
estradas	arteria, avenida, bulevar, curso, cruce, autoestrada, autovía, estrada	
<b>contan co valor <i>self-motion</i></b>		
0		
<b>contan co valor <i>movemento direccional</i></b>		
aparición sideral	saír, xurdir, subir	
<b>contan co valor <i>atravesando</i></b>		
abertura	non inclúen ningún exemplo verbal, só estes dous adxectivos: pechado e aberto	
<b><i>mass-motion</i> presenta o valor</b>		
abundando	formigar, estar cheo de	

Táboa 18: Inclúen a idea de movemento en FrameNet

Mais a maior desvantaxe deste traballo son as moitas interrelacións que establecen entre os distintos frames, a partir de diferentes perspectivas. Este feito converte o proxecto nunha arañeira ilimitada pouco rendible para a aplicación en investigacións concretas. Por todo isto, a clasificación desenvolvida en FrameNet é unha ferramenta

máis analítica de diferenzas do que un instrumento para xeneralizar conclusións finais, xa que ó haber tantas interligazóns e subframes dentro dun mesmo dominio fai moi difícil ver o conxunto dunha noción semántica, como comprobamos neste caso a respecto do movemento (véxase Táboa 18).

Deste modo, despois de revisar o conxunto de propostas, podemos concluír que a tentativa de clasificación dos verbos de movemento é un labor aínda non pechado. En grande medida a dificultade está en que os aspectos que se poden atender para a súa elaboración son varios, o que explica, por exemplo, que un mesmo autor presente diferentes propostas segundo o criterio de observación que siga. De todos os xeitos, as clasificacións verbais que atenden o significado xunto da estrutura argumental dos verbos amósanse como a mellor opción: facilitan a xustificación de diferenzas que baseándose só no significado sería complicado argumentar e evitan ter que determinar se os criterios escollidos se encadran no dominio sintáctico ou no semántico, o que non sempre está claramente delimitado a causa da estreita relación que hai entre as dúas dimensións. Mais é necesario apostar ou pola escolla entre unha das propostas destes autores/as ou pola elaboración dunha propia, pois cando se pretende realizar un proxecto concreto traballar cunha amplitude tal de posibilidades sen apostar por unha pechada non é útil. Deste modo, no seguinte apartado tentaremos delimitar a clasificación dos verbos de movemento que imos utilizar e, polo tanto, a escolla de verbos ou *grupo reducido* que será o noso obxecto de investigación.

### **1.3. Clasificación dos verbos de movemento con desprazamento**

A delimitación dunha clasificación verbal presenta moitas dificultades de seu, mais se é un dos instrumentos para observar as relacións semántico-sintáctico-conceptuais dos membros dun mesmo grupo desa clasificación e non o obxecto en si da investigación, a situación aínda se complica. As principais dificultades que se atopan son as seguintes:

1. Establécese de antemán unha interdependencia entre dimensións, que se busca demostrar posteriormente coa investigación: precísase partir do significado para chegar ó marco conceptual dunha unidade verbal, pero búscase saber se o compartir marcos conceptuais ten implicacións semánticas. Polo tanto é unha contradición difícil de superar, polo que semella fundamental ser conscientes dela e traballar dende esa premisa.

2. A multidimensionalidade, tanto no significado coma na construción, tamén dificulta o traballo de clasificación e categorización en unidades básicas. A gran maioría dos verbos son polisémicos ou presentan valores metafóricos; simultaneamente, a cada unha das modificacións de significado pode corresponderlle unha estrutura argumentativa diferente, ou incluso poden presentar estruturas diferentes dentro dun mesmo significado. Deste modo, tentar delimitar toda esa pluralidade nunha proposta de clasificación preséntase como unha empresa con moitos impedimentos se se pretende ser exhaustivo.

3. A existencia de estruturas en que a unidade verbal xa non funciona como unha realidade independente (frases feitas ou unidades léxicas fixas) ou os valores ou significados metafóricos dun verbo non fan máis que complicar esa tentativa de clasificación e delimitación. En maior ou menor medida son extensións semánticas dos significados básicos dos verbos, é dicir, son polos dun contínuum semántico (especialmente os valores metafóricos), pero non sempre é tan evidente esa relación.

4. As dificultades de establecer lindes entre significados xerais entorpece a tentativa de clasificación; debemos ser conscientes de que non traballamos con unidades discretas, senón con continua difíciles de delimitar.

Para elaborar a nosa proposta, o primeiro que coutamos foi o tipo concreto de movemento con que se traballa. Despois de revisar todas as clasificacións, pódese chegar á conclusión de que hai dous grandes tipos de movemento que presentan características particulares:

- Verbos estáticos: hai un movemento mais non un cambio de lugar; son exemplo desta situación verbos como *sentar*, *xirar*, *deitarse*. Muda o estado ou posición do obxecto, mais non hai necesariamente un cambio na localización.
- Verbos de desprazamento: o obxecto experimenta unha mudanza, máis ou menos especificada, de lugar. *Andar*, *ir*, *vir*, *correr* ou *traer* son verbos de desprazamento.

Segundo Carbonero (1979) esta oposición é un trazo que penetra en todo o sistema espacial para provocar un dobre enfoque practicamente en cada unha das unidades léxicas referidas ó movemento. Deste modo, o sistema está facultado, con unidades especializadas, para a plasmación semántico-funcional do valor espacial, segundo que

apareza ou non o trazo de *dirección*. Aínda así a distinción nunca é absoluta, xa que verbos considerados de dirección poden presentar construcións locativas en determinados contextos (*vai na escola*), aínda non sendo o seu significado primeiro. Polo tanto, non se trata dunha oposición constante, senón neutralizable en moitos casos, e incluso variable en canto ó seu dominio no discurso.

Aínda atendendo esa posibilidade de neutralización, a nivel tanto semántico como sintáctico cada un destes grupos presenta unha situación ben diferente. Mentres na localización os roles fundamentais son o móbil ('quen padece o movemento') e mais a situación ('lugar onde está'), no desprazamento poden participar o móbil, a orixe, o destino, o traxecto, un iniciador<sup>8</sup>, etc. Deste modo, como nesta investigación un dos polos de atención son as diferentes rexencias dos complementos locativos e as súas combinatorias segundo o núcleo verbal, ímonos centrar nos verbos de desprazamento, non considerando, polo tanto, os que non implican mudanza de lugar en ningún caso.

Á súa vez os verbos de desprazamento, debido á súa complexidade, pódense clasificar segundo diferentes criterios: o aspecto (incoativo, durativo, reiterativo...), o tipo de camiño (télico ou non, orientado ou non...), o tipo de movemento descrito, a causatividade, a transitividade... A escolla de criterios que regulen a clasificación debe reproducir o que se está a buscar en cada caso, isto é, debe plasmar os obxectivos que de primeiras se establece para esa determinada investigación. No noso caso, ó estarmos buscando a delimitación dos principais marcos predicativos dos verbos de movemento que indican desprazamento, a nosa clasificación debe sernos útil para observar, seguindo o modelo de Levin (1993), a relación semántico-sintáctica entre os verbos pertencentes a unha mesma clase verbal. Así, como a autora citada, os criterios semánticos para a clasificación serán primordiais, pero parécenos de utilidade engadirlle os trazos sintácticos (ou fortemente interligados coa sintaxe) que outros autores xa consideraron, como son as rexencias prepositivas e a transitividade dos verbos. Deste modo, os criterios que determinarán a clasificación dos verbos de movemento deste traballo son:

- Presenza de sema de dirección.

A partir deste criterio establecemos dous grandes grupos de verbos de movemento con desprazamento: verbos de dirección e verbos de modo de movemento. No

---

<sup>8</sup> Véxase na presentación do capítulo 3 as referencias e definicións destas figuras semánticas.



## Clasificación dos verbos de movemento: delimitación do campo de traballo

primeiro indícase a través do verbo a dirección do movemento, mentres que no outro infórmase sobre o modo en que se realiza o desprazamento, deixando nun segundo plano a dirección, que se pode especificar a través dun complemento.

### ➤ Situación no plano do movemento.

A verticalidade sitúase na banda oposta á horizontalidade. Considerando esta oposición pretendemos cubrir con pormenor a dimensión de movemento con desprazamento atendendo os dous eixes en que este se pode desenvolver.

### ➤ Rexencia prepositiva do verbo.

Segundo o punto do desprazamento que focalicen os verbos podemos establecer tres grupos. Os verbos que focalizan o destino, a orixe ou o traxecto. A estas tres localizacións espaciais correspóndelles á vez diferentes rexencias prepositivas. Os nexos prepositivos prototípicos para estas tres dimensións son: *a/para* (indicadoras de destino), *de* (da orixe) e *por* (para o traxecto). Mais non son as únicas opcións; revisar as diferentes posibilidades e as súas implicacións comunicativas e sintácticas será un dos obxectivos deste traballo.

### ➤ Tipo de destino.

Os verbos de movemento direccional situados na horizontalidade poden ou non indicar a referencia locativa de destino. A situación é diferente segundo en que punto do traxecto se centren os verbos: na orixe, no destino ou na traxectoria. Aqueles verbos que especifican o destino do movemento sen necesidade de concretalo a través dun complemento inclúen esa información dun modo inherente; esta situación dáse habitualmente con dúas condicións, cando o verbo foca o destino do desprazamento e cando este destino coincide co lugar que ocupa o emisor ou o receptor. Nestes casos a referencia locativa vén de seu co contexto comunicativo, polo que explicitala sería redundante. Noutros casos, ó ser o destino un lugar non extraíble do contexto, aparece un referente locativo indicando o punto final do desprazamento.

No caso dos verbos centrados na orixe ou no traxecto a situación é diferente. A concreción do destino pode darse (serían verbos télicos) ou non a través da complementación.

### ➤ Superación de límite.

## Clasificación dos verbos de movemento: delimitación do campo de traballo

A chegada a un determinado espazo e a súa superación pode ser a conclusión do desprazamento ou só a superación dun límite para que o desprazamento continúe. A presenza deste sema interesa por condicionar o marco predicativo do verbo, ó esixir na maioría dos casos un complemento de lugar por onde (*pasou pola porta*).

### ➤ Transitividade verbal.

Tanto se é a transitividade a que condiciona o marco predicativo e o significado verbal coma se é ela a condicionada polo significado, é un trazo relevante para a clasificación verbal ó implicar a súa presenza un esquema argumental concreto.

### ➤ Causatividade.

Un axente ou forza provoca o movemento noutro ser ou obxecto. Nestes casos estamos ante unha estrutura causativa. A causatividade relaciónase estreitamente coa transitividade e tamén determina o marco sintáctico-conceptual da estrutura.

### ➤ Tipo de modo de movemento.

Ata o de agora só tratamos os criterios relacionados cos verbos que explicitan unha determinada dirección, mais a maneira en que se desenvolve un movemento non é tampouco sempre igual. Escollemos tres parámetros para diferenciar os verbos dentro deste grupo: segundo o movemento sexa continuo, permita paradas ou interrupcións ou se indica regreso.

A partir dos criterios anteriores, obtemos a nosa clasificación de traballo (véxase Táboa 19). Antes de establecer esta clasificación, advertimos que unha das dificultades deste labor é marcar os lindes entre significados xerais; por iso, aínda que colocamos verbos que exemplifican cada unha das subclases establecidas, realmente un bo número deles poderían situarse en varias subclases diferentes, segundo o contexto en que se inserisen. Pero cómpre establecer un grupo (reducido, seguindo a recomendación de Pottier) de verbos pechado que amosen esta clasificación e que nos axuden a poder tirar conclusións xerais partindo do particular. Os 22 verbos seleccionados para esta investigación aparecen encaixados en cada un dos apartados da táboa anterior.

Verbos de movemento con desprazamento						
Arquímema (VDM)						
Verbos de dirección (VD)	eixo vertical	ascendente		transitivo ou intransitivo	causativo ou non causativo	<i>mover</i>
		descendente	destino ou referencial			
Verbos de modo de movemento (VMM)	eixo horizontal	orixe	télico ou atélico	transitivo	causativo ou non causativo	<i>subir</i>
Verbos de modo de movemento (VMM)	continuo	transitivo ou intransitivo	sen superación de límite	transitivo	causativo ou non causativo	<i>baixar</i>
				intransitivo	supera un límite	<i>entrar</i>
				transitivo	non supera un límite	<i>ir, chegar</i>
				transitivo	causativo ou non causativo	<i>achegar, traer</i>
				transitivo	causativo ou non causativo	<i>levar</i>
				intransitivo	supera un límite	<i>saír</i>
				intransitivo	non supera un límite	<i>vir, marchar, partir</i>
				transitivo	causativo ou non causativo	<i>pasar, atravesar</i>
				transitivo	causativo ou non causativo	<i>andar</i>
				intransitivo	non causativo	<i>ir</i>
				causativo ou non causativo		<i>andar, camiñar, correr</i>
				causativo ou non causativo		<i>parar</i>
				causativo ou non causativo		<i>tornar, volver, voltar</i>

Táboa 19: Clasificación de traballo dos verbos de movemento con desprazamento

## **2. Un trabajo de corpus**



Para estudar a relación entre o significado e a sintaxe dos verbos de movemento con desprazamento e establecer os seus principais marcos predicativos baseámonos nun traballo de corpus. Isto é, os resultados presentados aquí extráense dunha base de datos elaborada a partir da análise dun conxunto de rexistros establecido para ese fin. Optamos por non crear unha mostra concreta para este proxecto, senón revisar situacións lingüísticas xa producidas, por considerarmos que é a mellor vía para aproximármonos ó obxectivo da investigación. Polo tanto, escollemos traballar con exemplos reais que permitan contrastar os datos resultantes da análise.

Este traballo ademais baséase no contraste entre dous idiomas: o galego e o portugués. A lingüística contrastiva amósase como unha ferramenta útil non só para coñecer os paralelismos ou diverxencias entre diferentes idiomas ou para aproximarse dos universais lingüísticos que sustenten unha hipotética gramática-base común a tódalas linguas, senón que tamén é un instrumento para o coñecemento dunha lingua en particular.

O galego comparte fronteira co portugués; son dous idiomas nados dun mesmo dialecto do latín, o galego-portugués, que por acabar pertencendo a unidades socio-políticas diferentes evolucionaron dun modo tamén distinto. O estudo contrastivo entre estas dúas linguas axúdanos a entender as súas evolucións; aprendemos da análise das semellanzas e diferenzas, porque tanto unhas coma outras nos dan información valiosa para saber por que cada un dos códigos se resolveu dese modo concreto.

Deste modo explicamos a escolla das dúas linguas que son o obxecto deste traballo: a familiaridade, tanto por razóns históricas coma xeográficas, aumenta o interese dos paralelismos ou diverxencias que poidamos encontrar nos marcos predicativos dos verbos de movemento con desprazamento entre estes idiomas.

### ***2.1. Escolla do corpus***

A respecto do corpus escollido, o obxectivo buscado foi o equilibrio. Para isto seleccionamos textos de soporte oral e escrito, de diferentes modelos comunicativos (literarios e non literarios) e, finalmente, que non se inscriban só nun estilo de lingua, senón que a coloquialidade e a formalidade estean presentes. Á vez, tamén debora ser equivalente a presenza das dúas linguas. Atendendo estas premisas, foron

fundamentais para a elaboración do corpus dous tesouros léxicos en soporte on-line de cadanseu idioma: o *Tesouro informatizado da lingua galega* (TILG) para o galego, e o proxecto *Recursos Lingüísticos para o Português* (RL) do *Corpus de Referência do Português Contemporâneo* (CRPC) para o portugués.

A nosa escolla de fontes dentro destes dous corpus parte de dous requisitos:

- Período temporal: do século XIX á actualidade.

O obxectivo é observar o galego e o portugués modernos. Nestes dous séculos últimos as mudanzas nas comunidades humanas destas linguas foron moi notables, deste modo atender posibles cambios nos correspondentes códigos foca a nosa atención. Ademais, non nos interesaba neste traballo elaborar unha investigación na diacronía, senón que decidimos centrarnos nun espazo temporal concreto que nos permita afondar máis no obxecto da investigación.

- Variación no tipo de fonte.

Optamos por textos orais e escritos, porque nos asegura cubrir dun modo máis efectivo os distintos estilos de lingua e tamén diferentes modelos textuais.

### **2.1.1. Corpus galego**

O TILG é unha base de datos lexicográfica da lingua galega en soporte informático de consulta a través de internet elaborada polo Instituto da Lingua Galega (Universidade de Santiago de Compostela) dende 1985. No momento de consulta (anos 2004-2005), supera os 11 millóns de rexistros de palabras que se engloban nun total de 90 mil lemas extraídos de 1500 fontes. Poesía, narrativa, ensaio, textos xornalísticos, artigos de revistas especializadas, transcricións de textos orais, entrevistas e discursos son a maioría dos formatos empregados para a elaboración do tesouro, fontes condicionadas polo que se producía en cada época sendo a súa tipoloxía máis variada segundo se avanza no tempo.

Este proxecto non ten as fontes clasificadas, polo que o tipo de obras con máis peso no corpus para a representación da oralidade son transcricións elaboradas para distintos proxectos de investigación do ámbito universitario, como son teses de doutoramento; recollidas de contos, tradicións ou prácticas populares; ou transcricións de entrevistas nos medios de comunicación. Agás o primeiro modelo, os restantes reflecten a lingua oral en grande medida adaptada ás convencións ou regras

de funcionamento da lingua escrita. Por causa disto e con miras de equilibrar o traballo o máis posible, engadimos catro obras que non se inclúen no TILG, pero que son interesantes á hora de atender a lingua oral do último século ata a actualidade (véxase Anexo I).

Continuando coa lingua oral e a procura de representatividade equivalente na maioría dos aspectos posibles, tivemos que atender a variación dialectal do galego. Para isto, tentouse plasmar no corpus a pluralidade diatópica desta lingua recollendo textos (especialmente transcricións) que cubriran a variación por bloques descrita por Fernández Rei (1991) (véxase Anexo I).

Outra dificultade na elaboración deste corpus situouse no plano do estilo de lingua das fontes: a coloquialidade fronte á formalidade, con especial dificultade de recoller textos nesta última. Na lingua escrita hai exemplos de textos formais en todos os tipos de documentos recollidos, mais na oralidade foi necesario acudir ó modelo xornalístico da entrevista ou ó académico do discurso para atopar un estilo de lingua formal. Polo tanto, a presenza desta no corpus oral é menor do que a coloquialidade.

No Anexo I presentamos as obras escollidas para elaborar o corpus galego obxecto de análise deste traballo: un total de 59 títulos. Clasificámolas pola orixe e o tipo de texto. Segundo a orixe, opomos os textos de fonte escrita (29 obras) a aqueles que son transcricións ou tentativas de representación da oralidade (30 obras), con distintos graos de fidelidade (destes 30 títulos, 21 son fontes que consideramos de altamente fieis ó modelo de oralidade galega). Á vez, dentro destes dous grandes grupos, establecemos outras subdivisións sobre o tipo de texto co que se traballa. Os xéneros literarios canónicos (poesía, narrativa, teatro e ensaio) xunto do xornalístico son os subgrupos dos textos en lingua escrita; mentres que nas fontes orais dividimos os textos noutros tantos grupos: transcricións, entrevistas, discursos –estas tres considerámolas fontes propiamente orais–, textos que recollen literatura ou tradicións populares descritas polos seus protagonistas –transmiten discursos orais, aínda que adecuados, con intensidade diversa segundo o caso, ó modelo de lingua escrita– e textos dialogados de ficción autorial nos que a representación da oralidade verosímil é o obxectivo procurado –son exemplo os diálogos con finalidades políticas elaborados durante o século XIX–.



## Un traballo de corpus

Nos seguintes cadros mostramos o número de rexistros con que conta cada división e a porcentaxe que lles corresponde do conxunto total. As cifras presentadas aquí describen o corpus depurado; quérese dicir, excluíronse os rexistros con uso non verbal por estaren substantivados [*Botan a camiñar con andares rolantes de cíclope* (CUEPRO962)] ou adxectivados [*Recolliche gota a gota todo o teu sangue vertido, e volto en guerreiro o ilota, dende a ergástola retache teus verdugos i arrumbados liberta te levantache* (CURDIV1888)]; ou elimínouse da base o membro dos pares homónimos que non indican desprazamento (exemplo: *partir* sinónimo de ‘fragmentar’). Mantivéronse aquelas acepcións que, aínda non indicando estritamente un desprazamento locativo, puideran entenderse como valores metafóricos ou extensibles deste; por exemplo, *baixar*, alén de desprazamento na liña horizontal, pode indicar unha mudanza de estado ó carrexar un descenso na calidade, prezo ou estima de algo ou alguén [*Amostrou que posúe un bloco consolidado que non ten motivos para baixar o nivel de xogo* (3NT993)]. O vencello entre estas situacións con e sen desprazamento físico é evidente polo que se inclúen ambas na base.

<b>lingua escrita</b>		15019 rexistros = 45,7% do corpus		
poesía	narrativa	teatro/textos dialogados	ensaio	prensa
346	5140	2998	2654	3881
2'3%	34'2%	20%	17'7%	25'8%

**Táboa 20: Distribución dos rexistros en lingua galega por fontes escritas**

<b>lingua oral</b>			17815 rexistros = 54,3% do corpus	
transcrición	entrevista	discurso	literatura/tradición popular	textos dialogados
11476	111	155	5942	131
64'4%	0'6%	0'9%	33'4%	0'7%

**Táboa 21: Distribución dos rexistros en lingua galega por fontes orais**

O equilibrio entre oralidade e escrita practicamente é total, pero ó atendermos os subgrupos de cada un dos dous tipos, estes non presentan un uso final equivalente. As maiores diferenzas están nos textos orais, nos que as transcricións elaboradas con finalidade académica son a fonte maioritaria dos rexistros verbais mentres que as restantes tipoloxías teñen unha presenza moito menor ou case simbólica nalgún caso.

A pesar da rendibilidade da clasificación primeira, a maioría das obras foron escollidas por conxugar diversos aspectos de interese para o traballo. Un exemplo son os textos teatrais, xa que, alén de representaren un dos xéneros literarios, son tamén en moitos casos unha fonte de interese para a recollida da oralidade ó tentar

reproducila dun modo máis ou menos fidedigno, normalmente en estilo coloquial. O mesmo acontece cos autores que recollen literatura popular. Nestes casos a intención de transcripción da fonte oral é maior ca no caso anterior, aínda que o influxo da lingua escrita e dos moldes literarios occidentais é inevitable.

### 2.1.2. Corpus portugués

O Centro de Linguística da Universidade de Lisboa (CLUL) fornece a través da súa páxina web diferentes corpus para a investigación lingüística. O escollido para este traballo englobase no CRPC, xa que se centra fundamentalmente, aínda que non dun modo exclusivo, na variante continental que é a máis próxima no espazo ó galego e a máis rendible para o contraste.

O CRPC é un corpus conformado, á súa vez, por diferentes corpus: Corpus ELAN (con 2.840.552 rexistros), Corpus RL (con 8.670.438 rexistros) e Corpus RL anotado (con 501.042 rexistros). Aquí escollemos o que conta cun número de rexistros totais similar ó TILG (con algo máis de 11.000.000), isto é, o Corpus RL non anotado gramaticalmente. Este proxecto naceu como a resposta para elaborar un corpus equilibrado do portugués falado e escrito para consultas on-line; seleccionaron 9 millóns de palabras dos 200 millóns do CRPC. Os textos escritos extráense de libros, xornais, revistas, panfletos, documentos oficiais, etc; deste modo, cobren unha ampla gama de xéneros textuais e tamén unha ampla diversidade temática. Por outra banda, o feito de non estar a información gramatical definida no corpus é un dato que se debe ter en conta á hora de usar esta ferramenta. A consecuencia máis notable é que, a causa disto, preséntanse baixo un mesmo lema palabras homógrafas aínda que pertencen a clases gramaticais diferentes. Por exemplo, *caminhada* substantivo aparece baixo o lema de *caminhar* ou ó buscar as formas propias do lema *ir* inclúe a P3 de pretérito deste verbo, pero tamén o pretérito do verbo *ser* con forma coincidente. Aínda sendo así, é un instrumento moi interesante pola cantidade de rexistros e de tipo de fontes que contén. Os corpus que conforman o RL non anotado pódense ver na Táboa 22.

Procurando a harmonía coa base de datos elaborada para o galego, fixemos unha selección de corpus dentro do RL. Escollemos o oral e, dentro do escrito, *jornal* e *livro literario*. O xénero xornalístico estaba suficientemente cuberto co corpus *jornal* sen necesidade de acudir á *revista*; *vária* inclúe textos con temáticas de interese actual

## Un traballo de corpus

(economía, recomendacións para unha agricultura intensiva ou temas sociais) que xa están presentes no soporte xornal; a non escolla do corpus *livro tecnolóxico* debeuse máis a cuestións de rendibilidade do corpus final. Os rexistros extraídos dos dous corpus escritos seleccionados significan un número final equivalente ó obtido para os verbos galegos, polo que se sopesou que a análise de máis rexistros non ía ser relevante para os resultados finais. Ademais, moitos dos temas ou estilos textuais aparecen en fontes encaixadas nos corpus escollidos.

Corpus	Número de palabras
<b>corpus oral</b>	<b>105.964</b>
<b>corpus escrito</b>	<b>8.564.474</b>
jornal	4.097.868
livro literário	1.792.590
livro tecnolóxico	1.440.625
revista	420.792
vária	812.599
<b>Total (oral + escrito)</b>	<b>8.670.438</b>

**Táboa 22: Corpus formantes do CorpusRL**

As fontes de cada un dos tres subcorpus seleccionados son as seguintes:

- O corpus *oral* configúrase a partir de conversas informais (aínda que hai exemplos de situacións con maior formalidade, en especial ó comezo das entrevistas) recollidas na obra *Português Fundamental* de María Fernanda Bacelar do Nascimento (1987) elaborada para o proxecto *Português Fundamental*.
- O corpus *jornal* consta de varios números do ano 2000 do xornal deportivo *A Bola*, do semanario *Expresso* e dos xornais de tirada diaria *Diário de Notícias*, *Jornal de Notícias* e *Público*.
- Con 70 títulos de 53 autores da literatura portuguesa dos séculos XIX e XX elaboraron o corpus *Livro literário* (para consultar os títulos que o configuran véxase Anexo II).

Revisadas as fontes, este é o número de rexistros verbais depurados que extraemos a partir delas:

Fontes orais	2612	5'4%	
Fontes escritas	Fontes xornalísticas	18457	37'6%
	Fontes literarias	28065	57%

**Táboa 23: Distribución dos rexistros de lingua portuguesa por tipo de fontes**

O número total de rexistros depurados do corpus galego son un total de 32834 mentres que os portugueses suman 49134. Esta diferenza explica a non consideración neste traballo, xa antes xustificada, do corpus *livro tecnolóxico*; de incluílo as cifras resultantes aínda serían máis dispares e o tratamento equilibrado dos dous corpus máis difícil de soster.

A equivalencia numérica tampouco se conseguiu entre as fontes escritas e orais do portugués. Ó contrario do corpus galego no que o resultado é practicamente parello, no corpus portugués o número de rexistros orais é moito menor do que os extraídos de fontes escritas, o cal está máis distribuído dun modo equiparable atendendo as dúas vías de que se extraen os rexistros (xornal e libro literario). Aínda sendo así, ese aparente desequilibrio non é tan determinante porque, sendo cifras finais moi diferentes, amosan tendencias paralelas ó fixármonos en cada un dos verbos por illado. Tanto no corpus oral portugués coma no escrito da mesma lingua, revélanse grandes diferenzas dentro deles. Mentres *ir* e *levar* pasan dos 700 rexistros no corpus oral e andan ó redor dos 3000 no escrito, de *achegar*, *marchar* ou *volver* non se recolleu ningún ou practicamente ningún rexistro no corpus oral e o número de rexistros do corpus escrito é moito máis reducido do que a media. Polo tanto, aínda semellando unha diverxencia considerable pensamos que a representatividade das fontes no corpus final é suficiente para achegármonos ó obxecto do noso traballo.

## **2.2. Elaboración da base de análise**

Unha vez determinadas as unidades representativas dos diversos tipos establecidos de verbos de movemento con desprazamento, e de delimitar tamén o corpus de traballo que se analizará, resta definir que se vai estudar.

Neste traballo a análise cobre dúas vías: a potencialidade no significado e na sintaxe de cada un dos verbos escollidos. O obxectivo é establecer os marcos semánticos e predicativos base de cada unha das unidades verbais atendendo a diversidade de acepcións que presenta: traballando con exemplos reais procuramos contrastar os datos que resulten da análise do corpus establecido, pero adoptando como unidade fundamental non só o verbo, senón que tamén a acepción que presente en cada caso. Polo tanto, na base de análise atendense aspectos sintácticos e tamén semánticos.

Alén da sintaxe e do significado hai outros aspectos que condicionan o feito lingüístico. Segundo a *Standard Theory* de Chomsky (1965), hai unha serie de

compoñentes que determinan a gramática dunha lingua: a compoñente sintáctica, a semántica e a fonética. Mais coa sociolingüística abriuse unha nova compoñente: a social. Esta observa o feito lingüístico como un fenómeno comunitario máis e que, polo tanto, se ve condicionado por regras de conduta de grupo. Ó basearnos neste traballo na análise de exemplos reais, pareceunos necesario atendelos como partes de discursos que se realizan en contextos moi concretos mediatizados, polo tanto, por esas regras. Deste modo, na análise do corpus atenderemos aspectos como o tipo de discurso ou o estilo de lingua.

Para delimitar os campos de análise da base de datos elaborada para esta investigación fixemos un repaso sobre os aspectos atendidos por proxectos máis ou menos paralelos, basicamente os xa mencionados FrameNet, WordNet e Adesse. En todos eles se presenta a definición do verbo analizado, o esquema semántico e o sintáctico; ademais tamén inclúen oracións que exemplifiquen a entrada que se nos ofrece.

Partindo de todo o exposto ata aquí, consideramos que alén de delimitar os argumentos máis potencialmente posibles de cada verbo ou de cada acepción verbal, deberíamos tentar delimitar outras tendencias de uso que se moverían nas compoñentes semántica e social. Deste modo, os campos cos que conta a base que elaboramos son:

1. Forma verbal. Especificamos o modo, o tempo, a persoa e o número da forma verbal que estamos a analizar.
2. Lingua: Atender o feito de que estamos traballando con dúas linguas [lingua galega (LG) e lingua portuguesa (LP)], dende unha perspectiva contrastiva.
3. Tipo de fonte. Diferenciamos a oralidade da escrita, e dentro destas os distintos subgrupos xa referidos.
4. Fonte. Indicamos, segundo o tipo de fonte, o ano, o autor/a, a obra e a páxina en que se recolleu o rexistro obxecto de análise.
5. Acepción. O recoñecemento das acepcións dun verbo son unha ferramenta útil para explicar as diferenzas de estrutura conceptual ou sintáctica que se poden encontrar nunha mesma unidade léxica.

## Un traballo de corpus

6. Esquema semántico. Atendendo a acepción verbal, buscamos determinar cales son as figuras semánticas que o verbo rexe.

7. Función sintáctica da oración. En moitos casos a oración que ten como núcleo o verbo de movemento con desprazamento está subordinada doutra. A especificación de cal é a súa función sintáctica pode axudarnos a establecer tipoloxías de relacións, de existiren condicionantes particulares.

8. Estilo de lingua. Esta propiedade inscrita na compoñente social das linguas pode funcionar como un forte condicionante sobre a distribución das acepcións verbais, sobre o uso dos propios verbos e sobre as construcións que presentan.

9. Construción sintáctica. Presentación da construción na que se desenvolve o verbo nese rexistro concreto.

10. Análise dos complementos. Unha vez establecido o marco predicativo é necesario coñecer o tipo de membros que o conforman. Para isto revisamos:

- a. Función sintáctica. Cal é a súa función dentro do marco predicativo.
- b. Tipo de unidade. A regularidade na correspondencia función sintáctica - tipo de unidade vai ser revisada neste traballo.
- c. Animación. Nalgúns complementos [especialmente no suxeito, no obxecto directo (OD) ou indirecto (OI)] a animación e o seu carácter [ $\pm$ humano] determinarán o esquema argumental do verbo.

11. Esquema argumental. Establecer os argumentos sintácticos potencialmente máis habituais de cada tipo de verbo de movemento con desprazamento e as súas capacidades de elisión é un dos obxectivos prioritarios deste traballo.

A través destes oito campos estableceremos tendencias de uso ou limitacións segundo cada un deles, o que nos permitirá extraer conclusións xerais sobre o comportamento dos verbos de movemento con desprazamento, alén de deixar unha serie de campos abertos para futuros estudos, xa que a amplitude de posibilidades que nos ofrece non se pode tratar por completo neste traballo.

Presentaremos agora un exemplo de ficha de análise.

Un traballo de corpus

<b>lingua</b>		galego					
<b>nº</b>	<b>ano</b>	<b>tipo de obra</b>		<b>obra</b>		<b>páxina</b>	<b>forma</b>
293	1989	transcrición		REGTD989		3 38	salir
<b>exemplo</b>							
Pero a xente como fai pa andar e SALIR dus laos pa outros, pos hai un carreiro.							
<b>función sintáctica da oración</b>				<b>estilo de lingua</b>			
CFIN (facer)				coloquial			
<b>acepción</b>				<b>esquema semántico base</b>			
1				Mb + Or			
<b>construción sintáctica</b>				<b>esquema argumental</b>			
nexo(e)+P+CLO+CLD				S+P+CLO			
<b>s1</b>	<b>s2</b>	<b>s3</b>		<b>p1</b>		<b>p2</b>	
so	=S	an (hum)		P			
<b>od1</b>	<b>od2</b>	<b>oi1</b>	<b>oi2</b>	<b>cc1</b>		<b>cc2</b>	<b>cc3</b>
				CLO;CLD		fde;fpara	in
<b>pv1</b>	<b>pv2</b>	<b>cp1</b>	<b>cp2</b>	<b>at1</b>	<b>at2</b>	<b>ca1</b>	<b>ca2</b>

Táboa 24: Exemplo de ficha de análise

### **3. Delimitación do significado verbal e dos seus esquemas semánticos**





Establecer as principais acepcións e os esquemas semánticos (ES) correspondentes para cada un dos verbos escollidos é o que nos ocupará neste capítulo. O obxectivo é contrastar os resultados aquí obtidos cos esquemas sintácticos argumentais que delimitaremos no capítulo sexto e, deste modo, estudar as interrelacións entre significado e sintaxe nos verbos de movemento con desprazamento.

Presentamos as diferentes unidades seguindo a clasificación dos verbos de movemento do primeiro capítulo (véxase cap. 1, Táboa 19). Debemos recordar que para elaborar a referida clasificación tomamos en conta características semánticas e sintácticas; polo tanto, a organización dos verbos facémola segundo o seu significado e tamén segundo a súa transitividade. Nese primeiro capítulo, marcamos a falta de rendibilidade de diferenciar características semánticas por un lado e sintácticas polo outro; son dúas dimensións que traen consecuencias a unha sobre a outra, mais sen que se poida decidir cal é a primeira en influír. Isto explica que nun capítulo onde o fundamental é o corpo semántico dos verbos de movemento, apareza tamén referida – mais non analizada– a transitividade dos lexemas.

Para formular os principais ES dunha unidade verbal é necesario antes establecer as acepcións que esta presenta. Neste traballo realizamos un achegamento ó significado por dúas vías que se complementaron: a través de obras lexicográficas e da nosa base de rexistros analizados. En primeiro lugar, tomamos as acepcións descritas en catro dicionarios. Os dicionarios son obras que “lexitimiz[an] un determinado dialecto como lingua nacional-estatal” (González Millán, 2001: 42); funcionan tal que un elemento canonizador tanto para os seus contidos como para a propia lingua que están a describir. Isto explica que a nosa selección fora meticulosa e incluía os recursos que cada unha das comunidades ten como referente. Deste modo, para o galego escollemos o *Diccionario da Real Academia Galega* (DRAG, 1997), obra elaborada por unha das institucións –xunto co Instituto da Lingua Galega– con maior valor simbólico no campo da lingüística galega; e o *Gran Diccionario Xerais da Lingua Galega* (GCXLG, 2000), polo seu amplo número de entradas léxicas e tipo de fontes que o converten nun dos dicionarios galegos máis completos da actualidade. Os mesmos argumentos cós presentados para o GDXLG, sérvennos para explicar a escolla do *Dicionário Houaiss da Língua Portuguesa* (DHLP, 2001); esta é unha fonte que non só atende ás variantes diastráticas do portugués europeo, pois tamén considera o portugués do Brasil e, en menor medida, o dos países africanos con lingua

oficial portugués (PALOP). Xunto deste, tamén consideramos para o portugués o *Dicionário da Língua Portuguesa 2006* de Porto Editora (2006); a súa actualidade e o feito de ser unha das obras referentes no eido educativo convérteno en rendible para este traballo.

Finalmente, unha vez extraídos todos os significados que incluían os dicionarios, sempre que se dera o caso, ás acepcións aquí recollidas sumámoslles novos sentidos que xurdiron nos contextos dos rexistros analizados. Elaboramos nós estas últimas; son as menos e responden ó feito de que non as viamos incluídas en ningunha das acepcións propostas polas fontes lexicográficas consultadas. Todas teñen un peso moi reducido no corpus, pero non consideramos acertado diluílas con outras acepcións perdendo a súa singularidade. Un exemplo é a acepción 21 do verbo *ir*: ‘Usar, tomar, consultar algo ou alguén.’ [*Tod'o qu'estou decindo, vaise ó libro de Guinness e eso aparece todo alí.* (OCHGRO994<sup>1</sup>)]; non aparece recollida en ningún dos dicionarios consultados e ten un uso moi reducido (no corpus da lingua galega 1 rexistro e no da lusa 17), pero marca unha acción singular. De modo que fusionando a información semántica das obras lexicográficas escollidas coa transmitida polo corpus de traballo, delimitamos o paradigma definitivo de acepcións de cada verbo.

A respecto do significado, todos os verbos escollidos para esta investigación son polisémicos e, como é propio nas unidades léxicas desta natureza, entre as diferentes acepcións existe unha relación de intensidade variable. Partindo disto, os sentidos dun verbo agrupámoslos segundo os seus vencellos semánticos en *macroacepcións*, é dicir, en conxuntos de sentidos que se moven baixo un mesmo dominio de significado. Deste modo, construcións do tipo *leva o coche que é unha marabilla*, na que o verbo significa ‘conducir un transporte’ e *o avión levounos á illa*, onde o verbo refire ‘transportar algo ou alguén dun sitio a outro ou ata un lugar determinado’, aínda sendo sentidos diferentes, como os dous indican un movemento con desprazamento no espazo físico parece interesante agrupalos baixo unha única macroacepción. Esta ferramenta ou forma de clasificar os diferentes sentidos dun mesmo verbo presenta dúas vantaxes. En primeiro lugar, axúdanos a observar se a proximidade semántica tamén carrega similitudes nos ES que lles corresponde; deste modo, será máis fácil comprobar se o número de ES dun mesmo verbo é consecuencia exclusiva da variedade de macroacepcións que presenta. Por outro lado, parécenos un instrumento

---

<sup>1</sup>As abreviaturas das obras fonte dos rexistros pódense consultar no Anexo I.

útil para contrastar os diferentes verbos de movemento que imos analizar neste traballo. Encontrar paralelismo entre acepcións é posible (por exemplo, co sentido ‘morrer’ son usados *ir*, *marchar*, *levar* ou *partir*), pero presenta moitas dificultades, entre as que destaca a cantidade total de sentidos recollida. Polo tanto, se agrupamos os significados en macroacepcións é moito máis sinxelo o contraste entre estas no conxunto das unidades analizadas. Así poderemos tentar establecer paralelismos entre grupos de verbos e tamén entre o conxunto total.

A presentación das macroacepcións dun verbo faise seguindo unha orde en que o criterio é a idea de movemento con desprazamento; e, por outra banda, os significados incluídos en cada un deste grupos semánticos preséntanse, á súa vez, seguindo unha escala de menor a maior complexidade.

A diferenza entre acepcións nalgúns casos non queda clara coa definición, polo que ilustramos todos os sentidos con exemplos tirados da nosa base. En principio, incluímos un exemplo para cada lingua, presentados tal e como foron extraídos da fonte orixinal (as obras galegas aparecen especificadas no Anexo I e as fontes portuguesas no Anexo II, coa excepción dos rexistros extraídos dos xornais portugueses, que irán marcados por un J seguido do número de exemplar que lle adscribiron na base do *Corpus de referência do português europeu* do Centro de Lingüística da Universidade de Lisboa). Cando só aparecen exemplos dun idioma quere dicir que ese significado non foi recollido no outro. Nun número reducido de acepcións o exemplo non vén acompañado da respectiva referencia bibliográfica: é unha estrutura que non pertence ó noso corpus. A razón disto está en que se recolleu ese sentido nas obras lexicográficas utilizadas, pero non na base.

Neste traballo, alén de establecer as acepcións de cada verbo, recollemos dúas situacións semánticas particulares: a fraseoloxía (indicada cun F) e aqueles valores nos que o verbo perde a súa natureza gramatical e pasa a funcionar como unha partícula do discurso (indicados cun Q), quérese dicir, como unha estrutura de discurso fixo (véxaxe cap. 5). Aínda que o seu interese como verbo de movemento con desprazamento nestes casos desaparece (polo que tampouco imos propor unha estrutura semántica para estes casos), son situacións relevantes para observar as evolucións internas de cada tipo de verbo. A respecto destas dúas situacións temos que facer unha indicación do modo en que van ser presentadas: alén do citado F ou Q que as identifica, serán escritas na lingua en que foran recollidas. Cando aparecen nos

dous idiomas, serán presentadas coas dúas formas; se só hai rexistros nun dos códigos, será nese no que se escribirá<sup>2</sup>. Ademais, vencellamos a fraseoloxía coa información semántica xeral de cada verbo, de maneira que as estruturas frásticas adscribímolos a macroacepcións concretas de cada unidade. Por último, dicir que estas estruturas serán obxecto de revisión no capítulo quinto, centrado exclusivamente nelas. Aquí mostraranse exemplos concretos de cada unha das linguas en que xorden; estes esclarecerán os ámbitos de uso das fórmulas de discurso fixo, xa que coa presentación da súa forma fóra dun contexto non sempre queda claro cal é o sentido que lle describimos como propio.

Unha terceira situación particular configúranos aqueles rexistros en que o verbo de movemento funciona como membro auxiliar dunha construción perifrástica. O funcionamento deste tipo de construcións verbais, os matices semánticos que fornecen, os seus límites construtivos son cuestións que merecen un traballo de investigación centrado exclusivamente nelas. Aquí só presentamos os usos perifrásticos dos verbos que estamos a estudar, e ademais farémolo dun modo superficial. Indicaremos con que tipo de auxiliados funcionan [infinitivo (P1), xerundio (P2) ou participio (P3)] e a súa frecuencia de uso; á hora de describir estes construtos semanticamente, seguiremos a Álvarez e Xove (2002).

Dentro das perífrases, recollemos un subtipo especial que marcamos como P4. Nestes casos, estamos ante dous verbos unidos sintáctica e semanticamente a causa do baleirado de significado experimentado por un deles, pero, ó contrario do que acontece co definido tradicionalmente como perífrase, os dous están en forma persoal. Dentro dos verbos de movemento que seleccionamos para este traballo, só presentan esta posibilidade construtiva *ir*, *chegar* e *saír* [*Duas noites quis interrogar a mendiga sobre o destino que levara o rapazola; vai ela que me viu, baixou a vista, e afastou-se a tremar como uma ladra.* (L0460); *E dice: E 'ntonces saleu e dice: Dice: Dice: Pois, er' o que sabía.* (REGTD989)]. O funcionamento e valor deste tipo de construcións require un traballo pormenorizado ó redor delas; aquí só lles faremos, tal e como coas outras perífrases, un achegamento moi superficial (véxase Rivas Cid, 1994). Para a súa definición seguiremos a mesma referencia que para as restantes

---

<sup>2</sup>Se a presentación gráfica non fai evidente de seu a adscripción ó idioma ó que pertence a estrutura de discurso fixo, no capítulo quinto determinarase cada un dos casos a través dun estudo máis pormenorizado destas construcións.

perífrases. Finalmente, a caracterización idiomática ofrécese a través dos exemplos: con eles determinamos que estruturas son propias a cada unha das linguas.

Debemos destacar que o peso das diferentes acepcións, construcións fixas ou perifrásticas de cada verbo non é idéntico entre si. Hai sentidos que contan cun uso case anecdótico, fronte a outros que representan unha porcentaxe superior á metade dos rexistros do corpus. Neste capítulo non se atenderá a esta cuestión, pois será a finalidade do seguinte.

Unha vez determinado o cadro de acepcións dos verbos, establecemos os seus correspondentes ES determinando as unidades semánticas esixidas en cada caso. Na década de 1960 apareceu unha serie de posicionamentos teóricos que deron o pé do que parten os traballos máis actuais versados sobre a construción conceptual dos verbos. Destacamos dous, por outra banda moi próximos nas súas teses: a gramática de casos e a gramática de valencias.

A gramática de casos (Fillmore, 1968) observou que cada oración amosa unha estrutura semántica (estrutura profunda, seguindo a Chomsky, 1965) que explica como en situacións en que hai unha mesma estrutura sintáctica (estrutura superficial) os complementos non refiren un mesmo tipo de relación coa unidade verbal, e viceversa, isto é, como unidades sintacticamente diferentes manteñen un mesmo tipo de relación semántica co verbo. Por exemplo, mentres en *o neno colleu o balón* o suxeito é quen realiza a acción, en *o neno mollouse porque chovía* o suxeito é quen a padece; e, ó mesmo tempo, o que experimenta<sup>3</sup> a acción pode desenvolver a función sintáctica de OD –como o fai en *o neno colleu o balón*– ou a de suxeito –como é o caso de *o neno mollouse porque chovía*–. Na mesma liña, aparece a gramática de valencias. Esta presenta a oración como unha estrutura contedora dunha unidade fundamental, o verbo, e un número determinado e pechado de elementos dependentes deste.

Aínda que tanto a gramática de casos coma a de valencias foron perdendo interese dende mediados dos anos da década de 1970, a súa influencia mantívose sobre terminoloxías ou clasificacións de teorías posteriores, o que explica que proxectos

---

<sup>3</sup>Nesta mesma introdución preséntanse os roles semánticos que utilizamos. Verase que a idea de padecer e experimentar unha acción fundímolos nunha única figura: paciente. A razón está, basicamente, en que este é un participante naquelas acepcións en que a idea de movemento desaparece. Polo tanto, a profusión de etiquetas que perspectiván de diferentes modos unha mesma realidade en dimensións non espaciais non se amosa rendible para a nosa investigación.

actuais de análise verbal coma o FrameNet ou Adesse, alén de realizar unha análise sintáctica das oracións en que aparecen cada verbo, tamén elaboren a súa estrutura semántica.

Deste modo, nas páxinas seguintes presentaremos, xunto dos cadros de acepcións de cada un dos verbos que representan as clases de movemento con desprazamento establecidas no primeiro capítulo, o ES de cada unha das acepcións, xa que nos parece unha ferramenta útil á hora de explicar as variacións de construción de cada unidade verbal.

Os esquemas que elaboramos para cada unha das acepcións inclúen os elementos que consideramos argumentais, é dicir, que semellan fundamentais para esa construción semántica. Jackendoff (1990) afirma que un rol semanticamente incluído na información léxica dun verbo non sempre ten que explicitarse sintacticamente. Esta opción recollémola nas nosas propostas, de forma que se un elemento é semanticamente relevante, aínda que non se explicita na construción sintáctica, si aparece na nosa proposta de ES. O destino é o rol que en máis construcións se atopa nesta situación: ó coincidir esta figura co referente dun dos participantes no acto comunicativo, co lugar en que se encontra un deles ou ó estar antes referido, é común que sexa sobreentendido e, polo tanto, innecesario. Outra situación diferente son algúns complementos semánticos que adoitan aparecer elididos nunha boa parte dos rexistros, pero teñen a opción de explicitarse noutros. Aquí escollemos o uso de parénteses para marcar o carácter opcional desa figura na construción sintáctica correspondente á acepción que se está a describir.

A respecto dos roles semánticos, hai unha grande diversidade de clasificacións, que se opoñen, basicamente, no grao de xeneralización que presenten. Se se atende ó tipo de acción verbal –de ser un estado ou un proceso–, o control que teña unha figura sobre a acción, o seu carácter [ $\pm$ animado], a súa natureza [ $\pm$ humana] ou a causatividade da acción, poderemos falar de diferentes roles semánticos segundo uns autores ou dunha mesma figura (ou macrofigura) segundo outros. Só atendendo dous papeis básicos como son quen ou o que realiza a acción e quen ou o que a experimenta, hai un gran abano de nomenclaturas. A respecto do primeiro, Dik (1997) diferencia entre *axente* se controla unha acción e *forza* cando presenta [ $-$ control], ós que se lles pode engadir o rol *causa* cando hai unha relación de causa entre quen ou o que provoca a acción e quen ou o que a experimenta (Gràcia, 1989). A respecto do segundo, Radford (1988)

fala de *tema* como o que vive unha acción e *experimentador* como o que padece un estado psicolóxico, mentres que Haegeman (1991) traballa con *tema* cando a acción indica un desprazamento e *paciente* se non hai tal. Opóñense a estes autores outras voces que afirman que estas distincións non son rendibles, xa que representan subtipos dunha mesma figura condicionados polo saber enciclopédico do mundo, que non teñen consecuencias na estrutura lingüística. Defenden este posicionamento autores como Moreno Cabrera (2003), quen fala de *axente*, *paciente*, *orixe*, *destino* e *traxecto* sen atender a ningún dos aspectos referidos arriba.

Para este traballo pareceunos rendible situarnos nun punto intermedio. Non funcionamos con macropapeis, mais tampouco somos profusos na subdivisión dos tipos de roles. Os trazos que destacamos para diferenciar distintas figuras que poden ser observadas como formantes dun mesmo hiper rol (termo acuñado por Kibrik, 1997; cunha mesma etiqueta refírense figuras diversas que están fundamente interrelacionadas e que só unha caracterización moi pormenorizada e de escasa rendibilidade distingue) son o tipo de acción e o carácter [ $\pm$ animado] do elemento. O primeiro aspecto débese a que no noso traballo a distinción entre os sentidos dos verbos que refiren un movemento fronte ós que non son tal é de suma importancia, xa que consideramos os primeiros como significados base dos que parten os outros. O segundo criterio parécenos rendible para observar as capacidades combinatorias de cada verbo, isto é, buscamos ver se a unidade regula restricións no tipo de figuras coas que pode aparecer. É dicir, elaboramos unha proposta útil para a nosa investigación. Non nos interesa unha nomenclatura ambigua e demasiado plural que nos dificultase despois a posta en contraste co desenvolvemento sintáctico destas figuras.

1. Roles semánticos propios dos movementos, con ou sen desprazamento:

- a. **Móbil** (Mb): obxecto ou ser que experimenta o movemento. O control sobre a acción depende, en grande medida, de contar cunha natureza [+humana].
- b. **Iniciador** (Ini): realidade [+animada] que provoca o movemento padecido polo móbil. Non sempre exerce control sobre a acción que inicia.
- c. **Orixe** (Or): punto de partida do desprazamento.
- d. **Traxecto** (Tr): transcurso por onde se desenvolve o desprazamento.



- e. **Destino** (Dt): punto de chegada do desprazamento. Non distinguimos esta figura da demarcación de dirección. A razón está no feito de que non son elementos concurrentes, nin tampouco adoitan carretar diferenzas de construcións; son máis froito da interpretación contextual. Deste modo, usamos dirección como modo definatorio dos verbos que carretan movemento con desprazamento fronte ós que marcan un movemento estático, mentres que destino se opón á orixe, como puntos ou franxas estremeiras dun desprazamento.
- f. **Benefactario** (Benef): ser [+humano] que “é o destino da acción ou dos seus resultados” (Álvarez e Xove, 2002: 75). En moitos casos o destino do desprazamento coincide co benefactario da acción.
- g. **Modo** (Md): rol que especifica a maneira en que se desenvolve o desprazamento. Esta presenta unha gran tipoloxía de posibilidades; alén da maneira de desenvolverse a acción, baixo esta etiqueta tamén situamos, por exemplo, o transporte co que se realiza o desprazamento. A razón de incluír nesta figura unha ampla diversidade de especificacións está no carácter illado da maioría delas, o que facía pouco útil incluílas como elementos individualizados.
- h. **Compañía** (Cía): tipo específico de modo en que se desenvolve o movemento, xa que especifica xunto de quen ou que se realiza. O seu uso repetido en boa parte dos verbos de movemento con desprazamento xustifica a súa consideración como unha figura a parte.
- i. **Finalidade** (Fin): obxectivo final para o que se desenvolve o movemento; en moitos casos carreta de seu un determinado locativo de destino.
- k. **Instrumento** (Instr): ferramenta que se emprega para levar a cabo o desprazamento.

2. Roles semánticos propios das accións nas que hai ausencia de movemento espacial. En primeiro lugar, baixo este tipo de accións recolléronse un maior número de roles semánticos; a razón está en que nas acepcións nas cales non hai movemento espacial o número de ES tamén é maior. Por outra banda, moitas das figuras presentes como roles propios das accións con movemento asemade xorden aquí; a diferenza está no tipo de acción, mais a relación é a mesma.

## Delimitación do significado verbal e dos seus esquemas semánticos

- a. **Axente** (Ax): figura [+animada] que experimenta a acción. Pode aparecer xunto dela un outro rol que padeza a actividade iniciada polo axente.
- b. **Causa** (Cau): figura [-animada] que causa a acción padecida por unha outra realidade.
- c. **Entidade** (Ent): figura [-animada] que experimenta a acción. Nun número reducido de esquemas convive cun paciente, mais sen existir entre si unha relación de causatividade; son dúas realidades que experimentan, de modo complementario, unha mesma acción.
- d. **Paciente** (Pac): experimenta ou padece a acción provocada por outro. Fundimos as dúas dimensións aquí referidas porque consideramos que para a nosa investigación, centrada nos verbos de movemento con desprazamento, traballar cunha pluralidade de figuras que se sitúan nun mesmo plano e todas elas desvencelladas do cambio de lugar físico non é rendible.
- e. **Orixe** (Or): punto de partida da acción. Pode referir dende o estado inicial da realidade ata un dos lindes do espazo polo que se desenvolve unha vía.
- f. **Traxecto**: (Tr) transcurso por onde se desenvolve a acción.
- g. **Destino** (Dt): punto final da acción.
- h. **Localización** (Loc): lugar en que se sitúa ou localiza unha realidade.
- i. **Benefactario** (Benef): ser [+humano] que se beneficia ou ó que lle afecta a acción.
- k. **Modo** (Md): forma en que se desenvolve a acción ou estado alcanzado pola realidade que a experimenta. Inclúe, tal e como acontece con este rol nas accións que carretan desprazamento, unha numerosa gama de especificacións circunstancias sobre a acción.
- l. **Compañía** (Cía): tipo específico de modo en que se desenvolve a acción, xa que especifica xunto de quen ou que se realiza. O seu uso repetido xustifica a súa consideración como unha figura a parte.
- m. **Finalidade** (Fin): obxectivo para o que se leva a cabo a acción.
- n. **Instrumento** (Instr): ferramenta que se emprega para levar a cabo a acción.

ñ. **Cantidad** (Cant): este rol recolleuse exclusivamente nos significados adscrito á macroacepción ‘cantidad’; con el indícase a cantidade alcanzada ou referida na acción verbal.

o. **Referente** (Ref): aparece cos verbos *subir*, *ir* e *levar*. Indica o referente a partir de que se mide ou establece a acción.

p. **Ámbito** (Amb): como rol semántico, e non como especificación doutra figura (sexa o modo, a orixe ou o destino da acción), indica o asunto en que se desenvolve a acción.

A nosa proposta de figuras semánticas responde ás necesidades que presenta este traballo. Polo tanto, aínda seguindo as etiquetas máis recorrentes en proxectos similares a este, non se identifica con ningún en particular.

Para concluír coa introdución, como se pode extraer dela, o tratamento do corpo semántico dos verbos neste capítulo faise sen distinguir o funcionamento entre linguas. Este é un apartado contextual. Por el imos achegarnos á xeneralidade do funcionamento de cada unha das unidades. Unha vez definido, será en capítulos posteriores onde contrastaremos o comportamento en cada unha das linguas co obxecto de marcar similitudes e diferenzas entre o galego e o portugués. Tamén será obxecto de capítulos próximos a análise de particularidades construtivas, como o tipo de rexencia preposicional dos distintos complementos locativos con cada verbo en cada unha das súas construcións semánticas. De todos os modos, nas definicións incluimos certas especificacións construtivas, sempre que condicionen o sentido do verbo ou sexan criterio para opor diferentes acepcións.

### **3.1. O arquisemema: mover**

Este traballo céntrase nos verbos de movemento con desprazamento, polo tanto, á hora de definir cada un dos tipos partimos da acción *mover* ou *moverse*. Deste modo, este verbo aparece como arquisemema dende o que se define todos os restantes verbos de movemento, sexa do tipo que for este. É dicir, é o arquisemema dos verbos de movemento tanto se indican desprazamento coma se non.

Mais *mover* ou o seu correspondente pronominal, *moverse*, non se restrinxen a este eido semántico. Este primeiro sentido foise estendendo metaforicamente ata acabar desenvolvéndose en acepcións xa desvencelladas con esta acción, ó indicar un cambio mais non necesariamente no plano espacial.

### I. Movemento físico: con ou sen desprazamento

É aquí onde se centra a atención da nosa investigación: o verbo indica unha mudanza de localización no plano espacial. Pero esta mudanza non sempre se acompaña dun desprazamento, polo que mentres estruturas do tipo *moveu o coche ata a túa casa* (Ini + Mb + Dt) serán centrais para este traballo, outras como *moveu a cabeza con xeito* (Ini + Mb) non o serán ó non carretar desprazamento no movemento. O feito de incluírmos as dúas posibilidades baixo unha mesma macroacepción xustifícase por ser a mesma acepción para ambas. As diverxencias están no contexto; isto é, dependendo de quen ou do que participe na acción haberá desprazamento ou non, mais o significado do verbo é en todos os casos o mesmo.

Outro aspecto dependente das realidades que participen na acción é o tipo de construción deste verbo. *Mover* indicando un movemento esixe un móbil que o padece e un iniciador que o produza, mais sintacticamente esta necesidade desenvólvese dun modo diferente se o referente do iniciador coincide co do móbil ou non. Se hai coincidencia estaremos ante unha estrutura pronominal, mentres que se son diferentes realidades, a estrutura será transitiva; polo tanto, segundo quen ou que sexa o referente dos dous argumentos semánticos desenvolveranse estruturas sintácticas diferentes.

<p>v.t. 1. Cambiar {alguén ou algo}<sup>a</sup> {para un novo lugar ou posición}<sup>c</sup> {a alguén ou algo}<sup>b</sup>.</p> <p><i>Unha lufada de vento move uns papeis na rúa</i> (CSRVEN981).</p> <p><i>A mão direita, oculta pelo corpo, devia mover-se lentamente</i> (L0342).</p>	Ini <sup>a</sup> + Mb <sup>b</sup>
	Ini <sup>a</sup> + Mb <sup>b</sup> + Dt <sup>c</sup>
<p>v.t. 1a. Cambiar {alguén ou algo}<sup>a</sup> {para un novo lugar}<sup>c</sup> unha {ficha ou unha figura}<sup>b</sup> nun xogo.</p> <p><i>Moveu a torre e deulle xaque.</i></p>	Ini <sup>a</sup> + Mb <sup>b</sup> + Dt <sup>c</sup>
<p>v.p.<sup>4</sup>. 2. Cambiarse {alguén ou algo}<sup>a/b</sup> {para un novo lugar ou posición}<sup>c</sup>.</p> <p><i>Vino chegar sin me mover</i> (BLABIO962).</p> <p><i>Os missionários moveram-se para sair, mas ele fez um novo gesto</i> (L0019).</p>	Ini <sup>a</sup> + Mb <sup>b</sup>
	Ini <sup>a</sup> + Mb <sup>b</sup> + Dt <sup>c</sup>
<p>v.p. 3. Desenvolverse {alguén ou algo}<sup>a/b</sup> {dun xeito determinado}<sup>c</sup> nun espazo.</p> <p><i>Ali na plateia do St. James, vendo Gertrude Lawrence, grande actriz inglesa, a mover-se, cheia de graça, na corte do Rei do Sião</i> (L0085).</p>	Ini <sup>a</sup> + Mb <sup>b</sup> + Md <sup>c</sup>

<sup>4</sup>Con v.p. identifico aquelas construcións en que pode aparecer un pronome átono reflexivo.

Vencellados con estes sentidos, aínda que usados dunha forma metafórica, aparecen a maioría das estruturas de discurso fixo de *mover*.

**F1. Non se move unha palla / Não se move uma palha.** 1. Non haber nada de vento. 2. Deixar de facer algo, non se poñer en funcionamento.

**F2. Non moverse da casa / Não mover-se de casa.** Non facer nada para conseguir algo.

**F3. Non mover unha palla / Não mover uma palha.** Deixar de facer algo para conseguir un fin.

**F4. Mover os fíos / Mover os fios.** 1. Axilizar as influencias. 2. Ter o control de algo.

**F5. Mover unha man por / Mover uma mão para.** Axudar a alguén ou algo.

**F5a. Mover un dedo por / Mover um dedo por.** Axudar a alguén ou algo.

**F6. Mover a billa de.** Facer actuar algo.

## II. Mudanza de estado

A partir de aquí o cambio non se desenvolve nun espazo físico, xa que as transformacións ou mudanzas se realizan noutros eidos: na liña temporal, no propio individuo, etc.

v.t. 4. Cambiar {alguén ou algo} <sup>a</sup> {de data} <sup>c</sup> {un acontecemento, unha celebración, etc} <sup>b</sup> . <i>Moveron o exame para tres días máis tarde.</i>	$Ax^a + Pac^b + Dt^c$
v.t. 5. Facer {alguén ou algo} <sup>a</sup> que {alguén} <sup>b</sup> mude {de idea, forma de pensar, etc} <sup>c</sup> {para outro} <sup>d</sup> . <i>Ninguén me move da miña decisión.</i>	$Ax^a + Pac^b + Or^c + Dt^d$
v.p. 6. Mudar {alguén ou algo} <sup>a/b</sup> {de pensamento, de personalidade, etc} <sup>c</sup> {para outro} <sup>d</sup> . <i>O don Miguel de don Miguel, poida que non se mova do seu ser (DIEFIE958).</i> <i>De cumprir meu voto ninguem podera mover-me (L0215).</i>	$Ax^a + Pac^b + Or^c + Dt^d$

### III. Acción

Nesta macroacepción o cambio dáse na actividade de alguén ou no estado da actividade, ó indicarse o inicio dalgún feito ou dalgunha transformación interna en algo ou alguén.

<p>v.t. 7. Pór {algo}<sup>a</sup> en actividade {a alguén ou algo}<sup>b</sup>, ser causa de que alguén faga algo.  <i>Ese expediente sólo o moven en época de eleució e non sempre (LPXCON928).</i>  <i>Não é o anticlericalismo que me move (J43922).</i></p>	<p>Cau<sup>a</sup> + Pac<sup>b</sup></p>
<p>v.t. 7a. Ser {alguén ou algo}<sup>a</sup> o motivo de que {alguén}<sup>b</sup> faga {algo ou adopte unha actitude, unha decisión, etc}<sup>c</sup>. OBS. Constrúese coa prep. <i>a</i>.  <i>¿Quen vos moveu a detervos cando faltan poucos pasos pra chegar á meta? (CABMAR926).</i>  <i>Estas palavras do velho impressionaram Teresa tão agradábelmente que a moveram a não vender o estabelecimento (L0289).</i></p>	<p>Cau<sup>a</sup> + Pac<sup>b</sup> + Dt<sup>c</sup></p>
<p>v.t. 8. Causar {alguén ou algo}<sup>a</sup> emoción sobre {alguén}<sup>b</sup>, conmover.  <i>Á espera que a iminência de uma trovoadá ou a urgência duma rega movessem o coração empedernido dos patrões (L0494).</i></p>	<p>Cau<sup>a</sup> + Pac<sup>b</sup></p>
<p>v.t. 9. Axilizar {alguén ou algo}<sup>a</sup> {un asunto}<sup>b</sup>.  <i>Non falta quen a guerra sempre mova, e meta os câs na bouza (PINGAI853).</i>  <i>Pus em causa o conhecimento por parte do cidadão de processos judiciais que lhe forem movidos– António Costa não respondeu directamente (J61819).</i></p>	<p>Ax / Cau<sup>a</sup> + Pac<sup>b</sup></p>
<p>v.p. 10. Actuar {alguén ou algo}<sup>a/b</sup>, pórse en actividade.  <i>Máis folgazais non os hai debaixo do sol, non se moven como non lles manden ( LPXCON928).</i>  <i>A gente pode falar o que quiser, as autoridades ouvem com um sorriso e não se movem, não se mexem (J52489).</i></p>	<p>Cau<sup>a</sup> + Pac<sup>b</sup></p>
<p>v.p. 10a. Facer {alguén}<sup>a/b</sup> xestións para conseguir {algo}<sup>c</sup>.  <i>Como non te movas ti, eles non cho van facer.</i></p>	<p>Ax<sup>a</sup> + Pac<sup>b</sup> + Dt<sup>c</sup></p>
<p>v.p. 10b. Pórse {alguén}<sup>a/b</sup> en acción, actuar con certa rapidez, apurar.  <i>–Veña, Conserxe –insistía Fernando–. Veña, movete (MEFARR991).</i></p>	<p>Ax<sup>a</sup> + Pac<sup>b</sup></p>

Baixo este mesmo macrosentido sitúase a última construción fraseolóxica que presenta *mover*.

**F7. Mover-se em águas seguras.** Non correr riscos.

#### IV. Relación

Neste grupo hai unha indicación de movemento, mais metafórico. Non se refire a un cambio de situación ou a un desprazamento, senón ó vencello que hai no funcionamento interligado entre dúas ou máis entidades: un individuo e o seu ambiente social habitual, dúas actividades económicas, culturais...

<p>v.t. 11. Implicar {algo}<sup>a</sup> outra {realidade}<sup>b</sup>, facer uso de {algo}<sup>b</sup>.  <i>O importante non é o espectáculo senón os cartos que move (3nt993).</i>  <i>Enquanto ele movia grandes somas, punha na sua actuação um espírito de jogo de azar (L0002).</i></p>	<p><math>Cau^a + Pac^b</math></p>
<p>v.p. 12. Pertencer {algo}<sup>a/b</sup> a un {ámbito}<sup>c</sup>, desenvolverse nun {eido}<sup>c</sup>.  <i>A por respostar con senso a unha situación conflitiva que se move dentro dun horizonte, máis ou menos lonxano (FRNSEG963).</i>  <i>Alguns círculos movem-se em torno de pequenos projectos capazes de manter alguma dinâmica social ( J39124).</i></p>	<p><math>Cau^a + Pac^b + Tr^c</math></p>
<p>v.p. 12a. Vivir {alguén}<sup>a/b</sup>, desenvolver {alguén}<sup>a/b</sup> a súa actividade vital nun determinado {ámbito}<sup>c</sup>.  <i>¿Cal é o persoal humano que se move arredor do Club Caminhense? (PNR997).</i>  <i>Os médicos e os enfermeiros lisboetas, que se moviam e dialogavam num ambiente soturno, cheio de crucifixos, eram mulatos (L0085).</i></p>	<p><math>Ax^a + Pac^b + Tr^c</math></p>

En definitiva, a partir dunha única macroacepción indicadora de movemento, este verbo desenvolve por extensión metafórica outras tres desvencelladas xa coa liña espacial. Indican mudanzas ou descrições de estado independentes da idea de movemento concreto nunha liña espazo-temporal determinada; mais a relación de derivación evidénciase ó estar presente en todas as macroacepcións a dobre natureza que revela a primeira das presentadas: a mudanza de espazo pode implicar ou non desprazamento. Nas outras esta oposición tradúcese na presenza ou ausencia dun complemento que explique o resultado ou finalidade da acción. Deste modo a información semántica deste verbo pódese reducir nos seguintes esquemas:

1. Estructuras triactanciais causativas onde quen ou o que produce a acción e quen ou o que a padece conviven cun complemento que indica cara a onde se dirixe a acción.

Ini + Mb + Dt                      Ax / Cau + Pac + Dt (+ Or)<sup>5</sup>

2. Estructuras causativas sen especificación de dirección: inclúense aquí os usos de *mover* como verbo de movemento sen desprazamento.

Ini + Mb (+ Md)                      Ax / Cau + Pac (+ Tr)

### **3.2. Verbos indicadores de desprazamento con dirección**

Os verbos de movemento con desprazamento incluídos no grupo de *dirección* son unidades léxicas que centran a información fornecida na explicitación do sentido do movemento. A dirección do desprazamento pode ser de dobre natureza. Pode realizarse no eixe vertical ou no eixe horizontal. Un dos nosos obxectivos é observar as consecuencias desta oposición na estrutura semántica e, no capítulo 6, na sintáctica.

#### **3.2.1. Dirección no eixe vertical**

A verticalidade supón que a diferenza entre o punto de orixe e o destino se dea dentro dunha altura. A posición superior dun ou doutro destes locativos a respecto do oposto dependerá do punto de vista escollido no desprazamento. Esa dobre opción contrapón os verbos que se sitúan no eixe vertical segundo indiquen un movemento ascendente, é dicir, a orixe é inferior na verticalidade ó destino, ou descendente, ou sexa, a orixe sitúase nunha altura superior ó destino do movemento.

##### **3.2.1.1. Verbos ascendentes: subir**

*Subir* como verbo de movemento con desprazamento ascendente na verticalidade inclúe acepcións en que a ascensión se realiza de diferente modo. Mentres nuns casos a verticalidade é absoluta ó desenvolverse o movemento en liña recta (*subir as escaleiras*), noutros hai un desprazamento ó longo dunha vía con inclinación ou cara a unha zona máis alta do que o lugar de partida (*subiu á aldea onte*), polo tanto, a verticalidade é relativa. Mais en todas estas situacións a acción é un mesmo movemento con desprazamento cara arriba. Este é o significado base, o prototipo semántico de *subir* a partir de que se chega ós seus restantes sentidos adquiridos por extensión semántica. Nestes últimos pásase dun desprazamento físico a un outro metafórico.

---

<sup>5</sup> Colocaremos entre parénteses aquelas figuras semánticas que forman parte dun esquema semántico estendido a partir do que configuran os elementos de fóra da paréntese.



**I. Movemento con desprazamento: na verticalidade**

Dentro desta macroacepción incluímos todos os movementos con desprazamento na verticalidade que este verbo pode indicar.

De primeiras estamos ante acepcións que indican un desprazamento lineal na verticalidade, con dirección ascendente. Pártese dun sentido base (acepción 1), ó que se lle engaden diferentes tipos de especificacións que resolven nas distintas acepcións aquí presentadas. As diferenzas entre elas sitúanse no modo de realizar o desprazamento: mentres ‘trepar’ (acepción 3) e ‘apoiarse’ (acepción 5) especifican como se realiza a ascensión, ‘alcanzar’ (acepción 2) resalta a dificultade en chegar ó destino e, opóndose ás restantes, na cuarta definición a realidade que padece o movemento non coincide con quen ou o que o provoca.

<p>v.i. 1. Ir {algo ou alguén}<sup>a</sup> de abaixo {a arriba}<sup>b</sup>.  <i>A auga subía pa riba de ferver os nabos (REGTD989).</i>  <i>É o anjo que sobe ao ar e ultrapassa o sarrafo (J26697).</i></p>	<p><math>Mb^a + Dt^b</math></p>
<p>v.i. 2. Alcanzar {algo ou alguén}<sup>a</sup> {algo}<sup>b</sup> situado a certa altura ou {un punto de algo}<sup>b</sup> que se estende verticalmente indo de abaixo a arriba.  <i>Despideuse d'os carballos (...) e no eixido as froiteiriñas a que mil veces subira (VALMAX880).</i>  <i>Até pode subir para riba do telhado (L0284).</i></p>	<p><math>Mb^a + Dt^b</math></p>
<p>v.i. 3. Ascender {algo ou alguén}<sup>a</sup> a {un lugar}<sup>b</sup> trepando por {un lugar ou instrumento}<sup>c</sup>.  <i>Eu para Brión hei d'ir/ anque me poñan murallas,/ por elas hei de subir (CCGCTI998).</i>  <i>Que alguma coisa me tinha subido pela perna esta manhã (L0508).</i></p>	<p><math>Mb^a + Dt^b + Tr^c</math></p>
<p>v.t. 4. Coller e poñer {alguén}<sup>a</sup> {algo ou alguén}<sup>b</sup> {arriba, máis arriba ou nun lugar que está arriba}<sup>c</sup>, verticalmente.  <i>Os canteiros, por rirse, subironlle a burra ós andamios (CEFLUG963).</i>  <i>Os estores finalmente podem-se subir (L0430).</i></p>	<p><math>Ini^a + Mb^b + Dt^c</math></p>
<p>v.p. 5. Apoiarse {alguén ou algo}<sup>ab</sup> {en algo}<sup>c</sup> para alcanzar unha altura.  <i>A parede era de seixos e eu non podía agatuñar porque me doían os dedos. –Subete na testa (BLABIO962).</i>  <i>A classe média intelectualizada sobe nas tamancas e grita (J59866).</i></p>	<p><math>Ini^a + Mb^b + Dt^c</math></p>

**F1. Subirle ás barbas a.** Dominar, asoballar, tomar o control de alguén ou algo.

**F2. Subir á cabeza / Subir à cabeça.** 1. Embriagarse cunha bebida alcohólica ou outra substancia narcótica. 2. Sobreestimar unha situación ou logro.

Nas seguintes acepcións a ascensión realízase sobre un plano inclinado (unha vía, lugar ou territorio) no que o traxecto entre un punto de orixe situado máis baixo do que o destino non ten que realizarse necesariamente na verticalidade. Os diferentes sentidos establécense atendendo ó percorrido, isto é, segundo a súa dimensión. Se é un desprazamento de longo traxecto (acepción 7), se indica que o desprazamento se realiza dende o punto máis baixo ata o máis alto dun mesmo espazo (acepción 8) ou se non se especifica tal xa que o desprazamento pode comezar en calquera punto da dimensión total da entidade que refire o seu punto máximo de altura como destino do desprazamento (acepción 6), estableceranse diferentes sentidos. Á vez, como acontecía coa acepción 4, a presenza dun impulsor do desprazamento diferente do que o padeza (acepción 9) carreta unha acepción específica dentro do grupo.

<p>v.i. 6. Ir {alguén ou algo}<sup>a</sup> {cara á parte alta de algo}<sup>b</sup>.  <i>Cinco curvas e acabou-se a história. A: Simi, absolutamente. X: Nem se sobe, nem se desce (L0170).</i>  <i>Eles suben alá arriba, á serra (TABTDI979).</i></p>	<p><math>Mb^a + Dt^b</math></p>
<p>v.i. 7. Desprazarse {alguén ou algo}<sup>a</sup> {cara a un lugar}<sup>b</sup> que está ó norte percorrendo certa distancia.  <i>Subiria para norte a tomar barco em Trípoli (L0011).</i></p>	<p><math>Mb^a + Dt^b</math></p>
<p>v.t. 8. Ir {alguén ou algo}<sup>a</sup> da parte baixa á {parte alta de algo}<sup>b</sup>.  <i>Sintolle un pouco cansancio cando sobo algunha costa (VPOALM922).</i>  <i>O Coca subia e descia as escadas, sem se atrasar (L0453).</i></p>	<p><math>Mb^a + Dt^b</math></p>
<p>v.t. 9. Levar {alguén}<sup>a</sup> a {alguén ou algo}<sup>b</sup> {a un lugar}<sup>c</sup> xeograficamente máis alto.  <i>Antes de o sol raiar, os de Celanova sacaron do Convento a seis, e subirannolos ao Furriolo, na camioneta requisada á familia do Celso de Poulo, depois de el mesmo ser morto nos primeiros días (MEFARR991).</i></p>	<p><math>Ini^a + Mb^b + Dt^c</math></p>

## II. Movemento sen desprazamento: na verticalidade

No caso da acepción 4 do grupo anterior o movemento non sempre carreta desprazamento, mais os sentidos incluídos neste grupo sempre indican un movemento

## Delimitación do significado verbal e dos seus esquemas semánticos

carente del. Ademais presentan outra singularidade a respecto do fin do desprazamento: montar nun medio de transporte.

<p>v.i. 10. Meterse ou poñerse {alguén ou algo}<sup>a</sup> no {lugar destinado}<sup>b</sup> para sentar nun medio de transporte ou para entrar nel.</p> <p><i>E era tremenda, que... subía iá besta coma...coma se fora un xinete (REGTD989).</i></p> <p><i>Arregaça a saia ao subir para o carro (L0284).</i></p>	<p><math>Mb^a + Dt^b</math></p>
<p>v.t. 11. Meter ou poñer {alguén}<sup>a</sup> {a outro alguén ou algo}<sup>b</sup> no {lugar destinado}<sup>c</sup> para sentar nun medio de transporte ou para entrar nel.</p> <p><i>Pero era diferente porque o barco tiña unhas guindenlas para collelos ó lado do mar e subilos hasta dentro (PEAPES001).</i></p>	<p><math>Ini^a + Mb^b + Dt^c</math></p>

### III. Localización: ocupación dun determinado espazo

Neste grupo o desprazamento desaparece. Dun proceso pasamos a un estado de cousas, xa que nestas construcións se indican as dimensións espaciais dun determinado obxecto ou accidente xeográfico. Mais a información transmitida non é equivalente á dos verbos copulativos, pois o uso deste verbo engade unha especificación da natureza do espazo: ascendente no plano do terreo ou na verticalidade aérea.

<p>v.i. ou v.t. 12. Ascender {o traxecto ou o espazo dunha vía, dun camiño, do mar}<sup>a</sup> {ata un determinado límite espacial}<sup>b</sup> ...</p> <p><i>Era un beco triste que [...] subía em socalcos a encosta pedregosa (L0453).</i></p> <p><i>O camiño subía entre fragas, ou sexa penas feras, por unha paisaxe que anunciaba os cumiais máis esgrevios da serra (MEFARR991).</i></p>	<p><math>Ent^a + Dt^b</math></p>
<p>v.i. 13. Ocupar un determinado espazo vertical prolongándose {algo}<sup>a</sup> {ata un límite}<sup>b</sup> en dirección cara arriba.</p> <p><i>Da eira subiam cepas que tinham ganho corcovas ao jeito dos ferros que enlaçavam (L0002).</i></p> <p><i>Tiñan embutida astra pouco menos da mitá unha culuna que sube astra o arranque dos arcos (LFRNIN905).</i></p>	<p><math>Ent^a + Dt^b</math></p>

**IV. Mudanza de estado: ascender en calidade, prezo, intensidade... non fisicamente**

Coa mudanza de estado o desprazamento vertical está presente, pero non se realiza no plano físico, senón no metafórico. A categoría, o valor, o cargo, a intensidade que se pasa a ocupar é superior á orixinal. É este un valor estendido do sentido prototípico de *subir* xa que só se muda o plano físico polo abstracto.

<p>v.i. 14. Ir {alguén ou algo}<sup>a</sup> do nivel ou posición en que se está {ata outro máis alto}<sup>b</sup>.</p> <p><i>Cumpriram objectivo sobre objectivo e ficaram em quarto lugar na etapa, subindo à 10ª posição</i> (J34514).</p> <p><i>Depois que fagan unhos estudos estensos e que suban canto máis alto mellor</i> (AVVTD1990).</p>	<p><math>Ax^a + Dt^b</math></p>
<p>v.i. 15. Alcanzar {alguén}<sup>a</sup> un {cargo, posto ou nivel superior}<sup>b</sup>.</p> <p><i>Tenciónase que [...] De Gaulle subise ó Poder para arranxalo que tería amañado un Executivo forte</i> (FGRANO985).</p> <p><i>Subira ao trono por morte de D. Afonso V seu filho D. João</i> (L0011).</p>	<p><math>Ax^a + Dt^b</math></p>
<p>v.i. ou v.t. 16. Aumentar {algo}<sup>a</sup> {ata un punto}<sup>b</sup> {de nivel, prezo, valor, intensidade, etc}<sup>c</sup>. OBS: Se o verbo é intransitivo, constrúese coas preposicións <i>en</i> ou <i>de</i>.</p> <p><i>Como España non fora á guerra nin axudara, empezaron a subi-las vacas, estaban as vacah por aí a... de cincuent'... cen pesos</i> (REGTD3989).</p> <p><i>E é claro inclusivamente o nível de vida não teria subido tanto, porque os salários eram muito mais baixos</i> (135P107<sup>6</sup>).</p>	<p><math>Ent^a + Dt^b + Ref^c</math></p>
<p>v.t. 17. Facer {alguén ou algo}<sup>a</sup> que {outro algo}<sup>b</sup> aumente en {intensidade, cantidade, valor, etc}<sup>c</sup>.</p> <p><i>Balduino subiu algo a voz de falsete</i> (3nt1993).</p> <p><i>Hotéis sobem receitas</i> (J52856).</p>	<p><math>Ax^a + Pac^b + Dt^c</math></p>
<p>v.t. 18. Aumentar {alguén}<sup>a</sup> {a cantidade ou o valor}<sup>c</sup> {dunha aposta}<sup>b</sup>.</p> <p><i>Tamén xogache mal, debichelle defender o tres á pícara, e non deixar capala, aunque perdeses o juego. -¿Subímolo a seis?</i> (LPXCON928).</p>	<p><math>Ax^a + Pac^b + Dt^c</math></p>
<p>v.t. 18a. Botar {alguén}<sup>a</sup> {unha carta}<sup>b</sup> {máis alta ca que está na mesa}<sup>c</sup>, pero do mesmo pau.</p> <p><i>-¿Subímolo a seis? [...] -Debíamolo subir, Francisco; non sea que perdamos</i> (LPXCON928).</p>	<p><math>Ax^a + Pac^b + Dt^c</math></p>

<sup>6</sup>Este tipo de siglas refiren o número da entrevista e a páxina da obra fonte do corpus portugués oral (Bacelar do Nascimento, 1987).

**V. Acción**

As accións referidas por *subir* cobren diferentes dimensións de significado. No primeiro grupo de acepcións indicadoras de acción desaparece o desprazamento físico transformándose nunha ascensión metafórica; o lugar de partida sitúase no contexto referencial da comunidade de falantes nun punto máis baixo, ora pola profundidade ora pola calidade moral, cualitativa ou cuantitativa, do que pasa a ocupar.

<p>v.i. 19. Emerxer, xurdir {algo ou alguén}<sup>a</sup> {nun lugar}<sup>b</sup> dunha forma non física. <i>¿Por qué lle sube á memoria a festa do ano pasado? (CSRVEN981).</i> <i>A tristeza subia da mais profunda morada da memória (L0406).</i></p>	<p><math>Ax^a + Dt^b</math></p>
<p>v.i. 20. Situarase {alguén ou algo}<sup>a</sup> {nun lugar máis alto}<sup>b</sup> {dunha escala de valores que funciona como referente}<sup>c</sup>. <i>Há medida que vamos subindo na cadeia alimentar, aumenta a concentração deste metal pesado (J42793).</i></p>	<p><math>Ax^a + Dt^b + Ref^c</math></p>

F3. **Subir-lhe a côr a alguem.** Avergonzar, colocar a alguén nunha situación que atenta a súa moral ou pudor.

F3a. **Subir-lhe as cores a alguem.** Avergoñarse.

F4. **Subir polo pau.** Botar unha carta máis alta do mesmo pau da baralla.

Na seguinte acepción a idea de percorrido ascendente mantense, aínda que a finalidade e o tipo convérteno nun valor adquirido extensible a partir do sentido base deste verbo.

<p>v.t. 21. Recoller {alguén}<sup>a</sup> {para arriba}<sup>c</sup> {unha porción de tecido}<sup>b</sup> e acurtar unha peza de roupa. <i>O vestido não tem mais que pôr-lhe meias mangas, e subir a cintura para cima (L0296).</i></p>	<p><math>Ax^a + Pac^b + Dt^c</math></p>
---	---

Todas as acepcións recollidas de *subir* están relacionadas por pertenceren ó sentido prototípico –movemento con desprazamento no eixe vertical con sentido ascendente– ou por seren extensibles deste. Deste modo é esperable obter unha estruturación semántica non moi variable dos diversos sentidos propios de *subir*. As distintas posibilidades presentadas neste apartado podemos clasificalas segundo dous criterios:

1. Estamos ante construcións non causativas, onde se combina unha figura semántica que realiza a acción coa concreción do destino desta. Deste modo, o esquema muda segundo estamos ante un movemento (I) ou se a idea de movemento desapareceu (II).

I. Mb + Dt

II. Ax / Ent + Dt

A este esquema base pódenselle engadir outros roles semánticos: outro locativo (traxecto) ou o elemento que funciona como referente no que se realiza a mudanza de posición.

Mb + Dt + Tr

Ax / Ent + Dt + Ref

2. Son estruturas causativas, polo que nos situamos ante un ES triactancial: quen ou o que causa a acción, quen ou o que a padece e o destino final desta.

Ini + Mb + Dt

Ax + Pac + Dt

### 3.2.1.2. Verbos descendentes: *baixar*

*Baixar* e *subir* son un par en tensión (Lamiroy, 1983), xa que se configuran como opostos dunha mesma acción ó indicaren as dúas perspectivas coas que se pode focalizar un mesmo desprazamento. Refiren ambos os dous un desprazamento no eixe vertical, pero, mentres en *subir* o destino é o punto máis alto no desprazamento, en *baixar* a orixe do movemento sitúase nunha altura maior có destino deste.

A respecto do significado, estes dous verbos cobren exactamente as mesmas dimensións, mais os seus ES, aínda sendo moitos deles compartidos, presentan diferenzas froito da oposición referida no anterior parágrafo. A esixencia do rol *orixe* en *baixar*, aínda compartindo na maioría das situacións espazo co *destino*, contrapón estas dúas unidades.

Nos primeiros tempos do romance galaico, o verbo de que nos ocupamos non presentaba un alto uso; eran preferidas no seu lugar outras formas coma *abaixar*, *deçer* ou *deçender* (Lorenzo, 1977). Na actualidade, na lingua portuguesa encontramos unha situación moi similar; *baixar* concorre, en desvantaxe, con *descer*, que presenta un sentido moito máis xenérico. Pola contra, para o galego *baixar* é a forma menos marcada por adecuación ó rexistro de lingua (fronte a *descender*, preferible na formalidade), o que explica o emprego (909 rexistros) recollido no corpus deste traballo.

De todos os xeitos, dunha maneira xenérica e en paralelo co que se viu con *subir*, o número de macroacepcións establecido demostra que a amplitude semántica adquirida por este lexema non é alta. Os sentidos están fortemente relacionados entre si e a maioría non deixan de ser usos estendidos ou metafóricos do movemento con desprazamento no eixo vertical, inclinándose cara abaixo a realidade que padece a acción.

**I. Movemento con desprazamento: descender por unha vía, andar cara ó sur ou cara a unha zona máis baixa**

A distinción entre esta macroacepción e a seguinte baséase na idea de desprazamento. Neste caso hai unha suficiente diferenza espacial entre a orixe e o destino do movemento que argumenta a apreciación de que a este o acompaña un desprazamento. É dicir, a orixe e o destino ou son puntos de entidades diferentes, ou extremos afastados.

<p>v.t. 1. Ir {alguén ou algo}<sup>a</sup> {da parte alta á parte baixa de algo}<sup>b</sup>.  <i>E cando íamos baixando a costa pergunteille (CASVEL953).</i>  <i>[Levaba] unha chaqueta, unha cazadora de pana, e baixaba, subía as escaleiras de tres en tres (REGTD989).</i></p>	<p><math>Mb^a + Dt^b</math></p>
<p>v.t. 1a. Levar {alguén}<sup>a</sup> {a alguén ou algo}<sup>b</sup> {da parte alta}<sup>c</sup> {á parte baixa de algo}<sup>d</sup>.  <i>E [el] baixou o touro a pastagens atravessadas por muita gente (L0508).</i>  <i>E'ntonces, bajaronnos á estación así pola tarde, e viñeron as dez da noite, viñeron as doce e, non apareceu tren ningún pa levarnos (LCAFAL990).</i></p>	<p><math>Ini^a + Mb^b + Or^c + Dt^d</math></p>
<p>v.t. 1b. Descargar {alguén}<sup>a</sup> {algo}<sup>b</sup> {dun lugar}<sup>c</sup> {para outro}<sup>d</sup> polo chan.  <i>O noso traballo era baixalos a rolos dende o barco (PEAPES001).</i></p>	<p><math>Ini^a + Mb^b + Or^c + Dt^d</math></p>
<p>v.i. 1c. Ir {alguén ou algo}<sup>a</sup> cara abaixo, {a un lugar que queda máis baixo}<sup>c</sup> {dende outro máis alto}<sup>b</sup>.  <i>Chamou á muller, pra que lle alumase, e pola trapela baixou á corte (LPXCON928).</i>  <i>Mas era como se estivesse a baixar devagarinho para o fundo de um poço (L0486).</i></p>	<p><math>Mb^a + Or^b + Dt^c</math></p>
<p>v.i. 2. Ir {alguén ou algo}<sup>a</sup> {de arriba}<sup>b</sup> {a abaixo}<sup>c</sup> ou desde certa altura a outra inferior.  <i>Baixa o pano para muda-lo cadro (CASVEL953).</i>  <i>O sol vai baixando para o lado da barra (L0486).</i></p>	<p><math>Mb^a + Or^b + Dt^c</math></p>
<p>v.i. 3. Desprazarse {alguén ou algo}<sup>a</sup> {cara a un lugar que está ó sur}<sup>c</sup> a respecto {doutro}<sup>b</sup> percorrendo certa distancia.  <i>O culto solar asociado ás figuras de cisnes, baixou a Italia desde os países nórdicos co comercio do ámbar (CUEPRO962).</i></p>	<p><math>Mb^a + Or^b + Dt^c</math></p>

**II. Movemento sen desprazamento: no eixe vertical**

A diferenza da macroacepción anterior, o movemento aquí indicado non carrega desprazamento, xa que o lugar de orixe e destino é o mesmo, só que se realiza un determinado movemento no eixe vertical a través desa realidade. Por exemplo, en *baixou a cabeza* o móbil –*cabeza*– está en todo o momento situado nun mesmo lugar.

<p>v.i. 4. Desprazarse {alguén ou algo}<sup>a</sup> {cara á parte inferior}<sup>c</sup> {dunha cousa á que se está subido}<sup>b</sup> ata pousar os pés no chan.  <i>Baixanse do valado e saen paseniñamente da escea</i> (CASVEL953).  <i>Todo o pregador honesto o sente quando baixa do púlpito</i> (L0486).</p>	$Mb^a + Or^b + Dt^c$
<p>v.t. 4a. Descender {alguén ou algo}<sup>a</sup> cun salto {dunha altura}<sup>b</sup>.  <i>Pero eu non subía nunca ó andamio que non... que non baixase</i> (REGTD989).</p>	$Mb^a + Or^b$
<p>v.t. 5. Coller e poñer {alguén}<sup>a</sup> {algo}<sup>b</sup> {abaixo}<sup>d</sup>, máis abaixo {de onde estaba}<sup>c</sup> ou no chan.  <i>Mas mande-o baixar a espada!</i> (J43657).  <i>Non tén pistola, non tén pistola. Baixaronlle os pantalóns</i> (MEFARR991).  <i>E Bieito, baixando do sobrado un mazo qu'alí tiña de follatos, meteu nel o brazo</i> (VALMAX880).</p>	$Ini^a + Mb^b + Or^c + Dt^d$
<p>v.t. 6. Inclinar ou dirixir {alguén}<sup>a</sup> {algo}<sup>b</sup> {cara a abaixo}<sup>c</sup>.  <i>Limitavam-se a baixar a cabeza, em sinal de respeito</i> (L0518).  <i>–Señor... –repuxo Inés baixando a vista</i> (VALMAX880).</p>	$Ini^a + Mb^b + Dt^c$
<p>v.t. 6a. Repregar {alguén ou algo}<sup>a</sup> {outro algo}<sup>b</sup>, dobrar {algo}<sup>b</sup>.  <i>Dixolle u cesterio que o pousase na artesa, ie ó pousalo baixou a tapa e matou á comadre</i> (CEFLUG963).  <i>O homem baixou a gola do casaco, empurrou a porta do café, entrou</i> (L0442).</p>	$Ini^a + Mb^b$
<p>v.i. 6b. Caer {algo}<sup>a</sup> cara abaixo.  <i>A tía ollaba pra min sin decir ren e solbía algo que lle baixaba polo nariz</i> (BLABIO962).</p>	$Mb^a$
<p>v.p. 7. Inclínarse {alguén ou algo}<sup>a/b</sup> cara ó chan ou moverse de arriba a abaixo.  <i>Ela baixa-se a mirar-te a barriga das pernas de onde as meias molhadas escorregaram</i> (L0216).  <i>Indo camiño da casa caíulle a zamarra e tuvo que baixarse a recollela</i> (CEFLUG963).</p>	$Ini^a + Mb^b$
<p>v.i. 8. Saír {alguén}<sup>a</sup> {do interior ou da parte en que se vai sentado}<sup>b</sup> ata ter o corpo fóra ou ata pousar os pés no chan dun vehículo, dun animal.  <i>Non puderon baixar do barco en Valencia</i> (3nt993).  <i>Baixámonos todos dacabalo do burro</i> (LCAFAL990).</p>	$Mb^a + Or^b$



Delimitación do significado verbal e dos seus esquemas semánticos

<p>v.t. 8a. Sacar {alguén}<sup>a</sup> {a alguén}<sup>b</sup> {do interior ou da parte en que se vai sentado}<sup>c</sup> ata ter o corpo fóra ou ata pousar os pés no chan dun vehículo, dun animal.</p> <p><i>Empezou a decir que non resistía e qu'iba á caír da mula se pronto na baixaban dela (VALMAX880).</i></p>	$\text{Ini}^a + \text{Mb}^b + \text{Or}^c$
<p>v.t. 9. Desmontar {alguén ou algo}<sup>a</sup> {algo}<sup>b</sup> con coidado. OBS. É un sentido propio do tecnolecto da construción.</p> <p><i>Eu má-lo Guillermo viñamos coa hilada, e me cago 'n Dios, e baixábamos unha de... de parede de la Virgen (REGTD989).</i></p>	$\text{Ini}^a + \text{Mb}^b$

F1. **Baixarlle un pau no lombo a / Baixar um pau em.** Baterlle a alguén ou algo, física ou metaforicamente.

F2. **Baixarlle a orella.** Ceder, ter unha actitude de submisión.

F3. **Baixar a cabeza/ Baixar a cabeça.** 1. Aceptar algo sen protestar aínda estando en contra. 2. Mostrar respecto por algo ou alguén.

F4. **Baixar os brazos.** Darse por vencido.

F5. **Baixar os ollos para.** Darlle atención a ese asunto ou persoa.

F6. **Baixar as espadas.** Parar o enfrontamento, o choque verbal, intelectual, a oposición.

**III. Localización: ocupar un determinado espazo**

Ó igual ca *subir*, *baixar* adquire a capacidade de indicar as dimensións locativas dunha vía, accidente xeográfico ou entidade física de diversa natureza. En ambos os dous verbos esta é a única opción dentro da macroacepción *localización*.

<p>v.i. 10. Pasar {algo}<sup>a</sup> {dunha localización}<sup>b</sup> a estar situado {na parte baixa de algo}<sup>c</sup>.</p> <p><i>As cidades baixaron da montaña ó val, e mataron os odios (CUEPRO962).</i></p>	$\text{Ent}^a + \text{Or}^b + \text{Dt}^c$
<p>v.i. 11. Ir dar {algo}<sup>a</sup> ou ter o como límite {a parte baixa de algo}<sup>b</sup>.</p> <p><i>E falaron que bāixara aí por un camiño que lle chaman a Pedra qu'é un camiño que baixa desd'o colegio dreito eiquí ó pueblo (LCAFAL990).</i></p>	$\text{Ent}^a + \text{Dt}^b$
<p>v.i. 11a. Descenso {dun terreo, pista, etc.}<sup>a</sup> {ata un punto}<sup>b</sup> que funciona como límite espacial.</p> <p><i>Baixaba o terreo, cuberto de cepas, até unha casa grande arrodada de árbores (BLABIO962).</i></p>	$\text{Ent}^a + \text{Dt}^b$

## Delimitación do significado verbal e dos seus esquemas semánticos

O seguinte sentido relaciónase cos anteriores, xa que mentres neles se indica o punto de partida dunha determinada vía ou entidade, aquí infórmase de onde vén unha persoa ou familia por relación de nacemento.

<p>v.i. 12. Ter {alguén}<sup>a</sup> a orixe en, vir {de determinada estirpe}<sup>b</sup>.  <i>Xa ves que ningún é nobre E ti baixas liña reuta Do cu de Wamba catorce</i>          (AONPOE878).</p>	$Ax^a + Or^b$
--	---------------

### IV. Mudanza de estado: descender non fisicamente, senón en calidade, prezo, intensidade, posto, dignidade...

Cando o descenso pasa de experimentarse no plano do desprazamento a ser na propia natureza de quen ou que vive a acción, estamos ante esta macroacepción. Deste modo, imos entrar nunha serie de significados adquiridos por relación metafórica coa noción primeira deste verbo.

<p>v.t. 13. Facer {alguén ou algo}<sup>a</sup> que {algo}<sup>b</sup> vaia {de máis}<sup>c</sup> {a menos}<sup>d</sup>.  <i>Vão surgindo outras formas de baixar os preços</i> (J42286).  <i>¿Como competir?; baixando os salarios, dandolle facilidades aos empresarios</i>          (3nt993).</p>	$Ax^a + Pac^b + Or^c + Dt^d$
<p>v.t. 13a. Cortar, reducir {alguén ou algo}<sup>a</sup> {a cantidade de algo}<sup>b</sup>.  <i>Neste momento a única resposta implicaría un esforço de todos os países para baixar a despesa pública para que os orçamentos continuassem equilibrados</i>          (J61693).</p>	$Ax^a + Pac^b$
<p>v.i. 13b. Cortar, reducir {alguén ou algo}<sup>a</sup> {a cantidade de algo}<sup>b</sup>.          OBS. Constrúese coas prep. <i>en</i> ou <i>de</i>.  <i>Defesa e a Justiça vão ter aumentos; em minha opinião, devia ser ao contrário, baixar na compra de armas e aviões militares</i> (J52744).</p>	$Ax^a + Amb^b$
<p>v.t. 14. Ir {algo}<sup>a</sup> {de máis}<sup>b</sup> {a menos}<sup>c</sup>.  <i>O número de mortes em praias fluviais também baixou, depois de ter havido seis e cinco mortes em 1998 e 1999</i> (J53040).</p>	$Ent^a + Or^b + Dt^b$
<p>v.i. 15. Diminuír {unha persoa ou cousa}<sup>a</sup> na súa cantidade, intensidade, prezo, valor, peso, etc.  <i>A taxa de desemprego baixou de Março para Fevereiro em todos os países da UE</i>          (J43893).  <i>No inverno baixa este febril movimento lúdico, cultural, relixioso</i> (PNR997).</p>	$Ax / Ent^a$
<p>v.i. 15a. Mudar {alguén ou algo}<sup>a</sup> {dun estado}<sup>b</sup> {a outro}<sup>c</sup>, carretando un descenso no valor.  <i>Passamos do creme ao crime com a mesma facilidade com que no futebol se baixa de bestial a besta</i> (J24511).</p>	$Ax / Ent^a + Or^b + Dt^c$

## Delimitación do significado verbal e dos seus esquemas semánticos

<p>v.i. 15b. Quedar {alguén}<sup>a</sup> situado {nun nivel máis baixo do que estaba}<sup>b</sup>.</p> <p><i>Manuel Tavares, que defende o título, ficou completamente fora da corrida, ao baixar à sexta posição, na sequência de diversas apostas «suicidas» (J43886). A única meta non era outra que a de non baixar á segunda rexional (PNR997).</i></p>	$Ax^a + Dt^b$
<p>v.t. 15c. Quedar {alguén}<sup>a</sup> situado {nun nivel máis baixo do que estaba}<sup>b</sup>.</p> <p><i>Na segunda volta, duas das três portuguesas pioraram os seus resultados, baixando três lugares na classificação colectiva e na individual (J26673).</i></p>	$Ax^a + Dt^b$
<p>v.t. 16. Obrigar {alguén ou algo}<sup>a</sup> {a alguén}<sup>b</sup> {a facer algo que baixa a súa dignidade}<sup>c</sup>.</p> <p><i>Ora, a Providência castigou o Aquiles lusitano, baixando-o a tragar na barra dos desvalidos a miséria do rei de Calecut (L0289).</i></p>	$Ax^a + Pac^b + Dt^c$
<p>v.p. 16a. Perder {alguén}<sup>ab</sup> a dignidade ou o orgullo {ó facer ou dicir algo}<sup>c</sup>. OBS. Constrúese coa prep. <i>a</i>.</p> <p><i>Sempre tén o sol nado na faciana e baixase a falar inda que sexa cun nenño (OPEMAO928). Ninguém se quis baixar a pedir-lhe (L0289).</i></p>	$Ax^a + Pac^b + Dt^c$

### V. Acción

Incluimos aquí unha serie de acepcións en que as accións se desenvolven en niveis de moi diversa natureza, mais teñen, dalgún modo, unha relación co sentido base ou prototípico deste verbo: realizar un movemento no eixe vertical.

<p>v.i. 17. Ter {algo ou alguén}<sup>a</sup> como límite {unha determinada referencia cuantitativa (cantidade, tempo...)}<sup>b</sup>.</p> <p><i>Unha viaxe ao Caribe non baixa de 200.000 pesetas en Agosto no mellor dos casos (3nt993). Temperaturas: Raramente baixam dos 20 graus (mesmo à noite) e poucas veces ultrapassam os 30 (J34546).</i></p>	$Ax / Ent^a + Or^b$
<p>v.i. 18. Pasar {alguén}<sup>a</sup> {dun tema ou aspecto dun tema}<sup>b</sup> {a outro relacionado}<sup>c</sup>.</p> <p><i>Continuavam várias proposições de fisiologia do trono, e, do caso genérico baixando ao particular, da tese à hipótese, principia a falar de si (L0016).</i></p>	$Ax^a + Or^b + Dt^c$
<p>v.t. 19. Estender {para abaixo}<sup>c</sup> {alguén}<sup>a</sup> {unha porción de tecido}<sup>b</sup> para alongar unha peza de roupa.</p> <p><i>Ainda lle baixou un bo anaco ó pantalón.</i></p>	$Ax^a + Pac^b + Dt^c$

**F7. Baixar (todos) os santos.** Blasfemar, dicir palabras mal soantes.

**Q1. A conto acabado, báixalle o can seu rabo.** Fórmula fixa usada para a conclusión de contos ou historias.

De contrastarmos os ES base de *baixar* cos marcados para *subir* veremos que o paralelismo que se recolle nas acepcións –comparten as mesmas macroacepcións– mantense en certo grao nas construcións, xa que hai coincidencias relevantes. Aparecen estruturas causativas convivindo con non causativas en ambos os dous casos; tamén é común o feito de estas, para cada verbo, rexeren os mesmos complementos locativos, é dicir, os locativos esixidos son os mesmos sexa a estrutura causativa ou non. E, por último, tanto para *subir* coma para *baixar*, o *traxecto* pode ser unha especificación esixible en acepcións concretas. Mais aquí paran os puntos comúns, xa que os locativos requiridos por cada un dos verbos son diferentes. Mentres *subir* se acompaña exclusivamente polo *destino*, *baixar* pode reclamar o *destino* e a *orixe* do desprazamento.

Ini + Mb + Or + Dt

Ini + Mb + Or

Mb + Or

Ini + Mb + Dt

Mb (+ Or) + Dt

Ou tamén ningunha destas dúas especificacións espaciais.

Ini + Mb

Mb

Xa fóra da noción de movemento, os ES recollidos son aínda máis plurais, tal e como pasaba con *subir*. Rexistramos esquemas causativos e non causativos, mais os complementos rexidos son diversos; alén de que o feito de requirir complementos ou non é variable. Deste modo, o argumento esixible pode ser o *destino* da acción (non locativo, senón referido ó estado ou punto final da acción), o punto orixinal da acción (fronte a *subir* que non presenta tal opción) ou ambos os dous.

Ax + Pac + Dt

Ax / Ent + Dt

Ax + Pac + Or + Dt

Ax / Ent + Or

Ax / Ent + Or + Dt

Finalmente, recollemos un último grupo onde se dilúe a importancia das referencias locativas, tanto sexa unha construción causativa coma non causativa.

Ax + Pac

Ax / Ent

Ax + Amb

No capítulo 4 (apartado 4.2.2.) veremos que é nas dimensións semánticas afastadas da idea de movemento onde este verbo se afasta claramente entre idiomas.

### 3.2.2. Dirección no eixe horizontal

Un movemento con desprazamento no eixe horizontal semanticamente esquematízase do seguinte modo:

orixe ----- > destino  
traxecto

Segundo en que punto do desprazamento se coloque o emisor, as unidades verbais centraranse nun deses locativos. É dicir, o emisor pode posicionarse de distinto modo na liña do movemento segundo o verbo escollido, creando perspectivas diferentes do mesmo proceso segundo a unidade léxica empregada. Nos seguintes apartados imos analizar semanticamente cada unha das opcións por separado.

#### 3.2.2.1. Verbos que focalizan o destino

O destino final do desprazamento é o locativo central nestas accións verbais, mais non quere dicir que sexa necesaria a súa explicitación en todos os casos. O locativo pode manter unha relación de inherencia coa acción, e entón non ser necesaria a súa concreción, ou non e, daquela, ser preciso indicar o destino da acción. Os verbos que se sitúan neste grupo (nós colocamos aquí *achegar*, *chegar*, *entrar*, *ir* e *traer*) presentan ambas as dúas posibilidades, normalmente condicionadas pola situación comunicativa ou pola información dada; é dicir, non é só o verbo o que determina a natureza do locativo e, polo tanto, a súa presenza ou elisión.

Á vez, dentro deste grupo de verbos establecemos outra división atendendo á transitividade das unidades de movemento con desprazamento no eixe horizontal focalizadores do destino. Este é un criterio sintáctico empregado na clasificación dos verbos de movemento (véxase cap. 1.), polo que nos serve para organizar agora a presentación destas unidades. Ademais, un dos obxectivos deste apartado é observar se esa oposición sintáctica ten repercusións na estrutura semántica, especialmente no que se refire á causatividade. Veremos que esta e a transitividade están estreitamente relacionadas. Deste modo, así como se establece unha escala na transitividade destes verbos, tamén se reflicte esa mesma escala na causatividade.

*Ir* e *entrar* son verbos intransitivos cos que a causatividade non é unha opción. *Chegar*, aínda dominando nel intransitividade, presenta construcións tamén transitivas, pero non en todas elas xorde unha construción causativa; polo tanto, a causatividade para *chegar* é unha opción minoritaria. Por outro lado están *achegar* e *traer*: verbos transitivos. *Traer* é fundamentalmente unha unidade causativa, pero a non causitividade é unha posibilidade. E, finalmente, *achegar* só se constrúe como un verbo transitivo e causativo. É dicir, segundo estes dous criterios establecemos cadansúa escala, cunha relación evidente aínda que non alcancen a equivalencia.

verbos [-transitivos]	verbos [+transitivos]
ir / entrar -----> chegar -----> chegar	achegar/traer
verbos [-causativos]	verbos [+causativos]
ir/entrar -----> chegar -----> traer -----> chegar	

### 3.2.2.1.1. Verbos intransitivos: ir

*Ir* e *vir* son dous verbos que focalizan unha mesma acción, mais dende perspectivas opostas, é dicir, configúranse como un par en tensión. Esta parella presenta algunhas singularidades dentro do conxunto dos verbos de movemento.

En primeiro lugar destaca a súa frecuencia de uso: son as formas máis empregadas, con ampla diferenza, no noso corpus (véxase Anexo III). Por outra banda, e relacionado co anterior, semanticamente son verbos que presentan, ambos os dous, as macroacepcións máis xenéricas do conxunto dos verbos de movemento con desprazamento: a indicación de desprazamento, dun movemento sen desprazamento, dunha localización, do estado dunha entidade ou da acción desenvolvida por algo ou alguén son os macrosentidos que máis se repiten neste traballo e todos eles se inclúen na información semántica destes dous verbos. Neste aspecto o abano de significados de *ir* é máis amplo có do seu oposto, xa que presenta todas as macroacepcións que delimitamos para os verbos de movemento con desprazamento e non só as citadas. Esta amplitude de sentidos evidencia que son verbos pouco marcados semanticamente, facilmente adaptables a diferentes contextos. Mostra disto son estruturas do tipo *a roupa vai seca* en que *ir*, describindo un estado, achega o seu funcionamento ó das unidades copulativas, ó haber unha perda de significado, de

entidade semántica. Pasa así a comportarse dun modo máis próximo a un simple nexos entre unha realidade e o seu estado en desenvolvemento. Debemos observar entón que estamos ante un cambio lingüístico en progreso: a transformación de *ir*, en determinados contextos, nun verbo de natureza copulativa. Escollemos a etiqueta copulativo, fronte a outras como semicopulativos ou semipredicativos, para definir aqueles contextos verbais en que o lexema non perde por completo o seu significado aínda que pasa a describir un estado de cousas, seguindo a Álvarez e Xove:

O verbo funciona como unha cópula ou elemento de unión entre o Sux. e as súas propiedades; carece de contido léxico pleno, pero pode ter significados aspectuais e modais. Fálase entón de verbos copulativos (ser, estar, parecer, quedar, ir, vir..., todos eles só nalgunhas acepcións) e de construcións copulativas ou atributivas, caracterizadas por levar un Atr. (ou predicado nominal) (Álvarez e Xove, 2002: 81).

Outra consecuencia da variación de acepcións é o feito de estes verbos poderen non só focalizar o destino da acción, senón outros locativos ou situacións do movemento con desprazamento. Esta é a razón pola que, ó clasificar os verbos de movemento con desprazamento, incluímos *ir* como unha unidade focalizadora ora do destino (*vou ó colexio mañá*) ora do traxecto, é dicir, o destino deixa de ser importante para a acción (*vou a 100 Km/h na autoestrada*). Ó longo deste apartado poderanse recoller situacións destas dúas caracterizacións, e aínda doutras.

### I. Movemento con desprazamento: *trasladarse*

Definimos *ir* como un verbo focalizador do destino ou, ó perder este interese, no traxecto do desprazamento. A situación máis habitual é a primeira, mais aínda aparece unha terceira opción: en estruturas pronominais a orixe do desprazamento conta cunha importancia preponderante no ES do verbo. Polo tanto, este lexema pode focalizar a acción nos tres puntos locativos do proceso.

<p>v.i. 1. Moverse {alguén ou algo}<sup>a</sup> {a un lugar}<sup>b</sup>, que pode non estar explicitado. OBS. Cando o que se despraza é un vehículo, é frecuente que o suxeito sexa a persoa que o conduce.</p> <p><i>Onten foi também à praia, já com a fígada de encontrar a dita cuja</i> (122P103).</p> <p><i>Despois, este barco foi para África</i> (PEAHOM004).</p>	<p>Mb<sup>a</sup> + Dt<sup>b</sup></p>
---	--

Delimitación do significado verbal e dos seus esquemas semánticos

<p>v.i. 1a. Moverse {alguén ou algo}<sup>a</sup> {a un lugar}<sup>b</sup>. OBS. Constrúese coa prep. <i>en</i>.</p> <p><i>García Miranda iba en Madrí; cecais chegaría hoxe, cecais mañá</i> (RISMIT934).</p> <p><i>O meu pai é guarda-fios, lá, vai lá nos telefones, por acaso é um trabalho bastante árduo</i> (134P105).</p>	<p>Mb<sup>a</sup> + Dt<sup>b</sup></p>
<p>v.i. 1b. Moverse {alguén ou algo}<sup>a</sup> {a un lugar}<sup>b</sup> {cunha finalidade determinada}<sup>c</sup>. OBS. Constrúese coa construción [a/para + inf].</p> <p><i>A non haber que vistir tíñamos qu' ir á beira do río a buscar trapiños</i> (PSATDI987).</p> <p><i>Não, eu virei-lhe as costas porque fui à prateleira buscar mais uma camisola para o senhor ver!</i> (885P218).</p>	<p>Mb<sup>a</sup> + Dt<sup>b</sup> + Fin<sup>c</sup></p>
<p>v.i. 1c. Moverse {alguén ou algo}<sup>a</sup> {a un lugar}<sup>b</sup> {para buscar ou catar algo}<sup>c</sup>. OBS. Constrúese coa prep. (<i>a</i>) <i>por</i>.</p> <p><i>Vaime polo chaleco que quero fumare</i> (REGTD989).</p> <p><i>Bigoudis vão pelo correio</i> (L0288).</p>	<p>Mb<sup>a</sup> + Dt<sup>b</sup> + Fin<sup>c</sup></p>
<p>v.i. 1d. Moverse {alguén ou algo}<sup>a</sup> {a un lugar}<sup>b</sup> {para buscar ou catar algo}<sup>c</sup>. OBS. Constrúese coas prep. <i>a</i> ou <i>en</i>.</p> <p><i>E aínda tenho de ir à erva, tenho de ir aos coelhos</i> (75P088).</p> <p><i>Tanto fun na tarrafa, como ós percebes ou ás algas</i> (PEAPES001).</p>	<p>Mb<sup>a</sup> + Dt<sup>b</sup> + Fin<sup>c</sup></p>
<p>v.i. 1e. Moverse {alguén ou algo}<sup>a</sup> {a un lugar}<sup>b</sup> para roubar. OBS. Constrúese coas prep. <i>a</i> ou <i>en</i>.</p> <p><i>Era un cura e tiña un sacristán que lle iba á caixa das ánimas e mais iballe tamén ó viño</i> (COUTDI976).</p> <p><i>Se o PS lhes for ao bolso, perderá as eleições</i> (J52743).</p>	<p>Mb<sup>a</sup> + Dt<sup>b</sup></p>
<p>v.i. 1f. Moverse {alguén ou algo}<sup>a</sup> {a un lugar}<sup>b</sup> {levando algo}<sup>c</sup>. OBS. Constrúese coa prep. <i>con</i>.</p> <p><i>Iba cunhas... cunha... [c]un saco de zocas pa vendélas</i> (REGTD989).</p> <p><i>A sexta-feira de manhã, aí vou eu com os sapatos para a sapataria</i> (1261P282).</p>	<p>Mb<sup>a</sup> + Dt<sup>b</sup> + Md<sup>c</sup></p>
<p>v.i. 1g. Moverse {alguén ou algo}<sup>a</sup> {a un lugar}<sup>b</sup> {vestindo ou indo amañado dun certo xeito}<sup>c</sup>.</p> <p><i>Axúntanse de muitas partes homes, mulleres e nenos, todos van esfarrapados non van ricos, nin van cregos</i> (PINGAI853).</p> <p><i>-Querem um conselho? Vão fazer as provas em Setembro. E não vão nada vestidos de preto</i> (J52607).</p>	<p>Mb<sup>a</sup> + Dt<sup>b</sup> + Md<sup>c</sup></p>
<p>v.i. 2. Moverse {alguén ou algo}<sup>a</sup> {nun medio de transporte}<sup>b</sup> cun sentido determinado, pero sen especificar o destino. OBS. Nestes contextos pode opoñerse a <i>andar</i>, pero non cando se especifica o destino do desprazamento.</p> <p><i>Quando vou de carro, tento cumprir o Código de Estrada</i> (J42290).</p> <p><i>Tiñan unha egua; ¡ai, Dios mío, nunca dacabalo fora!</i> (REGTD989).</p>	<p>Mb<sup>a</sup> + Md<sup>b</sup></p>



Delimitación do significado verbal e dos seus esquemas semánticos

<p>v.p. 3. Moverse {alguén ou algo}<sup>a</sup> {ata alguén ou algo}<sup>b</sup>, habitualmente, para atacalo. OBS. Constrúese coa prep. <i>a</i> ou a loc. prep. <i>enriba de</i>.</p> <p><i>Pos foise ó rapaz, tirouno no suelo e matab'ó rapaz</i> (LCAFAL990).</p> <p><i>Se me vou a ele sou preso, como da outra vez com o da Corte!</i> (L0095).</p>	<p>Mb<sup>a</sup> + Dt<sup>b</sup></p>
<p>v.i. 4. Aproximarse {alguén ou algo}<sup>a</sup> {a un lugar}<sup>b</sup>.</p> <p><i>Marchou o Juanito de cara ó inferno e cuando o demo o viu ir, díxolle: -Hola, Juanito.</i> (PRICON958).</p>	<p>Mb<sup>a</sup> + Dt<sup>b</sup></p>
<p>v.i. 5. Desprazarse {alguén}<sup>a</sup> para estar ou facer {con alguén, nun acto ou nun lugar}<sup>b</sup> algo determinado e propio desa persoa, acto ou lugar.</p> <p><i>As propinas centrais são aplicadas no apoio à deslocação e estadia de médicos que realmente vão a congressos científicos</i> (J52757).</p> <p><i>¿Ti cuidas que eu non vou á escola nin traballo?</i> (NEIHIS968).</p>	<p>Mb<sup>a</sup> + Dt<sup>b</sup></p>
<p>v.i. 5a. Desprazarse {alguén}<sup>a</sup> {para facer algo}<sup>b</sup>, pero sen que sexa nun espazo concreto.</p> <p><i>N'aldea atendía os seus intereses e iba algunha ves de caza</i> (VALMAX880).</p> <p><i>Depois desta vida do arrastro fíu para o bacalhau para livrar à tropa</i> (149P109).</p>	<p>Mb<sup>a</sup> + Dt<sup>b</sup></p>
<p>v.i. 5b. Desprazarse {alguén}<sup>a</sup> para estar ou facer {con alguén, nun acto ou nun lugar}<sup>b</sup> algo determinado e propio desa persoa, acto ou lugar. OBS. Constrúese coa prep. <i>en</i>.</p> <p><i>O tabarneiro vai na cama, A tabarneira a mallar</i> (LFRNIN905).</p>	<p>Mb<sup>a</sup> + Dt<sup>b</sup></p>
<p>v.i. 5c. Desprazarse {alguén}<sup>a</sup> para estar ou facer {con alguén, nun acto ou nun lugar}<sup>b</sup> algo determinado e propio desa persoa, acto ou lugar, especificando {o que se vai buscar}<sup>c</sup>. OBS. Constrúese coa prep. <i>por</i>.</p> <p><i>Ir ó médico por unha receita.</i></p>	<p>Mb<sup>a</sup> + Dt<sup>b</sup> + Fin<sup>c</sup></p>
<p>v.i. 5d. Desprazarse {alguén}<sup>a</sup> {con algo ou alguén}<sup>c</sup> para estar ou facer {con alguén, nun acto ou nun lugar}<sup>b</sup> algo determinado e propio desa persoa, acto ou lugar. OBS. Constrúese coa prep. <i>con</i>.</p> <p><i>Pero, ó fin, un día morreo de verdade, e cando iban con el pró cementerio a muller choraba moito por il</i> (CEFLUG963).</p>	<p>Mb<sup>a</sup> + Dt<sup>b</sup> + Md<sup>c</sup></p>
<p>v.i. 5e. Desprazarse {alguén}<sup>a</sup>, {vestindo ou cun aspecto determinado}<sup>c</sup>, para estar ou facer {con alguén, nun acto ou nun lugar}<sup>b</sup> algo determinado e propio desa persoa, acto ou lugar.</p> <p><i>Foi á voda de vaqueiros.</i></p>	<p>Mb<sup>a</sup> + Dt<sup>b</sup> + Md<sup>c</sup></p>
<p>v.p. 6. Abandonar {alguén ou algo}<sup>a</sup> {o lugar onde está}<sup>b</sup>. OBS. Pódese especificar {o lugar de destino}<sup>c</sup>.</p> <p><i>Vámonos indo para a nosa casa vámonos indo que é noite rapaza</i> (PINGAI850).</p> <p><i>Ficou tudo abandonado, não é, as pessoas forma saindo, foi-se tudo</i> (1333P294).</p>	<p>Mb<sup>a</sup> + Or<sup>b</sup> + Dt<sup>c</sup></p>
<p>v.i. 6a. Abandonar {alguén ou algo}<sup>a</sup> {o lugar onde está}<sup>b</sup>. OBS. Pódese especificar {o lugar de destino}<sup>c</sup>.</p> <p><i>I en abril, abreme as portas e deixame ir</i> (LENETN938).</p>	<p>Mb<sup>a</sup> + Or<sup>b</sup> + Dt<sup>c</sup></p>

F1. **Ir ó rechán.** Rodear unha pendente para subir máis cómodo.

F2. **Ir ó fondo / Ir ao fondo.** Afundir.

F2a. **Ir a pique.** Afundir.

F3. **Ir á ronsa.** Avanzar arrastrando a áncora.

F4. **Ir tras** ou **detrás de / Ir atrás** ou **detrás de.** 1. Perseguir. 2. Seguir.

F4a. **Ir à** ou **para a cama com.** Tolerar, potenciar ese alguén ou algo.

F5. **¿A onde vas, vai, van... (con...)?** Expresión con que se indica que algo que unha persoa leva ou fai se considera esaxerado ou inadecuado.

F6. **Ir ás mans / Ir à mão.** Pelexar.

F6a. **Ir a / Ir a [persoa].** 1. Pegarlle a alguén. 2. Pedir a axuda de alguén.

F6b. **Ir a, ó, en pelo / Ir ao pêlo.** 1. Pegar, bater en alguén. 2. Cabalgar sen cadeira. 3. Cadrarlle ben algo a alguén.

F7. **Ir para o outro mundo / Ir ao outro mundo.** Morrer.

## II. Movemento sen desprazamento

Nas dúas seguintes acepcións o movemento non carrega un desprazamento. Aínda sendo así, o ES que presentan é compartido por outros sentidos que inclúen este sema.

<p>v.p. 7. Saír {un líquido ou un gas}<sup>a</sup> {do recipiente que o contén}<sup>b</sup> {para outro lugar}<sup>c</sup>.</p> <p><i>A xeito de fermosura fofa, ou de pantasma de fume que se vai das maus ó cobizar tocá-la (LAMGAL887).</i></p>	<p><math>Mb^a + Or^b + Dt^c</math></p>
<p>v.i. 8. Non poder agarrar ou controlar {algunha cousa}<sup>a</sup>, polo que pasa {dun lugar}<sup>b</sup> {a outro}<sup>c</sup>.</p> <p><i>O cabo fôisenos á hélice e sucedíanse os gholpes de mar (PEAPES001).</i></p> <p><i>Dando-lhe um forte impulso e soltando-o das mãos, deixou-o ir à mercê da força transmitida (L0016).</i></p>	<p><math>Mb^a + Or^b + Dt^c</math></p>

F8. **Ir(selle) da(s) man(s) / Ir das mãos de.** 1. Non controlar algo. 2. Ser guiado, ser dirixido por algo ou alguén

### III. Localización

A maioría dos verbos deste traballo poden indicar a localización, normalmente delimitando os dous puntos extremos polo que se desenvolve, dunha determinada realidade. No caso de *ir*, demarca a extensión ou a localización precisa de algo.

<p>v.i. 9. Conducir, levar {unha vía, río, etc.}<sup>a</sup> unha dirección, desenvolverse {dende un lugar}<sup>b</sup> {ata outro}<sup>c</sup>.</p> <p><i>De sutaque, atopeime nunha rúa moi longa que non coñecía; debía ir ó porto, porque era en costña (FOLLUS953).</i></p> <p><i>Quando assim sucede, os efluentes vão directamente para as águas do rio (J42190).</i></p>	<p>Ent<sup>a</sup> + Or<sup>b</sup> + Dt<sup>c</sup></p>
<p>v.i. 10. Ocupar un espazo, estenderse {algo}<sup>a</sup> {dun lugar}<sup>b</sup> {a outro}<sup>b</sup> tanto no espazo coma no tempo.</p> <p><i>O ascenso que se promete vai desde ser repartidor até ser accionista (3nt993).</i></p> <p><i>As multas por infringir a lei da publicidade vão desde os 750 escudos até aos 750 contos (J52728).</i></p>	<p>Ent<sup>a</sup> + Or<sup>b</sup> + Dt<sup>c</sup></p>
<p>v.i. 10a. Estar situado {algo}<sup>a</sup> {nun lugar concreto}<sup>b</sup>.</p> <p><i>Pois o muíño compónse da mesa, que vai debaixo da auga (LCAFAL990).</i></p> <p><i>Este artigo de «Política Brasileira» deve ir também, e, se possível, no lugar de honra (L0290).</i></p>	<p>Ent<sup>a</sup> + Loc<sup>b</sup></p>
<p>v.i. 10b. Encontrarse {algo}<sup>a</sup> {dentro dun contedor}<sup>b</sup>.</p> <p><i>Pero como xa estaba escarmentado, mirou se iba algún papel drento da cesta (PRICON958).</i></p> <p><i>Mas, felizmente, ele se refere à bolsa onde vão as toalhas, chapéus, filtro solar, jornais e demais utensílios (J52570).</i></p>	<p>Ent<sup>a</sup> + Loc<sup>b</sup></p>
<p>v.i. 11. Existir {diferenza de forma, cantidade, etc.}<sup>a</sup> {dende algo}<sup>b</sup> {a outra realidade}<sup>c</sup>.</p> <p><i>¡Noso valor sereo e silenzoso de almas de lume e corazóns de aceiro porá de mostra, diante desas xentes, o que vai de un ladrón a un cabaleiro! (CABMAR926).</i></p> <p><i>Mas daí a ser a minha cabeça um ovo sem nada lá dentro vai uma certa distância (L0416).</i></p>	<p>Ent<sup>a</sup> + Or<sup>b</sup> + Dt<sup>c</sup></p>

### IV. Mudanza de estado

Múdase de localización mais non física, senón no estado ou situación dunha determina realidade.

Delimitación do significado verbal e dos seus esquemas semánticos

<p>v.i. 12. Transcorrer {certo tempo}<sup>a</sup> para ir chegando {a un novo prazo}<sup>b</sup>.</p> <p><i>Estivo con miña sogra, que foi Dios servido de a levar fai seis meses, vai pra sete (BOADIA823).</i></p> <p><i>Dois terços da presidência portuguesa já lá vão (J43924).</i></p>	Ent <sup>a</sup> + Dt <sup>b</sup>
<p>v.i. 13. Evolucionar ou desenvolverse {alguén ou algo}<sup>a</sup> para chegar {a un certo estado}<sup>b</sup>, en sentido nocional, non físico.</p> <p><i>Berremos «erguete e anda» e con vida e curazón ide á rexeneración como van os cataláns... (3nt993).</i></p> <p><i>João Salgueiro disse alto o que quase todos pensam baixo: para onde vamos se continuarmos assim [lendo cada vez menos]? (J43558).</i></p>	Ax / Ent <sup>a</sup> + Dt <sup>b</sup>
<p>v.i. 13a. Desenvolverse {algo ou alguén}<sup>a</sup> e non chegar {a un determinado resultado}<sup>b</sup>.</p> <p><i>Empezou o vento a ir a máis, a máis, a máis... (PEAHOM004).</i></p> <p><i>Muitas vezes, não vão tão longe como os relatórios do Grupo de Missão aconselhavam (J39068).</i></p>	Ax / Ent <sup>a</sup> + Dt <sup>b</sup>
<p>v.i. 13b. Ocupar {alguén ou algo}<sup>a</sup> {un cargo, un posto de traballo}<sup>b</sup>.</p> <p><i>Eu fun para á... á compañía del, onde 'staba el de teniente (REGTD989).</i></p> <p><i>Há muita malta que se recusa a ir para a direcção; não quer naquelas condições (1230P272).</i></p>	Ax / Ent <sup>a</sup> + Dt <sup>b</sup>
<p>v.i. 13c. Recibir, gozar {de algo}<sup>a</sup> {alguén ou algo}<sup>b</sup>.</p> <p><i>266.000 millóns irán para apoio ás actividades económicas (3nt993).</i></p> <p><i>Só para a segurança social e para as autarquías, cumprindo a lei, vão no mínimo cem milhões de contos (J35284).</i></p>	Ax / Ent <sup>a</sup> + Dt <sup>b</sup>
<p>v.p. ou v.i. 14. Deixar de existir ou de estar presente {algo}<sup>a</sup> {nun lugar}<sup>b</sup> pasando {a un novo estado de inexistencia}<sup>c</sup>.</p> <p><i>Tiña moita xiada, xiu e despoih nevou, encima, e non s' iba a neve (REGTD989).</i></p> <p><i>O espírito comunitário foi-se, mas têm os seus telemóveis (J53109).</i></p> <p><i>¿Ónde van o'seus bríos doutros tempos? (IGLFON882).</i></p>	Ax / Ent <sup>a</sup> + Or <sup>b</sup> + Dt <sup>c</sup>
<p>v.p. 14a. Morrer {alguén ou algo}<sup>a</sup>, abandonar {a vida}<sup>b</sup> para pasar {a outro estado}<sup>c</sup>.</p> <p><i>IRMAN 3ª ¡E vaste sen dares aviso da tía morte! (CASVEL953).</i></p> <p><i>Desde que a outra defunta se foi, é a primeira vez que isto me passa pela cabeça (L0289).</i></p>	Ax / Ent <sup>a</sup> + Or <sup>b</sup> + Dt <sup>c</sup>

F9. **Ir camiño de / Ir a caminho de.** Estar para realizarse ou para realizar algo.

F10. **Ir ó seu.** Recuperar algo ou alguén o seu estado normal ou natural.

F10a. **Ir polo seu sitio.** Recuperar algo ou alguén o seu estado normal ou natural.

F11. **¡Onde vai que...!** Expresión que indica o moito tempo que hai dende que se deu algo.

F12. **Ir polo río abaixo / Ir pelo río abaixo / Ir por água abaixo.**  
Botarse a perder algo, non realizarse, non cumprirse.

F12a. **Ir para a rúa / Ir para a rua.** Ser expulsado dun posto, dun local, dunha actividade...

F12b. **Ir pelo ar.** Explotar algo, destruírse, deixar de ser válido.

F13. **Ir adiante / Ir avante ou por diante.** Realizarse, cumprirse algo.

## V. Estado

É unha macroacepción parella de ‘mudanza do estado’, só que neste caso a evolución xa concluíu e preséntase o resultado final, o estado alcanzado.

Un caso especial é a acepción 14, onde, en construcións do tipo *as patacas van a 3 euros*, *ir* indica cantidades. Con outros verbos de movemento este sentido considérase dunha forma illada, porque é difícil relacionalo con outros significados. No caso de *ir*, podemos englobala con outras especificacións de estado sen crear distorsións.

<p>v.i. 15. Desenvolverse {alguén ou algo}<sup>a</sup>, funcionar e chegar {a un determinado resultado}<sup>b</sup>. <i>Pete Sampras e Richard Krajicek vão mais adiantados e já têm encontro marcado nos "quartos"</i> (J52957). <i>Ó qu'ê manso vai lle ben</i> (LPXCON928). <i>–Nosoutros vamosch' acabados, porque che traballamos moito</i> (REGTD989). <i>–Santo bendito, ¿non ves que vou prá ruína?</i> (CEFLUG963).</p>	Ax / Ent <sup>a</sup> + Dt <sup>b</sup>
<p>v.i. 16. Ser, ter {alguén ou algo}<sup>a</sup> {o carácter que se indica, presentar un rol}<sup>b</sup>. OBS. Seguido de certas expresións de modo. <i>Todo ese tesouro que vai de regalo ó Papa éche o furto da protervia</i> (CURDIV888). <i>Olhe, NP, você, eu quero que você vá de cozinheiro no nosso [barco]</i> (1146P263).</p>	Ax / Ent <sup>a</sup> + Md <sup>b</sup>
<p>v.i. 16a. Estar ou levar {alguén ou algo}<sup>a</sup> {algo}<sup>b</sup> na súa propia formación. OBS. Seguido de certas expresións que indica os ingredientes ou formantes. <i>O botelo é o bandullo do porco, atado e cheo de costelas; vai con moito pimento picante</i> (FOLLUS953).</p>	Ax / Ent <sup>a</sup> + Md <sup>b</sup>
<p>v.i. 16b. Tratar {alguén ou algo}<sup>a</sup> {sobre algo}<sup>b</sup>. OBS. Constrúese coas prep. <i>sobre, a, de</i> ou <i>con</i>. <i>Tratábase dunha denuncia, que eles mesmos confesaron, non sabían de qué ía</i> (PNR997). <i>Aqui só tenho livros clássicos ou periódicos, que não vão com nevralgias</i> (L0288).</p>	Ax / Ent <sup>a</sup> + Md <sup>b</sup>
<p>v.i. 16c. Serlle {alguén ou algo}<sup>a</sup> {propio a alguén ou algo}<sup>b</sup>. <i>Non vai del a tranquilidade.</i></p>	Ax / Ent <sup>a</sup> + Md <sup>b</sup>

Delimitación do significado verbal e dos seus esquemas semánticos

<p>v.i. 16d. Dependur {algo}<sup>a</sup> {daquilo que se indica}<sup>b</sup>. OBS. Constrúese coa prep. <i>en</i>. <i>É un segredo: un segredo no que vai a miña vida; por Deus non denuncies</i> (PNR997).</p>	<p>Ent<sup>a</sup> + Md<sup>b</sup></p>
<p>v.i. 17. Combinar, ser ou non axeitado {dun modo}<sup>b</sup> {alguén ou algo}<sup>a</sup> {con algo}<sup>c</sup>. <i>Soupo siquera erguer obras sólidas e fortes que fan ben co espírito utilitario, rexo e teimoso que informaba os aitos todos da administración do Imperio</i> (CUEPRO962). <i>Claro que há que referir os pães, de várias espécies, e que bem vão com a petisqueira</i> (J52534).</p>	<p>Ax / Ent<sup>a</sup> + Md<sup>b</sup> (+ Ref)<sup>c</sup></p>
<p>v.i. 18. Alcanzar {alguén ou algo}<sup>a</sup> {un punto, número, lugar, estado, idade, etc., nunha actividade, proceso, etc.}<sup>b</sup>, que aínda non terminou. <i>Vamos no nosso vigésimo oitavo día de chuva!</i> (J44027). <i>O señor Arnoton c'os seus grandes anteollos d'aceiro encabalados na nariz, esclulca por onde vai no seu devocionario</i> (LAMGAL887).</p>	<p>Ax / Ent<sup>a</sup> + Md<sup>b</sup></p>
<p>v.i. 19. Ir en sentido non propiamente físico {alguén ou algo}<sup>a</sup> {con alguén, ó seu favor ou en contra}<sup>b</sup>. <i>E así era a vida, e aghora hai qu' ir cos mundos</i> (OCHGRO994). <i>X: Porque anda ai de chapéu, quando nós tamos... basta ir contra os cânones tradicionais para uma pessoa andar a dar nas vistas</i> (763P183).</p>	<p>Ax / Ent<sup>a</sup> + Md<sup>b</sup></p>
<p>v.i. 20. Haber {a circunstancia climática que se expresa}<sup>a</sup>. <i>Fica a Toilette, impasse onde vai unha calor de bafo de besta.</i> (RISMIT934) <i>Fecha os olhos patinha, fecha os olhos, i que lá vai uma grande chuva, olha a saraiva</i> (L0216).</p>	<p>Ent<sup>a</sup></p>

F14. **Ir no mesmo carro.** Ter o mesmo posicionamento, interese, etc.

F15. **Ir algo da man de / Ir da mão de.** Vir algo xunto doutra situación, ser causado ou simultáneo a algo.

F16. **¿Como lle vai? / Como lhe vai?** Fórmula de cortesía con que se lle pregunta a alguén pola súa saúde, traballo, etc.

F16a. **Ir lle mal.** Pórse mal, enfermo.

F16b. **Ir indo / Ir indo.** 1. Desenvolverse dun modo aceptable. 2. Ser convencido, ceder.

F17. **Ir por bo camiño / Ir por bom caminho.** Desenvolverse ben algo ou alguén.

F18. **Ir para o ar.** 1. Ser reproducido a través dun medio audiovisual. 2. Chegar, alcanzar o éxito.

F19. **Ir en voltas.** Acabar unha persoa de mala maneira, ter un mal fin.

F20. **Irse por un ou pronome.** Mexarse ou cagarse enriba.

F21. **Vai, vén.** Pasar o tempo dun modo.

**VI. Acción**

Unha vez que o desprazamento non se realiza no plano físico e carreta unha actividade ou acción específica estamos nesta macroacepción.

<p>v.i. 21. Usar, tomar, consultar {alguén ou algo}<sup>a</sup> {outro algo ou alguén}<sup>b</sup>.</p> <p><i>Inda no outro día vinha lá un artigo com uma coisa que eu até tive para ir ao dicionário para ver o que era (479P149).</i></p> <p><i>Tod'o qu'estou decindo, vaise ó libro de Guinness e eso aparece todo alí (OCHGRO994).</i></p>	<p>Ax / Ent<sup>a</sup> + Dt<sup>b</sup></p>
<p>v.i. 22. Tratar, falar {alguén ou algo}<sup>a</sup> {dun asunto}<sup>b</sup>.</p> <p><i>Pero vou ó caso dos zapatos, do... cando eu empecei a gastar zapatos (REGTD989).</i></p> <p><i>Mas vamos ao que realmente interessa, ou seja, falemos de moda (J59806).</i></p>	<p>Ax / Ent<sup>a</sup> + Dt<sup>b</sup></p>
<p>v.i. 22a. Desenvolverse {alguén ou algo}<sup>a</sup> {nunha acción que coñecemos cal é polo contexto}<sup>b</sup>.</p> <p><i>Os treinadores abdicam e os jogadores vão na onda dos dólares e da fava rica (J26699).</i></p> <p><i>Iremos [confesando] por castes (LAMGAL887).</i></p>	<p>Ax / Ent<sup>a</sup> + Md<sup>b</sup></p>
<p>v.i. 23. Traballar {alguén ou algo}<sup>a</sup> {nunhas condicións determinadas}<sup>b</sup>.</p> <p><i>Como fogoneiro cobrava quiñón e medio, pois sempre íamos á parte (PEAPES001).</i></p>	<p>Ax / Ent<sup>a</sup> + Md<sup>b</sup></p>
<p>v.i. 24. Guiarse {alguén ou algo}<sup>a</sup> {por algo ou alguén}<sup>b</sup>. OBS. Constrúese coa prep. <i>por</i>.</p> <p><i>Hai que partir dende a escola, e hai que ir pola escola e hai que ir polos maiores (FPRENT990).</i></p>	<p>Ax / Ent<sup>a</sup> + Md<sup>b</sup></p>
<p>v.i. 25. Financiar {alguén}<sup>a</sup> algo {dun modo}<sup>b</sup>.</p> <p><i>Fomos entre os dous, que nos costou caro (LCAFAL990).</i></p>	<p>Ax<sup>a</sup> + Md<sup>b</sup></p>
<p>v.i. 26. Ser {algo ou alguén}<sup>a</sup> do agrado {de outro alguén}<sup>b</sup>.</p> <p><i>A sardiña non me iba e comía máis no bonito (PEAPES001).</i></p>	<p>Ax / Ent<sup>a</sup> + Benef<sup>b</sup></p>
<p>v.i. 26a. Referirse ou afectar {alguén ou algo}<sup>a</sup> {a alguén}<sup>b</sup>. OBS. Constrúese coas prep. <i>por</i> ou <i>con</i>.</p> <p><i>Conclusão: neuroses não vão com proletariado (J53071).</i></p> <p><i>S'eso que di vai comigo, mente (CURDIV888).</i></p>	<p>Ax / Ent<sup>a</sup> + Benef<sup>b</sup></p>

Delimitación do significado verbal e dos seus esquemas semánticos

<p>v.i. 27. Presentarlle, darlle {alguén ou algo}<sup>a</sup> {a alguén}<sup>b</sup> retando a ese outro.</p> <p><i>Eí che vai o desafío/ nena do pano marelo (CCGCT1998).</i></p> <p><i>Pois bem, neste Verão quente e sufocante, aí vão mais umas achas para a fogueira da estação mais parva do ano (J42400).</i></p>	<p>Ax / Ent<sup>a</sup> + Benef<sup>b</sup></p>
<p>v.i. 28. Corresponderlle {a alguén ou algo}<sup>a</sup> tomar parte no xogo, facer unha xogada, xogar dun modo.</p> <p><i>Aí vai ese seis de bastos (LPXCON928).</i></p>	<p>Ax / Ent<sup>a</sup></p>

F22. **Ir con** ou **contra de / Ir com** ou **contra de**. Pensar, actuar da maneira que se expresa.

F22a. **Ir a prol de / Ir em prol de**. Apoiar.

F23. **Ir ó seu**. Preocuparse unicamente polos asuntos propios.

F23a. **Ir á súa vida / Ir à sua vida**. Preocuparse unicamente polos asuntos propios.

F23b. **Nin lle vai (van...) nin lle vén (veñen...) / Nem lhe vai nem lhe vem**. Non importar.

F23c. **Nin vou nin veño / Nem vou nem venho**. Non importarlle algo a alguén.

F24. **Ir a por todas / Ir a todas**. Esforzarse para conseguir algo ou alguén.

F25. **Ir ó gran de / Ir ao grão de**. Tratar un asunto directamente.

F25a. **Ir ó caso / Ir ao caso**. Tratar un asunto directamente.

F26. **Ir por diante**. Facer que quede claro algo.

F27. **Ir por**. Expresión que se emprega para brindar por algo.

F28. **Por onde van os tiros / Por onde vão os tiros**. A que se refire un asunto ou dito.

F29. **Ir à praça**. Comezar a desenvolverse ou a considerarse algo.

F30. **Ir aos ouvidos de**. Pasar ó coñecemento de alguén.

F31. **Irse da lingua**. Dicar o que non se debe.

F32. **Írselle a man**. Excederse.

F33. **Deixarse ir / Deixar-se ir**. Abandonarse, desleixarse.



F34. **Vai non vai / Vai não vai.** Non decidirse a facer algo.

**VII. Relación**

Un número considerable de verbos de movemento poden ser usados para indicar o mantemento dunha relación, especialmente, amorosa ou doutra natureza entre individuos ou realidades.

<p>v.i. 29. Namorar {alguén}<sup>a</sup>, manter unha relación {con alguén}<sup>b</sup>.                  OBS. Constrúese coa prep. <i>con</i>.  <i>Eu tuven unha mosa que fun, fun con ela sete, sete meses e medio</i> (FRETOC993).  <i>Tantos que a gente conhece já também foram amantes dessa velha? Ir com essa velha até faz bem à saúde</i> (L0342).</p>	<p>Ax<sup>a</sup> + Benef<sup>b</sup></p>
--	---

**P1. Ir + inf. A. Temporal perfectiva.** *E eu no ... mira onde o fun aprender* (REGTD989). *Eu tinha ido prender o cão e quando voltei dei com ela assim* (J43684). **B. Modal, ter a intención de.** *Imos chamar por el a ver que nos di* (MEFARR991). *Vais ver o "Big Brother"?* (J42502). **C. Temporal de posteridade prospectiva.** *E dixo el: -¡Me cagho en Dios!, ¡que vai chover!* (FRETOC993). *Tu vais reconciliar as pessoas com a ideia que têm da dança* (J39015).

**P2. Ir + xer. Aspectual durativa.** *Enfermedá, fame e frío, É da miña vida o fio Vai-se adelgazando moito* (AONPOE878). *Mas nada disso impediu que o filme fosse tomando conta de mim* (J44089).

**P3. Ir + part. Aspectual, resultativa.** *Alí vai dito sen voltas, ao meu xeito, todo o que hai que dicir pra rematar* (DIEFIE, 958). *Através deste programa pretendia-se que o trabalho com base na erradicação da doença fosse simplificado* (J42138).

**P4. Ir (e) + verbo en forma persoal.** Aspectual, de colocación demarcativa. OBS. É unha perífrase característica da lingua falada en rexistro coloquial. Normalmente, a acción refírese a un acto de fala e o auxiliar adoita ser o primeiro elemento da oración. *Vén el, tiñao pola canaveira, vén el e tronzame a canaveira; voume eu e ¡pum! arrancome, pegholle, o demo me trague* (COUTDI976). *Viam só o que lá estava. Oh, bom que é ver só o que lá está! Mas vão os professores e corrompem* (L0075).

**Q1. Vaia.** Expresión que se emprega para aceptar unha oferta ou suxestión.

**Q1a. Vaia que.** Expresión que se usa para introducir un resumo.

Q1b. **Vaia** [+substantivo]. Expresión que se usa para indicar as calidades negativas ou positivas en grao extremo de algo ou alguén.

Q1c. **Vaia se** [+ acción]. Expresións que se usa para afirmar a veracidade de algo.

Q1d. **Vaia por Dios, polas ánimas / Vá por Deus**. Expresión coa que se indica sorpresa ou decepción.

Q1e. **Ir co demo / Ir co diabo**. Expresión coa que se conclúe unha argumentación afirmando o desinterese por algo ou alguén.

Q1f. **Alá vai**. Expresión que indica que algo desapareceu ou rompeu.

Q1g. **Vai por aí, para o nabo**. Expresión que marca como non crible ou carente de interese o dito por outro.

Q1h. **Vaiche boa**. 1. Expresión con que se indica que algo ocorreu xa hai tempo, aínda que a persoa á que se dirixe o recorde agora. 2. Expresión que indica que hai moita diferenza entre dúas cousas ou entre o que se di e o que é, e que non se teñen esperanzas de que algo suceda. 3. Expresión retranqueira sobre o desenvolvemento dunha realidade ou acción.

Q1i. **Vaia / Vai**. Expresión que indica sorpresa negativa, ofensa polo oído.

Q2. **Vamos / Vamos, vá**. 1. Retrouso retranqueiro sobre a credibilidade de algo ou alguén. 2. Expresión para animar ou meter présa. 3. Expresión que se usa para introducir un resumo ou idea final.

Q2a. **Vamos a ver**. Expresión con que se chama a atención do receptor sobre o discurso que se vai iniciar.

Q2b. **Vai ti saber**. Expresión con que se afirma que algo é difícil de saber ou con que se comeza para formular unha hipótese.

Q3. **Vá, vamos lá**. 1. Expresión coa que se introduce unha petición, súplica ou ánimo á acción. 2. Expresión coa que se introduce unha explicación.

Q4. **Va, vai, vaia... (a) que / Vá que**. Expresión usada para introducir unha aposta.

As estruturas semánticas de *ir* reducímolos a tres, todas elas non causativas. A non causatividade é o habitual nos verbos intransitivos mais necesariamente non ten que ser a norma; outros verbos da mesma natureza, como *chegar*, presentan construción causativa nalgúns acepcións a pesar de a intransitividade funcionar como a norma. Continuando co establecemento dos esquemas base, destacamos como o máis común aquel en que conviven quen ou o que realiza a acción coa dirección desta, sexa física (nos desprazamentos) ou metafórica, cando a noción de desprazamento desaparece. Nestes casos enténdese como destino o estado alcanzado, o punto máis afastado do falante sobre o que se desenvolve unha determinada realidade ou o transcurso temporal da acción ou do asunto que se está a tratar.

Mb + Dt

Ax / Ent + Dt

En ámbolos dous casos o esquema base pode estenderse con outros roles. Nos movementos coa indicación da *orixe*, da *finalidade* ou do *modo* no desenvolvemento da acción; cando a idea de movemento desaparece, o esquema base só se pode ver acompañado da especificación da *orixe*.

Un segundo esquema base configúranos aquelas macroacepcións que non presentan a especificación do destino e mudan esta figura por outra: a localización, o modo, a compañía ou o beneficiario da acción. Seguimos, pois, nun ES biactancial.

Mb + Md

Ax / Ent + Benef / Md (+ Ref) / Loc

O último ES prototipo de *ir* é monoactancial: só se esixe quen ou o que realice a acción.

Ax / Ent

Para concluír coa revisión semántica deste verbo, réstanos mencionar o abondoso número de construcións ou expresións con *ir* que funcionan fóra do nivel da oración, isto é, a nivel do discurso. Podemos interrelacionar este feito coa mencionada amplitude semántica deste verbo, o seu amplo uso e o proceso en cambio que está a sufrir cara ó baleirado de significado. Son todas estruturas en que a idea de *movemento cara a* xorde aínda que cunha tendencia a diluírse con outros matices nunha intensidade diferente segundo o caso, reflectíndose tamén neste eido o proceso mencionado para estruturas copulativas do tipo *a roupa vai seca*.

### 3.2.2.1.2. *Verbos intransitivos: chegar*

Este verbo mantén unha relación semántica de estreito vencello con *marchar*. Os dous configúranse como un par en tensión, xa que se opoñen dentro dun mesmo desprazamento no eixe horizontal. A perspectiva é o que os diferencia: mentres en *chegar* se foca o destino, en *marchar* o destacado é o lugar de orixe, isto é, o abandono deste; mais a relación só se establece cando os dous verbos indican un movemento con desprazamento focalizado nos locativos referidos. Quérese dicir, non é unha oposición absoluta xa que, tanto *chegar* coma *marchar* son verbos polisémicos que adquiren sentidos diferentes a este e nos que o contraste desaparece.

No que respecta a *chegar*, o habitual é que refira un movemento con desprazamento *cara a*; esta macroacepción supón a metade dos rexistros no corpus desta investigación, indistintamente da lingua ou do tipo de fonte. Partindo desta noción, adquire unha serie de valores que se poden relacionar co primeiro por seren movementos que parten cara a un novo destino mais nos que ora se perde a idea de desprazamento ora o destino non é espacial senón propio doutras dimensións.

#### I. Movemento con desprazamento cara a

Como xa indicamos, o habitual é que *chegar* sexa usado con algunha das acepcións que se agrupan baixo a idea de movemento con desprazamento, pasando a ser, na sincronía, o seu sentido primeiro. *Chegar* como verbo de movemento con desprazamento é unha forma intransitiva; só saen fóra desta regularidade tres acepcións: dúas construcións pronominais e unha transitiva. A estrutura transitiva, por manter a idea de desprazamento, situámola neste grupo mais, semanticamente, xa se aproxima á macroacepción que segue –movemento sen desprazamento– na que a transitividade xa non é un trazo inhabitual. Polo tanto é un chanzo intermedio no contínuum semántico deste verbo.

É destacable que cos sentidos transitivos e pronominais –con desprazamento ou sen el– *chegar* é sinónimo do outro verbo de movemento *achegar*; é dicir, *chegar* ó abandonar a intransitividade sitúase na esfera de *achegar*, tanto no significado coma nos ES que esixe.

Delimitación do significado verbal e dos seus esquemas semánticos

<p>v.i. 1. Pasar a estar presente {alguén ou algo}<sup>a</sup> {nun lugar}<sup>b</sup> despois de desprazarse ou de percorrer certa distancia.</p> <p><i>Salimos de Quintanas de Gormaz, ás nove cheghou o tren (PSATDI987).</i></p> <p><i>Mas chegara à colina (L0299).</i></p>	<p>Mb<sup>a</sup> + Dt<sup>b</sup></p>
<p>v.i. 1a. Pasar a estar presente {alguén ou algo}<sup>a</sup> {nun lugar}<sup>b</sup> {cunha determinada finalidade}<sup>b</sup>. OBS. Pódese construír con [a + inf] ou sen prep.</p> <p><i>Chegarei de um pulo a Jerusalém solicitar consentimento a Frei Bonifácio (L0011).</i></p> <p><i>Chegha un madeireiro a comprarll'un pino (FRETOC993).</i></p>	<p>Mb<sup>a</sup> + Dt<sup>b</sup> + Fin<sup>c</sup></p>
<p>v.i. 1a1. Pasar a estar presente {alguén ou algo}<sup>a</sup> {nun lugar}<sup>b</sup> {cunha determinada finalidade}<sup>b</sup>. OBS. Constrúese coa prep. <i>de</i>.</p> <p><i>Unha tardiña de Santos chegara de visita co gallo de mirar por unhas terras de foro un daqueles fidalgos da Vilerma (OPEMAO928).</i></p>	<p>Mb<sup>a</sup> + Dt<sup>b</sup> + Fin<sup>c</sup></p>
<p>v.i. 1a2. Pasar a estar {alguén ou algo}<sup>a</sup> {nun lugar}<sup>b</sup> {para ir buscar algo ou alguén}<sup>c</sup>. OBS. Constrúese coa prep. <i>por</i>.</p> <p><i>Andaba o home todo triste pensando que dun momento a outro chegaría o demo polo pequeno (CEFLUG963).</i></p>	<p>Mb<sup>a</sup> + Dt<sup>b</sup> + Fin<sup>c</sup></p>
<p>v.i. 1b. Pasar a estar presente {alguén ou algo}<sup>a</sup> {nun lugar}<sup>b</sup> {levando algo}<sup>c</sup>. OBS. Constrúese coa prep. <i>con</i>.</p> <p><i>Chega don Miguel coa súa taleiga de ouro (DIEFIE958).</i></p> <p><i>Cindy Vanstone, uma prostituta da África do Sul, chegou a Sydney com um visto de estudante (J29060).</i></p>	<p>Mb<sup>a</sup> + Dt<sup>b</sup> + Md<sup>c</sup></p>
<p>v.i. 1c. Pasar a estar {alguén ou algo}<sup>a</sup> {nun lugar}<sup>b</sup> {vindo vestido de determinada forma}<sup>c</sup>.</p> <p><i>Atrouando o Camiño Privilexiado, chegaba un xenete con ancha capa de burel flambeando no airo (MEFARR991).</i></p> <p><i>Chegara a casa com a roupa cheia de petróleo (L0461).</i></p>	<p>Mb<sup>a</sup> + Dt<sup>b</sup> + Md<sup>c</sup></p>
<p>v.i. 1d. Pasar a estar {alguén ou algo}<sup>a</sup> {nun lugar}<sup>b</sup> encontrándose {no estado que se especifica}<sup>c</sup>.</p> <p><i>De maneira que às vezes, vou daqui para, para os arredores, chego já cansada e às vezes não tenho disposição de voltar a sair (710P177).</i></p> <p><i>E máis hoxe che chegou o fillo á casa sano e salvo (LPXCON928).</i></p>	<p>Mb<sup>a</sup> + Dt<sup>b</sup> + Md<sup>c</sup></p>
<p>v.i. 1e. Pasar a estar presente {alguén ou algo}<sup>a</sup> {nun lugar}<sup>b</sup> {vindo acompañado}<sup>c</sup>.</p> <p><i>Outros cabaleiros, máis de dez ou doce servidores, chegaron co'il (FOLLUS953).</i></p> <p><i>Mas o porteiro, esbaforido, chegava com o médico (L0379).</i></p>	<p>Mb<sup>a</sup> + Dt<sup>b</sup> + Md<sup>c</sup></p>
<p>v.i. 1f. Acadar {alguén ou algo}<sup>a</sup> {un punto}<sup>b</sup> nun desprazamento inconcluso.</p> <p><i>Quando fui de avião, quando cheguei à, às escadas do avião se me metessem uma seringa eu não deitava sangue (894P221).</i></p> <p><i>Ó chegar á presiña da aceia, fixo-me baixar outravolta (BLABIO962).</i></p>	<p>Mb<sup>a</sup> + Dt<sup>b</sup></p>

Delimitación do significado verbal e dos seus esquemas semánticos

v.i. 2. Vir {alguén ou algo} <sup>a</sup> {para o lugar do falante} <sup>b</sup> . <i>Chega xente, chega</i> (VPOALM922).	Mb <sup>a</sup> + Dt <sup>b</sup>
v.i. 3. Moverse {alguén ou algo} <sup>a</sup> {por un lugar} <sup>b</sup> {cara a outro lugar} <sup>c</sup> . OBS. O destino non ten que especificarse. <i>Cando empezaba a anoitecer, unha miaxiña inantes de pechar a casa, chegaron dous homes pola calzada</i> (FOLLUS953).	Mb <sup>a</sup> + Tr <sup>b</sup> + Dt <sup>c</sup>
v.i. 4. Pasar a estar presente {alguén ou algo} <sup>a</sup> {nun lugar} <sup>b</sup> para quedar ou estar alí un tempo. OBS. Constrúese coa prep. <i>para</i> . <i>Ó pouco de chegar prá parroquia enterrou ó don Xosé María</i> (OPEMAO928). <i>Quando o padre chegava para o enterro, erguia-se dum modo quase brusco</i> (L0518).	Mb <sup>a</sup> + Dt <sup>b</sup>
v.i. 5. Pasar a estar {alguén ou algo} <sup>a</sup> {nun lugar} <sup>b</sup> para facer algo propio del. <i>Aínda ben non cheg' á feira, xa non tiña que facer</i> (CACQUE986). <i>É a factura que o costa-marfinense tem de pagar depois de ter chegado ao clube com algumas semanas de atraso</i> (J26370).	Mb <sup>a</sup> + Dt <sup>b</sup>
v.i. 6. Acadar {alguén ou algo} <sup>b</sup> {un determinado punto ou nivel} <sup>b</sup> mediante un desprazamento ou un movemento. <i>É evidente que se poden tomar medidas para evitar que o lixo chegue ó mar</i> (PNR997). <i>E, enquanto chegava a chama à ponta do cigarro, viu que a mão lhe tremia</i> (L0442).	Mb <sup>a</sup> + Dt <sup>b</sup>
v.i. 7. Levar {alguén ou algo} <sup>a</sup> {a alguén} <sup>b</sup> {a un lugar} <sup>c</sup> . <i>Chegueina á Parrocha</i> (REGTD989).	Ini <sup>a</sup> + Mb <sup>b</sup> + Dt <sup>c</sup>
v.p. ou v.i. 8. Facer {alguén ou algo} <sup>a/b</sup> un pequeno desprazamento {para ir a un sitio moi concreto e pouco distante} <sup>c</sup> . <i>Chegou-se o cazador ao sitio en que se alcontraba o lagarto</i> (PRICON958). <i>¡Vou chegar alí cabo del!</i> (REGTD989). <i>Ó Gonçalo, não te importas de chegar aqui?</i> (L0416).	Mb <sup>a</sup> + Dt <sup>b</sup>
v.p. 8a. Ir {alguén} <sup>a/b</sup> {ó encontro de outro} <sup>c</sup> que vén de camiño. <i>Chégate polos nenos ó autobús.</i>	Ini <sup>a</sup> + Mb <sup>b</sup> + Dt <sup>c</sup>

F1. **Chegar e encher.** Lograr o que se pretende inmediatamente e sen esforzo ningún.

F2. **Chegarlle á porta / Chegar-lhe à porta.** Vir xunto dunha persoa para algo.

F2a. **Chegar pola porta.** Vir inesperadamente xunto dunha persoa para algo.

F2b. **Chegar-lhe às barbas a.** Dominar, asoballar, tomar o control de alguén ou algo.

F3. **Chegar ó cabo do mundo.** Pasar a estar nun lugar moi afastado ou descoñecido.

F4. **Chegar ó mundo / Chegar ao mundo.** Nacer.

F5. **Chegar a terra.** Desembarcar.

F6. **Chegarse a (instrumento).** Poder traballar nun lugar con unha máquina concreta.

F7. **Chegar a bo porto / Chegar a bom porto.** Obter un bo resultado.

## II. Movemento sen desprazamento: *aproximar*

Este grupo establécese como a ponte entre a primeira macroacepción e as seguintes: mantén a idea de movemento mais desaparece o desprazamento.

Tamén se afasta dos sentidos anteriores na transitividade. Neste caso é a norma e carreta sempre causatividade, tal e como acontece con *achegar*, verbo sinónimo de *chegar* nesta macroacepción.

<p>v.t. 9. Pór {alguén ou algo}<sup>a</sup> {unha cousa}<sup>b</sup> {onda outra ou ó alcance de alguén}<sup>c</sup>.</p> <p><i>Retírase un paso atrás para beber e cando vai a chegala cunca ós labros ve a Felipe que s'acerca</i> (IGLFON882).</p> <p><i>Chega-me aí a toalha</i> (L0416).</p>	<p>Ini<sup>a</sup> + Mb<sup>b</sup> + Dt<sup>c</sup></p>
<p>v.p. 10. Pórse {alguén ou algo}<sup>a/b</sup> {cerca ou a menor distancia de algo ou alguén}<sup>c</sup>.</p> <p><i>Pedro chegase á fenestra e mira ó través das rexas</i> (CABMAR926).</p> <p><i>Chegou-se ao pé de mim</i> (956P227).</p>	<p>Ini<sup>a</sup> + Mb<sup>b</sup> + Dt<sup>c</sup></p>

F8. **Chegar ás mans.** Pelexar ou agredírense mutuamente aqueles que estaban discutindo ou rifando.

F8a. **Chegar ás súas mans / Chegar às suas mãos.** Posuír, chegar á posesión ou coñecemento de alguén.

F9. **Chegar a roupa ao pêlo a.** Pegar, golpear a alguén.

F10. **Chegar-lhe em.** Atacar, pegar.

### III. Localización

A macroacepción *localización* é, xunto coas acepcións que indican estado, a dimensión semántica en que diverxen *chegar* e *achegar*, xa que lle son alleas ó segundo verbo. Cando *chegar* indica unha localización, demarca as dimensións, o alcance, a extensión dunha realidade concreta; non describe unha localización *en*, como se fai con *ir*, senón o espazo polo que se desenvolve unha determinada realidade.

<p>v.i. 11. Ocupar {algo}<sup>a</sup> un espazo, estenderse {ata un límite}<sup>b</sup>.  <i>[É] a carreteira PO-400 que arranca do Cerquido e pretende chegar á fronteira portuguesa por Crecente (PNR997).</i>  <i>Salinos são os dias, no percurso que do rio chega ao mar, em Matosinhos (L0430).</i></p>	Ent <sup>a</sup> + Dt <sup>b</sup>
<p>v.i. 12. Estar {algo ou alguén}<sup>a</sup> {á altura ou nivel de algo}<sup>b</sup>.  <i>Tagore vai coma sempre, coa testa descuberta, a branca cabeleira de brillante seda chegandolle aos ombreiros (RISMIT934).</i>  <i>De braço levantado, não chegava eu à testa deles (L0461).</i></p>	Ax / Ent <sup>a</sup> + Dt <sup>b</sup>
<p>v.i. 13. Incluír, acadar {algo}<sup>a</sup> no seu efecto {a alguén ou algo}<sup>b</sup>.  <i>O mal que fiz... creio que não chegou até aos meus amigos... (L0728).</i>  <i>A falsidade tamén chega até os que militamos en organizacións políticas (3nt993).</i></p>	Ent <sup>a</sup> + Dt <sup>b</sup>
<p>v.i. 14. Ter {alguén ou algo}<sup>a</sup> {a suficiente altura ou tamaño para algo}<sup>b</sup>.  <i>O seu aio ergueu-o nos braços, mas não chegava àquela altura (L0299).</i>  <i>Debía ser un xigante pra chegar coa testa por riba da porta (FOLLUS953).</i></p>	Ax / Ent <sup>a</sup> + Dt <sup>b</sup>

### IV. Mudanza de estado: acadar un nivel ou situación

Recuperamos, a partir de aquí, a idea de desprazamento, pero abandonamos, por outra parte, o plano espacial.

<p>v.i. 15. Acadar {alguén ou algo}<sup>ab</sup> {unha determinada situación, categoría, grao, etc}<sup>b</sup>.  <i>Como aquela nena do conto que, gracias a un zapato, chegou a princesa (CUEPRO962).</i>  <i>Florentino Pérez prometeu que, se chegasse a presidente, o clube voltaria a dispor dos melhores (J35064).</i></p>	Ax / Ent <sup>a</sup> + Dt <sup>b</sup>
<p>v.i. 15a. Acadar {alguén ou algo}<sup>a</sup> {un determinado punto ou nivel non espacial}<sup>b</sup> mediante un proceso de evolución, etc.  <i>O marxismo [...] non sei se non terá chegado xa ao máisimo da súa curva ascendente (RISMIT934).</i>  <i>E chegou a alguma solução? (455P143).</i></p>	Ax / Ent <sup>a</sup> + Dt <sup>b</sup>



## Delimitación do significado verbal e dos seus esquemas semánticos

<p>v.i. 15b. Adquirir, {alguén ou algo}<sup>b</sup> pasar a ter {algo}<sup>a</sup>.  <i>Com os anos, chegaram-me outros estranhos hábitos (L0518).</i></p>	Ent <sup>a</sup> + Benef <sup>b</sup>
<p>v.i. ou v.i. 15c. Pór {algo}<sup>a</sup> {a alguén ou algo}<sup>b</sup> {preto de algo}<sup>c</sup> no tempo.  <i>Os tragos que ela pasou fórona ao fin chegando (LFRNIN905).</i>  <i>Com a assinatura do contrato, chega assim o epílogo de un proceso que comezou con un período de treino (J29064).</i></p>	Cau <sup>a</sup> + Pac <sup>b</sup> + Dt <sup>c</sup>

F11. **Chegar á xente / Chegar à gente.** Facerse coñecido ou estender algo.

F12. **Chegar á rúa.** Facerse público ou coñecido algo.

F13. **Chegar ó corazón / Chegar ao coração.** Entender, compartir algo con alguén.

F14. **Chegar á alma / Chegar à alma.** Sentilo, ser importante.

F15. **Chegarlle o santo.** Ter sorte, estar inspirado.

F16. **Chegar na piriñaca.** Emborracharse.

F17. **Chegar um cereal à foice.** Estar case maduro para a sega.

F18. **Chegar à fala com.** Conseguir falar con alguén.

F19. **Chegar ao rubro.** Alcanzar algo ou alguén o seu punto álxido.

F20. **Chegar às últimas.** Acabar, esgotarse.

### V. Estado

Baixo esta macroacepción non se describe o estado de cousas como unha evolución, senón como unha situación concreta, alcanzada. É unha descrición dun feito, dunha entidade [ $\pm$ humana].

<p>v.i. 16. Estar {alguén ou algo}<sup>a</sup> {á altura de algo non material ou doutra persoa}<sup>b</sup>.  <i>Onde chega a perfidia humana! (L0280).</i>  <i>No caso do humor negro tratase de faguer soportábel unha tristura que, sin chegar á traxedia, dibuxase sobor dun fondo tráxico (FRNSEG963).</i></p>	Ax / Ent <sup>a</sup> + Dt <sup>b</sup>
<p>v.i. 17. Formar {alguén ou algo}<sup>a</sup> {parte dun grupo}<sup>b</sup>.  <i>Quando o Raul chegou [à selecção], tudo mudou (J57504).</i>  <i>Baltar Pumar, o último en chegar ao partido, fixo un discurso de peloteo a Fraga (3nt993).</i></p>	Ax / Ent <sup>a</sup> + Dt <sup>b</sup>
<p>v.i. 18. Estar dispoñible {algo}<sup>a</sup> {nun lugar}<sup>b</sup>.  <i>A revista «LUX», do grupo Media Capital, chega às bancas na segunda-feira (J43932).</i></p>	Ent <sup>a</sup> + Dt <sup>b</sup>
<p>v.i. 18a. Gozar, estar presente {nun lugar}<sup>b</sup> {unha determinada novidade}<sup>a</sup>.  <i>Xa principian as sociedades agropecuarias, pro aquí non chegaron aínda (LPXCON928).</i>  <i>O respeito que existe nos Estados Unidos pelo consumidor demora a chegar à Europa (J43611).</i></p>	Ent <sup>a</sup> + Dt <sup>b</sup>

**F21. Non chegar á planta dos pés de / Não chegar aos calcanhares de.** Non ser tan bo coma alguén.

A partir de aquí aparecen unha serie de acepcións que se entenden como unha subdivisión dentro do grupo, xa que se diferencian en que o alcanzado se sitúa na dimensión temporal.

v.i. 19. Pasar a estar presente {algo} <sup>a</sup> {no tempo} <sup>b</sup> . <i>Eu estou sempre desexando que cheguem as horas de ele voltar para casa (356P137).</i> <i>Cando chegou o vrau volveu o caseiro ondo señor (CEFLUG963).</i>	Ent <sup>a</sup> + Dt <sup>b</sup>
v.i. 19a. Estarlle presente {no tempo} <sup>b</sup> {algo} <sup>a</sup> {a alguén ou algo} <sup>b</sup> . <i>Porque unha é probe de todo e non quixera andar a pedir cando chegue a vellez (CASVEL953).</i> <i>A época de caça aos mínimos para Sydney está a chegar ao fim. (J26265).</i>	Ent <sup>a</sup> + Dt <sup>b</sup> + Benef <sup>c</sup>
v.i. 20. Alcanzar {alguén ou algo} <sup>a</sup> {determinado momento temporal} <sup>b</sup> . <i>Chegamos ó 1991 e de novo se presenta Pedro Mariño á fronte (PNR997).</i> <i>Os All Blacks chegaron ao intervalo a vencer por 19-12 (J34711).</i>	Ax / Ent <sup>a</sup> + Dt <sup>b</sup>
v.i. 20a. Alcanzar {alguén ou algo} <sup>a</sup> {un determinado momento temporal} <sup>b</sup> {nun estado concreto} <sup>c</sup> . <i>Il chegou aos cincuenta anos cas roupas tan pasadiñas que se lle vía o día (ALSCON955).</i>	Ax / Ent <sup>a</sup> + Dt <sup>b</sup> + Md <sup>c</sup>
v.i. 21. Xurdir {un movemento, unha renovación, un feito histórico, etc.} <sup>a</sup> {nun lugar e nunha época} <sup>b</sup> . <i>Chegou o alzamento do 41 (OPEMAO928).</i>	Ent <sup>a</sup> + Dt <sup>b</sup>
v.i. 22. Durar {alguén ou algo} <sup>a</sup> {ata unha época ou tempo determinados} <sup>b</sup> . <i>Ti has chegar aos cen (CSRVEN981).</i> <i>É um milagre que eu tenha chegado a esta idade (J59853).</i>	Ax / Ent <sup>a</sup> + Dt <sup>b</sup>
v.i. 22a. Durar ou esperar {alguén} <sup>a</sup> {ata determinado momento} <sup>b</sup> . <i>Ó chegar a iste intre, brincou don Diego coa espada despida detrás do cortinón (FOLLUS953).</i>	Ax <sup>a</sup> + Dt <sup>b</sup>

**F22. Chegar o caso.** Alcanzar, aparecer o momento oportuno para algo.

**F22a. Chegar o intre.** Chegar o momento oportuno para algo.

**F23. Chegar a fin de mes / Chegar ao fim de mês.** Ter cartos suficientes para sobrevivir ata a seguinte mesada.

**F24. Chegarlle a hora a / Chegar-lhe a hora a.** Morrer.

Outra subdivisión desta macroacepción establecémola cando o estado afecta a constitución, o tamaño ou a cantidade da entidade; a especificidade sobre o tipo de

destino alcanzado é o suficientemente relevante para destacalas como un subgrupo. Tamén é sobresaliente a transitividade dunha das acepcións aquí presentadas. Aínda que a presenza no corpus desta é moi reducida (un rexistro no corpus oral galego e dous no escrito portugués), parece que se debe atender xustamente pola súa anormalidade no plano sintáctico, aínda que no semántico non haxa tal ó compartir a mesma estrutura cós restantes significados cos que a encaixamos.

v.i. 23. Atinxir {algo} <sup>a</sup> {unha cantidade} <sup>b</sup> . <i>O litro da gasolina rondará os, em média, 20 escudos por litro e o do gasóleo pode chegar aos 15 escudos (J43628).</i> <i>Por iso a demanda é moi alta, chegando o seu prezo aos 20.000 dólares (3nt993).</i>	Ent <sup>a</sup> + Dt <sup>b</sup>
v.i. 23a. Atinxir {alguén} <sup>a</sup> {unha cantidade} <sup>b</sup> . <i>Os setenta mesmo n'os chego, qu'aínda me pesou outro día (REGTD989).</i>	Ax <sup>a</sup> + Dt <sup>b</sup>
v.i. 23b. Ascender {algo} <sup>a</sup> {a certo tamaño} <sup>b</sup> . <i>As terras baixas están mui aproveitadiñas, a xente tense que aplicar ao traballo, mutas veces en terreos que non chegan a medianos (PRICON958).</i> <i>A área colhida de beterraba não chegava aos 500 hectares (J52783).</i>	Ent <sup>a</sup> + Dt <sup>b</sup>
v.i. 24. Ser {algo ou alguén} <sup>a</sup> suficiente {para algo} <sup>b</sup> . OBS. Pódese construír seguido da prep. <i>con</i> . <i>Unha pouca verdura chega para preparar este prato (FRETOC993).</i> <i>Nem toda a tua vida chegará para isso (L0416).</i> <i>Deste xeito, non chega con asegurar o futuro da Escola Taller (3nt993).</i>	Ax / Ent <sup>a</sup> + Dt <sup>b</sup>
v.i. 24a. Ser {algo} <sup>a</sup> suficiente {para algo} <sup>b</sup> . OBS. Constrúese coa prep. <i>de</i> . <i>Chega, porém, de me falar de mim (L0416).</i>	Ent <sup>a</sup> + Dt <sup>b</sup>

## VI. Acción

Indicando acción son todas as acepcións intransitivas. Nelas o desprazamento é intelectual ou físico, pero sen implicar nin movemento nin desprazamento na realización da acción.

A partir da acepción 29, a actividade é exclusivamente intelectual. Nelas unha entidade pasa a ocupar un novo espazo que coincide, en todas as acepcións, cun receptor [+humano] ou unha institución que inclúe por metonimia a referencia [+humana].

Delimitación do significado verbal e dos seus esquemas semánticos

<p>v.i. 25. Inventar, fabricar {algo ou alguén}<sup>a</sup> {algo}<sup>b</sup>.  <i>E ocorreseme que podíamos chegar a un novo xeito de coller a lamprea (PNR997).</i>  <i>Como se chegou a um livro como este das «Leituras» (L0075).</i></p>	Ax / Ent <sup>a</sup> + Dt <sup>b</sup>
<p>v.i. 26. Alcanzar {algo ou alguén}<sup>a</sup> {un punto nun proceso de traballo ou acción}<sup>b</sup>.  <i>Chegando a este punto da sua narrativa, animou-se a fisionomia de Tomé da Póvoa (L0432).</i>  <i>Faremos-lle unha confianza ó leitor que tivo a pacencia de chegar eiquí (FRNSEG963).</i></p>	Ax / Ent <sup>a</sup> + Dt <sup>b</sup>
<p>v.i. 27. Recordar {alguén}<sup>a</sup> {algo}<sup>b</sup>.  <i>A fantasia estava-o transportando a tempos a que não chegavam já as suas recordações (L0016).</i></p>	Ent <sup>a</sup> + Dt <sup>b</sup>
<p>v.i. 28. Usar, consumir {algo}<sup>a</sup> {outro algo}<sup>b</sup>.  <i>Pero con ese ese pouquiño leite... sobras. É moi criador. É moi criador. Se chegan ó leite, as do leite pa manter unha cría desas. Si, si (REGTD2989).</i></p>	Ent <sup>a</sup> + Dt <sup>b</sup>
<p>v.i. 29. Recibir {unha persoa}<sup>b</sup> {algo}<sup>a</sup>, pasar a saber, a ser do seu coñecemento.  <i>Tiñao de criado, entre trasno e bufón, e volví por il cando lle chegaban as queixas (BLABIO962).</i>  <i>Utilizando a Internet o sistema passa a ser horizontal e a informação chega a todos em paralelo (J34661).</i></p>	Ent <sup>a</sup> + Benef <sup>b</sup>
<p>v.i. 29a. Coñecer {alguén}<sup>a</sup> {a outro ou un feito cultural}<sup>b</sup> {a través de alguén ou algo}<sup>c</sup>.  <i>Os poucos rapaces que a través de Lugrís chegabamos a el [a Piñeiro], recibiamos un bombardeamento de galeguismo (FGRANO985).</i>  <i>Foi por sua indirecta via que Angelina/ Lullaby chegou aos decadentes Ralph Carney, Joe Gore, Matt Brubeck... (J44050).</i></p>	Ax <sup>a</sup> + Dt <sup>b</sup> + Tr <sup>c</sup>
<p>v.i. 29b. Ser entendida ou compartida {unha idea ou posicionamento}<sup>a</sup> {por alguén}<sup>b</sup>.  <i>Pero a gran aposta eleitoral do BNG é, nesta ocasión, o facer chegar ao eleitorado o seu plano de goberno e alternativas (3nt993).</i>  <i>Fazer chegar o sentido mais profundo de álbuns como Catch A Fire e Survival a uma geração (J60150).</i></p>	Ent <sup>a</sup> + Benef <sup>b</sup>
<p>v.i. 29c. Facerse entender {algo ou alguén}<sup>a</sup> {por un público}<sup>b</sup>.  <i>Tentei fazer alguma coisa ao nível do melhoramento da linguagem utilizada para chegar a um público mais vasto (J34775).</i></p>	Ax / Ent <sup>a</sup> + Benef <sup>b</sup>
<p>v.i. 30. Percibir, oír {algo}<sup>a</sup> nalgún sitio {por alguén}<sup>b</sup>.  <i>Agora chegaban deica ilar, ledas, lonxanas e desesperadas, as prometidas pezas de dispois da misa (ALSCON955).</i>  <i>Pelo sopro aflautado que me chegava aos ouvidos, tive a confirmação de que transportava um paroxismo de exaltação (L0235).</i></p>	Ent <sup>a</sup> + Dt <sup>b</sup>

**F25. Chegar ó(s) oído(s) de / Chegar ao ouvido de.** Decatarse, pasar a saber algo.

**VII. Relación**

Finalmente, restan os sentidos que refiren unha aproximación sentimental ou doutra natureza entre individuos ou realidades.

v.t. 31. Impulsar {alguén ou algo} <sup>a</sup> {unha relación sentimental} <sup>b</sup> . <i>Se calhar foi vossemecê que os chegou, e está agora a encobrir!</i> (L0494).	Cau / Ax <sup>a</sup> + Pac <sup>b</sup>
v.i. 32. Manter {alguén} <sup>a</sup> unha relación sentimental {con outra persoa} <sup>b</sup> . <i>Mas houve quem lhe chegasse! Mesmo entre a velhada mais velhada!</i> (L0416).	Ax <sup>a</sup> + Benef <sup>b</sup>
v.p. 33. Achegarse {alguén ou algo} <sup>a/b</sup> {a un grupo ou idea ou posicionamento} <sup>c</sup> . <i>Que remédio tinham eles senão chegarem-se às boas [influências]!</i> (L0494).	Cau / Ax <sup>a</sup> + Pac <sup>b</sup> + Dt <sup>c</sup>

**F26. Chegar às boas com. Namorar.**

**P1. Chegar a + inf.** Aspectual, coloca a disposición resultante de límite.

*Andaba polas casas de fóra, qu' anduven por aí dez anos ou así, cheguei a cobrar tres... tres cincuenta* (REGTD989). *Não chegara a estender-se na cama, passeava* (L0014).

**P1a. Chegar para + inf.** Aspectual, coloca a disposición resultante de límite. *Per' eu xa digo, cando eu mesmo cheguei xa pa ser mozo, eso xa s' acabara moito* (REGTD989).

**P4. (E) chegar (e) + verbo en forma persoal.** Aspectual, de colocación demarcativa. OBS. É unha perífrase característica da lingua falada en rexistro coloquial. Normalmente, a acción refírese a un acto de fala e o auxiliar adoita ser o primeiro elemento da oración. *Dixoll' a ... a madre dixo: Claro. E... E dice ela: E chegou e dixo: E 'ntón foi cando a madre ... deu a... a plaga* (REGTD989). *A unha da tarde ou por aí, chegamos eu a mais meu pai, i ali chegho, comemos, ¡ala! ó choio, ó traballo, meteronme alí* (PSATD1987). Nalgunhas estruturas o verbo auxiliado (habitualmente un verbo dicendi) pode estar elidido: *E 'n seguida, claro, veu por a fila, me cago 'n diez, chegou: «Este»...* (REGTD1989). *Que trataram mas foi de se ir pra o palácio – e o rapaz para casa do pai. Chegou: –Então, pai, já temos que comer?! –Isso sim!* (L0583).

As estruturas semánticas de *chegar* redúcense a dous tipos, un maioritario biactancial e un segundo triactancial que se recolle na case totalidade das construcións transitivas do verbo.

O ES biactancial consta de dous roles: quen ou o que padece a acción e o destino desta. A respecto da primeira, a súa animicidade varía segundo a acepción verbal; ademais, desenvolve un rol diferente se o desprazamento indicado se realiza no plano espacial ou non. Deste modo as opcións son:

1. Desprazamento no eixe espacial. A este ES base pódese engadir os roles de *finalidade, modo e traxecto*.

$Mb + Dt$

2. Desprazamento en dimensións diferentes ó espacial, pasando o destino a indicar o estado, a localización, o límite da acción, o tempo ou unha cantidade. Nestes casos a figura que padece a acción pode ser [ $\pm$ humana].

$Ax + Dt$

$Ent + Dt$

Alén destes ES base, recolleemos varias extensións. Os roles que se lles engaden nalgunhas acepcións son o *traxecto*, o *benefactario* ou o *modo* en que se realiza a acción. Debemos especificar que cando aparece a figura semántica *benefactario* o rol *destino* non cobre esa dimensión semántica; nestes casos refire o tempo final alcanzado.

Noutros casos en que o desprazamento físico se abandonou, o ES biactancial ve substituído o complemento destino polo de beneficiario, ó ser o obxectivo final da acción unha realidade [ $+$ humana].

$Ax / Ent + Benef$

Finalmente, as acepcións transitivas de *chegar* presentan, agás nunha en que o OD indica o destino da acción (e, como veremos no capítulo 4., o seu peso na base de datos é moi reducido), construcións triactanciais causativas. Isto é, convive unha figura que causa ou inicia a acción con outra que a padece, mentres que o terceiro elemento é o destino final do proceso. Ó igual que no grupo anterior, debemos diferenciar ES segundo o tipo de acción:

1. Se a acción é un desprazamento no eixe espacial.

$Ini + Mb + Dt$

2. Se o desprazamento non se desenvolve no espazo, o destino refire o tempo ou o estado final alcanzado. Á vez, tamén presentan ES diferentes aquelas estruturas en que o causante da acción é [+humano] das que é unha entidade [-humana].

Ax + Pax + Dt

Cau + Pac + Dt

Nunha única acepción do conxunto non hai ningún elemento que desenvolva a función semántica de destino. Referímonos ó sentido 31; nel, o paciente cobre á vez o papel do destino, por ser o obxectivo de namoro dun outro ó tempo que o que experimenta a acción de namoramento. A fusión dos dous sentidos xustifica a non explicitación dun terceiro rol semántico de destino, de maneira que estamos ante unha forma contextualmente condicionada de desenvolverse o ES base prototípico causativo para *chegar*.

Cau / Ax + Pac

### 3.2.2.1.3. Verbos intransitivos con superación dun límite: entrar

*Saír* e *entrar* configúranse como un par en tensión; cada un deles foca un dos extremos locativos dun mesmo desprazamento: *saír* a orixe e *entrar* o destino. En ambos os dous o movemento carrega a superación dun límite, aínda que este se encontra nun punto diferente segundo o verbo, con *saír* á hora de iniciar o desprazamento e cando este finaliza con *entrar*.

A mencionada idea de superación dun límite opón o verbo que imos analizar agora ós outros lexemas intransitivos escollidos como representantes do movemento con desprazamento no eixe horizontal, focalizando o destino, xa que neses non hai tal referencia. Tamén difiren entre si no hábito de uso; aínda que *entrar* é moi utilizado (supera os 3000 rexistros), os outros dous encóntranse entre os máis empregados do corpus (*chegar* supera os 6000 rexistros e *ir* os 11000). Pola contra, esta situación non ten grandes consecuencias no plano semántico. Os sentidos adquiridos por *entrar* e *chegar* non son moi dispares, xa que comparten as mesmas macroacepcións, coa excepción de que *chegar* é usado tamén para indicar relación ou achegamento de diferente natureza entre dúas ou máis realidades. A respecto de *ir*, a situación é outra, mais este ten unhas particularidades que o singularizan non só dentro do seu grupo semántico, senón tamén no conxunto dos verbos de movemento.

**I. Movemento con desprazamento: de fóra para dentro**

Con *entrar* o desprazamento non só foca o destino do movemento, xa que se explicita a superación dun límite. Deste modo encontramos que o desprazamento se desenvolve dende fóra para dentro dese límite referencial.

Delimitamos este verbo como unha unidade intransitiva, mais recollemos unha acepción cun uso moi reducido (son 18 rexistros no total do corpus de traballo: 3 en textos orais galegos e 15 en documentos escritos en portugués) en que a estrutura é transitiva; nestes casos o complemento é o destino que funciona como límite referencial. É dicir, a variación sintáctica non ten consecuencias no ES do verbo.

<p>v.i. 1. Pasar {alguén ou algo}<sup>a</sup> de fóra a dentro, {ó interior dun lugar}<sup>b</sup>.  <i>Polo gardarroupa, entrase ao restaurant (RISMIT934).</i>  <i>Entrei no quarto de baño dos sargentos (L0061).</i></p>	<p>Mb<sup>a</sup> + Dt<sup>b</sup></p>
<p>v.i. 2. Pasar {alguén ou algo}<sup>a</sup> de fóra {a dentro dun lugar que trae consigo unha finalidade específica}<sup>b</sup>.  <i>Entra no ceio por engano (PRICON958).</i>  <i>Mas a sr.<sup>a</sup> D. Irene, quando foi procurada para entrar no convento de Santa Clara de Coimbra, já tinha saído da quinta (L0289).</i></p>	<p>Mb<sup>a</sup> + Dt<sup>b</sup></p>
<p>v.i. 2a. Frecuentar {alguén}<sup>a</sup> {un lugar}<sup>b</sup>.  <i>Non entra [o namorado da filla] aínda na casa, pero quizais non tarde (DIEFIE958).</i>  <i>As pessoas agora preferem ficar em casa a ver televisão e já não entram naquele género de estabelecimentos para conversar (J57553).</i></p>	<p>Mb<sup>a</sup> + Dt<sup>b</sup></p>
<p>v.i. 3. Ocupar {un animal ou un rabaño}<sup>a</sup> {un terreo}<sup>b</sup> e destrozalo ou comer a colleita.  <i>Nunha legua en rodopío da casa non entraba lobo nen xabariño (MEFARR991).</i></p>	<p>Mb<sup>a</sup> + Dt<sup>b</sup></p>
<p>v.i. 3a. Roubar, penetrar {alguén}<sup>a</sup> {nun lugar}<sup>b</sup> sen o permiso do dono; invadir.  <i>Propuxo o raposo entrar na horta, i ofrecéulle ó gato un cacho de galiña se entraba con el (CEFLUG963).</i>  <i>Pois suspeitava de que um ladrão tinha entrado em casa (J43189).</i></p>	<p>Mb<sup>a</sup> + Dt<sup>b</sup></p>
<p>v.i. 4. Moverse {alguén}<sup>a</sup> ou pasar de fóra {para dentro dun lugar}<sup>b</sup>.  <i>Entrou un'habitación que dixeron (LCAFAL990).</i>  <i>Entrando as muralhas pelo Arco da Misericórdia dá-se com uma cidade sossegada (L0011).</i></p>	<p>Mb<sup>a</sup> + Dt<sup>b</sup></p>

**F1. Entrar pola porta / Entrar pela porta dentro.** Conseguir algo sen esforzo.



**F2. Entrar pola porta grande / Entrar pela porta grande.** Facer algo ben desde o inicio, comezar ben.

**F3. Entrar num beco-sem-saída.** Non ter solución algo ou alguén.

**II. Movemento sen desprazamento: *introducirse en***

Nestes casos o movemento non indica desprazamento, mais si hai o mesmo sentido ó ser de fóra para dentro.

<p>v.i. 5. Caber, coller {alguén ou algo}<sup>a</sup> {nun lugar}<sup>b</sup>.  <i>Conseguiram na parede da frente abrir un rombo gosoiro por onde entra fácil un brazo todo (L0003).</i>  <i>E [douche] un sombreiro que onde entre pode tamén entrar o dono (PRICON958).</i></p>	<p>Mb<sup>a</sup> + Dt<sup>b</sup></p>
<p>v.i. 6. Montar {alguén ou algo}<sup>a</sup> {nun transporte}<sup>b</sup>.  <i>Non quixen entrar no coche (NEIHIS968).</i>  <i>Os lugares vão cheios, tão preenchidos, (...) agora no autocarro entra tudo (1166P266).</i></p>	<p>Mb<sup>a</sup> + Dt<sup>b</sup></p>
<p>v.i. 7. Ocupar {algo ou alguén}<sup>a</sup> {un espírito}<sup>b</sup>.  <i>O espírito do capador efectivamente entrou no corpo aberto de Obdulia (MEFARR991).</i>  <i>Era a raiva, diziam, a fúria do cão danado que entrara com ele (L0468).</i></p>	<p>Mb<sup>a</sup> + Dt<sup>b</sup></p>
<p>v.i. 8. Ser {unha bebida ou comida}<sup>a</sup> de fácil engulimento, apetitosa ou, se é alcol, agradable ó sabor polo que é gostosa a súa inxesta {para o estómago}<sup>b</sup>.  <i>Ele [o vinho] entra suavemente, mas no fim morderá como uma serpente (L0280).</i></p>	<p>Mb<sup>a</sup> + Dt<sup>b</sup></p>

**F4. Entrarlle alguén polos ollos a / Entrar-lhe pelos olhos (dentro) a.**

1. Gustar, atraer. 2. Ser consciente de algo.

**F5. Entrar polo aro / Entrar pelo aro.** Ceder, darlle a razón ó outro.

**F6. Entrar en escena / Entrar em cena.** Aparecer, actuar.

**F7. Entrar na vida.** 1. Nacer. 2. Comezar alguén a formar parte da vida de outro alguén, ó pasar a ser a súa parella, amigo, etc.

**F8. Entrar en si / Entrar em si.** Desconectar da realidade, cerrarse ó mundo.

**F9. Entrar no ar.** Emitirse. OBS. É propio da linguaxe dos medios audiovisuais.

**F10. Entrar nos cofres de.** Enriquecer, conseguir iso para ese alguén ou algo.

**F11. Entrar na(s) boca(s) do mundo.** Ser obxecto de murmuracións.

**III. Localización**

Como xa levamos visto, esta macroacepción –indicar a localización ou o espazo polo que se desenvolve unha entidade física– é unha constante na gran maioría dos verbos de movemento. Neste caso volve especificar a extensión da realidade referida, ou sexa, delimita o espazo ata onde alcanza a súa dimensión.

<p>v.i. 9. Penetrar fisicamente {un accidente xeográfico}<sup>a</sup> {noutro}<sup>b</sup>.  <i>Do escadório descobre-se o panorama, a amplidão do vale, o morro compacto que entra pelo mar (L0009).</i>  <i>O recheo entrou setenta metros nun banco de grande riqueza (3nt993).</i></p>	Ent <sup>a</sup> + Dt <sup>b</sup>
--	------------------------------------

**IV. Mudanza de estado**

*Entrar* pode indicar un proceso de mudanza de estado; con el márcase a chegada ou o alcance dunha nova situación, dun novo estado de cousas.

<p>v.i. 10. Estar {un período temporal}<sup>a</sup> no seu inicio {nun lugar}<sup>b</sup>.  <i>No mes de agosto e setiembre, cando vai entralo inverno, pos hai que facerlle-los regos (LCAFAL990).</i>  <i> Talvez te habilitem a atravesar a semana que entra (L0288).</i></p>	Ent <sup>a</sup> + Dt <sup>b</sup>
<p>v.i. 10a. Estar {alguén ou algo}<sup>a</sup> {no principio dun período temporal}<sup>b</sup>.  <i>Pensión témola porque temos... vamos a'ntrar en setenta anos (REGTD989).</i>  <i>Apenas com a ilusão de termos entrado no terceiro milénio (J43134).</i></p>	Ax / Ent <sup>a</sup> + Dt <sup>b</sup>
<p>v.i. 11. Comezar a estar {alguén ou algo}<sup>a</sup> {nun certo estado ou situación}<sup>b</sup>.  <i>Otilia entrou nun estado cataléptico (MEFARR991).</i>  <i>Mas ela foi irredutível e Dorita entrou em desespero e perdeu a segurança e a compostura (L0450).</i></p>	Ax / Ent <sup>a</sup> + Dt <sup>b</sup>
<p>v.i. 12. Comezar a manifestarse {unha sensación} {en alguén ou algo}<sup>b</sup>.  <i>De repente entroulle un medo raro no corpo (CSRVEN981).</i>  <i>Cristóvão sentia toda aquela serenidade entrar-lhe na alma como uma carícia sem fim (L0299).</i></p>	Ent <sup>a</sup> + Dt <sup>b</sup>
<p>v.i. 12a. Comezar a manifestarse {unha situación}<sup>a</sup> {nun lugar}<sup>b</sup>.  <i>E co conque de tocar nosoutros, entrou en Mondañedo gran afición á gaita (LENETN939).</i></p>	Ent <sup>a</sup> + Dt <sup>b</sup>

F12. **Entrar no bom caminho.** Funcionar algo ou alguén ben, desenvolverse adecuadamente, con ou sen mudanza de actitude ou estado.

F13. **Entrar en vía morta.** Non avanzar algo.

F14. **Entrar na pele de.** Tomar o rol, vivir o que lle corresponde á persoa que se especifica, chegar a entendela/a.

F15. **Entrar na casa de (idade).** Chegar a esa idade.

### V. Estado

Con outros sentidos *entrar* refire a composición de algo ou describe un estado de cousas concreto. Neste caso non se foca o proceso de cambio, senón unha situación determinada.

<p>v.i. 13. Pasar {alguén ou algo}<sup>a</sup> a formar parte {dun grupo ou institución}<sup>b</sup>.</p> <p><i>¿E qué concencia terá un de certa parte, que cand'entrou no Curato, com'iba de novo tódolo foron a ver? (BOADIA823).</i></p> <p><i>Ambos não entram no top-10, ao fim do primeiro dia (J26280).</i></p>	<p>Ax / Ent<sup>a</sup> + Dt<sup>b</sup></p>
<p>v.i. 13a. Formar parte {algo ou alguén}<sup>a</sup> {da composición de algo}<sup>b</sup>.</p> <p><i>As medidas de choque entran todas dentro das actuais competencias da autonomía (3nt993).</i></p> <p><i>Não revela quais as matérias-primas que entram no fabrico da bebida (J61897).</i></p>	<p>Ax / Ent<sup>a</sup> + Dt<sup>b</sup></p>
<p>v.i. 13b. Incluír {algo ou alguén}<sup>a</sup> {nunha tendencia}<sup>a</sup>, semellarse a algo.</p> <p><i>A selecção de sub-21 pratica um futebol que entra na mesma linha da selecção principal (J26872).</i></p>	<p>Ax / Ent<sup>a</sup> + Dt<sup>b</sup></p>

### VI. Acción: traballar, participar, actuar

Recuperamos neste grupo a idea de mudanza, mais é un cambio que carreta unha actuación, a realización dunha actividade nova.

Delimitación do significado verbal e dos seus esquemas semánticos

<p>v.i. 14. Traballar {alguén}<sup>a</sup> {baixo a supervisión de alguén ou con alguén}<sup>b</sup>. OBS. Constrúese coa prep. <i>con</i>.</p> <p><i>Era máis probe que eu antes de con el entrar (FANCAS812).</i></p>	<p><math>Ax^a + Benef^b</math></p>
<p>v.i. 14a. Pasar {alguén}<sup>a</sup> a ocupar {un posto}<sup>b</sup>.</p> <p><i>En desde que entrou Franco no poder, asta pouco tempo hai, ese gamberrismo acabárase (REGTD989).</i></p> <p><i>Para o lugar deste jogador entrou o ex-júnior Domingos Pinho (J26355).</i></p>	<p><math>Ax^a + Dt^b</math></p>
<p>v.i. 15. Tomar {alguén ou algo}<sup>a</sup> parte {en algo}<sup>b</sup>.</p> <p><i>Entrar bem no Campeonato é o objectivo (J26301).</i></p>	<p><math>Ax / Ent^a + Dt^b</math></p>
<p>v.i. 15a. Tratar {alguén}<sup>a</sup> {un tema, ocuparse de algo}<sup>b</sup>.</p> <p><i>Con isto entrabamos na seguinte exposición: a superación do nacionalismo (FGRANO985).</i></p> <p><i>Sem entrar em questões de moral, penso que algumas discotecas acabarão por sofrer (J43192).</i></p>	<p><math>Ax^a + Dt^b</math></p>
<p>v.i. 15b. Tomar {alguén}<sup>a</sup> pose {dunha empresa ou asunto}<sup>b</sup>.</p> <p><i>Change Partners entra na Clipóvoa (J60729).</i></p>	<p><math>Ax^a + Dt^b</math></p>
<p>v.i. 16. Facer {alguén}<sup>a</sup> uso {de algo}<sup>b</sup>.</p> <p><i>Quen queira coñece-la Vila oficial, que non real, non ten máis que entrar nas autopistas da información, facerse cibernauta (PNR997).</i></p> <p><i>Impossível entrar no "site" (J52918).</i></p>	<p><math>Ax^a + Dt^b</math></p>
<p>v.i. 16a. Usar {un instrumento}<sup>a</sup> {sobre algo}<sup>b</sup> para a finalidade propia do obxecto.</p> <p><i>Se cuadra unhos toxos altos de medio metro ou dun metro, non entraba o arado (LCAFAL990).</i></p> <p><i>Vais pentear-lhe o cabelo onde o pente pouco entra (L0216).</i></p>	<p><math>Ent^a + Dt^b</math></p>
<p>v.i. 16b. Entrar en funcionamento {algo}<sup>a</sup> {nun lugar}<sup>b</sup>.</p> <p><i>A partir desta hora entra o servico en Porriño (PNR997).</i></p> <p><i>Moção de censura entra (J53022).</i></p>	<p><math>Ent^a + Dt^b</math></p>
<p>v.i. 17. Ser asimilado {algo}<sup>a</sup> {por alguén}<sup>b</sup>, <i>alcanzar algo intelectualmente.</i></p> <p><i>A min isto éntrame dun xeito moi delicado e tramposo (3nt993).</i></p>	<p><math>Ent^a + Benef^b</math></p>
<p>v.i. 18. Falar, dicir {alguén}<sup>a</sup> con firmeza {a alguén}<sup>b</sup>.</p> <p><i>-¡Nada diso! -entroulle Aniceto- (PNR997).</i></p> <p><i>Logo-logo, a pouco e pouco breve, os outros me entram de supetão (L0216).</i></p> <p><i>Enquanto comemos entro com ele: -Então, Luís, como vai o teu estado macho? (L0011).</i></p>	<p><math>Ax^a + Benef^b</math></p>
<p>v.i. 19. Tentar {alguén}<sup>a</sup> tirarlle o balón {ó contrario}<sup>b</sup> con violencia. OBS. É unha forma propia da linguaxe futbolística. <i>Por expulsão de Nelson Veiga, que entrou de pés juntos a um adversário (J42997).</i></p>	<p><math>Ax^a + Benef^b</math></p>

F16. **Non entrar nin saír en / Nem entrar nem sair em.** Non opinar sobre ese algo, non tomar parte.

F17. **Entrar en materia / Entrar na matéria.** Comezar a tratar ou ocuparse do realmente importante. Ir directamente ó asunto de interese.

F18. **Entrar en falas con / Entrar em falas (mansas) com.** Iniciar unha relación, habitualmente de carácter amoroso.

F19. **Entrar ó seu trapo.** Facer o que o outro.

F20. **Entrar no xogo / Entrar no jogo.** Participar nun engano, ou nun asunto.

F21. **Entrar co pé dereito / Entrar com o pé direito.** Comezar algo ben ou con sorte.

P1. **Entrar a + inf.** Aspectual, inceptiva. *Para eles era a principal arma de loita, a que lles permitía entrar a falar coa xente (3nt585993). A natureza fá-las mulheres quando para assim dizer elas ainda nem crianças entraram a ser (L0460).*

P1a. **Entrar de + inf.** Aspectual, inceptiva. *Com os primeiros raios do sol entravam de reanimar-se os dois (L0583).*

Todos os significados de *entrar* están estreitamente vencellados; móvense ó redor da idea ‘de fóra a dentro’, sexa no espazo, nunha situación ou nunha acción. Isto explica o reducido número de ES que presenta: un con dúas realizacións. É unha estrutura biactancial, cunha figura que realiza a acción e unha segunda que indica o destino desta.

A respecto do primeiro rol, a súa natureza é diferente se estamos ante un movemento (será entón o Mb) ou non, encontrándonos cun Ax ou Ent, segundo sexa [ $\pm$ humano]. Finalmente, o destino pode referirse a un espazo físico ou, se a acción non é un movemento, a un novo estado, cargo, actividade, servizo ou colectivo en que se incluír.

Mb + Dt

Ax / Ent + Dt

Se esta segunda figura é [+humana] estamos ante unha variante deste ES base primeiro xa encontrado con *ir* e *chegar*, ó ocupar o espazo do destino o beneficiario da acción.

### Ax / Ent + Benef

Polo tanto, o abano semántico deste verbo é compartido en grande medida por *chegar* e por *ir*, e tamén coinciden en grande medida nas súas opcións construtivas base. En *entrar* redúcense as ampliacións destes ES base ou non xorde a construción causativa minoritaria de *chegar*, pero son opcións menores que non dilúen os paralelismos evidentes encontrados entre os verbos de movemento con desprazamento focalizados no destino e intransitivos.

#### 3.2.2.1.4. Verbos transitivos

Mentres para os tres verbos indicadores dun movemento con desprazamento *cara a* analizados ata o momento a convivencia de estruturas causativas con non causativas só era unha opción para *chegar* e conta cunha importancia moi minoritaria, nos seguintes que imos tratar é o habitual.

##### 3.2.2.1.4.1. Achegar

Como xa se indicou ó analizar *chegar*, *achegar* xorde como unha unidade estreitamente vencellada a estoutro verbo, pero é unha coincidencia semántica e de construción reducida ó *chegar* transitivo e causativo. De maneira que, como unidades transitivas, comparten ES e boa parte das macroacepcións que lles son propias. Mais estes condicionantes sintáctico-semánticos só representan unha parte menor do corpo de significados de *chegar*, xa que este verbo é fundamentalmente intransitivo e incluso a transitividade non ten que significar necesariamente causatividade. Pola contra *achegar* é un verbo exclusivamente transitivo causativo. Só sae, en certa medida, desta liña cando funciona como un verbo pronominal. Neste caso coinciden no mesmo referente quen ou o que provoca a acción con quen ou o que a padece ou experimenta. Isto é, conserva a causatividade aínda que os dous roles semánticos fundamentais desta relación os desenvolva, neste caso, o mesmo referente.

#### **I. Movemento físico con indicación de proximidade: con ou sen desprazamento**

Incluímos baixo unha mesma macroacepción todos os sentidos que indican movemento, sexa con ou sen desprazamento. A razón está en que a maioría delas poden carretar as dúas situacións, xa que a colocación nun ou noutro tipo de movemento depende realmente do contexto, é dicir, da distancia ou localización do punto de destino e do da orixe da acción.

## Delimitación do significado verbal e dos seus esquemas semánticos

<p>v.t. 1. Poñer {alguén ou algo}<sup>a</sup> outro {alguén ou algo}<sup>b</sup> cerca ou a menor distancia {de algo ou dun mesmo}<sup>c</sup>.</p> <p><i>Pra elas había que achegalas ó lume (LPXCON928).</i></p> <p><i>O velho achegou-o ao peito, beijou-o, comovido (L0379).</i></p>	$Ini^a + Mb^b + Dt^c$
<p>v.t. 1a. Poñer {alguén} cerca ou a menor distancia {algo}<sup>b</sup> {de alguén}<sup>c</sup> a respecto {de algo}<sup>d</sup>.</p> <p><i>Achegáime o lume aquí, recontrá, e que non volva a mandar (LPXCON928).</i></p>	$Ini^a + Mb^b + Benef^c + Dt^d$
<p>v.t. 2. Reunir {alguén}<sup>a</sup>, poñer {algo}<sup>b</sup> {xunto doutro algo}<sup>c</sup> formando un monte. OBS. O destino non adoita estar explícito por coincidir con todos ou parte dos formantes da realidade colectiva que é reunida ou xuntada.</p> <p><i>Equí, equí no campo as mulleres traballaban com'os homes cando se sembraban as patacas, axudare, cando se ..., cando cavaban, cando se achegaban... (LCAFAL990).</i></p>	$Ini^a + Mb^b + Dt^c$
<p>v.p. 3. Poñerse {alguén}<sup>ab</sup> cerca ou a menor distancia {de algo ou alguén}<sup>c</sup>.</p> <p><i>Eu achegueime ao home das botas de elástico (MEFARR991).</i></p> <p><i>O José Cosme acendeu entón a candeia (...) e achegando-se do fillo pôs-se a escutar-lhe a respiração (L0583).</i></p>	$Ini^a + Mb^b + Dt^c$
<p>v.p. 4. Facer {alguén}<sup>ab</sup> un pequeno desprazamento para ir {a un sitio moi concreto e pouco distante}<sup>c</sup>.</p> <p><i>Lugrés viña á nosa procura, achegabase á Facultade e, xuntos, íamos dar unha volta (FGRANO985).</i></p>	$Ini^a + Mb^b + Dt^c$
<p>v.p. 4a. Moverse {alguén}<sup>ab</sup> para alcanzar {un lugar}<sup>c</sup> despois dun percorrido máis ou menos longo.</p> <p><i>A maioría dos que se achegan coñecen Galiza por referencias persoais (3nt993).</i></p>	$Ini^a + Mb^b + Dt^c$
<p>v.p. 5. Ir {alguén}<sup>ab</sup> {ó encontro de alguén}<sup>c</sup> que vén de camiño ou que se encontra no camiño de. OBS. Pódese empregar coa prep. <i>por</i>.</p> <p><i>Foi curioso cando Manolo o dos cupóns da ONCE se achegou a el para darllela man e tentar vender un cupón (PNR997).</i></p>	$Ini^a + Mb^b + Dt^c$
<p>v.p. 5a. Alcanzar {alguén}<sup>ab</sup> {a alguén}<sup>c</sup> durante un traxecto.</p> <p><i>Eles não nos podendo matar a todos foram-lhes achegando com os cavalos, mas dali não abalou ninguém (L0216).</i></p>	$Ini^a + Mb^b + Dt^c$

**F1. Achegarse ó estómago.** Prestar, que é algo de bo comer, que está saboroso.

### II. Mudanza de estado: con idea de proximidade

Realízase un desprazamento non físico, que trae consecuencias na situación psicolóxica, intelectual ou esencial dunha determinada realidade.

## Delimitación do significado verbal e dos seus esquemas semánticos

<p>v.t. 6. Aproximar {alguén ou algo}<sup>a</sup> {a alguén ou algo}<sup>b</sup> {a un punto non físico}<sup>c</sup>.</p> <p><i>O seu maior automatismo é involuntariedade que os achega, nise aspeito, a certos fenómenos espresivos involuntarios (FRNSEG963).</i></p>	$Cau / Ax^a + Pac^b + Dt^c$
<p>v.t. 6a. Aproximar {alguén ou algo}<sup>a</sup> afectiva ou intelectualmente {dúas persoas ou ideas}<sup>b</sup> {entre elas}<sup>c</sup>.</p> <p><i>Algúns sabemos moi ben que a discrepancia non afasta, senón que achega (FGRANO985).</i></p>	$Cau / Ax^a + Pac^b + Dt^c$
<p>v.p. 7. Aproximarse {alguén ou algo}<sup>a/b</sup> {a un nivel, punto ou realidade non física}<sup>c</sup>.</p> <p><i>Francia vaise achegando ó seu verdadeiro camiño (FGRANO985).</i></p>	$Cau / Ax^a + Pac^b + Dt^c$
<p>v.p. 7a. Aproximarse {alguén ou algo}<sup>a/b</sup> {a unha determinada cantidade}<sup>c</sup>.</p> <p><i>Os versos de A Árbore das Sete Palabras que agora nunca se achegan nen tan sequera aos vinte versos (3nt993).</i></p>	$Cau / Ax^a + Pac^b + Dt^c$
<p>v.p. 7b. Aproximarse {unha data, un acontecemento}<sup>a/b</sup> {ó momento presente}<sup>c</sup>.</p> <p><i>A medida que se achegaba a data do concerto, as cantidades en compra disminuían (3nt993).</i></p>	$Cau^a + Pac^b + Dt^c$

### III. Acción: realizar unha actividade intelectual

Ó igual ca *chegar*, este verbo pode indicar un movemento ou desprazamento mais a nivel intelectual co fin de realizar unha determinada actividade.

<p>v.t. 8. Recoller, reunir {alguén}<sup>a</sup> {ideas, datos, etc.}<sup>b</sup> {para contribuír a algo}<sup>c</sup>.</p> <p><i>Ganoso d'achegar datos que o convencesen da verdá ou non verdá do que dicía (VALMAX880).</i></p>	$Ax^a + Pac^b + Dt^c$
<p>v.t. 9. Ofertar {alguén}<sup>a</sup> {algo}<sup>b</sup>, incluír algo {para un fin}<sup>c</sup>.</p> <p><i>A documentación que deberá achegar é a seguinte (PNR997).</i></p>	$Ax^a + Pac^b + Dt^c$
<p>v.t. 9a. Adxuntar {alguén}<sup>a</sup> {algo}<sup>b</sup> {con algo}<sup>c</sup> {para un fin}<sup>d</sup>.</p> <p><i>Os traballos faránse achegar dunha ficha técnica, e conterán un lema alusivo ó feito escollido (3nt993).</i></p>	$Ax^a + Pac^b + Md^c + Dt^d$
<p>v.p. 10. Consultar, oír, atender {alguén}<sup>a/b</sup> {algo}<sup>c</sup>.</p> <p><i>Por iso ceccais, o que fala co'il, o que s'achega ao seu criterio decote atinado e xusto, tén que depender con el moitas cousas (RISMIT934).</i></p>	$Ax^a + Pac^b + Dt^c$
<p>v.p. 11. Tratar de algo, ocuparse {alguén}<sup>a/b</sup> {con algo}<sup>c</sup>.</p> <p><i>Poucas veces un escritor se achegou ó seu tema con máis interrogación na ialma como as que levaba Castelao cando se achegou ós seus cruceiros (CUEPRO962).</i></p>	$Ax^a + Pac^b + Dt^c$



#### IV. Relación

Finalmente, a aproximación pode ser a nivel afectivo ou amoroso.

v.p. 12. Acollerse {alguén} <sup>a/b</sup> {ó amparo ou protección de alguén} <sup>c</sup> . <i>Sempre se achega á xente poderosa, para aproveitarse das súas influencias.</i>	$Ax^a + Pac^b + Dt^c$
v.p. 13. Facer {alguén} <sup>a/b</sup> vida de matrimonio {con alguén} <sup>c</sup> sen estar casados. <i>Tiña un noivo desde había moito tempo e acabou achegándose con el.</i>	$Ax^a + Pac^b + Benef^c$

Como vimos, a información semántica deste verbo vese mediatizada por un criterio: a presenza de desprazamento físico. Segundo este, podemos establecer as seguintes dúas situacións e os seus correspondentes ES básicos.

1. Con desprazamento físico. Son accións causativas, é dicir, existe unha figura que causa ou provoca o movemento cara a un destino determinado que padecerá outro. Este ES vese estendido nunha acepción coa especificación do *benefactario* da acción.

$Ini + Mb + Dt$

2. Sen desprazamento físico e causativo; a acción pode ser provocada por unha figura que conta con [+control] sobre ela, isto é, un *axente* ou, pola contra, ser un elemento, unha *causa* que produce o resultado final, pero non presenta control do proceso.

$Cau / Ax + Pac + Dt$

Ó igual có ES causativo con movemento, este vese estendido nunha acepción coa especificación, neste caso, do *modo* da acción. Ademais hai unha variante do ES base, que é a substitución do destino polo beneficiario da acción, ó fusionarse o lugar final de chegada do desprazamento metafórico co que se beneficia tamén desa acción.

$Ax + Pac + Benef$

É relevante observar como ó longo de toda a exposición se puido comprobar que a pronominalización do verbo condiciona o tipo de causatividade da acción, xa que o iniciador ou causante da acción coincide co móbil ou paciente desta; pero, a pesar disto, mantense como unha construción causativa. Polo tanto, a información semántica neste verbo tampouco presenta moitas opcións combinatorias.

#### 3.2.2.1.4.2. Traer

Xunto de *achegar*, este verbo definímolos como focalizador do destino (explicitado ou non) dun desprazamento centrado na dirección seguida. Son os dous transitivos, pero mentres para *achegar* a causatividade é absoluta, con *traer* as estruturas causativas conviven coas non causativas. De todos os xeitos, a non causatividade é unha posibilidade para *traer* moi reducida: só recolleemos dúas acepcións non causativas. Por conseguinte, aínda que non é a única opción, si é a máis esperable tamén para *traer*.

Por outra banda, a pesar de compartiren *traer* e *achegar* a maioría das macroacepcións comúns tamén para o conxunto dos verbos de movemento analizados, o primeiro cobre unha gama de sentidos máis ampla. Aparecen as macroacepcións LOC (ausente, polo de agora, só en *mover* e *achegar*) e EST. Simultaneamente, ó seren máis os significados englobados por *traer* é explicable que este verbo esixa un maior número de ES ca *achegar*.

Á súa vez este verbo mantén unha estreita relación con outro lexema de movemento. *Traer* configura con *levar* un par en tensión ó describir un mesmo movemento con sentidos opostos. Comparten boa parte do corpo semántico, os dous son verbos transitivos e fundamentalmente esixen estruturas causativas; ademais, *levar* contén no seu ES tamén o Dt como un elemento nuclear (véxase cap. 4.).

### I. Movemento con ou sen desprazamento

Inclúese neste grupo un dos dous casos de construción non causativa que rexistramos neste verbo: o obxecto marca a dirección do desprazamento [*Ou sea que tràn a ruta pola igrlesia de Calvor (LCAFAL990)*] e non, como acontece nas restantes acepcións, o móbil, é dicir, a realidade que padece o desprazamento [*Ei, rapaz, trai un vaso de viño pró Sr. Pedro (VPOALM922)*].

Cos restantes sentidos o ES básico é triactancial. Configúranos quen ou o que inicia/causa o desprazamento, o que realiza a acción e, finalmente, o destino locativo. Como se ve, é o mesmo ES que presenta *achegar* ó indicar un desprazamento no plano físico.

Por último, chamamos a atención sobre o feito de que algunhas destas acepcións poden presentarse en situacións onde o movemento non carrega necesariamente desprazamento. En *trae para aquí a man*, non hai desprazamento xa que a *man* non

Delimitación do significado verbal e dos seus esquemas semánticos

vai abandonar nunca o seu corpo; mais estes non deixan de ser valores contextuais. Polo tanto, a diferenza entre movemento con ou sen desprazamento non vai estar nestes casos necesariamente na acepción, senón na situación comunicativa. Isto último xustifica o tratamento de todo tipo de movemento –con ou sen desprazamento– nun mesmo apartado, do mesmo modo que fixemos con *achegar*.

<p>v.t. 1. Conducir, transportar {alguén}<sup>a</sup> {a alguén ou algo}<sup>b</sup> {ata o lugar onde se atopa o que fala}<sup>c</sup>.</p> <p><i>Ei, rapaz, trai un vaso de viño pró Sr. Pedro</i> (VPOALM922).</p> <p><i>Antes traga a proveta com água destilada...</i> (L0045).</p>	$\text{Ini}^a + \text{Mb}^b + \text{Dt}^c$
<p>v.t. 1a. Conducir, transportar {alguén}<sup>a</sup> {a alguén}<sup>b</sup> {ata un lugar}<sup>c</sup> para facer algo propio dese sitio.</p> <p><i>Non sei se os esporadores de Turfan, Kyzil, etc. que tan fermosas cousas trouxeron pra iste Museu, estudaron aquilo</i> (RISMIT934).</p>	$\text{Ini}^a + \text{Mb}^b + \text{Dt}^c$
<p>v.t. 1b. Vir {alguén}<sup>a</sup> {con algo}<sup>b</sup> {a un lugar}<sup>c</sup>.</p> <p><i>Iban e pra traer tres pesos, ou trece pesetas, xa facía falta ir cargada</i> (REGTD989).</p> <p><i>Trazendo assim o dinheiro necessário</i> (L0409).</p>	$\text{Ini}^a + \text{Mb}^b + \text{Dt}^c$
<p>v.t. 1c. Conducir, transportar {alguén}<sup>a</sup> {cunha determinada finalidade}<sup>d</sup> {unha cousa ou persoa}<sup>b</sup> {ata o lugar onde se atopa o que fala}<sup>c</sup>. OBS. Constrúese con [a/para + inf].</p> <p><i>Alghús eran amigos doutras veces e traíamolos a comer ó noso barco</i> (PEAHOM004).</p> <p><i>Veremos se é preciso trazer roupa dela para a defumarmos</i> (L0296).</p>	$\text{Ini}^a + \text{Mb}^b + \text{Dt}^c + \text{Fin}^d$
<p>v.t. 2. Conducir {alguén}<sup>a</sup> {a algo ou alguén}<sup>b</sup> {a un sitio}<sup>c</sup> para estar un tempo.</p> <p><i>¿E logo qué te trouxo por aquí?</i> (LPXCON928).</p>	$\text{Ini}^a + \text{Mb}^b + \text{Dt}^c$
<p>v.t. 2a. Conducir {alguén}<sup>a</sup> {a alguén ou algo}<sup>b</sup> {a un lugar}<sup>c</sup> para quedar nel.</p> <p><i>–É que traéranos pá casa, e criáranos na casa e cuidáranos...</i> (REGTD989).</p> <p><i>Recorde-se que o Desportivo Sesimbrense foi a primeira equipa a trazer uma Taça CERS para Portugal</i> (J26858).</p>	$\text{Ini}^a + \text{Mb}^b + \text{Dt}^c$
<p>v.t. 3. Trasladar {alguén}<sup>a</sup> de lugar {un servizo, instrumento, etc}<sup>b</sup> para levalo {a outro}<sup>c</sup>.</p> <p><i>[A festa] era na plaza de Santa María (...) e despois trouxérona aquí pra...estoutro lado</i> (REGTD989).</p>	$\text{Ini}^a + \text{Mb}^b + \text{Dt}^c$
<p>v.t. 4. Conducir {alguén}<sup>a</sup> {consigo}<sup>d</sup> {a alguén}<sup>b</sup>, ter a mesma dirección ou ir xuntamente {a un sitio}<sup>c</sup>.</p> <p><i>Era cego, de pernas tortas, andaba descalzo e sin sombreiro, traíao da mau unha muller i era nativo da parte de Lugo</i> (LENETN939).</p> <p><i>Nuno Ribeiro fez um excelente trabalho e trouxe-me durante os últimos três quilómetros</i> (J43051).</p>	$\text{Ini}^a + \text{Mb}^b + \text{Dt}^c + \text{Md}^d$

Delimitación do significado verbal e dos seus esquemas semánticos

<p>v.t. 4a. Conducir {algo ou alguén}<sup>a</sup> {a distintas entidades}<sup>b</sup> {conxuntamente}<sup>d</sup> {a un lugar}<sup>c</sup>. OBS. Constrúese coa prep. <i>con</i>.</p> <p><i>Cando a terra estaba toda así levantada trouxo Dios o xeneral Carrera con dez ou doce cañons grandes (FNZPRO810).</i></p>	<p>Ini<sup>a</sup> + Mb<sup>b</sup> + Dt<sup>c</sup> + Md<sup>d</sup></p>
<p>v.t. 4b. Transportar {alguén}<sup>a</sup> {nun vehículo}<sup>d</sup> {a algo ou a alguén}<sup>c</sup> {ata un lugar}<sup>c</sup>.</p> <p><i>E...e despois, traguía-la rapaza na bicicleta (REGTD989).</i></p> <p><i>Tive de falar com um polícia e ele convenceu um taxista a trazer-me até à esquadra da Bela Vista (J52663).</i></p>	<p>Ini<sup>a</sup> + Mb<sup>b</sup> + Dt<sup>c</sup> + Md<sup>d</sup></p>
<p>v.t. 5. Agasallar, {alguén}<sup>a</sup> darlle {algo}<sup>b</sup> {a alguén}<sup>c</sup>.</p> <p><i>Erguendo unha dourada espiga de millo que lle trouxera con tudo agarimo (ALSCON955).</i></p> <p><i>Na rua, os habitantes de Gonesse quiseram partilhar o luto das familias, trazendo-lhes ramos de flores (J35298).</i></p>	<p>Ini<sup>a</sup> + Mb<sup>b</sup> + Benef<sup>c</sup></p>
<p>v.t. 6. Desprazarse {unha persoa}<sup>a</sup> {por un camiño ou cunha determinada dirección}<sup>b</sup>.</p> <p><i>Ou sea que tràn a ruta pola igreia de Calvor (LCAFAL990).</i></p> <p><i>Andou quase meia légua pelo caminho que ele traria (L0486).</i></p>	<p>Mb<sup>a</sup> + Dt<sup>b</sup></p>

F1. **Traer camiño (andado)**. Levar parte do traballo realizado, estar en desenvolvemento para alcanzar un fin.

F2. **Traer ó mundo / Trazer ao mundo**. Parir.

F2a. **Traer á vida / Trazer à vida**. 1. Renacer. 2. Parir.

F3. **Traer a man, as cinco**. Darlle a man a alguén.

F3a. **Traer á man / Trazer à mão**. Pór ó dispor de alguén, achegarlle algo.

F4. **Traerlle un conto a**. Contarlle un ruxerruxe a alguén.

F5. **Dios o traia / Deus o traga**. Expresión que implica que veña ben ou para ben algo ou alguén.

F6. **Traer para a mesa / Trazer para a mesa**. Presentar un asunto, querer tratalo.

F6a. **Traer á baila / Trazer à baila**. Facer entrar na orde do día un feito ou asunto, normalmente dunha forma inesperada ou inoportuna.

F7. **Traer á superficie / Trazer à superfície**. Facelo presente, notable, patente.

F7a. **Traer á tona / Trazer à tona**. Facelo presente, notable, patente.

F8. **Traer pola rúa da amargura.** Facer que alguén estea mal, preocupado ou incómodo.

## II. Localización

*Achegar* non presenta esta opción semántica que *traer* comparte coa maioría dos verbos de movemento con desprazamento; mais é de destacar que incluso nesta macroacepción a causatividade non desaparece. Ademais, nestas acepcións a localización é situacional e non extensiva, ou sexa, marca o *lugar en* que se encontra unha determinada realidade e non a súa extensión, o espazo polo que se desenvolve; este tipo de localización non é exclusivo de *traer* mais é minoritario no conxunto dos verbos de movemento.

<p>v.t. 7. Facer {alguén}<sup>a</sup> que {alguén ou algo}<sup>b</sup> ocupe {un espazo ou lugar}<sup>c</sup> a respecto doutro.</p> <p><i>Unha recua de mulas que traguían tras diles deixaron as cargas polo cavorco adiante (FOLLUS953).</i></p> <p><i>Descalços, desmontados das suas bestas e trazendo diante de si os bois já apaziguados, ouvi que lhes falavam (L0518).</i></p>	$Ax^a + Pac^b + Loc^c$
---	------------------------

## III. Mudanza de estado

Só nunha acepción se recolle a descrición dun estado de cousas en proceso. Son poucos os verbos que, baixo esta macroacepción, presentan estruturas causativas coma *traer* aquí.

<p>v.t. 8. Facer {alguén ou algo}<sup>a</sup> que {outro}<sup>b</sup> mude de {estado}<sup>c</sup>.</p> <p><i>Pero tamén era un bon propagandista pra... traendo... traendo xente prás dreitas (REGTD989).</i></p> <p><i>Utilizando-se da invasão alemã para tentar catequisar os russos e até trazê-los de novo à obediência romana (J34887).</i></p>	$Cau / Ax^a + Pac^b + Dt^c$
--	-----------------------------

F9. **Traer ó rego / Trazer à rédea.** Facer que volva a acatar as ordes, que volva ter un comportamento xuízoso.

**IV. Estado**

A variación semántica deste grupo reflíctese na pluralidade de figuras que desenvolven a figura que inicia a acción: causa, cando unha realidade provoca un efecto padecido por outro, mais faino sen que exista control pola súa parte; axente, neste caso a súa natureza [+humana] carrega control sobre a acción; finalmente, entidade, na que nin existe control nin tampouco unha necesaria iniciación do proceso.

<p>v.t. 9. Manter {alguén}<sup>a</sup> {dun modo determinado}<sup>c</sup> {algo ou a alguén}<sup>b</sup>.  <i>O Jean ao menos trá-la [a casa] bastante limpa (L0290).</i>  <i>S' eu traguíaa [a bicicleta] limpa com' agora traio o meu coche (REGTD989).</i></p>	$Ax^a + Pac^b + Md^c$
<p>v.t. 10. Levar {algo ou alguén}<sup>a</sup> {a alguén}<sup>b</sup> {a unha situación}<sup>c</sup>.  <i>Teño un certo problema que me trae amolado (PNR997).</i>  <i>Uma vez mais, é a questão da segurança que traz preocupados, apesar de confiantes, os organizadores (J43519).</i></p>	$Cau / Ax^a + Pac^b + Md^c$
<p>v.t. 11. Contar {alguén ou algo}<sup>a</sup> {cun problema, pensamento, etc}<sup>b</sup>.  <i>Miña mai, en paz estea, conoceume [...] conoceu que traguía algo (REGTD989).</i>  <i>E desse novo interesse nasceram certas dúvidas, ou certas dúvidas, que eu trazia em mim (L0019).</i></p>	$Ax / Ent^a + Pac^b$
<p>v.t. 11a. Posuír {alguén ou algo}<sup>a</sup> {unha certa característica ou propiedade física ou psíquica}<sup>b</sup>.  <i>Porque naquel tempo non se levaba o pelo corto e traíase en trenzas. (CEFLUG963).</i>  <i>O modelo de entrada de gama desta nova série de portáteis traz 64 MB de memória (J34923).</i></p>	$Ax / Ent^a + Pac^b$
<p>v.t. 11b. Conter, incluír {algo}<sup>a</sup> {outro algo}<sup>b</sup> na súa configuración.  <i>Algún tempo chamabase caghetillas de noventa; traían vinte cigarros (REGTD989).</i>  <i>O Tal &amp; Qual, na última edição, trouxe à primeira página uma história de alegados favorecimentos pessoais (J26377).</i></p>	$Ent^a + Pac^b$
<p>v.t. 11c. Incluír, conter, ter {alguén}<sup>a</sup> enriba ou no corpo {algo}<sup>b</sup>.  <i>Traigo seis pesos (REGTD1989).</i>  <i>Escrupulizam em não caldearem o sangue antigo que trazem nas veias (L0432).</i></p>	$Ax^a + Pac^b$
<p>v.t. 11d. Levar {alguén}<sup>a</sup> {algo}<sup>b</sup> posto.  <i>Non é estrano cuas barbas que traio (PRICON958).</i>  <i>Trazem logo a marca da casa (763P182).</i></p>	$Ax^a + Pac^b$

**F10. Traer no colo / Trazer ao colo.** Ter un neno sobre o peito.

**F10a. Traer nos brazos / Trazer nos braços.** Ter un neno sobre o peito.

F11. **Traer sabido.** Estar ou ter experiencia con algo.

F12. **Traer de cabeza a.** Preocupar, ocupar a alguén un asunto.

F13. **Traer entre mans / Trazer entra mãos.** Estar ocupado cun asunto.

F13a. **Trazer na manga.** Estar ocupado cun asunto.

F14. **Traer sempre na boca / Trazer sempre na boca.** Falar ou mencionar continuamente un mesmo asunto.

F14a. **Trazer na ponta da língua.** 1. Falar sempre de algo. 2. Ter preparado un discurso, unha resposta, algo para dicir.

F15. **Traer no sangue / Trazer no sangue.** Herdar, virlle de familia; ter algo dun modo intrínseco.

F16. **Trazer por casa.** Non formal, non ben elaborado, a sucio.

F17. **Trazer debaixo de ollo.** Gustarlle, escoller a alguén.

F18. **Traer na palma da man, en palmas / Trazer nas palminhas.** Darlle todos os caprichos a alguén, coidalo ben.

F19. **Trazer fogo nas rodas.** Apurar, correr moito, andar con moita présa.

## V. Acción

Nas seguintes acepcións hai un desprazamento metafórico, desenvolvido nun plano diferente ó espacial; alén disto, aínda observándose a relación existente coa macroacepción primeira, o movemento físico non é a idea central; *traer* adquire outros matices de significado.

Aquí rexistramos a segunda estrutura non causativa de *traer*. A rareza na ausencia dun iniciador da acción dentro deste verbo explica que a estrutura non causativa presentada se encontre, semanticamente, na fronteira coa causatividade.

A partir da acepción 15, na actividade a idea de movemento dilúese progresivamente ata desaparecer en sentidos como ‘facer, encargarse de algo’; nestas acepcións a acción desenvólvese ora no eido intelectual ora no físico.

Delimitación do significado verbal e dos seus esquemas semánticos

<p>v.t. 12. Mercar {alguén}<sup>a</sup> {algo}<sup>b</sup> {nun lugar}<sup>c</sup>.  <i>Diciám' o qu' había que traer, co pescado qu' había que ser, eh</i> (REGTD989).  <i>Vá mas é ao supermercado e traga-me aquele produtozinho para os azulejos</i> (L0216).</p>	$Ax^a + Pac^b + Or^c$
<p>v.t. 13. herdar {alguén}<sup>a</sup> {algo}<sup>b</sup> {de algo ou alguén}<sup>c</sup>.  <i>A min, oh musa, a patria me recorda que trae o nome seu dun ponte vello</i> (PINGAI853).</p>	$Ax^a + Pac^b + Or^c$
<p>v.t. 14. Ser {algo}<sup>a</sup> a causa de {algo que se expresa}<sup>b</sup>, vir unha cousa con outra {a un lugar}<sup>c</sup>.  <i>Os ecrites nunca trougueron cousa boa a iste mundo</i> (LENETN939).  <i>O próximo congresso não trará novidades</i> (J53148).</p>	$Cau^a + Pac^b + Dt^c$
<p>vt. 15. Presentar, recoller {alguén}<sup>a</sup> {algo non físico}<sup>b</sup> {para algo}<sup>c</sup>.  <i>A investigadora Fátima Patriarca, do Instituto de Ciências Sociais (ICS), traz novos dados</i> (J52658).</p>	$Ax^a + Pac^b + Dt^c$
<p>v.t. 16. Levar {alguén ou algo}<sup>a</sup> {un tema ou cuestión}<sup>b</sup> {a unha conversa, debate, etc}<sup>c</sup>.  <i>Toda esta relación trago-vola aquí pra que vexades en qué mans caieu esa criatura</i> (LFRNIN905).  <i>Pedro Amaral, compositor, traz à discussão a «Simbologia do número como metáfora para a composição musical»</i> (J60710).</p>	$Cau / Ax^a + Pac^b + Dt^c$
<p>v.t. 16a. Evocar, lembrar, facer {alguén ou algo}<sup>a</sup> xurdir {algún sentimento, idea ou lembranza}<sup>b</sup> {en alguén}<sup>c</sup>.  <i>Soños de mocidade, no meu tempo d'introversión rigurosa, qu' agora tan raramente podu traquer a min</i> (RISMIT934).  <i>Eu poderia perfectamente não trazer do passado, mesmo próximo, responsabilidade alguma</i> (L0342).</p>	$Cau / Ax^a + Pac^b + Benef^c$
<p>v.t. 17. Facer, encargarse {alguén}<sup>a</sup> {de algo}<sup>b</sup>.  <i>Si un podía traer tre' regos tra'os</i> (REGTD989).</p>	$Ax^a + Pac^b$
<p>v.t. 17a. Levar {alguén}<sup>a</sup> feito, ter {unha certa cantidade feita ou concluída de algo}<sup>b</sup>.  <i>Silenciosamente começou a colher a erva em redor da sepultura: trazia já um braçado, e agachado, ia escolhendo a de um verde mais claro</i> (L0508).</p>	$Ax^a + Pac^b$
<p>v.t. 18. Actuar {alguén}<sup>a</sup> {dun modo}<sup>b</sup>.  <i>I antón a Maruja do Correo cos secretos todos que se traía pra faélos vistidos</i> (PSATDI987).  <i>A que paixão se traz agora aforado o coração?</i> (L0523).</p>	$Ax^a + Md^b$
<p>v.t. 18a. Traballar {alguén}<sup>a</sup> especificando {as ferramentas}<sup>b</sup>.  <i>Na Póvoa há o homem livre e o homem empregado, isto é, o que traz rês de outra pessoa</i> (L0009).</p>	$Ax^a + Pac^b$

F20. **Traer cola.** Provocar consecuencias, debate, discusión...

F21. **Traer a xogo / Trazer a jogo.** Vir a propósito.



F21a. **Traer a colación / Trazer à colação.** Vir a propósito.

**VI. Relación**

O máis destacable desta acepción é o feito de o verbo rexer a presenza dun complemento introducido por preposición *con*. A causatividade tamén se mantén aquí.

<p>v.t. 19. Ter, manter {alguén}<sup>a</sup> {un tipo de trato}<sup>b</sup> {con alguén}<sup>c</sup>. OBS.                  Constrúese coa prep. <i>con</i>.  <i>Coidando que non se lle despintaban ó señor abade os tratos íntemos que tragúa co demo</i>                  (LAMGAL887).</p>	<p>Ax<sup>a</sup> + Pac<sup>b</sup> + Benef<sup>c</sup></p>
---	---

A causatividade e a presenza do sema de desprazamento son criterios fundamentais para a delimitación dos ES básicos de *traer*.

1. Desprazamento.

O ES habitual nos desprazamentos é causativo triactancial: un rol que causa ou inicia a acción acompáñase de quen a padece e xunto destes especificase o destino do desprazamento.

Ini + Mb + Dt

A este pódenselle engadir complementacións modais *–finalidade* ou *modo*– a respecto da maneira en que se desenvolve o desprazamento. Ademais, o destino se ten un carácter [+humano] é habitual que máis que indicar un locativo final, sexa o *benefactario* do movemento referido.

Un segundo ES é non causativo; a figura de iniciador ou causa da acción desaparece, xa que se foca exclusivamente quen ou que realiza o desprazamento e a vía pola que este se desenvolve. É de destacar que só unha das acepcións de *traer* con movemento presenta este ES.

Mb + Dt

2. Non desprazamento.

As restantes situacións pódense reducir a tres ES: un triactancial, un biactancial causativo e un biactancial non causativo.

No ES de tres roles recóllese unha figura que realiza ou causa a acción, unha outra que a padece e unha terceira figura que, segundo o significado, pode ser ora o *destino* (non necesariamente físico) final da acción, a *orixe*, a *localización* do paciente, o *modo* ou o *benefactario* na realización da actividade. As opcións do terceiro rol son (agás a orixe) ampliacións, por extensión semántica do verbo, todas elas do destino do desprazamento.

Cau / Ax + Pac + Dt / Benef / Loc / Md / Or

O ES anterior pode verse reducido a unha construción biactancial causativa, onde só se requiren os dous primeiros roles da proposta anterior. Destacamos que en ningún caso xorde unha *causa* [-humana] cando non existe unha terceira figura que especifique cal é o punto final ou o modo alcanzado polo proceso causativo referido.

Ax / Ent + Pac

E, finalmente, queda un último ES biactancial, pero non causativo; quen ou o que realiza a acción acompáñase co modo en que esta se desenvolve, desaparecendo a figura de paciente dunha situación provocada por un outro. Novamente, este ES non causativo só se recolle nunha acepción e ten unha natureza non causativa ambigua.

Ax + Md

Deste modo podemos concluír que a non causatividade en *traer* non é máis que unha posibilidade practicamente anecdótica, ó estarmos a referirnos a dúas acepcións dun amplo abano de significados e a 97 rexistros dun total de practicamente 2500.

### 3.2.2.2. Verbos que focalizan a orixe

Neste apartado imos centrarnos naqueles verbos a través dos que se presenta como punto de referencia do movemento a orixe. Moitas destas unidades verbais xa foron referidas como opostos de lexemas que sitúan a atención no destino do movemento. Así, mentres *saír*, *marchar* ou *levar* se centran no lugar de partida, independentemente de que estea explícito ou non, *entrar*, *chegar* ou *traer* fano no de chegada. Polo tanto, son parellas que se colocan nos espazos opostos da liña do movemento, son pares en tensión.

Tal e como acontecía nos verbos de desprazamento do grupo anterior, a transitividade é un aspecto que utilizamos para subagrupar estes verbos. Coas unidades focalizadoras do destino observamos que esta oposición trae consecuencias

semánticas, entre as que destaca a presenza de estruturas causativas. Nestas páxinas observamos que existen os mesmos efectos a partir da transitividade para os verbos de movemento con desprazamento focalizadores da orixe.

Finalmente, resta indicar que os verbos tratados neste apartado, ó focalizar a orixe do desprazamento, non teñen necesidade de explicitar o destino deste. É dicir, todos eles poden presentar dous tipos de estruturas segundo expliciten o destino (*vimos á túa casa*) ou non (*vimos da festa todos contentos*); poden ser, entón, télicos ou atélicos.

### **3.2.2.2.1. Verbos transitivos: levar**

A acción de transportar algo dun lugar a outro pode ser formulada de dúas maneiras diferentes: observando a mudanza como o abandono dun lugar por esa realidade ou, pola contra, como a chegada ó destino proxectado. Esa dobre opción explicitase con lexemas diferentes, a través do par en tensión *levar-traer*. Agora imos tratar o proceso ollándoo como un movemento con desprazamento no que se deixa un lugar, isto é, polo prisma que nos ofrece *levar*.

É un verbo de desprazamento transitivo, no que os roles que entran en escena poden desenvolverse nunha acción causativa ou non. Esta é a presentación xeral desta unidade, mais inclúe particularidades de comportamento que debemos revisar.

#### **I. Movemento con desprazamento**

O desprazamento indicado por un verbo transitivo pode ser ora causativo ora non causativo, é dicir, ou hai unha figura que causa ou inicia o desprazamento padecido por outra ou quen o experimenta e quen o produce é unha mesma realidade. *Levar* cobre as dúas opcións, aínda que dominando claramente a causativa. Como se recolleu para *traer*, só cando o rol sintáctico OD desenvolve o papel de vía pola que se desenvolve o desprazamento a causatividade desaparece; nos restantes casos sempre xorde un *iniciador* do movemento que o desenvolve un *móbil* diferente.

Delimitación do significado verbal e dos seus esquemas semánticos

<p>v.t. 1. Facer {alguén ou algo}<sup>a</sup> que {algo ou alguén}<sup>b</sup> vaia {dun sitio}<sup>c</sup> {a outro}<sup>d</sup>.</p> <p><i>Alí apañan castañas, i alí levan viño, coñá, ¡el demonio levan pr'ali!</i> (FRETGE985).</p> <p><i>O condutor tinha aproveitado a pausa para ir levar a casa o colega que o acompañava</i> (J52574).</p>	<p><math>\text{Ini}^a + \text{Mb}^b + \text{Or}^c + \text{Dt}^d</math></p>
<p>v.t. 1a. Facer {alguén ou algo}<sup>a</sup> que {algo ou alguén}<sup>b</sup> vaia {dende un punto}<sup>c</sup> {a través dun espazo}<sup>d</sup>. OBS. Constrúese coa prep. <i>por</i>.</p> <p><i>Iste meu ollar han levar polo mundo adiante o esprito do meu pai morto na frol da vida</i> (OPEMAO928).</p> <p><i>Ao largo passava um corvo a levar por lá a boa nova</i> (L0284).</p>	<p><math>\text{Ini}^a + \text{Mb}^b + \text{Or}^c + \text{Dt}^d</math></p>
<p>v.t. 1b. Facer {alguén ou algo}<sup>a</sup> que {algo ou alguén}<sup>b</sup> vaia {dun sitio}<sup>c</sup> {a outro}<sup>d</sup> {dun determinado modo}<sup>e</sup>.</p> <p><i>El Rei era xusto, baixaba ó peirao a ollar as naves, levando da manciña a Hamlet</i> (CUNHAM958).</p> <p><i>Foi quando percebi que o tio Herculano quase o levava em peso pelo ar e preso pelo pescoço</i> (L0518).</p>	<p><math>\text{Ini}^a + \text{Mb}^b + \text{Or}^c + \text{Dt}^d + \text{Md}^e</math></p>
<p>v.t. 1c. Facer {alguén ou algo}<sup>a</sup> que {algo ou alguén}<sup>b</sup> vaia {dun lugar}<sup>c</sup> {para outro}<sup>d</sup> onde permanecerá, cando menos, un tempo.</p> <p><i>Hoxe pola mañán, cando me levaron para o corredor do patio, ao sentir o sol pousado na miña pel, dixen</i> (CSRVEN981).</p> <p><i>Tejan Kabbah, foi entregue, na quarta-feira, aos militares británicos, que o levaram de helicóptero para um lugar seguro</i> (J60741).</p>	<p><math>\text{Ini}^a + \text{Mb}^b + \text{Or}^c + \text{Dt}^d</math></p>
<p>v.t. 1d. Transportar {alguén ou algo}<sup>a</sup> {a alguén ou algo}<sup>b</sup> {dende un lugar}<sup>c</sup> {cara a un determinado lugar}<sup>d</sup>, marcando a dirección.</p> <p><i>Cuando o iban levando polo camiño inda choraba con máis forza</i> (PRICON958).</p>	<p><math>\text{Ini}^a + \text{Mb}^b + \text{Or}^c + \text{Dt}^d</math></p>
<p>v.t. 1e. Facer {alguén ou algo}<sup>a</sup> que {algo ou alguén}<sup>b</sup> vaia {dun sitio}<sup>c</sup> {a outro}<sup>d</sup> ou chegue a un lugar determinado {para facer algo}<sup>e</sup>. OBS. Constrúese con [a/para/0 + inf].</p> <p><i>Per' aora lévanas parir á casa</i> (REGTD989).</p> <p><i>Libertou servos que um Senhor duro levava a enforcar por eles não lhe terem tirado o barrete na estrada</i> (L0299).</p>	<p><math>\text{Ini}^a + \text{Mb}^b + \text{Or}^c + \text{Dt}^d + \text{Fin}^e</math></p>
<p>v.t. 2. Facer {alguén ou algo}<sup>a</sup> ir {algo ou a alguén}<sup>b</sup> {con un mesmo}<sup>c</sup> {dun lugar}<sup>c</sup> {a outro sitio}<sup>d</sup>.</p> <p><i>Dixenche que meu pai onte foi á canteira e levoum'a min un día</i> (COSTDI986).</p> <p><i>O meu tio que gastava as noites todas, e o dinheiro que ganhava, no Casino, levava-me às vezes consigo</i> (L0342).</p>	<p><math>\text{Ini}^a + \text{Mb}^b + \text{Or}^c + \text{Dt}^d + \text{Cía}^e</math></p>
<p>v.t. 2a. Facer {alguén ou algo}<sup>a</sup> ir {algo ou a alguén}<sup>b</sup> {con un mesmo}<sup>c</sup> {dun lugar}<sup>c</sup> {a outro sitio}<sup>d</sup>. OBS. Constrúese coa prep. <i>por</i>.</p> <p><i>Levou-me por ruas em que o sol pardacento amortecía o contraste da brancura da cal</i> (L0064).</p>	<p><math>\text{Ini}^a + \text{Mb}^b + \text{Or}^c + \text{Dt}^d + \text{Cía}^e</math></p>
<p>v.t. 2b. Facer {alguén ou algo}<sup>a</sup> ir {algo ou a alguén}<sup>b</sup> {con un mesmo}<sup>c</sup> {dun lugar}<sup>c</sup> {a outro}<sup>d</sup> onde permanecerá un tempo. OBS. Constrúese coa prep. <i>para</i>.</p> <p><i>Xan Soldado, eu veñote a buscar pra levarte pra o outro mundo</i> (PRICON958).</p> <p><i>Por fim, disse ao pai que a levasse algum tempo para Madrid</i> (L0289).</p>	<p><math>\text{Ini}^a + \text{Mb}^b + \text{Or}^c + \text{Dt}^d + \text{Cía}^e</math></p>

Delimitación do significado verbal e dos seus esquemas semánticos

<p>v.t. 2c. Facer {alguén ou algo}<sup>a</sup> ir {algo ou alguén}<sup>b</sup> {con un mesmo}<sup>d</sup> {dun lugar}<sup>c</sup> contra a súa vontade.</p> <p><i>Deix'a ver pra 'nde nos levan ou se nos matan ou...</i> (REGTD989).</p> <p><i>Diabos me levem se não estava ali um príncipe!</i> (J34769).</p>	$\text{Ini}^a + \text{Mb}^b + \text{Or}^c + \text{Dt}^d$
<p>v.t. 2d. Facer {alguén ou algo}<sup>a</sup> ir {algo ou alguén}<sup>b</sup> {dun lugar}<sup>c</sup> {con un mesmo}<sup>d</sup> {a outro lugar}<sup>e</sup> {cunha determinada finalidade}<sup>f</sup>. OBS. Constrúese con [a/0 + inf].</p> <p><i>Pero despois dedicom' ó ganao, a cuidar algo de ganao; Levalas a pacer, tragherlles herba</i> (CACQUE986).</p> <p><i>Esta manhá apareceu Batalha, que almoçou comigo, e que me levou depois ver a casa de Viitor Hugo</i> (L0290).</p>	$\text{Ini}^a + \text{Mb}^b + \text{Or}^c + \text{Cía}^d + \text{Dt}^e + \text{Fin}^f$
<p>v.t. 2e. Facer {alguén ou algo}<sup>a</sup> ir {algo ou alguén}<sup>b</sup> {dun lugar}<sup>c</sup> {a outro}<sup>d</sup> {en calidade de algo}<sup>e</sup>.</p> <p><i>Doña Sabela e os bos xinetes que levou por guardia son xente para todo</i> (CABMAR926).</p> <p><i>Em lugar de caloiros levaste-me por guarda de cristãos francos</i> (L0011).</p>	$\text{Ini}^a + \text{Mb}^b + \text{Or}^c + \text{Dt}^d + \text{Md}^e$
<p>v.t. 3. Facer {alguén ou algo}<sup>a</sup> ir {algo ou alguén}<sup>b</sup> {dun lugar}<sup>c</sup> {a outro}<sup>d</sup> para facer algo propio del.</p> <p><i>Levárona ór médicos a Lugo</i> (LCAFAL990).</p> <p><i>Murphy multiplica-se mais uma vez por uma série de membros da família Klump e leva Janet Jackson ao altar</i> (J61774).</p>	$\text{Ini}^a + \text{Mb}^b + \text{Or}^c + \text{Dt}^d$
<p>v.t. 4. Facer {alguén ou algo}<sup>a</sup> ir {algo ou alguén}<sup>b</sup> {dun lugar}<sup>c</sup> {a outro}<sup>d</sup> {dentro dun contedor ou transporte}<sup>e</sup>.</p> <p><i>O teu avuelo levaba unha ves un avión nunha bicicleta</i> (PSATDI987).</p> <p><i>Baltasar Sete-Sóis leva os ferros no alforge</i> (L0486).</p>	$\text{Ini}^a + \text{Mb}^b + \text{Or}^c + \text{Dt}^d + \text{Md}^e$
<p>v.t. 5. Sacar {alguén ou algo}<sup>a</sup> {a alguén ou algo}<sup>b</sup> {dun sitio}<sup>c</sup>.</p> <p><i>¡Leva-nos deste mundo, estreliña da nosa noite!</i> (CASVEL953).</p> <p><i>Pediu que levasse os gatos, que a deixasse só</i> (L0039).</p>	$\text{Ini}^a + \text{Mb}^b + \text{Or}^c$
<p>v.t. 5a. Traer {alguén}<sup>a</sup> {consigo}<sup>d</sup> {algo}<sup>b</sup> {dun sitio}<sup>c</sup>.</p> <p><i>Por meiciñar á xente i ó gado e por capar, leva cada ano, de cada casa, un ferrado de forraxo</i> (LENETN939).</p> <p><i>Aí tens a chave; procura as peças e leva-as, que eu dou-tas...</i> (L0289).</p>	$\text{Ini}^a + \text{Mb}^b + \text{Or}^c + \text{Md}^d$
<p>v.t. 6. Percorrer {alguén ou algo}<sup>a</sup> {unha vía de comunicación}<sup>b</sup>.</p> <p><i>¡Considera o camiño que levarían!</i> (FNZPRO810).</p> <p><i>Só que a bola nunca levava o rumbo certo</i> (J43063).</p>	$\text{Mb}^a + \text{Dt}^b$
<p>v.t. 7. Conducir {alguén}<sup>a</sup> {un transporte}<sup>b</sup>.</p> <p><i>Tes que te compaxinar moi ben co compañeiro que leva a moto</i> (3nt993).</p> <p><i>Tudo depende do carro que se leva, se é uma ou mais pessoas a conducir, do ritmo que se pretende imprimir</i> (J34646).</p>	$\text{Ini}^a + \text{Mb}^b$

F1. **Levar á mesa / Levar à mesa.** Discutir, tratar algo.

- F2. **Levar a escena / Levar a cena.** Representar.
- F3. **Levar os cartos á casa / Levar o dinheiro a casa.** Gañar un soldo.
- F4. **Levar a bo porto / Levar (o barco) a bom porto.** Facer que se desenvolva satisfactoriamente algo.
- F5. **Non levar a lado ningún / Não levar a parte nenhuma.** Non obter bos resultados; non ser rendible; non ser útil.
- F5a. **Levar pola rúa da amargura.** Facer que alguén estea mal, preocupado ou incómodo.
- F6. **Levar a oito.** 1. Atropelar todo, pasar por riba. 2. Facer algo dunha forma ordenada, sen saltos.
- F6a. **Levar por diante.** Atropelar, destruír algo ou alguén (física, psíquica ou socialmente).
- F6b. **Levar moitos por diante.** Estar en bo estado a pesar da idade avanzada.
- F7. **Levar Deus deste mundo.** Morrer.
- F7a. **Deus o leve.** Expresión que indica desexo de que algo desapareza, marche ou acabe.
- F7b. **Como alma que leva o demo / Como alma que leva o diabo.** Facer algo alguén moi enfadado, rabioso.
- F8. **Levar o vento.** Non se ter en conta, non ter importancia.
- F9. **Levar a (para a casa) / Levar a (para casa).** Casar.
- F10. **Levar o demo / Levar o diabo.** 1. Sufrir un dano moi grande; ter unha grande rabia. 2. Desaparecer alguén.
- F10a. **Como quen ou almas que leva o demo.** Facer algo rapidamente, con présa.
- F10b. **Levar o demo de papas.** Ter o control ou o dominio sobre algo ou unha situación.
- F11. **Levar o mesmo camiño.** Contar coa mesma sorte que outro.
- F11a. **Levar (determinante) camiño / Levar (determinante) caminho.** Actuar, desenvolverse dun modo determinado.

F12. **Levar a bo camiño / Levar a bom caminho.** Facer que se desenvolva satisfactoriamente.

F13. **Levar arriba.** Crecer, saír adiante, non morrer.

F14. **Levar no sangue.** Serlle propio.

F15. **Levar adiante / Levar avante ou à frente.** Defender algo, facer o posible para que se realice.

## II. Movemento sen desprazamento

A estrutura semántica de *levar* referindo un movemento sen desprazamento coincide coa construción causativa daquela na que si o hai.

<p>v.t. 8. Mover {alguén ou algo}<sup>a</sup> {unha parte do corpo}<sup>b</sup> {dun lugar}<sup>c</sup> {a outro}<sup>d</sup>.</p> <p><i>Levou as maus á testa como si nela tivese unha lousa de promo</i> (LAMGAL887).</p> <p><i>Leva então a mão ao bolso e saca a sua pokébola secreta</i> (J52686).</p>	<p>Ini<sup>a</sup> + Mb<sup>b</sup> + Or<sup>c</sup> + Dt<sup>d</sup></p>
---	---

F16. **Levar á boca.** Comer.

## III. Localización

*Levar* pode indicar unha localización extensiva ou, coma *traer*, situacional. Na primeira marca o espazo ou extensión dunha determinada realidade, normalmente unha vía de comunicación, mentres que na segunda especifica en que lugar se encontra a entidade referida.

Alén do dito, baixo esta macroacepción aparece un outro aspecto que debemos destacar: recóllense aquí as únicas estruturas intransitivas do verbo. Estas conviven con construcións transitivas plena ou parcialmente sinónimas. Son sintacticamente diferentes, pero o verbo presenta o mesmo sentido tanto en *a rúa leva á miña casa* con *a rúa lévanos á miña casa* ou en *o teatro leva aí dende 1900* con *o teatro leva aí 100 anos*. Deste modo, as construcións intransitivas podemos interpretalas como estruturas estendidas a partir da habitual transitividade deste verbo, nun primeiro caso elidindo o *móbil* do desprazamento e nun segundo como outra forma de indicar a cantidade, aquí, temporal.

## Delimitación do significado verbal e dos seus esquemas semánticos

<p>v.i. ou v.t. 9. Ter {unha vía de comunicación}<sup>a</sup> unha dirección, indo {dun lugar}<sup>c</sup> {ata outro}<sup>d</sup>. OBS. Cando é transitivo, especificase {quen ou que}<sup>b</sup> se despraza por esa vía.</p> <p><i>¡Camiño de ferradura que levas a Mondoñedo!</i> (CABMAR926).</p> <p><i>Mas não mordía como naquela estrada maldita, sem fim, que os levava não sabiam aonde!</i> (L0583).</p>	<p>Ent<sup>a</sup> + Or<sup>c</sup> + Dt<sup>d</sup></p> <p>Ent<sup>a</sup> + Pac<sup>b</sup> + Or<sup>c</sup> + Dt<sup>d</sup></p>
<p>v.i. ou v.t. 10. Estar {algo}<sup>a</sup> {nun lugar}<sup>b</sup> {durante o tempo especificado}<sup>c</sup>.</p> <p><i>O Teatro Principal de Tui leva aí dende que se inaugurou no ano 1845</i> (PNR997).</p>	<p>Ent<sup>a</sup> + Loc<sup>b</sup> + Md<sup>c</sup></p>

### IV. Mudanza de estado

Nos sentidos encaixados nesta macroacepción desenvólvese unha mudanza no estado de cousas. As súas construcións semánticas son paralelas ás dos que indican un movemento con desprazamento: a causatividade é omnipresente, pero xa non hai un iniciador dun movemento con desprazamento, senón unha causa [-humana] ou un axente [+humano] que inicia o proceso experimentado por outro, un paciente.

<p>v.t. 11. Conducir, guiar {algo}<sup>a</sup> {a algo ou alguén}<sup>b</sup> {dende unha situación}<sup>c</sup> {a outra}<sup>d</sup> nunha dimensión distinta á espacial.</p> <p><i>Abondame, por exemplo, ise azul que me chama, que me leva ao interior de si e do cadro inteiro...</i> (DIEFIE958).</p> <p><i>Os tios tinham sido levados pela grande vaga da emigração para Toronto</i> (L0518).</p>	<p>Cau<sup>a</sup> + Pac<sup>b</sup> + Or<sup>c</sup> + Dt<sup>d</sup></p>
<p>v.t. 12. Ser {alguén ou algo}<sup>a</sup> a causa que fai que {alguén}<sup>b</sup> chegue {dunha situación}<sup>c</sup> {a certo resultado}<sup>d</sup>.</p> <p><i>Os incumprimentos sistemáticos dos acordos poderían levar novamente á folga</i> (3nt586993).</p> <p><i>Depois de dois dias de negociações que, na prática, levaram a pouco ou mesmo nada</i> (J35243).</p>	<p>Cau / Ax<sup>a</sup> + Pac<sup>b</sup> + Or<sup>c</sup> + Dt<sup>d</sup></p>
<p>v.t. 12a. Botar a perder {o tempo}<sup>a</sup> {algo}<sup>b</sup>.</p> <p><i>Caeu pedra durante toda a tarde [...] Chuspiu e pensou: «Levou-no todo»</i> (CSRVEN981).</p>	<p>Cau<sup>a</sup> + Pac<sup>b</sup></p>
<p>v.t. 12b. Destruír {algo}<sup>a</sup> {a algo ou alguén}<sup>b</sup>.</p> <p><i>Pero se viñ'onh'avenida de aghua ghrandísima, pois lovab'aquilo todo polo airo</i> (COSTDI986).</p> <p><i>Incêndios levam cerca de 60 hectares</i> (J53112).</p>	<p>Cau<sup>a</sup> + Pac<sup>b</sup></p>
<p>v.t. 13. Deixar {alguén ou algo}<sup>a</sup> {a alguén ou algo}<sup>c</sup> {sen certa cousa}<sup>b</sup>.</p> <p><i>Despós logo viñ'a fiscalía e levabanos case todo</i> (REGTD1989).</p> <p><i>Os assaltantes entraram por uma janela e levaram cerca de uma centena de contos</i> (J43546).</p>	<p>Cau<sup>a</sup> + Pac<sup>b</sup> + Or<sup>c</sup></p>



Delimitación do significado verbal e dos seus esquemas semánticos

<p>v.t. 14. Achegar, facer {alguén ou algo}<sup>a</sup> {coñecido ou propio}<sup>c</sup> {outro algo}<sup>b</sup> {a alguén}<sup>d</sup>.</p> <p><i>O Arcebispo Xelmírez levara o nome do país a todo o mundo (3nt993).</i></p> <p><i>Procura levar a súa arte –a arte– a bolsas menos abastadas (J59905).</i></p>	$Ax^a + Pac^b + Or^c + Dt^d$
<p>v.t. 15. Facer {alguén ou algo}<sup>a</sup> ir {algo}<sup>b</sup> {dun lugar}<sup>c</sup> {para outro lugar ou contexto}<sup>d</sup>.</p> <p><i>Coida que a experiencia dunha pequena vila podese levar a calquer outra cidade (3nt993).</i></p> <p><i>O novo percurso levaría as águas do río Tiétar a Navalcán (J52976).</i></p>	$Ax^a + Pac^b + Or^c + Dt^d$

F17. **Ir levando a vida.** Subsistir.

F18. **Levar a cabo.** Realizar algo.

F19. **Levar á práctica / Levar à prática.** Realizar no plano real algo teórico.

F20. **Levar a término / Levar a termo.** Terminar algo.

**V. Estado**

Estamos ante a macroacepción que inclúe todos aqueles valores en que o verbo que nos ocupa indica un estado ou o proceso de vivencia deste.

<p>v.t. 16. Estar {alguén}<sup>a</sup> {nunha situación ou nun estado que se expresa}<sup>b</sup>.</p> <p><i>Mercé, non levo apetito (CURDIV880).</i></p> <p><i>Quando vamos para um clube levamos sempre muita sede de triunfar e de conseguirmos o melhor para a equipa (J26089).</i></p>	$Ax^a + Pac^b$
<p>v.t. 17. Experimentar ou soportar {alguén ou algo}<sup>a</sup> {outro algo}<sup>b</sup>.</p> <p><i>Vivían alí unhas xentes que levaban un existir traballoso e duro (CUEPRO962).</i></p> <p><i>Levo em Londres exactamente a mesma vida que levaría se vivesse em Nova Iorque (J43583).</i></p>	$Ax^a + Pac^b$
<p>v.t. 17a. Saír {alguén ou algo}<sup>a</sup> {dun lugar ou circunstancia}<sup>c</sup> {para outro}<sup>d</sup> {cunha determinada experiencia, sensación, etc}<sup>b</sup>.</p> <p><i>¿Que opinión leva do país e da súa música? (3nt993).</i></p> <p><i>Mas levam para a vida noções de dignidade do trabalho (L0085).</i></p>	$Ax^a + Pac^b + Or^c + Dt^d$
<p>v.t. 17b. Recibir {alguén}<sup>a</sup> {algo}<sup>b</sup>.</p> <p><i>¡Ai, mi madre, qué zoupada tan grande levou no cu! (REGTD989).</i></p> <p><i>O Governo levou um ralhete muito duro da Comissão Europeia (J43641).</i></p>	$Ax^a + Pac^b$
<p>v.t. 18. Pasar, durar {alguén ou algo}<sup>a</sup> {un determinado período de tempo}<sup>b</sup>.</p> <p><i>Sabía (...) que levabamos vinte anos –toda a nosa vida– de calculado alonxamento da nosa realidade (FGRANO985).</i></p> <p><i>O comboio que nos conduz a Washington leva quatro horas de percurso através duma planície sulcada de cursos de água (L0085).</i></p>	$Ax / Ent^a + Pac^b$

Delimitación do significado verbal e dos seus esquemas semánticos

<p>v.t. 18a. Estar, permanecer {alguén ou algo}<sup>a</sup> {nun sitio ou nunha situación}<sup>c</sup> {certo período de tempo}<sup>b</sup>.</p> <p><i>Media hora levaría alí (LPXCON928).</i></p> <p><i>O resto da noite levaram-no a dançar (L0028).</i></p>	<p><math>Ax / Ent^a + Pac^b + Md^c</math></p>
<p>v.t. 18b. Precisar {algo}<sup>a</sup> {determinado tempo ou traballo}<sup>b</sup> para a súa realización.</p> <p><i>Hoxe facer ise traballo pós case pode levar dúas ou tres horas (FRETCE993).</i></p> <p><i>Operações que levam as tais 48 horas (J52783).</i></p>	<p><math>Ent^a + Pac^b</math></p>
<p>v.t. 19. Ter {alguén ou algo}<sup>a</sup> {a algo ou alguén}<sup>b</sup> sobre si ou telo de certa maneira; ter posto ou usar habitualmente algo.</p> <p><i>Recortadas en figura de frol da que cada folla é un curazón que leva uns versos escritos (RISMIT934).</i></p> <p><i>Podem ser apreciadas no que resta da sua biblioteca na fundação que leva o nome da filha e o do genro (J61782).</i></p>	<p><math>Ax / Ent^a + Pac^b</math></p>
<p>v.t. 19a. Traer {alguén}<sup>a</sup> {algo}<sup>b</sup> {nunha parte}<sup>c</sup>.</p> <p><i>Pillan un merlo, e lévano mangado na boca (REGTD989).</i></p> <p><i>Disse ter morrido desastrosamente em virtude de queda sobre uma faca que levava no bolso (J39235).</i></p>	<p><math>Ax^a + Pac^b + Md^c</math></p>
<p>v.t. 19b. Conxuntar {alguén}<sup>a</sup> {unha peza de vestir}<sup>b</sup> {con outra}<sup>c</sup>.</p> <p><i>Outra sorte de vestidos (...) que levan cunha gran pamela que vai abalando ao andar (RISMIT934).</i></p>	<p><math>Ax^a + Pac^b + Md^c</math></p>
<p>v.p. 20. Estar {algo}<sup>a</sup> de moda<sup>7</sup>.</p> <p><i>As puchas que eran de lá branca tecida e levaronse moito hastr'os derradeiros anos do século pasado (LENETN939).</i></p>	<p><math>Pac^a</math></p>
<p>v.t. 21. Implicar {algo}<sup>a</sup> {unha outra realidade, consecuencia}<sup>b</sup> ou iren conxuntos.</p> <p><i>E cada resposta leva consigo anacos de historia (NEIHIS968).</i></p>	<p><math>Ent^a + Pac^b</math></p>
<p>v.t. 22. Incluír {alguén ou algo}<sup>a</sup> {algo}<sup>b</sup> no seu interior, conter; constar, formar parte de algo.</p> <p><i>O criado destapou a cesta no camiño pra ver o que levaba (PRICON958).</i></p> <p><i>Eu não levo nada dentro. –Levas-te a ti inchado como um balão do nosso sopro (L0216).</i></p>	<p><math>Ent^a + Pac^b</math></p>
<p>v.t. 22a. Ter {algo}<sup>a</sup> {a algo}<sup>b</sup> como ingrediente ou constituínte.</p> <p><i>Assim, a posta, de bom porte, além de cebola levou pão de milho esboroado na cobertura (J44025).</i></p> <p><i>Eu un pocillo de café, se non leva ben azucre xa n'o tomo (REGTD2989).</i></p>	<p><math>Ent^a + Pac^b</math></p>
<p>v.t. 22b. Poder ter {algo}<sup>a</sup> {certa cantidade}<sup>b</sup> no seu interior.</p> <p><i>Chamaball'unha maquiá; era feita de madeira e por un lado levaba un quilo de millo (FRETOC993).</i></p> <p><i>O avião, de 19 lugares, levava 19 adultos, três crianças e três tripulantes (J35444).</i></p>	<p><math>Ent^a + Pac^b</math></p>

<sup>7</sup>Nesta acepción a ausencia explícita do axente da acción, é dicir, de 'quen fai que algo estea de moda' é intrínseco do propio sentido verbal; deste modo, o rol axente queda, por forza, ausente.

F21. **Levar a palma.** Ter o comportamento máis extremo nun asunto.

F22. **Levar a razón.** Ser quen está no certo.

F23. **Levar un mico.** Ser enganado, sentirse burlado.

F24. **Levar sumiço.** Desaparecer.

F25. **O estómago non llo leva.** Non aguantar algo, non se lle dar ben a alguén.

F26. **Levar as de perder** ou **as de gañar.** Ter moitas posibilidades de perder ou de gañar, de saír ben ou mal dun asunto.

F27. **Levar xeito / Levar jeito.** Estar feito ou desenvolverse satisfactoriamente.

F27a. **Levar xeito de / Levar jeitos de.** Prognosticar un posible resultado.

F28. **Levar ao rubro.** Facer que estea ou chegue a unha situación extrema.

F28a. **Levar en palmas a.** Darlle todos os caprichos a alguén, coidalo ben.

## VI. Acción en progreso

Nesta macroacepción desaparece a idea de desprazamento e tamén a de mudanza. *Levar* pasa a definir a realización dunha actividade, centrándose no desenvolvemento desta.

<p>v.t. 23. Guiar, conducir {alguén ou algo}<sup>a</sup> {a algo}<sup>b</sup>.  <i>As empresas levámolas nós mesmos, que estamos no proceso productivo (FPRENT990).</i>  <i>João Pedro Rodrigues leva "O Fantasma" (produção da Rosa Filmes), que será uma eufórica celebração (J35345).</i></p>	<p><math>Ax / Ent^a + Pac^b</math></p>
<p>v.t. 24. Actuar, desenvolver, realizar {alguén}<sup>a</sup> {algo}<sup>b</sup> {dunha forma}<sup>c</sup>.  <i>Madrid como en Bruxelas, opondose á política que están a levar agora (3nt587993).</i></p>	<p><math>Ax^a + Pac^b + Md^c</math></p>
<p>v.t. 24a. Facer {alguén}<sup>a</sup> {algo}<sup>b</sup> {dun xeito}<sup>c</sup>.  <i>Estou satisfeito de como se leva a produción na película (3nt587993).</i>  <i>Não senhor, fui levando as coisas pela mansinha (L0284).</i></p>	<p><math>Ax^a + Pac^b + Md^c</math></p>

F29. **Levar camiño de / Levar caminho de.** 1. Prognosticar un resultado. 2. Actuar dun modo determinado.

F30. **Deixarse levar por / Deixar-se levar por, de.** Perder o control.

F31. **Levarse de algo.** Ter como razón o que se indica.

F32. **Levar a cabeza a.** Marearse, non ter control sobre un mesmo/a.

F33. **Levar ás costas / Levar às costas.** Soportar.

F33a. **Levar aos, sobre ombros.** Cargar coa responsabilidade de algo.

F34. **Levar conta de / Levar à conta de.** Responsabilizarse de algo.

F35. **Levar as rendas de.** Dirixir, encargarse de algo.

F35a. **Levar a voz cantante.** Dominar, ser o dirixente, o máis importante nun asunto.

As últimas dúas acepcións configuran un subgrupo xa que refiren un mesmo tipo de acción: todas elas se desenvolven no plano espiritual.

<p>v.t. 25. Entender {alguén}<sup>a</sup> {algo}<sup>b</sup> {de determinada maneira}<sup>c</sup>.  <i>Non has de ser malpensado, nin levala por aí (FANCAS812).</i>  <i>Era para levar a sério (J43934).</i></p>	$Ax^a + Pac^b + Md^c$
<p>v.t. 26. Manter {alguén}<sup>a</sup> {algo}<sup>b</sup> {con alguén}<sup>c</sup>.  <i>Os homes non podían levar con il unha conversa (OPEMAO928).</i>  <i>O focinho anelante, traduzido num rosnar que o vento levava em dueto (L0045).</i></p>	$Ax^a + Pac^b + Md^c$

F36. **Levar a peito.** Tomar algo moi en serio, dramatizando.

F37. **Levar em consideração.** Considerar algo, telo en conta.

F37a. **Levar conta (de) / Levar em conta.** Considerar algo ou alguén.

F38. **Levar a contra** ou **contraria.** Oporse a algo ou alguén.

## VII. Relación

Incluímos baixo esta macroacepción un sentido estreitamente vencellado coa idea de estado, mais ó especificar un vencello afectivo ou doutra natureza, considerámola baixo esta macroacepción, que *levar* comparte con outros verbos.

<p>v.p. 27. Manter {alguén}<sup>a</sup> {boas ou malas relacións}<sup>c</sup> {cunha persoa}<sup>b</sup>.  OBS. Úsase xeralmente seguido dos adverbios <i>ben</i>, <i>mal</i> e expresións de significado semellante.  <i>E mais levome ben co abade (VPOALM822).</i></p>	$Ax^a + Benef^b + Md^c$
---	-------------------------

F39. **Levarse coma o can e o gato.** Ter unha moi mala relación.

### VIII. Cantidade

En acepcións anteriores márcase a cuantificación temporal en que alguén ou algo se encontra a respecto dun feito, mais, fóra desta dimensión, a presenza dun rol indicador de cantidade singulariza esta macroacepción.

<p>v.t. 28. Superar {unha persoa}<sup>a</sup> {a outra}<sup>b</sup> {en idade, estatura, etc., na cantidade que se expresa}<sup>c</sup>.</p> <p><i>Non esquezas –apontaba meu padriño–, que ela levaballe anos (MEFARR991).</i></p>	$Ax^a + Ref^b + Cant^c$
<p>v.t. 29. Reservar {alguén ou algo}<sup>a</sup> {unha cantidade}<sup>b</sup> que sobra nunha columna e sumala ou restala na seguinte.</p> <p><i>Por un si acaso, nas contas que botaba o sancristán non s'esquecía de levar para si unha farangulla de chocolate (LAMGAL887).</i></p>	$Ax^a + Cant^b$
<p>v.t. 29a. Acumular {alguén ou algo}<sup>a</sup> {unha cantidade}<sup>b</sup>.</p> <p><i>O pagamento das pensões e prestacións sociais, como por exemplo os abonos, já leva um défice de quase mil milhões de contos, 6% do PIB (J61681).</i></p>	$Ax / Ent^a + Cant^b$
<p>v.t. 30. Cobrarlle {alguén}<sup>a</sup> {por algo}<sup>d</sup>, {unha determinada cantidade de diñeiro}<sup>b</sup> {a outro alguén}<sup>c</sup>.</p> <p><i>É certo que polo que levan por afeitar, non vale a pena de lle dar enxabón a un home (LAMGAL887).</i></p> <p><i>Levava meia moeda pelo «preparo»... (L0443).</i></p>	$Ax^a + Cant^b + Benef^c + Fin^d$

**F40. Levar a conta de.** Contar algo, saber canto hai de algo.

**P1. Levar a + inf.** Aspectual, fase central cuantificadora. *Leva a traballar máis de 50 anos como director de coro (PNR997).*

**P2. Levar + xer.** Aspectual, fase central cuantificadora. *A pesar da miña eisaltación católica, e de levar moitos días matinando n'ir, en pouco estivo que non non fose á festa de Grunewald (RISMIT934).*

**P3. Levar + part.** Aspectual resultativa. *Coido tranquilizar, co repugnante relato que lle levo feito, a súa preocupación pola miña conducta (MEFARR991). A historia do piloto da equipa Honda-Pons é a do homem que mais Grandes Prémios leva disputados (J42706).*

**Q1. Madía (que) leva!** Expresión co significado de 'así calquera!', 'home claro!', 'poucas gracias!'

**Q2. Levar [+ pronome] demo / Levar [+ pronome] diabo.** Expresión que indica sorpresa ou certeza intensificadora do dito.

## Delimitación do significado verbal e dos seus esquemas semánticos

A amplitude de significados deste verbo é correlativa á diversidade de construcións semánticas que presenta. *Levar* definímoloo como un lexema verbal de movemento centrado no punto de partida e fundamentalmente causativo, polo que se xustifica que unha das súas construcións semánticas sexa un ES triactancial con esixencia da Or, tanto cando indica un movemento no plano físico –extensible coa especificación do modo– coma cando a acción se desenvolve noutro nivel.

Ini + Mb + Or

Cau + Pac + Or

Pero este verbo ten unha estreita necesidade de explicitar tamén o punto de chegada da acción (véxase cap. 6., apartado 6.1.4.). Desta maneira, a estrutura conceptual máis recorrente para *levar* é unha combinatoria de catro elementos –extensible, cando describe un desprazamento, coas especificacións do modo, da fin ou da compañía–.

Ini + Mb + Or + Dt

Cau / Ax / Ent + Pac + Or + Dt

Finalmente, encontramos unha última opción causativa na que a necesidade de explicitar as indicacións locativas desaparece, pasando a encontrarmos un ES biactancial coa variante xa explicada; ou un triactancial, fóra sempre da idea de desprazamento, en que o terceiro elemento é unha indicación de modo.

Ini + Mb

Cau / Ax / Ent + Pac

Ax / Ent + Pac + Md

Pac

A non causatividade con este verbo é unha construción secundaria, o que xustifica a gran diversidade de elementos que pode entrar en xogo, xa que nos encontramos nestes casos con sentidos de *levar* moi especializados. Desta maneira, pode rexer figuras locativas que indican mudanza de posición, ou complementos estativos cos que se describe un estado de cousas.

Mb + Tr

Ent + Or + Dt

Ent + Loc + Md

Ent + Cant

Ax + Cant (+ Ref / + Benef + Fin)

Xa para concluír, imos contrastar os resultados recollidos cos que presenta *traer*, o seu membro en tensión. En primeiro lugar, cómpre dicir que *levar* conta con sentidos encaixables en todas as macroacepcións do seu oposto, e aínda engade outra: a

indicación de cantidade. Deste modo, *levar* desenvólvese como un dos verbos con maior amplitude de significados do conxunto de unidades analizadas. En segundo lugar, atendendo agora ós ES, destaca o feito de que para os dous verbos a situación máis habitual é a causativa, en especial cando a acción carreta un movemento. Por outra banda, destaca o alto número de ES diferentes que presentan, algúns deles compartidos polas dúas unidades verbais; pero, no referido ás construcións máis recorrentes, mentres *traer* esixe a presenza do destino, *levar* precisa tamén o punto de partida do desprazamento ou da acción. Deste modo podemos afirmar que o paralelismo entre estes verbos é notable, mentres que as diverxencias responden á perspectiva oposta que representan cada un deles: *traer* focalizador do punto de chegada e *levar* do de partida.

### **3.2.2.2.2. Verbos intransitivos**

Para estes verbos o lugar de partida pode funcionar de dúas formas: ser o punto inicial da acción ou ser o límite que o móbil debe superar para iniciar o desprazamento. Este dobre valor coloca os verbos intransitivos focalizadores da orixe en paralelo cos que centran o desprazamento no destino; isto é, o citado criterio configura subgrupos diferentes. Deste modo, mentres *saír* carreta a necesidade de superar un lugar para realizar o movemento (*saín da miña casa*), en *vir*, *marchar* ou *partir* non se dá esta situación, colocándose os tres nun subtipo diferente.

Presentamos estas unidades como membros dun mesmo grupo dividido, á súa vez, entre dous, mais non debemos esperar un comportamento harmónico. Por unha banda, semanticamente non presentan todos eles as mesmas macroacepcións; a diversidade de sentidos é reducida en *marchar* e *partir*, fronte á amplitude de *vir* e *saír*. Por outro lado, son moi poucos os ES compartidos. Redúcense a aquelas construcións onde se olla a acción dende o seu punto de partida, o que confirma a nosa clasificación.

#### **3.2.1.3.2.1. Con superación de límite: saír**

A definición primeira deste verbo é ‘ir de dentro para fóra’, isto é, refire un movemento con desprazamento que implica o abandono dun lugar. Este locativo funciona como unha fronteira a partir de que chegar á nova orixe: é o límite que se vai superar no desprazamento. Mais tras a análise deste verbo obsérvase que *saír* non se reduce a este sentido, pois cobre unha diversidade semántica notable, incluso dentro dunha mesma dimensión de significado. Por exemplo, ó describir un

desprazamento non sempre este se presenta dun mesmo modo. Nuns casos destácase o lugar que se abandona (*saín da casa ás tres*), noutros a onde se chega (*saín para a túa casa ás tres*) xa que se presupón o lugar de partida, noutros a finalidade do desprazamento (*saín de copas toda a noite*) e noutros o modo en que se realiza (*saín correndo*), estando implícitos nestas dúas últimas situacións a orixe e o destino do movemento a partir da finalidade ou do contexto comunicativo.

Este verbo forma parte, como xa dixemos máis arriba, dun par en tensión con *entrar*: ambos os dous carretan a superación dun límite, que se sitúa en extremos opostos segundo o verbo. *Saír* ten unha amplitude semántica maior da recollida en *entrar*, o que produce un número de ES igualmente superior. Aínda sendo así e recordando que *entrar* só presenta unha hipótese de construción con dúas realizacións segundo o significado do verbo indique movemento (Mb + Dt) ou non (Ax + Dt), debemos destacar que con *saír* recollemos como ES máis habituais a concreción do carácter opositivo destes dous verbos. É dicir, aparecen como as opcións construtivas máis habituais un ES biactancial con realización diferente segundo sexa a acción un movemento ou non, mais na que a segunda figura é a *orixe* desta.

### I. Movemento con desprazamento: *de dentro para fóra*

*Saír* foi clasificado como un verbo de movemento con desprazamento que focaliza o punto de orixe. Arredor desta macroacepción primeira sitúanse aqueles sentidos nos que a determinación do destino non é necesaria, xa que o movemento se centra na idea de abandono dun lugar que o propio contexto pode especificar.

v.i. 1. Ir {algo ou alguén} <sup>a</sup> {de dentro dun lugar} <sup>b</sup> a fóra, ir para fóra de. <i>E entonces puxémonos a escoitar á porta; pero a esto, saleu o amo da casa</i> (COUTD1976). <i>Resoluto, saíu da sala</i> (L0095).	Mb <sup>a</sup> + Or <sup>b</sup>
v.i. 1a. Irse, marchar {alguén ou algo} <sup>a</sup> {dun lugar} <sup>b</sup> . <i>Desprezan ós mozos que non saíron do chan</i> (VPOALM922). <i>Berta saíra crianza da aldeia</i> (L0432).	Mb <sup>a</sup> + Or <sup>b</sup>
v.i. 1b. Marchar {alguén ou algo} <sup>a</sup> {dun sitio} <sup>b</sup> onde, durante un tempo de longa duración, se realiza algo propio del. <i>E si se esforzan por saír de alí retoran presto ó duro cautiverio</i> (PINGAI853). <i>Por deslocação familiar, foi viver para Bissau, saíndo do liceu aos 19 anos</i> (J59920).	Mb <sup>a</sup> + Or <sup>b</sup>
v.i. 2. Deixar {alguén} <sup>a</sup> {a casa} <sup>b</sup> momentaneamente para distraerse. <i>Hox'a ghuventú d'hox', antes era demasiado atada, hox' salese muito</i> (COSTD1986). <i>O nível da vida nocturna depende da hora a que se saír</i> (J34554).	Mb <sup>a</sup> + Or <sup>b</sup>



Delimitación do significado verbal e dos seus esquemas semánticos

<p>v.i. 3. Deixar de estar {algo}<sup>a</sup> {en ou xunto dunha parte do corpo}<sup>b</sup>.  <i>Valadouro... o corazón, dando pulos, quere saír do peito (CABMAR926).</i></p>	<p>Mb<sup>a</sup> + Or<sup>b</sup></p>
<p>v.i. 4. Pórse {algo ou alguén}<sup>a</sup> en marcha, abandonando {un lugar}<sup>b</sup>.  <i>Pese ó mal tempo a festa resultou todo un éxito, puido saír esta bonita procesión ó ritmo da fermosa Banda (PNR997).</i>  <i>Foram precisas mais de 400 diferentes flores para que a procissão possa saír hoje à ruas (J42886).</i></p>	<p>Mb<sup>a</sup> + Or<sup>b</sup></p>
<p>v.i. 5. Ter como {punto de partida un lugar}<sup>b</sup> {unha competición, un acto, etc}<sup>a</sup>.  <i>O Venres 24, á mesma hora, sairá da Praza de Cervantes a Manifestación (3nt993).</i>  <i>Começa na originalidade da procissão que sai pela porta lateral da igreja para percorrer a vila (J38997).</i></p>	<p>Mb<sup>a</sup> + Or<sup>b</sup></p>
<p>v.i. 6. Abandonar ou deixar {alguén ou algo}<sup>a</sup> {a alguén ou algo}<sup>b</sup>.  <i>Sáleme da porta, / pon os pés na lama (CCGCTI998).</i>  <i>Baltasar não saía de junto dela (L04869).</i></p>	<p>Mb<sup>a</sup> + Or<sup>b</sup></p>

**F1. Saír de escena / Sair de cena. Abandonar algo.**

Noutros casos, a concreción do destino do movemento convérteo nun dato focalizado, mentres que a orixe ou non se especifica ou, de facerse, é unha información irrelevante. A razón está en ser un dato implícito no propio destino do movemento ou na información contextual, polo que a súa especificación é redundante e pouco económica.

<p>v.i. 7. Partir {un produto, mercadoría, etc.} {do lugar de produción}<sup>b</sup> {para un mercado ou para o seu destino de venda}<sup>c</sup>.  <i>Ao lado do cais ficam os armazéns da salga, donde outrora saía a sardinha em barris para Oran e Marselha (L0009).</i>  <i>O chicharrón preparábase en vinaghre, en barriles de 40 quilos, que saían para Valladolid (PEAPES001).</i></p>	<p>Mb<sup>a</sup> + Or<sup>b</sup> + Dt<sup>c</sup></p>
<p>v.i. 8. Desprazarse {alguén ou algo}<sup>a</sup> {cara a un lugar}<sup>c</sup> sen determinar {de onde}<sup>b</sup>. OBS. Constrúese normalmente coa prep. <i>a</i>.  <i>En saíndo aos descampados ven-se os rapaces e nenas, como rosas colorados (AONPOE878).</i>  <i>Sáiram logo alguns religiosos às estradas de em torno (L0486).</i></p>	<p>Mb<sup>a</sup> + Or<sup>b</sup> + Dt<sup>c</sup></p>
<p>v.i. 8a. Ir {alguén}<sup>a</sup> {a un lugar}<sup>c</sup> marchando {doutro lugar}<sup>b</sup>.  <i>Alfredo entregoulle canto diñeiro tiña; Bustamante saeu pra o Paraguai (NEIHIS968).</i>  <i>O Joaquim, por modos, sai amanhã para Lamego mai-lo padre Francisco (L0284).</i></p>	<p>Mb<sup>a</sup> + Or<sup>b</sup> + Dt<sup>c</sup></p>
<p>v.i. 8b. Ir ou acudir {alguén}<sup>a</sup> {dende un lugar}<sup>b</sup> {a un sitio}<sup>c</sup> para facer algo propio del.  <i>Sobr'ái en tempo de vrau pós salimos ou s'empezamos a larghar son as cinco da mañá (FRETCE993).</i>  <i>Decidiu o Superior, pensando no seu pai a saír, todos os días, de manhã cedo, para o emprego (L0019).</i></p>	<p>Mb<sup>a</sup> + Or<sup>b</sup> + Dt<sup>c</sup></p>

Delimitación do significado verbal e dos seus esquemas semánticos

<p>v.i. 9. Irse {alguén ou algo}<sup>a</sup> {para o exterior}<sup>c</sup> {dun sitio}<sup>b</sup>, pero sen a idea de partir.</p> <p><i>Pola tarde, colleu a fouciña e o queipo e a pretesto da herba saeu correndo pra fóra (VALMAX880).</i></p> <p><i>Uma multidão de aragoneses rompeu em aplausos quando os caixões saíram para o exterior (J42806).</i></p>	$Mb^a + Or^b + Dt^c$
<p>v.i. 9a. Partir {alguén ou algo}<sup>a</sup> {dun sitio}<sup>b</sup> {para outro}<sup>c</sup>.</p> <p><i>Desde o seu aeroporto saen vós todos os sábados con destino a Santiago (3nt993).</i></p> <p><i>O paquete de Southampton, que sai no día 8 (L0290).</i></p>	$Mb^a + Or^b + Dt^c$
<p>v.i. 10. Desprazarse {alguén ou algo}<sup>a</sup> {dende un lugar}<sup>b</sup> {a través ou ó longo doutro lugar}<sup>c</sup>. OBS. Constrúese seguido da prep. <i>por</i>.</p> <p><i>Rematada a grave comida no pazo saíron os cabaleiros polo xardín (OPEMAO928).</i></p> <p><i>Saem à noite por lugares escusos (L0450).</i></p>	$Mb^a + Or^b + Tr^c$
<p>v.i. 11. Desembocar {alguén}<sup>a</sup> tras un desprazamento {dun lugar}<sup>a</sup> {a outro}<sup>c</sup>.</p> <p><i>Dempois fumos dando arrodeos até saír a un campón con choupeiras (BLABIO962).</i></p> <p><i>Depois de muito andar, de subir colinas, de descer vales e costear ribeiros, foi sair a um pequeno largo (L0016).</i></p>	$Mb^a + Or^b + Dt^c$

F2. **Saír á rúa / Sair à rua.** Manifestarse, protestar publicamente por algo.

F3. **Sair a terreiro contra.** Ir ó campo de loita ou de discusión.

F4. **Sair a caminho.** Comezar a andar, comeza unha viaxe.

Cando se indica por onde se abandona un lugar, adoita non ser necesario especificar cal é o espazo deixado atrás, xa que a vía, normalmente, carreta un lugar concreto de partida. Por exemplo, se *saímos pola ventá*, a orixe deberá ser un locativo que posúa ventás; o máis esperable será un edificio que, probablemente, xa foi nomeado no acto comunicativo.

<p>v.i. 12. Abandonar {alguén ou algo}<sup>a</sup> {un lugar}<sup>b</sup> {a través dunha vía ou medio}<sup>c</sup>. OBS. Constrúese seguido coa prep. <i>por</i>.</p> <p><i>I antes de salir pola porta, xa disparou o primeiro foguete (LPXCON928).</i></p> <p><i>E saio por a porta fora... (328P135).</i></p>	$Mb^a + Or^b + Instr^c$
---	-------------------------

Noutros casos a especificación da finalidade da acción inclúe o lugar ó que se dirixe o móbil –se alguén vai á misa, o habitual é que o destino do desprazamento sexa unha igrexa–, e tamén reduce a importancia da orixe, xa que ou o contexto informa sobre ese dato ou a súa explicitación non é necesaria para a comprensión da información.

Delimitación do significado verbal e dos seus esquemas semánticos

Polo tanto, é habitual que ambos os dous locativos estean elididos cando se indica a finalidade da acción.

v.i. 13. Abandonar {alguén ou algo} <sup>a</sup> {un lugar} <sup>b</sup> {para realizar unha determinada actividade} <sup>c</sup> . OBS. Constrúese con [a/para/0 + inf.]. <i>Saliu o muiñeiro pra ver o que pasaba (PRICON958).</i> <i>Saía Sara, mal rompía a aurora, em direcção ao sul, a esperar o marido (L0011).</i>	Mb <sup>a</sup> + Or <sup>b</sup> + Fin <sup>c</sup>
v.i. 13a. Abandonar {alguén ou algo} <sup>a</sup> {un lugar} <sup>b</sup> {para realizar unha determinada actividade} <sup>c</sup> . OBS. Constrúese con substantivos que indican acción mais do que lugar. <i>O caso é que (...) prá misa saía o crego con moitas precaucíós (OPEMAO928).</i> <i>O sr. D. Maurício saiu para a caça (L0432).</i>	Mb <sup>a</sup> + Or <sup>b</sup> + Fin <sup>c</sup>
v.i. 13b. Abandonar {alguén ou algo} <sup>a</sup> {un lugar} <sup>b</sup> {para realizar unha determinada actividade} <sup>c</sup> . OBS. Constrúese coas prep. <i>de</i> ou <i>en</i> . <i>Entonces salíamos de paseo (AVVTDI990).</i>	Mb <sup>a</sup> + Or <sup>b</sup> + Fin <sup>c</sup>
v.i. 13c. Abandonar {alguén ou algo} <sup>a</sup> {un lugar} <sup>b</sup> {para ir na busca de algo} <sup>c</sup> . OBS. Constrúese coa prep. <i>por</i> . <i>Xuana, ó chegar aquí, díxome que miña nai saíra a Valladolid polo perdón (CABMAR926).</i>	Mb <sup>a</sup> + Or <sup>b</sup> + Fin <sup>c</sup>

Nas dúas seguintes acepcións a finalidade tamén está sobreentendida por ser só unha opción a posible.

v.i. 14. Recibir {alguén ou algo} <sup>a</sup> {a alguén} <sup>c</sup> {dende un lugar} <sup>b</sup> . <i>Chamamos á porte e saíunos o mozo.</i>	Mb <sup>a</sup> + Or <sup>b</sup> + Dt <sup>c</sup>
v.i. 15. Ir pacer {o gando} <sup>a</sup> {a un lugar} <sup>b</sup> , abandonando {aquele no que está gardado} <sup>b</sup> . <i>As ovelas non saliron, como chove e teñen os añaños (REGTD2989).</i> <i>Os gados saíam para a Charneca à procura de pastos (L0280).</i>	Mb <sup>a</sup> + Or <sup>b</sup> + Dt <sup>c</sup>

Nos tres seguintes significados o desprazamento realízase cunha intencionalidade concreta: alcanzar algo ou alguén –dunha forma buscada ou fortuíta– que está a realizar outro desprazamento. Nestas, como a finalidade só pode ser unha, o corpo semántico do verbo non require a súa especificación.

v.i. 16. Alcanzar {alguén ou algo} <sup>a</sup> {dende un lugar} <sup>b</sup> {a alguén ou algo} <sup>d</sup> {nun lugar} <sup>c</sup> indo por un camiño distinto; pode haber intención de facelo ou non. <i>E sen coidar que a loba podería saírilles ó camiño, pai e fillo iban moi ledos diante do carro cos dous lobechiños (FOLLUS953).</i> <i>Viña o soldado de mui mal himor, cuando no camiño saliulle un home mui ben vestido de negro (PRICON958).</i>	Mb <sup>a</sup> + Or <sup>b</sup> + Dt <sup>c</sup> + Benef <sup>d</sup>
---	--

F5. **Saír ó paso / Sair ao passo.** Aparecerlle a alguén no camiño que leva.

F6. **Saír ó encontro de / Sair ao encontro de.** Recibir a alguén.

F7. **Saír dos (posesivo) trumiños.** Perder o control.

O modo en que se realiza o desprazamento é o elemento destacado nalgunhas construcións de *saír* con determinados sentidos. Este complemento pode facer que a orixe non teña que ser explicitada necesariamente grazas ó contexto comunicativo ou polo propio modo en si carretar un punto de partida do desprazamento; así, en *a muller nunca sae sen o pano da cabeza* suponse que o lugar de orixe é a súa casa. A respecto do destino do movemento acontece o mesmo; en moitos casos co modo en que se realiza a acción trae consigo un destino esperable do desprazamento: en *o home saíu en ataúde* é probable que a fin do traxecto sexa o cemiterio. Pero esta relación implicativa entre o modo e os locativos de partida ou destino do desprazamento non está sempre presente: *saiu correndo* non determina de ningún modo o destino da acción nin a súa orixe.

<p>v.i. 17. Abandonar {alguén ou algo}<sup>a</sup> {un lugar}<sup>b</sup> {nun determinado transporte}<sup>c</sup>.</p> <p><i>Saía o morto da eirexa alumiada, nun ataúde, câ faciana descuberta ás estrelas</i> (OPEMAO928).</p> <p><i>Saí de carruagem, para me ocupar das tuas encomendas</i> (L0288).</p>	<p><math>Mb^a + Or^b + Md^c</math></p>
<p>v.i. 17a. Abandonar {alguén ou algo}<sup>a</sup> {un lugar}<sup>b</sup> {dun determinado modo}<sup>c</sup>. OBS. Indícase a onde se vai mais tamén o modo en que se vai, co mesmo complemento.</p> <p><i>Eu unha vez tamén salín de mázcara</i> (REGTD989).</p> <p><i>Vejo saírem em lenta procissão, um após outro</i> (L0011).</p>	<p><math>Mb^a + Or^b + Md^c</math></p>
<p>v.i. 17b. Abandonar {alguén ou algo}<sup>a</sup> {un lugar}<sup>b</sup> {levando algo}<sup>c</sup>. OBS. Constrúese coas prep. <i>con</i> ou <i>sen</i>.</p> <p><i>Minga, saíndo cunha cestiña so brazo, polo camiño da fonte observa</i> (IGLFON882).</p> <p><i>Que saia sem chapéu!</i> (L0379).</p>	<p><math>Mb^a + Or^b + Md^c</math></p>
<p>v.i. 17c. Abandonar {alguén ou algo}<sup>a</sup> {un lugar}<sup>b</sup> {en compañía de alguén}<sup>c</sup>. OBS. Constrúese seguido da prep. <i>con</i>.</p> <p><i>Hamlet saíndo ó balcón coa Raíña</i> (CUNHAM958).</p> <p><i>Daqui a duas horas sai o meirinho com catorze dos meus rapazes para Ronfe</i> (L0289).</p>	<p><math>Mb^a + Or^b + Cía^c</math></p>
<p>v.i. 18. Comezar a moverse {alguén ou algo}<sup>a</sup> {dun lugar}<sup>b</sup> cara a fóra {dun determinado modo}<sup>c</sup> ou responder cun movemento particular a un estímulo.</p> <p><i>Ás voces saíeu Mariña correndo</i> (LFRNIN905).</p> <p><i>Sempre saem jurando nunca mais ali voltar</i> (L0442).</p>	<p><math>Mb^a + Or^b + Md^c</math></p>

**F8. Saír en defensa de ou saír por / Sair em defesa de ou em seu apoio ou em seu patrocínio.** Defender a alguén ou algo.

**II. Movemento sen desprazamento**

A fronteira entre os movementos con desprazamento e sen el é estreita: son as figuras que actúan na acción as que nos sitúan nun ou noutro.

<p>v.i. 19. Sacar(se) {algo ou alguén}<sup>a</sup> {dun sitio onde está gardado}<sup>b</sup>.  <i>Co estúpido bigode e os ollos prominentes a lle querer saír das súas órbitas (MEFARR991).</i>  <i>A paisagem densifica-se e a tormenta parece surgir do horizonte ou sair de uma tela das muitas anunciações que visita e revê (J43116).</i></p>	<p>Mb<sup>a</sup> + Or<sup>b</sup></p>
<p>v.i. 19a. Sacar(se) {algo ou alguén}<sup>a</sup> {dun sitio no que estaba gardado ou dentro del}<sup>b</sup>, pero non é un espazo que normalmente se empregue para gardar.  <i>Tempo é xa, de que este Lázaro saia da sepultura en que o puxeron e volva o que foi seu (MURDIS891).</i>  <i>Saí do carro, atirei com a porta e afastei-me (L0044).</i></p>	<p>Mb<sup>a</sup> + Or<sup>b</sup></p>
<p>v.i. 19b. Ser levado {algo ou alguén}<sup>a</sup> {fóra dun lugar}<sup>b</sup>.  <i>Sin o meu consentimento nunca saliu unha ferramenta da casa (PRICON958).</i></p>	<p>Mb<sup>a</sup> + Or<sup>b</sup></p>
<p>v.i. 20. Irse {algo}<sup>a</sup> por fóra {do sitio onde está contido, onde discorre, circula, etc}<sup>b</sup>.  <i>Foi cando viu ó pedáneo pasar sobre por riba do vapor que saía dunha tarteira (PNR997).</i>  <i>Teve consciência excessiva dos órgãos internos, como se estes lhes tivessem saído para fora da pele (L0486).</i></p>	<p>Mb<sup>a</sup> + Or<sup>b</sup></p>
<p>v.i. 20a. Manar, ir {algo}<sup>a</sup> cara a fóra {dun sitio de onde nace ou parte}<sup>b</sup>.  <i>Saían bagoadas polos dous ollos a eito de saloucos misturadas (PINGAI853).</i>  <i>De todo ele saía um cheiro a vasa e a limo (L0299).</i></p>	<p>Mb<sup>a</sup> + Or<sup>b</sup></p>
<p>v.i. 20b. Fluír {algo}<sup>a</sup> {dun lugar}<sup>b</sup>.  <i>Fixo eisí, unha torcida, como anoxado mirando pra outro lado non máis cravar, e deixou saír a fonte do sangue (CUNHAM958).</i></p>	<p>Mb<sup>a</sup> + Or<sup>b</sup></p>

**F9. Sair das mãos de.** Non estar baixo o control de alguén.

**F10. Saír do lombo de / Sair do lombo de.** Ser froito do esforzo, do traballo de alguén.

**F11. Saír do bolsillo de / Sair do bolso de.** Pagar alguén algo.

### III. Localización

A localización referida por *saír* é de dous tipos: extensiva e situacional. Na primeira, unha realidade [–animada] –correspóndense con vías, accidentes xeográficos, etc.– esténdese a través dun espazo. Con *saír* especificase ou o punto de que parte ou o punto en que remata; a dirección presentada regúlase segundo a perspectiva do emisor da información. Na segunda, indícase o lugar en que se encontra ou localiza unha determinada entidade [–humana].

v.i. 21. Ir {dende un punto} <sup>b</sup> dar {un camiño, rúa, etc.} <sup>a</sup> {a outro} <sup>c</sup> . <i>É en Waitzstrasse, unha rúa ampria (...) que sai á Kurfürstendamm</i> (RISMIT934).	Ent <sup>a</sup> + Or <sup>b</sup> + Dt <sup>c</sup>
v.i. 21a. Comezar {unha vía} <sup>a</sup> {nun punto} <sup>b</sup> . <i>Saía ista vereia (...) da mansión das "Aquis Querquernis"</i> (CUEPRO962). <i>Indo pelo caminho que sai do «monte»</i> (L0095).	Ent <sup>a</sup> + Or <sup>b</sup>
v.i. 22. Aparecer ou suscitar {un tema} <sup>a</sup> {na conversa, etc} <sup>b</sup> . <i>Un día saía un tema, outro suscitabase unha polémica</i> (FGRANO985).	Ent <sup>a</sup> + Loc <sup>b</sup>
v.i. 23. Aparecer {algo ou alguén} <sup>a</sup> {nun medio de comunicación, libro, unha película, nun país, etc} <sup>b</sup> . <i>O que pasa é que cando sacas un disco saes na prensa</i> (PNR997). <i>A informação relacionada com o ócio, o lazer e o entretenimento, que tem saído dispersa por diferentes suplementos do "Expresso"</i> (J52625).	Ax / Ent <sup>a</sup> + Loc <sup>b</sup>

### IV. Mudanza de estado

A relación co movemento nestas acepcións é evidente; hai un desprazamento, non no plano físico, de abandono dun estado que funciona como linde necesariamente a superar para pasar a outro.

v.i. 24. Deixar {alguén ou algo} <sup>a</sup> {un estado} <sup>b</sup> ou facer cesar unha situación. <i>Aló quedan no adro escasurrando No xeito de salir do compromiso</i> (IGLFON882). <i>Saía da doença com uma vaga sentimentalidade devota</i> (L0443).	Ax / Ent <sup>a</sup> + Or <sup>b</sup>
v.i. 24a. Deixar {alguén ou algo} <sup>a</sup> de formar parte {dun grupo, empresa, colectivo, traballo, etc} <sup>b</sup> . <i>Salín da fábrica u sesenta e seis</i> (AVVTDI990). <i>Estado sai da [empresa] Lisnave</i> (J24502).	Ax / Ent <sup>a</sup> + Or <sup>b</sup>
v.i. 25. Desaparecer {algo} <sup>a</sup> {de algo} <sup>b</sup> . <i>Dende as orellas pa tras saleume a piel toda da cara</i> (COUTDI976).	Ent <sup>a</sup> + Or <sup>b</sup>
v.i. 25a. Desaparecer {unha mancha} <sup>a</sup> {de algo} <sup>b</sup> ó lavala. <i>Despois varriase po'riba o fruto, e eso non salía, que eso quedaba na eira</i> (OCHGRO994). <i>«Despachem-se, limpem-me essa vergonha.» «Não sai», protestou o porteiro</i> (L0014).	Ent <sup>a</sup> + Or <sup>b</sup>

F12. **Saír adiante / Sair adiante.** Conseguir levar algo a cabo.

F13. **Saír do paso / Sair do passo.** Resolver unha situación cunha medida non demasiado eficaz, pero válida para o momento.

F14. **Ter por onde saír / Ter por onde sair.** Gañar a vida.

F15. **Sair por camiños.** Buscar a vida de mala maneira.

F16. **Sair da torre de marfim.** Abandonar un estado de illamento da realidade.

F17. **Saír voando polos aires / Sair voando pelos ares.** Explotar, deixar dunha forma violenta o seu lugar algo por un golpe, choque, etc..

## V. Estado

Nos sentidos incluídos aquí tamén se percibe o vencello mencionado para o grupo anterior coa noción de desprazamento. Nuns casos porque unha determinada realidade non cadra coas outras, isto é, abandona un grupo que funciona como linde medidor que se supera; e noutros porque a herdanza de trazos físicos ou psíquicos ou a análise da fonte ou causa de determinada realidade, que pode indicarse con *saír*, implica que houbo unha saída, non física, desas características dende un proxenitor ou causa a un descendente ou consecuencia, sendo este o destino do desprazamento xenético ou de creación.

A partir da acepción 29 encádranse unha serie de significados nos que unha situación é presentada como un resultado doutra ou dun proceso: márcase o estado final.

v.i. 26. Estar {algo} <sup>a</sup> máis alto ou máis cara á fóra {ca outra cousa ou outras que a rodean} <sup>b</sup> . <i>As varas saían polos lados do barco</i> (PEAPES001). <i>As abas da casaca saíam-lhe fora dos ombros</i> (L0095).	Ent <sup>a</sup> + Or <sup>b</sup>
v.i. 26a. Non encadrarse {algo} <sup>a</sup> {dentro dun límite psicolóxico, nunha etiqueta, nun movemento estético, nunha liña de pensamento... } <sup>b</sup> . <i>É unha música que se sai delas [das etiquetas habituais]</i> (3nt993). <i>Uma espécie de vergonha por um gesto juvenil que saíra dos meus hábitos de homem</i> (L0342).	Ent <sup>a</sup> + Or <sup>b</sup>
v.i. 27. Ter parecido {alguén} <sup>a</sup> {con outro de quen se descende} <sup>b</sup> . <i>Na cabeza ou nos pés, haste saír a quen es</i> (PRICON958). <i>Quem sai aos seus não degenera</i> (L0045).	Ax / Ent <sup>a</sup> + Ref <sup>b</sup>
v.i. 28. Ter {algo} <sup>a</sup> {como orixe ou como fonte algo} <sup>b</sup> . <i>Dese Plan Marisqueiro saíu tamén dos millóns de pesetas que o Estado investiu nesa obra</i> (FPRENT990). <i>A verdade, porém, é que nunca até hoje saiu nada de especial desse "núcleo duro"</i> (J61737).	Ent <sup>a</sup> + Or <sup>b</sup>

Delimitación do significado verbal e dos seus esquemas semánticos

<p>v.i. 28a. Ter {algo}<sup>a</sup> {como causa algo}<sup>b</sup>.  <i>De aí saíu o «Mac Ferrín» con que eu o bauticei (FGRANO985).</i>  <i>Do Marx é que saíram os países comunistas (L0409).</i></p>	Ent <sup>a</sup> + Or <sup>b</sup>
<p>v.i. 28b. Ter {algo}<sup>a</sup> como lugar de fabricación ou manufactura {un determinado lugar}<sup>b</sup>.  <i>Calquera xuraría que naide tocara nel desde que salira da fábrica (LPXCON928).</i>  <i>A maioria dos remates que saíam dos pés dos jogadores não iam parar, como seria de esperar, à baliza (J42638).</i></p>	Ent <sup>a</sup> + Or <sup>b</sup>
<p>v.i. 29. Resultar {algo ou alguén}<sup>a</sup> {de certa maneira que se expresa}<sup>b</sup>.  <b>OBS.</b> Pódese especificar {o beneficiario}<sup>c</sup> do proceso.  <i>E saleu más mal'a egua que pensaba eu (REGTD989).</i>  <i>Parece-me que me vais saíndo também um traste... (L0379).</i></p>	Ax / Ent <sup>a</sup> + Md <sup>b</sup> (+ Benef <sup>c</sup> )
<p>v.i. 29a. Resultar {alguén ou algo}<sup>a</sup> {de determinado xeito}<sup>c</sup> {dunha situación}<sup>b</sup>.  <i>Foron moitos por aquí e foi o único que quedou, e que saleu cura (REGTD989).</i>  <i>Com outro tipo de oposição tinha saído derrotado do Congresso (J43452).</i></p>	Ax / Ent <sup>a</sup> + Or <sup>b</sup> + Md <sup>c</sup>
<p>v.i. 29b. Resultarlle {a alguén}<sup>c</sup> {algo que fai ou produce}<sup>a</sup> {dalgunha maneira}<sup>b</sup>. <b>OBS.</b> Non é obrigatoria a especificación do beneficiario do proceso.  <i>Non deu en mala trécola o señor abade pola mor de me saír raro o chocolate (LAMGAL887).</i>  <i>Júlia retrocedeu aos júbilos de infância quando as formas lhe saíam esveltas e desenvolvidas juvenilmente (L0297).</i></p>	Ax <sup>a</sup> + Md <sup>b</sup> (+ Benef <sup>c</sup> )
<p>v.i. 30. Resultar {unha certa cantidade}<sup>a</sup> {de un todo}<sup>b</sup>.  <i>Fórono traballar vintecinco mulleres e non o acabaron en menos de tres meses; e saíron cincoenta varas pra facer dous manteles (PRICON958).</i></p>	Ent <sup>a</sup> + Or <sup>b</sup>
<p>v.i. 31. Ser {alguén ou algo}<sup>a</sup> {elixido}<sup>c</sup> {dunha votación ou dun proceso selectivo levado a cabo ó chou}<sup>b</sup>.  <i>Saíndo elixido Presidente Raúl Fraga (FRAENT990).</i>  <i>Geraldo, que é um dos hispânicos mais ricos dos Estados Unidos, pretende sair candidato pelo Partido Independente (J61888).</i></p>	Ax / Ent <sup>a</sup> + Or <sup>b</sup> + Md <sup>c</sup>
<p>v.i. 32. Presentarse {unha ocasión, oportunidade, etc.}<sup>a</sup> {a alguén ou algo}<sup>b</sup>.  <i>No conto de Velle a Blancaflor casase co noivo que lle saíra no pobo (PRICON958).</i>  <i>Deixa-o lá até que lhe saia um inimigo do seu lote (L0297).</i></p>	Ent <sup>a</sup> + Benef <sup>b</sup>

**F18. Saír de ton / Sair de tom.** Actuar con malos modos, sen que corresponda á ocasión.

**F18a. Saír do guión / Sair do guião.** Comportarse de xeito que non se corresponde co esperado.

**F19. Saír a tódolos aguillóns.** Ser valente.



F20. **Sair de si.** Enfadarse.

F21. **Sáirlle grila a.** Non resultar algo como se esperaba.

F22. **Saír (o tiro) pola culata / Sair (o tiro) pela culatra.** Non resultar algo como se esperaba.

F23. **Saír coa súa / Sair com a sua.** Facer que se impoña a opinión de alguén, conseguir o que se pretende.

## VI. Acción

Un novo sentido adquirido por ampliación do valor de desprazamento é cando unha actividade, un pensamento, un razoamento consegue abandonar un espazo valorado como errado ou de inutilidade e alcanza un estado de mellor consideración. Dende aí entramos nos significados deste grupo: neles constátase o feito de posesión dunha certa capacidade porque o que se presentaba como un reto abandonou esa consideración para converterse en algo realizable.

<p>v.i. 33. Ser {alguén ou algo}<sup>b</sup> capaz de facer {algo}<sup>a</sup>.  <i>Porque tamén tiña a segredo o arte de asubiar e rechouchiar polo baixo (...) -"Cómo adprendiches? -Saíu-me de seu, xa fai moito tempo (BLABIO962).</i>  <i>Mesmo este novo romance de que estou tão contente -não dá, não sai (L0290).</i></p>	<p>Ent<sup>a</sup> + Benef<sup>b</sup></p>
<p>v.i. 33a. Ter algo o resultado correcto, dar {alguén}<sup>b</sup> {co resultado acertado ou chegar á súa solución}<sup>a</sup>.  <i>Sal a conta (VALMAX880).</i></p>	<p>Ent<sup>a</sup> + Benef<sup>b</sup></p>

Noutros casos a acción realizada é inesperada ou inoportuna, polo que abandona o seu estado anterior de descoñecemento ou non realización que o emisor considera máis acertado.

<p>v.i. 34. Dicir ou facer {alguén}<sup>a</sup> {algo de maneira inesperada}<sup>b</sup>.  <i>Se àlgún deles lle parecía mal o que decían os máis, de repente saía e cantaba claro (BOADIA823).</i></p>	<p>Ax<sup>a</sup> + Md<sup>b</sup></p>
<p>v.i. 34a. Responder {alguén}<sup>a</sup> {a unha situación}<sup>b</sup> {dun modo inesperado}<sup>c</sup>.  <i>Noo' seer!...saeu a esto todo atufado Fernando (LFRNIN905).</i></p>	<p>Ax<sup>a</sup> + Or<sup>b</sup> + Md<sup>c</sup></p>

F24. **Sáirlle as cores (á cara) a.** Avergoñarse.

Delimitación do significado verbal e dos seus esquemas semánticos

Mantense nos seguintes significados o paso do anonimato ó coñecemento público, podendo ser este de diferentes dimensións, ou da non existencia á vida, mais o cariz que presenta aquí a mudanza de valoración non é negativo.

<p>v.i. 35. Darse {algo}<sup>a</sup> a coñecer, abandonar {o ámbito ó que se reducía}<sup>b</sup> e estenderse {para outro ou outros}<sup>c</sup>.</p> <p><i>Este ano volveu saír un novo Decreto (3nt993).</i></p> <p><i>É a de evitar que saia para o exterior qualquer imagem de fractura no seio da organização (J43994).</i></p>	Ent <sup>a</sup> + Or <sup>b</sup> + Dt <sup>c</sup>
<p>v.i. 35a. Ser {algo}<sup>a</sup> de coñecemento público, pasar {dun estado de privacidade}<sup>b</sup> {a outro de coñecemento xeral}<sup>c</sup>. OBS. Constrúese coa prep. <i>a</i>.</p> <p><i>Foron cinco e saíron a concurso público (3nt993).</i></p>	Ent <sup>a</sup> + Or <sup>b</sup> + Dt <sup>c</sup>
<p>v.i. 35b. Corresponderlle {algo}<sup>a</sup> {a alguén}<sup>c</sup> {nunha distribución}<sup>b</sup> por sorte ou ó chou.</p> <p><i>«Para a gente, isto foi un totoloto que nos saiu, sem nós termos jogado». (J42933).</i></p>	Ent <sup>a</sup> + Or <sup>b</sup> + Benef <sup>c</sup>
<p>v.i. 36. Ser {algo}<sup>a</sup> encontrado, aparecer {en algo}<sup>b</sup>.</p> <p><i>¿De onde saíron estes documentos?</i></p>	Ent <sup>a</sup> + Or <sup>b</sup>
<p>v.i. 37. Nacer {alguén ou algo}<sup>a</sup> {de algo}<sup>b</sup>.</p> <p><i>Dicen que se pudre muita semente, que non sale todo (LCAFAL990).</i></p> <p><i>Um punha ovos e morria, e só algum tempo depois outros saíam dos ovos (L0409).</i></p>	Ax / Ent <sup>a</sup> + Or <sup>b</sup>
<p>v.i. 37a. Aparecer, xurdir {un determinado fenómeno natural}<sup>a</sup> {de algo}<sup>b</sup>.</p> <p><i>Sae o sol tódo-los días (AONPOE878).</i></p>	Ax / Ent <sup>a</sup> + Or <sup>b</sup>
<p>v.i. 37b. Nacer ou aparecer {algo}<sup>a</sup> no corpo {a alguén}<sup>b</sup>.</p> <p><i>Revelludo como paricía (...) polas cañas que lle saían antre as non vastas pero crechas e rabechadas guedellas de lan (LFRNIN905).</i></p> <p><i>Duas asas lle tinham saído do lombo (L0461).</i></p>	Ent <sup>a</sup> + Benef <sup>b</sup>
<p>v.i. 38. Venderse {algo}<sup>a</sup>, deixar de estar {no lugar de venda}<sup>b</sup>.</p> <p><i>Este ano sae todo, non queda un só zapato na tenda.</i></p>	Ent <sup>a</sup> + Or <sup>b</sup>

F25. **Saír o sol / Sair o sol.** Amencer.

F25a. **Saír o día.** Amencer.

F26. **Saír á luz / Sair à luz.** Nacer, publicarse algo.

F27. **Saír a, á escena / Sair a cena.** Aparecer, facer presenza nun lugar ou acontecemento.

F28. **Saír á rúa / Sair à rua.** Publicarse, estar á venda.

F29. **Saír do prelo / Sair do prelo.** Publicar.

F30. **Saír a relucir / Sair a reluzir.** 1. Darse a coñecer. 2. Saír nunha conversa para recriminar alguén.

F30a. **Saír na conversa.** Xurdir un tema secundario a partir doutro principal.

F31. **Saír a conto.** Falar dun asunto por causa do outro.

F31a. **Saír a colación.** Desenvolverse un tema a partir doutro asunto.

Ir de dentro para fóra, pero no desenvolvemento dun xogo, é o sentido que teñen as dúas acepcións que seguen. Polo tanto, a partir dunha situación de movemento con desprazamento que carrega a participación en determinadas actividades lúdicas (xogar un partido de fútbol, baloncesto...) estendeuse o uso deste verbo para situacións paralelas, pero sen desprazamento. Por exemplo, *saír* nun xogo de cartas non significa que alguén vai abandonar un espazo e pasar para outro, senón o comezo do xogo.

<p>v.i. 39. Ser {alguén}<sup>a</sup> o primeiro en intervir en determinados xogos.  <i>Sal Pepa, e dálle tantos (LPXCON928).</i>  <i>Aqui sai Rosa com o sete de espadas (L0296).</i></p>	<p>Ax<sup>a</sup></p>
<p>v.i. 39a. Tocarlle {a alguén}<sup>a</sup> xogar ou ir para o campo ou pista de xogo.  <i>Assim que Heynckes mandou sair Sabry e Van Hooijdonk, o árbitro até assinalou alguns livres perigosos (J26542).</i></p>	<p>Ax<sup>a</sup></p>

## VII. Relación

A presenza dun movemento, non xa na dimensión física, senón na abstracción, evidénciase aquí: extráese a conclusión de que existe unha relación de amizade ou amorosa entre dúas ou máis persoas polo feito de que se moven, pasan o tempo xuntas. É dicir, chegouse ó significado metafórico –sinónimo de *namorar* ou *ser colegas*– a partir do feito concreto de desprazárense xuntos.

<p>v.i. 40. Manter {alguén}<sup>a</sup> un trato frecuente {con alguén}<sup>b</sup>, ir na súa compañía de maneira habitual, en particular cando se trata dunha relación amorosa.  <i>Como eles estaban vellos e xa non se sabían divertir, non estaría mal que ela saíra con algunha amiga (CSRVEN981).</i>  <i>Ah, sai com a sua irmã, mas ela não tem razão de queixa, hein? (L0468).</i></p>	<p>Ax<sup>a</sup> + Cía<sup>b</sup></p>
--	---

F32. **Sair a bem** ou **a mal com**. Acabar unha relación dun modo positivo ou negativo con alguén.

**VIII. Cantidade**

Accións de índole intelectual vencelladas coa idea de cantidade son as encadradas aquí. Esta macroacepción só a cobren os lexemas de movemento que presentan unha maior amplitude de significados, como é o caso de *sair*.

v.i. 41. Darlle {a alguén} <sup>b</sup> {un resultado unha conta ou valoración} <sup>a</sup> . <i>Salme [a conta] máis, señor, vosté está tolo ou faise</i> (LPXCON928). <i>Como se se tivesse habilitado com uma cautela ou um vigésimo e lhe saísse apenas uma aproximação</i> (L0045).	Ent <sup>a</sup> + Benef <sup>b</sup>
v.i. 42. Corresponden {certa cantidade} <sup>b</sup> {a algo} <sup>a</sup> nunha repartición. OBS. Constrúese seguido da preposición <i>a</i> . <i>Se fas as contas virá a salirche o xornal a peseta, pouco máis ou menos</i> (LPXCON928).	Ent <sup>a</sup> + Md <sup>b</sup>
v.i. 42a. Acadar {algo} <sup>a</sup> {un determinado prezo ou valor} <sup>b</sup> . <i>O presuposto saía nun montante de 15.263.195 pts.</i> (PNR997).	Ent <sup>a</sup> + Md <sup>b</sup>

**P4. Sair e + verbo en forma persoal.** Aspectual, de colocación demarcativa. OBS. É unha perífrase característica da lingua falada en rexistro coloquial. Normalmente, a acción refírese a un acto de fala e o auxiliar adoita ser o primeiro elemento da oración. *Desde que cenaron saltiu o arriero e dixo que cada un tiña que cantar a súa canción* (CEFLUG963).

Os ES que presenta *sair* redúcense a tres modelos:

1. Quen ou o que experimenta a acción xunto da especificación da orixe.

Hai unha realidade [ $\pm$ animada] que vive a acción, sendo denominada *móbil* se estamos ante un movemento con desprazamento e *entidade* ([–animada]) ou *axente* ([+animada]) se non o hai. A *orixe* tamén pode ser de dobre natureza: locativa ou non, seguindo o mesmo criterio ca antes.

Mb + Or

Ax / Ent + Or

2. ES estendido da proposta 1.

Engádeselle á estrutura anterior un novo rol. Este pode ser de natureza locativa ou modal.

Mb + Or + Dt / Tr

Ent + Or + Dt

Mb + Or + Md / Instr / Cía / Fin    Ax / Ent + Or + Md

Os ES 1 e 2 inclúen todas as acepcións que fan de *saír* o verbo modelo da clase verbos de movemento con desprazamento focalizadores da orixe que indican a superación dun límite, xa que, incluso nos casos en que non hai desprazamento aparece un uso metafórico deste, isto é, desenvólvese unha mudanza ou movemento nunha dimensión diferente á espacial.

3. Construcións secundarias en que o verbo non indica un desprazamento físico; adoita xurdir unha figura modal como segundo elemento requirido ou un locativo situacional que, en realidade, describe un estado de cousas, polo que se sitúa en paralelo coas restantes figuras que incluímos aquí.

Ent + Md / Loc / Ref / Benef

Ax + Md / Cía / Ref

Ou a acumulación de varias destas figuras modais:

Ax / Ent + Md + Benef

Por último, unha variante deste modelo é o ES monoactancial en que as necesidades de explicitar incluso un complemento modal tamén se dilúen por estar xa o verbo moi connotado semanticamente e non precisar de argumentos semánticos que o completen.

Ax

Este último grupo confórmano os ES das acepcións que contan cun maior desvencello do sentido principal deste verbo: ir de dentro para fóra.

### **3.2.1.3.2.2. Sen superación de límite: vir**

*Ir* e *vir* configúranse como membros en tensión, polo que funcionan, en moitos aspectos, dun modo paralelo. Aquí imos destacar catro características compartidas. En primeiro lugar, ambos verbos son as unidades máis usadas no noso corpus, o que se interrelaciona co segundo aspecto que queremos destacar: a amplitude semántica destas dúas formas. Nos dous están presentes as macroacepcións máis recorrentes dos verbos de movemento, chegando a cubrir todas as dimensións de significado posibles para este tipo de formas no caso de *ir*. Por outra banda, tanto *ir* coma *vir* poden

focalizar máis locativos dos que lle son, en principio, inherentes; isto é, *ir* combínase con figuras diferentes ó *destino* e *vir á orixe*. En cuarto lugar, esta parella ten a opción de funcionar dun modo semellante ó das unidades copulativas, aínda que esta é unha opción cun peso máis importante para *ir*. Nestes casos o verbo perde a idea de movemento e pasa a describir un estado de cousas. Como se ve en *vou canso de ti* ou *veño canso de estudar*, nestas construcións conviven o verbo cun complemento adxectivo que especifica o estado da entidade referida; son estruturas que evidencian unha situación en cambio, xa que o paso do valor predicativo ó copulativo destas unidades aínda non é definitivo, está en desenvolvemento. Con este último trazo pechamos o círculo que configuran as catro ideas referidas: o alto uso destes verbos e a súa diversidade semántica explica que, xustamente, sexan unidades que adquiren novas funcións a través dun proceso de progresivo baleirado de significado.

### I. Movemento con desprazamento: *trasladarse*

O movemento con desprazamento indicado por *vir* remata no lugar onde se encontra ou encontrou o que fala, polo que a singularidade está na orixe da acción, aínda que iso non carrega a súa especificación obrigatoriamente.

Ó ser un verbo intransitivo, explícase que a causatividade sexa unha situación marxinal, mais non imposible. Nunha das acepcións, o complemento rexido pola preposición é o móbil da acción, que é guiado ou acompañado por un iniciador.

v.i. 1. Desprazarse {alguén ou algo} <sup>a</sup> {dende un lugar} <sup>b</sup> {cara a aquí, cara ó lugar onde está o que fala} <sup>c</sup> . <i>Eu veño d'alí e deume un posto de segredaria (PNR997).</i> <i>O meu fillo ouviu os tiros e veio à porta (J42396).</i>	Mb <sup>a</sup> + Or <sup>b</sup> + Dt <sup>c</sup>
v.i. 1a. Desprazarse {alguén ou algo} <sup>a</sup> {dende un lugar} <sup>b</sup> {cara a aquí, cara ó lugar onde está o que fala} <sup>c</sup> para permanecer un tempo nel. OBS. Constrúese coa prep. <i>por</i> . <i>Pois disa hora vén pola casa (DIEFIE958).</i> <i>Quando o duque da Terceira, abertas as linhas, veo por esta província varrendo as reliquias dispersas do exército (L0297).</i>	Mb <sup>a</sup> + Or <sup>b</sup> + Dt <sup>c</sup>
v.i. 1b. Desprazarse {alguén ou algo} <sup>a</sup> {dende un lugar} <sup>b</sup> {cara a aquí, cara ó lugar onde está o que fala} <sup>c</sup> mais sen ir propiamente cara ó sitio del. <i>Era un difunto que viña do cemiterio (FOLLUS953).</i> <i>Alguém que vinha em sentido contrário despistou-se (J42434).</i>	Mb <sup>a</sup> + Or <sup>b</sup> + Dt <sup>c</sup>
v.i. 2. Desprazarse {alguén ou algo} <sup>a</sup> {dende un lugar} <sup>b</sup> {cara a aquí, cara ó lugar onde está o que fala} <sup>c</sup> {despois de realizar unha acción} <sup>d</sup> . OBS. Constrúese con [de + inf]. <i>Eu viña de botá-la iauga ó prado (FOLLUS953).</i> <i>Com ele subiu a velha senhora do oitavo, que vinha de passear o cãozinho de esquina a esquina (L0126).</i>	Mb <sup>a</sup> + Or <sup>b</sup> + Dt <sup>c</sup> + Md <sup>d</sup>

Delimitación do significado verbal e dos seus esquemas semánticos

<p>v.i. 3. Dirixirse {alguén ou algo}<sup>a</sup> {dende un lugar}<sup>b</sup> {ó mesmo lugar que a persoa que fala}<sup>c</sup>, acompañando{a}<sup>d</sup>.  <i>Penso que veñen co'eles en ringle todos los santos que teñen altar (PINGAI954).</i>  <i>Veio connosco o Chico Barreiros (L0416).</i></p>	<p><math>Mb^a + Or^b + Dt^c + Cía^d</math></p>
<p>v.i. 4. Desprazarse {alguén ou algo}<sup>a</sup> {dende un lugar}<sup>b</sup> {cara a aquí, cara ó lugar onde está o que fala}<sup>c</sup> {para realizar algo}<sup>d</sup>. OBS. Constrúese con [a/para/0 + inf].  <i>A xente vén aquí a divertirse (PNR997).</i>  <i>Ramos-Horta veio aqui (Madeira) declarar e agradecer o apoio (J61721).</i></p>	<p><math>Mb^a + Or^b + Dt^c + Fin^d</math></p>
<p>v.i. 4a. Desprazarse {alguén ou algo}<sup>a</sup> {dun lugar}<sup>b</sup> {cara a aquí, cara ó lugar onde está o que fala}<sup>c</sup> {para buscar ou probar algo}<sup>d</sup>. OBS. Constrúese coa prep. <i>por</i>.  <i>¿Escribiche e vés a polo franco, ou imos ambos a escribir? (VALMAX880).</i>  <i>Dentro de cerca de un mês, após cumprir importante missão, viria por mim (L0011).</i></p>	<p><math>Mb^a + Or^b + Dt^c + Fin^d</math></p>
<p>v.i. 4b. Desprazarse {alguén ou algo}<sup>a</sup> {dende un lugar}<sup>b</sup> {cara a aquí, cara ó lugar onde está o que fala}<sup>c</sup> {para buscar ou probar algo}<sup>d</sup>. OBS. Constrúese coa prep. <i>a</i>.  <i>E iamos á palla todas ar mozas (TABTDI979).</i>  <i>Gente que viera ao avio, de alforjes e sacos sobre os ombros (L0095).</i></p>	<p><math>Mb^a + Or^b + Dt^c + Fin^d</math></p>
<p>v.i. 5. Desprazarse {alguén ou algo}<sup>a</sup> {dende un lugar}<sup>b</sup> {cara a outro}<sup>c</sup> {seguindo algo ou alguén}<sup>d</sup>. OBS. Constrúese coa loc. prep. (<i>de</i>)<i>trás de</i>.  <i>Os homes viñan tras de nós (LCAFAL990).</i>  <i>Ela veio atrás dele... do rapaz, é claro, estava apaixonada... (L0342).</i></p>	<p><math>Mb^a + Or^b + Dt^c + Md^d</math></p>
<p>v.i. 5a. Desprazarse {alguén ou algo}<sup>a</sup> {dende un lugar}<sup>b</sup> {cara a aquí, cara ó lugar onde está o que fala}<sup>c</sup> {traendo algo}<sup>d</sup>. OBS. Constrúese coa prep. <i>con</i>.  <i>De seguida vén a muller coa botella da augardente e unhas rosquillas (LPXCON928).</i>  <i>Veio à porta da grande cozinha com pias de mármore como batistérios (L0216).</i></p>	<p><math>Mb^a + Or^b + Dt^c + Md^d</math></p>
<p>v.i. 5b. Desprazarse {alguén ou algo}<sup>a</sup> {dende un lugar}<sup>b</sup> {cara a aquí, cara ó lugar onde está o que fala}<sup>c</sup> {para contar algo}<sup>d</sup>. OBS. Constrúese coa prep. <i>con</i>.  <i>¡I aínda vén co'esas!... (LENETN939).</i>  <i>Uma vez veio o mensageiro com a notícia de que o brigadeiro Osório fora mortalmente ferido (L0297).</i></p>	<p><math>Mb^a + Or^b + Dt^c + Md^d</math></p>
<p>v.i. 5c. Desprazarse {alguén ou algo}<sup>a</sup> {dende un lugar}<sup>b</sup> {cara a aquí, cara ó lugar onde está o que fala}<sup>c</sup> {levando algo enriba}<sup>d</sup>.  <i>A minha própria mala veio comigo (L0290).</i></p>	<p><math>Mb^a + Or^b + Dt^c + Md^d</math></p>
<p>v.i. 5d. Desprazarse {alguén ou algo}<sup>a</sup> {dende un lugar}<sup>b</sup> {cara a aquí, cara ó lugar onde está o que fala}<sup>c</sup> {vestindo ou amañado dun certo xeito}<sup>d</sup>.  <i>Aquel fulano viña con uniforme (TABTDI979).</i>  <i>Fui chamar Mister Wang, que veio, surpreendido, de roupão e chinelas (L0933).</i></p>	<p><math>Mb^a + Or^b + Dt^c + Md^d</math></p>

Delimitación do significado verbal e dos seus esquemas semánticos

<p>v.i. 5e. Desprazarse {alguén ou algo}<sup>a</sup> {dende un lugar}<sup>b</sup> {cara a aquí, cara ó lugar onde está o que fala}<sup>c</sup> {actuando dun modo ou disfrazado}<sup>d</sup>. OBS. Constrúese coa prep. <i>de</i>.</p> <p><i>Viña de enruído de là da Ghandra</i> (PSATDI987).</p> <p><i>Mas ele não vinha ali como chefe do estabelecimento, vinha como amigo</i> (L0508).</p>	<p>Mb<sup>a</sup> + Or<sup>b</sup> + Dt<sup>c</sup> + Md<sup>d</sup></p>
<p>v.i. 6. Desprazarse {alguén ou algo}<sup>a</sup> {dende un lugar}<sup>b</sup> cara a un lugar para atacar {algo ou alguén}<sup>c</sup>. OBS. Constrúese coas prep. <i>contra</i> ou <i>sobre</i>.</p> <p><i>Veñen sobre Monforte máis de tres mil enemigos</i> (FNZPRO810).</p> <p><i>A sociedade, armada de suas barras de ferro, vem sobre ele</i> (L0003).</p>	<p>Mb<sup>a</sup> + Or<sup>b</sup> + Dt<sup>c</sup></p>
<p>v.p. 6a. Desprazarse {alguén ou algo}<sup>a</sup> {dende un lugar}<sup>b</sup> cara a un lugar para atacar {algo ou alguén}<sup>c</sup>. OBS. Constrúese coas prep. <i>para</i>, <i>a</i> ou o adv. <i>enriba</i>.</p> <p><i>E el tiroull'a boca de xarro, ó... enfrente, e era cando se viñ 'a el</i> (REGTD989).</p>	<p>Mb<sup>a</sup> + Or<sup>b</sup> + Dt<sup>c</sup></p>
<p>v.i. 6b. Desprazarse {alguén ou algo}<sup>a</sup> {dende un lugar}<sup>b</sup> cara a un lugar para atopar(se) con {alguén que se busca}<sup>c</sup>. OBS. Constrúese coa loc. prep. <i>ó encontro de</i> ou a loc. adv. <i>ó [posesivo] encontro</i>.</p> <p><i>O mesmo don Farruco lles viu ó encontro</i> (FOLLUS953).</p> <p><i>O cão veio ao meu encontro</i> (L0342).</p>	<p>Mb<sup>a</sup> + Or<sup>b</sup> + Dt<sup>c</sup></p>
<p>v.i. 7. Desprazarse {alguén ou algo}<sup>a</sup> {dende un lugar}<sup>b</sup> {cara a un sitio}<sup>c</sup> {no nome doutra persoa ou institución}<sup>d</sup>. OBS. Constrúese coa loc. prep. <i>de parte de</i>.</p> <p><i>Velai está o Matapitos, que vén da parte de Caramañola</i> (DIEFIE958).</p>	<p>Mb<sup>a</sup> + Or<sup>b</sup> + Dt<sup>c</sup> + Md<sup>d</sup></p>
<p>v.i. 8. Ir {alguén ou algo}<sup>a</sup> {dende un lugar}<sup>b</sup> {a outro}<sup>c</sup> para facer algo propio del.</p> <p><i>Pola noite veu a xente ó velatorio</i> (CEFLUG963).</p> <p><i>Depois veio para aqui para um convento e depois ficou ai, e tornou-se popular</i> (657P171).</p>	<p>Mb<sup>a</sup> + Or<sup>b</sup> + Dt<sup>c</sup></p>
<p>v.i. 8a. Desprazarse {alguén ou algo}<sup>a</sup> {dende un lugar}<sup>b</sup> {para facer algo}<sup>c</sup>, pero sen que sexa nun espazo concreto. OBS. O obxecto do movemento exprésase nominalmente.</p> <p><i>Viña de caza</i> (FOLLUS953).</p> <p><i>Os outros vêm cá de férias</i> (187P117).</p>	<p>Mb<sup>a</sup> + Or<sup>b</sup> + Dt<sup>c</sup></p>
<p>v.i. 8b. Ir {alguén ou algo}<sup>a</sup> {dende un lugar}<sup>b</sup> {a outro}<sup>c</sup> para facer algo propio del {buscando algo}<sup>d</sup>. OBS. Constrúese coa prep. <i>por</i>.</p> <p><i>Veiu ó médico por unha receita</i>.</p>	<p>Mb<sup>a</sup> + Or<sup>b</sup> + Dt<sup>c</sup> + Fin<sup>d</sup></p>
<p>v.i. 8c. Ir {alguén ou algo}<sup>a</sup> {dende un lugar}<sup>b</sup> {a outro}<sup>c</sup> para facer algo propio del {ocupando un posto}<sup>d</sup>. OBS. Constrúese coa prep. <i>para</i>.</p> <p><i>N'a... x'as vía, a... a que m'viña pó sitio [na fábrica] é mala que non</i> (REGTD989).</p> <p><i>Andam agora doidos de todo por causa daquela rapariga com pernas de varina que veio para telefonista da estação dos correios</i> (L0280).</p>	<p>Mb<sup>a</sup> + Or<sup>b</sup> + Dt<sup>c</sup> + Fin<sup>d</sup></p>



Delimitación do significado verbal e dos seus esquemas semánticos

<p>v.i. 8d. Traer {alguén}<sup>a</sup> {a alguén ou algo}<sup>b</sup> {dende un lugar}<sup>c</sup> {a outro}<sup>d</sup> para facer algo propio del.</p> <p><i>Vir co neno ó médico.</i></p>	$Ini^a + Mb^b + Or^c + Dt^d$
<p>v.i. 8e. Ir {alguén}<sup>a</sup> {dende un lugar}<sup>b</sup> {a outro}<sup>c</sup> para facer algo propio del {vestindo dunha determinada maneira}<sup>d</sup>.</p> <p><i>Vin ó casamento de vaqueiros.</i></p>	$Mb^a + Or^b + Dt^c + Md^d$
<p>v.i. 9. Actuar, facer acto de presenza {algo ou alguén}<sup>a</sup> {nun lugar}<sup>c</sup> chegando {dende outro}<sup>b</sup>.</p> <p><i>Contan que as vroites aniñan nas penas e nos carballos, e cando vén o lobo, van derriba dil (LENETN939).</i></p> <p><i>Mas veio o Dr. Salles Lane, e lá nos salvou (J43571).</i></p>	$Mb^a + Or^b + Dt^c$
<p>v.i. ou v.p. 10. Trasládarse {alguén ou algo}<sup>a</sup>, abandonar {un lugar}<sup>b</sup> para desprazarse {cara ó lugar do falante}<sup>c</sup>, normalmente non explicitado.</p> <p><i>Dixo teu pai que te veñas (OCHGRO994).</i></p> <p><i>Vem daí, homem (L0289).</i></p>	$Mb^a + Or^b + Dt^c$

F1. **Vir a man / Vir à(s) mão(s).** Ser accesible, pasar a ser posesión de alguén.

F2. **Vir ó mundo / Vir ao mundo.** Nacer.

F2a. **Vir en camiño / Vir a caminho.** Nacer en pouco tempo.

F3. **Vir embora.** Marchar.

F4. **Vir a morte a caminho.** Estar para morrer alguén.

F5. **Vir para a rua.** Manifestarse.

F6. **Vir ter com alguem.** Encontrarse con alguén.

F7. **Vir á luz / Vir à luz.** Darse a coñecer.

F7a. **Vir à tona.** Darse a coñecer.

F7b. **Vir a público.** Darse a coñecer.

F7c. **Vir à superfície.** Darse a coñecer.

F7d. **Vir à baila.** Darse a coñecer.

F7e. **Vir a talhe.** Darse a coñecer.

## II. Movemento sen desprazamento

Os verbos de desprazamento habitualmente adquiren valores en que se mantén a idea do movemento, mais xa non a de desprazamento. É o que acontece con esta acepción.

<p>v.p. 11. Caerse {algo}<sup>a</sup> {dende unha altura}<sup>b</sup> {para abaixo}<sup>c</sup>, derrubarse unha construción.</p> <p><i>C'as risas e berros que co canto alí se levantaron, paricía que se iba a vir abaixo a cucuña (LFRNIN905).</i></p> <p><i>Queriam (...) saber se desta vez a abobada vinha ao chão (L0215).</i></p>	$Mb^a + Or^b + Dt^c$
---	----------------------

## III. Localización

Aquí recollemos dúas situacións diferentes. Ben explícítase o espazo polo que se desenvolve unha vía ou accidente xeográfico, ben a localización en que se encontra unha determinada realidade, tal e como vimos que tamén podía expresar o seu oposto na liña do desprazamento, *ir*.

<p>v.i. 12. Conducir, traer {un medio de comunicación, río, etc.}<sup>a</sup> unha dirección {dende un punto}<sup>b</sup> {ata outro}<sup>c</sup>.</p> <p><i>Polo camiño que vén do lugar, rube cara á citania un carro cantarín (CUEPRO962).</i></p> <p><i>Encontram-se as estátuas com os noviços no ligar da estrada que vem de Cheleiros (L0486).</i></p>	$Ent^a + Or^b + Dt^c$
<p>v.i. 12a. <i>Desenvolverse</i> {un medio de comunicación, río, etc.}<sup>a</sup> a través dun traxecto {dende un punto}<sup>b</sup> {ata outro}<sup>c</sup>.</p> <p><i>Por aquel tempo, o camiño que viña de Mera a Cariño era malo de todo (PEAPES001).</i></p>	$Ent^a + Or^b + Dt^c$
<p>v.i. 13. Ser {alguén ou algo}<sup>a</sup> peza, parte, integrante {de algo}<sup>b</sup>.</p> <p><i>Identificandoos cun lema que tamén virá nunha plica cos dados do autor e algún documento (3nt993).</i></p> <p><i>Veio no jornal: Lisboa é a cidade preferida dos turistas (J42935).</i></p>	$Ax / Ent^a + Loc^b$
<p>v.i. 13a. Incluirse, estar {alguén ou algo}<sup>a</sup> {dentro de algo}<sup>b</sup>.</p> <p><i>Pois Sicúa viña nun dístes coches (CUEPRO962).</i></p> <p><i>Neste embrulho –continuou a Zabana– vêm os lenços de seda (L0284).</i></p>	$Ax / Ent^a + Loc^b$

#### IV. Mudanza de estado: pasar a estar presente

Describir un desprazamento, xa non no plano físico, onde o destino alcanzado se refire a un determinado momento temporal, o beneficiario da acción ou o estado final é o que caracteriza esta macroacepción. A ausencia da especificación da orixe nestes casos débese a que esta é a nada: son situacións ou realidades que xorden, que pasan a existir; polo tanto o seu punto inicial é a inexistencia, o non ser. Isto explica que a orixe nestas acepcións non requira ningún lugar na estrutura semántica do verbo.

<p>v.i. 14. Desenvolverse ata aparecer {un proceso completado}<sup>a</sup> {nun momento concreto}<sup>b</sup>.</p> <p><i>Había que faser un emparo porque lle viña unha chea de noite (COSTDI986).</i>  <i>É claro que atrás da euforia há-de vir a depressão (J26385).</i></p>	Ent <sup>a</sup> + Dt <sup>b</sup>
<p>v.i. 14a. Darse {determinado acontecemento}<sup>a</sup> {no tempo}<sup>b</sup>, inventarse un avance tecnolóxico.</p> <p><i>Daquela que veu a República (REGTD989).</i>  <i>E veio a guerra (L0126).</i></p>	Ent <sup>a</sup> + Dt <sup>b</sup>
<p>v.i. 14b. Desenvolverse {o tempo}<sup>a</sup> {ata un momento concreto}<sup>b</sup>.</p> <p><i>As cobras, ó vir o inverno, adormecen (LENETN938).</i>  <i>Mas de seguida veio a Páscoa (J43946).</i></p>	Ent <sup>a</sup> + Dt <sup>b</sup>
<p>v.i. ou v.p. 14c. Desprazarse ata aparecer {algo}<sup>a</sup> {en ou sobre alguén}<sup>b</sup>.</p> <p><i>O home puxose hasta marelo, un color se lle iba, i outro se lle viña (LPXCON928).</i>  <i>Naturalmente veio-lhe o vómito à boca! (J26888).</i></p>	Ent <sup>a</sup> + Benef <sup>b</sup>
<p>v.i. 15. Evolucionar {alguén ou algo}<sup>a</sup> ata aparecer un cambio no estado, pasar a certa situación, chegar {a certo estado}<sup>b</sup>.</p> <p><i>Tratan de relanzar este tradicional encontro cinematográfico, vido a menos tras dous anos de proba (3nt993).</i>  <i>Daba en esmorecer ate vir doente da saúde do corpo. Mal este veio a acordo (L0284).</i></p>	Ax / Ent <sup>a</sup> + Dt <sup>b</sup>

#### F8. Vir o día. Amencer.

#### V. Estado

Incluimos neste grupo aqueles sentidos en que *vir* camiña cara a un comportamento copulativo: abandona a referencia dun proceso (un desprazamento) e pasa a describir un estado de cousas. O baleirado semántico non é un proceso concluído, xa que se mantén a idea de movemento con desprazamento, aínda que non sexa central ou real.

Delimitación do significado verbal e dos seus esquemas semánticos

<p>v.i. 16. Estar despois dun proceso {alguén ou algo}<sup>a</sup> {de algún xeito}<sup>b</sup>.  <i>Mira, deita-te no meu colo e durme, que o que teis é que veis mui cansado (PRICON958).</i>  <i>Mas nós tínhamos amigos lá, que faziam esses aviões vir já apetrechados para utilizar lança-rockets (J61619).</i></p>	Ax / Ent <sup>a</sup> + Md <sup>b</sup>
<p>v.p. 16a. Caerse, derrubárense, pasar {as forzas físicas ou psíquicas de alguén ou algo}<sup>a</sup> {a un estado de anulación}<sup>b</sup>.  <i>Esta seguranza aínda impón máis arestora, cand'esta dinastía de ferro viu-se abaixo (RISMIT934).</i></p>	Ax / Ent <sup>a</sup> + Md <sup>b</sup>
<p>v.i. 16b. Estar ou incluírse {unha cousa}<sup>a</sup> {con outra}<sup>b</sup>, sumándose.  <i>Para participar hai que apresentar o boletín de inscrición que vén co folleto do congreso (3nt993).</i>  <i>Um azar nunca vem só (J26660).</i></p>	Ent <sup>a</sup> + Md <sup>b</sup>
<p>v.i. 17. Ser {alguén ou algo}<sup>a</sup> {axeitado ou non}<sup>b</sup> {para algo ou alguén}<sup>c</sup>, ter algo un bo ou mal efecto, combinar dun certo modo.  <i>Botanlla a todo e con todo lles vén ben (RISMIT934).</i>  <i>A retirada da que para muitos é a grande favorita em Sydney, pouco antes da partida para os Antípodas, veio mesmo a calhar (J26103).</i></p>	Ax / Ent <sup>a</sup> + Md <sup>b</sup> + Benef <sup>c</sup>
<p>v.i. 17a. Ter {algo ou alguén}<sup>a</sup> {razón de ser}<sup>b</sup> {para algo ou alguén}<sup>c</sup>.  <i>¿A qué viña o que lle dixese o señor abade tan a miúdo «Ti ére-lo demo?» (LAMGAL887).</i>  <i>O Vitória de Guimarães não escondeu ao que vinha (J61680).</i></p>	Ax / Ent <sup>a</sup> + Fin <sup>b</sup> (+ Benef <sup>c</sup> )
<p>v.i. 18. Derivar {algo ou alguén}<sup>a</sup> {de algo ou alguén}<sup>b</sup> en sentido lóxico, ter a orixe en.  <i>Permeteue Dios que lle pegase a enfermédá e lle quedase pra sempre a el, e a tódo-los que del viñesen (BOADIA823).</i>  <i>Terão de vir outra vez de fora os desafios que nos tirem da modorra? (J43528).</i></p>	Ax / Ent <sup>a</sup> + Or <sup>b</sup>
<p>v.i. 18a. Pasar a existir {algo}<sup>a</sup> {en ou para algo ou alguén}<sup>c</sup> {a través de algo}<sup>b</sup>.  <i>Delas témola forza, delas vénnos o direito con que tratamos de ser o que fomos (MURDIS891).</i>  <i>Dela lhe viera pois grande parte da instrução que recebera (L0016).</i></p>	Ent <sup>a</sup> + Or <sup>b</sup> (+ Benef <sup>c</sup> )
<p>v.i. 18b. Pasar a existir {algo}<sup>a</sup> {en ou para alguén}<sup>c</sup> {desde un certo momento}<sup>b</sup>.  <i>Podemos adentrarnos no tema da crise en Tui, problema que vén de lonxe (PNR997).</i>  <i>Uma frieza estonteante, que lhe vem dos muitos anos que já leva a acompanhar o ciclismo (J35075).</i></p>	Ent <sup>a</sup> + Or <sup>b</sup> (+ Benef <sup>c</sup> )

F9. **Vir a conto.** Ser adecuado.

F9a. **Vir ó caso / Vir ao caso.** Ser adecuado.

F9b. **Vir (muito) a propósito.** Ser adecuado.

F9c. **Vir fora de propósito.** Non ser adecuado a algo.

F9d. **Vir a pelo / Vir a pêlo.** Ser adecuado.

F10. **Vir a terra.** Perder, caer derrotado, cansar.

F11. **Vir por cabo.** Rematar

F11a. **Vir ó cabo / Vir a cabo.** Realizarse algo, rematar nun punto.

F12. **Vir a lume.** Ser publicado ou dado a coñecer algo.

F12a. **Vir a público.** Ser publicado ou dado a coñecer algo.

F13. **Vir a si.** Recuperar a consciencia.

F13a. **Vir en acordo.** Recuperar a consciencia.

## VI. Acción

Noutros casos o desprazamento realízase nun plano metafórico, transmitindo a idea de acción de moi diversa índole.

v.i. 19. Recibir {alguén ou algo} <sup>c</sup> {algo} <sup>a</sup> {dunha institución, lugar, persoa...} <sup>b</sup> . <i>Si, que seique lle veu unha... unha paga</i> (REGTD989). <i>Se o tão ansiado aumento de quota vier para Portugal</i> (J52784).	Ax / Ent <sup>a</sup> + Or <sup>b</sup> + Dt <sup>c</sup>
v.i. 20. Comprar {algo} <sup>a</sup> {para alguén ou algo} <sup>c</sup> {nun lugar ou a unha persoa} <sup>b</sup> . <i>Ora díze-me, Lena, -continuou êle- se eu te mandasse vir uma boneca</i> (L0016).	Ent <sup>a</sup> + Or <sup>b</sup> + Dt <sup>c</sup>
v.i. 21. Traballar {o mar} <sup>a</sup> , pasar {dun estado tranquilo} <sup>b</sup> a ser notable {nun lugar} <sup>c</sup> a súa forza. <i>A medida que gastábamos o carbón, a cuberta quedaba libre, entón respirábamos porque, anque viñera o mar, xa non pasaba nada</i> (PEAHOM004).	Ent <sup>a</sup> + Or <sup>b</sup> + Dt <sup>c</sup>

Noutros casos a acción realízase exclusivamente no plano intelectual.

v.i. 22. Acabar tratando {alguén} <sup>a</sup> {un tema} <sup>c</sup> {a partir doutro} <sup>b</sup> , falar del, ocuparse de algo. <i>E agora que sabemos quén era Mariña, veñamos a Ramiro ou Ramil</i> (LFRNIN905). <i>Noutro ponto da discussão viemos sobre o custeio de museus assim organizados</i> (L0460).	Ax <sup>a</sup> + Or <sup>b</sup> + Dt <sup>c</sup>
v.i. 23. Percibir, oír, {alguén} <sup>c</sup> ter coñecemento {de algo} <sup>a</sup> que chega {doutro lugar ou fonte} <sup>b</sup> . <i>Mesmo eu sentín vir aos meus narices, desde aquelas parroquias de cinta a abaixo, un fedor húmido e craso</i> (MEFARR991). <i>A forma como esta informação veio até mim foi de certo modo decisiva</i> (L0235).	Ent <sup>a</sup> + Or <sup>b</sup> + Dt <sup>c</sup>

F14. **Vir da man / Vir da mão de.** Ser a consecuencia, ser simultáneo.

F15. **Vir em bem com.** Facer as paces.

F16. **Vir-lhe no encalço a.** Facerlle caso a alguén.

F17. **Vir em conversa.** Desenvolverse un tema a partir doutro asunto.

F17a. **Vir a campo.** Desenvolverse un tema a partir doutro asunto.

F17b. **Vir a colação.** Desenvolverse un tema a partir doutro asunto.

F17c. **Vir ó fío / Vir no fio.** Desenvolverse un tema a partir doutro asunto.

F18. **Vir a terreiro.** Actuar.

F19. **Vir por alguén ou algo.** Defender algo ou alguén.

F20. **Nin lles vai, nin lles vén.** Non incumbir.

P1. 1. **Vir (a) + inf.** Aspectual, colocación de demarcación retrospectiva.

*É por isto que o Grupo Municipal do BNG, vén propoer ao Pleno do Concello, para a súa aprobación (PNR997). A criada e a concubina do doutor de matemática, veio encostar logo aos caixilhos estreitos da janela a sua vasta face trigueira (L0443).*

2. **Vir a + inf.** Aspectual, aproximación cuantitativa ou identificadora.

*Marchou para Alemania cunha tal Singrid, que viña a ser a súa noiva (PNR997). Musset, hoje, é focalmente um grande poeta, mas nunca veio a ser um clássico (L0299).* SIN. **Vir + xer.** 3. **Vir de + inf.** Aspectual, colocación de demarcación retrospectiva.

*Fía na Roca veñen de editar hai uns meses a súa «ópera prima» (3nt993). Como dois séculos se assemelham quase à eternidade para quem vem de atravessa um país aberto (L0085).*

P1a. **Vir + inf.** Temporal de posterioridade. *O que veñen facer e colonizar o noso país (3nt993). Minha mãe virá abraçá-la como abraçaria... uma filha (L0296).*

SIN. **Ir + inf.**

P2. **Vir + xer.** 1. Aspectual, colocación de demarcación retrospectiva.

*¿Para qué me viñas dando tan maliciosos consellos? (PINGAI853).* 2. Aspectual,

aproximación cuantitativa ou identificadora. *Can do urco, e logo urco, somente, viría sendo can do inferno (DIEFIE958). Quanto mais nos vamos chegando a este mar tanto achamos lugares péssimos (L0011).* SIN. **Vir a + inf.**

Q1. **(e)Veña / Venha** [a, de +Inf.; a, con/com + subst...]. Expresión coa que se indica reiteración na acción

Q2. **Veña! / Venha!** Expresión para animar a unha persoa a que faga algo.

Q3. **Vai, vén / Vai, vem.** Expresión que indica reiteración nunha acción, mentres vai pasando o tempo sen consciencia de tal.

Q3a. **Vai non vai.** Expresión que indica indecisión.

Q3b. **Vá que não vá.** Expresión que indica tolerancia cara a unha situación.

Q3c. **Vas que non vas.** Expresión que indica indecisión.

Q4. **Vir.** Expresión usada para introducir outra acción, fundamentalmente, verbos dicendi.

Os ES básicos do verbo que estamos a tratar pódense reducir a catro opcións:

1. ES triactancial onde o verbo non só require o punto de partida (locativo ou non) da acción, senón tamén o alcanzado ó final dela. Deste modo, o ES sería triactancial extensible, se a acción é un desprazamento, con figuras de natureza modal coma o *modo*, a *compañía* ou a *finalidade*.

Mb + Or + Dt

Ax / Ent + Or + Dt

A partir desta estrutura base encontramos tres variantes.

2. O correspondente causativo do ES primeiro. É unha construción moi secundaria para *vir*, que non só se illa dentro do corpo semántico do verbo, pois é un dos poucos casos de construción causativa intransitiva.

Ini + Mb + Or + Dt

3. A segunda variante do ES base primeiro é aquel no que o destino cede o seu lugar ó benefactario da acción. Estamos ante unha figura [+humana] que refire o interesado final da acción e tamén o punto de chegada desta, nun sentido metafórico. E isto é así porque con esta construción o verbo abandonou a idea de desprazamento.

Ent + Or + Benef

4. Cando *vir* xa non refire un desprazamento no plano físico, o ES redúcese a dous elementos: quen ou o que realiza a acción xunto dun complemento locativo, diluíndose a necesidade de explicitar, por redundante, unha das referencias estremeiras.

Ax / Ent + Or

Ent + Dt / Benef<sup>8</sup>

A importancia da figura de destino no desprazamento descrito por *vir* sitúase en paralelo co visto para os anteriores verbos focalizados no punto de partida –*saír* e, fundamentalmente, *levar*–. Neste tipo de unidades, aínda sendo perspectivado o desprazamento dende a orixe, enténdese que o punto de chegada é tamén fundamental. Isto responde á lóxica do tipo verbal: son unidades de movemento con mudanza locativa, polo tanto, é evidente que necesariamente ten que ser cara a un lugar. Por conseguinte, aínda que semanticamente se colocan fronte a outras unidades centradas exclusivamente neste punto final do desprazamento –*ir*, *entrar* e *traer*–, a diferenza entre elas está na necesidade ou non de concretar o punto de saída da acción.

### 3.2.2.2.3. Sen superación de límite: marchar

*Marchar* é un dos verbos escollidos para representar a indicación de movemento con dirección focalizada na orixe, é dicir, nos que a determinación do destino do desprazamento non é un dato, de primeiras, preferente –podendo ser verbos télicos (con concreción do destino do desprazamento) ou atélicos (sen especificación do locativo final do movemento)–. Esta definición é adecuada para o idioma galaico, pero non para o portugués. Na lingua lusa co significado de ‘abandono dun lugar’ concorre en desvantaxe co construto frástico *ir embora*, polo que o tipo de construcións semánticas vai ser moi diferente por idiomas (véxase cap. 4., apartado 4.4.4.).

Dentro do grupo referido, e á semellanza do seu oposto na liña espacial *chegar*, *marchar* sitúase como verbo intransitivo que non implica unha superación dun límite no seu desprazamento. Esta é a situación base da que parte como lexema de movemento, mais a este primeiro significado engádenselle outras macroacepcións referidas a unha mudanza non de espazo, senón de estado ou de posesión.

#### I. Movemento con desprazamento: abandonar un lugar

As diferentes acepcións aquí agrupadas sitúanse ó redor da idea de abandono dun lugar. Especificáronse como sentidos diferentes situacións que esixen unha

<sup>8</sup>No capítulo 7 veremos que o beneficiario da acción é, cando non comparte espazo co destino, unha figura semántica na que coincide, por ser [+humana], o interesado na acción e o punto final dela.



Delimitación do significado verbal e dos seus esquemas semánticos

complementación particular, é dicir, contextos nos que se explicita a finalidade, o destino ou o modo da partida.

<p>v.i. 1. Deixar {alguén}<sup>a</sup> {un lugar}<sup>b</sup>.  <i>Corremos aos cabalos e marchamos de alí</i> (MEFARR991).  <i>Do barco responderam que era só marchar, demais a mais ia romper a Lua</i> (L0583).</p>	<p>Mb<sup>a</sup> + Or<sup>b</sup></p>
<p>v.i. 1a. Deixar {alguén}<sup>a</sup> {un lugar}<sup>b</sup> {cunha finalidade}<sup>c</sup>. OBS. Constrúese con [a/para/0 + inf].  <i>Aquelo divirteunos algún tempo, mais por fin, marchámonos pra véla Exposición naval</i> (RISMIT934).</p>	<p>Mb<sup>a</sup> + Or<sup>b</sup> + Fin<sup>c</sup></p>
<p>v.i. 1b. Deixar {alguén}<sup>a</sup> {un lugar}<sup>b</sup> {para practicar unha actividade}<sup>c</sup>. OBS. Constrúese cun complemento introducido por <i>de</i> que implica a finalidade do movemento.  <i>Dixolle que marcharan de paseo, mais qu'ignoraba a onde</i> (VALMAX880).</p>	<p>Mb<sup>a</sup> + Or<sup>b</sup> + Fin<sup>c</sup></p>
<p>v.i. 1b1. Deixar {alguén}<sup>a</sup> {un lugar}<sup>b</sup> {para ir na busca ou recollida de algo}<sup>c</sup>. OBS. Constrúese coa prep. <i>a</i>.  <i>Logho marchamos [no San Xoán] ós carros, ás canselas</i> (COSTDI986).</p>	<p>Mb<sup>a</sup> + Or<sup>b</sup> + Fin<sup>c</sup></p>
<p>v.i. 1b2. Deixar {alguén}<sup>a</sup> {un lugar}<sup>b</sup> {para ir buscar algo}<sup>c</sup>. OBS. Constrúese coa prep. <i>por</i>.  <i>Marchou a señora Filomena por a ... por a empanada</i> (LCAFAL990).</p>	<p>Mb<sup>a</sup> + Or<sup>b</sup> + Fin<sup>c</sup></p>
<p>v.i. 1c. Deixar {alguén}<sup>a</sup> {un lugar}<sup>b</sup> {para ir con alguén}<sup>c</sup>.  <i>Sirvialle a ela [o zapato] coma se nada; di: e marchou co príncipe, e elas quedaron alí</i> (REGTD989).</p>	<p>Mb<sup>a</sup> + Or<sup>b</sup> + Cía<sup>c</sup></p>
<p>v.i. 2. Saír {alguén}<sup>a</sup> {dun lugar}<sup>b</sup> {cara a unha dirección}<sup>c</sup>.  <i>Púxoo ó carrelo e marchóu camiño da casa da noiva</i> (CEFLUG963).  <i>E a felicidade única sería arranjar aquí as minhas coisas, e marchar para onde me chama o corazón</i> (L0288).</p>	<p>Mb<sup>a</sup> + Or<sup>b</sup> + Dt<sup>c</sup></p>
<p>v.i. 2a. Deixar {alguén}<sup>a</sup> {un lugar}<sup>b</sup> {para ir a outro ó que se lle sobreentende unha finalidade}<sup>c</sup>.  <i>Entón marchóu correndo ó médico</i> (CEFLUG963).</p>	<p>Mb<sup>a</sup> + Or<sup>b</sup> + Dt<sup>c</sup></p>
<p>v.i. 2b. Meterse {alguén}<sup>a</sup> {dende o exterior dun lugar}<sup>b</sup> {nese espazo que funciona como un ámbito de protección}<sup>c</sup>.  <i>Os cans marcharon debaixo do pendello.</i></p>	<p>Mb<sup>a</sup> + Or<sup>b</sup> + Dt<sup>c</sup></p>
<p>v.i. 3. Emigrar {alguén}<sup>a</sup> {dun lugar}<sup>b</sup> {a outro}<sup>c</sup>.  <i>O que marchara par'Habana, marchou de dezaseis ou dezaset'anos</i> (REGTD989).</p>	<p>Mb<sup>a</sup> + Or<sup>b</sup> + Dt<sup>c</sup></p>
<p>v.i. 4. Percorrer {dende un punto}<sup>b</sup> {alguén}<sup>a</sup> {un lugar}<sup>c</sup>. OBS. O complemento locativo de dirección con valor extensivo constrúese coa prep. <i>por</i> ou sen ningunha.  <i>Eles ao saber que o muiñeiro non era seu pai quixeron marchar polo mundo adiante</i> (PRICON958).</p>	<p>Mb<sup>a</sup> + Or<sup>b</sup> + Dt<sup>c</sup></p>

## Delimitación do significado verbal e dos seus esquemas semánticos

As seguintes acepcións son as únicas causativas deste grupo, xa que o móbil que padece o movemento non é o que o provoca.

<p>v.i. 5. Quitar, levar {alguén}<sup>a</sup> {algo ou alguén}<sup>b</sup> {dun sitio}<sup>c</sup>. OBS. Constrúese coa prep. <i>con</i>. <i>Como or rapaces sabían o que faghíamos, pois iban alí, marchaban cas bicas</i> (TABTDI979).</p>	$Ini^a + Mb^b + Or^c$
<p>v.i.6. Levarlle {alguén}<sup>a</sup> {algo}<sup>b</sup> {a alguén}<sup>d</sup> {dende un lugar}<sup>c</sup>. OBS. Constrúese coa prep. <i>con</i>. <i>Alá lle marchamos câ muda</i> (TABTDI979).</p>	$Ini^a + Mb^b + Or^c + Dt^d$
<p>v.i. 7. Levar {alguén}<sup>a</sup> {gando}<sup>b</sup> {a un lugar para pacer}<sup>c</sup>. OBS. Constrúese coa prep. <i>con</i> seguido da especificación do tipo de animal. <i>Así que marchaba o vello cas vacas, el baixaba faldrillando</i> (REGTD989).</p>	$Ini^a + Mb^b + Dt^c$

Nas acepcións que seguen focalízase a idea do desprazamento, máis cá saída dun determinado lugar. Á súa vez, a acción pode ser de dous tipos, segundo o control da actividade. Mentres na acepción 9 o móbil que padece o movemento non o controla, na 8 si hai un dominio sobre o desprazamento por parte do móbil que o experimenta.

<p>v.i. 8. Moverse {alguén}<sup>a</sup> {a través dun lugar}<sup>b</sup> {a pé ou en determinados medios de transporte}<sup>c</sup>. OBS. Este uso adoita ser propio da linguaxe bélica. <i>A centos de miles, as exemplares obreiras, marchan en columna protexidas por outras máis grandes</i> (PNR997). <i>Havana marcha por Elian</i> (J60212).</p>	$Mb^a + Tr^b + Md^c$
<p>v.i. 9. Desprazarse {algo}<sup>a</sup> {por un lugar}<sup>b</sup>. <i>Recordo un día que marchou un remo polo mar abaixo</i> (PEAHOM004).</p>	$Mb^a + Tr^b$

### II. Movemento sen desprazamento

O movemento non esixe a presenza de desprazamento, alén de que é unha acción que o propio móbil non controla.

<p>v.i. 10. Caer, moverse {alguén ou algo}<sup>a</sup> {sen control}<sup>b</sup> fisicamente ou nun transporte. <i>Soltaronll'a corda e, como levaba unha chea de ..., marchou patas arriba</i> (LCAFAL990).</p>	$Mb^a + Md^b$
--	---------------

### III. Localización: desenvolverse por un espazo

Especificábase as dimensións dunha realidade [-animada] que se corresponde cunha vía, camiño ou accidente xeográfico. Designando a súa extensión, dá a sensación de que esa realidade se despraza ó longo dun espazo físico, mais non existe tal desprazamento. Non hai actividade, senón un estado de cousas: a descrición do espazo cuberto por esa entidade.

v.i. 11. Ocupar, avanzar, progresar {algo} <sup>a</sup> {por un espazo} <sup>b</sup> . <i>Emserstr. tén o engado d'estar unha parte dela grande sen edificar, e marchar polo tanto dereitiña por antre hortas e xardís (RISMIT934).</i>	Ent <sup>a</sup> + Tr <sup>b</sup>
--	------------------------------------

### IV. Mudanza de estado

A mudanza realízase nun nivel abstracto: no eido persoal, ideolóxico, nunha actividade... Avánzase abandonando unha situación ou estado anterior e pásase a un novo que pode ser a non existencia ou desaparición. É de interese o seu uso como eufemismo de *morrer*. Son varios os verbos de movemento utilizados para evitar o verbo tabú: *marchar*, *irse*, *pasar* ou *partir*.

v.i. 12. Evolucionar {alguén ou algo} <sup>a</sup> {na realización de algo} <sup>b</sup> . OBS. Se non se indica o contrario, a evolución márcase dunha forma positiva. <i>A nosa, a nosa película non marcha bián (PSATDI987).</i> <i>Os ensaios marchavam optimamente (L0707).</i>	Ax / Ent <sup>a</sup> + Md <sup>b</sup>
v.i. 13. Mudar {alguén} <sup>a</sup> {de posicionamento ideolóxico} <sup>b</sup> . <i>Vitorino Núñez marchou con Fraga (3nt993).</i>	Ax / Ent <sup>a</sup> + Md <sup>b</sup>
v.i. 14. Morrer {unha persoa} <sup>a</sup> , deixar {a vida} <sup>b</sup> . <i>E quem sabe se o Morgado ainda não marchava desta? Estaria danado de verdade? (L0468).</i>	Ax <sup>a</sup> + Or <sup>b</sup>
v.i. 15. Saír, deixar de haber {algo} <sup>a</sup> {nun sitio} <sup>b</sup> . <i>As pinturas dos outros lados xa marcharan (LFRNIN905).</i> <i>«Homem, você com fome até ratos comia. Estou certo que sim. Com fome até ratos marchavam.» (L0014).</i>	Ent <sup>a</sup> + Or <sup>b</sup>
v.i. 16. Tomar {alguén} <sup>a</sup> {outro servizo, outro posicionamento...} <sup>c</sup> partindo {dun anterior} <sup>b</sup> . <i>Non se marcharon a ofertas máis tentadoras (FPRENT990).</i>	Ax <sup>a</sup> + Or <sup>b</sup> + Dt <sup>c</sup>
v.i. 17. Beneficiarse {alguén} <sup>c</sup> {de algo} <sup>a</sup> , saíndo ese algo {doutro alguén, grupo, organismo, etc} <sup>b</sup> . <i>Algo máis de trescentos millóns marcharon para a Deputación de Lugo (3nt993).</i>	Ent <sup>a</sup> + Or <sup>b</sup> + Dt <sup>c</sup>
v.i. 18. Lanzarse {alguén} <sup>a</sup> {a algo} <sup>c</sup> para collelo {dende un anterior estado de quietude} <sup>b</sup> . <i>Marchou á primeira cousa e levou unha sábana (TABTDI979).</i>	Ax <sup>a</sup> + Or <sup>b</sup> + Dt <sup>c</sup>

**V. Acción**

*Marchar* inclúe nos seus significados dous tipos de accións: funcionar algo ou alguén e practicar o deporte da marcha.

Co primeiro, estamos ante unha extensión metafórica do significado *desprazarse*, xa que hai un movemento cara adiante dun obxecto ou situación cando esta funciona. Non se realiza un movemento con desprazamento nun espazo físico, senón o desenvolvemento dun artefacto ou dunha actividade.

v.i. 19. Funcionar {un mecanismo} <sup>a</sup> {dunha forma satisfactoria} <sup>b</sup> . <i>O coche marcha moi ben.</i>	<b>Ent<sup>a</sup> + Md<sup>b</sup></b>
v.i. 19a. Funcionar {alguén ou algo} <sup>a</sup> {dunha forma satisfactoria} <sup>b</sup> . <i>Pero farán que os Ministros marchen dereitos, garden a Costitución (ANODAL836).</i>	<b>Ax / Ent<sup>a</sup> + Md<sup>b</sup></b>
v.i. 19b. Funcionarlle {algo ou alguén} <sup>a</sup> {a alguén} <sup>b</sup> , serlle válido, útil. <i>Faga uis caldiños cu' ela e tomeos xa verá coma lle marchan (PRICON958).</i>	<b>Ax / Ent<sup>a</sup> + Md<sup>b</sup></b>

Co segundo, o modo en que se desenvolve o desprazamento é o destacado, á vez que tamén é outra extensión da macroacepción *movemento con desprazamento*. Neste caso é un uso restrinxido desta, xa que afecta á práctica dun deporte concreto.

v.i. 20. Practicar {alguén} <sup>a</sup> o deporte da marcha atlética. <i>Marcha Jefferson Perez, campeón olímpico de 20 quilómetros marcha em Atlanta-96 (J26426).</i>	<b>Ax<sup>a</sup></b>
--	-----------------------

Semanticamente *marchar* presenta tres ES base, indistintamente de se estamos ante un desprazamento no plano físico ou no metafórico.

1. Focalizados na orixe. Rexistramos dous tipos de movementos, un causativo (e minoritario) e outro non causativo, extensible este con figuras de natureza modal coma a *finalidade* e a *compañía*. Se a acción se desvencella da idea de movemento, encontramos o seu correspondente non causativo.

Ini + Mb + Or

Mb + Or                      Ax / Ent + Or

2. O ES base primeiro pódese estender co requirimento do punto final do desprazamento físico ou metafórico.

Mb + Or + Dt

Ax / Ent + Or + Dt

Ini + Mb + Or + Dt

3. Cando se focaliza o propio desenvolvemento da acción sen importar o punto de partida ou de chegada, o ES muda. Encadramos aquí as restantes opcións construtivas que recollemos con *marchar* porque se configuran como sentidos especializados semanticamente a partir do sentido primeiro que cobre os dous ES anteriores. Nestes casos, pódese non esixir nada máis que o propio realizador da acción, ó que se pode sumar o interesado nela ou o seu traxecto, ou faise unha especificación do modo en que esta se desenvolve.

Ax

Ax / Ent + Benef

Mb + Tr (+ Md)

Ent + Tr

Mb + Md

Ax / Ent + Md

Polo tanto, *marchar* presenta unha variedade de ES só paralela á de *saír* ou *vir* dentro dos verbos focalizados na orixe, lexemas semanticamente moito máis amplos. A explicación, como veremos no capítulo seguinte, encóntrase en que incluimos nun todo o funcionamento de dúas unidades verbais radicalmente diferentes: *marchar* en lingua galega e *marchar* en portugués.

#### 3.2.2.2.1.4. Sen superación de límite: partir

*Partir* é un sinónimo parcial de *marchar* e *saír*, mais é a forma semanticamente menos estendida das tres. Coma eles, é un verbo de movemento con desprazamento centrado no punto de orixe e intransitivo, pero, a diferenza de *saír*, non carrexador necesariamente dunha superación de límite no seu desprazamento. A súa variabilidade semántica é moito menor cá dos outros dous verbos, ó igual que a súa presenza nos corpus: fóra das fontes escritas portuguesas, que suman un total de 674 rexistros, recolléronse 52 estruturas en que o núcleo verbal é *partir*. E, finalmente, o número de ES que presenta é claramente reducido de contrastármolos cos de *saír* ou *marchar*.

Outra das diverxencias de *partir* xorde na propia orixe da noción de movemento con desprazamento ‘abandono dun espazo’: este é un sentido adquirido, e non primeiro, por aplicación extensiva do significado propio do verbo latino PARTIRE, ‘separar realidades’. Dende a noción de separación que ó abandonar un lugar existe de individuos ou destes co propio espazo, adquiriu a idea de movemento con desprazamento pola que é estudado aquí. Hoxe conviven as dúas acepcións aínda que nós non imos considerar a que sería a primeira cronoloxicamente; esta especialización posterior é a que xustifica a escasa diversidade de sentidos.

### I. Movemento con desprazamento

O tipo de movemento referido por *partir* é homoxéneo: sempre indica o abandono dun lugar por parte dunha realidade [ $\pm$ humana] que ten un control de diferente intensidade sobre o desprazamento segundo a situación descrita.

<p>v.i. 1. Poñerse en marcha {un medio de transporte}<sup>a</sup> para abandonar {un lugar}<sup>b</sup>.</p> <p><i>Os três homens chegaram apressados, pois o avião partia às 8. 15 horas (J26605).</i></p> <p><i>As frotas de Índias tamén partían da Coruña (3nt993).</i></p>	<p>Mb<sup>a</sup> + Or<sup>b</sup></p>
<p>v.i. 1a. Poñerse en marcha {alguén}<sup>a</sup> para abandonar {un lugar}<sup>b</sup>.</p> <p><i>Chegaba a ihora de partir; moito chorou (REGTD989).</i></p> <p><i>Partimos deste lugar maldito com a alma cheia de temor (L0011).</i></p>	<p>Mb<sup>a</sup> + Or<sup>b</sup></p>
<p>v.i. 1a1. Poñerse en marcha {alguén}<sup>a</sup> para abandonar {un lugar}<sup>b</sup> e realizar {unha determinada actividade}<sup>c</sup>. OBS. Constrúese coas prep. <i>a ou de</i>.</p> <p><i>Só depois partiram à caça do lixo, numa acção sobretudo simbólica (J35384).</i></p>	<p>Mb<sup>a</sup> + Or<sup>b</sup> + Dt<sup>c</sup></p>
<p>v.i. 1b. Ter {un acontecemento ou actividade}<sup>a</sup> un determinado {punto de orixe de saída}<sup>b</sup>.</p> <p><i>É un dos favoritos para gañar a regata da Volta ao Mundo que partirá de Southampton proximamente (3nt993).</i></p> <p><i>O desfile partiu, às 16. 10 horas, do Casino (J42158).</i></p>	<p>Mb<sup>a</sup> + Or<sup>b</sup></p>
<p>v.i. 1c. Saír {unha mercadoría ou produto}<sup>a</sup> dun {determinado lugar}<sup>b</sup>.</p> <p><i>E quando a sua obra partia e lha pagavam, mestre Zé Faz-Cavalos ficava triste (L0280).</i></p>	<p>Mb<sup>a</sup> + Or<sup>b</sup></p>

## II. Localización

A localización indicada por *partir*, ó igual que *marchar*, é de natureza extensiva: delimita o desenvolvemento espacial dunha determinada realidade, normalmente unha vía ou accidente xeográfico.

<p>v.i. 2. Ter {algo}<sup>a</sup> a súa orixe ou causa {naquilo que se expresa}<sup>b</sup>.  <i>A construción dunha nova carreteira que partiría dende Piñeiro (PNR997).</i>  <i>Gritos roucos partiam das bocas das mulheres (L0299).</i>  <i>Ainda de Portugal, partiu a ideia e o compromiso de financiamento de uma rede de ensino (J24527).</i></p>	<p>Ent<sup>a</sup> + Or<sup>b</sup></p>
---	---

## III. Acción

Nesta macroacepción incluímos o desenvolvemento ou a observación dende diferentes perspectivas de actividades todas elas de carácter intelectual. Non caben aquí accións físicas como as recollidas para *marchar* ou *saír*. Polo tanto, observamos de novo a restrición semántica de *partir* fronte ós seus compañeiros de grupo.

<p>v.i. 3. Comezar {alguén}<sup>a</sup> un razoamento ou unha actuación tomando como punto de partida {algo xa establecido}<sup>b</sup>. OBS. Constrúese coa prep. <i>de</i>.  <i>Parte das intuicións de Richter e relaciona (FRNSEG963).</i>  <i>Que efecto produciría Bach sobre Aossê? Foi daí que eu parti, do gordo sobre o magro, do ligado a outros sobre a solitário (L0464).</i></p>	<p>Ax<sup>a</sup> + Or<sup>b</sup></p>
<p>v.i. 3a. Comezar a realizar {algo ou alguén}<sup>a</sup> unha actividade {dende unha determinada situación}<sup>b</sup>.  <i>¿Di selección natural, pero partindo cun desequilibrio tan grande? (3nt993).</i>  <i>O Salgueiros é uma boa equipa, que parte bem para o contra-ataque (J26568).</i></p>	<p>Ax / Ent<sup>a</sup> + Or<sup>b</sup></p>
<p>v.i. 3b. Comezar {algo ou alguén}<sup>a</sup> a realizar {dende unha situación anterior}<sup>b</sup> {unha actividade}<sup>c</sup>.  <i>A Académica de Coimbra parte em busca de uma temporada tranquila (J26135).</i></p>	<p>Ax / Ent<sup>a</sup> + Or<sup>b</sup> + Dt<sup>c</sup></p>
<p>v.i. 4. Ter {algo ou alguén}<sup>a</sup> {un obxectivo intelectual, filosófico, artístico, profesional, etc}<sup>c</sup> para alcanzar {a partir dun estadio inicial}<sup>b</sup>.  <i>Reproduz o célebre solo do trompetista que ficou nos anais da música de jazz, partindo depois para novas variações com intensidade crescente (J60188).</i></p>	<p>Ax / Ent<sup>a</sup> + Or<sup>b</sup> + Dt<sup>c</sup></p>

**F1. Partir de cero / Partir do zero.** Comezar sen ter nada conseguido ou ningún apoio.

Como se ve, os ES deste verbo redúcense a dous: un biactancial, que é o máis habitual, e un segundo que é a ampliación do anterior. O ES base é aquel no que convive a figura que desenvolve a acción coa orixe desta, esteamos ante un movemento ou non.

Mb + Or

Ax / Ent + Or

Esta estrutura base pódese estender coa especificación do destino da acción, tanto sexa esta un movemento coma se non o é.

Mb + Or + Dt

Ax / Ent + Or + Dt

De modo que *partir*, a pesar do seu reducido corpo de sentidos e de ser un dos verbos con menor presenza no corpus de traballo, presenta os catro ES non causativos base do seu grupo verbal, xa que estes son compartidos pola totalidade dos verbos de movemento con desprazamento direccional focalizados na orixe, sexa na súa versión non causativa coma *partir* ou na causativa. Resta a estrutura tamén moi recorrente para este grupo Ent/Ax + Md; esta corresponderíalle á acepción sinónima de ‘fragmentar’ que non acollemos neste traballo como xa indicamos no inicio deste apartado.

### 3.2.2.3. Verbos que focalizan o traxecto

En todos os desprazamentos se parte dun lugar, chégase a outro e para iso vaíse a través dun espazo. Mais a importancia de cada unha destas referencias locativas non é común para todos os movementos con desprazamento. No grupo que imos atender agora sobresaíe o *traxecto*, o espazo percorrido que une a *orixe* co *destino*.

Seleccionamos tres unidades como representativas deste tipo verbal: *andar*, *pasar* e *atravesar*. Os dous últimos traen consigo a superación dun límite que funciona como o traxecto do desprazamento, mentres que o primeiro non; deste modo incluímos todas as posibilidades de significado neste ámbito. O central é comprobar que esta distinción non trae consigo diferenzas no plano semántico, senón no sintáctico, xa que nos primeiros adoita requirirse unha construción transitiva fronte á construción dominante intransitiva de *andar*.

#### 3.2.1.4.1. Con superación de límite

O traxecto decorre a través dun espazo que conta cun punto referente para ser superado no desenvolvemento completo da acción verbal. Os verbos aquí incluídos



son transitivos. Polo tanto, o rol semántico do OD e, vencellado con isto, o rol sintáctico da referencia locativa que funciona como límite son os aspectos de máis interese á hora de observar estes verbos.

### 3.2.2.3.1.1. Causatividade non determinada: pasar

*Pasar* é un verbo transitivo que presenta estruturas causativas e non causativas. Isto é, ou aparece un referente diferente ó móbil que provoque o seu movemento ou é o móbil o que o realiza e o causa. En cada un dos casos a estrutura semántica é diferente.

O verbo cobre unha ampla gama de sentidos. Dende o século XIII (Lorenzo, 1977) en galego é moi usado coas acepcións ‘suceder, transcorrer, empregar ou gastar, ir e vir de, cruzar, atravesar, quebrantar, morrer, sufrir, ir contra ou contravir’. Todas estas mantéñense ata a actualidade e aínda engadiu o novo significado ‘non interesarse por’, o que vai xustificar a diversidade construtiva no plano conceptual cando o verbo abandona a idea de desprazamento físico.

#### I. Movemento con desprazamento: superar un límite

Na clasificación que presentamos neste traballo, tratamos este verbo como unha unidade transitiva, mais non é a única opción. Aínda sendo así, a transitividade ou a súa ausencia non ten que necesariamente provocar cambios no ES do verbo. O máis habitual para ambas posibilidades é aquel no que convive o móbil do desprazamento xunto do traxecto, ós que se lles pode engadir o destino do movemento. En menor medida o locativo final pode suplir a especificación do traxecto.

As estruturas mencionadas conviven con outras causativas, sempre que o verbo presente unha construción transitiva; de todos os modos, esta é unha opción minoritaria dentro da noción de movemento con desprazamento.

<p>v.t. 1. Deixar {alguén}<sup>a</sup> atrás {un lugar ou límite espacial}<sup>b</sup>.  <i>Mecanicamente, lembro as estacións que hai que pasar: Savigny Platz, Zoologischengarten Bahnhof (RISMIT934).</i>  <i>Passamos Jericó, umas vinte casas, que melhor chamaríamos cabanas ou choupanas (L0011).</i></p>	<p>Mb<sup>a</sup> + Tr<sup>b</sup></p>
<p>v.t. 2. Deixar {alguén}<sup>a</sup> atrás {a algo ou alguén}<sup>b</sup> que está diante.  <i>O xugador, teso e dando un paso adiante, tira a bóla, a bóla pasa tamén as raías (LENETN938).</i>  <i>Mas logo aos 4', numa boa jogada, Haavistu, pela direita, passou dois defesas (J57490).</i></p>	<p>Mb<sup>a</sup> + Tr<sup>b</sup></p>
<p>v.t. 3. Atravesar {alguén}<sup>a</sup> {un lugar}<sup>b</sup>, ir dun lado ó outro de un lugar.  <b>OBS.</b> Pode aparecer coa prep. <i>de</i>.  <i>Catro aves voadeiras, as catro pasan a mar o cuco, i a golondrina, a rola i o pazpallar (LCAFAL990).</i>  <i>O grupo de ex-prisioneiros passou a fronteira do Sul para o Norte na localidade de Panmunjom (J57518).</i></p>	<p>Mb<sup>a</sup> + Tr<sup>b</sup></p>

Delimitación do significado verbal e dos seus esquemas semánticos

<p>v.i. 4. Levar {alguén}<sup>a</sup> {a algo ou a alguén}<sup>b</sup> {dun lugar}<sup>c</sup> {a outro próximo}<sup>c</sup> {a través dun lugar}<sup>d</sup>.</p> <p><i>Si todos os que pasas na barca che fan coma min, non che fai falta bolsa pró diñeiro, barqueiro</i> (CEFLUG963).</p> <p><i>Se havia algum grande lamaçal, ficava à beira dele para passar aos ombros os homens e os animais</i> (L0299).</p>	<p><math>\text{Ini}^a + \text{Mb}^b + \text{Or}^c + \text{Tr}^d + \text{Dt}^e</math></p>
<p>v.i. 5. Introducir {alguén}<sup>a</sup> {unha mercancía ou un obxecto}<sup>b</sup> {dun país}<sup>c</sup> {a outro}<sup>c</sup> {pola fronteira}<sup>d</sup> sen declaralo.</p> <p><i>¿Iou iballe dicire que pasaba o contrabando pra meterme a min nun lío?</i> (PSATDI987).</p> <p><i>Servem para mais alguma coisa do que dar nicho a preguiçosos, e passar contrabando nas bagagens</i> (L0460).</p>	<p><math>\text{Ini}^a + \text{Mb}^b + \text{Or}^c + \text{Tr}^d + \text{Dt}^e</math></p>
<p>v.i. 6. Ir {alguén ou algo}<sup>a</sup> {a un lugar}<sup>b</sup> de camiño cara a outro facendo ou non unha parada nel.</p> <p><i>E aínda non pasaba o tren por Lugo</i> (FOLLUS953).</p> <p><i>Viu passar o helicarro mas preferiu esperar um turbotaxi</i> (L0126).</p>	<p><math>\text{Mb}^a + \text{Tr}^b</math></p>
<p>v.i. 7. Desprazarse {alguén}<sup>a</sup> {dun lugar}<sup>b</sup> {a outro}<sup>d</sup> {por un espazo}<sup>c</sup>.</p> <p><i>Eu me lembro que as vosas casas tendes nesa praza e dela paso á rúa que é do Rego</i> (PINGAI853).</p> <p><i>Ia-se passando de túmulo em túmulo</i> (L0009).</p>	<p><math>\text{Mb}^a + \text{Or}^b + \text{Tr}^c + \text{Dt}^d</math></p>
<p>v.i. 7a. Desprazarse {alguén}<sup>a</sup> {dun lugar}<sup>b</sup> {a outro}<sup>d</sup> {por un espazo}<sup>c</sup> {cunha finalidade}<sup>c</sup>. OBS. Constrúese con [a/para/0 + inf].</p> <p><i>Cando, ao anoitecer, pasaba camiño da fonte a darlle de beber</i> (ALSCON955).</p> <p><i>Levaram um electricista que passara no local a alertar uma familiar do médico</i> (J34642).</p>	<p><math>\text{Mb}^a + \text{Or}^b + \text{Tr}^c + \text{Dt}^d + \text{Fin}^e</math></p>
<p>v.i. 7b. Desprazarse {alguén}<sup>a</sup> {dun lugar}<sup>b</sup> {a outro que carreta unha determinada finalidade}<sup>d</sup> {por un espazo}<sup>c</sup>.</p> <p><i>Leveino á eira de Couto, na beira do carreiro, cando el pasaba pá misa</i> (COUTDI976).</p>	<p><math>\text{Mb}^a + \text{Or}^b + \text{Tr}^c + \text{Dt}^d</math></p>
<p>v.i. 7c. Desprazarse {alguén}<sup>a</sup> {dun lugar}<sup>b</sup> {a outro}<sup>d</sup> {por un espazo}<sup>c</sup> {levando algo consigo}<sup>c</sup>. OBS. Constrúese coa prep. <i>con</i>.</p> <p><i>Íanse botar nunha terrible discusión cando pasou unha criada câ ola, da Burga</i> (OPEMAO928).</p> <p><i>Passa tu na Terra Negra com dinheiro de modo que ele to bispe</i> (L0289).</p>	<p><math>\text{Mb}^a + \text{Or}^b + \text{Tr}^c + \text{Dt}^d + \text{Md}^e</math></p>
<p>v.i. 7d. Desprazarse {alguén}<sup>a</sup> {dun lugar}<sup>b</sup> {a outro}<sup>d</sup> {por un espazo}<sup>c</sup> {especificando o aspecto}<sup>c</sup>.</p> <p><i>Os mocinhos então que estudam, agora passam aqui com o cabelo grande</i> (91P092).</p>	<p><math>\text{Mb}^a + \text{Or}^b + \text{Tr}^c + \text{Dt}^d + \text{Md}^e</math></p>
<p>v.i. 7e. Desprazarse {alguén}<sup>a</sup> {por un lugar}<sup>b</sup> dende un espazo a outro sen especificar, indicando {o modo en que se realiza o desprazamento}<sup>c</sup>.</p> <p><i>Pasou unha muller fluxindo</i> (FNZPRO810).</p> <p><i>A gente vai pelo atalho, que é só mau pra quem passa a cavalo</i> (L0583).</p>	<p><math>\text{Mb}^a + \text{Tr}^b + \text{Md}^c</math></p>
<p>v.i. 8. Ir {alguén}<sup>a</sup> {a un lugar}<sup>b</sup> e parar nel. OBS. Normalmente indica unha parada breve no lugar.</p> <p><i>Antes de dirixirse ao xuízo o Luns, pasou por un dos centros de beleza máis caros de Madrid</i> (3nt993).</p> <p><i>Até 7 de Julho, prometem passar pelos palcos de Leiria</i> (J44041).</p>	<p><math>\text{Mb}^a + \text{Dt}^b</math></p>
<p>v.i. 8a. Ir {alguén}<sup>a</sup> {a un lugar}<sup>b</sup> e parar nel {cunha determinada finalidade}<sup>c</sup>. OBS. Constrúese con [a/para/por/0 + inf].</p> <p><i>E daí passava pelo pagode a agradecer aos deuses a graça do filho adoptivo</i> (L0932).</p> <p><i>E pasei pola túa porta por ver qu' estabas facendo</i> (REGTD989).</p>	<p><math>\text{Mb}^a + \text{Dt}^b + \text{Fin}^c</math></p>

## Delimitación do significado verbal e dos seus esquemas semánticos

<p>v.i. 9. Cruzarse {alguén}<sup>a</sup> {con outro}<sup>b</sup>. OBS. Constrúese coa prep. <i>por</i>.  <i>Mais adiante passava por eles una fileira de carros a vergarem sob o pêso do mato (L0016).</i></p>	$Mb^a + Tr^b$
<p>v.i. 10. Ir {alguén}<sup>a</sup> {máis aló dun lugar}<sup>b</sup>.  <i>Non pases da porta (CURDIV888).</i>  <i>E como nunca passavam além das montanhas, haviam optado, em definitivo, por permanecer naquele céu (L0518).</i></p>	$Mb^a + Tr^b$
<p>v.t. 11. Entregar {alguén}<sup>a</sup> {algo}<sup>b</sup> {a alguén}<sup>c</sup>.  <i>Un pasall'a pelota ó outro (COSTDI986).</i>  <i>Não mais, por algum tempo, as verei agitarem-se com um frufu lascivo, a passar-me a mostarda! (L0290).</i></p>	$Ini^a + Mb^b + Dt^c$
<p>v.t. 12. Facer {alguén}<sup>a</sup> chegar {a alguén}<sup>c</sup>, {certa cousa}<sup>b</sup> a través doutra persoa.  <i>¿Pasáronlle o recado?</i></p>	$Ini^a + Mb^b + Dt^c$

### II. Movemento sen desprazamento

Mantense a idea de movemento, mais xa non hai desprazamento. A acción céntrase no feito de poder ir a través de algo, de atravesalo. Neste grupo a transitividade é a única opción e a causatividade equilíbrase coa ausencia dun iniciador.

<p>v.t.13. Levar {alguén}<sup>a</sup> {algo}<sup>b</sup> {a través do interior de algo}<sup>b</sup>.  <i>Pasou un brazo por entr'as rendas do caballo (VALMAX880).</i>  <i>Luiza ia passando o seu medalhão de ouro numa longa fita de veludo preto (L0443).</i></p>	$Ini^a + Mb^b + Tr^c$
<p>v.t.14. Deixar {un obxecto}<sup>b</sup> que {algo}<sup>a</sup> penetre a través de si.  <i>Unha pineira ou un brotel, unha cousa que ... que pase namais a fariña fina (LCAFAL990).</i>  <i>Para que os tijolos, desencontrados, deixassem depois passar o fogo (L0453).</i></p>	$Mb^a + Tr^b$
<p>v.t.15. Tragar, enviar {alguén}<sup>a</sup> {algo}<sup>b</sup> {pola gorxa}<sup>c</sup>.  <i>Pro o que non podon pasar son as lampreias, somellan cobras e saben a lama (BLABIO962).</i></p>	$Ini^a + Mb^b + Tr^c$
<p>v.t.16. Levar {alguén}<sup>a</sup> {algo}<sup>b</sup> {pola superficie de algo}<sup>c</sup> de xeito que o vaia tocando.  <i>Para atallar a corrente das miñas negras ideas paseime a mau pola frente (CURDIV888).</i>  <i>Foi-lhe passando a escova pela gola (L0379).</i></p>	$Ini^a + Mb^b + Tr^c$
<p>v.i.17. Poder atravesar {algo}<sup>a</sup> {por un lugar}<sup>b</sup>.  <i>E'ntonces pasaban así coma o que pasa por entres dos dedos (REGTD989).</i>  <i>É mais fácil um camelo passar pelo buraco de uma agulha (J52615).</i></p>	$Mb^a + Tr^b$

F1. **Pasar o ferro / Passar a ferro.** Tornar lisa a roupa co ferro de pasar.

F2. **Pasar (tempo, situación...) por / Passar (tempo, situação...) por.**  
Notárenselle os anos, o paso do tempo a alguén ou algo.

### III. Localización

A localización é un sentido recollido nos tres verbos encaixados neste grupo, mais só presenta valor extensivo en *pasar* e *atravesar*; é dicir, estes lexemas indican a extensión dunha vía ou accidente xeográfico. Deste modo, dásele vida a unha realidade [-animada] ó adscribirlle a propiedade do desprazamento, aínda que o que se refire é o espazo polo que se desenvolve. A causatividade neste grupo non é unha opción de construción.

<p>v.i. 18. Incluir {un río, unha vía de comunicación}<sup>a</sup> como parte do seu percorrido {certo lugar}<sup>b</sup>.</p> <p><i>Carón da casa arriba e máis abaixo pasan as rúas</i> (PINGAI853).</p> <p><i>Paradoxalmente, no mesmo punto onde passa a via é visível uma delimitação de cada uma das fontes como área a proteger</i> (J34750).</p>	<p>Ent<sup>a</sup> + Tr<sup>b</sup></p>
<p>v.i. 18a. Incluir {unha teoría, un grupo, etc.}<sup>a</sup> como parte do seu campo {certos aspectos, membros, ideas, etc}<sup>b</sup>.</p> <p><i>Antisociás ou hipersociás, dend'o revisionismo de Bernstein, pasando pola socialdemocracia, deica o comunismo</i> (RISMIT934).</p> <p><i>É um fenómeno que passa pela decomposição de todos os sistemas de relação</i> (J61835).</p>	<p>Ent<sup>a</sup> + Tr<sup>b</sup></p>

### IV. Mudanza do estado

Nesta macroacepción dominan as estruturas causativas: hai dous roles, un experimentador da mudanza e un iniciador que a provoca. Na única excepción non causativa, quen experimenta e quen provoca a experiencia é unha mesma realidade.

Semanticamente, todos os sentidos deste grupo reflicten o estado final dun elemento participante no proceso de vivencia dunha situación concreta.

## Delimitación do significado verbal e dos seus esquemas semánticos

<p>v.t. 19. Facer {alguén}<sup>a</sup> que mude {algo}<sup>b</sup> {para outra situación ou estado}<sup>c</sup>.</p> <p><i>Despois de cocidas, pásanse as patacas a enfriar.</i></p>	$Ax^a + Pac^b + Dt^c$
<p>v.t. 20. Copiar {alguén}<sup>a</sup> {un texto}<sup>b</sup>, xeralmente introducindo certas modificacións, levándoo {a outro formato}<sup>c</sup>. OBS. Pode adquirir o sentido de 'traducir'.</p> <p><i>Ás viúdas non lles cobraba nada por pasá-los documentos (REGTD989).</i></p> <p><i>Tenho a sensação de que é Ripley quem está a escrever, e que eu apenas estou a passar a história à máquina (J34672).</i></p>	$Ax^a + Pac^b + Dt^c$
<p>v.t. 21. Frixir ou asar {alguén}<sup>a</sup> {un alimento}<sup>b</sup> utilizando un {determinado utensilio de cociña}<sup>c</sup>.</p> <p><i>É o tousiño, entón quitaselle unhas, unhas teliñas e pásalas na sartén (COSTDI986).</i></p>	$Ax^a + Pac^b + Tr^c$
<p>v.p. 22. Integrarse {alguén ou algo}<sup>a</sup> {nun grupo ou estética}<sup>b</sup> tras abandonar outro distinto no que se estaba.</p> <p><i>Non conseguen bos resultados e máis tarde pasase ós socialistas centralistas (PNR997).</i></p> <p><i>Acusou os chamados "militantes renovadores" do partido de se quererem pasar para o PS (J52749).</i></p>	$Ax / Ent^a + Dt^b$
<p>v.p. 22a. Mudar {alguén}<sup>a</sup> un asunto ou gusto {por outro}<sup>b</sup>.</p> <p><i>Pasáronse logo á mostarda.</i></p>	$Ax^a + Dt^b$
<p>v.i. 23. Cambiar {alguén ou algo}<sup>a</sup> {de unha ocupación, estado, opinión, etc.}<sup>b</sup> {para outro}<sup>c</sup>.</p> <p><i>Alí estudiábamos ó dereito e asta que sabíamos unha cousa non pasábamos a outra (PINGAI853).</i></p> <p><i>Na produção industrial passou de 1, 7% negativos em Maio para 1, 9% negativos em Junho (J28620).</i></p>	$Ax / Ent^a + Or^b + Dt^c$

### V. Estado

*Pasar* carreta dous tipos de estados: a experimentación e o resultado desta. No primeiro dos casos encontramos que o mesmo verbo pode expresar unha vivencia positiva ou negativa. A ambigüidade sobre o carácter agradable ou desagradable da experiencia esixe unha concreción que vai alén do verbo, xa que debe especificarse a través de complementos oracionais, do contexto comunicativo ou textual ou co uso de recursos melódicos coma a entoación. Deste modo, *pasei un vran...* difire de *pasei un vran!* só na liña entoativa, pero semanticamente refiren sensacións claramente opostas. Os lexemas son os mesmos, mais os recursos discursivos convértenas en dúas mensaxes antitéticas.

Delimitación do significado verbal e dos seus esquemas semánticos

A partir da acepción 27, a acción refire o estado ou consideración alcanzado por unha realidade determinada.

<p>v.t. 24. Ser {alguén}<sup>a</sup> vítima de {algo penoso ou desagradable}<sup>b</sup>.</p> <p><i>Leva ós nosos probes paisanos cegos e ñorantes a pasar traballos na América.</i> (VPOALM922).</p> <p><i>Desdramatiza qualquer cenário mais pessimista, assegurando que os animais não passam fome</i> (J42178).</p>	<p><math>Ax^a + Tr^b</math></p>
<p>v.i. 24a. Experimentar {algo ou alguén}<sup>a</sup> {algo}<sup>b</sup> non necesariamente penoso.</p> <p><i>A unidade asociativa en Xinzo pasa un bo momento</i> (PNR997).</p> <p><i>Vamos passar uma noite alegre</i> (L0442).</p>	<p><math>Ax / Ent^a + Tr^b</math></p>
<p>v.i. 24b. Padecer {algo ou alguén}<sup>a</sup> de feito {algo}<sup>b</sup>. OBS. Emprégase coa prep. <i>por</i>.</p> <p><i>Non tiña moitos crebadeiros de cabeza, nin pasaba polas apuradas e sofocós que pasaban algús</i> (LAMGAL887).</p> <p><i>O jogo passou, então, por um período de alguma atrapalhação</i> (J42997).</p>	<p><math>Ax / Ent^a + Tr^b</math></p>
<p>v.t. 25. Ocupar ou consumir {alguén}<sup>a</sup> {certo tempo}<sup>b</sup> {dun determinado modo}<sup>c</sup>.</p> <p><i>Pasou a noite escribindo. O vello Hixinio pasa as horas inmóbil, sen saberse para onde olla</i> (MEFARR991).</p> <p><i>Até ao segundo ano de vida as crianças passam o período nocturno junto das mães</i> (J59832).</p>	<p><math>Ax^a + Tr^b + Md^c</math></p>
<p>v.i. 26. Producirse {un feito}<sup>a</sup> {en algo ou alguén}<sup>b</sup>.</p> <p><i>Se fora un solo ou dous, bueno; era unha verghonsa pró que lle pasaba</i> (FRETOC993).</p> <p><i>As raparigas não têm a mínima ideia do que se passa</i> (L0409).</p>	<p><math>Ent^a + Benef^b</math></p>
<p>v.i. 27. Chegar á súa fin, quedar atrás {un suceso, un estado, etc}<sup>a</sup>.</p> <p><i>Eisí pasaban os días, aboiano de un canto para outro</i> (ALSCON955).</p> <p><i>A semana que passou foi decisiva para Ricardo Carvalho</i> (J26708).</p>	<p><math>Ent^a</math></p>
<p>v.i. 28. Ser {algo ou alguén}<sup>a</sup> considerado {dun modo}<sup>b</sup>. OBS. Utilízase seguido da preposición <i>por</i>.</p> <p><i>Alí quere a faser pasar por súa Sobriña</i> (ANODAL836).</p> <p><i>A nova comédia de Brooks até passa por um objecto modesto</i> (J60146).</p>	<p><math>Ax / Ent^a + Md^b</math></p>
<p>v.i. 28a. Ser {algo ou alguén}<sup>a</sup> considerado {dun modo}<sup>b</sup>. OBS. O modo especificase a través dun predicativo.</p> <p><i>Reuniões masivas como aquela era algo que moi dificilmente pasaba desapercibido á policía</i> (FGRANO985).</p> <p><i>Em Belém, uma quase "fantasma" festa oficial passou despercebida na ventosa noite de sexta-feira</i> (J57600).</p>	<p><math>Ax / Ent^a + Md^b</math></p>

Delimitación do significado verbal e dos seus esquemas semánticos

<p>v.i. 29. Ser {algo ou alguén}<sup>a</sup> aceptable para o fin que se busca, non estar mal.</p> <p><i>Vilas grandes e fermosas, con casas ben feitas d'estilo que pode pasar (RISMIT934).</i></p> <p><i>Se os pecados forem tão graves que não devam passar este virá pelo caminho mais curto (L0486).</i></p>	<p>Ax / Ent<sup>a</sup></p>
<p>v.i. 30. Quedar {algo ou alguén}<sup>a</sup> {dun modo, aguantarse cunha situación}<sup>b</sup>. OBS. O modo habitualmente non se especifica, pois sobreenténdese polo contexto.</p> <p><i>O que cumía cumía e o que non, pasaba (REGTD989).</i></p> <p><i>Mas isso nem é gente, isso é menos que gente, por isso é que podem passar, como os cães e os gatos vadios (L0342).</i></p>	<p>Ax / Ent<sup>a</sup> + Md<sup>b</sup></p>
<p>v.i. 31. Non necesitar {alguén}<sup>a</sup> {algo que se expresa}<sup>b</sup>. OBS. Utilízase coa prep. <i>sen</i>.</p> <p><i>Non podía pasar sin o seu chocolatiño en crúo (LAMGAL887).</i></p> <p><i>Começara a construir a sua casa sob o pretexto de que ninguém pode afinal passar sem uma casa (L0442).</i></p>	<p>Ax<sup>a</sup> + Md<sup>b</sup></p>
<p>v.i. 31a. Ter bastante ou chegarlle {a algo ou alguén}<sup>a</sup> {algo}<sup>b</sup>. OBS. Utilízase coa prep. <i>con</i>.</p> <p><i>Dixenlle que non bailaba. Non... non pasou con aquela, volveu pra outra (REGTD989).</i></p> <p><i>E se é vulgar um ligeiro a "diesel" ter 2000 de cilindrada, passa muito bem com apenas 90 cavalos (J34913).</i></p>	<p>Ax / Ent<sup>a</sup> + Md<sup>b</sup></p>
<p>v.p. 32. Deixar de estar {un alimento}<sup>a</sup> {en bo estado}<sup>b</sup>.</p> <p><i>Meteronchas alí, de sorte que se pasaron e coceron sei que máis cá manteiga (FNZPRO810).</i></p>	<p>Ent<sup>a</sup> + Md<sup>b</sup></p>

F3. **Pasalo ben / Passar bem.** 1. Divertirse. 2. Non ter malestar.

F3a. **Pasalo de ben, de marabilla, de medo, mellor, estupendo.**

Divertirse

F4. **Pasalo mal / Passar mal.** 1. Aburrirse. 2. Atravesar unha situación difícil ou desagradable, física ou psíquica.

F5. **Pasar á(s) historia(s) / Passar à posteridade.** Formar parte da historia, ser coñecido, ser importante.

F5a. **Pasar á historia / Passar à história.** Non ser útil nese momento.

F6. **Pasar de moda / Passar de moda.** Non ser moderno, non ser practicado ou do gusto da maioría.

**VIII. Acción**

Como na maioría dos verbos analizados, as accións indicadas con *pasar* móvense por diferentes dominios.

En primeiro lugar, imos tratar un conxunto de sentidos en que se mantén a noción de límite a superar, mais este xa non é un lugar, senón unha idea, un estado, unha situación, etc.

A partir da acepción 38 configúrase un segundo grupo en que a actividade é de índole intelectual. Estamos ante extensións semánticas por asociación metafórica entre o desprazamento físico e o transvasamento de ideas, sentimentos, principios, etc.

<p>v.t. 33. Deixar {alguén}<sup>a</sup> atrás {un suceso, un acontecemento, etc}<sup>B</sup>.  <i>Pasou algunhas follas da revista</i> (NEIHIS968).  <i>O homem passa mais de duzentas páginas numa bicha</i> (J43964).</p>	<p><math>Ax^a + Tr^b</math></p>
<p>v.t. 33a. Deixar {alguén}<sup>a</sup> atrás {as dificultades}<sup>b</sup>, resolver os problemas, vencer os obstáculos que comporta certa cousa. OBS. Pódese construír coa prep. <i>de</i>.  <i>Pensando que xa pasara do peligro botou un arrulo</i> (PRICON958).  <i>Diz que vai fazer exame e que há-de passar</i> (L0044).</p>	<p><math>Ax^a + Tr^b</math></p>
<p>v.i. 34. Ir {alguén ou algo} máis aló {dun límite ou baliza non física}<sup>b</sup>.  <i>Con Sterne non pasa da delicia</i> (FRNSEG963).  <i>Desengane-se, minha cara, tudo não passa de uma mistificação óptica</i> (L0061).</p>	<p><math>Ax / Ent^a + Tr^b</math></p>
<p>v.p. 34a. Superar {alguén ou algo}<sup>a</sup> {o límite que se considera razoable}<sup>b</sup>.  <i>Penso que algunha vez pasámonos un pouco, cunha concorrencia inesperada</i> (FGRANO985).</p>	<p><math>Ax / Ent^a + Tr^b</math></p>
<p>v.i. 35. Non interesarse {alguén}<sup>a</sup> {por algo}<sup>b</sup>, non facer algo.  <i>Pasou diso muitísimo, pasaba, hoxe xa non</i> (COSTDI986).  <i>Junto dela, os restantes intérpretes parecem limitar-se a «passar»</i> (J60177).</p>	<p><math>Ax^a + Ref^b</math></p>
<p>v.t. 36. Facer {alguén}<sup>a</sup> que non se decata {de algo}<sup>b</sup>, para evitar impor unha sanción {a alguén ou algo}<sup>c</sup>. OBS. Non sempre ten que aparecer unha figura a quen non lle ter en conta o referido na acción.  <i>Domingo despois non lle pasaba [nada]</i> (CACQUE986).  <i>Havia de me conformar com a tua inépcia até para estrelar um ovo, deixaria passar o esturro na sopa e as botas mal engraxadas</i> (L0416).</p>	<p><math>Ax^a + Pac^b (+ Benef^c)</math></p>
<p>v.t. 37. Reproducir {alguén}<sup>a</sup> {unha cinta, un disco, etc}<sup>b</sup> {a través medio de comunicación ou instrumento para este fin}<sup>c</sup>; retransmitir, transmitir, conter un libro algo.  <i>O día 18 pasan Esencia de muller na Lagoa de Mera</i> (3nt993).  <i>A cabeça cansa-se de sonhar com o que nunca viu, a não ser nas novelas que a SIC passa</i> (J42582).</p>	<p><math>Ax^a + Pac^b + Tr^c</math></p>



Delimitación do significado verbal e dos seus esquemas semánticos

v.t. 38. Transmitirille {alguén} <sup>a</sup> {algo} <sup>b</sup> {a outro} <sup>c</sup> . <i>Debiches ser ti quen me pasou a gripe.</i>	$Ax^a + Pac^b + Benef^c$
v.t. 38a. Transmitir, comunicarille {alguén} <sup>a</sup> {unha idea} <sup>b</sup> {a outro} <sup>c</sup> . <i>Desejando ouvir a historia para depois ir passá-la de boca em boca (L0518).</i>	$Ax^a + Pac^b + Benef^c$
v.i. 38b. Transmitirse, traspasar {algo} <sup>a</sup> {de alguén} <sup>b</sup> {para outro} <sup>c</sup> . <i>Quixeron quitarnos ese ben tan preciado que foi pasando de xeracións en xeracións (PNR997).</i> <i>A sucessão da valentia corporal passou para o ramo feminino dos Vieiras (L0822).</i>	$Ent^a + Or^b + Benef^c$
v.i. 38c. Adquirir {alguén} <sup>c</sup> {algo} <sup>a</sup> {a partir doutro} <sup>b</sup> , apropiarse, entender. <i>Frases que pasarán aos fanáticos de turno (3nt993).</i> <i>Aproxima o ouvinte da própria música e permite que os sentimentos e emoções passem para o público (J60141).</i>	$Ent^a + Or^b + Benef^c$
v.t. 39. Omitir, non tratar {alguén} <sup>a</sup> {algo} <sup>b</sup> . <i>Meu dito, meu feito, de tentación en tentación, empeza por pasar un versículo, logo dous (LAMGAL887).</i>	$Ax^a + Pac^b$
v.p. 40. Esquecérselle {algo ou alguén} <sup>a</sup> {a alguén} <sup>b</sup> . <i>Aproveita os períodos de alegacións; se se che pasou o prazo, non importa (3nt993).</i> <i>Disse a galante menina de cujo cabelo nos passou dizer o então loiro escurecido de húmido (L0216).</i>	$Ent^a + Benef^b$
v.p. 40a. Despiertarse de algo, non darse de conta {alguén} <sup>b</sup> {de algo} <sup>a</sup> . <i>Vaia estás en todo, non se che pasa nada (LPXCON928).</i>	$Ent^a + Benef^b$
v.i. 41. Non participar {alguén} <sup>a</sup> {nunha xogada} <sup>b</sup> . <i>Tira ti que eu paso.</i>	$Axe^a + Tr^b$
v.i. 42. Ceder {alguén} <sup>a</sup> {en algo} <sup>b</sup> . OBS. Emprégase coa prep. <i>por</i> . <i>Non houbo más remedio que transixir, e pasar polo que el quixo (LPXCON928).</i>	$Axe^a + Tr^b$
v.i. 43. Tolerar {alguén} <sup>a</sup> {o que se expresa} <sup>b</sup> . OBS. Emprégase coa preposición <i>por</i> . <i>Hai alí o demo d'empregados atrás das ventanillas, que non pasan por movimento mal feito (RISMIT934).</i> <i>Podem passar pela entrega das armas (J35165).</i>	$Axe^a + Tr^b$

**F7. Pasar por algo / Passar por algo.** 1. Someter á acción de algo. 2. Ser requisito para algo, serlle propio, ter.

**F8. Pasar polas mans de ou [posesivo] man / Passar pelas mãos.** Controlar, coñecer, tratar algo alguén.

**F9. Passar uma rasteira.** Enganar, poñer a cambadela física ou metaforicamente.

F10. **Pasar (a) páxina / Passar página.** Esquecer, non ser importante.

F10a. **Pasar pola faltriqueira.** Non considerar algo.

F11. **Pasar para diante / Passar adiante.** Non deterse nun asunto, non atendelo.

F11a. **Pasar de longo ou largo / Passar de ou ao largo.** Non interesarse, non pararse en algo.

F12. **Pasar por (en)riba / Passar por cima de.** Asoballar, menosprezar, non considerar.

F13. **Pasar pola imaxinación / Passar pela imaginação.** Ocorréselle algo a alguén.

F13a. **Pasarlle pola cabeza ou miolos ou mente / Passar pela ou na cabeça.** Ocorréselle, recordar algo alguén.

F14. **Pasar consulta ou lista ou revista / Passar (em) revista, exame.** Realizar o control que se especifica.

F15. **Pasar por alto / Passar por alto.** Omitir algo a propósito ou sen decatarse.

F16. **Pasar polo aro.** Acatar algo co que non se concorda.

F17. **Pasarlle factura.** Ter consecuencias algo.

F18. **Pasarlle as contas a.** Axustar, facer xustiza, castigar.

F19. **Pasar a ou para as mans de / Passar para as mãos de.** Posuír, controlar algo/alguén.

P1. **Pasar a +inf.** Aspectual, disposición resultante indicador de cambio.  
*En canto o servizo sexa completo entón pasaremos a cobrá-las 3.000 ptas. ó ano (PNR997). Assim, o pobre diabo de operário que se embriagou numa hora de ócio, passa logo a figurar no cabeçalho da notícia (L0460).*

P1a. **Pasar + inf.** Aspectual, disposición resultante indicador de cambio.  
*Había outra revista rexistrada con ese nome, entón pasou chamarse ¡Guión! (PNR997).*

Q1. **Pasa / Passa!** Expresión de ánimo para que alguén ou algo marche, fuxa ou faga algo.

## Delimitación do significado verbal e dos seus esquemas semánticos

O conxunto dos ES de *pasar* pódense reducir a tres macroestruturas, cunha versión causativa fronte a outra non causativa e con diversas extensións ou adaptacións se estamos ante un movemento ou non.

1. Focalizados na traxectoria da acción. A construción pode ser non causativa, e extensible con complementos locativos e modais ou só con modais, se se refire a un desprazamento.

Mb + Tr (+ Md)                      Ax / Ent + Tr (+ Md)

Mb + Tr + Or + Dt (+ Md / Fin)

Mais tamén pode ser causativa, igualmente ampliable cos outros dous elementos locativos, sempre e cando esteamos ante un movemento no plano físico.

Ini + Mb + Tr (+ Or + Dt)                      Ax + Pac + Tr

2. Focalizados no destino. Esta figura semántica, xunto de *pasar* encóntrase no linde entre o punto final do desprazamento e a traxectoria deste, xa que define unha chegada a un lugar, pero no que se vai estar un tempo limitado. O desprazamento ata alí non se fai dun modo definitivo, pois indica unha estancia puntual e case accidental. Máis adiante (véxase cap. 7.) trataremos con máis afondamento a construción e o valor deste complemento espacial, que debe, neste caso, a súa proximidade á traxectoria á propia natureza semántica de *pasar*, que tende, como xa vimos, explicitar o lugar por onde. Novamente, contamos cunha construción non causativa xunto doutra causativa.

Mb + Dt (+ Fin)                      Ini + Mb + Dt

Ax / Ent + Dt (+ Or)                      Ax + Pac + Dt

Este ES conta cunha variante nas acepcións en que se abandona a idea de desprazamento: o destino é unha realidade [+humana] que, á vez, se beneficia da acción. Por conseguinte, o ES e a estrutura sintáctica mudan (véxase cap. 7., apartado 7.3.2.).

Ent + Benef (+ Or)                      Ax + Pac + Benef

3. Incluímos neste terceiro grupo aquelas situacións en que o verbo describe unha acción ou estado desvencellado do movemento físico e en que as referencias locativas xa non son requiridas semanticamente. O resultado é un ES bimembre causativo ou monomembre non causativo, extensible este último con figuras de natureza modal.

Ax / Ent + Pac                      Ax / Ent      Ax / Ent + Md / Ref

### 3.2.2.3.1.2. Non causativos: atravesar

Escollemos *atravesar* como verbo transitivo non causativo, pero non en todos os casos se mantén dentro destas marxes de funcionamento; ou sexa, non é un lexema exclusivamente non causativo nin tampouco é sempre transitivo. Presenta, coma *pasar*, estruturas causativas e non causativas. A diferenza está en que ó referir un movemento con desprazamento a única opción é a non causativa; só existe un causante explícito da acción diferente do que a padece nas accións en que a noción de desprazamento desaparece. Ademais, tampouco é unha unidade puramente transitiva, xa que, aínda sendo na maioría dos casos un verbo que rexe OD (rexistramos unha única acepción intransitiva), a intransitividade é unha posibilidade de construción. De todos os modos, esta diferente construción sintáctica non carrega unha diverxencia na estrutura semántica do verbo.

#### I. Movemento con desprazamento a través de

Baixo esta macroacepción xorde a única acepción intransitiva de *atravesar* (acepción 5); mais a diverxencia na construción sintáctica non carrega diferentes ES, xa que son todos non causativos biactanciais, nos que comparten espazo o que realiza o movemento xunto do traxecto que segue, entendido este como un límite a ultrapasar.

v.t. 1. Pasar {alguén ou algo} <sup>a</sup> dun lado ó outro dunha cousa ou dun lugar {a través de algo} <sup>b</sup> . <i>Atravessa a escea e sentase nun escano</i> (CUNHAM958). <i>Agarrei o saco e tornei a atravesar a ponte</i> (L0468).	Mb <sup>a</sup> + Tr <sup>b</sup>
v.t. 2. Moverse {un produto} <sup>a</sup> {a través de diferentes territorios} <sup>b</sup> . <i>O «New-York Times», o jornal cujas formas de composición diariamente atravessam o Atlántico dum salto, para na madrugada seguinte serem impressas em Paris</i> (L0085).	Mb <sup>a</sup> + Tr <sup>b</sup>
v.t. 3. Percorrer {alguén ou algo} <sup>a</sup> {de punta a punta, de lado a lado, de extremidade a extremidade un espazo} <sup>b</sup> . <i>Vin que xa tíñamos atravesado a fronteira</i> (CURDIV888). <i>Mulheres que atravessam as fronteiras, a pé ou de carro, para comprar aqui e vender ali</i> (J34580).	Mb <sup>a</sup> + Tr <sup>b</sup>
v.t. 4. Abrir {alguén ou algo} <sup>a</sup> camiño en meio de, pasar {por entre algo ou alguén} <sup>b</sup> . <i>Alí vén el con vagoroso paso, atravesando a plácida corrente da falangueira xente</i> (AONPOE878). <i>Como hei-de eu atravesar as sentinelas dos realistas, ir a um posto inimigo?</i> (L0003).	Mb <sup>a</sup> + Tr <sup>b</sup>
v.t. 5. Ir {alguén ou algo} <sup>a</sup> {a través dun lugar} <sup>b</sup> , dun lado ó outro. <i>Estaba alí ardendo desque vira atravesar as dúas sombras pola calva do monte</i> (LFRNIN905). <i>Deitado, cobria Sete-Luas com o braço são e murmurava, Blimunda, então o nome atravessava um largo e escuro deserto cheio de sombras</i> (L0486).	Mb <sup>a</sup> + Tr <sup>b</sup>

## II. Movemento sen desprazamento a través de

Vencellado coa macroacepción anterior preséntase a idea de moverse ou ser movido algo ou alguén a través dunha realidade, mais sen desprazamento. Neste grupo recollemos ES non causativos idénticos ás construcións de movemento con desprazamento, e outros causativos que colocan este verbo en paralelo con *pasar*.

<p>v.t. 6. Pasar {algo}<sup>a</sup> {dun lado ó outro dunha cousa ou persoa, polo interior dela}<sup>b</sup>.</p> <p><i>Metía un sabre pola boca, que lle debía chegar ás tripas i atravesarlle o corpo todo</i> (LPXCON928).</p> <p><i>Fazer fugir aquela procissão de luzes que vindo do canto do olho lhe atravessavam o nariz da cara</i> (L0461).</p>	$Mb^a + Tr^b$
<p>v.t. 6a. Facer {alguén}<sup>a</sup> que {algo}<sup>b</sup> pase {dun lado ó outro de unha cousa ou persoa polo interior dela}<sup>c</sup>.</p> <p><i>Hamlet, tirando do cinto de Escaramuza a grande espada, atravesa al Rei</i> (CUNHAM958).</p> <p><i>Tinha alma de te atravessar o coração com esta agulha, maldito</i> (L0523).</p>	$Ini^a + Mb^b + Tr^c$
<p>v.t. 7. Colocar {alguén}<sup>a</sup> {algo}<sup>b</sup> de través {nun lugar}<sup>c</sup>, oblicuamente ou dun lado ó outro.</p> <p><i>Abrironlle a boca cun fungueiro i atravesaronllo en forma de tranca pra que non puidese trabar</i> (LPXCON928).</p> <p><i>Ele pode atravessar o jipe no portão</i> (J43076).</p>	$Ini^a + Mb^b + Tr^c$
<p>v.p. 7a. Quedar {algo ou alguén}<sup>a/b</sup> colocado de través nun lugar, oblicuamente ou {dun lado ó outro dun sitio}<sup>c</sup>.</p> <p><i>O carreteiro quixo afastar os bois; non poido: atravesaronse no camiño</i> (VPOALM922).</p> <p><i>Mas o Matos, pulando dos degraus do altar, atravessou-se-lhe no caminho</i> (L0342).</p>	$Ini^a + Mb^b + Tr^c$

## III. Localización

O tipo de localización indicado por *atravesar* é o mesmo que o recollido en *pasar*. Indica a extensión –neste caso, espacial ou temporal– pola que se desenvolve unha entidade [–animada].

## Delimitación do significado verbal e dos seus esquemas semánticos

<p>v.t. 8. Estar {algo}<sup>a</sup> localizado {ao longo dun espazo}<sup>b</sup>.  <i>Por atrás vai un camiño estrano e misterioso, qu' atravesa portas, páteos e pontes de ferro (RISMIT934).</i>  <i>A mítica e mais famosa estrada dos EUA tem cerca de 3 mil quilómetros e atravesa o país do Atlântico ao Pacífico, por alguns dos trechos mais remotos (J34561).</i></p>	Ent <sup>a</sup> + Tr <sup>b</sup>
<p>v.t. 9. Durar {algo ou alguén}<sup>a</sup> {certo espazo de tempo}<sup>b</sup>, resistir, prolongarse.  <i>As árvores foram mortas tão depressa e enterradas em tais condições que atravessaram séculos sem apodrecer e sem se fossilizarem (J43577).</i></p>	Ax / Ent <sup>a</sup> + Tr <sup>b</sup>

### IV. Estado

A descrición do estado en que se encontra algo ou alguén nun determinado momento ou que lle é propio, ocupa esta macroacepción, que rexistramos tamén en *pasar* e en *andar*, aínda que nestes a amplitude semántica é maior.

<p>v.t.10. Vivir {alguén}<sup>a</sup> circunstancialmente {unha situación determinada}<sup>b</sup>.  <i>Salienta as dificultades que atravesan os habitantes de Tinduf (3nt993).</i>  <i>O futebol sueco está a atravessar dias felizes (J26732).</i></p>	Ax <sup>a</sup> + Tr <sup>b</sup>
<p>vt. 11. Serlle propio {algo ou alguén}<sup>a</sup> {a algo ou alguén}<sup>b</sup>, contar con.  <i>Quando o caldo de cultura racista existente em Portugal –e que atravessa todos os estratos sociais, dos excluídos aos incluídos (J34627).</i></p>	Ax / Ent <sup>a</sup> + Tr <sup>b</sup>

### V. Acción

Tamén baixo esta macroacepción a diversidade de sentidos é maior en *pasar* e *andar* ca neste verbo. Con *atravesar* o tipo de acción sempre se move na dimensión intelectual, aínda que o control sobre ela é variable.

<p>v.t. 12. Revisar, tratar {alguén}<sup>a</sup> {algo}<sup>b</sup>.  <i>Comecei a reflectir que me devia perder da literatura para contar de que maneira atravessei a língua, desejando salvar-me por ela (L0464).</i></p>	Ax <sup>a</sup> + Tr <sup>b</sup>
<p>v.t. ou v.p. 13. Intervir {algo ou alguén}<sup>a</sup> {nun asunto}<sup>b</sup> para dificultar, pór en oposición a, interpor.  <i>Polo anticuado da súa Constitución, agora xa refeita se estivo a atravesar no desenrolo e pulo que nestes últimos anos acadou (FGRANO985).</i>  <i>Mas a força sombria do envelhecimento tudo atravessara (L0213).</i></p>	Ax / Ent <sup>a</sup> + Tr <sup>b</sup>

F1. **Atravesarse no camiño de / Atravessar-se no caminho de.** Ser un impedimento para que algo ou alguén se realice.

F2. **Atravessar as paredes.** Facerse público, coñecido, sabido.

*Atravesar* é un verbo que concorre en moitos dos seus sentidos con *pasar*, aínda que no que se refire a hábito de uso é a forma desvantaxosa. Ó contar cun emprego máis reducido é esperable que os sentidos adquiridos tamén sexan menos e, polo tanto, as alternancias no ES se vexan do mesmo modo minguadas en número. Tal e como vimos, isto é así, mais a clasificación que presentamos en *pasar* mantense en grande medida para organizar os esquemas que lle son propios a *atravesar*. *Pasar* e *atravesar* teñen como construción primeira –no caso de *atravesar*, única– un ES en que se require o traxecto do movemento, sexa causativo ou non.

Ini + Mb + Tr

Mb + Tr

Ax / Ent + Tr

### 3.2.2.3.2. *Sen superación de límite: andar*

*Andar* representa un tipo verbal de unidades que focalizan o traxecto sen superación dun límite (*anda polo camiño*); pero esta unidade tamén pode elidir esta figura ó indicar exclusivamente que unha acción se desenvolve a pé e dun modo continuo, sen interrupcións, é dicir, pásase a focalizar o modo en que se desenvolve o desprazamento (*andamos todo o día*). Por conseguinte, *andar* funciona como ponte entre os verbos centrados no traxecto e os que describen un movemento continuo sen facer fincapé nunha referencia locativa. Esta situación fará que comparta trazos dun e doutro grupo, á vez que mostra o estreito vencello semántico-sintáctico (véxase cap. 6., apartado 6.1.6.) que existe entre os dous tipos de verbos de movemento.

Á vez, o corpo de significados de *andar* non se circunscribe apenas a estas dúas situacións; cobre un amplo abano de posibilidades, colocándose como un dos verbos máis plurais do conxunto de unidades de movemento con desprazamento analizadas. Sonlle propias dende acepcións vencelladas coa idea de movemento con desprazamento, ata significados en que o verbo vai perdendo peso semántico e está a sufrir un proceso de conversión cara a un uso atributivo –en liña co referido en *ir* ou *vir*–, pasando por nocións vencelladas co movemento (dun individuo, dunha máquina, dunha situación), pero xa non co desprazamento.

**I. Movemento con desprazamento**

Nesta macroacepción a estrutura semántica de *andar* desenvólvese baixo tres fórmulas: foca o traxecto, o destino ou o simple feito de estar a desenvolverse un desprazamento a pé.

<p>v.i. 1. trasladarse {alguén}<sup>a</sup> dun lugar {a outro}<sup>b</sup> {a pé, dando pasos ou, por extensión, nun medio de transporte}<sup>c</sup>.</p> <p><i>Tñamos qu' ir á Fonsagrada; ó mellor íamos andando e viñamos andando, arreando cos... cos porquiños pola carretera (CACQUE986).</i></p> <p><i>Foram andando para junto do automóvel (L0453).</i></p>	<p>Mb<sup>a</sup> + Dt<sup>b</sup></p> <p>Mb<sup>a</sup> + Md<sup>c</sup></p>
<p>v.i. 1a. Moverse, trasladarse dun lugar {a outro}<sup>b</sup> {un medio de transporte}<sup>a</sup> {dunha determinada forma}<sup>c</sup>.</p> <p><i>Bueno, e tiña que pasar por unha corredoira máisou menos por esas donde andan o carro (CCGCTI998).</i></p> <p><i>Dir-se-ia que os outros barcos andam também na ponta dos pés (L0009).</i></p>	<p>Mb<sup>a</sup> + Dt<sup>b</sup></p> <p>Mb<sup>a</sup> + Md<sup>c</sup></p>
<p>v.i. 1b. Moverse {algo ou alguén}<sup>a</sup> {por un sitio}<sup>b</sup>.</p> <p><i>Din alí que un home de Lagoa, ó saber que a Estantigua andaba por aquela parroquia, foi en busca dela (LENETN939).</i></p> <p><i>Posso dizer-lhe por onde você tem andado com o rapaz (L0342).</i></p>	<p>Mb<sup>a</sup> + Tr<sup>c</sup></p>
<p>v.i. 1c. Ir {alguén}<sup>a</sup> {buscar algo}<sup>c</sup> {a un lugar}<sup>b</sup>. OBS. Constrúese seguido da prep. <i>por</i>.</p> <p><i>Anda pelos sacos! (L0583).</i></p>	<p>Mb<sup>a</sup> + Dt<sup>b</sup> + Fin<sup>c</sup></p>
<p>v.i. 2. Pórse, colocarse {alguén}<sup>a</sup> {nun sitio ou nunha orde}<sup>b</sup>.</p> <p><i>¡Anda pa diante, ho, que non ves que te está mirando a xente! (COUTDI976).</i></p> <p><i>Cala-te, malandro! –gritava-lhe o homem. –Anda lá na minha frente! (L0095).</i></p>	<p>Mb<sup>a</sup> + Dt<sup>b</sup></p>
<p>v.t. 3. Percorrer {alguén}<sup>a</sup> {unha determinada distancia ou camiño}<sup>b</sup> {a pé ou, por extensión, en calquera medio de transporte}<sup>c</sup>.</p> <p><i>Foron tres días enteiros aghuantando, andando sólo dúas millas (PEAHOM004).</i></p> <p><i>Umás montanhas muito ásperas de subir, bem diferente caminho do que tínhamos andando (L0011).</i></p>	<p>Mb<sup>a</sup> + Tr<sup>b</sup> + Md<sup>c</sup></p>

**F1. Andar de Ceca para Meca / Andar de Ceca a Meca.** Ir dun lado a outro sen destino fixo.

**F2. Andar de porta en porta / Andar de porta em porta.** Pedir esmola.

**F3. Andar pelas ruas da indefinição, amargura.** Estar na situación que indica o modificador de *rúa*.

**F4. Andar polas pólas ou ramas / Andar pelas ramas.** Perder o tempo, non ir directo ó asunto principal.



F5. **Andar a catro patas / Andar a quatro patas.** Moverse apoiando no chan os pés, os xeonllos e as mans.

F5a. **Andar a, de gatas.** Desprazarse coas mans e os xeonllos apoiados no chan.

F6. **Andar dacabalo de.** Subir enriba de alguén coma se fose un cabalo.

## II. Movemento sen desprazamento

Un movemento mais sen a idea de desprazamento é o presente nesta macroacepción. Dela destacamos o único esquema causativo que presenta *andar* en todo o seu corpo semántico. Recóllese nunha acepción situada na fronteira entre o movemento e a acción carente de tal e, ó mesmo tempo, linde entre o discurso espontáneo e a fraseoloxía. Esta peculiar situación xustifica o carácter extraordinario da causatividade con *andar*.

<p>v.i. 4. Moverse {algo}<sup>a</sup> {por distintos sitios}<sup>b</sup> sen seren lugares.  <i>E lémbrome –e lembrarei sempre– que cando a taza do viño ou a botella d'augardente andaba de mau en mau, a xente, anota, decía</i> (LENETN939).  <i>O maço andou de mão em mão</i> (L0453).</p>	<p>Mb<sup>a</sup> + Tr<sup>c</sup></p>
<p>v.i. 5. Moverse sen desprazamento espacial {algo ou alguén}<sup>a</sup> {dunha determinada maneira}<sup>b</sup>.  <i>A'rgola frega contr'a moa, como a moa anda tod'arredor, a moa comíall'a'rgola</i> (CACQUE986).  <i>Não há tal; pois a Terra é que anda</i> (L0523).</p>	<p>Mb<sup>a</sup> + Md<sup>c</sup></p>
<p>v.t. 5a. Producir {alguén}<sup>a</sup> un movemento ou mudanza {sobre algo}<sup>b</sup>.  <i>Despós xa vén a hora d'enforná-lo, pero á hora e media hai qu'andalo, mové-lo</i> (LCAFAL990).</p>	<p>Ini<sup>a</sup> + Mb<sup>b</sup></p>

## III. Localización

Fronte a *pasar* ou *atravesar*, baixo esta macroacepción *andar* non indica a extensión que ocupa unha determinada realidade, senón a súa localización precisa.

## Delimitación do significado verbal e dos seus esquemas semánticos

v.i. 6. Ocupar {alguén ou algo} <sup>a</sup> {un lugar, un posto nun conxunto} <sup>b</sup> . <i>Coimbra parte em busca de uma temporada tranquila, sem qualquer sobressalto e andando sempre nos lugares cimeiros (J26135).</i>	Ax / Ent <sup>a</sup> + Loc <sup>b</sup>
v.i. 7. Estar {alguén ou algo} <sup>a</sup> {nun lugar} <sup>b</sup> . <i>Señor abade, anda o demo na igrexa (CCGCT1998).</i> <i>Milhões, bilhões de bacilos, andam em toda a parte à solta sem que ninguém lhes barre o caminho (L0442).</i>	Ax / Ent <sup>a</sup> + Loc <sup>b</sup>
v.i. 7a. Estar {algo} <sup>a</sup> {nun lugar} <sup>b</sup> mais sen saber en que punto preciso deste. OBS. Constrúese coa prep. <i>por</i> . <i>A bruxa díxolle que por alí andaba o ouro i o mouro (CEFLUG963).</i> <i>Por onde andaria a imagem de Clara? (L0523).</i>	Ent <sup>a</sup> + Loc <sup>b</sup>
v.i. 7b. Encontrarse {algo} <sup>a</sup> {dentro doutro algo} <sup>b</sup> . <i>Unha madeisa ghrandísima qu'era a tal p'andar no tear (COSTDI986).</i>	Ent <sup>a</sup> + Loc <sup>b</sup>
v.i. 7c. Incluírse {algo} <sup>a</sup> {nun libro, nunha canción, etc} <sup>b</sup> . <i>Andan [as vellas glorias] en vellas historias como unhas podres sementes en canastros (PINGAI853).</i>	Ent <sup>a</sup> + Loc <sup>b</sup>
v.i. 7d. Estar difundido {algo} <sup>a</sup> {por un sitio} <sup>b</sup> . <i>Bom, o que é certo é que já anda praí um sururu sobre o novo avançado que o Porto vai comprar (J26888).</i>	Ent <sup>a</sup> + Loc <sup>b</sup>
v.i. 8. Vivir {alguén} <sup>a</sup> temporalmente ou estar de paso {nun lugar} <sup>b</sup> . OBS. Utilízase coa prep. <i>por</i> . <i>É xente leda que sempre tén moito que contar de outras terras por ondia andiveron (FOLLUS953).</i> <i>O marido, cirurgião de nomeada, anda por universidades do Leste (L0085).</i>	Ax <sup>a</sup> + Loc <sup>b</sup>
v.i. 9. Estar {alguén} <sup>a</sup> rodeado {por algo} <sup>b</sup> , ser de uso común. <i>Tiñan que ser asina, porqu'inda que non comeran, a poder d'andaren coas mans en tanta cousa suculenta, manteríanse por endósmose (RISMIT934).</i>	Ax <sup>a</sup> + Amb <sup>b</sup>

F7. **Andar no verde.** Alimentarse un animal con herba fresca.

F8. **Andar no monte.** Non facer algo útil, estar a perder o tempo.

F9. **Andar na ribalta.** Ser o centro de atención.

F10. **Andar em terrenos de.** Pertencer a un grupo.

F10a. **Andar na casa de.** Pertencer a ese grupo de idade, social, etc.

### IV. Estado

Con esta macroacepción *andar* perde carga semántica e achégase ó funcionamento dun verbo copulativo, isto é, describe un estado de cousas sen concretar ningún aspecto sobre a situación. Por exemplo, con *pasar* o estado é observado durante o seu

Delimitación do significado verbal e dos seus esquemas semánticos

desenvolvemento e conta cunha apreciación durativa no tempo (*a muller pasa fame*) ou con *chegar* o estado é ollado no seu inicio, é dicir, como unha situación que se acaba de alcanzar (*chegaron tempos felices*). Usando *andar* só se presenta o estado, tal e como acontece con *ser*, *estar* ou *ir*.

<p>v.i. 10. Estar, atoparse {alguén}<sup>a</sup> {dunha determinada maneira, nunha situación ou circunstancia}<sup>b</sup>.</p> <p><i>Eu andaba atortorado</i> (DIEFIE1927).</p> <p><i>O menino nestes últimos días tem andado muitíssimo bem</i> (L0379).</p>	<p><math>Ax^a + Md^b</math></p>
<p>v.i. 10a. Estar {alguén}<sup>a</sup> {vestido ou calzado dunha determinada maneira}<sup>b</sup>.</p> <p><i>Andaba descalza</i> (ALSCON955).</p> <p><i>Andam de óculos escuros, luvas sem dedos, capacete e até calçõezinhos de licra</i> (J34966).</p>	<p><math>Ax^a + Md^b</math></p>
<p>v.i. 10b. Levar, cargar {alguén ou algo}<sup>a</sup> {con algo ou alguén}<sup>b</sup>. OBS. Constrúese coa prep. <i>con</i>.</p> <p><i>Tiñan que andar coa cobra e co pequeno así arriba</i> (CCGCT1998).</p> <p><i>Digo que são cavalgaduras porque andam com gente escarranchada em cima</i> (L0235).</p>	<p><math>Ax / Ent^a + Md^b</math></p>
<p>v.i. 10c. Usar {alguén}<sup>a</sup> {algo}<sup>b</sup>. OBS. Constrúese coa prep. <i>con</i>.</p> <p><i>X'anduven oito días con eles [cuns zapatos]</i> (REGTD989).</p> <p><i>Que belos sapatos, (...) deve ser uma consolação andar com êles...</i> (L0348).</p>	<p><math>Ax^a + Md^b</math></p>
<p>v.i. 10d. Ser coñecido por, ter {alguén}<sup>a</sup> {algo como sobrenome}<sup>b</sup>.</p> <p><i>Armador Vila, que andaba por Pacheco</i> (PEAPES001).</p>	<p><math>Ax^a + Md^b</math></p>
<p>v.i. 10e. Estar, atoparse {algo ou alguén}<sup>a</sup> {dunha determinada maneira, nunha situación ou circunstancia}<sup>b</sup>.</p> <p><i>¡Andaría ó rivés o mundo estonces...</i> (IGLFON882).</p> <p><i>Dizem que o reino anda mal governado</i> (L0486).</p>	<p><math>Ax / Ent^a + Md^b</math></p>
<p>v.i. 11. Vivir {alguén}<sup>a</sup> {do modo que se especifica}<sup>b</sup>.</p> <p><i>Sempre éramos os primeiros en chegar e os últimos en virnos, andábamos así</i> (COSTD1986).</p> <p><i>Mas que se, se há-de fazer, tem que se, tem que se andar assim, até un dia resolverem alguma coisa</i> (502P154).</p>	<p><math>Ax^a + Md^b</math></p>
<p>v.i. 12. Padecer {algo ou alguén}<sup>a</sup> {algo}<sup>b</sup>. OBS. Constrúese coa prep. <i>con</i>.</p> <p><i>O tío Naranxo é bon mozo, sólo que ten moitas faltas; / anda ca reuma nas costa, o que o fai andar de gatas</i> (CEFLUG963).</p>	<p><math>Ax / Ent^a + Md^b</math></p>

**F11. Andar na(s) boca(s) das xentes ou do mundo / Andar nas bocas do mundo. Ser criticado.**

F12. **Andar na lua.** Estar ausente por algo, non estar no mundo real a causa de algo.

F13. **Andar às aranhas.** Estar confuso

F13a. **Andar às cambalhotas.** Ter unha vida desorganizada.

F14. **Andar coa cabeza no aire / Andar (com a cabeza) no ar.** Estar despistado.

F15. **Andar em (muito) maus lençóis.** Ir por mal camiño.

F16. **Andar a rego.** Desenvolverse algo como é esperable.

F17. **Andar nas palminhas das mãos.** Vivir con tódolos cuidados.

F17a. **Andar nas palminhas com.** Darlle todos os caprichos a alguén, coidalo ben.

F18. **Andar en mantelas.** Ser aínda un neno, ter pouca idade.

F19. **Andar fóra de contas.** Estar para parir porque xa pasou o tempo de xestación.

F20. **Andar ó sol, á chuvia... / Andar ao sol, à chuva...** Estar ó descuberto ou sufrindo ese fenómeno atmosférico.

F21. **De andar pola casa / De andar por casa.** De calidade normal, do día a día.

F22. **Como anda a festa.** Modo en que está ou se desenvolve certo asunto.

F23. **Andar contra as ancollas.** Envellecer, facerse vello.

Hai dúas acepcións con que se indica un estado de cousas concreto: a posesión. Nelas pódese focalizar a realidade posuída ou o posuidor.

<p>v.i. 13. Haber {algo}<sup>a</sup> {nunha determinada cantidade}<sup>b</sup>.  <i>Ó millor con dou'ras, andaban ar roscas a patadas</i> (REGTD989).  <i>Contei dessas anedotas escabrosas que andam aos pontapés pelos bares do mundo</i> (L0468).</p>	<p>Ent<sup>a</sup> + Md<sup>b</sup></p>
<p>v.i. 13a. Ter {alguén}<sup>a</sup> {algo}<sup>b</sup>.  <i>Como de cartos non andab' alá gran cousa</i> (CACQUE986).  <i>Andei-lhe com medo, mas agora sai-me que nem uma maravilha</i> (L0280).</p>	<p>Ax<sup>a</sup> + Md<sup>b</sup></p>

F24. **Andar aos caídos.** Non ter cartos.

**V. Acción**

Partir do movemento físico e chegar á idea de funcionamento, isto é, que unha entidade ou as súas partes se movan para funcionaren, é unha evolución semántica que se atopa en *andar* e noutros verbos de movemento con desprazamento coma *ir* ou *correr*.

<p>v.i. 14. Realizar {un mecanismo ou un instrumento}<sup>a</sup> non mecánico a función para a que foi concibido.</p> <p><i>Poñíall'un pauño tamén, pra tirar por el p'angazar, que senón non andaba</i> (CACQUE986).</p> <p><i>Que fizesse o órgão andar como patas de cavalo solto de uma sela</i> (L0461).</p>	Ent <sup>a</sup>
<p>v.i. 14a. Realizar {alguén}<sup>a</sup> a función que lle é propia ou que está baixo a súa responsabilidade.</p> <p><i>¿Como anda ou onde procede a canteira do Clube?</i> (PNR997).</p> <p><i>Como este [o jogador] já vinha Torrado, você pôlo a andar!</i> (J26381).</p>	Ax <sup>a</sup>

F25. **Botar a andar.** Poñer algo a funcionar, facer que comece a ter éxito ou a acadar os obxectivos para os que foi creado.

F25a. **Pór a andar a.** Poñer algo ou alguén a funcionar, facer que comece a ter éxito ou a acadar os obxectivos para os que foi creado ou escollido.

F26. **Andar o ventre.** Defecar, non ter problemas para facelo.

Noutros casos o desenvolvido é unha acción ou proceso, é dicir, hai un movemento para producir unha evolución ou cambio na actividade referida.

<p>v.i. 15. Desenvolverse {unha situación}<sup>a</sup>.</p> <p><i>Deixa andar a cousa pra diante, que o conto ha de dar o seo</i> (LPXCON928).</p> <p><i>Uns interpretaram-na como um «deixar andar», para outros «manifesta fragilidade do Governo»</i> (J53037).</p>	Ent <sup>a</sup>
<p>v.i. 16. Acontecer, darse {algo}<sup>a</sup>.</p> <p><i>Foches en casa do crego, as moniciós andiveron, xa para as galas che deron, e vainas mercar Xan Prego</i> (FANCAS812).</p>	Ent <sup>a</sup>
<p>v.i. 17. Pasar o tempo, transcorrer {o tempo}<sup>a</sup>.</p> <p><i>Andando o tempo (...) a sumisión do representante portugués aos intereses de España foi total</i> (MEFARR991).</p> <p><i>Depois, andando o tempo, como por nossos pecados os infiéis se assenhorearam da Palestina</i> (L0011).</p>	Ent <sup>a</sup>

Delimitación do significado verbal e dos seus esquemas semánticos

<p>v.i. 18. Realizar {alguén}<sup>a</sup> {certa actividade no lugar ou no que se expresa}<sup>b</sup>.</p> <p><i>Os de Ladrado e mais os de San Xurxo (Ferrol) fomos os primeiros en andar ós percebes (PEAPES001).</i></p> <p><i>Tinham andado à azeitona todo o santo dia (L0583).</i></p>	$Ax^a + Amb^b$
<p>v.i. 18a. Traballar {alguén}<sup>a</sup> {nun determinado lugar}<sup>b</sup>.</p> <p><i>¿Quieres que te conte cando andábamos na fábrica? (PSATDI987).</i></p> <p><i>Lembrei-me que ele andara como externo no Colégio (L0342).</i></p>	$Ax^a + Amb^b$
<p>v.i. 18b. Estar {alguén}<sup>a</sup> {nun asunto}<sup>b</sup>, participar nel.</p> <p><i>Equí o pai de Modesto, daquel andaba no trato (CACQUE986).</i></p> <p><i>Não tinha dúvidas de que ali devia andar dedo de Isac Beirão (L0011).</i></p>	$Ax^a + Amb^b$
<p>v.i. 18c. Realizar {alguén}<sup>a</sup> {unha determinada actividade}<sup>b</sup>, ocuparse de algo, mais non como oficio ou ocupación continua. OBS. Constrúese seguido das prep. <i>a, de</i> ou <i>en</i>.</p> <p><i>Andaban ár ballotas e inda comían unha maz (LCAFAL990).</i></p> <p><i>Quem nesse dia escolheu a baixa lisboeta para um passeio ou para andar às compras pôde vê-los (J43690).</i></p>	$Ax^a + Amb^b$
<p>v.i. 18d. Ocuparse {alguén}<sup>a</sup> {en determinado asunto}<sup>b</sup>. OBS. Constrúese coa prep. <i>con</i>.</p> <p><i>Alí non se podía andar con cuentos (REGTD989).</i></p> <p><i>Agora andava com a mania de aprender francês (L0379).</i></p>	$Ax^a + Amb^b$
<p>v.i. 19. Dicar, repetir {alguén}<sup>a</sup> {algo}<sup>b</sup>.</p> <p><i>E andaba: «Ai, ¿sóde-los do gorro revirado, eh? (REGTD1989).</i></p>	$Ax^a + Md^b$
<p>v.i. 20. Aprender {alguén}<sup>a</sup> {algo}<sup>b</sup>. OBS. Constrúese coa prep. <i>con</i>.</p> <p><i>É certo, porém, que o Daniel ia andando com o seu latim, e, dentro em pouco tempo, já papagueava os substantivos (L0523).</i></p>	$Ax^a + Md^b$
<p>v.i. 21. Ter conta, coidar {alguén}<sup>a</sup> {do gando ou dun animal}<sup>b</sup>. OBS. Constrúese coa prep. <i>con</i> seguido da especificación do tipo de animal.</p> <p><i>Ando cas vacas e lend'o periódico (REGTD989).</i></p>	$Ax^a + Md^b$
<p>v.i. 22. Ser {alguén ou algo}<sup>a</sup> a causa de que {algo}<sup>b</sup> se dea. OBS. Constrúese coas prep. <i>en</i> ou <i>por</i>.</p> <p><i>Pedro de Soutomaior o noso varado irmán, que da corte portuguesa axuda foi recadar debe de andar polo medio (CABMAR926).</i></p>	$Ax / Ent^a + Md^b$
<p>v.i. 23. Poñer ou meter {alguén}<sup>a</sup> as mans {en algo}<sup>b</sup> producindo algún tipo de alteración. OBS. Constrúese coa preposición <i>en</i>.</p> <p><i>le logho pos tanto lle anduviarón no cesto que s'abriu ie caghóu as caghétilas... (PSATDI987).</i></p>	$Ax^a + Amb^b$
<p>v.i. 24. Experimentar {alguén}<sup>a</sup> {con algo}<sup>b</sup>.</p> <p><i>Tén andado polos campos da novela, da biografía e do ensaio (CUEPRO962).</i></p>	$Ax^a + Amb^b$

Delimitación do significado verbal e dos seus esquemas semánticos

<p>v.i. 25. Actuar {alguén}<sup>a</sup> {dun determinado modo}<sup>b</sup>.  <i>¡Ai, había que andar lixeiro e con vista pra que non te collesen no medio!</i> (LPXCON928).  <i>A União Europeia (UE) andou bem ao condenar o novo Governo austríaco</i> (J43690).</p>	<p><math>Ax^a + Md^b</math></p>
<p>v.i. 25a. Actuar {alguén ou algo}<sup>a</sup> {do modo que lle é propio á realidade empregada}<sup>b</sup>. OBS. Constrúese coa prep. <i>a</i>.  <i>Cada poucos días viñan e andaban a tiros cos de Luseiro</i> (LCAFAL990).  <i>A Helena, de Laços de Família, que anda às turras com a filha pela disputa do mesmo namorado</i> (J59806).</p>	<p><math>Ax / Ent^a + Md^b</math></p>
<p>v.i. 25b. Ter {alguén}<sup>a</sup> {un comportamento propio de algo ou alguén}<sup>b</sup>.  OBS. Constrúese seguida da prep. <i>de</i>.  <i>Resulta qu'un diaño deralle unha cravada a unha moza que andaba de cadela a caballo dos homes</i> (PNR997).</p>	<p><math>Ax^a + Md^b</math></p>

F27. **Andar á puxa.** Competir.

F28. **Andar á vida / Andar à vida.** Ocuparse dos asuntos propios.

F29. **Ir andando.** Conseguir desenvolver algo.

F29a. **Anda para adiante.** Traballar, evolucionar, seguir funcionando a pesar da situación explicitada.

F29b. **Anda para frente.** Evolucionar, continuar funcionando.

F30. **Andar na vida.** Prostituírse

F31. **Andar às sopas.** Pedir esmola.

F32. **Andar a secas.** Facer un traballo, pero comendo pola súa conta.

F33. **Andar a medias.** Ser socios.

F34. **Andar ás agachadas.** Xogar ás escondidas.

F35. **Andar ó resío.** Andar de troula pola noite. OBS. Inclúe normalmente un ton de crítica comprensiva.

F36. **Andar de ronda.** Roldar por un sitio.

F37. **Andar ás mozas.** Mocear

F38. **Andar á** ou **de xaneiro/xaneiras.** Buscar femia, especialmente usado para os gatos.

F38a. **Andar ó** ou **có (macho, boi, carneiro, castizo, castrón...).** Levar unha femia a fecundar.

F39. **Andar detrás, atrás ou tras de / Andar atrás de.** Perseguir algo ou alguén, procuralo, facer por conseguilo.

F39a. **Andar no encalço de.** Buscar, seguirlle a pista.

F39b. **Andar á caza de / Andar à caça de.** Perseguir, ir na busca de alguén ou algo.

F40. **Andar (en)riba ou encima de / Andar encima de.** 1. Insistirlle a alguén a respecto dunha idea ou opción. 2. Estar moito detrás de alguén ou algo.

F41. **Andar ó ou no seu.** Ocuparse dos seus propios asuntos, do que lle é propio a alguén.

F42. **Andarlle unha mosca a.** Estar a piques de darse algo, de que aconteza.

F42a. **Andar pronto.** 1. Actuar con dilixencia. 2. Estar preparado para algo.

F42b. **Andar con ollo / Andar com olho (aberto, vivo).** Ter precaución, ter conta por se acontece algo inesperado, ter coidado.

F43. **Non andar con andrómenas.** Non ter miramentos á hora de actuar.

F43a. **Non andar con chiquitas.** Non perder o tempo, non andar con miramentos, non estar de broma.

F43b. **Andar con chistes / Andar com piadas.** Non falar en serio.

F43c. **Andar con rodeos / Andar com rodeios.** Non ir directo ó asunto de interese.

F44. **Andarlle no ou co lombo a.** Baterlle a algo ou alguén.

## VI. Relación

O desprazamento pode realizarse en compañía doutro móbil. Dende esta premisa enténdese as acepcións aquí agrupadas: asóciáanse realidades diferentes que manteñen un vencello que pode ser de natureza diversa. *Andar* é o único verbo focalizado no traxecto que adquire este sentido.



## Delimitación do significado verbal e dos seus esquemas semánticos

<p>v.i. 26. Acompañarse {algo}<sup>a</sup> {por outra cousa}<sup>b</sup> habitualmente, iren sempre xuntas dun modo intrínseco. OBS. Constrúese coa prep. <i>con</i>.</p> <p><i>A gracia de Dios non se debe comprar (...) e o traballo vai con ela, e ela co traballo, qu'unha cousa non anda sin a outra (BOADIA823).</i></p> <p><i>Ferro que aínda hoje trago comigo e espetado acima do ânus, ferro esse que andará sempre comigo (L0518).</i></p>	<p>Ent<sup>a</sup> + Md<sup>b</sup></p>
<p>v.i. 27. Manter {alguén}<sup>a</sup> {un trato frecuente cunha persoa}<sup>b</sup> e ir na súa compañía de maneira habitual, especialmente cando se mantén unha relación amorosa.</p> <p><i>Andábamos nosoutros e andaba un... o primo meu algo con ela (REGTD989).</i></p> <p><i>Tem aí uma amizade com um velho, anda sempre com um velho... (L0379).</i></p>	<p>Ax<sup>a</sup> + Cía<sup>b</sup></p>
<p>v.i. 27a. Estar {alguén}<sup>a</sup> acompañado nese momento {por outro}<sup>b</sup>. OBS. Constrúese coa prep. <i>con</i>.</p> <p><i>¿Con quién anduveche en Teixeira? (COUTDI976).</i></p> <p><i>O servente que andava comigo e com meu tio a mostrar-me o colégio (L0342).</i></p>	<p>Ax<sup>a</sup> + Cía<sup>b</sup></p>
<p>v.i. 27b. Pertencer {alguén}<sup>a</sup> {a un grupo}<sup>b</sup>.</p> <p><i>Si, andaban cos italianos, na brigada, nas Flechas Verdes (REGTD989).</i></p> <p><i>Quando se anda no PS usamos óculos escuros (J43467).</i></p>	<p>Ax<sup>a</sup> + Amb<sup>b</sup></p>
<p>v.i. 27c. Estar {alguén ou algo}<sup>a</sup> relacionado {con algo}<sup>b</sup>.</p> <p><i>Arredor destes movementos relixiosos ou pseudorelixiosos (...) andan unha grea de sociedades e fraternidades ocultistas (RISMIT934).</i></p> <p><i>Borrifei-me para tudo o que andava à volta do mundo da música (J39023).</i></p>	<p>Ax / Ent<sup>a</sup> + Amb<sup>b</sup></p>

**F45. Andar ben ou mal con / Andar de bem ou mal com.** Estar amigos/inimigos ou levarse ben/mal con alguén.

**F46. Andar en boas contas con.** Manter un bo trato, unha boa relación con alguén.

### VII. Cantidadade

Desagregamos da macroacepción EST os contextos que refiren unha cantidade, valor que foi recollido noutros verbos de movemento coma *vir* ou *saír* con que *andar* comparte outras acepcións. Nestes casos, a información modal especifica unha cantidade, que ou determina o custo dunha realidade ou o seu estado, especialmente de idade.

Delimitación do significado verbal e dos seus esquemas semánticos

<p>v.i. 28. Aproximarse, estar {algo ou alguén}<sup>a</sup> {cerca dunha cantidade de algo}<sup>b</sup>.</p> <p><i>Andaría polos oito anos (ALSCON955).</i></p> <p><i>Os vinhos andam pelos 30 tintos, 12 brancos e 2 verdes brancos (J44112).</i></p>	<p>Ax / Ent<sup>a</sup> + Md<sup>b</sup></p>
<p>v.i. 28a. Ter {algo}<sup>a</sup> {un determinado custo}<sup>b</sup>.</p> <p><i>I os ovos, i a manteiga, sabe a cómo anduveron? (LPXCON928).</i></p> <p><i>O dinheiro anda caro (L0284).</i></p>	<p>Ent<sup>a</sup> + Md<sup>b</sup></p>

**P1. Andar a + inf.** Aspectual, extensiva. *Cada un andaba a mirar polo seu (COSTVI986). Tanto mais que o convento em Mafra o anda a querer a ordem de S. Francisco desde mil seiscentos e vinte e quatro (L0486).*

**P1a. Andar para + inf.** Aspectual, extensiva. *Ele anda pra ver se dá cabo de mim (L0583).*

**P2. Andar + xer.** Aspectual, extensiva. *Eu andaba cosendo, aprendendo a coser alí cunha muller (OCHGRO994). Num desalento de cinzas mortas, andará contemplando, então, as mãos do cunhado (L0430).*

**P3. Andar + part.** Aspectual, resultativa subxectiva e extensa. OBS. Como ocorre na inminencia, como perífrase é infrecuente. *A min tñame muita, muita, muita, porque el andaba ghiado pola outras mulleres (PSATDI987). Certo é que Coulthard também andou entretido a espia as partidas de Hakkinen (J26570).*

**Q1. ¡Anda/e! / Anda/e!** Expresión con diferentes valores, como sorpresa, asombro, desprezo, censura, súplica.

**Q1a. ¡Anda/e! / Anda/e!** Expresión coa que se pide, con impaciencia, que comece a facer o outro algo.

**Q1b. Anda cos diaños!** Expresión usada para marcar estupefacción, sorpresa.

**Q2. E andando.** 1. Apoio para non dicir algo ou deixar aberto. 2. Partícula conclusiva da acción.

**Q2a. Éravos así, éravos andando.** 1. Expresión usada para arremedar a descrición de alguén que desgusta por repetitiva ou excesivamente boa. 2. Expresión coa que se indica que se pode describir como se queira.

Q2b. **E faille andando.** Expresión coa que non se especifica, déixase aberta a información.

Q2c. **Cagando e andando.** Expresión coa que se indica que algo ou alguén non é importante para outro algo ou alguén.

Q3. **E andar.** Expresión coa que se marca unha pausa no discurso.

Q4. **Anda lá com.** 1. Expresión coa que se afirma a necesidade de que alguén se amaíe de seu, para que non conte coa axuda doutra persoa.  
2. Expresión para concluír a conversa sobre un asunto ou opor unha opinión.

Como xa indicamos, *andar* tanto funciona como un verbo de movemento con desprazamento que focaliza o traxecto da acción, coma o modo en que esta se desenvolve, sexa un movemento ou non. Pero tamén focaliza nalgúns acepcións o destino do desprazamento, aínda que é unha situación minoritaria. Deste modo, mantemos a proposta de esquemas básicos segundo a complementación que se elaborou para *pasar e atravesar*, coa excepción de atender á causatividade. *Andar* só conta cun sentido causativo que, como xa indicamos, se localiza nunha acepción moi próxima da fraseoloxía, o que xustifica a súa *anormalidade*. Ademais, neste verbo vemos unha clara división no comportamento semántico entre as acepcións que indican un movemento no plano físico e as que non: a complementación locativa é exclusiva das primeiras, mentres que as figuras de natureza modal ou descritoras dun estado se pluralizan no segundo grupo.

1. Requiren a especificación do traxecto. É un ES biactancial propio das accións indicadoras de movemento, que se pode ampliar cunha figura de natureza modal.

**Mb + Tr (+ Md)**

2. Especifican o destino da acción. Este esquema preséntase como propio dos verbos de movemento focalizados no traxecto, pois contan con sentidos onde esa referencia locativa se dilúe ó pasar a centrar o punto de chegada. Ademais, tal e como *pasar*, *andar* pode estender este ES coa *finalidade* da acción.

**Mb + Dt (+ Fin)**

3. Un terceiro tipo esquemático é aquel onde as nocións locativas perden a súa importancia e ocupan o seu lugar figuras de natureza modal ou descritoras dun estado

en xeral. Cando a acción describe un movemento só presenta unha posibilidade construtiva biactancial.

Mb + Md

Pola contra, cando se abandona ese dominio de significado, as construcións semánticas pluralízanse.

Ax / Ent + Md                      Ax + Cía              Ax / Ent + Loc / Amb

A partir deste ES xorde unha última variante, secundaria e propia de acepcións moi marcadas; *andar* especifica o inicio dunha acción, sen especificar ningún dato da súa natureza. Desta maneira, o marco semántico de *andar* redúcese a unha única figura ou a dúas se o ES é causativo, exclusivo dunha única acepción de *andar*.

Ent / Ax                                      Ini + Mb

Este tipo de construción sen complementación tamén foi recollida con *pasar*, exclusivamente cando o verbo abandona a idea de movemento, onde é máis factible que o verbo presente un significado [+marcado].

Polo tanto, podemos esquematizar as estruturas semánticas deste verbo en catro opcións que representan outras tantas formas de interpretar este lexema como verbo de movemento. Comparte con *pasar* e *atravesar* a convivencia de sentidos que os encadran como verbos de movemento focalizadores do traxecto e do destino, máis afástase deles no terceiro tipo de presentación do movemento posible con *andar*. *Pasar* adquire un sentido modal cando non indica un desprazamento; con *andar* tamén a perspectiva pode centrarse no modo en que o desprazamento é realizado. Isto débese, como xa indicamos no comezo deste apartado á situación fronteiriza entre os dous tipos verbais de que goza *andar*.

Xa para concluír, imos destacar a alta presenza de fraseoloxía e de estruturas fixas con valor de complementación externa no discurso rexistradas con *andar*. Cómpre pór en relevo que os verbos de movemento con desprazamento que contan cunha diversidade de discurso fixo paralela á deste, comparten con el outro trazo: son todos (*ir* e *vir* fundamentalmente) unidades que están a sufrir un baleirado semántico progresivo. Deste modo, concluimos que existe un estreito vencello entre fosilización discursiva verbal e transformación copulativa da unidade, como fenómenos que se

adoitan dar en simultáneo e que demostran un proceso de baleirado semántico experimentado pola unidade en cuestión concretado por esas dúas vías.

### **3.3. Verbos indicadores de modo de movemento**

Algunhas unidades verbais de movemento non focalizan a dirección do desprazamento, xa que especifican o modo en que este se desenvolve. Poden concretar o transporte empregado (*conducir, cabalgar*), a velocidade do movemento (*correr*) ou, por exemplo, información que contextualiza a actividade nun proceso máis global (*volver* implica unha volta, a existencia dunha visita anterior ó lugar que é o destino do desprazamento). Polo tanto, aínda que os locativos de orixe, destino ou traxecto manteñen unha relación estreita e desigual con cada tipo de verbo de modo de movemento, para estas unidades a información modal é nuclear.

Neste traballo diferenciamos entre tres tipos de desenvolvemento da acción: continuo, secuencial e reverxente. Estes últimos son o grupo en que os lexemas contan cun menor número de dimensións semánticas, isto é, o seu significado está menos diversificado. Pola contra, de observarmos os ES, veremos que non hai unha situación proporcional: o número de posibilidades esquemáticas é paralelo entre todas as unidades tratadas, de maneira que chegan a compartir construcións. Destacan, dentro das accións con movemento, a copresenza do móbil da acción e da especificación do destino ou do traxecto ou a case absoluta incompatibilidade de todos eles coa indicación de orixe. Cando a acción non carrega movemento, a especificación do destino xunto de quen ou o que realiza a acción é o esquema recollido para todos estes verbos. En resumo, aínda sendo todos lexemas que centran o seu significado na indicación do modo en que se desenvolve a acción, non se combinan dun modo arbitrario e libre cos locativos direccionais.

#### **3.3.1. Movemento continuo**

O lexema verbal refire un movemento continuo, sen interrupcións; mais dentro desta dimensión de significado hai un abano de opcións que opón os diferentes lexemas entre si. A máis importante baséase na velocidade en que se realiza o desprazamento. Deste modo, os tres verbos que escollemos como representativos deste grupo repártense entre, por un lado, *andar* e *camiñar*, cunha velocidade constante, pero non alta; e polo outro, *correr*, que carrega un desprazamento veloz.

*Andar* foi analizada no grupo anterior, por definirse, alén de como un verbo continuo, como unha unidade direccional focalizadora do traxecto. Xa que logo, neste apartado revisamos exclusivamente *camiñar* e *correr*.

A pesar das diferenzas na amplitude de sentidos, as coincidencias nas construcións semánticas destes tres verbos son notables, en especial entre *andar* e *camiñar*, verbos parcialmente sinónimos.

### 3.3.1.1. Camiñar

De contrastarmos a presenza de *camiñar* e de *andar* no noso corpus de estudo evidénciase a gran distancia que hai entre un e outro: dos 4300 rexistros do segundo pasamos ós aínda non 600 de *camiñar*. A razón está en que *camiñar* é un verbo cun significado máis limitado, é dicir, con menos extensións semánticas adquiridas co paso do tempo a partir do sentido de movemento con desprazamento. Ademais está marcado por un rexistro de lingua máis coidado ca *andar*. Pola contra, esa diverxencia non carrega tantas diferenzas no comportamento da construción semántica como sería de esperar.

#### I. Movemento con desprazamento

Esta é a macroacepción base de *camiñar*, da que parten os restantes sentidos por relación metafórica ó estenderse a idea de desprazamento non só ó plano físico, senón tamén ó espiritual, económico, etc.

Neste grupo encontrámonos con tres situacións: nuns casos focalízase o modo do desprazamento, non só xa o especificado polo propio verbo (ir a pé e cunha velocidade constante aínda que non de alta intensidade), senón tamén concretado con máis pormenor a través de complementos argumentos; noutros casos, mentres o modo só é referido polo lexema verbal, explíctase un punto locativo, sexa o traxecto percorrido, sexa o destino, sexa, aínda que en menor medida, a orixe. Desta maneira observamos que *camiñar* presenta o mesmo funcionamento ca *andar*: desenvólvese como un verbo focalizador do modo en que se realiza o desprazamento, e tamén pode centrar a atención no traxecto percorrido ou no destino, aínda que sempre inclúe por defecto a especificación da forma en que este se leva a cabo. Ademais, en ambos a transitividade, sendo unha situación minoritaria (*camiñar* conta cunha única acepción

## Delimitación do significado verbal e dos seus esquemas semánticos

transitiva en todo o seu corpo de significados), non carrega diferenzas na tipoloxía de construcións descrita.

<p>v.i. 1. Desprazarse {alguén}<sup>a</sup> {dando pasos, sen levantar por completo un pé do chan ata que o outro estea pousado}<sup>b</sup>.</p> <p><i>Resulta que, el viña diante camiñando e nosoutros atrás</i> (REGTD989).</p> <p><i>Deve porém dizer-se que não caminhavam ambos igualmente desprevenidos</i> (L0432).</p>	$Mb^a + Md^b$
<p>v.i. 2. Desprazarse {alguén}<sup>a</sup> {por un camiño}<sup>c</sup> {a pé ou en determinados medios de transporte}<sup>b</sup>.</p> <p><i>Envolto nela, montou e camiñaron pola vila enneboirada</i> (OPEMAO928).</p> <p><i>Não nos detemos mais e breve partimos para São Sabas, caminhando por umas montanhas muito ásperas de subir</i> (L0011).</p>	$Mb^a + Md^b + Tr^c$
<p>v.t. 2a. Percorrer {alguén}<sup>a</sup> {unha distancia}<sup>c</sup> {a pé}<sup>b</sup>.</p> <p><i>Seus pés e súas maus lavou, Seu camiño camiñou</i> (LENETN940).</p> <p><i>Caminhamos toda uma légua sem haver quem fale uma palavra</i> (L0011).</p>	$Mb^a + Md^b + Tr^c$
<p>v.i. 3. Ir a, dirixirse {alguén}<sup>a</sup> {cara a un lugar}<sup>c</sup> {a pé}<sup>b</sup>.</p> <p><i>¡Xa viviremos nós como rañas e camiñaremos á festa dos Remedios coma señoras!</i> (OPEMAO928).</p> <p><i>O rei Caminhou para a sua batalha</i> (L0583).</p>	$Mb^a + Md^b + Dt^c$
<p>v.i. 4. Andar {alguén}<sup>a</sup> {de viaxe}<sup>b</sup> {por un lugar}<sup>c</sup>.</p> <p><i>O porvir nos seus corpos cansos de camiñar por tres partes do mundo</i> (CUEPRO962).</p>	$Mb^a + Md^b + Tr^c$
<p>v.i. 5. Marchar, abandonar {alguén}<sup>a</sup> {un lugar}<sup>b</sup>.</p> <p><i>Veñen tamén pola primavera e camiñan polo setembro, os agachos, as bubelas i as rulas</i> (LENETN940).</p>	$Mb^a + Or^b$

**F1. Camiñar detrás de / Caminhar atrás de.** Perseguir algo ou a alguén.

### II. Movemento sen desprazamento

As posibilidades de indicar un movemento sen desprazamento son moi reducidas neste verbo, e máis parecen usos metafóricos da macroacepción anterior.

<p>v.i. 6. Mudar {alguén ou algo}<sup>a</sup> de posición.</p> <p><i>Sube dourado bouton (...) sin poder adiviñar como andas sobre de nós, como te ergues e te pós camiñando sempre así</i> (PINGAI853).</p>	$Mb^a$
--	--------

### III. Localización

Con *camiñar* a localización refire a extensión pola que se desenvolve unha realidade [-animada]; demarca o espazo polo que se estende. *Andar* sepárase de *camiñar* tal e como se illaba nesta macroacepción dos verbos demarcadores dunha dirección *a través de* por referir unha localización precisa e non extensiva. Finalmente, *correr* é usado para indicar as dúas tipoloxías de localización aquí referidas.

v.i. 7. Estenderse {algo} <sup>a</sup> {cara a un lugar} <sup>b</sup> . <i>O conxunto das plantas, que ali se desenvolviam, era libre de caminhar para diferentes partes (L0464).</i>	Ent <sup>a</sup> + Dt <sup>b</sup>
--	------------------------------------

### IV. Mudanza de estado

Unha realidade muda, evoluciona, desenvólvese non no plano físico ou espacial, senón en dimensións tan variadas coma a temporal, a espiritual ou a ideolóxica.

v.i. 8. Seguir {algo} <sup>a</sup> {unha evolución, o camiño que lle é propio} <sup>b</sup> . <i>Moitos especialistas teñen dito que o futuro da historia camiña nese vieiro... (3nt993).</i> <i>Negócios caminham devagar (L0288).</i>	Ent <sup>a</sup> + Md <sup>b</sup>
---	------------------------------------

#### F2. Camiñar para as ancollas. Facerse vello.

### V. Estado

Noutras acepcións o estado referido non se observa como un cambio ou un proceso evolutivo, senón como unha situación que se está a describir.

v.i. 9. Andar, estar {algo ou alguén} <sup>a</sup> {dun modo} <sup>b</sup> . <i>Amor e malquerenza camiñan xuntos, son a luz e a sombra (CABMAR926).</i> <i>O cómico caminha ao lado do patético (L0016).</i>	Ax / Ent <sup>a</sup> + Md <sup>b</sup>
v.i. 9a. Vivir, actuar {alguén} <sup>a</sup> {dun determinado modo} <sup>b</sup> . <i>O seu aliado Abel Caballero, decidíndose, dunha vez, a camiñar sen tutelas (3nt993).</i>	Ax <sup>a</sup> + Md <sup>b</sup>
v.i. 10. Estar, moverse {algo ou alguén} <sup>a</sup> {por un determinado espazo non físico} <sup>b</sup> . <i>Se camiñamos no significado de Composta como «mixture» (3nt993).</i> <i>A lógica por onde estamos a caminhar (J39054).</i>	Ax / Ent <sup>a</sup> + Tr <sup>b</sup>



**VI. Acción**

O tipo de acción descrito por *camiñar* é sempre un proceso en evolución.

<p>v.i. 11. Ir {algo ou alguén}<sup>a</sup> {cara a un determinado obxectivo non espacial}<sup>b</sup>.  <i>Iso ten que ir desaparecendo na homoxeneidade europea e hai que camiñar a un xogo limpo</i> (3nt993).  <i>Estamos no começo de uma pandemia, não a meio ou a caminhar para o fim</i> (J24588).</p>	<p>Ax / Ent<sup>a</sup> + Dt<sup>b</sup></p>
<p>v.i. 12. Estar próximo {alguén}<sup>a</sup> {de certa altura temporal}<sup>b</sup>.  <i>Caminhamos para o meado do mês</i> (L0288).</p>	<p>Ax<sup>a</sup> + Dt<sup>b</sup></p>
<p>v.i. 13. Funcionar {algo ou alguén}<sup>a</sup>.  <i>Eran actividades colectivas que o país reclamaba e que compría poñer a camiñar</i> (FGRANO985).  <i>Neste momento, a Cultura não caminha sem a intervenção do Estado</i> (J35283).</p>	<p>Ax / Ent<sup>a</sup></p>

*Camiñar* carrega consigo a especificación dun modo determinado de realizar a acción: sen interrupción e cunha velocidade media constante. Sendo así en todos os casos e observando os esquemas presentados, podemos reducir as súas construcións a catro opcións, refira un movemento ou non:

1. Focalizan o modo en que se realiza a acción, podendo aínda concretalo máis. Así, encontraremos con ES biactancial.

Mb + Md

Ax / Ent + Md

2. A traxectoria física ou metafórica pasa a ser unha noción nuclear. Se a acción non indica un desprazamento, o modo non é determinado máis que polo propio lexema verbal xa que o focalizado neste caso é o traxecto experimentado. Pero, tal e como vimos con *andar*, se a acción describe un movemento, *camiñar* require un modo e un traxecto concreto no seu ES.

Ax / Ent + Tr

Mb + Md + Tr

É dicir, o traxecto defínese en parte do corpo semántico de *andar* como nuclear, e tamén é un trazo partillado polos verbos de modo de moverse continuo.

3. As dúas opcións anteriores son as que representan un maior número de acepcións de *camiñar* como verbo de movemento con desprazamento. En confronto, a esixencia

dos outros dous locativos só é central en ES de *camiñar* moi minoritarios en que se describe ora un avance –físico ou non– cara a un determinado punto, ora un abandono a través dun desprazamento dun lugar.

Mb + Md + Dt

Ax / Ent + Dt

Mb + Or

A aparición do rol *orixe* é moi escasa cos verbos de maneira de moverse; esta limitación combinatoria é considerada nalgunhas obras referenciais (Morimoto, 2001) como unha particularidade deste tipo de verbos de movemento. No noso traballo comprobamos que é unha posibilidade marxinal, pero non imposible.

4. En paralelo co visto para *andar*, encontramos a última estrutura semántica de *camiñar*: un esquema monoactancial en que o verbo describe o inicio da acción, sen especificar a natureza desta.

Mb / Ax / Ent

En resumo, *camiñar*, que conta cun abano de significados reducido, desenvolve unha gama de ES que o colocan en grande medida paralelo a *andar*, aínda tendo este último lexema unha amplitude de sentidos moito maior.

### 3.3.1.2. Correr

O movemento referido por *correr* é constante, sen interrupcións, e cunha maneira de colocar os pés que trae consigo unha velocidade máis alta da que se considera a habitual. Deste modo, a oposición entre este verbo e os outros dous escollidos como representantes do movemento con desprazamento continuo está no modo e a velocidade en que se desenvolve a acción.

A respecto do hábito de uso, segundo os datos extraídos do noso corpus, *correr* encóntrase nun punto intermedio entre *andar* (4200 rexistros) e *camiñar* (600 rexistros), xa que presenta 2200 rexistros. Esta situación ten a súa plasmación parcial na información semántica que contén cada unha destas unidades léxicas. *Andar* cobre a práctica totalidade das dimensións de significado establecidas para os verbos de movemento con desprazamento que analizamos neste traballo e, dentro de cada unha delas, inclúe unha gama de sentidos moi ampla. Pola contra, o número de macroacepcións recollido en *camiñar* e *correr* redúcese.

Por último, cando definimos este grupo verbal marcamos os seus formantes como unidades intransitivas. Tal e como recolleamos con *andar* e *camiñar*, aínda sendo esta a situación habitual, non é exclusiva para ningún dos tres verbos; en confronto cos outros dous lexemas, con *correr* a presenza dun obxecto no nivel sintáctico pode producir (ou ser froito de<sup>9</sup>) unha diferente construción semántica.

### I. Movemento con desprazamento continuo con certa velocidade

*Correr*, sendo verbo de desprazamento, adoita comportarse como intransitivo (1031 rexistros intransitivos fronte a 152 transitivos). Cando se constrúe como unha unidade transitiva, o OD indica ou o traxecto que realiza o móbil (*correu dez quilómetros*) ou desenvolve a figura de móbil que experimenta un desprazamento causado por outra realidade, un iniciador (*o pastor correu o lobo de xunto das ovellas*).

Neste punto debemos destacar que a opción causativa para *correr* sitúao en confronto cos outros dous verbos do grupo por dúas razóns: o hábito de uso e as consecuencias construtivas. *Camiñar* é incompatible cunha construción causativa e *andar* só presenta unha acepción causativa cun significado moi particular que a illa do conxunto. Ademais, a transitividade de *correr* coincide cunha diferenza de construción semántica que para os outros dous verbos non se dá.

v.i. 1. Desprazarse {alguén ou algo} <sup>a</sup> {a pé con rapidez, dando pasos longos e elevando un pé antes de pousar o outro} <sup>b</sup> . <i>O zorro, "pies que te dieron", non corría máis porque non podía</i> (CEFLUG963). <i>Galgos ágeis corriam em roda</i> (L0299).	Mb <sup>a</sup> + Md <sup>b</sup>
v.i. 2. Ir {algo ou alguén} <sup>a</sup> {a moita velocidade} <sup>b</sup> . OBS. Refírese a un automóbil ou á persoa que o conduce. <i>Os autos corren coma demos</i> (RISMIT934). <i>Vai correndo por êsse mar o barco trás o cardume da sardinha</i> (L0009).	Mb <sup>a</sup> + Md <sup>b</sup>
v.i. 3. Moverse {a través de algo} <sup>c</sup> , {con máis ou menos velocidade} <sup>b</sup> , {un líquido, o aire ou un obxecto} <sup>a</sup> . <i>Póna de maneira que lle corra a auga polo peito</i> (LAMGAL887). <i>Logo uma corda de vendaval corria mais furioso</i> (L0379).	Mb <sup>a</sup> + Md <sup>b</sup> + Tr <sup>c</sup>
v.i. 4. Fuxir {alguén ou algo} <sup>a</sup> {cara a un lugar ou alguén} <sup>b</sup> . <i>Câ invasión bárbara e câ invasión musulmá, a xente dera en correr pra os lugares que pola súa topografía axeitabanse pra esconderse</i> (CUEPRO962). <i>No ano seguinte, rebentando a guerra, ela correu para junto do marido</i> (L0002).	Mb <sup>a</sup> + Dt <sup>b</sup>

<sup>9</sup> Véxase no cap. 1. as diferentes perspectivas sobre a relación entre sintaxe e significado.

Delimitación do significado verbal e dos seus esquemas semánticos

<p>v.i. 4a. Ir {algo material}<sup>a</sup> {dun lugar}<sup>b</sup> {para outro}<sup>c</sup>.  <i>Deste modo corria o oiro para as gavetas do Gaudêncio (L0443).</i></p>	<p>Mb<sup>a</sup> + Or<sup>b</sup> + Dt<sup>c</sup></p>
<p>v.t. 5. Desprazarse {alguén ou algo}<sup>a</sup> {a pé con rapidez}<sup>b</sup> {a través dunha distancia}<sup>c</sup>.  <i>Quen sabe o que correu (LCAFAL990).</i>  <i>O que ele corria, léguas, sempre no mesmo passo? (L0028).</i></p>	<p>Mb<sup>a</sup> + Md<sup>b</sup> + Tr<sup>b</sup></p>
<p>v.t. 6. Percorrer {alguén ou algo}<sup>a</sup> {un territorio, un lugar}<sup>b</sup>.  <i>Lendas onde xogan cabaleiros que correron longas terras (CABMAR926).</i>  <i>Encontrava-me com o Luís Gonzaga e corríamos as exposições e as matinées dos cinemas (L0233).</i></p>	<p>Mb<sup>a</sup> + Tr<sup>b</sup></p>
<p>v.t. 7. Facer {alguén}<sup>a</sup> que saía ou fuxa {unha persoa ou animal}<sup>b</sup> {dun lugar}<sup>c</sup>.  <i>Ti tan forte eres que corre-lo ghato que com'o rato... (FRETOC993).</i>  <i>Aquêl sentimento maciço, enjoado e um pouco cínico, que contribuíra para correr Januário Garcia do escritório da casa Clark&amp; Sons (L0045).</i></p>	<p>Ini<sup>a</sup> + Mb<sup>b</sup> + Or<sup>c</sup></p>
<p>v.t. 7a. Facer {alguén ou algo}<sup>a</sup> saír {algo}<sup>b</sup> {dun lugar}<sup>c</sup> sen que haxa intención.  <i>A fala mesma vaise esvaíndo como unha brétema que corre o vento (CUEPRO962).</i></p>	<p>Ini<sup>a</sup> + Mb<sup>b</sup> + Or<sup>c</sup></p>
<p>v.t. 7b. Mover {alguén ou algo}<sup>a</sup> {un grupo de gando}<sup>b</sup> {cara a un determinado lugar}<sup>c</sup>.  <i>Ó comenzal-as monterías, a xente d'os cordós ta rara; pr'á ir avatando as corridas car'as cordas, vaise poñendo mesta, pois correse pr'adiante (LENETN938).</i></p>	<p>Ini<sup>a</sup> + Mb<sup>b</sup> + Dt<sup>c</sup></p>
<p>v.i. 8. Participar {competindo}<sup>b</sup> {alguén}<sup>a</sup> nunha carreira deportiva.  <i>Necesaria para comprobala súa idade ou colexio polo que corre, en caso de haber algunha reclamación por parte dos participantes (PNR997).</i>  <i>Durante as quais 12 atletas correram em menos de 8m28s (J44054).</i></p>	<p>Mb<sup>a</sup> + Md<sup>b</sup></p>
<p>v.t. 8a. Participar {competindo}<sup>b</sup> {alguén}<sup>a</sup> {nunha carreira deportiva}<sup>c</sup>.  <i>Duas dezenas de elementos do Grupo do Stress vão correr a Meia Maratona de Lisboa (J43628).</i></p>	<p>Mb<sup>a</sup> + Md<sup>b</sup> + Tr<sup>c</sup></p>

F1. **Correr por algo ou alguén.** Perseguir, buscar, ir na busca de, loitar para conseguir algo.

F1a. **Correr para algo.** Traballar, esforzarse para algo.

F2. **Correr a algo.** Abalanzarse sobre algo, querer conseguilo.

F3. **Corrido coma un can / Corrido como um cão.** Deixar un lugar burlado e avergonzado.

F4. **Correr (de ou a)trás de / Correr atrás de ou a.** 1. Perseguir. 2. Encargarse de, traballar con.

F5. **Correrlle polas veas / Correr-lhe nas veias.** Ser herdado; ser inherente, de seu.

F5a. **Correr no sangue.** Serlle propio algo a alguén.

## II. Movemento sen desprazamento

Son poucos os verbos que, indicando un movemento con desprazamento, non conteñen valores en que o movemento se conserva, mais xa non a idea de desprazamento. Con este verbo, son sentidos todos eles cunha estreita relación semántica que se reflicte nas estruturas correspondentes; así, como acontecía na macroacepción anterior, aquí seguen convivindo estruturas intransitivas con transitivas e, nestas últimas, o OD tamén ou indica o traxecto do movemento ou é o móbil que o padece nunha construción causativa.

<p>v.i. 9. Moverse {algo}<sup>a</sup> {dun sitio}<sup>d</sup> {para outro}<sup>c</sup> {dunha forma continua}<sup>b</sup> {a través dunha liña, corda ou percorrido fixo}<sup>c</sup>.</p> <p><i>Con cortinas de correr e store de baixar (RISMIT934).</i></p> <p><i>A vela correu toda para um lado (L0486).</i></p>	$Mb^a + Md^b + Tr^c (+ Or^d + Dt^e)$
<p>v.t. 9a. Mover {alguén}<sup>a</sup> {algo}<sup>b</sup> {dun sitio}<sup>c</sup> {para outro}<sup>f</sup> {a través de algo}<sup>d</sup> {empuxando máis ou menos suavemente}<sup>c</sup>.</p> <p><i>Cala che digo e corra a folla (PINGAI853).</i></p> <p><i>Correu os estores para se esconder (L0443).</i></p>	$Ini^a + Mb^b + Md^c + Tr^d (+ Or^e + Dt^f)$
<p>v.i. 10. Deslizarse {dunha forma continua}<sup>b</sup> {algo}<sup>a</sup> {por un sitio}<sup>c</sup>.</p> <p><i>Untando en cuspe os dedos pra que corran mellor (LAMGAL887).</i></p> <p><i>Scarlatti pôs-se a tocar, primeiro deixando correr os dedos sobre as teclas (L0486).</i></p>	$Mb^a + Md^b + Tr^c$
<p>v.t. 10a. Deslizarse {dunha forma continua}<sup>b</sup> {algo}<sup>a</sup> {por un sitio}<sup>c</sup>.</p> <p><i>Sebastião pusera-se ao piano, e, com a cabeça curvada, corria devagar o teclado (L0443).</i></p>	$Mb^a + Md^b + Tr^c$
<p>v.t. 10b. Estender {dunha forma continua}<sup>c</sup> {alguén}<sup>a</sup> {algo}<sup>b</sup> {por un espazo}<sup>d</sup>.</p> <p><i>Correu a mão aberta pela face escaveirada (L0379).</i></p>	$Ini^a + Mb^b + Md^c + Tr^d$
<p>v.i. 11. Moverse {algo}<sup>a</sup> {con rapidez}<sup>b</sup> mais sen desprazamento.</p> <p><i>O canelo iara un canelo destes de calibre, seghún iba a correr, o canelo diou un tirón, zsss... ¡hostia! (PSATDI987).</i></p> <p><i>Já que vai correndo a roda, venha lá a minha ração (L0432).</i></p>	$Mb^a + Md^b$

F6. **Correr o sangue.** 1. Morrer violentamente. 2. Haber violencia.

F7. **Correr pelas mãos de.** 1. Controlar alguén algo. 2. Posuír alguén algo.

### III. Localización

Os tres verbos de movemento con desprazamento continuo escollidos para este traballo poden usarse para indicar unha localización e, baixo esta macroacepción, a única posibilidade construtiva é en todos eles a intransitiva. Por outro lado, no referido ó significado, *correr* preséntase como unha unidade aglutinadora: cobre as dúas dimensións que aparecen baixo esta macroacepción no conxunto dos verbos de movemento. Por un lado, designa o espazo polo que se desenvolve ou que ocupa unha determinada realidade –coma *camiñar*– e, polo outro, a localización precisa da entidade –ó igual ca *andar*–.

<p>v.i. 12. Ocupar, desenvolverse {algo}<sup>a</sup> {dunha forma continua}<sup>b</sup> {por un espazo}<sup>c</sup>.  <i>Todo ao redor da eirexa, arrimado ás paredes, corría un banco de pedra</i> (LFRNIN905).  <i>Pelas ladeiras de além, camiños e atalhos corriam em torcicolos até ao areal da margem</i> (L0583).</p>	<p>Ent<sup>a</sup> + Md<sup>b</sup> + Tr<sup>c</sup></p>
<p>v.i. 13. Haber {algo}<sup>a</sup> {nun lugar}<sup>b</sup>.  <i>Que nunca a xente tanto se divertiu, que nunca o diñeiro correu máis dabondo</i> (CUEPRO962).  <i>Uma folha arrancada pelo vento áspero do egoísmo que corre</i> (L0280).</p>	<p>Ent<sup>a</sup> + Loc<sup>b</sup></p>
<p>v.i. 13a. Haber {algo}<sup>a</sup> {en grande abundancia}<sup>b</sup> {nun lugar}<sup>c</sup>.  <i>Non tomo nada anque correra</i> (LPXCON928).  <i>Os melhores vinhos da adega envelhecidos nas garrafas e botijas correndo em bica</i> (L0468).</p>	<p>Ent<sup>a</sup> + Md<sup>b</sup> + Loc<sup>c</sup></p>

### IV. Estado

Os tres verbos (*andar*, *camiñar* e *correr*) poden ser empregados como indicadores de estado; aquí a idea de movemento non chega a desaparecer no grao que acontecía cos outros dous lexemas, pois indícase un estado, mais con perspectiva durativa.

## Delimitación do significado verbal e dos seus esquemas semánticos

v.i. 14. Desenvolverse {algo} <sup>a</sup> {dun determinado modo} <sup>b</sup> . <i>Pra qu'a vida do fogar poida correr leda e mansamente</i> (RISMIT934). <i>As coisas no ano passado não correram bem</i> (J43223).	Ent <sup>a</sup> + Md <sup>b</sup>
v.i. 15. Ser considerado, coñecido ou recoñecido {algo ou alguén} <sup>a</sup> {dun modo} <sup>b</sup> . <i>O seu pai, que corría polo Canexo, tivera unha fábrica de peixe</i> (PEAPES001). <i>Grupo do Stress corre por obra social</i> (J43628).	Pac <sup>a</sup> + Md <sup>b</sup>
v.i. 16. Vivir {alguén} <sup>a</sup> {dun determinado modo} <sup>b</sup> . <i>Así se cansaron, cansaronse de correr así</i> (REGTD989). <i>Até que um dia, fartos e cansados de correr ali pararam</i> (L0028).	Ax <sup>a</sup> + Md <sup>b</sup>

**F8. Correr perigo / Correr (um) perigo.** Estar nunha situación de risco.

**F8a. Correr (un) risco / Correr (um) risco.** Enfrontarse a un perigo, exporse a ter problemas.

### V. Acción

Neste grupo é onde encontramos a maior pluralidade de significados e tamén de ES. O punto de encontro está no feito de que o movemento deixa de realizarse no plano espacial; a partir de aí, o abano de sentidos ábrese.

A partir da acepción 23 a acción acompáñase da idea de ‘apurarse, realizar algo con apuro’, xa que se foca a velocidade na realización da acción.

v.t. 17. Padecer, experimentar {alguén ou algo} <sup>a</sup> {unha determinada situación ou realidade} <sup>b</sup> . <i>Xa está un pouco obsoleto e non ten razón de ser nos tempos que corremos</i> (FOUENT990). <i>O que a vida já correu e elas sem a verem</i> (L0233).	Ax / Ent <sup>a</sup> + Pac <sup>b</sup>
v.i. 18. Estar {alguén} <sup>a</sup> ó cargo {de algo que se expresa} <sup>b</sup> . OBS. Constrúese coa prep. <i>con</i> . <i>A sociedade corre cos gastos</i> (3nt993). <i>Eu é que vou correr com esta demanda por muitas razões</i> (L0297).	Ax <sup>a</sup> + Pac <sup>b</sup>
v.i. 19. Participar, concorrer {algo ou alguén} <sup>a</sup> {nunha actividade ou proceso} <sup>b</sup> . <i>Outra proposta espanhola, a de Sevilha, que já tornou pública a sua intenção de correr para 2012</i> (J57509).	Ax / Ent <sup>a</sup> + Tr <sup>b</sup>
v.t. 19a. Participar {alguén} <sup>a</sup> {en algo} <sup>b</sup> . <i>Mas essas estão proibidas de fuzilamento, para que os senhores as corram na planura com alarido de cavalos de raça e galgos de concurso</i> (L0280).	Ax <sup>a</sup> + Tr <sup>b</sup>
v.t. 20. Pasar {unha noticia} <sup>b</sup> {dunhas persoas} <sup>a</sup> {a outras ou por unha colectividade} <sup>c</sup> .	Ax <sup>a</sup> + Pac <sup>b</sup> (+ Tr <sup>c</sup> )

Delimitación do significado verbal e dos seus esquemas semánticos

<p><i>Um correspondente duma rádio local, e, lépida, correu a notícia até à China (PNR997).</i>  <i>Tamén se correu pola aldea que a Xinoveva a mór das fillas tivera un fillo (OPEMAO928).</i></p>	
<p>v.i. 20a. Estenderse {un rumor ou unha noticia}<sup>a</sup> {dunhas persoas a outras}<sup>b</sup>.  <i>E aínda correu a loia de que no nacemento del socedera non sei qué (LFRNIN905).</i>  <i>No entanto, durante várias horas correram rumores sobre a descuberta de um sobrevivente (J43946).</i></p>	Ent <sup>a</sup> + Tr <sup>b</sup>
<p>v.i. 21. Pedirlle {alguén}<sup>a</sup> axuda {a alguén}<sup>b</sup>. OBS. Constrúese coa prep. <i>a</i>.  <i>De seguida corría ó seu pai pra que o apuntase (OPEMAO928).</i>  <i>Infelizmente não pôde correr a Santa Olávia, retido num quarto do Bragança com uma angina (L0379).</i></p>	Ax <sup>a</sup> + Dt <sup>b</sup>
<p>v.i. 22. Seguir o seu curso {o tempo}<sup>a</sup>.  <i>O ano que corre foi apresentado como o de todas as milagres (3nt993).</i>  <i>Enquanto corria o tempo necessário a dissimular a ida do mordomo e vinda da resposta, examinou-o (L0115).</i></p>	Ent <sup>a</sup>
<p>v.i. 22a. Seguir o seu curso {unha actividade}<sup>a</sup>.  <i>Pra domingo as municíós di meu pai que han de correr (FANCAS812).</i>  <i>Esta fase das «obras corre dentro do previsto (J42836).</i></p>	Ent <sup>a</sup>
<p>v.i. 23. Facer {alguén ou algo}<sup>a</sup> unha actividade {á présa}<sup>b</sup>.  <i>¡Corre, trai axiña! (REGTD989).</i>  <i>Se não correu logo a procurar-lhe a alma, foi porque esteve agonizando três anos (L0297).</i></p>	Ax / Ent <sup>a</sup> + Md <sup>b</sup>
<p>v.i. 23a. Actuar {alguén ou algo}<sup>a</sup> {velozmente}<sup>b</sup>.  <i>O diñeiro corre a favor dos que defenden o diñeiro (3nt993).</i>  <i>Não é como a senhora da vila que chega a casa e tem que limpar o pó, tem que correr, tem que encerar e tem que... fazer a cama. Eles não (1020P249).</i></p>	Ax / Ent <sup>a</sup> + Md <sup>b</sup>
<p>v.i. 23b. Funcionar {alguén ou algo}<sup>a</sup> {con velocidade, rapidez}<sup>b</sup>.  <i>Ver o pensamento correr (J52994).</i></p>	Ax / Ent <sup>a</sup> + Md <sup>b</sup>
<p>v.i. 23c. Ter {alguén}<sup>a</sup> unha determinada capacidade para apurar ó facer algo.  <i>O sapo, como corría menos, chamou dous amigos e puxo un no medio do camiño e outro no graneiro medindo o pan (CEFLUG963).</i></p>	Ax <sup>a</sup>
<p>v.i. 24. Ter apuro, serlle urxente {algo}<sup>a</sup> {a alguén}<sup>b</sup>.  <i>Maior dever me corre de ser sisudo (L0728).</i></p>	Ent <sup>a</sup> + Benef <sup>b</sup>

F9. **Deixar correr.** Permitir que se diga ou desenvolva algo aínda que sexa mentira ou prexudicial.

F10. **Correr da, a ou pola conta de.** Ocuparse ou facerse alguén responsable de algo.



F10a. **Correr a cargo de.** Ocuparse ou facerse alguén responsable de algo.

F11. **Segundo as augas que corran.** Desenvolverse algo dependendo de quen teña o poder.

F12. **Correr a chacota con.** Burlarse de, rirse de alguén ou algo.

F13. **Correr a voz.** Espallar unha noticia ou rumor.

F14. **Correr ríos de tinta / Correr rios de ou muita tinta.** Ser un tema que trae moito debate ou controversia.

F15. **Correrse a bogada.** Obter un mal resultado da acción de lavar a roupa.

F16. **Os tempos que corren / Os tempos que correm.** Hoxe en día.

F16a. **Os días que corren / Os dias que correm.** Hoxe en día.

F17. **A (todo) correr.** Á(s) présa(s) ou con velocidade.

F17a. **Corre (que te) corre.** Á présa ou con velocidade.

F18. **Correr présa.** Ter apuro.

F19. **Correr contra o tempo.** Estar moi xusto de tempo para facer algo.

## VI. Cantidadade

Para indicar o prezo dun determinado produto ou realidade pódese usar este verbo ou *andar*, que son sinónimos con este sentido.

v.i. 25. Ter {algo}<sup>a</sup> {un determinado custo}<sup>b</sup>.

*E por canado de viño que corre a oito no tempo fanlle pagar outros oito (PINGAI853).*

*Você tem de pagar a como corre em geral (L0494).*

Ent<sup>a</sup> + Md<sup>b</sup>

Os ES base de *correr* están estreitamente vencellados coas fórmulas vistas para *camiñar* e *andar*, coa diferenza de que a causatividade é unha posibilidade maior con este verbo e tanto se dá cando o verbo describe un movemento como cando abandona esa dimensión de significado. É dicir, o marco conceptual primeiro é aquel que require unha complementación modal.

Mb + Md                      Ax / Ent + Md                      Pac + Md<sup>10</sup>

Dúas variantes deste ES biactancial xorden en acepcións nas que se describe un estado de cousas. Por conseguinte o modo deixa lugar ou combínase co rol de localización se o descrito é o lugar en que se encontra algo ou o beneficiario da acción se se refire unha acción cun afectado directo.

Ent (+ Md) + Loc    Ent + Benef

Ademais, o ES primeiro pode combinarse coa traxectoria espacial ou metafórica da acción.

A traxectoria da acción é co conxunto dos verbos de modo de moverse unha circunstancia nuclear, o que os coloca en estreito vencello cos verbos direccionais focalizadores desta referencia locativa e xustifica o funcionamento ponte de *andar*.

Mb + Md + Tr (+ Or + Dt)    Ent + Md + Tr

Ini + Mb + Md + Tr (+ Or + Dt)

Mb / Ax / Ent + Tr    Ax + Pac + Tr

De menor importancia é a centralidade do destino e da orixe. Nestes casos estamos ante sentidos marcados do verbo nos que perde en grande medida a idea de velocidade e pasa a describir un movemento ou unha acción de natureza diversa.

Mb + Dt (+ Or)                      Ax + Dt                      Ini + Mb + Dt

No referido á esixencia da orixe, da mesma maneira ca con *camiñar*, o verbo pasa a describir un abandono dun lugar, só que no primeiro verbo é unha acción en que non se especifica o causante dese desprazamento, mentres que con *correr* estamos ante un proceso causativo.

Ini + Mb + Or

A quinta posibilidade conceptual tampouco lle é allea a *camiñar* e a *andar*: un esquema sen complementación, é dicir, monoactancial non causativo ou biactancial causativo.

Ax / Ent                      Ini + Mb                      Ax / Ent + Pac

---

<sup>10</sup> Neste último esquema –moi minoritario e reducido a unha única acepción de *correr*– elídese o axente da acción por descoñecido ou porque non se quere explicitar, xa que refire alguén non ben considerado socialmente.

Este tipo de estrutura describe, como vimos con *camiñar* ou con *andar*, o inicio dunha acción, sen especificar a natureza desta; é só a posta en funcionamento de algo ou alguén.

Polo tanto, a grande singularidade deste verbo dentro do grupo é a capacidade, aínda sendo unha situación minoritaria, de aparecer en construcións causativas. Despois, no que se refire a rexencias locativas e, por conseguinte, posibles clasificacións desta unidade, son comúns con *camiñar* e *andar*.

### 3.3.2. Movemento reverxente

Estas unidades verbais indican un retorno, unha volta a un lugar que xa foi visitado con anterioridade. É un destino compartido con outro desprazamento situado nun momento anterior da liña temporal.

Nestes verbos o punto focalizado do desprazamento é o destino, pero non os consideramos exclusivamente verbos de dirección porque xunto desta tamén especifican información sobre a natureza do movemento que noutros verbos só se podería coñecer a través da presenza de complementos externos. *Volvíñ á miña casa* inclúe, como dixemos, a idea de que a entidade móbil xa estivo antes nese lugar e nese momento retorna a el; usando un verbo direccional de destino coma *ir*, para transmitir a mesma información é preciso explicitala lexicamente (por exemplo, *fun outra vez á miña casa*) xa que o verbo non a indica de seu.

Os verbos reverxentes que escollemos neste traballo son tres: *tornar*, *volver* e *voltar*. *Volver* e *voltar* son os lexemas máis representativos desta clase semántica nas dúas linguas tratadas. A inclusión de *tornar* débese á procura de observar o comportamento dun verbo que conta con maiores limitacións de uso e comprobar se, independentemente do hábito de emprego, as estruturas semánticas e sintácticas dos tres verbos son equivalentes ou hai diverxencias. Os resultados foron concluíntes a este respecto. En primeiro lugar, os tres lexemas cobren as mesmas dimensións de significado. E, finalmente, comparten os seus ES máis recorrentes: os tres verbos recollen estruturas causativas e non causativas e esixen practicamente as mesmas complementacións; en todos eles o locativo referente é o destino.

### 3.3.2.1. Volver e voltar

Neste capítulo en que só se formula o corpo semántico dos verbos e os seus ES, presentamos estes dous verbos en conxunto xa que os significados son practicamente comúns. Será nos próximos capítulos onde se contrastarán con detemento, xa que *voltar* e *volver* non contan co mesmo hábito de uso segundo a lingua que observemos nin o comportamento dos dous é absolutamente idéntico dentro dun mesmo idioma. Mentres en galego a forma preferida é *volver* (1200 rexistros, fronte ós 300 de *voltar*), en portugués éo *voltar* (3000 rexistros fronte a 90 de *volver*). No caso da primeira lingua, podería pensarse que a presenza de *voltar* no corpus está especialmente condicionado pola data da obra; pola contra, este verbo aparece en textos escritos de todas as épocas que cubrimos<sup>11</sup>, sen notarse nin un uso maior ou menor se colocamos a fronteira, por exemplo, no espazo simbólico de 1970-1982, período de instauración normativa.

Semanticamente, atopamos un gran paralelismo entre estes dous verbos e *tornar*, ó compartiren as macroacepcións. A única diverxencia encóntrase en que nin *voltar* nin *volver* indican en ningún caso a idea de protección que achega nalgúns contextos o terceiro verbo do grupo.

#### I. Movemento con desprazamento

Indicando un movemento con desprazamento a causatividade non é unha opción, xa que nesta macroacepción as estruturas son todas intransitivas non causativas. En todas as acepcións a esixencia do destino do desprazamento é unha constante; mais nalgúns casos esta figura acompáñase pola indicación da orixe ou da finalidade en que se desenvolve o movemento.

<sup>11</sup> Situación diferente é se observamos toda a diacronía da lingua galega; daquela encontrámonos con que o uso de *voltar* co significado 'ir alguén ou algo de novo ó lugar do que se partiu ou onde se estivo antes' é moi esporádico ata a época das Irmandades da Fala.

Delimitación do significado verbal e dos seus esquemas semánticos

<p>v.i. 1. Ir {alguén ou algo}<sup>a</sup> {de novo}<sup>b</sup> {ó lugar do que se partiu ou onde se estivo antes}<sup>c</sup>.</p> <p><i>Natural de Ptas (Pontareas) a onde volta de cando en vez (PNR997).</i></p> <p><i>Vai até à corte, tens lá muito que ver em artes, e volta quando te chegarem saudades do teu buril (L0289).</i></p> <p><i>Homes e criados que gardasen ben a casa, que el non sabía cómo volvería (LFRNIN905).</i></p> <p><i>Volvi às praias da Foz e reconheci a custo as belas damas da minha mocidade (L0115).</i></p>	<p>Mb<sup>a</sup> + Md<sup>b</sup> + Dt<sup>c</sup></p>
<p>v.i. 1a. Ir {alguén ou algo}<sup>a</sup> {de novo}<sup>b</sup> {ó lugar do que se partiu ou onde se estivo antes}<sup>c</sup> {para facer algo}<sup>d</sup>. OBS. Constrúese con [a/para + inf].</p> <p><i>Cando o Crisanto voltou pra me erguer, xa o pazo desaparecera (BLABIO962).</i></p> <p><i>Enquanto cozem voltam para o rio a lavar-se e a folgar como nós (L0011).</i></p> <p><i>Volví a Monforte para seguir a miña ruta (FNZPRO810).</i></p> <p><i>D. Rojo volveu de Madrid a exercer as suas funções executivas com a costumada rectidão (L0289).</i></p>	<p>Mb<sup>a</sup> + Md<sup>b</sup> + Dt<sup>c</sup> + Fin<sup>d</sup></p>
<p>v.i. 1b. Ir {alguén ou algo}<sup>a</sup> {de novo}<sup>b</sup> {ó lugar do que se partiu ou onde se estivo antes}<sup>c</sup> {para ir buscar algo}<sup>d</sup>. OBS. Constrúese coa prep. <i>por</i>.</p> <p><i>Ó verse que o afiador non voltaba por il (BLABIO962).</i></p> <p><i>Cada vez que viñan cunha planta decíanlle que volvesen por outra (PRICON958).</i></p>	<p>Mb<sup>a</sup> + Md<sup>b</sup> + Dt<sup>c</sup> + Fin<sup>d</sup></p>
<p>v.i. 1c. Ir {alguén ou algo}<sup>a</sup> {de novo}<sup>b</sup> {ó lugar do que se partiu ou onde se estivo antes}<sup>d</sup> indicando {a orixe do desprazamento ou a acción que se foi facer}<sup>c</sup>. OBS. Constrúese coa prep. <i>de</i>.</p> <p><i>Os homes que voltan do trafego diario (NEIHIS968).</i></p> <p><i>O rapaz, filho único, ainda tão garoto, volta já da guerra (L0085).</i></p> <p><i>Volví de ver a súa rapaza (LAMGAL887).</i></p>	<p>Mb<sup>a</sup> + Md<sup>b</sup> + Or<sup>c</sup> + Dt<sup>d</sup></p>
<p>v.i. 1d. Ir {alguén ou algo} {de novo}<sup>b</sup> {ó lugar do que se partiu ou onde se estivo antes}<sup>c</sup> {levando ou cargando algo}<sup>d</sup>. OBS. Constrúese coa prep. <i>con</i>.</p> <p><i>Ao voltar a nena á casa coa súa potiña de leite das vacas (MEFARR991).</i></p> <p><i>Agora resta-me voltar com a albarda ao ombro (L0461).</i></p> <p><i>Canto puderon facer, foi volver con algunhos aparellos (LPXCON928).</i></p> <p><i>Rodou sem mais remoque para breve volver com as dez libras (L0284).</i></p>	<p>Mb<sup>a</sup> + Md<sup>b</sup> + Dt<sup>c</sup> + Md<sup>d</sup></p>
<p>v.i. ou v.p. 2. Abandonar {alguén ou algo}<sup>a</sup> {un lugar}<sup>c</sup> e ir {de novo}<sup>b</sup> {ó de orixe}<sup>d</sup>.</p> <p><i>Xa voltei do Brasil (ALSCON955).</i></p> <p><i>Coa cara feita un pan e coas orellas gachas tuveron que volverse de boa gana prá casa (LPXCON928).</i></p>	<p>Mb<sup>a</sup> + Md<sup>b</sup> + Or<sup>c</sup> + Dt<sup>d</sup></p>

**F1. Volver(se) atrás de.** Ir atrás de algo ou alguén outra vez.

**F1a. Volverse ou voltarse atrás / Volver-se ou voltar atrás.** Non facer alguén o que prometera.

**F2. Voltar à tona.** Ter de novo suceso, fama.

## II. Movemento sen desprazamento

Nestes casos o movemento non carrega un desprazamento, senón unha mudanza na posición. A diferenza de na macroacepción anterior, a norma aquí son as construcións causativas. Aínda sendo así, debemos destacar a única construción transitiva non causativa que presentan *voltar* e *volver*; nela o OD non indica o móbil que desenvolve o movemento, senón o traxecto que este percorre. A transitividade non causativa non é unha opción para *tornar*, pero tampouco é unha posibilidade exclusiva destes verbos; son varios os que, baixo a transitividade, desenvolven construcións causativas (*pasou a filla á outra beira*) e non causativas (*pasou a ponte*). Baixo a acepción 3 situamos construcións intransitivas nas que unha realidade [-animada] modifica a súa posición. É evidente que nestes casos existe tamén un *iniciador* do movemento, mais a súa non explicitación pódese deber a que se descoñece o referente desa figura, a que non se quere especificar ou a que carece de interese segundo a perspectiva do emisor da información.

<p>v.t. ou v.i. 3. Devolver {alguén}<sup>a</sup> {algo}<sup>b</sup> {a un sitio}<sup>d</sup>, poñer ou estar {outra vez}<sup>c</sup> algo no sitio en que estaba.  <i>O que era é de boa boca: todo o que volvíamo-los máis á perola, el recollí'o</i> (REGTD989).</p>	<p>Ini<sup>a</sup> + Mb<sup>b</sup> + Md<sup>c</sup> + Dt<sup>d</sup></p>
<p>v.t. 4. Facer {alguén ou algo}<sup>a</sup> {un xiro}<sup>b</sup>, xirar {unha vía ou parte dela}<sup>c</sup>.  <i>Ao voltarmos a esquina</i> (L0342).</p>	<p>Mb<sup>a</sup> + Md<sup>b</sup> + Dt<sup>c</sup></p>
<p>v.t. ou v.p. 5. Xirar cara a, facer {alguén ou algo}<sup>a</sup> xirar {unha cousa}<sup>b</sup> {en calquera sentido}<sup>d</sup>, {cambiándoa de posición}<sup>c</sup>.  <i>Pendurou o Coronel o candil do teito e voltouse cara unha mesiña de mármore</i> (MEFARR991).  <i>No momento em que volta a cabeza para atrás</i> (L0009).  <i>Volve a cabeza e verás cántos, cantísimos, quixeran ter unde vivir</i> (LPXCON928).  <i>Todos se volveram para Michaux</i> (L0019).</p>	<p>Ini<sup>a</sup> + Mb<sup>b</sup> + Md<sup>c</sup> + Dt<sup>d</sup></p>
<p>v.t. ou v.p. 5a. Xirar cara a, facer {alguén}<sup>a</sup> xirar {unha cousa}<sup>b</sup> {en calquera sentido}<sup>d</sup>, {cambiándoa de posición}<sup>c</sup> {cunha determinada finalidade}<sup>e</sup>. OBS. Constrúese con [a/para + inf].  <i>Tódo-los rapaces voltaronse pra véla</i> (OPEMAO928).  <i>Ainda me voltei para atrás a dizer adeus à Estrela</i> (L0233).  <i>Foi voltendo a cabeza pouquirrichiño a pouco, pra ver quen era</i> (PRICON958).  <i>Pela sua parte, o Morgado volveu o olhar verde ao abade impassível, a implorar a absolvição</i> (L0468).</p>	<p>Ini<sup>a</sup> + Mb<sup>b</sup> + Md<sup>c</sup> + Dt<sup>d</sup> + Fin<sup>e</sup></p>
<p>v.t. 6. Darlle {alguén}<sup>a</sup> {a volta}<sup>c</sup> {a algo}<sup>b</sup>.  <i>Voltei para fora o bolso do peito</i> (L0290).  <i>Rapazas lendo nun silenzo que s'ouvían volver as follas dos libros</i> (RISMIT934).</p>	<p>Ini<sup>a</sup> + Mb<sup>b</sup> + Md<sup>c</sup></p>
<p>v.t. 7. Darlle {alguén}<sup>a</sup> {algo}<sup>b</sup> {de novo}<sup>c</sup> {á persoa de quen se recibiu}<sup>d</sup>.  <i>Se non estás d'acuerdo volvemosch' o que tés pago</i> (REGTD989).</p>	<p>Ini<sup>a</sup> + Mb<sup>b</sup> + Md<sup>c</sup> + Benef<sup>d</sup></p>
<p>v.t. 8. Darlle {alguén}<sup>a</sup> {a outro}<sup>c</sup> {os cartos que sobran ó pagar algo}<sup>b</sup>.  <i>Cambioullo ó Zarralleiro por outro, e volveralle seis pesos o Zarralleiro a meu pai</i> (CACQUE986).</p>	<p>Ini<sup>a</sup> + Mb<sup>b</sup> + Benef<sup>c</sup></p>

**F3. Volver as costas a / Voltar (as) costas a.** 1. Non atender, ter en conta ou axudar a alguén. 2. Traizoar, abandonar a alguén.

**F4. Voltar rédeas.** Tipo de movemento da hípica.

### III. Mudanza de estado

A mudanza no estado indicada por estes verbos pode ser de dous tipos: o retorno a unha situación anterior ou o alcance dunha nova. A presenza dunha ou doutra carrega diferenzas na construción: na primeira as estruturas son todas elas intransitivas e non causativas; pero cando o estado atinxido nunca se experimentou con anterioridade a transitividade causativa pasa a ser a norma. Só rompe esa tendencia a última acepción indicadora dun estado novo: nela a construción é pronominal, isto é, quen ou o que provoca o cambio e quen ou o que o padece son a mesma realidade, de modo que a explicitación do axente ou da causa sería redundante e innecesaria ou, de non coincidiren, son figuras descoñecidas.

<p>v.i. 12. Ir {de novo}<sup>b</sup> {alguén ou algo}<sup>a</sup> {á situación anterior en que se estaba}<sup>c</sup>.  <i>¿Barreiro volta á política?</i> (PNR997).  <i>Se ela volta ao seu juízo</i> (L0297).  <i>Tempo é xa, de que este Lázaro saia da sepultura en que o puxeron e volva o que foi seu</i> (MURDIS891).  <i>Nunca mais me volvem à lembrança</i> (L0348).</p>	$Ax / Ent^a + Md^b + Dt^c$
<p>v.i. 12a. Exercer {alguén}<sup>a</sup> {de novo}<sup>b</sup> {en algo}<sup>c</sup>, ser outra vez algo.                  OBS. Constrúese coa prep. <i>de</i>.  <i>Dixo que el non volvía de pastor</i> (PRICON958).</p>	$Ax^a + Md^b + Dt^c$
<p>v.i. 12b. Retomar {outra vez}<sup>b</sup> {alguén}<sup>a</sup> {un asunto abandonado durante un tempo}<sup>c</sup>.  <i>Voltando á loita pola cota de mercado, ocorreseme preguntarlle</i> (PNR997).  <i>Wanda sorri e volta ao libro</i> (L0450).  <i>Pois volvend'ó conto de...do meu fumar</i> (REGTD989).  <i>Mas volvamos à história do nosso monumento</i> (L0280).</p>	$Ax^a + Md^b + Dt^c$
<p>v.i. 12c. Retomar {outra vez}<sup>b</sup> {alguén}<sup>a</sup> {un asunto abandonado durante un tempo}<sup>c</sup>. OBS. Constrúese coa prep. <i>con</i>.  <i>Nestes momentos estamos a voltar coa de Alxén</i> (PNR997).  <i>À tardinha volveu ela com esculcas</i> (L0284).</p>	$Ax^a + Md^b + Dt^c$
<p>v.i. 13. Tornar {outra vez}<sup>b</sup> {algo}<sup>a</sup> a ser presente {na situación actual}<sup>c</sup>.  <i>Volta bela Primavera! que eu te quero saudar</i> (L0075).  <i>Puido vivir horas que xa pasaran para non volver</i> (LPXCON928).</p>	$Ent^a + Md^b + Dt^c$
<p>v.i ou v.p. 13a. Recuperar {outra vez}<sup>b</sup> {alguén}<sup>c</sup> {algo}<sup>a</sup>.  <i>Abriu os olhos, a percepção nitida das coisas foi-lhe voltando</i> (L0443).</p>	$Ent^a + Md^b + Benef^c$

F5. **Volver** ou **voltar en si / Voltar a si**. Recuperar a consciencia.

F6. **Volver** ou **voltar ás andadas**. Recuperar unha forma de comportamento ou un tipo de problemas.

F6a. **Volver ás súas**. Recuperar unha forma de comportamento ou un tipo de problemas.

F7. **Volver ó rego / Voltar ao rego**. Recuperar unha forma de comportamento considerado o correcto.

F7a. **Volver ó camiño / Voltar ao caminho (certo)**. Recuperar unha forma de comportamento considerado o correcto.

<p>v.t. 14. Facer {alguén ou algo}<sup>a</sup> que {outro algo ou alguén}<sup>b</sup> pase a ser {unha cousa distinta do que era}<sup>c</sup>.</p> <p><i>I o demo acodío de contado e, nun periquete, volvéunas tres pedras (CEFLUG963).</i></p>	<p>Cau / Ax<sup>a</sup> + Pac<sup>b</sup> + Md<sup>c</sup></p>
<p>v.t. 14a. Facer {alguén ou algo}<sup>a</sup> que {outro algo ou alguén}<sup>b</sup> deixe de ser dunha maneira {para ser doutra}<sup>c</sup>.</p> <p><i>O reconecemento disa necesidade, a súa manseliña revelación, que voltan ilusorios os nosos esforzos (FRNSEG963).</i></p> <p><i>A Baía não o vulgarizara: voltava mais interessante! (L0443).</i></p> <p><i>Feita de pelo encrespado, que volve ós homes tolos (CACQUE986).</i></p>	<p>Cau / Ax<sup>a</sup> + Pac<sup>b</sup> + Md<sup>c</sup></p>
<p>v.p. 14b. Sufrir {algo ou alguén}<sup>a</sup> unha alteración progresiva de maneira que pasa a ser {outra ou da maneira que se expresa}<sup>b</sup>.</p> <p><i>A língoa doce, áxil, eispresiva voltarase un patois de labregos (OPEMAO928).</i></p> <p><i>Também se lhes volte em asco a caridade (L0460).</i></p> <p><i>¿E que era o que se volvía ouro? (CCGCT998).</i></p> <p><i>O rioolveu-se todo cordura e ingenuidade para reflectir no seu íntimo cristal o casario (L0348).</i></p>	<p>Pac<sup>a</sup> + Md<sup>b</sup></p>

F8. **Xente nova e leña verde vólvese toda fume**. A aparencia, o entusiasmo ineficaz é o que caracteriza a mocidade.

#### IV. Acción

Cando a actividade se realiza no plano metafórico ou abstracto situámonos nesta macroacepción. Todos os sentidos deste grupo se moven na esfera intelectual.



Delimitación do significado verbal e dos seus esquemas semánticos

<p>v.t. ou v.p. 9. Xirar {alguén ou algo}<sup>a</sup> {a outro ou a si mesmo}<sup>b</sup>, en sentido nocional, {cara a un asunto, tema, área, etc}<sup>c</sup>.</p> <p><i>Kierkegaard na interpretación do senso do romanticismo voltase de Don Quixote a Don Xuan</i> (FRNSEG963).</p> <p><i>Portugal volta as súas atencións para o «e-business»</i> (J60198).</p> <p><i>A aposta da empresa volta-se para a consolidación da lideranza na região do grande Porto</i> (J52965).</p> <p><i>A minha atenção volve-se mas é para Carlos Borromeu</i> (L0011).</p>	<p>Cau / Ax<sup>a</sup> + Pac<sup>b</sup> + Dt<sup>c</sup></p>
<p>v.t. 10. Responder ou oporlle {alguén}<sup>a</sup> {unha opinión}<sup>b</sup> con outra {a outro alguén}<sup>c</sup>.</p> <p><i>Nunca lle voltaria una opinión crítica</i> (L0043).</p> <p><i>E dehpoh volveu outra vez: E dice...</i> (REGTD989).</p> <p><i>Sabes tu que mais? –volveu Simão já enfiado</i> (L0297).</p>	<p>Ax<sup>a</sup> + Pac<sup>b</sup> + Benef<sup>c</sup></p>
<p>v.i. ou v.p. 11. Pedirlle {alguén}<sup>a</sup> axuda {a alguén ou algo}<sup>b</sup>.</p> <p><i>Por isso a ela voltou, ainda a tremor do susto</i> (L0486).</p>	<p>Ax<sup>a</sup> + Dt<sup>b</sup></p>

F9. **Volver por alguén / Voltar para alguem.** Apoiar ou axudar a alguén, ser partidario de algo ou de alguén, defendelo.

F10. **Volver ou voltar(se) contra algo ou alguén/ Voltar-se contra algo ou alguem.** 1. Oporse a algo ou alguén. 2. Pasar a estar en contra de algo ou alguén. 3. Lanzarse en contra de algo ou alguén.

F11. **Voltar os olhos para.** Darlle atención a algo ou a alguén.

F12. **Volver ben por mal ou mal por ben.** Non portarse con alguén como ese o fixo co primeiro.

F13. **Em matéria de, foi e já voltou.** Dominar moito un asunto.

F14. **Volver á carga / Voltar à carga.** Seguir actuando, continuar insistindo.

F14a. **Volver ó ataque / Voltar ao ataque.** Seguir actuando, continuar insistindo.

F15. **Volver ó escenario / Voltar ao palco.** Retomar o traballo, a vida pública...

F15a. **Voltar à ribalta.** Retomar o traballo, a vida pública...

**P1. Volver ou voltar + inf.** Aspectual, cuantificación con repetición.

*Ánteh qu' os rójuh viñeran por nosoutros, volveronnos atar (REGTD989). O xudeu, en canto xudeu, non se voltou revolver dend'o tempo de Barcoquebas (RISMIT934).*

**P1a. Volver ou voltar a + inf.** Aspectual, cuantificación con repetición.

*Pero volveu a aparecer con outro crío ó pé (FRETCE993). Glòrinhas volveu a abainhar o lenço (L0284). Os comerciantes do Centro da Vila queixanse de que os cacos voltan a facer das súas (PNR997). Vou voltar a ser aínda novo, aínda forte (L0409).*

**Q1. Volvérselle todo [+ inf].** Expresión que indica atención exclusiva a un asunto ou actividade.

**Q2. Voltar a, con [+ inf / subst] / Voltar com [+ inf / subst].** Expresión que indica reiteración sobre un asunto ou acción.

Debemos lembrar que estamos a tratar como un todo dúas unidades diferentes, mais con diverxencias o suficientemente superficiais que permiten este enfoque. Refléctese claramente esta situación no plano dos seus significados. Son moi poucas as acepcións que non comparten (*voltar* non foi recollida coas acepcións 3, 7, 8 e *volver* coa 4, 11 e 9), e todas elas moi pouco habituais para ambos os dous lexemas o que fai que poidamos seguir considerándoos dous *alomorfos* dunha mesma acción verbal. Situación diferente é a distribución idiomática; está é inversa, ou sexa, son formas equivalentes entre linguas, pero non dentro dun mesmo código, tal e como se verá no capítulo 4.

Na construción semántica destes verbos hai tres aspectos fundamentais que a condicionan: a noción de movemento no plano físico, a causatividade e a especificación do modo en que se realiza a acción. Así podemos clasificar o conxunto das súas estruturas conceptuais da seguinte maneira:

1. Movemento ou acción non causativos con especificación modal.

$Mb + Md + Dt (+ Or / Fin / Md)$

$Ax / Ent + Md + Dt / Benef$

2. Movemento ou acción causativa con especificación modal (I) ou sen especificación modal (II).

(I)  $Ini + Mb + Md [+ Dt (+ Fin) / + Benef]$

(Cau / Ax) + Pac + Md

(II) Ini + Mb + Benef

Cau / Ax + Pac + Dt / Benef

3. Acción non causativa sen movemento sen especificación modal.

Ax + Dt

Cando o ES non precisa explicitar o modo en que se realiza a acción, pásase a centrarse esta nun punto locativo; o cal, á vez, se é [+humano] describimos como o beneficiario do que se está a facer.

### 3.3.2.2. Tornar

*Tornar* sufriu un proceso de ampliación semántica que o levou dende o significado orixinal latino ‘tornear, arredondar; volver e revolver nos dedos’ (Lorenzo, 1977: 1263) da forma TORNARE ás catro dimensións de significado que recollemos no noso corpus. Dúas delas relaciónanse coa idea de movemento –con ou sen desprazamento–, unha terceira explicita un cambio en proceso e, finalmente, encontramos unha cuarta macroacepción en que se engloban distintas indicacións de acción. Polo tanto, partimos da macroacepción de movemento con desprazamento reverxente, á que se lle engaden outros sentidos vencellados co retorno (a un estado, tema...) ou coa mudanza de dirección (no tema, interese, estado). Ó seren significados adquiridos por extensión e, polo tanto, estaren todos eles vencellados, mantense esa relación.

#### I. Movemento con desprazamento

Indicando un desprazamento conviven estruturas causativas e non causativas, estas últimas sempre intransitivas. A respecto da complementación, a presenza da noción de volta é unha constante e pódese ver acompañado ora polo punto de partida do desprazamento ora por outra indicación modal específica en que este se desenvolve.

Delimitación do significado verbal e dos seus esquemas semánticos

<p>v.i. 1. Ir {alguén ou algo}<sup>a</sup> {outra vez}<sup>b</sup> {ó sitio de onde se saíu}<sup>c</sup>.  <i>Un tornaba á fría pensión vendo o mundo doutra maneira (FGRANO985).</i>  <i>Pedi-lhe eu licenza para tornar a Belém, posto que havia poucos dias de lá tinha vindo (L0011).</i></p>	<p><math>Mb^a + Md^b + Dt^c</math></p>
<p>v.i. 2. Regresar {alguén ou algo}<sup>a</sup> {novamente}<sup>b</sup> {a un lugar no que xa se estivera algunha vez}<sup>c</sup>.  <i>Tornei, cangado de anos, ao xardín de San Carlos (3nt993).</i>  <i>De forma que me viram tornar ao Chiúme sem surpresa (L0061).</i></p>	<p><math>Mb^a + Md^b + Dt^c</math></p>
<p>v.i. 2a. Regresar {alguén ou algo}<sup>a</sup> {novamente}<sup>b</sup> {a un lugar}<sup>d</sup> despois de {estar noutro para facer algo}<sup>c</sup>. OBS. A actividade realizada introdúcese coa prep. <i>de</i>.  <i>Cando tornaba de dispor uns traballos de reforzo (CABMAR926).</i>  <i>Na curva larga do mar os barcos tornavam da pesca (L0931).</i></p>	<p><math>Mb^a + Md^b + Or^c + Dt^d</math></p>
<p>v.i. 3. Levar {alguén}<sup>a</sup> {algo}<sup>b</sup> {dende un lugar}<sup>c</sup> {a outro do que se saíu con anterioridade}<sup>c</sup>. OBS. Constrúese coa prep. <i>con</i>.  <i>O mensaxeiro torna coa resposta vai a levá-la adentro do castelo (PINGAI853).</i>  <i>Saía à tarde, pelas traseiras, para o chá na loja do filho, donde tornava com um comprido cachimbo que fumava no pátio até altas horas (L0933).</i></p>	<p><math>Mb^a + Md^b + Or^c + Dt^d</math></p>
<p>v.i. 4. Ocupar {alguén ou algo}<sup>a</sup> {outra vez}<sup>b</sup> {un lugar}<sup>c</sup>.  <i>Enquanto o chauffeur batia a porta do carro e tornava ao seu lugar (L0442).</i></p>	<p><math>Mb^a + Md^b + Dt^c</math></p>
<p>v.t. 5. Facer {alguén}<sup>a</sup> que {algo ou alguén}<sup>b</sup> vaia {outra vez}<sup>c</sup> {ó lugar no que se encontraba}<sup>d</sup>.  <i>Cando xa máis grande me tornaron a Palma, sorprendéronme dúas cousas (3nt993).</i></p>	<p><math>Ini^a + Mb^b + Md^c + Dt^d</math></p>
<p>v.t. 6. Facer {alguén}<sup>a</sup> que {algo ou alguén}<sup>b</sup> se vaia {de onde está ou se desvíe do camiño que leva}<sup>c</sup> {para coller outro}<sup>d</sup>.  <i>As moscas molestanlle moito; ás veces pón o pano na cabeza para tornalas (CSRVEN981).</i></p>	<p><math>Ini^a + Mb^b + Or^c + Dt^d</math></p>
<p>v. t. 6a. Desviar, apartar, separar {alguén}<sup>a</sup> {a auga}<sup>b</sup> {dun rego}<sup>c</sup> para pasala {a outro sitio}<sup>d</sup>.  <i>¿E qué me diríades ó velas co rodo na mau tornando as augas pró seu eido? (LAMGAL887).</i>  <i>Estava postada no caminho, encostando-se ao sacho com que tornava a água do ribeiro (L0002).</i></p>	<p><math>Ini^a + Mb^b + Or^c + Dt^d</math></p>
<p>v.i. 7. Xirar {alguén ou algo}<sup>a</sup> {nun lugar}<sup>b</sup> durante un traxecto.  <i>Torna pola Neue Kantstr (RISMIT934).</i></p>	<p><math>Mb^a + Tr^b</math></p>

## II. Movemento sen desprazamento

Aínda indicando as acepcións incluídas nesta macroacepción un movemento sobre si mesmo, este pode ser de dous tipos: mudando a posición na verticalidade do obxecto ou producindo un cambio na súa dirección. Novamente, neste grupo a presenza da transitividade trae consigo a causatividade.

v.t. 8. Xirar {alguén} <sup>a</sup> {algo} <sup>b</sup> {en calquera sentido} <sup>d</sup> {cambiándoa de posición} <sup>c</sup> . <i>Tornaron as cuncas.</i>	$Ini^a + Mb^b + Md^c + Dt^d$
v.p. 8a. Xirarse {alguén} <sup>a/b</sup> {cambiando de posición} <sup>c</sup> {cara a algo} <sup>d</sup> . <i>Achando-o fundo, tornam-se a nós (L0011).</i>	$Ini^a + Mb^b + Md^c + Dt^d$

## III. Mudanza de estado

*Tornar* refire, tal e como *voltar* e *volver*, dous procesos diferentes de mudanza no estado de cousas. Nun deles o cambio leva a realidade [ $\pm$ humana] a unha situación anterior ou orixinal. Existe un desprazamento non físico que a leva a estar ou funcionar coma nun momento anterior.

v.i. 9. Ir {de novo} <sup>b</sup> {algo ou alguén} <sup>a</sup> {a un estado orixinal ou anterior no tempo} <sup>c</sup> . <i>E naquel chan tod'os probes tornan ó estado primeiro (PINGAI853).</i> <i>Blimunda e Baltazar tornaram à mesma ansiosa espera (L0486).</i>	$Ax / Ent^a + Md^b + Dt^c$
v.t. 9a. Facer {alguén ou algo} <sup>a</sup> que {algo ou alguén} <sup>b</sup> volva {de novo} <sup>c</sup> {a un estado orixinal} <sup>d</sup> . <i>O axitamento tornouno á realidade (ALSCON955).</i>	$Cau / Ax^a + Pac^b + Md^c + Dt^d$
v.i. 10. Estar {de novo} <sup>b</sup> {alguén ou algo} <sup>a</sup> {baixo a tutela, poder, dominio, pose, etc. dunha persoa} <sup>b</sup> . <i>¡Vencemoste! Tornaste ó noso poder (PNR997).</i> <i>Os papéis não tornaram mais de Lamego (L0284).</i>	$Ax / Ent^a + Md^b + Dt^c$
v.i. 11. Haber outra vez, estar presente {algo} <sup>a</sup> {novamente} <sup>b</sup> {nun lugar} <sup>c</sup> . <i>Torna a craridade (CABMAR926).</i> <i>É a propria vida com um encanto que não torna (L0009).</i>	$Ent^a + Md^b + Dt^c$

## Delimitación do significado verbal e dos seus esquemas semánticos

Noutros casos a mudanza non trae ó presente unha situación anterior, xa que o estado alcanzado despois do proceso é novo, nunca vivido antes. A diferenza no sentido tamén se reflicte na construción semántica.

<p>v.i. e v.p. 12. Sufrir {algo ou alguén}<sup>a</sup> {unha alteración que o converte noutra cousa distinta}<sup>b</sup>.</p> <p><i>A gándara tornaríase en prados (CUEPRO962).</i></p> <p><i>Construída em 1971, Maze tornou-se rapidamente num ícone do conflito (J34989).</i></p>	$Ax / Ent^a + Md^b$
<p>v.i. e v.p. 13. Sufrir {algo ou alguén}<sup>a</sup> unha alteración progresiva de maneira que pase a ser {da forma que se expresa ou outra cousa que non era}<sup>b</sup>.</p> <p><i>Sei que en tempo de festa a vida se torna extraordinaria (3nt993).</i></p> <p><i>Mais difícil se torna ainda assegurar a ligação "entre os CAT e os infectiologistas hospitalares (J24548).</i></p>	$Ax / Ent^a + Md^b$
<p>v.p. 13a. Chegar a ocupar, ter {alguén}<sup>a</sup> {unha profesión}<sup>b</sup>.</p> <p><i>Eu tinha-me tornado enfermeira sem o seu consentimento (L0518).</i></p>	$Ax^a + Md^b$
<p>v.p. 14. Resultar {alguén ou algo}<sup>a</sup> {dun modo}<sup>b</sup>.</p> <p><i>O sentimento de muitos dos moradores para quem viver ali se torna insuportável (J35036).</i></p>	$Ax / Ent^a + Md^b$
<p>v.p. 15. Pasar a ter {un tipo de relación}<sup>b</sup> {dúas ou máis persoas}<sup>a</sup>. OBS. O tipo de relación descrito é recíproco.</p> <p><i>Eu, o homem, e sua mulher, tornámo-nos amigos (L0464).</i></p>	$Ax^a + Md^b$
<p>v.t. 16. Facer {algo ou alguén}<sup>a</sup> que {algo}<sup>b</sup> pase a ser {outro algo distinto que se expresa}<sup>c</sup>.</p> <p><i>Non é nada doado tornar ise prexuício (FRNSEG963).</i></p> <p><i>O que poderá, com grandes vantagens sociais, vir a tornar as vítimas da pedofilia em verdadeiros criminosos (J52610).</i></p>	$Cau / Ax^a + Pac^b + Md^c$
<p>v.t. 16a. Alterar {algo ou alguén}<sup>a</sup> o estado ou as calidades {de algo}<sup>b</sup> facendo que pase a ser {outra cousa ou doutra maneira que se expresa}<sup>c</sup>.</p> <p><i>¿Quién o torna doce cando é cascalheiro? (PINGA1853).</i></p> <p><i>A fusão do hidrogénio é o que torna um objecto celeste numa estrela (J34660).</i></p>	$Cau / Ax^a + Pac^b + Md^c$

Como se viu, a aparición de estruturas causativas vén parella á da transitividade, mais, a diferenza de *voltar* e *volver*, non existe unha distribución desta segundo o sentido da mudanza de estado que adquira o verbo en cada unha das acepcións.

### IV. Acción

Ó igual que no grupo anterior, a acción cobre tamén dúas dimensións: un grupo de sentidos desenvólvense no eido intelectual e o outro circunscríbense baixo a noción

Delimitación do significado verbal e dos seus esquemas semánticos

de ‘protección’. En todas elas a idea de desprazamento reverxente permanece, sexa indicando a volta a unha idea, devolvendo unha resposta a outra intervención ou repudiando algo para evitar a súa influencia.

Finalmente, debemos dicir que, baixo este grupo, todas as estruturas transitivas volven presentar unha construción causativa.

v.i. 17. Retornar {alguén} <sup>a</sup> {novamente} <sup>b</sup> {a un asunto} <sup>c</sup> , cuestión abandonada por un tempo máis ou menos longo. <i>Tornando à nossa conversação, disse V. S. " que não conhecia meio nenhum (L0296).</i>	$Ax^a + Md^b + Dt^c$
v.t. 18. Centrar {alguén} <sup>a</sup> {algo} <sup>b</sup> {sobre un aspecto} <sup>c</sup> . <i>¡Ou canto fora máis nobre o tornar o pensamento a esta sagra Terra nosa! (CABMAR926).</i>	$Ax^a + Pac^b + Dt^c$
v.i. 19. Dicar, responder {alguén} <sup>a</sup> con palabras {unha outra intervención} <sup>b</sup> . <i>¿Quién me fala? I a voz tornou: -Non ch'o digo s'antes sobr'a crus non xuras ir (CURDIV888).</i> <i>"Mas isso, amanhã, passa-me", tornou Winston Churchill (J24471).</i>	$Ax^a + Benef^b$
v.t. 19a. Devolver, darlle {alguén} <sup>a</sup> {algo} <sup>b</sup> {como resposta} <sup>c</sup> {a alguén} <sup>d</sup> . <i>Torna, empece, a risa cun derroche, cunha entrega cordial (FRNSEG963).</i>	$Ax^a + Pac^b + Md^c + Dt^d$
v.t. 20. Verter {alguén} <sup>a</sup> {algo} <sup>b</sup> {nun lugar ou nun formato determinado} <sup>c</sup> . <i>Com a SBC americana que lhe confere novos mercados e novos negócios poderá torná-la no papel do ano se a realidade confirmar as suas fantásticas projecções (J44071).</i>	$Ax^a + Pac^b + Dt^c$
v.p. 21. Pedirle axuda {alguén} <sup>a</sup> {a outro} <sup>b</sup> . <i>Numa arrelia de cozinha, numa doença demorada, a quem se há-de tornar senão à família do Honório, à companhia da Laurinha? (L0045).</i>	$Ax^a + Dt^b$
v.t. 22. Sacar {alguén} <sup>a</sup> {o gando} <sup>b</sup> {dun lugar} <sup>c</sup> {para outro} <sup>d</sup> co fin de evitar estragos nunha colleita, leira, etc. <i>Evai unha, metese no pan a torná-las ovelas (LCAFAL990).</i>	$Ax^a + Pac^b + Or^c + Dt^d$
v.t. 23. Protexerse {alguén} <sup>a</sup> {de algo} <sup>b</sup> . <i>El tiña un sombreiro de palla sobre dos ollos para tornar o sol (CSRVEN981).</i>	$Ax^a + Pac^b$

**F1. Torna dun lado, e torna doutro.** Chegar a un resultado positivo a través de pequenas accións ó longo do tempo ou realizadas por diferentes individuos.

**P1. Tornar a + inf.** Aspectual, cuantificación con repetición. *Logo tornaba a pegalos dandolle unha pouquiña de cola (PNR997). Vêm umas, vão outras e, por vezes, as que vão tornam a vir (J59836).*

En paralelo cos outros dous verbos cos que forma grupo semántico, a estrutura semántica de *tornar* está condicionada pola noción de movemento no plano físico, a causatividade (a transitividade para este verbo carrega sempre estruturas causativas) e a especificación do modo en que se realiza a acción.

1. Movemento ou acción non causativos con especificación modal (I) ou sen especificación modal (II), que é un ES secundario para este verbo.

(I) Mb + Md + Dt (+ Or)                      Ax / Ent + Md (+ Dt)

(II) Mb + Tr                                      Ax + Dt / Benef

2. Movemento ou acción causativos con especificación modal (I) e sen especificación modal (II), pasando a ser nucleares exclusivamente as nocións locativas.

(I) Ini + Mb + Md + Dt                      Cau / Ax + Pac + Md (+ Dt)

(I) Ini + Mb + Or + Dt                      Ax + Pac [+ Dt (+ Or)]

Polo tanto, a complementación deste verbo é practicamente a mesma cá recollida en *volver* e *voltar*. Os esquemas non compartidos son moi reducidos e, como veremos no capítulo 4, sen peso destacado no conxunto. Deste modo, a pesar de seren verbos cun hábito de uso moi diferente, vese que este criterio non produce consecuencias no funcionamento que podemos denominar prototípico destes verbos, podendo extrapolalo ó tipo verbal en conxunto.

### 3.3.3. Movemento secuencial: parar

Un movemento secuencial é aquel que se realiza por etapas, é dicir, con interrupcións de dimensións variadas. Este grupo presenta unha singularidade que o afasta dos restantes verbos aquí tratados: son lexemas que focalizan a interrupción do desprazamento. Esta situación ten consecuencias na complementación e na rexencia preposicional que esixen os locativos (véxase cap. 7., apartado 7.2.8.).

Por outra banda, sintacticamente as unidades deste grupo son verbos non definidos na súa transitividade xa que contan con estruturas transitivas e intransitivas. A dobre posibilidade sintáctica reflicte unha tamén dobre construción semántica. Mentres nas estruturas intransitivas a causatividade é unha imposibilidade, nas transitivas conviven as construcións causativas e non causativas.



Como representante desta clase de verbos seleccionamos *parar*, unidade cun uso que o aproxima á presenza media do corpus (1298 rexistros). O seu corpo de sentidos sufriu o mesmo proceso de extensión semántica visto nos restantes verbos de movemento que explica, neste caso, o camiño percorrido dende o sentido inicial ‘preparar, dispor, proporcionar’ ó posterior ‘deterse’ e, dende este, a adquisición da idea ‘ir dar a un lugar’. Revisaremos agora as acepcións recollidas deste verbo.

### **I. Movemento con desprazamento**

O movemento con desprazamento referido por este verbo pode focalizarse de dúas formas distintas: ben observando o instante –de dimensións variadas– en que se interrompe a acción, ben focalizando o lugar alcanzado no que se pretende permanecer por un tempo de, tamén, duración non establecida *a priori*. O destino é en ambas as dúas situacións o locativo destacado, mais a rexencia prepositiva (habitualmente *en*) fai que as fronteiras entre destino-localización sexan difusas. Outro verbo xa visto en que se presenta a mesma zona gris é *entrar* en construcións do tipo *entrou na miña casa*. Nos dous optamos por definir ese locativo como a especificación do destino final do desprazamento.

Cando a idea central é a interrupción do movemento cara a, cese que pode ser temporal ou definitivo, o proceso pasa a dividirse por secuencias, créanse subdivisións. Tamén destaca o feito de que o destino ou lugar en que se realiza a interrupción do movemento non adoita explicitarse, sexa porque se observa o feito como unha actuación ou capacidade absoluta (*parar o balón*) sexa porque coincide cun referente locativo do acto de comunicación ou cun espazo xa indicado con anterioridade.

A partir da acepción 6, o desprazamento vese interrompido coa idea de permanecer un tempo impreciso nun lugar. A finalidade da paraxe pode estar implícita no propio espazo en que esta se realiza. É dicir, fronte ás acepcións anteriores, o central non é deter o proceso, senón a idea de permanencia nun lugar cun obxectivo particular.

## Delimitación do significado verbal e dos seus esquemas semánticos

<p>v.i. e v.p. 1. Deixar de moverse {algo ou alguén}<sup>a</sup> {nun lugar}<sup>b</sup>.  <i>As voces que saían do meio do millo fixéra-no parar (3nt993).</i>  <i>Ontem na Luanda não parei um minuto (J60788).</i></p>	$Mb^a + Dt^b$
<p>v.i. 2. Detérense {os vehículos de uso público}<sup>a</sup> {nos lugares establecidos para iso}<sup>b</sup>.  <i>Gran estación ond'o tren para perto dunha hora (RISMIT934).</i>  <i>Camionetas paravam mesmo em frente ao edifício (J52739).</i></p>	$Mb^a + Dt^b$
<p>v.t. 3. Facer {alguén}<sup>a</sup> que cese o movemento {de algo ou alguén}<sup>b</sup> {nun lugar}<sup>c</sup>.  <i>O tío parara un instante o faco pra ollar a posta do sol (OPEMAO928).</i>  <i>Não existem muitos homens no mundo a quem as mulheres parem na rua para beijar a mão! (J26426).</i></p>	$Ini^a + Mb^b + Dt^c$
<p>v.t. 4. Nos xogos ou deportes, deter ou interceptar {alguén}<sup>a</sup> {un movemento ou xogada do contrario}<sup>b</sup> {nun lugar}<sup>c</sup>.  <i>Precisa de moito entreno e de aprender, sobre todo a tocar e pará-lo balón (PNR997).</i>  <i>Só o médio Jurison em cima da linha conseguiu parar o tiro de Rui Costa (J52697).</i></p>	$Ini^a + Mb^b + Dt^c$
<p>v.t. 5. Levantar {o can}<sup>a</sup> {a caza}<sup>b</sup> {nun lugar}<sup>b</sup>.  <i>O can para moi ben as perdices.</i></p>	$Ini^a + Mb^b + Dt^c$
<p>v.i. 6. Aloxarse, ir con frecuencia a un lugar, visitar {alguén}<sup>a</sup> {un lugar ó que lle é propio unha determinada finalidade}<sup>b</sup>.  <i>O maior da xusticia de Santiago tiña por costume ir a ela e parar na casa do señor alcalde da Estrada (LAMGAL887).</i>  <i>O criado afastou-se ameazando-o: que se livrasse de parar ali outra vez (L0342).</i></p>	$Mb^a + Dt^b$
<p>v.i. 7. Deterse {alguén}<sup>a</sup> {nun lugar}<sup>b</sup> para visitalo, velo.  <i>Xa non quixen parar na Steinzeit, farto de tanta cerámica neolítica (RISMIT934).</i>  <i>Frei Gaspar fazia-nos parar diante de cada monumento, de cada pedra de que conhecia a história (L0011).</i></p>	$Mb^a + Dt^b$
<p>v.i. 8. Entreterse {alguén}<sup>a</sup> {nun lugar}<sup>b</sup>.  <i>Home, sóltame, sóltame que teño que pasar aínda o río, e non me podó parar (CCGCTI998).</i>  <i>Nunca pára a nenhuma porta (L0028).</i></p>	$Mb^a + Dt^b$

## II. Localización

A localización referida por *parar* é de carácter extensivo: especifica o espazo polo que se desenvolve unha realidade, normalmente unha vía de comunicación ou un accidente xeográfico.

## Delimitación do significado verbal e dos seus esquemas semánticos

<p>v.i. 9. Ter como punto final {un lugar}<sup>b</sup> {unha determinada realidade xeográfica ou vía de comunicación}<sup>a</sup>.</p> <p><i>Caminhos que mergulham nos bosques, torneiam os outeiros, param à beira dos regatos (L0085).</i></p>	Ent <sup>a</sup> + Dt <sup>b</sup>
<p>v.i. 9a. Acabar, rematar {algo}<sup>a</sup> {nun lugar}<sup>b</sup>.</p> <p><i>Mas os passos pararam ali (L0442).</i></p>	Ent <sup>a</sup> + Dt <sup>b</sup>

### III. Mudanza de estado

O destino de chegada conta neste caso cun valor metafórico, xa que non se refire a un espazo, senón a un estado: á situación final dese proceso.

<p>v.i. 10. Chegar {algo ou alguén}<sup>a</sup> {á súa fin, a un resultado}<sup>b</sup> dun xeito determinado despois de pasar por distintos sucesos e vicisitudes. OBS. Úsase coa preposición <i>en</i>.</p> <p><i>Veremos en qué para isto (VALMAX880).</i></p> <p><i>Mas afinal, porque tinham vindo parar naquilo? (L0583).</i></p>	Ax / Ent <sup>a</sup> + Dt <sup>b</sup>
<p>v.i. 10a. Ter {alguén ou algo}<sup>a</sup> como punto climático, máximo, final {unha determinada situación ou límite}<sup>b</sup>.</p> <p><i>Non paran eiquí as mañas do noso animeiro (LAMGAL887).</i></p> <p><i>Onde pára o natural e começa o cultural? (L0409).</i></p>	Ax / Ent <sup>a</sup> + Dt <sup>b</sup>

**F1. Ir parar / Ir parar.** 1. Atoparse, chegar algo a algún lugar ou a mans de alguén. 2. Atoparse, chegar alguén a algún lugar ou situación.

**F1a. Ir parar en / Ir parar em.** Reducirse unha cousa ou o resultado dunha cousa ó que se expresa; ir dar en.

**F1b. Ir parar ás mans de / Ir parar às mãos de.** Herdar, conseguir, chegar a posuír algo dun modo fortuíto ou procurado.

**F2. Ben parado / Bem parado.** Sen dano, con éxito e proveito, despois de pasar unha dificultade, proba, xuízo, etc.

**F2a. Mal parado / Mal parado.** Con dano, fracasado, despois de pasar unha dificultade, proba, xuízo, etc.

#### IV. Estado

Permanécese nunha situación, mais xa non hai por tras a idea de que haxa para iso unha interrupción dun proceso anterior, pois só se describe o estado da realidade.

<p>v.i. 11. Permanecer {alguén ou algo} {nun lugar}<sup>b</sup> sen moverse de alí.  <i>Os forasteiros non queren parar eiqú moito tempo</i> (FOLLUS953).  <i>Não parava aqui um dia!</i> (L0443).</p>	<p><math>Ax / Ent^a + Loc^b</math></p>
<p>v.i. 12. Vivir {alguén}<sup>a</sup> {con outro alguén}<sup>b</sup>, permanecer nun lugar con alguén. Úsase coa prep. <i>con</i>.  <i>Nunca parou con seu pai astra que a foi a pedir</i> (FANCAS812).</p>	<p><math>Ax^a + Cía^b</math></p>

**F3. Non parar / Não parar.** 1. Non soportar a realidade ou sensación que se expresa por experimental a con intensidade. 2. Estar moi ocupado. 3. Estar ou ser inquieto. 4. Non cesar ata conseguir algo.

**F3a. Non se parar con / Não parar com.** Haber un cantidade enorme de unha certa realidade ou de persoas.

**F3b. Nin deus paraba.** Ser algo totalmente insoportable.

#### V. Acción

A interrupción do proceso non se dá neste caso no plano espacial, senón nunha actividade. A diversidade na tipoloxía de situacións con detención da acción en que se pode aplicar este verbo evidénciase neste grupo.

<p>v.i. 13. Deixar de ocorrer, de ter lugar, de facer {algo ou alguén}<sup>a</sup> {algo que se expresa ou non}<sup>b</sup>.  <i>Unha mañán chegou o señor Barreiro, ben cedo, e mandounos parar</i> (NEIHIS968).  <i>Na sociedade norte-americana o proceso de aprendizagem e o 'desbravar terreno' nunca param», comenta a jovem quadro do ICEP-Investimentos, Comércio e Turismo de Portugal</i> (J43606).</p>	<p><math>Ax / Ent^a + Amb^b</math></p>
<p>v.t. 13a. Facer {algo ou alguén}<sup>a</sup> que cese a acción {de algo ou alguén}<sup>b</sup>.  <i>Se non mo dis, eu non podo paralos</i> (MEFARR991).  <i>Mateus Dulmo parou com um olhar inteligente e afirmativo o constrangimento de Roberto</i> (L0045).</p>	<p><math>Cau / Ax^a + Pac^b</math></p>
<p>v.i. 14. Interromper {alguén}<sup>a</sup> voluntariamente {unha actividade}<sup>b</sup> {como medida de protesta}<sup>c</sup>.  <i>Os autocarros da Carris param, entre as 16 e as 20 horas, em reivindicação salarial</i> (J43465).</p>	<p><math>Ax^a + Amb^b + Fin^c</math></p>

Delimitación do significado verbal e dos seus esquemas semánticos

<p>v.i. e v.p. 15. Deixar de funcionar {algo ou alguén}<sup>a</sup>.  <i>Paráronse todos os reloxios da Quinta (MEFARR991).</i>  <i>Em má hora o fizeram, porque a máquina parou mesmo entre dois pisos (J43891).</i></p>	Ax / Ent <sup>a</sup>
<p>v.p. 16. Poñer {alguén}<sup>a</sup> o maior coidado ou atención e tempo {en facer unha cousa}<sup>b</sup>.  <i>Non vou a pararme agora en referir os promenores de cómo esto pasou (LFRNIN905).</i>  <i>Ega parou ainda, numa derradeira curiosidade (L0379).</i></p>	Ax <sup>a</sup> + Amb <sup>b</sup>
<p>v.p. 16a. Executar {alguén}<sup>a</sup> {unha acción}<sup>b</sup> con atención e calma. OBS. Constrúese coa preposición <i>a</i> e o infinitivo dalgúns verbos que significan entendemento.  <i>Endexamais se parou a pensar no humorismo (FRNSEG963).</i>  <i>Súbito bifurca-se o caminho e, hesitantes, paramos a perscrutar o rumo (L0011).</i></p>	Ax <sup>a</sup> + Amb <sup>b</sup>
<p>v.p. 16b. Atender, dedicarlle {alguén}<sup>a</sup> un tempo a estar {con algo ou alguén}<sup>b</sup>. OBS. Constrúese coa preposición <i>con</i>.  <i>Mais o cabaleiro con ninguén se parou (LFRNIN905).</i>  <i>Não podia parar com os percevejos! (L0443).</i></p>	Ax <sup>a</sup> + Amb <sup>b</sup>

F4. **Parar-lhe à porta a** . Ter, posuír alguén algo.

F5. **Pararlle os pés a**. Reprender a alguén.

F6. **Parar mentes en / Parar mentes em**. Dedicarlle atención a algo.

P1. **Parar de + inf.** Aspectual, central cesativa. *Non parei de correr até a miña casa (BLABIO962).* *O rio não pára de correr, as cascatas não cessam de tombar (L0085).*

Q1. **Para (aquí) o carro! / Pare(m) o carro!** Expresión para interromper o desenvolvemento do discurso e animar o outro á reflexión, á tranquilidade nunha determinada acción ou toma de decisión.

Q2. **¡Onde vai parar!** Expresión para ponderar que algo ou alguén posúe unha calidade en grao extremo, que non ten comparación posible.

Os ES deste verbo regúlanse por dous criterios: a causatividade e a especificación do destino final da acción, sexa este unha realidade [ $\pm$ locativa]. Se a acción especifica o destino, pode presentar unha construción causativa ou non causativa.

Ini + Mb + Dt

Mb + Dt

Ax / Ent + Dt

Se a acción se formula como un ES sen Dt, o rol semántico nuclear pasa a ser de natureza modal.

Ax / Ent + Loc / Amb (+ Fin) / Cía

Cando a acción xa describe de seu o estado en que se encontra algo ou alguén, entón o ES redúcese a unha fórmula monoactancial non causativa ou biactancial causativa

Ax / Ent

Cau / Ax + Pac

Polo tanto, *parar* é un verbo que presenta unhas combinatorias semánticas de construción reducidas e das máis repetidas no conxunto dos verbos de movemento con desprazamento considerados neste traballo. É dicir, aínda que puidera parecer de primeiras un verbo cun comportamento afastado do conxunto debido, fundamentalmente, á rexencia prepositiva que esixe o destino con este tipo de verbos, non existe disparidades de relevo.

### **3.4. Visión de conxunto: utilidade de clasificacións pechadas**

No primeiro capítulo fixemos un repaso polas principais clasificacións dos verbos de movemento e presentamos a elaborada para a nosa propia investigación. Atendéndoas, os verbos escollidos como representativos son encaixados segundo o seu significado e comportamento sintáctico nunha das etiquetas propostas, mais, ó enfrontarnos coa análise pormenorizada desas unidades observamos que a situación é máis plural ou menos definitiva do que podería parecer nun principio. A gran maioría dos verbos presentan unha variedade de significados tal que produce un comportamento non harmónico en todas as súas potencialidades semánticas. Deste modo, a maioría das unidades poderían ser encaixadas en distintas etiquetas das que establecemos no referido primeiro capítulo. Por outra banda, esa mesma diversidade de sentidos e comportamentos achega unidades verbais que, dun modo superficial, semella que non comparten nada máis que o feito de indicaren un movemento con desprazamento, mais o agrupamento por macroacepcións revela que non é tan dispar a variabilidade de sentidos. Deste modo, despois de revisar cada unidade por separado, podemos tirar unha serie de conclusións no que se refire ó plano semántico dos verbos de movemento con desprazamento.

1. As acepcións de todos os verbos de movemento poden ser agrupadas nun tipo fixo de macroacepcións compartidas pola gran maioría das unidades estudadas aquí. As macroacepcións a que nos referimos son:

a. Movemento con desprazamento (MCD): os significados incluídos son, en principio, o prototipo semántico do que parten as restantes acepcións de cada un dos verbos.

b. Movemento sen desprazamento (MSD): só *partir* e *parar* non presentan esta posibilidade semántica; nos restantes verbos é unha macroacepción habitualmente rica de sentidos ou que comparte as mesmas acepcións có grupo anterior, mais o contexto carrega un movemento sen mudanza na localización.

O feito de que *parar* non inclúa esta macroacepción está na propia natureza do destino requirido polo verbo; a súa situación fronteira co comportamento dun indicador de *localización en* fai que a delimitación do movemento como posuidor de desprazamento deixe sen espazo a aqueles nos que poida non haber o anterior sema.

Con *partir* a ausencia de acepcións en que o movemento non traia consigo desprazamento enténdese por dúas razóns. En primeiro lugar, é un verbo con pouca diversidade semántica. E, en segundo lugar, todas as acepcións de *partir* traen consigo, dalgún modo, a idea de desprazamento, asemade, nunca se perde ese sema e, polo tanto, tampouco nas accións con movemento. De todos os xeitos, co sentido ‘fragmentar algo’ este verbo refire dalgún modo un movemento da realidade que se fragmenta ou é fragmentada sen que exista un desprazamento; é dicir, pódese relacionar esta acepción que non consideramos neste traballo co macrosentido a que nos estamos a referir.

c. Localización (LOC): agás *mover*, *achegar*, e os verbos reverxentes (*tornar*, *volver* e *voltar*), todos os lexemas de movemento presentan sentidos adscritos a esta macroacepción. Rexistramos dous tipos de localización: extensiva e situacional. A maioría dos verbos presentan como única posibilidade delimitar a extensión pola que se desenvolve unha determinada realidade [–animada], especialmente unha vía ou un accidente xeográfico; deste modo mantense a idea de movemento con desprazamento, aínda que nun plano metafórico. Menos habitual é o valor locativo *en* que poden adquirir algúns verbos (*traer* e *andar*), mentres que algo maior é o número de

unidades nas que convive esta opción semántica coa indicación extensiva (*ir e vir; levar, saír e correr*).

d. Mudanza de estado (MDE): a descrición dun estado de cousas en proceso, ou ollándoo como evolución é outra das macroacepcións habituais dos verbos de movemento con desprazamento. Son catro verbos os que non presentan ningunha acepción encaixable neste grupo: *partir e atravesar*, unidades con pouca diversidade semántica; *andar*, sendo esta a única das macroacepcións propias dos verbos de movemento con desprazamento que non recolle no seu amplo abano semántico; e, finalmente, *correr*, un verbo cunha diversidade de significados tamén notable. Os dous últimos verbos citados fixan a acción no seu desenvolvemento, polo que sería esperable que presentasen acepcións dentro deste macrosentido; pola contra, cando describen un estado, preséntano como un feito xa realizado, un resultado dunha situación anterior. O matiz de duración é claro, polo que, en realidade, se sitúan nun punto intermedio: describen un estado alcanzado, pero que aínda se mantén no tempo a pesar de que se supón que non é unha situación perenne. En *as augas andan revoltas* refírese a situación en que se encontran as augas, pero suponse que non é o seu estado habitual nin tampouco van estar desa maneira para sempre; quérese dicir, houbo unha mudanza de estado, pero obsérvase xa desenvolvido.

e. Estado (EST): Dentro deste grupo de acepcións hai dúas ideas que cómpre destacar. A primeira son os verbos que non presentan sentidos indicadores dun estado: *mover, subir, baixar, achegar, marchar* e os verbos reverxentes (*tornar, volver e voltar*). Son todas unidades que focalizan o estado en que se encontra unha realidade durante a súa transformación ou mudanza; por conseguinte, non adquiren o sentido de describir o resultado final, senón o proceso en desenvolvemento.

Por outra banda, neste contexto semántico un número pechado de verbos adquire un funcionamento semántico-sintáctico próximo ó das unidades copulativas. Son todos lexemas cun amplo corpo de significados que en determinadas circunstancias funcionan como simples enlaces entre unha realidade e o seu estado. Estamos a referirnos a *ir* (*a roupa vai seca*), *andar* (*anda contento polo que lle dixeches*), *saír* (*saíron bos os ovos*) e *vir* (*veño canso de todo isto*). O baleirado semántico é máis evidente nos dous primeiros, pero nos catro pódese observar, en distintas fases, o cambio que están a padecer deixando de funcionar como os núcleos insuprimibles da



oración para pasar a desenvolverse como unidades copulativas, situación aínda non absolutamente alcanzada.

f. Acción (AC): esta é a macroacepción máis plural e diversa, xa que só require que o movemento na acción estea ausente. Por iso aparece –ó igual cá macroacepción movemento con desprazamento– en todos os verbos analizados. A pesar da diversidade, recollemos varios sentidos, máis ou menos xenéricos, compartidos por varios verbos: accións vencelladas con actividades intelectuais (*mover, chegar, entrar, achegar, saír...*), coa idea de funcionar (*ir, marchar, correr...*) ou sinónimos eufemísticos de morrer (*irse, partir* ou *marchar*) son as máis comúns.

As outras dúas macroacepcións que demarcamos teñen unha presenza moito menor cás anteriores, mais, por repetidas e singulares semanticamente, parecenos de interese consideralas por separado.

g. Relación (REL): o vencello entre individuos ou realidades é unha opción semántica para verbos con amplitude de significados, en especial para as unidades centradas no destino da acción. Por conseguinte, recolleuse esta macroacepción en todos aqueles que focalizan o destino do desprazamento coa excepción de *entrar*, e logo en unidades cunha ampla gama de sentidos como son *mover, andar, levar* e *saír*. Os tres últimos, xunto de *ir*, son as unidades co corpo de significados máis diverso no conxunto analizado.

h. Cantidad (CANT): inclúena no seu corpo de significados os verbos presentados antes cunha alta diversidade semántica: *ir, andar, levar, saír* e *correr*. Por conseguinte, son especificacións secundarias que se colocan entre a descrición dun estado de cousas e a acción que precisan que o verbo estea marcado un matiz de durabilidade.

Daquela, ollando os significados como formantes de macroacepcións, vemos que non hai un caos de sentidos, porque se dá unha dinámica común para a totalidade de verbos de movemento con desprazamento (véxase Táboa 26).

2. Establecemos distintos grupos de verbos segundo o locativo que focalizan, mais a diversidade de complementación é unha tendencia común para estas unidades; de modo que, considerando cada unidade dunha forma illada, semella imposible encontrar tendencias de comportamento. A situación muda se poñemos en diálogo as distintas unidades. No Anexo IV colocamos un cadro con todas as opcións de

## Delimitación do significado verbal e dos seus esquemas semánticos

construción no plano semántico que presentan os verbos analizados, dun modo que se pode obter unha visión de conxunto contrastable. Revisando o referido cadro establecemos as seguintes sete tendencias de funcionamento:

a. Cada grupo de verbos, a pesar de poder combinarse cunha diversidade de complementos de amplitude variada, predispóñense dunha forma diferente cara a cada un deles. Cando os verbos indican un movemento con desprazamento no plano físico, cada subtipo selecciona preferiblemente un dos tres locativos fundamentais do eixo espacial:

tipo verbal	locativo
VDM <i>mover</i>	destino
VD vertical ascendente	
VD focalizador do destino	
VMM reverxente	
VMM secuencial	orixe
VD vertical descendente	
VD focalizador da orixe	traxecto
VD focalizador do traxecto	
VMM continuo	

**Táboa 25: Predisposición locativa indicando un desprazamento**

As preferencias que marcamos no capítulo primeiro –agás nos referidos verbos de maneira de movemento para os que non establecemos unha correspondencia primeira entre verbo-locativo– mantéñense como tendencia xeral, aínda que se puido ver que non quere dicir que teñan un carácter de exclusividade.

b. A diversidade de ES amplíase no conxunto dos verbos de movemento con desprazamento cando o lexema abandona esta dimensión semántica. Polo tanto, redúcese cando nos centramos no campo de significado do movemento con desprazamento.

c. Nos grupos semánticos delimitados o número de tipos de esquemas causativos e non causativos é moi similar, ó igual que a súa configuración. Quérese dicir, é común que exista unha opción causativa (*el levou a irmá da casa á escola*) xunto doutra non causativa (*el saíu da casa á escola*) dun mesmo ES dentro de cada conxunto de verbos de movemento con desprazamento.

d. Dentro de cada grupo, a diversidade de ES presentada polos seus formantes non é idéntica, pero todos comparten un conxunto de estruturas. Estas coinciden coas opcións de construción propias dos verbos cun corpo semántico menor e, polo tanto, con menos propostas estruturais. Mostra disto son, dentro dos verbos de movemento con desprazamento focalizados no destino, *entrar* –como exemplo de unidade non causativa– e *achegar* –como mostra de unidade causativa–; ou *partir* a respecto dos lexemas

focalizadores do punto de orixe e *atravesar* para os que destacan o traxecto do desprazamento.

e. Os complementos locativos, fóra da distribución primeira referida, non contan no conxunto cun uso idéntico.

i. En primeiro lugar, todos os tipos verbais –coa excepción de *mover*, *parar* e *subir*, froito de seren formas máis limitadas semanticamente– se combinan cos tres locativos fundamentais da liña espacial.

ii. O Dt, só ou xunto doutros complementos, é a figura máis recorrente. Excluindo os tipos verbais en que cobre o papel de complemento espacial preferente –chegando a ser o único locativo esixible para *mover* e *parar* no campo semántico–, cobre o segundo lugar na xerarquía en todos os restantes grupos verbais.

iii. A Or como figura única ten unha presenza moito máis reducida. É exclusiva esta opción nos verbos focalizadores do punto de inicio do desprazamento –tanto se o movemento se realiza no eixo horizontal coma no vertical– ou, xunto deles, en acepcións moi singulares de *camiñar* ou *correr*. Pero a súa combinación co destino xa é máis habitual. Xuntando estas dúas opcións construtivas, o punto de partida do desprazamento ocupa o segundo lugar na escala de preferencia dos complementos cos verbos focalizadores do destino na liña vertical ou nos que indican un movemento reverxente. Por conseguinte, demostramos que non existe unha incompatibilidade entre verbo de maneira de moverse e a especificación da orixe, tal e como se afirma nalgúns traballos (Morimoto, 2001). A presenza do punto de partida no ES dos verbos de maneira de moverse continua ou reverxente, aínda non sendo a opción primeira, tampouco é unha rareza.

iv. O Tr é esixible por calquera tipo de verbo de movemento. Alén dos conxuntos en que ocupa unha posición privilexiada no esquema, aparece tamén xunto dos restantes tipos verbais; pero, de todos os xeitos, conta cunha importancia menor có destino ou cá orixe, aínda que ten menos restricións de uso ca esta última.

v. Xa fóra da idea de movemento, o locativo que describe a situación espacial en que se encontra unha realidade [ $\pm$ animada] –denominado *localización*– ten un uso moito máis reducido cós locativos propios dun desprazamento. A *localización* adoita non combinarse con outros roles semánticos, fóra dos actuantes da acción. Ademais, cando o verbo indica un modo concreto de moverse, só pode aparecer xunto daqueles que refiran un movemento secuencial –tipo verbal cunha estreita ligazón cos verbos focalizadores do

destino–, xa que nin os reverxentes nin os continuos o esixen. Tampouco é un locativo xeral para o conxunto dos verbos que configuran os restantes subtipos; restrínxese esta capacidade para aqueles que presentan unha amplitude semántica considerable.

vi. Obtemos a seguinte xerarquía que revela a preferencia dos verbos de movemento cara ós catro locativos que distinguimos neste traballo: Dt > Or > Tr > Loc.

f. Atendendo ás esixencias locativas dos grupos verbais vemos que as unidades que manifestan non só un desprazamento senón tamén o modo en que este se realiza se poden relacionar especialmente cun dos subtipos de verbos de desprazamento direccional. Así, os lexemas que indican un movemento continuo mostran un estreito ligamento cos focalizadores do traxecto; mentres que os reverxentes e, especialmente, aqueles que indican un desprazamento secuencial, estano cos verbos focalizadores do destino do movemento.

g. A complementación, fóra dos locativos, non é variada: redúcese practicamente ó modo en que se desenvolve a acción e ó seu beneficiario, xa que as restantes opcións teñen un uso pouco máis ca anecdótico, incluso nas acepcións desvencelladas coa idea de movemento no plano físico.

Tendo en conta o dito ata o de agora, vemos que a clasificación formulada no capítulo primeiro é orientadora mais non define dun modo absoluto as opcións de construción dos verbos de movemento con desprazamento. Polo tanto, agora precisamos achegarnos á importancia real que teñen cada unha das posibilidades construtivas que presentamos. É dicir, debemos observar a relevancia de cada unha nas distintas unidades e nos grupos semánticos para determinar tendencias xerais.

Cada unidade léxica posúe un sentido prototípico ó que lle corresponde un ES que é a norma. A partir deste, a unidade pode adquirir outros significados ou presentar a acción con outras perspectivas a través de ES minoritarios e menos representativos. Polo tanto, no seguinte capítulo caracterizamos as acepcións máis habituais e os seus ES correspondentes. Observando as construcións máis empregadas, determínase cal é o funcionamento representativo de cada unha das unidades.

O mesmo acontece a respecto da transitividade e causatividade destas unidades. Clasifícamolos no comezo deste traballo dunha forma definitiva, mais a maioría dos verbos presentan exemplos que cobren as dúas dimensións. Pero, ó non contaren todas as opcións co mesmo peso, aparece como necesario o referido capítulo.

macroacepcións	mover	subir	baixar	chegar	entrar	achegar	ir	traer	levar	saír	vir	marchar	partir
MCD	x	x	x	x	x	x	x	x	x	x	x	x	x
MSD	x	x	x	x	x	x	x	x	x	x	x	x	
LOC		x	x	x	x		x	x	x	x	x	x	x
MDE	x	x	x	x	x	x	x	x	x	x	x	x	
EST				x	x		x	x	x	x	x		
AC	x	x	x	x	x	x	x	x	x	x	x	x	x
REL	x			x		x	x	x	x	x			
CANT							x		x	x			

macroacepcións	pasar	atravesar	andar	camiñar	correr	tornar	volver	voltar	parar
MCD	x	x	x	x	x	x	x	x	x
MSD	x	x	x	x	x	x	x	x	
LOC	x	x	x	x	x				x
MDE	x			x		x	x	x	x
EST	x	x	x	x	x				x
AC	x	x	x	x	x	x	x	x	x
REL			x						
CANT			x		x				

Táboa 26: Distribución macroacepcións nos verbos de movemento con desprazamento

## **4. Tendencias xerais no significado**



No capítulo 3 presentamos a pluralidade semántica dos verbos de movemento con desprazamento. Esta amosouse o suficientemente ampla como para demostrar que facer unha categorización única para cada unidade é unha tarefa inútil. Deste modo, a rendibilidade de usar unha clasificación verbal aparece minguada; pero xa anunciáramos que esa era unha conclusión parcial, pois, aínda sendo o funcionamento e as rexencias dun mesmo verbo diversas, non todas elas teñen o mesmo hábito de uso. É dicir, non todas contan con igual importancia e, por conseguinte, representatividade.

Nas seguintes páxinas imos determinar cales son as situacións, no noso corpus, que dominan con cada verbo e grupo analizado nas dúas linguas obxecto de estudo<sup>1</sup> (LG e LP) e a partir disto tirar conclusións sobre a oportunidade da tipoloxía presentada no inicio deste traballo. É dicir, tentaremos deseñar o funcionamento semántico prototípico destas unidades en galego e en portugués na busca dun contínuum no funcionamento dentro da categoría de verbo de movemento e entre idiomas.

#### **4.1. Mover, arqúisemema de movemento**

*Mover* é unha unidade cun abano amplo de significados, onde a maioría deles se desvencella da idea de movemento físico, pero iso non quere dicir que o seu funcionamento prototípico sexa alleo á idea de desprazamento. A situación é xustamente a oposta, xa que os sentidos máis habituais que adquire sitúanse no plano espacial, singularmente a través das acepcións 1 (‘cambiar alguén ou algo para un novo lugar ou posición a alguén ou algo’) e 2 (‘cambiarse alguén ou algo para un novo lugar ou posición’) referidas no terceiro capítulo<sup>2</sup>.

Esta especialización ten claras repercusións nos ES prototípicos de *mover*, que se reducen a unha construción causativa con idea de desprazamento e a súa versión correspondente naquelas situacións en que non se describe un movemento no plano

---

<sup>1</sup> As táboas que ofrecemos neste capítulo só recollen os ES base; para consultar a totalidade dos que recollemos con cada unha das formas, organizados segundo a lingua, débese consultar o Anexo IV

<sup>2</sup>Véxase a partir de agora o Anexo V para seguir a distribución dos rexistros polas diferentes acepcións dos verbos de movemento con desprazamento.



## Tendencias xerais no significado

físico. A primeira representa en ambos os dous idiomas cando menos o 70% do total dos rexistros, mentres que a segunda non chega en ningún caso ó 20%.

MOVER		
ES	LG	LP
Ini + Mb	<i>Unha brisa maina movendo as follas nos álbores erguía un murmurar (LAMGAL887).</i>	<i>Tenta erguer a cabeza, mover o pescoço, tenta mesmo mover os braços (L0231).</i>
Cau + Pac	<i>O espírito racionalista e materialista qu'a move (RISMIT934).</i>	<i>Uns brios, que então movem a vaidade, são mais violentos que o amor (L0289).</i>

**Táboa 27: ES base de mover**

Por conseguinte, nun número porcentualmente moi alto nos corpus, *mover* constrúese semanticamente baixo unha única forma: un esquema biactancial causativo –no 87% dos rexistros en lingua galega e no 91% na portuguesa<sup>3</sup>–. O feito de que as dúas variantes do esquema biactancial primeiro de *mover* non requiran ningún tipo de complementación débese á súa natureza de hiperónimo dos verbos de movemento con desprazamento. As especificacións locativas (destino, orixe ou traxecto) ou modais, comúns para os restantes verbos de movemento con desprazamento, xunto de *mover* teñen unha importancia absolutamente periférica. A razón de que o verbo non esixa ningún tipo de complementación específica está en que *mover*, como arquisemema das unidades de movemento, conta cun sentido xenérico englobador dos restantes verbos, de todos os prismas con que se pode ollar un desprazamento. Polo tanto, se semanticamente esixise a concreción dun tipo de referencia locativa ou doutra natureza, carretaría unha serie de limitacións de significado que non permitiría o seu funcionamento como hiperónimo.

Cando *mover* non presenta unha construción semántica biactancial causativa encontrámonos con significados metafóricos ou desvencellados da idea de movemento. Moitos deles son propios ou exclusivos do estilo formal, de maneira que son esquemas secundarios que adoitan estar fortemente condicionados polo contexto comunicativo para poderen ser empregados [por exemplo, a acepción 7a ('ser alguén ou algo o motivo de que alguén faga algo ou adopte unha actitude, unha decisión, etc'), só recollida en rexistros cun estilo de lingua coidado]. Este comportamento

---

<sup>3</sup> Véxase a Táboa 1 do Anexo IV para consultar as porcentaxes de uso no noso corpus de traballo de cada un dos esquemas semánticos recollidos nas dúas linguas de estudo para esta investigación.

describe tanto a lingua galega coma a portuguesa, de maneira que neste verbo os paralelismos son tales entre idiomas que as diferenzas sitúanse realmente entre tipos de código e non entre linguas. Isto é, as discordancias no funcionamento semántico base desta unidade encóntranse entre a formalidade e a coloquialidade. Canto máis formal sexa o discurso, *mover* pode ampliar o seu corpo de significados e, así, presentar un maior número de construcións semánticas. De todos os xeitos, estamos a nos referir sempre a sentidos e estruturas minoritarias para este verbo, xa que en máis do 75% dos casos aparecerá referindo unha acción causativa, preferiblemente un movemento no plano espacial, pero sen ningún tipo de acompañamento concreto da súa realización.

## 4.2. Verbos direccionais na verticalidade

Os verbos direccionais na verticalidade poden indicar un desprazamento ascendente (*subir*) ou descendente (*baixar*). A dirección da acción ten consecuencias na construción semántica do verbo. Por esta razón imos comezar tratando cada un dos subtipos por separado para logo poder contrastar os resultados obtidos.

### 4.2.1. Subir

Nas dúas linguas obxecto de estudo desta investigación a diversidade de ES que presenta *subir* é moi reducida, especialmente no uso (véxase Táboa 2 do Anexo IV). Máis da metade dos rexistros fórmulanse como un esquema biactancial con idea de movemento en que se concreta o punto de chegada.

SUBIR				
ES	LG		LP	
	exemplo	%	exemplo	%
Mb + Dt	<i>Subiron ó sobrado ambos (VALMAX880).</i>	70%	<i>Ángelo subira ao seu quarto (L0045).</i>	57%
Ini + Mb + Dt	<i>Amarrámolo ben, e subímolo a un cerro (FNZPRO810).</i>	10%	<i>Acabou-se limpar os dedos às cuecas subir a braguilha e sair para a parada (L0061).</i>	4%
Ent + Dt + Ref	<i>As que están caras, e parece que inda han de subir máis, son as patacas: a tres pesos o quintal (LPXCON928).</i>	7%	<i>E é claro inclusivamente o nível de vida não teria subido tanto, porque os salários eram muito mais baixos (135P107).</i>	27%

Táboa 28: ES base de *subir*

Fóra deste contexto, no comportamento prototípico do verbo en cada un dos idiomas pódense detectar certas discordancias que, aínda que non moi marcadas con *subir*, con *baixar* serán máis tallantes. Deste modo, mentres nas dúas linguas o significado do verbo preferentemente describe un movemento con desprazamento, os sentidos

metafóricos ou adquiridos por extensión e afastados do plano espacial teñen unha maior cabida en portugués. Mais isto non é certamente froito do comportamento verbal, xa que está condicionado polo noso propio corpus de traballo. Na base de datos do portugués os rexistros extraídos de xornais superan ós do galego; neste soporte dominan os contextos en que *subir* refire un aumento do nivel, prezo, valor, intensidade, etc. de algo (acepción 16, co ES Ent + Dt + Ref), fronte ó recollido noutro tipo de fontes. Ese desequilibrio causa os referidos desaxustes entre idiomas. De todos os xeitos, sérvennos para contextualizar o campo de uso deste tipo de significados do verbo.

Outro punto de afastamento entre idiomas que nos mostra o corpus de traballo é a ausencia do ES Ax + Dt + Ref na lingua galega. Esta volve ser unha discordancia non real, xa que aínda que na base de datos non xorde, podemos recoller exemplos en galego fóra dela.

*Subimos na clasificación xeral ata o posto 42 (Comunidade Virtual da Costa da Morte.*  
<<http://www.finisterrae.org/web/noticia.php?not=2072&idi=G>>, [25/02/09]).

A ausencia no corpus indícanos que é unha construción moi pouco habitual neste idioma, pero as cifras de uso que encontramos en portugués márcannos o mesmo camiño. Por conseguinte, podemos concluír que o afastamento entre idiomas é menor no que respecta ó comportamento semántico de *subir*.

#### **4.2.2. Baixar**

No caso de *baixar* a situación é diferente (véxase Táboa 2 do Anexo IV). En primeiro lugar, os ES que pode desenvolver son máis variados: o feito de ser un movemento descendente fai que, amais de ser central o destino do desprazamento, tamén sexan importantes o punto de partida e o traxecto; é dicir, non é un verbo que determine o proceso dunha forma única coma ó perspectivar a acción ‘cara arriba’. Ademais, hai un funcionamento marcadamente diferenciado entre idiomas. Encanto na lingua galega a utilización deste verbo se restrinxen case en exclusiva ó seu uso como unidade de movemento –representa un total do 87% do corpus–, en portugués a importancia dos significados non referidos a un desprazamento aumentan –no noso corpus de traballo este tipo de acepcións cobren o 55% dos rexistros–.

Alén do tipo de significado preferente, tamén a causatividade ten un comportamento propio para cada unha das linguas. En galego a non causatividade domina, mentres

## Tendencias xerais no significado

que en portugués *baixar* é un verbo cunha capacidade construtiva causativa parella á non causatividade.

BAIXAR				
ES	LG		LP	
	exemplo	%	exemplo	%
Mb + Or + Dt	<i>Cando baixan á ribeira debelles parecer que entran no paradiso</i> (FOLLUS953).	58%	<i>Era como se estivesse a baixar devagarinho para o fundo de um poço</i> (L0486).	6%
Ini + Mb + Dt	<i>Eduardo baixou a ollada con sorriso de puta</i> (MEFARR991).	5%	<i>Vilaça baixou lentamente os olhos para o sobrado</i> (L0379).	28%
Ent	<i>No inverno baixa este febril movimento lúdico, cultural, relixioso</i> (PNR997).	4%	<i>Está a invadir o mercado e a fazer baixar os preços</i> (J43525).	25%
Ax + Pac + Or + Dt	<i>Metía[se] nas cousas da súa casa, baixándose á cativez de lle dar aqueles consellos á súa pareuta</i> (LAMGAL887).	2,6%	<i>A plataforma digital espanhola faz o grupo de telecomunicação BAIXAR a sua participação de 68, 6% para 48, 6%</i> (J43218).	15%

**Táboa 29: ES base de *baixar***

A respecto da complementación, en ambas as dúas linguas as referencias locativas de destino e orixe son nucleares. As restantes casuísticas son estruturas moi minoritarias nos dous idiomas, é dicir, xorden en ambos, independentemente de que no noso corpus se recollesen ou non. Un exemplo é o ES Ax + Amb ausente no noso corpus en lingua galega, pero que é posible nesta lingua, aínda que teña un uso menos común ca en portugués.

*Se baixamos na escala territorial vemos que as porcentaxes para as comarcas da Coruña, Santiago e Vigo son inferiores á media galega e mesmo á española (Corpus Técnico do Galego. <<http://sli.uvigo.es/CTG>>, [09/01/09]).*

Por último, quixeramos facer mención ó esquema biactancial non causativo con idea de movemento en que a Or non é requirida; estamos ante unha construción exclusiva da lingua galega. Este esquema responde á construción transitiva na que o verbo adquire o significado ‘ir alguén ou algo da parte alta á parte baixa de algo’. É un sentido que os dicionarios portugueses non recollen para *baixar*, senón para outro lexema co que concorre, *descer* [‘movimentar-se no espaço de uma parte mais alta para uma mais baixa: *descer a ladeira*’ (Houaiss, 2001)]. A mesma xustificación ten a ausencia dos esquemas monoactancial Mb, dos biactanciais non causativos Ent + Dt e Ax/Ent + Or, ou do triactancial causativo Ini + Mb + Or en portugués: os sentidos que carretan estas construcións sonlle propios a *descer* e non a *baixar*. É nesta concorrencia onde se encontra a causa do diferente comportamento semántico deste

verbo nas dúas linguas. Mentres, *baixar* como verbo de movemento na verticalidade comparte dimensión semántica con outros verbos (*descer*, *abaixar*, etc) na lingua portuguesa, na lingua galega son unidades non plenamente sinónimas, xa que se adscriben a estilos de lingua diferentes, polo que non hai unha competitividade directa entre formas; *baixar* é o lexema non marcado, de modo que goza dunha situación privilexiada. En portugués a dimensión semántica está máis compartida, de maneira que houbo unha especialización de significados que xustifica a perda de peso das acepcións indicadoras dun desprazamento para *baixar* mentres que toman unha importancia maior aquelas metafóricas ou derivadas dunha ampliación semántica da unidade que xa non refire un movemento no plano físico.

#### 4.2.3. Contraste entre verbos situados na liña vertical

Para *subir* e *baixar* a especificación locativa ocupa un lugar central na súa construción semántica, en contraste co visto para *mover* (véxase apartado 4.1.), porque son unidades direccionais. É dicir, non describen un desprazamento neutro, pois márcano cara a unha dirección que se especifica a través dun locativo. Esta sería a definición global do grupo semántico. Mais hai aspectos no funcionamento específico destes dous verbos que son útiles como instrumentos que explican as diverxencias entre idiomas.

O funcionamento de *mover* en galego e en portugués é moi paralelo. Con *baixar* a situación desharmonízase. Na lingua galega tanto *subir* coma *baixar* son verbos de movemento con desprazamento e, aínda que a causatividade é unha opción construtiva, non é a dominante. Pola contra, no caso da lingua portuguesa a situación en que se encontran non é parella. Mentres *subir* mantén como xenérico o desenvolvemento como unha unidade de movemento (cunha predisposición para a causatividade menor que no en galego, pero máis diverso semanticamente ca na lingua veciña), *baixar* preferentemente indica unha acción que se realiza fóra da idea de movemento no plano espacial. Este último verbo concorre en desvantaxe con outros lexemas de desprazamento (*descer* e *abaixar*), o que produce unha repartición de sentidos non recollida na lingua galaica. Polo tanto, a diversa especialización deste verbo nos dous idiomas xustifica as diferenzas construtivas.

### 4.3. Verbos direccionais no eixo horizontal centrados no destino

A oposición entre *entrar*, *chegar*, *achegar*, *traer* e *ir* –unidades de movemento con desprazamento no eixo horizontal centrados no destino– sitúase na causatividade. Rexistramos tres estadios diferentes nas dúas linguas a respecto desta propiedade: ser unha opción construtiva, ser a norma ou ser unha imposibilidade. A distribución é común para o galego e o portugués: nos extremos sitúanse, por unha banda, as unidades non causativas *entrar* e *ir* e, pola outra, *achegar*, que só admite construción causativa; entre eles colócase *chegar*, para o que a construción non causativa domina aínda que non é a única opción, fronte a *traer*, que esixe un causante e un experimentador da acción na case totalidade dos seus rexistros. En resumo, segundo a causatividade, os verbos que estamos a analizar seguen a seguinte escala:

*entrar e ir < chegar < traer < chegar*

Deixando fóra a causatividade, son poucas as diferenzas que se encontran entre os ES prototípicos destas unidades (véxase Táboa 3 do Anxo IV): para o conxunto o Dt é unha figura argumental e, coa maioría, practicamente a única posible fóra do Ini e do Mb da acción (ou do Ax e do Pac) nas estruturas causativas, ou do Mb (ou Ax ou Ent) nas non causativas.

#### 4.3.1. Entrar

Os esquemas base deste subgrupo semántico coinciden coas opcións construtivas maioritarias no plano semántico de *entrar*.

ENTRAR				
ES	LG		LP	
	exemplo	%	exemplo	%
Mb + Dt	<i>Bolaño entra supetamente no coarto (CABMAR926).</i>	80%	<i>Ou então era alguém que entrava na sala (L0443).</i>	74%
Ax + Dt	<i>Cando se fala da didáctica, Ceccato entra nun dos seus terreos predilectos (3nt993).</i>	10,5%	<i>O que ele não quis foi entrar em explicações (L0019).</i>	16,5%
Ent + Dt	<i>A opción da TVG pasaría por entrar no Proxecto Rainbow (3nt993).</i>	7,8%	<i>As Paixões entraram na moda (J44119).</i>	7,94%

Táboa 30: ES base de *entrar*

Con este verbo recollemos nas dúas linguas tres variantes dunha mesma estrutura: o Dt convive co realizador da acción, que cambia de papel semántico segundo o sentido do verbo (se indica un movemento ou non) e/ou da súa natureza [ $\pm$ humana].

Outro trazo do funcionamento de *chegar* que nos serve para caracterizar o grupo en conxunto é o relevo das acepcións indicadoras dun movemento. No corpus de traballo e nas dúas linguas estas roldan o 80% dos rexistros; esta porcentaxe aínda é maior nas fontes de discurso oral, de modo que neste tipo de código a diversidade semántica de *chegar* vese reducida porcentualmente. Isto quere dicir que no discurso oral o dominio das acepcións relacionadas co movemento é moito maior, o que provoca que os restantes sentidos sexan periféricos e que haxa unha menor diversidade de significados na práctica. Esta situación débese á propia natureza de cada un dos códigos. No discurso escrito o emisor dispón de tempo para poder reflexionar e revisar a mensaxe, o que evita repeticións léxicas e favorece a precisión verbal e a escolla de diferentes formas para expresar un mesmo contido. Deste xeito, aumenta o uso de acepcións menos habituais que poden ser útiles para enriquecer o texto. Pola contra, na oralidade o tempo de reflexión e para a escolla léxica redúcese, polo que se acostuma seleccionar as formas e sentidos prototípicos ou máis comunmente usados para cada unha das situacións comunicativas en que se encontre o emisor. Isto trae consecuencias sobre os significados que presentan os lexemas escollidos: na escrita encontraremos con máis normalidade cá na oralidade acepcións secundarias das unidades.

#### **4.3.2. Ir**

No mesmo nivel de non causatividade ca *entrar* sitúase *ir*, verbo cun amplo corpo de significados en gran medida debido á súa dobre funcionalidade: por un lado, describe un movemento con desprazamento focalizado no destino e, polo outro, define un estado de cousas ó desenvolverse como un lexema copulativo (véxase apartado 3.2.1.1.1.). Neste capítulo interézanos definir o funcionamento prototípico dos lexemas verbais, que, no caso de *ir*, se encontra no seu comportamento como verbo predicativo. *Ir* describe un movemento no plano físico en máis do 75% dos rexistros dos nosos corpus galego e portugués –esta porcentaxe non toma en consideración as construcións en que o verbo funciona como auxiliar dunha unidade perifrástica–. Nas fontes orais esta porcentaxe aumenta ata o 80% do total, o cal mantén a redución de

## Tendencias xerais no significado

variabilidade semántica nesta tipoloxía discursiva en contraste coa escrita, tal e como se referiu para *entrar*. Por conseguinte, os dous verbos non causativos focalizados no destino descríbense primeiramente como unidades de movemento, aínda que o seu corpo de significados cubra outras dimensións.

Por outra banda, como verbo de movemento, o seu esquema prototípico é o mesmo que para *entrar*: unha estrutura biactancial con explicitación do destino; mais neste caso este pódese ver ampliado por outros dous roles –a orixe e a finalidade– nunha porcentaxe de uso considerable.

ES	IR		LP	
	LG		LP	
	exemplo	%	exemplo	%
Mb + Dt	<i>Soupeamos que o día seguinte foron ó noso campamento (FNZPRO810).</i>	45%	<i>Ontem à noite as milícias foram à nossa aldeia (J52938).</i>	54%
Mb +Or + Dt	<i>Eu vou-me de eiquí- dixo o demo levantando-se (PRICON958).</i>	12%	<i>Foi-se dali onde a um carvoeiro (L0583).</i>	8%
Mb +Dt + Fin	<i>Vai ond'o señor abade pra que o impoña no que trai o Boletín (LAMGAL887).</i>	13%	<i>Foi até ao Curdistão iraniano fazer uma fábula dura que decorre nos anos da guerra (J60707).</i>	13%
Ax + Dt	<i>Berremos «erguete e anda» e con vida e curazón ide á rexeneración como van os cataláns... (3nt993).</i>	2,5%	<i>João Salgueiro disse alto o que quase todos pensam baixo: para onde vamos se continuarmos assim [lendo cada vez menos]? (J43558).</i>	6%
Ax + Md	<i>E así era a vida, e aghora hai qu' ir cos mundos (OCHGRO994).</i>	5%	<i>X: Porque anda ai de chapéu, quando nós tamos... basta ir contra os cânones tradicionais para uma pessoa andar a dar nas vistas (763P183).</i>	2,94%
Ent + Md	<i>As cousas van ben (FGRANO985).</i>	4,75 %	<i>Aqui só tenho livros clássicos ou periódicos, que não vão com nevalgias (L0288).</i>	1,5%

**Táboa 31: ES base de *ir***

Como unidade copulativa, *ir* está a sufrir un cambio lingüístico que aínda se encontra en proceso e que se pode observar en todos os seus estadios. Cando *ir* indica un desprazamento pode acompañar a especificación locativa xunto dunha modal (Mb + Dt + Md), é dicir, que amais de focalizar o lugar de chegada tamén se atende o modo en que se realiza o desprazamento. Este sería o primeiro nivel. O seguinte é cando o destino se dilúe; obsérvase o desprazamento como unha acción intrínseca que non importa a onde vai levar, pero si se destaca a maneira en que se encontra o Mb (Mb + Md). Este segundo nivel non alcanza o 5% do total do corpus en ningunha das dúas linguas, pero é útil para observar o proceso en conxunto. Finalmente, o verbo abandona a idea de movemento, pasa a describir un estado de cousas non perfectivo, é



## Tendencias xerais no significado

dicir, en progresión. Non hai un baleirado pleno do significado verbal, fundamentalmente por manterse a perspectiva imperfectiva, que mostra que o cambio aínda está en curso. Este é o ES preferente de *ir* en lingua galega cando o verbo non refire un desprazamento no plano espacial (Ax/Ent + Md). Pola contra, en portugués vese superado pola versión metafórica do esquema primeiro, ou sexa, mantense como rol semántico fundamental o destino (Ax/Ent + Dt) indicador do estado cara a onde se evolucione. Polo tanto, podemos concluír que, aínda sendo un cambio lingüístico que se está a vivir nos dous idiomas, é máis marcado no galego ca no portugués.

### 4.3.3. Chegar

Afirmamos enriba que os ES de *entrar* son as construcións base dos verbos non causativos de movemento con desprazamento focalizados no destino. Para *chegar*, estes correspóndense con máis do 80% dos seus rexistros en cada un dos corpus; especialmente alta é a porcentaxe destas tres construcións nas fontes de tipo discursivo oral (roldan nas dúas linguas o 90% do corpus), de modo que con *chegar* se mantén a distribución de sentidos que presentamos ata o de agora neste grupo como norma, é dicir, a redución da diversidade de construcións semánticas na oralidade. De todos os xeitos, fóra das tres construcións indicadas, só xorde unha ampliación do esquema biactancial de movemento (Mb + Dt + Md) cun uso relativamente considerable. As restantes opcións teñen un peso moi secundario (véxase Táboa 3 do Anexo IV) e moitas delas foron rexistradas exclusivamente en fontes escritas, o que mostra o seu carácter periférico con *chegar*.

CHEGAR				
ES	LG		LP	
	exemplo	%	Exemplo	%
Mb + Dt	<i>Chegou á casa e dixolle ós fillos (TABTDI979).</i>	57%	<i>Esperara até altas horas da noite que meu tio chegasse a casa (L0342).</i>	56%
Mb+Dt+Md	<i>O heroi do conto vianés chega ó inferno facilmente (PRICON958).</i>	8,25%	<i>Não se espera que os líderes sigam o conselho de Giuliani e cheguem ao trabalho a pé (J53060).</i>	5,25%
Ent + Dt	<i>O despilfarro para promoción do alleio chega a cotas surpreendentes (3nt993).</i>	18,5%	<i>As negociações terão chegado a um "impasse" (J24531).</i>	15,5%
Ax + Dt	<i>Wittgenstein escribiu un arduo tratado pra chegar á conclusión de que o problema nil prantexado carecía de senso (FRNSEG963).</i>	7,25%	<i>Chegou-se por fim a um acordo (L0583).</i>	16,5%

Táboa 32: ES base de *chegar*

Situándonos na periferia semántica, o paralelismo entre idiomas mantense, xa que aínda que existan construcións só recollidas nunha das linguas no noso corpus, para

## Tendencias xerais no significado

todas elas encontramos fórmulas que se adscriben a esa estrutura en fontes alleas. Referímonos ós ES Mb + Dt + Tr (I), Ent + Dt + Md (II) e Ax + Dt + Md (III) na lingua portuguesa; ou a Ax + Benef, onde a natureza [+humana] da figura semántica e o non describir o verbo un desprazamento no plano físico xustifican que o rol deixe de ser o Dt da acción e pase a desenvolverse como o Benef, en galego (IV).

(I) *Parece-me que já sabe a razão porque decidi vir para aqui, aonde só se chega pelo caminho das cegonhas* (Clozinha. *Elis regina*. <<http://clozinhaandsoon.blogs.sapo.pt>>. [09/08/09]).

(II) *Financiadas por prefeituras ou empresas, elas transformam os resíduos em brita, areia e agregado misto para pavimentação – que chegam ao consumidor com preço reduzido em relação aos similares vindos de jazidas naturais cada vez mais distantes* (Giulana Capello: “Construção sustentável” en *Planeta sustentável*. <<http://planetasustentavel.abril.com.br>>. [06/06/08]).

(III) *Um homem que chegou aos 83 anos com um extraordinário bom humor* (Aldirio Simões: *O homem da lata*. Santa Catarina, Brasil. 1998).

(IV) *A literatura infantil e xuvenil de Galicia asume o reto de chegar a un público internacional* (“A literatura infantil e xuvenil de Galicia asume o reto de chegar a un público internacional” en *La Voz de Galicia*. [01/04/02]).

Finalmente, *chegar* afástase dos dous anteriores verbos do seu grupo na súa capacidade construtiva causativa. A causatividade é unha situación moi minoritaria para este verbo –rolda nas dúas linguas o 2,5% dos rexistros– tanto en galego coma en portugués, aínda que o seu desenvolvemento non é parello entre idiomas. Mentres ó referir un desprazamento causativo o comportamento nas dúas linguas é similar.

*Cando vai a chegá-la cunca ós labros ve a Felipe* (IGLFON882).

*Ele então chegou-me por detrás ao espelho* (L0216).

Non acontece o mesmo cando abandonamos este eido semántico. As posibilidades na lingua galega de desenvolver unha construción causativa sen idea de movemento son practicamente nulas, mentres que en portugués estas se amplían lixeiramente; por exemplo, neste idioma o verbo non ten a capacidade de indicar que ‘alguén ou algo aproxima afectivamente dous individuos, un ó outro’, é dicir, de desenvolverse baixo o ES Ax + Pac. A razón está en que a causatividade de *chegar* é unha opción froito do espazo semántico compartido con *achegar*, unidade causativa. Estes dous verbos concorren de forma diferente nos dous idiomas. *Achegar* no portugués conta cun uso moi restrinxido en confronto co galego; de forma que espazos semánticos que na

## Tendencias xerais no significado

lingua galega lle son propios a este verbo ocúpaos, en portugués, *chegar*. Deste modo se xustifica a diferente distribución da causatividade por idiomas no caso deste último lexema.

### 4.3.4. Traer

O seguinte chanzo na escala da causatividade para os verbos seleccionados como representativos deste grupo ocúpao *traer*. Este é un verbo fundamentalmente causativo (os rexistros en que a acción é provocada por unha realidade [ $\pm$ humana] e padecida por outra distinta superan o 99% do total dos corpus galego e portugués), aínda que é posible que a acción sexa non causativa. Cando nos situamos fóra da idea de movemento, o único esquema non causativo que recollemos (Ax + Md) conta cunha non causatividade aparente. Sintacticamente é unha construción pronominal, ou sexa, hai unha coincidencia en referente entre quen realiza e quen experimenta o proceso vivido. Polo tanto, estamos ante unha construción causativa en que estas dúas figuras semánticas coinciden nunha mesma realidade que fai redundante a especificación dunha delas.

*I antón a Maruja do Correo cos secretos todos que se traía pra faélos vestidos* (PSATDI987).

*A que paixão se traz agora aforado o coração?* (L0523).

Independentemente da causatividade, a construción semántica máis recorrente deste verbo vai ser compartida ou diferenciada das restantes unidades do seu grupo segundo nos encontremos ante a descrición dun movemento ou non.

TRAER				
ES	LG		LP	
	exemplo	%	Exemplo	%
Ini + Mb + Dt	<i>Pechei e a chave tróuguena pá casa</i> (REGTD989).	50%	<i>Tragam para aqui os cartazes</i> (J38958).	34,5%
Ini + Mb + Benef	<i>Tes que traerlle a leña</i> (LPXCON928).	10%	<i>O milho do recolher, que a velha, todas as tardes, trazia para elas</i> (L0583).	4%
Ax + Pac	<i>A nosa nai tráguía sempre zocas</i> (LCAFAL990).	17%	<i>A investigadora Fátima Patriarca, traz novos dados que põem em causa a imagem mitológica do 18 de Janeiro de 1934</i> (J52658).	28,5%
Cau + Pac + Dt	<i>Din que os ecrises nunca trougueron cousa boa a iste mundo</i> (LENETN939).	6,6%	<i>O comportamento de João Costa no tiro trouxe à recordação o longínquo ano de 1976</i> (J61939).	10,5%

**Táboa 33: ES base de traer**

O destino ou a súa variante [+humana], isto é, o beneficiario da acción, serán os roles nucleares da construción semántica triactancial causativa ou biactancial non causativa deste verbo cando refire un desprazamento no plano físico. Por conseguinte,

desenvólvese neste ámbito de significado en paralelo co descrito para o conxunto do grupo.

Se a acción muda de plano semántico, a tipoloxía de roles que entra en xogo pluralízase (véxase Táboa 3 do Anexo IV); ademais o esquema máis recorrente xa non esixe a concreción do destino ou punto de chegada do proceso, pois é unha estrutura causativa biactancial onde semanticamente só é preciso explicitar quen ou o que provoca a acción e quen ou o que a experimenta. Non existe un transvasamento de realidades porque se describe un estado ou situación. Para que o destino volva ser nuclear é necesario que se refira un proceso, de maneira que se estea ante unha causa que vén acompañada da súa correspondente consecuencia que afecta a algo ou a alguén [*Como há-de imaginar a dor que a morte duma filha única nos traz ao coração?* (L0016)].

As posibilidades de ser usado *traer* como un verbo de movemento ou como unha unidade que abandona esa dimensión semántica son proporcionalmente inversas segundo nos situemos na lingua galega ou na portuguesa. Deste modo, mentres no noso corpus o 60% dos rexistros en galego describe un movemento no plano físico, esa mesma porcentaxe en portugués refire accións non situadas no plano espacial. Por conseguinte, podemos concluír que este verbo está a experimentar unha diversificación de sentidos máis aguda no idioma luso, que xustifica que vaia perdendo dominio o seu funcionamento como un verbo de movemento con desprazamento. De todas as maneiras, xorde esta como unha tendencia de uso aínda en proceso, xa que as construcións ou acepcións exclusivas dun dos idiomas son practicamente insignificantes.

#### **4.3.5. Achegar**

Para concluír cos verbos de movemento con desprazamento focalizados no destino réstanos *achegar*, verbo causativo que ten como rol semántico nuclear o punto final da acción sexa esta un movemento ou non. A rexencia argumental é parella entre idiomas mais non o funcionamento semántico do verbo. En portugués todas as acepcións propias de *achegar* englobáanse na noción de movemento, mentres que en galego, sendo esta claramente dominante, xorden outras non adscritas a este dominio semántico. Isto débese a que en portugués os sentidos de proximidade metafórica sonlle propios a outro verbo deste grupo: *chegar* –ou *aproximar-se* ou *acercar-se*–.

## Tendencias xerais no significado

Pola contra, na lingua galega, como xa se dixo, este lexema concorre en desvantaxe con *achegar* á hora de expandir o seu corpo de significados máis alá da idea de movemento no plano espacial.

ACHEGAR				
ES	LG		LP	
	exemplo	%	Exemplo	%
Ini + Mb + Dt	<i>O Capitão, sen desmontar, achegou a ponta da fusta á meixela de Carlota</i> (MEFARR991).	80%	<i>Entraram na cabana e se deitaram sobre o colmo, cobrindo-se com as mantas, e achegando para a cabeça um do outro os bornais que faziam de travesseiro</i> (L0583).	100%
Ax + Pac + Dt	<i>Nese primeiro poema o Poeta acheganos ás profecías dunha Sibila</i> (3nt993).	11%		-

**Táboa 34: ES de *achegar***

### 4.3.6. Funcionamento xenérico do grupo

Trala delimitación dos ES base dos verbos que escollemos como representativos deste grupo, é posible presentar unha definición xeral e común do seu funcionamento prototípico. Desta maneira, encontramos que os lexemas que configuran polo seu significado este tipo verbal son unidades que, independentemente de presentaren unha construción causativa ou non, tenden a indicar un movemento no plano espacial e especifican o destino alcanzado. Este esquema xorde como fórmula de desenvolvemento maioritaria con todos eles; ademais pode presentar diferentes variantes: estar estendido ou ser a figura do destino substituída pola de beneficiario por corresponderse cun referente [+humano]. A partir de aquí, cada verbo no plano metafórico e incluso no espacial pode adquirir diferentes sentidos e presentar diversas construcións, aínda que volve ter moita importancia o rol de destino.

Por último, no que se refire ó contraste entre linguas, destacamos que os paralelismos son case absolutos. Só se rexistraron diverxencias en dimensións de significado e funcionamento secundarias: valor copulativo de *ir*, diferente distribución dos sentidos metafóricos sen movemento no plano espacial entre *chegar* e *achegar* ou superior expansión relativa no uso en portugués de *traer* como verbo descriptor dun estado ou situación. Discordan, por conseguinte, sempre fóra da dimensión de movemento no plano espacial e dos valores prototípicos do grupo. É neste eido secundario onde as adquisicións de novos sentidos ou os ES desenvolvidos por cada un dos verbos poden

diferir entre linguas, ó tratárense de aspectos máis marxinais do funcionamento destas unidades.

#### **4.4. Verbos direccionais no eixo horizontal centrados na orixe**

Os verbos deste subgrupo centran, semanticamente, a atención no punto de partida, ou sexa, o propio corpo de significado do lexema verbal toma como referencia ese límite espacial do desprazamento físico ou metafórico. Deste modo, veremos que os ES prototípicos destas unidades esixen o rol semántico de locativo de orixe (véxase Táboa 4 do Anexo IV); polo tanto, estas unidades configuran, xunto de verbos do subgrupo anterior, pares en tensión ó situaren a perspectiva do movemento exactamente nos puntos opostos.

FOCALIZADOS NO DESTINO	FOCALIZADOS NA ORIXE
entrar	saír
ir	vir
chegar	marchar / partir
traer / achegar / chegar <sup>4</sup>	levar

**Táboa 35: Pares en tensión segundo a dirección do desprazamento**

O feito de estaren en contraste, á súa vez, xustifica que compartan determinados aspectos construtivos, xa que o que os diferencia é a forma de ollar un mesmo desprazamento.

A primeira coincidencia entre os dous grupos sitúase na causatividade. A compatibilidade entre a presenza dunha realidade causante da acción e os verbos focalizados no punto de partida non é igual para todos eles, tal e como recollemos coas unidades centradas no destino. Sitúanse nunha escala gradativa de predisposición cara á necesidade de que apareza un causante da acción que experimenta outro, parella á vista no apartado anterior. Así, encontramos lexemas fundamentalmente causativos (*levar*), lexemas non causativos (*saír* e *partir*) e, finalmente, outros onde a causatividade é unha opción construtiva secundaria (*marchar* e *vir*). Se contrastamos esta táboa de predisposición cara á causatividade

---

<sup>4</sup> En parte do seu significado e especialmente na lingua portuguesa sitúase en tensión con *levar*.

## Tendencias xerais no significado

*saír e partir < vir < marchar < levar*

coa establecida para os verbos direccionais de destino

*entrar e ir < chegar < traer < chegar*

veremos que se corresponden entre si: é dicir, unidades que están en tensión semántica teñen un mesmo comportamento a respecto da causatividade.

Por outro lado, dentro dos verbos en que a causatividade é unha opción construtiva, pero minoritaria, a importancia das estruturas causativas muda segundo o verbo indique unha acción con ou sen desprazamento físico.

CAUSATIVIDADE EN ACCIÓNS CON MOVEMENTO				
verbo	LG		LP	
	exemplo	%	exemplo	%
Levar	<i>Levaronnos asta Betanzos (LCAFAL990).</i>	32%	<i>Ameaçou matar todos os ocupantes se não o levassem até à cidade portuária de Casablanca(J35306).</i>	29%
Marchar	<i>Alá lle marchamos câ muda. (TABTDI979).</i>	5,75%	<i>De maneira que o velho marchou para a feira, com um cavalo que era uma lindeza! (L0583).</i>	1%
Vir	<i>I ela viña cas ovellas para a corte (LCAFAL990).</i>	2,25%	<i>Por fim, a velha do Colmeal, que tinha vindo com o burro carregado de carqueja à vila, murmurou (L0468).</i>	0,1 %
CAUSATIVIDADE EN ACCIÓNS SEN MOVEMENTO				
Levar	<i>Respondendo ás tradicións que levaban a don Fernando de Traba a combater pola libertade (MURDIS891).</i>	60,5%	<i>O mar todos os invernos avança mais um pouco, leva casas e tudo (L0342).</i>	70,5 %
Marchar		-		-
Vir		-		-

**Táboa 36: Causatividade segundo o tipo de acción**

Nos contextos en que abandonan a idea de movemento, *marchar* e *vir* ven reducidas as opcións de describir a acción dunha forma causativa, que xa de seu é minoritaria cando describen un desprazamento. Ou sexa, a causatividade verbal non é indiferente ó campo semántico en que este se sitúe, porque, tal e como vimos na relación cos verbos de destino, é un aspecto fundamental para regular a causatividade.

Alén da causatividade, outro aspecto en que se reflicte o estreito vencello entre estes dous subgrupos verbais é no tipo de figuras semánticas que requiren. Os roles fundamentais son (xunto do Ini, Ax ou Cau e o Mb ou Pac, nas construcións causativas, ou o Mb, Ent ou Ax nas non causativas) de natureza locativa ou modal. A respecto dos primeiros, mentres no subgrupo de verbos de dirección centrados no Dt, esta é a figura referente da acción, neste conxunto ocupa este lugar a Or. Ou sexa, o ES base destes verbos é aquel en que aparece o punto de orixe do desprazamento.

Mais tamén o punto de chegada é recorrente semanticamente, xa que, de describir un desprazamento a partir dun lugar é case de obriga a necesidade de explicitar que o abandono se debe á chegada a outro espazo.

#### 4.4.1. Partir

*Partir* exemplifica o comportamento deste grupo semántico verbal no referido á complementación con que se combina. O lexema preséntase baixo unha construción non causativa en que a orixe da acción se formula como fundamental, indique o verbo un desprazamento ou non e tanto para o galego coma para o portugués. Os paralelismos entre as dúas linguas con *partir* son a norma; as diferenzas redúcense a unha certa maior dispoñibilidade na lingua galega para o verbo adquirir sentidos desvencellados da idea de movemento. Ou sexa, no noso corpus en portugués a diversidade semántica da unidade redúcese aínda máis ca na súa veciña, xa que para os dous é un verbo cun corpo de significados limitado en contraste cos restantes lexemas do grupo.

PARTIR				
ES	LG		LP	
	exemplo	%	exemplo	%
Mb + Or	<i>As frotas de Indias tamén partían da Coruña</i> (3nt993).	46%	<i>E ao fim da tarde é daqui também que partem os vapores do cêrco</i> (L0009).	64%
Ax + Or	<i>Do mesmo xeito que elaboramos a nosa antropoloxía partindo do concepto do «homo sapiens»</i> (PIÑLIN967).	36%	<i>Pois Gervásio partia do princípio de que o artista não se revelava pelas suas obras</i> (L0707).	29%
Ent + Or	<i>Se a idea parte dun iluminado, vai ser mal recibida cáseque sempre</i> (FPRENT990).	17%	<i>Escola de Mulheres (em co-produção com o empresário Hélder Freire Costa), que parte da comédia de Aristófanes</i> (J43120).	4,5%

Táboa 37: ES base de *partir*

Á limitación do corpo semántico de *partir* súmanselle as condicións de estilo de lingua esixidos polo lexema, dando como resultado que sexa un dos verbos con menos uso nos dous idiomas. *Partir* adscríbese ó ámbito da formalidade, de modo que concorre con outras unidades sinónimas, pero sen a referida limitación estilística. Ou sexa, en galego sitúase en desvantaxe fronte a *marchar* (este verbo, indicando un movemento con desprazamento de abandono dun lugar, aparece en 494 rexistros nas fontes orais e 207 nas escritas, datos moi superiores ós correspondentes 6 na oralidade e 27 na escrita de *partir*) e en portugués fronte ós verbos *ir(se)* ou *vir(se)* (*embora*) (dobran os rexistros), lexemas todos menos marcados no referido ó estilo de lingua.



*Partir*, alén do esquema base, presenta outros dous secundarios (véxase Táboa 4 do Anexo IV) en que ó locativo de Or se lle suma o de Dt. Nestes casos focalízase a mudanza que provoca a acción verbal, de modo que pasa a ser central tamén o novo estado (normalmente non locativo) alcanzado. No noso corpus só se recolleron exemplos en lingua portuguesa, pero non son fórmulas alleas ó galego.

*Desde moi cedo sentiu vocación polo comercio e en 1477 partiu para Flandres* ('*Martin Behaim*' en *Wikipedia*. <[http://gl.wikipedia.org/wiki/Martin\\_Behaim](http://gl.wikipedia.org/wiki/Martin_Behaim)>, [20/12/08]).

*O domingo de resurrección foi o día que partiu para a gloria* (*Curtas na rede*. <<http://www.curtasnarede.es/blog/post.php?id=110>>, [14/11/08]).

#### 4.4.2. Saír

*Saír*, alén da non causatividade, comparte os ES base de *partir*: indique un desprazamento ou non, unha figura constante é o punto de partida. En máis do 50% dos rexistros do corpus de traballo, tanto en galego coma en portugués, este rol é o segundo elemento dun esquema biactancial. A seguinte construción en uso é a expansión deste esquema base, singularmente coa concreción do punto de chegada (no 14% das entradas da nosa base de datos nas dúas linguas) ou dunha figura modal de diversa natureza.

Como o corpo semántico de *saír* se amplía a respecto do descrito para *partir*, enténdese que os tipos de construcións semánticas que esixe tamén se diversifiquen. Polo tanto, amais das dúas referencias locativas mencionadas, tamén ocupan un lugar de destaque precisións de natureza modal. Estas poden estender o esquema base ó acompañar o locativo de Or (o 19% do corpus en galego e o 10% en portugués) ou, sempre que a acción non indique un desprazamento, seren o único rol semántico esixido pola estrutura (ó redor do 5% dos rexistros totais tanto en galego coma en portugués). Neste caso a consideración do esquema é diferente. Non estamos ante unha variación secundaria do esquema base, senón ante unha segunda estrutura que revela unha mudanza na natureza do verbo. Baixo esta construción, *saír* concreta o resultado de algo ou alguén para algo ou alguén; é dicir, hai unha descrición dun estado, polo que se entende que o punto de partida non é de relevo ó non haber ningunha mudanza nin locativa nin non espacial. Aquí o verbo pasa a funcionar como unha unidade copulativa, aínda que non no nivel de *ir* ou *vir*, os cales nestes contextos se encontran nun estadio de baleiramento semántico máis agudizado.

Tendencias xerais no significado

SAÍR				
ES	LG		LP	
	exemplo	%	exemplo	%
Mb + Or	<i>Ó saír do meu cuarto, tropecei cunha maleta na porta (VPOALM922).</i>	45%	<i>Pouco antes, saía do Café quando encontrou o padrinho (L0095).</i>	51%
Mb + Or + Dt	<i>Desde o seu aeroporto saen vós todos os sábados con destino a Santiago (3nt993).</i>	11%	<i>Ao lado do cais ficam os armazéns da salga, donde outrora saía a sardinha em barris para Oran e Marselha (L0009).</i>	10%
Mb + Or + Fin	<i>Saían do burato pra cantar e tomá-lo fresco (LAMGAL887).</i>	7%	<i>Os senhores saem dos castelos para fazer suas guerras fratricidas (L0409).</i>	2,25%
Mb + Or + Md	<i>Saían todas a caballo (VALMAX880).</i>	5%	<i>Das portas que se escancararam, um troço de cavaleiros saiu, de viseira baixa, a lança em riste (L0299).</i>	5%
Ent + Or	<i>Saía ista verea (...) da mansión das "Aquis Querquernis" (CUEPRO962).</i>	5,5%	<i>Indo pelo caminho que sai do «monte» (L0095).</i>	6,5%
Ax + Or	<i>(Como saíndo dunha forte cavilación) (CABMAR926).</i>	2%	<i>Anquilosa-se a gente num certo feito moral, de que não sai (L0290).</i>	5,5%
Ent + Or + Dt	<i>É en Waitzstrasse, unha rúa ampria (...) que sai á Kurfürstendamm (RISMIT934).</i>	1,5%	<i>É a de evitar que saia para o exterior qualquer imagem de fractura no seio da organização (J43994).</i>	4%

Táboa 38: ES base de saír

Respecto ó comportamento que podemos describir como prototípico –ES non causativo con complementación do punto de partida da acción– encontramos que o funcionamento nas dúas linguas é moi parello. Hai unha certa maior diversidade construtiva en galego, xa que os esquemas que podemos definir como primeiros suman unha porcentaxe relativamente superior en portugués, pero poden ser diferenzas máis froito do propio corpus de traballo da tese do que nacidas de diverxencias reais entre idiomas.

A parte das dúas figuras presentadas como centrais para a construción semántica deste verbo (en primeiro lugar, o punto de Or e, nun plano máis secundario, o Dt), con algunhas acepcións, sempre fóra da idea de desprazamento no plano espacial, o verbo pode pasar a requirir outros elementos, isto é, desenvolver ES secundarios. O rol argumental nestes casos adoita ser un complemento modal. Algúns dos ES secundarios que referimos non xurdiron no noso corpus de traballo, pero rexistrámoslos en fontes alleas de maneira que son fórmulas posibles nos dous idiomas. Estamos a nos referir á esixencia dun locativo situacional, non alleo á lingua portuguesa aínda que non xurdira nas nosas fontes.

*Vou sair no jornal O Dia de amanhã!* (Flávia Medina: *Flaviamed.* <<http://twitter.com>>, [18/08/09]).

En todos estes esquemas secundarios (véxase Anexo IV, Táboa 4) o verbo describe unha situación, a respecto de algo ou de alguén. Polo tanto, funciona como unha unidade copulativa. Este un desenvolvemento para *sair* secundario fronte ó seu comportamento predicativo, singularmente coa Or ou o Dt argumentos do ES, xa que no noso corpus estas construcións representan ó redor do 80% dos rexistros totais.

#### 4.4.3. Vir

*Vir* configura un par en tensión xunto de *ir*; un describe o desprazamento como abandono dun espazo e o segundo como chegada a un lugar. O movemento é o mesmo, só muda a perspectiva. O estreito vencello semántico entre estes dous verbos explica a importancia que ten para *vir* o lugar alcanzado, amais do deixado atrás no desprazamento. Polo tanto, *vir* como verbo de movemento comparte con *partir* e *sair* a consideración da Or como unha referencia semántica base para a súa construción, pero a diferenza deles rexe tamén un Dt. Polo tanto, o esquema base de *vir* en galego e en portugués combina estes dous locativos, estrutura que aínda se pode ampliar con indicacións de natureza modal.

Fóra da idea de movemento, é dicir, no 30% dos rexistros –cifra válida para as dúas linguas–, as construcións semánticas pluralízanse. Isto débese a que *vir*, en paralelo co descrito para *ir* ou *sair*, nestes contextos alleos á idea de desprazamento, ten unha dobre natureza verbal: desenvólvese como unha unidade predicativa, pero tamén o pode facer como unha copulativa.

As referencias espaciais da Or e do Dt, cada unha dunha forma independente ou combinadas ambas as dúas, continúan sendo os roles semánticos prioritarios cando *vir* se mantén como unha unidade predicativa. Este funcionamento mantense con independencia da lingua en que focalicemos a nosa atención; pois, a construción semántica Ax + Dt non recollida no corpus de traballo na lingua galega foi rexistrada en fontes alleas, o que demostra o paralelismo idiomático.

*Estas incógnitas tan complicadas resólvense hoxe nas salas galegas, nunha nova cita cun realizador vido a menos, pero que conserva parte da marca de autor que o fixera tan atractivo* (Víctor Paz Morandeira: “¿Hacemos una porno? a película máis cachonda de Kevin Smith” en *Xornal*. [18/09/09]).

## Tendencias xerais no significado

Como verbo copulativo, *vir* describe un estado de cousas, é dicir, non indica un proceso de mudanza (locativa ou non) cun punto inicial e outro para alcanzar, polo que estas referencias espaciais non son requiridas polo verbo e, no seu lugar, pasan a ocupar un lugar central ou un complemento modal; ou un locativo situacional, con sentido de contedor; ou un beneficiario da acción, sempre acompañado dunha referencia modal, xa que o verbo describe como lle resulta algo ou alguén a un outro algo ou alguén. Nestes contextos o funcionamento copulativo de *vir* acompáñase dun proceso de baleirado semántico en desenvolvemento na liña do referido para o seu par en tensión.

IR				
ES	LG		LP	
	exemplo	%	exemplo	%
Mb + Or + Dt	<i>Como se deteñen os bandos dos parrulos que veñen do norte camiño da Limia (CUEPRO962).</i>	48%	<i>Ela que veio do nórdico frío para a meridiana quentura (L0416).</i>	46%
Mb + Or + Dt + Md	<i>Viña de entruído de là da Ghandra (PSATDI987).</i>	7%	<i>Mas ele não vinha ali como chefe do estabelecimento, vinha como amigo (L0508).</i>	2,5%
Mb + Or + Dt + Fin	<i>O chiste foi que viñan 400 mui frescos de Tui para reforzar os de Vigo (FNZPRO810).</i>	15%	<i>Do mundo inteiro veio gente recolher o oiro líquido do Alasca tentador (L0494).</i>	21%
Ax + Md	<i>Que é certo, que non viña tan borracho... (3nt581993).</i>	4,5 %	<i>Vejam este malandro em que estado vem! (L0095).</i>	2%
Ent + Or	<i>D'aí vén a estimación á filla do Barrigudo (FANCAS812).</i>	4%	<i>Daí lhe veio a alcinha (L0280).</i>	6,5%
Ent + Dt	<i>Daquela que veu a República (REGTD989).</i>	6%	<i>E veio a guerra (L0126).</i>	6%

**Táboa 39: ES base de *vir***

Na causatividade encontramos a maior diverxencia construtiva, no plano semántico, deste verbo con *saír* e *ir*. Sintacticamente *vir* é un verbo intransitivo, pero na acepción 8d hai unha construción de transitividade indirecta: non existe un desprazamento que se realiza de determinada maneira, como pode acontecer en construcións do tipo *vou coa saqueta á túa casa*, en que o complemento sintáctico rexedor de preposición describe o modo en que se realiza o desprazamento; nestes contextos o complemento con preposición é o interesado en que se realice o desprazamento, xa que el vai ser no plano do significado o Pac do que se faga no lugar de chegada (unha consulta médica, unha sesión escolar, etc), é dicir, nestes contextos funciona como sinónimo parcial de *traer*.

*Ese señor, que por certo me gustou e parece moi ben llano, veu co señorito de Rebordán á miña casa (VALMAX880).*

No que se refire á complementación, non hai cambios co visto: os roles fundamentais seguen a ser a Or e o Dt (o ES desta acepción é Ini + Mb + Or + Dt). Polo tanto, semanticamente configúrase como unha construción illada no conxunto das posibilidades estruturais de *vir* exclusivamente no referido ó desenvolvemento causativo. Este é un ES minoritario tanto para a lingua galega coma para a portuguesa, xa que, aínda que non foi rexistrada no corpus de traballo portugués, non é unha fórmula impropia deste idioma.

*A depoente veio com a menina ao hospital, onde o médico plantonista encaminhou o caso para o HUSM (M<sup>a</sup> Eulalia Tomasi Albuquerque (2007): O testemunho da violencia perpetuada. Bibliotecada UNICAMP: Campinas).*

#### 4.4.4. Marchar

O seguinte verbo focalizador do punto de partida do movemento situado na xerarquía de capacidade construtiva causativa é *marchar*. Para este lexema as estruturas causativas son minoritarias, aínda que máis frecuentes cás vista para *vir*, en singular na lingua galega.

Non só na causatividade se afasta este verbo nos dous idiomas. Este é o lexema máis claramente diferenciado no plano do significado entre o galego e o portugués no conxunto do subgrupo semántico. Na lingua lusa non funciona practicamente como unidade de movemento con desprazamento focalizador da Or, polo que se illa do comportamento descrito para os restantes formantes deste grupo semántico. Nesta lingua é un lexema centrado no traxecto, xa que indica un tipo de movemento continuo sinónimo en moitos casos de ‘andar, caminhar’. Quérese dicir, é un verbo de movemento focalizador do modo constante en que se realiza ese desprazamento, polo que se comporta en paralelo ás unidades dese conxunto semántico representado no noso corpus por *camiñar* e *correr*. Desta maneira, o seu corpo de significados esixe unha construción semántica diferente á que presenta en lingua galega; así se xustifica que neste idioma a Or ou o Dt cedan o seu lugar privilexiado neste subgrupo verbal ás indicacións modais, esquema ampliable coa especificación do Tr.

En confronto, no idioma galego *marchar* é un verbo de movemento focalizado no punto de partida, e como tal, comparte o ES base do subgrupo, na súa variante non causativa (Mb + Or) e na causativa (Ini + Mb + Or). Este pode ampliarse coa concreción do Dt ou con especificacións de natureza modal.

## Tendencias xerais no significado

MARCHAR				
ES	LG		LP	
	exemplo	%	exemplo	%
Mb + Or	<i>Cando fan a bogada tes que marchar da casa (LPXCON928).</i>	45,25 %	<i>Do barco responderam que era só marchar, demais a mais ia romper a Lua (L0583).</i>	21%
Mb + Or + Dt	<i>E marchamos pá foleada (REGTD989).</i>	31,5%	<i>Carlos, tenha a bondade de marchar já para a cama. (L0379).</i>	15%
Mb + Or + Fin	<i>Os cinco marchamos coller o tren pra Potsdam (RISMIT934).</i>	6,25%		-
Mb + Md + Tr	<i>A centos de miles, as exemplares obreiras, marchan en columna protexidas por outras máis grandes (PNR997).</i>	3,5%	<i>Havana marcha por Elian (J60212).</i>	51%

**Táboa 40: ES base de *marchar***

Fóra destas construcións, situámonos en ES secundarios cun uso case que simbólico para *marchar*. De todos os xeitos, non hai grandes mudanzas na complementación esixida. Só encontramos dous contextos semánticos que non se poden adscribir ás situacións que describimos ata o de agora. Son o esquema Ax/Ent + Benef e a formulación monoargumental Ax. O segundo só se recolleu no noso corpus en lingua portuguesa e correspóndese coa acepción ‘practicar alguén o deporte da marcha atlética’; é unha acepción tamén posible para o galego.

*Este trío marchou escapado nos primeiros compases dos 40 quilómetros (Galicia Hoxe. <<http://www.galicia-hoxe.com/popImprimir.php?idWeb=2&idNoticia=163445>>, [07/05/07]).*

De todos os xeitos, a presenza escasa nos dous idiomas xustifícase por ser un sentido verbal cunhas fortes limitacións contextuais ó pertencer, practicamente en exclusiva, ó tecnolecto do atletismo.

O ES Ax/Ent + Benef desenvólvese cando o verbo indica ‘funcionarlle algo ou alguén a alguén, serlle válido, útil’; nestes casos abandona o eido do desprazamento espacial e pasa a describir un proceso en evolución. No corpus de traballo recolleuse só en lingua galega, pero, ó tampouco xurdir esta acepción nin nas fontes lexicográficas consultadas nin en corpus lingüísticos portugueses de consulta, pódese concluír que é un sentido, cando menos, minoritario nesta lingua.

En conclusión, *marchar* é un verbo diferente segundo o idioma; rexistramos discordancias tanto nas construcións base como nas secundarias, froito de que pertencen a subgrupos semánticos distintos. Mentres en galego é unha unidade de

movemento focalizada no punto de partida, en portugués describe un desprazamento continuo en paralelo a *camiñar* ou *correr*.

#### 4.4.5. Levar

*Levar* afástase dos restantes membros do seu grupo en tres aspectos: a causatividade, a variabilidade construtiva e a importancia da figura semántica de Or para a súa construción. É un verbo fundamentalmente causativo: no noso corpus de traballo só nun 5% dos rexistros galegos e no 1% dos portugueses a construción é non causativa. Ten unha diversidade de ES que supera claramente a dos restantes verbos deste subtipo e para o que a nuclearidade do punto de partida vai depender do tipo de acción que describa. Por conseguinte, as dúas últimas discordancias xustificanse pola clase de acepcións primeiras deste verbo.

Semanticamente, funciona dunha forma totalmente diferente segundo sexa un verbo de movemento ou non. As posibilidades construtivas diversifícanse no segundo caso, que é o dominante para este verbo: as accións desvencelladas da idea de movemento representan o 63% do corpus galego e o 70% do portugués.

Cando *levar* refire un movemento con desprazamento, o punto de partida ten un rol argumental na estrutura semántica; no noso corpus de traballo non rexe a orixe no 1% dos rexistros deste verbo como unidade de movemento. Mais, tal e como vimos con *vir*, o rol semántico de punto de chegada tamén ten unha importancia nuclear. É preciso semanticamente *levar* algo a un lugar; centralizando o punto de abandono, o de chegada tamén é necesario. Nesta dimensión semántica o funcionamento de *levar* nas dúas linguas é parello.

Pola contra, cando o verbo non se desenvolve como unha unidade de movemento con desprazamento abandona a rexencia do punto de partida. Os ES prototípicos redúcense a tres, un compartido polas dúas linguas (Ax/Ent + Pac) e un segundo para cadanseu idioma (Ax + Pac + Dt, en portugués e Ax + Pac + Md, en galego) (véxase Táboa 41).

A construción biactancial non require ningún outro rol semántico porque ou describe un estado de cousas en que non hai ningún cambio de situación (véxanse os exemplos na Táboa 41) ou define un proceso que trae consigo un estado anterior positivo e un

## Tendencias xerais no significado

posterior negativo supoñible polo propio sentido do verbo (véxanse as acepcións 12a e 12b).

LEVAR				
ES	LG		LP	
	exemplo	%	exemplo	%
Ini+Mb + Or + Dt	<i>Eu xa teño levado un na bicicleta endesd'aquí a Santaballa (REGTD989).</i>	17,5%	<i>Eurico Guterres andou nos últimos días a levar refugiados de Atambua para Kupang (J28599).</i>	16,5%
Ini + Mb + Or + Dt + Cía	<i>Pedro de Ribadeneira, que levaba consigo muller e fillos, ergueu o seu pasaporte e dixo (ALSCON955).</i>	9,15%	<i>O meu tio que gastava as noites todas, e o dinheiro que ganhava, no Casino, levava-me às vezes consigo (L0342).</i>	5,5%
Ax + Pac	<i>Levaba moi boas tencións (VPOALM922).</i>	28%	<i>Quando vamos para um clube levamos sempre muita sede de triunfar (J26089).</i>	27%
Ent + Pac	<i>Outro tanto como leva de vida o mundo (PINGAI853).</i>	8%	<i>O ano judicial 1999-2000 já leva mais de quatro meses (J60244).</i>	9,5%
Ax + Pac + Dt	<i>¿Cómo non sabe, se ela foi a que a Rouco tratou o casamento, e levou o seu fillo á bebedela? (FANCAS812).</i>	5,5%	<i>Lentamente, levou o pensamento a fixar-se em factos agradáveis (L0453).</i>	19%
Ax + Pac + Md	<i>Levaba catro días de soedade... (RISMIT934).</i>	7,5%	<i>O resto da noite levaram-no a dançar (L0028).</i>	4%

**Táboa 41: ES de levar**

A partir deste esquema base desenvólvense as outras dúas opcións nucleares para *levar* como verbo sen idea de movemento. Nunha descríbese un proceso do que se presenta o seu resultado como o punto final ou de chegada. No outro formúlase a situación en que se encontra algo ou alguén ó presentar a acción como un estado. Tanto en galego coma en portugués xorden ambas as dúas; é dicir, non é unha cuestión de incompatibilidades semánticas por idiomas, senón de tendencias de especialización do seu significado. En definitiva, aínda que os tres ES base que presenta este verbo ó non referir un desprazamento son compartidos polas dúas linguas, existe unha predisposición diferente para a extensión do esquema causativo base sen idea de movemento.

Para finalizar con *levar* é necesario revisarmos un tipo de construción semántica minoritaria, pero cun grande interese pola súa singularidade construtiva: a ausencia de causatividade. Semanticamente, a non causitividade encóntrase en acepcións indicadoras dun movemento con desprazamento, coma con outras en que esta idea desapareceu; mais as consecuencias son diferentes en cada ámbito.

Cando *levar* refire un desprazamento non causativo, o obxecto pasa a referir o punto de chegada dun proceso en curso, isto é, imperfectivo. No plano do significado, as



referencias de límite final do desprazamento (o extremo final do espazo percorrido) e espazo por que este se desenvolve fusiónanse. Mais no capítulo 7 veremos que esta é unha situación común cando o Dt se corresponde no EA co OD.

*¡Considera o camiño que levarían! (FNZPRO810)*

*Só que a bola nunca levava o rumbo certo (J43063).*

Polo tanto, a mudanza construtiva reflicte un modo diferente de formular o punto final do desprazamento, figura argumental para este verbo como xa vimos.

Ó abandonar a dimensión do desprazamento, a non causatividade engloba un amplo abano de posibilidades semánticas: describe un estado de cousas, a localización de algo ou alguén, a relación entre realidades ou o custo de algo. Nestes casos desaparece a causatividade semántica, xa que nunca estamos ante un proceso que sexa iniciado por alguén ou algo. É dicir, entramos nun espazo compartido cos verbos copulativos, xa que non hai acción, senón descrición. A mudanza de tipo de proceso xustifica a eliminación do causante.

En definitiva, a non causatividade élle propia a *levar* sempre que mude de tipo semántico –para funcionar como un verbo copulativo– ou como fórmula alternativa de que dispón o emisor para indicar o punto de chegada dando unha información a respecto deste diferente a se se escollera o circunstancial correspondente (véxase cap.7.).

Finalmente, imos revisar unha última construción por ser recollida exclusivamente con *levar* e en lingua galega dentro do grupo semántico: un esquema causativo coa ausencia do causante. Nestes casos, *levar* indica ‘estar algo de moda’.

*As puchas que eran de lá branca tecida e levaronse moito hastr'os derradeiros anos do sigro pasado (LENETN939).*

É necesario que alguén ou algo (unha institución, un modelo social, etc.) convertan algo ou alguén en centro de referencia para a comunidade. Aquí a elisión do causante responde a un proceso de impersonalización, froito do descoñecemento de quen ou que puxo algo ou alguén de moda ou da non necesidade ou falta de interese en concretalo. En resumo, estamos ante un esquema causativo coa indefinición por defecto do causante da acción. En portugués, este sentido non foi adquirido polo verbo *levar*, xa que no seu lugar se usa a construción fixa *estar na moda*.

#### **4.4.6. Funcionamento xenérico do grupo**

Os verbos de movemento con desprazamento focalizados no punto de orixe comparten un funcionamento prototípico común, aínda que tamén inclúen especificidades construtivas singulares.

A definición base é a de funcionaren como unidades descritoras dun movemento con desprazamento para o cal o punto de partida é nuclear. Ademais, para este grupo semántico o punto de chegada tamén ten unha importancia decisiva. Isto débese a que, por un lado, o feito de centrar a acción no punto de partida trae consigo intrinsecamente a necesidade de que haxa un outro de chegada; e, polo outro, ó estreito vencello cos seus pares en tensión, todos eles verbos de movemento con desprazamento focalizados no Dt (para os que a Or tamén se desenvolve comunmente como unha figura semántica nuclear).

Se o rol semántico da orixe deixa de ser nuclear, o verbo abandona o tipo verbal que nos ocupa. Se se mantén como verbo de movemento con desprazamento, entón muda de grupo semántico: deste modo *marchar* en portugués é un verbo de maneira de moverse continuo e *levar* como non causativo focaliza o desprazamento no traxecto da acción. Aínda que o habitual é que nestes casos se desenvolva como unha unidade copulativa que rexe entón un rol modal. O baleirado semántico neste grupo intensifícase con *vir*, en paralelo co descrito para o seu membro en tensión *ir*.

#### **4.5. Verbos direccionais no eixo horizontal centrados no traxecto**

Sintacticamente, *atravesar*, *pasar* e *andar* son verbos diferentes segundo a transitividade. *Andar* é un lexema fundamentalmente intransitivo, mentres que os outros dous se desenvolven como unidades rexedoras dun OD. Pola contra, no plano semántico para todos a causatividade é unha opción construtiva en desvantaxe fronte á súa ausencia, aínda que non en todos a diferenza de uso é igual (véxase Táboa 5 do Anexo IV). Con *andar* é unha posibilidade construtiva residual, fronte ós outros dous verbos onde o uso da causatividade aumenta dunha maneira considerable (véxase Táboa 22).

## Tendencias xerais no significado

Por conseguinte, a causatividade non é a norma para ningunha destas unidades, indistintamente de que sexan transitivas ou non, pero esta opción construtiva ocupa un lugar aínda máis periférico nos ES verbais se estamos ante un lexema intransitivo.

CONSTRUCCIÓNS CAUSATIVAS				
verbo	LG		LP	
	exemplo	%	exemplo	%
atravesar	<i>Hamlet, tirando do cinto de Escaramuza a grande espada, atravesa al Rei (CUNHAM958).</i>	11%	<i>Tinha alma de te atravessar o coração com esta agulha, maldito (L0523).</i>	16,5%
pasar	<i>Chegou o zorro xunto o barqueiro de Porto e díxolle que se o pasaba pró outro lado do río que lle había de contar tres verdades (CEFLUG963).</i>	9,55%	<i>Se havia algum grande lamaçal, ficava à beira dele para passar aos ombros os homens e os animais (L0299).</i>	10,55%
andar	<i>Despós xa vén a hora d'enforná-lo, pero á hora e media hai qu'andalo, mové-lo. (LCAFAL990).</i>	0,25%		-

**Táboa 42: Causatividade nos verbos de desprazamento focalizados no traxecto**

### 4.5.1. Atravesar

O corpo de acepcións desta unidade é un dos máis reducidos dos lexemas con que exemplificamos os tipos verbais obxecto de estudo deste traballo. Isto é froito de que semanticamente *atravesar* é unha unidade moi marcada para a que sentidos metafóricos desvencellados da idea de movemento son valores secundarios e escasos. No noso corpus funciona como un verbo de movemento nunha porcentaxe moi alta nas dúas linguas –en galego no 84% dos rexistros e en portugués no 79,5%–. A redución de acepcións ten como consecuencia unha diversidade construtiva no plano semántico tamén limitada. Os ES nucleares de *atravesar* restrínxense a tres versións dunha mesma estrutura base: o traxecto (refira un espazo ou non) acompaña a quen realiza a acción, sexa este [±humano]. Por conseguinte, *atravesar* representa o comportamento prototípico do seu grupo verbal.

ATRAVESAR				
ES	LG		LP	
	exemplo	%	exemplo	%
Mb + Tr	<i>Atravesou unha pontella formada de dúas lousas estendidas (LFRNIN905).</i>	73%	<i>Viu-o atravessar a rua (L0717).</i>	63%
Ax / Ent + Tr	<i>Falou dun programa de desenvolvemento ante a crise económica que atravesa a provincia de Lugo (3nt993).</i>	16%	<i>As árvores foram mortas tão depressa e enterradas em tais condições que atravessaram séculos sem apodrecer e sem se fossilizarem (J43577).</i>	21,5%
	<i>Atravesamos un ano de crise (3nt993).</i>		<i>Ela atravessa épocas em que não tem outro sonho senão o de conhecer (L0464).</i>	

**Táboa 43: ES base de *atravesar***

Cando *atravesar* presenta unha construción semántica diferente ás referidas, esta sempre será causativa (véxase Anexo IV, Táboa 5). Describe un desprazamento de dous tipos. Nun primeiro, algo ou alguén realiza un movemento experimentado normalmente por un instrumento que se introduce a través de algo ou alguén; o Mb que se despraza é, á vez, o instrumento para realizar o atravesamento. En paralelo a este último, encóntranse aqueles rexistros en que algo ou alguén move un obxecto, animal ou humano para colocalo a través de algo, de modo que interrompa o libre desprazamento dunha terceira ou terceiras realidades. Veremos que sintacticamente este último esquema se desenvolve de forma diferente, xa que o traxecto refire ó mesmo tempo o lugar que se alcanza despois do desprazamento (véxase cap. 6.). Estas dúas casuísticas teñen unha importancia relevante na oralidade nos dous idiomas, o que, por un lado, caracteriza as acepcións que lles corresponden e as súas construcións semánticas como habituais para o verbo *atravesar*; e, polo outro, xustifica que o tipo de complementación siga a regra xeral da construción non causativa do verbo de esixir o Tr.

#### 4.5.2. Pasar

*Pasar* ten un corpo de acepcións moi amplo; diversifícase especialmente cando abandona a idea de movemento no plano espacial. Esta multiplicidade de sentidos trae consigo un abano de construcións posibles tamén variado. Mais, para este traballo, a consecuencia destacable é que a rexencia do rol de traxecto, que de primeiras é nuclear para este verbo, muda segundo describa un movemento ou non.

Como verbo de movemento con desprazamento require esta figura semántica na case totalidade dos rexistros galegos (no 95% das estruturas en que o verbo se sitúa nesta dimensión semántica) e nunha porcentaxe moi alta en portugués (76%), sexa xurdindo como único elemento fóra de quen realiza o desprazamento –e quen o provoca nas construcións causativas–, sexa compartindo construción con outras circunstancias locativas ou modais. O ES primeiro é aquel en que se combinan as tres referencias espaciais centrais para este traballo: a traxectoria, a orixe e o destino. Coa idea de ‘atravesar’, pártese dun lugar para outro a través do que ocupa a distancia entre estes. De maneira que, no plano semántico, son tres indicacións necesarias para completar o tipo de movemento que describe *pasar*.

## Tendencias xerais no significado

Pola contra, ao abandonar a área de significado espacial, as opcións construtivas base pasan a ser tres. Continúa rexendo o traxecto nunha parte destas acepcións, pero este esquema concorre con outros dous dependendo do sentido verbal: a mudanza da rexencia do traxecto polo destino ou polo beneficiario da acción.

Cando *pasar* describe unha acción sen movemento en que se rexe o traxecto, preséntase un proceso dende unha perspectiva durativa e focalizando a idea de experiencia. Isto é, alguén ou algo ‘pasa por unha situación’. Descríbese unha vivencia, de maneira que non se presenta un estado, senón o que alguén experimentou, é dicir, o traxecto por que ese alguén ou algo atravesa, metaforicamente. No noso corpus de traballo, dos rexistros que non carretan un desprazamento, o traxecto explíctase no 30% das construcións galegas e no 45% das portuguesas. Quérese dicir, é o ES primeiro no idioma luso e o segundo en galego.

Estreitamente relacionada con esta construción semántica encontramos a estrutura con rexencia do beneficiario. Neste caso o verbo pasa a funcionar como unha unidade copulativa: algo é experimentado por alguén ou outro algo. Deste modo, refírese unha Ent que alguén ou algo experimenta, e non xa un Tr por que ese alguén ou algo atravesa. É dicir, descríbese un estado de cousas e non un proceso. Así, a rexencia de traxecto ou a de beneficiario de *pasar* son dúas formas diferentes de interpretar un mesmo tipo de acción que xustifican construcións semánticas diversas. Pero o funcionamento copulativo de *pasar* tamén se desenvolve baixo a formulación semántica dun esquema monoactancial non causativo. Neste caso, mantense a descrición dun estado, pero non se especifica que nada ou ninguén o experimente; simplemente se describe un acontecemento, algo que se dá. Esta estrutura representa un número moi reducido de exemplos no corpus, en singular cando o realizador da acción é [+humano]. Esta última posibilidade recolleuse unicamente no corpus portugués, mais tamén é unha fórmula posible en galego.

*Creo que o guionista estase a pasar* (Cultura Galega. <<http://www.culturagalega.org/anxosdegarda2.php?id=249>>, [17/02/09]).

A construción sen complementación locativa en que o verbo se desenvolve como unha unidade copulativa representa o 47% dos rexistros con ausencia de movemento en galego, mentres que en portugués só alcanza o 10%. Deste xeito, fórmase como o ES base primeiro para a lingua galega, mentres que en portugués se sitúa no cadro

## Tendencias xerais no significado

dos secundarios, xa que a construción semántica con que concorre a explicitación de traxecto no idioma luso é aquela en que se substitúe este rol polo do destino.

*Pasar* pode deixar de focalizar o traxecto para centrarse no punto final da acción tanto se indica un desprazamento coma se non. Cando o rol de Tr se substitúe polo de Dt, non se observa o proceso –sexá un movemento ou non– a través de que espazo ou dimensión se desenvolve, pois fócase o estado resultante dunha transformación ou o lugar alcanzado tras un desprazamento. Por conseguinte, baixo esta construción *pasar* aproxímase ó funcionamento dos verbos de movemento con desprazamento focalizados no punto de chegada. Mais este achegamento é maior se o verbo abandona a idea de movemento. Este é un ES secundario cando o verbo describe un desprazamento. Pola contra, fóra desta noción a importancia da rexencia do destino aumenta: representa o 19% dos rexistros galegos en que o verbo abandona a idea de movemento e o 32% portugueses. É dicir, no referido á distribución por idiomas, esta construción é máis recorrente con *passar* en portugués, porque en galego, cando non se desenvolve *pasar* como un verbo focalizador do traxecto, faino preferentemente como unha unidade copulativa descritora dun estado de cousas.

PASAR				
ES	LG		LP	
	exemplo	%	exemplo	%
Ent + Benef	<i>Non nos pasou esí o conto (LCAFAL990).</i>	24,75%	<i>Que se passa contigo, ó louca das loucas, que nem me vês? (L0416).</i>	5,05%
Mb + Or+ Tr + Dt	<i>Na eirexa de Ansemil, por un arco aberto no muro do vendaval, pasamos a unha capillíña que esta alí de lado (LFRNIN905).</i>	24,5%	<i>Os soldados do rei, que morava em Lisboa, passaram por Vilamurada a caminho de Tavira (L0461).</i>	18%
Ax + Tr (+ Md)	<i>¿Qué catro? Continuou el que está a pasar pola etapa perguntoa (3nt993).</i>	15%	<i>José Maria Perez passou ontem o pior dia da sua vida (J26840).</i>	24,5%
	<i>Pasaba as horas á porta da casa (CSRVEN981).</i>		<i>O Alberto passa dias e dias sem me dar uma palavra (L0494).</i>	
Ent + Dt	<i>Eisí pasaban os días, aboindo os catro de un canto para outro (ALSCON955).</i>	7%	<i>A semana que passou foi decisiva para Ricardo Carvalho (J26708).</i>	13%

Táboa 44: ES base de *pasar*

Réstannos dúas construcións secundarias en ambos os dous idiomas que o verbo pode desenvolver: con rexencia dun rol de natureza modal ou un biactancial causativo. Co primeiro o verbo retorna ó seu funcionamento copulativo, pero interésanos porque é unha fórmula de interpretar dunha maneira diferente o mesmo tipo de situación que se pode presentar baixo a forma dun esquema causativo sen complementación.

Coa explicitación do beneficiario descríbese unha vivencia por parte de algo ou alguén dunha realidade, pero coa indicación modal faise unha descrición dunha realidade, a súa consideración, especificando a través do rol modal a súa natureza ou valoración.

Polo tanto, este verbo como lexema descritor dun estado de cousas diversifícase construtivamente (non causativo monoactancial, non causativo con especificación de traxecto ou non causativo con especificación modal ou do beneficiario), variabilidade que o leva dende o funcionamento predicativo ó copulativo.

Pola contra, o ES biactancial causativo non explicita o Tr porque non importa ningún feito máis que o esquecemento de algo, a falta de acción (acepción 40); a elisión semántica da traxectoria metafórica ou intelectual é facilmente sobreentendida a partir do Pac da acción. Se alguén *pasa cinco follas*, entón deixa de delas ou de observalas; é dicir, omite o feito de levar ese Pac polo proceso de delas ou observalas. Hai unha ausencia da acción xa que esta vai mudar segundo o Pac.

En resumo, a desaparición do Tr da construción semántica de *pasar* provoca ou deriva dunha transformación profunda do verbo. Por outro lado, aínda que todas as opcións construtivas son posibles nas dúas linguas, o dominio de cada unha por idiomas é diferente: o valor copulativo caracteriza o verbo galego, mentres que a pluralización das perspectivas do movemento (físico ou metafórico) descrito caracteriza o lexema portugués. De maneira que, canto máis nos afastemos do funcionamento prototípico deste verbo –unidade de movemento focalizadora do Tr–, maior será a distancia entre o os dous idiomas obxecto de estudo desta investigación.

#### **4.5.3. Andar**

No plano do significado, *andar* sitúase como ponte entre as unidades de movemento con desprazamento focalizadoras do Tr e as que especifican un movemento continuo, abandonando a esixencia de especificación locativa. Esta dobre natureza xustifica a súa dobre construción semántica prototípica. Ó describir un desprazamento concorren un esquema biactancial con rol modal fronte a outro tamén biactancial con referencia locativa de traxecto. Fóra da dimensión espacial, mantense o esquema biactancial con indicación modal, mentres que a segunda estrutura muda o traxecto locativo polo rol de *ámbito*, ó referir unha dimensión intelectual ou metafórica en que se desenvolve a acción.

## Tendencias xerais no significado

ANDAR				
ES	LG		LP	
	Exemplo	%	exemplo	%
Mb + Tr	<i>Dempois botaronse a andar pola beira do río (BLABIO962).</i>	15%	<i>E continuámos andando pela areia molhada (L0342).</i>	5%
Mb + Md	<i>Anda, anda, anda, camiña, camiña, camiña, alanca, alanca, cheguei á Coburgerstrasse (RISMIT934).</i>	16%	<i>Andei duas horas e tal sem ver ninguém (J26396).</i>	17%
Ax + Md	<i>Eu andaba atortorado (DIEFI927).</i>	29%	<i>O que me consola é saber que a querida menina vai andando bem (L0290).</i>	33%
Ax + Amb	<i>Tén andado polos campos da novela, da biografía e do ensaio (CUEPRO962).</i>	13,25%	<i>Lembrei-me que ele andara como externo no Colégio (L0342).</i>	17,25%

**Táboa 45: ES base de andar**

Aínda situándose nestes dous grupos semánticos, existe unha tendencia de comportamento no que se refire a cal delas é a máis habitual para *andar*. Neste punto encontrámonos que a descrición que fixemos do funcionamento semántico de *pasar* é en grande medida compartido e agudizado por *andar*. Deste modo, *andar* difire segundo describa un movemento ou non.

Como verbo de movemento, as opcións de desenvolverse como un verbo focalizador do traxecto e como descriptor dun movemento continuo son relativamente similares, en singular na lingua galega. En confronto, cando *andar* describe unha acción sen idea de movemento, o seu funcionamento modal intensifícase. Mais neste caso non se desenvolve como un verbo predicativo.

Se o verbo especifica un desprazamento, a focalización da natureza modal da acción débese a que non se centra a atención na mudanza locativa, senón na maneira en que se realiza o desprazamento ('a pé, cunha velocidade media e constante'). Mais sen a descrición dun desprazamento, *andar* combínase con complementación modal ó describir un estado de cousas, unha situación; por conseguinte, estamos ante un comportamento copulativo. *Andar* nestes contextos está a sufrir un proceso de baleirado semántico en paralelo co que experimenta *pasar* ou, xa noutros grupos semánticos, *ir*, *vir*, *saír* ou *levar* en idénticas construcións.

En oposición a esta diferente caracterización do verbo segundo describa un movemento ou non ó acompañarse dunha complementación modal, ó combinarse co traxecto ou co ámbito, nos dous casos *andar* mantense como unha unidade



## Tendencias xerais no significado

predicativa. Cando *andar* pasa a describir un desprazamento físico, non importa a onde se chega, só por onde se anda; isto é, o nuclear é o traxecto do movemento. Mais cando o verbo non especifica un desprazamento, pois describe en que dominios, materias ou áreas de saber, actuación, etc. se desenvolve algo ou alguén o rol semántico pasa de ser o Tr ó Amb de actuación. Dalgún modo refírese ó traxecto en que se realiza a acción, pero non o definimos con este rol porque coa acción verbal non se busca chegar a un determinado obxectivo, xa que o propio ámbito é o espazo metafórico que se percorre e, á vez, en que se vai permanecer.

As restantes construcións secundarias no plano do significado de *andar* son variantes destas catro estruturas base. Deste modo, se non refire un desprazamento e a acción xira ó redor da necesidade de que algo ou alguén comece a funcionar (I), sen importar como se faga ou por onde, o esquema pasará a ser monoactancial ou biactancial causativo (algo ou alguén pon en movemento outro algo ou alguén) (II).

(I) *Poñíall'un pauño tamén, pra tirar por el p'angazar, que senón non andaba* (CACQUE986).

*Que fizesse o órgão andar como patas de cavalo solto de uma sela* (L0461).

(II) *Despós xa vén a hora d'enforná-lo, pero á hora e media hai qu'andalo, mové-lo* (LCAFAL990).

No noso corpus a estrutura causativa só foi recollida en galego e tampouco encontramos ningún uso similar en portugués en fontes alleas, polo que semella unha construción exclusiva (e minoritaria) da lingua galaica.

Nestes casos, mantémonos no funcionamento predicativo do verbo, tal e como cando o esquema se amplía coa especificación do rol de *compañía*. Aquí *andar* pasa a referir unha acción concreta ('traballar') a través desta figura que especifica, dalgún modo, o ámbito en que desenvolve alguén a súa actividade laboral.

*¿Con quién anduveche en Teixeira?* (COUTDI976).

*O servente que andava comigo e com meu tio a mostrar-me o colégio* (L0342).

Por último, tal e como con *pasar*, o Tr pode ser substituído polo Dt do desprazamento, cando deixa de ser importante o lugar por que se desenvolve o movemento e se foca o de chegada, intensificando a idea de deslocalización.

*Xuntouse xente; pro o que berraba non podía andar ón lado nin a outro* (LENETN939).

*Já então ele ia andando para a morte* (L0379).

En conclusión, con *andar* pódese establecer un contínuum no seu corpo de significados que interliga todas as construcións semánticas do verbo, interrelacionando, os seus funcionamentos prototípicos como unidade de movemento con desprazamento focalizadora do Tr co de lexema verbal que indica un movemento continuo ou, xa fóra da idea de desprazamento, co seu desenvolvemento como verbo copulativo fronte ó de predicativo centrado no ámbito de actuación.

#### **4.5.4. Funcionamento xenérico do grupo**

Para os verbos deste grupo semántico, en construcións tanto causativas coma non causativas, ó describir un movemento con desprazamento o Tr é un rol fundamental. Pola contra, a situación diversifícase nos sentidos metafóricos en que os verbos xa non se sitúan no plano espacial. Podemos encontrar, en concorrencia cos esquemas en que o traxecto continúa sendo nuclear, outras dúas posibilidades construtivas. Por un lado, o verbo pode rexer outras referencias espaciais –o destino e o ámbito–, que traducen unha modificación da interpretación da acción; e, polo outro, o lexema ten a capacidade de desenvolverse como unha unidade copulativa que especifica un estado a través dunha construción causativa ou dunha non causativa con rexencia de complementación modal.

Por conseguinte, aínda que se podería supor que *andar*, por desenvolverse como un lexema formante de dous grupos semánticos, se afastase amplamente do descrito para este grupo, encontrámonos que non é así. Só xorde para el un esquema amais que compartirá co seguinte grupo verbal: aquel con que se describe un movemento continuo, isto é, con rexencia modal.

#### **4.6. Verbos modais: movemento continuo**

*Andar* é a ponte que nos introduce nas unidades descritoras dun movemento continuo, tales coma *camiñar* e *correr*; de modo que imos partir do funcionamento deste verbo para achegarnos ó dos outros representantes do grupo. Comezaremos nos puntos que comparten entre si e continuaremos con aqueles aspectos que caracterizan cada unidade en particular.

O desenvolvemento da causatividade e os esquemas base dos tres verbos son aspectos compartidos. Os tres lexemas teñen un funcionamento paralelo no que se refire á

## Tendencias xerais no significado

causatividade, xa que todos son fundamentalmente (ou en exclusiva, no caso de *camiñar*) verbos non causativos, aínda que non por igual nas dúas linguas. A causatividade ten unha importancia moi reducida nos dous idiomas, pero, aínda nesas marxes limitadas, observamos que a lingua que se compatibiliza nun maior grao con esta característica semántica é a galega; esta é unha tendencia xa vista con outras unidades de grupos anteriores.

CONSTRUCCIÓNS CAUSATIVAS				
verbo	LG		LP	
	exemplo	%	exemplo	%
camiñar		-		-
andar	<i>Despós xa vén a hora d'enforná-lo, pero á hora e media hai qu'andalo, mové-lo.</i> (LCAFAL990).	0,25%		-
correr	<i>Ti tan forte eres que corre-lo gható que com'o rato...</i> (FRETOC993).	2,75%	<i>Aquêl sentimento maciço, enjoado e um pouco cínico, que contribuíra para correr Januário Garcia do escritório da casa Clark&amp; Sons</i> (L0045).	0,6%

**Táboa 46: Causatividade cos verbos de movemento continuo**

A construción semántica base tamén coincide. *Andar* desenvólvese, como verbo de movemento, con dous esquemas biactanciais: precisa quen ou o que realiza o movemento e ora o modo en que este se desenvolve ora o traxecto do percorrido. Esta última estrutura xustifica a súa importancia en que *andar* tamén se describe como un verbo focalizador desta indicación espacial á hora de referir un desprazamento. Pero se revisamos dunha maneira conxunta a representatividade destas dúas complementacións con *camiñar* e *correr*, veremos que tamén son básicas para o seu corpo semántico. Ou sexa, podemos afirmar que os verbos que indican un desprazamento continuo, de especificaren unha referencia locativa, semanticamente o Tr é de crucial importancia. Esta situación explícase porque ó describir un movemento constante é consecuente que non se chame a atención sobre o punto de partida ou de destino, limitadores ou interruptores da referida continuidade que lles é intrínseca. Esta situación xenérica describe o comportamento deste grupo semántico en galego e en portugués (véxase Táboa 6 do Anexo IV).

### 4.6.1. Camiñar

O corpo semántico de *camiñar* circunscríbese case dunha forma absoluta á descrición dun movemento; no 80% do noso corpus de traballo e nos dous idiomas o verbo

## Tendencias xerais no significado

presenta unha acepción pertencente a este ámbito de significado. A respecto do ES que rexe, o caracterizador desta unidade é unha construción biactancial con explicitación do modo en que se realiza a acción. Esta estrutura semántica é singularmente dominante no idioma portugués. Pola contra, en galego, a construción de *camiñar* diversifícase algo máis, con outros tres esquemas cun uso relevante.

CAMIÑAR				
ES	LG		LP	
	Exemplo	%	exemplo	%
Mb + Md	<i>Cascabeles que se lles poñen ás bestas de tiro pra que camiñen a galope (LAMGAL887).</i>	59,5%	<i>Levas de bois caminhavam vagarosamente (L0583).</i>	72%
Mb + Md + Tr	<i>O porvir nos seus corpos cansos de camiñar por tres partes do mundo (CUEPRO962).</i>	9,5%	<i>Caminhamos toda una légua sem haver quem fale uma palavra (L0011).</i>	4%
Mb + Dt	<i>¡Xa viviremos nós como rainhas e camiñaremos á festa dos Remédios coma señoras! (OPEMAO928).</i>	9,5%	<i>O rei Caminhou para a sua batalha (L0583).</i>	4%
Mb + Or	<i>Veñen tamén pola primavera e camiñan polo setembro, os agachos, as bubelas i as rulas (LENETN940).</i>	10%		-
Ent + Md	<i>Amor e malquerenza camiñan xuntos (CABMAR926).</i>	2%	<i>O progresso social e económico caminha a par e se reforça mutuamente (J60206).</i>	8%

**Táboa 47: ES base de *camiñar***

Tanto en galego coma en portugués, aínda que cunha importancia maior no primeiro, o esquema biactancial base pode mudar ora co engadido dunha referencia espacial ora co troque da indicación modal por unha locativa. O Tr ten un lugar de importancia, pero con *camiñar* o punto de chegada e o de partida do desprazamento gozan tamén dun status de relevo. Imos revisar que consecuencias trae consigo cada unha destas dúas últimas posibilidades.

Cando *camiñar* se acompaña do Dt, pasa a describir un proceso de mudanza (sexa un movemento ou non) de que se adianta o posible punto final, posible porque aínda non foi alcanzado debido á perspectiva durativa propia do lexema verbal. Neste caso non importa a vía, como cando se pon o punto de mira no traxecto, senón o punto que se ten como obxectivo, ou sexa, hai un cambio de perspectiva dunha mesma acción.

Se o segundo rol semántico requirido é a Or, o verbo circunscríbese á acepción ‘marchar, abandonar alguén un lugar’. No noso traballo aparece como un ES de uso moi elevado, superando incluso á rexencia de traxecto, pero esta é unha conclusión

## Tendencias xerais no significado

que debemos matizar. *Camiñar* xorde con este sentido no corpus oral galego nun número considerable de casos, pero todos eles se extraen da mesma obra (LENETN939), polo que é un resultado froito da propia base de datos e non pode ser utilizado como un argumento de normalidade para este sentido. Igualmente é produto do corpus de traballo que non xurda esta construción en portugués; aínda sendo unha posibilidade periférica para o verbo neste idioma, non lle é allea.

*Às 20 horas de ontem, os petistas Carlito Merss e Marquinhos caminhavam do sindicato dos metalúrgicos, onde era realizada a convenção petista (“Carlito é o candidato do PT” en Canal de notícias. <<http://www.carlito.com.br>> [01/07/08]).*

Por último, *camiñar* conta cun quinto ES, periférico, pero interesante á hora de contrastar coas outras súas posibilidades e fundamentalmente co comportamento de *andar*, xa que é unha estrutura tamén recollida con este verbo e que se desenvolve no mesmo ámbito de significado. Tanto con *camiñar* coma con *andar*, descríbese a posta en funcionamento dunha realidade [ $\pm$ humana]. Se o verbo indica un movemento, descríbeo no seu comezo, na necesidade de que se inicie.

*Sube dourado bouton (...) sin poder adiviñar como andas sobre de nós, como te ergues e te pós camiñando sempre así (PINGAI853).*

*O sol caminhava no horizonte (Murilio Barbosa (2008): “Uma cidade entre versos” en Revista Bons Flúidos. Nº 114.).*

Se abandona a dimensión espacial, refírese a posta en marcha dunha realidade [-humana].

*Actividades colectivas que o país reclamaba e que compría poñer a camiñar (FGRANO95).*

*Chegou a ocasião da sr.ª Teresa julgar ter obtido grande alavanca, para fazer caminhar o negócio (L0523).*

Nos dous casos óllase a acción dende unha perspectiva incoativa, polo que se xustifica que non teñan destaque nin indicacións modais nin o traxecto, xa que estas dúas entidades semánticas son propias da definición da acción como un proceso durativo e en curso. Nas bases de datos da nosa investigación, este esquema monoactancial non sobrepasa en ningún caso o 5% do total de rexistros e redúcese a súa presenza ás fontes escritas, ámbito en que, como xa dixemos en anteriores apartados, teñen maior cabida innovacións semánticas menos posibles na oralidade que reflicte o funcionamento base dun verbo.

### 4.6.2. Correr

Tal e como vimos con *camiñar*, *correr* é un verbo fundamentalmente descritor dun movemento en que o seu esquema base é un biactancial onde comparten espazo quen ou

## Tendencias xerais no significado

o que realiza o desprazamento co modo en que este se realiza. O segundo ES inclúe a referencia espacial de traxecto. É dicir, aínda que *correr* amplía o seu corpo de significados a respecto de *camiñar*, o seu funcionamento prototípico mantense dentro do descrito como propio do seu grupo semántico.

CORRER				
ES	LG		LP	
	exemplo	%	exemplo	%
Mb + Md	<i>Andando a modiño somellan virxes; correndo, bolboretas</i> (LAMGAL887).	57,5%	<i>As damas vinham ao balcão; todos os pajens corriam</i> (L0299).	41%
Mb + Md + Tr	<i>Póna de maneira que lle corra a auga polo peito</i> (LAMGAL887).	14,5%	<i>O que ele corria, léguas, sempre no mesmo passo?</i> (L0028).	13,5%
Ent + Md	<i>Pra qu'a vida do fogar poida correr leda e mansamente</i> (RISMIT934).	1%	<i>As coisas no ano passado não correram bem</i> (J43223).	18%

**Táboa 48: ES base de *correr***

Dentro das construcións secundarias deste verbo, imos revisar aquelas que destacan pola súa singularidade ou polo contraste co grupo semántico. Imos comezar coa causatividade. Esta xorde nunha porcentaxe superior de casos con *correr* ca cos outros dous verbos do grupo, mais continúa sendo unha construción periférica e que non inflúe no ES fóra da esixencia dunha figura que provoca a acción padecida por outro. Rexistramos só un ES merecente de destaque dentro da causatividade, non pola súa modificación, xa que rexe unha figura modal, senón pola non explicitación do causante da acción (Pac + Md).

*O seu pai, que corría polo Canexo, tivera unha fábrica de peixe* (PEAPES001).

*Grupo do Stress corre por obra social* (J43628).

Isto débese a que o verbo marca como impersoal o feito de que algo ou alguén sexa coñecido por un sobrenome ou definición; isto é, alguén dálle ese sobrenome ou definición a outro alguén ou a algo, pero, por aparecer esa caracterización como un feito absoluto, a determinación de quen lle adscribiu a referida etiqueta é por defecto imposible. Deste modo, estamos ante unha construción indeterminada no que se refire ó causante da acción e por iso non se inclúe un rol causante no ES.

As restantes construcións secundarias de *correr* son fórmulas tamén periféricas para os outros dous verbos do grupo. Imos destacar catro: un esquema biactancial

## Tendencias xerais no significado

causativo ou monoactancial non causativo; e a rexencia de locativos diferentes ó traxecto, isto é, o destino, a orixe ou un elemento situacional.

Tal e como para *camiñar*, o ES sen complementación é unha opción máis recorrente do código escrito; pero *correr* afástase deste verbo no tipo de acción que describe baixo esta construción. Con *camiñar* encontrabámonos nun proceso incoativo, ollado no seu inicio; con *correr*, a acción é atemporal, o que xustifica que non importe o Tr ou o Md, xa que só se destaca que está a ocorrer algo. Isto é especialmente sensible cando o verbo non indica un movemento, o que xustifica que como construción causativa só apareza nestes contextos.

*Xa está un pouco obsoleto e non ten razón de ser nos tempos que corremos* (FOUENT990).

*No entanto, durante várias horas correram rumores sobre a descoberta de um sobrevivente* (J43946).

Nalgúns casos, pode xurdir un individuo ou institución interesada en que este algo aconteza, en que se dea. Estamos ante o mesmo tipo de acción atemporal, pero cun interesado, cun beneficiario do proceso, de maneira que o esquema se amplía con esta figura (Ent + Benef). Estamos ante unha construción moi pouco usada que na nosa base de datos só foi recollida en portugués.

*Maior dever me corre de ser sisudo* (L0728).

En galego a forma de expresar a mesma idea ('ter apuro, serlle urxente algo a alguén') muda. Pasamos a unha construción triactancial fixa, onde a necesidade semántica do beneficiario se dilúe, pero hai unha especificación modal concreta (*présa*) que focaliza a idea de 'apuro/urxencia'. É dicir, segundo a lingua a construción será diferente para transmitir unha mesma idea.

Cando o rol semántico locativo non é o Tr, tal e como con *camiñar* e *andar*, o oco será preferiblemente ocupado polo Dt da acción. No que se refire ó sentido adquirido polo verbo é parello ó visto para *camiñar*: obsérvase a acción como un proceso de mudanza en que se especifica o punto final que se ten como obxectivo; non está aínda alcanzado porque o verbo observa a acción durante a súa duración, pero determínase cal será o lugar de chegada (espacial ou non).

*Câ invasión bárbara e câ invasión musulmá, a xente dera en correr pra os lugares que pola súa topografía axeitabanse pra esconderse* (CUEPRO962).

*No ano seguinte, rebentando a guerra, ela correu para junto do marido* (L0002).

A interpretación do verbo xunto dun locativo de destino é a mesma independentemente de que haxa ou non unha construción causativa, ou do idioma, aínda que a estrutura non causativa é máis común nas dúas linguas ó non superar a anécdota a presenza dun causante.

Outro ES secundario con substitución do Tr por un locativo é aquel en que ocupa un papel central a indicación de Or. O sentido verbal é tamén o mesmo que o presentado para *camiñar* neste contexto: descríbese un abandono dun lugar, tanto en galego coma en portugués. No caso de *correr* a marcha é provocada por unha realidade diferente de quen ou o que a realiza; é dicir, a construción é causativa.

*Ti tan forte eres que corre-lo ghato que com'o rato...* (FRETOC993).

*Aquêle sentimento maciço, enjoado e um pouco cínico, que contribuíra para correr Januário Garcia do escritório da casa Clark & Sons* (L0045).

Ademais, aínda que o ES é o mesmo para o galego e o portugués, a estrutura sintáctica pode diverxer (véxase cap. 6). Encanto na lingua galaica *correr* con este sentido se constrúe como unha unidade transitiva, en portugués mantense a transitividade, pero tamén se pode esixir o nexo prepositivo *con* antecedendo o obxecto.

Finalmente, rexistramos unha variante do ES sen movemento que ten como rol nuclear o Tr, no que no lugar deste se esixe unha referencia situacional. Neste caso o locativo indica o espazo en que se encontra, en que hai algo. Non hai mudanza, só descrición dun estado de cousas, o que xustifica o cambio de rol semántico.

*Non tomo nada aunque correra* (LPXCON928).

*Os melhores vinhos da adega envelhecidos nas garrafas e botijas correndo em bica* (L0468).

Xurdiu esta construción cuns valores moi similares nas dúas linguas, xa que funciona como unha estrutura secundaria.

#### **4.6.3. Funcionamento xenérico do grupo**

Os verbos indicadores dun movemento continuo teñen unha estreita relación cos focalizadores do traxecto. É un vencello que non se reduce a *andar*, unidade que definimos como ponte entre os dous subgrupos semánticos, porque caracteriza o conxunto. Baseamos a dita relación no feito de que son unidades predispostas á complementación co Tr da acción. Por indicar un movemento sen interrupcións, enténdese que, de centrarse nunha referencia espacial, sexa nesta e non nun dos lindes que, por definición, limitan o referido desprazamento. Se se pasa a requirir os ditos



límites inicial ou final, a interpretación do significado do verbo muda da que se dá como unidade de maneira de moverse continua.

#### 4.7. Verbos modais: movemento reverxente

O funcionamento dos tres verbos que incluímos neste grupo semántico (*volver*, *voltar* e *tornar*) teñen un desenvolvemento paralelo como unidades de desprazamento. Mais non para todos nin nas dúas linguas este ámbito de significado ten a mesma presenza; aí radicarán as diverxencias entre unidades que imos ir desagregando agora (véxase Táboa 7 do Anexo IV).

##### 4.7.1. Tornar

*Tornar* tende a desenvolver, tanto en galego coma en portugués, o seu significado nun plano metafórico e non no espacial, cunha estrutura preferentemente non causativa.

TORNAR				
ES	LG		LP	
	exemplo	%	exemplo	%
Mb + Md + Dt	<i>Amos perseguidores tornan pra as súas casas (PRICON958).</i>	26%	<i>Não sei se terei outra ocasião de tornar a este santo rio (L0011).</i>	5%
Ent + Md	<i>Dun camiño que ascende e que se inclina segundo a primavera Se torna máis presente (FORBAR002).</i>	11%	<i>O evento tornou-se mesmo uma tradição (J24562).</i>	20%
Ent + Md + Dt	<i>Os pinos se torcen con moitos boleos e tornar ó seu si se queda o vento (PINGAI853).</i>	10%	<i>Mas logo esse murmúrio fresco e harmonioso tornava à sua integridade (L0019).</i>	4%
Ax + Md	<i>Eles ían tornarse vellos (FGRANO985).</i>	10%	<i>Os brancos tornaram-se minoritários na Califórnia (J61581).</i>	33%
Ax + Pac + Md	<i>Non é nada doado tornar ise prexuício aínda que estamos moi advertidos (FRNSEG963).</i>	3,5%	<i>São eles também os que prometem futuros céus e infernos, que tornam os males e bens deste mundo em coisas risíveis (L0409).</i>	14%
Cau + Pac + Md	<i>Por máis que fortifiques o íntimo castelo Que ampara e torna inmune robusto corazón (FORBAR002).</i>	3%	<i>Podia o sol tornar a areia em brasa (L0028).</i>	14%

Táboa 49: ES base de *tornar*

Como verbo de movemento reverxente, ten máis opcións de ser empregado en galego ca en portugués, pois este lexema adquire a idea de desprazamento nun 39,5% do corpus do primeiro e nun 7,65% do segundo. Mais, indistintamente da súa recorrencia en cada un dos corpus, a construción base como VMM con indicación de desprazamento é común nos dous idiomas: desenvolve un esquema triactancial onde o Mb, o modo reverxente do movemento e o destino deste son figuras nucleares no plano do significado.

Este mesmo esquema trimembre desenvólvese cando o verbo abandona a idea de movemento, de maneira que o Mb é substituído por unha Ent ou un Ax (Ax/Ent + Md

+ Dt). Só é empregado con certa importancia no corpus galego e a través del *tornar* describe un proceso de transformación que leva a algo ou alguén dun estado (que se pode explicitar) a outro anterior, considerado este último un Dt metafórico colocado no plano intelectual, afectivo, etc. Na lingua portuguesa este esquema –na súa versión causativa e non causativa– é posible, pero, a diferenza da galega, representa unha porcentaxe moi minoritaria de rexistros.

Cando a noción de evolución desaparece, e pásase a describir o estado en que algo se encontra tras un proceso anterior de mudanza, o rol de destino é innecesario. Neste caso o verbo deixa de describir un proceso que se desenvolve de certa maneira para alcanzar un punto final, para referir un estado de cousas en si que, a través de *tornar*, é o froito dunha transformación anterior que non se focaliza agora. En portugués, este esquema biactancial non causativo (Ax/Ent + Md) ou triactancial causativo (Cau/Ax + Pac + Md) cobre máis do 80% dos rexistros do corpus, mentres que en galego non alcanza o 30%. De todas as maneiras, esta estrutura é máis importante, en ambas as dúas linguas, nas fontes escritas ca nas orais. Isto responde a que os sentidos adscritos a este ES se sitúan nun estilo de lingua formal que non caracteriza a maioría das fontes orais consultadas para este traballo (véxase a descrición do corpus de traballo no cap. 2.).

Por conseguinte, aínda que *tornar* presenta as mesmas construcións semánticas nos dous idiomas, a predisposición é diferente segundo a lingua, de modo que en portugués se formula como un verbo de estado, mentres que en galego como un de mudanza, sexa a través dun desprazamento ou non.

#### **4.7.2. Volver**

*Volver* ten un comportamento tamén diverso segundo a lingua; deste modo, mentres en galego funciona preferentemente como un verbo de movemento reverxente non causativo, en portugués desenvólvese en gran parte do corpus como unha unidade afastada da idea de desprazamento e baixo unha construción causativa (véxase Táboa 50).

Como verbo de maneira de moverse, tanto en galego coma en portugués, o modo de desenvolverse o desprazamento –reverxente– e o punto de chegada –un espazo xa visitado antes– son nucleares; mais, encanto na lingua galega estes acompañan preferentemente a quen realiza a acción, na portuguesa este ES concorre en pé de

## Tendencias xerais no significado

igualdade con outro de catro elementos causativo. A estrutura causativa e non causativa son posibles nos dous idiomas, pero teñen unha distribución de preponderancia diferente (véxase Anexo IV, Táboa 7).

VOLVER				
ES	LG		LP	
	exemplo	%	exemplo	%
Mb + Md + Dt	<i>Non o quixeron recibir e volveu a Ourense</i> (OPEMAO928).	44%	<i>Volvi às praias da Foz e reconheci a custo as belas damas da minha mocidade</i> (L0115).	11%
Ini +Mb + Md + Dt	<i>Salvio volveu á carteira as súas prendas</i> (VALMAX880).	9,5%	<i>Não se atrevia a volver para trás os olhos da cara .</i>	15%
Ax + Md + Dt	<i>E con todo, moitas veces volve a cando eras unha nena pequena</i> (CUNHAM958).	9,5%	<i>Entreí em terreno abrolhado; refujo dele, e volvo ao artifício, à dupla, arte do sorriso</i> (L0822).	15%
Ax + Pac + Benef	<i>E dehpoh volveu outra vez: E dice...</i> (REGTD989).	0,4%	<i>Sabes tu que mais? -volveu Simão já enfiado</i> (L0297).	45%

**Táboa 50: ES base de volver**

A distancia entre linguas agudízase cando o verbo abandona a noción de desprazamento físico. En galego, o ES primeiro nesta dimensión de significado é a versión correspondente á estrutura de *volver* ó describir un desprazamento; isto é, o modo en que se realiza a acción e o punto final desta acompañanse de quen ou o que a experimenta. Estamos ante un esquema triactancial non causativo onde, tal e como *tornar* neste mesmo idioma, o verbo describe unha mudanza no estado en que se encontra unha determinada realidade.

En portugués, aínda sendo esta estrutura trimembre un dos seus ES base, o máis empregado é unha cuarta opción: unha construción causativa triactancial onde se explicita o beneficiario da acción. *Volver* adquire o significado de ‘responder’; quérese dicir, funciona como un verbo dicendi, onde o beneficiario da acción designa a quen vai dirixida a resposta emitida por alguén. Este mesmo sentido tamén o encontramos con *tornar*, aínda que nunha versión non causativa, pois con *volver*, alén de quen responde, tamén son roles fundamentais o dito como resposta e a quen vai dirixida. Nas dúas linguas xorde este significado con *volver*, pero o galego non comparte a importancia de uso que ten no portugués.

En resumo, *volver* é usado cunha intensidade diferente segundo o idioma e ten un desenvolvemento semántico prototípico non coincidente nas dúas linguas. Son todos

## Tendencias xerais no significado

sentidos e construcións posibles nos dous idiomas, pero regúlanse dunha forma diversa segundo o código sexa o galego sexa o portugués.

### 4.7.3. Voltar

Para *voltar* o seu desenvolvemento primeiro é o dun verbo de movemento reverxente non causativo. Estamos ante a unidade menos variable das tres escollidas como representativas para este grupo, tanto no contraste entre idiomas coma no funcionamento prototípico en cada un deles.

VOLTAR				
ES	LG		LP	
	exemplo	%	exemplo	%
Mb + Md + Dt	<i>Cando voltei a Esperantes non estaba Arxemiro (FOLLUS953).</i>	63%	<i>Quando já não lhe restava mais nada voltou para a casa vazia (J52567).</i>	51%
Mb+Md+Or+Dt	<i>Oucense foguetes lonxanos, e cantigas de xentes que voltan da festa (VPOALM922).</i>	17,5%	<i>O rapaz, filho único, ainda tão garoto, volta já da guerra (L0085).</i>	17,5%
Ini+Mb+Md+Dt	<i>Pendurou o Coronel o candil do teito e voltouse cara unha mesiña de mármore (MEFARR991).</i>	1%	<i>No momento em que volta a cabeça para trás (L0009).</i>	9%
Ax + Md + Dt	<i>Hai que voltar ó xenio dos conselleiros de Carlos III (OPEMAO928).</i>	9,5%	<i>Por isso a ela voltou, ainda a tremer do susto (L0486).</i>	9,95%

**Táboa 51: ES base de *voltar***

O seu ES esixe o modo en que se realiza a acción –reverxente– e o punto de chegada deste. Se a acción non refire un desprazamento mantense a mesma estrutura base: o destino refire nestes casos ora a dimensión ou a situación á que se retorna (véxase exemplos da táboa 51) ora o estado novo que se alcanza tras o proceso de mudanza no plano intelectual, de natureza, etc. que describe o verbo.

*Deixaría de ser satírico pra se voltar humorista (FRNSEG963).*

*A Baía não o vulgarizara: voltava mais interessante! (L0443).*

Unha variante deste esquema base é aquel en que se focaliza o punto de partida do desprazamento (Mb + Md + Or + Dt). Conta no noso corpus cunhas cifras de uso considerables, pero débese entender como unha extensión do esquema base triactancial.

Para o contraste entre os tres verbos reverxentes e entre idiomas, neste caso sonnos útiles as construcións semánticas secundarias. Boa parte delas tamén lles son propias

## Tendencias xerais no significado

a *volver* e/ou a *tornar*, aínda que cunha diferente distribución por linguas. A situación habitual é que estas estruturas periféricas mentres no galego as desenvolve *tornar* ou *volver*, en portugués só lle son propias a *voltar*. Ou sexa, no que se refire ós sentidos secundarios, existe unha distribución diferente entre idiomas: o luso prefere *voltar*, mentres que en galego se alternan *tornar* e *volver*, pero nunca *voltar*. Referímonos fundamentalmente a tres esquemas, dous desenvólvense no plano de significado do desprazamento reverxente e un último no metafórico.

Cando *voltar* describe un xiro a través dunha vía ou volta, este movemento dáse ata o seu punto final de chegada, polo que rexe un OD que no plano semántico se corresponde co punto de chegada do movemento que se está a referir. Esta é unha construción exclusiva da lingua portuguesa que en galego encontra o seu paralelo nunha acepción de *tornar*: presentan o mesmo sentido, pero con *tornar* a construción é intransitiva e rexe un circunstancial de traxecto.

*Ao voltarmos a esquina* (L0342).

*Ao tornarmos por esa esquina.*

A sinonimia entre estas dúas estruturas é parcial, xa que mentres no caso de *voltar* o OD indica o lugar de chegada do propio movemento, con *tornar* a importancia deste dilúese a pásase a describir o espazo por onde se fai o desprazamento sen especificar cal será o de chegada (no cap. 7 atenderase o funcionamento no plano semántico do OD).

Manténdonos na descrición dun movemento, se este non carrega un desprazamento, senón que refire un xiro que lle dá algo ou alguén a outro alguén ou algo, estamos ante unha construción causativa triactancial (Ini + Mb + Md). Con *volver* apareceu este sentido só en galego, con *voltar* exclusivamente en portugués; é dicir, estamos ante unha nova mostra de como a escolla léxica que presentan estes dous idiomas entre *volver* e *voltar* é inversa.

*Voltei para fora o bolso do peito* (L0290).

Finalmente, cando o verbo non describe un desprazamento pode esixir a concreción do beneficiario da acción. Baixo a construción causativa (Ax + Pac + Benef) *voltar* funciona como un verbo dicendi sinónimo de ‘responder’ que esixe a concreción da resposta e a quen vai dirixida.

*Nunca lhe voltaria uma opinião crítica* (L0043).

Esta construción con *volver* é a maioritaria en portugués; pola contra, con *voltar* o seu uso porcentual redúcese singularmente, xa que este verbo é a unidade prototípica deste idioma para referir un desprazamento reverxente.

O ES non causativo (Ent + Benef) emprégase cando *voltar* describe unha toma de consciencia, unha recuperación de algo por parte de alguén. Só se recolleu na lingua portuguesa, pois no idioma galego aparece este sentido con *volver* no noso corpus, aínda que en fontes alleas a el tamén o rexistramos para *voltar*.

*Abriu os olhos, a percepção nítida das coisas foi-lhe voltando* (L0443).

*Volveume o conflito da alma e do corazón pero daquela enfronteime, valente como o enfermo Louis Washkansky, a un espello* (Sumai Anxos: 'Christian Barnard, 3 de decembro de 1967' en *Crítica da razón pura*. <<http://www.culturagalega.org>>, [25/02/09]).

Por conseguinte, mais que unha construción exclusiva dun dos verbos, temos unha distribución preferente entre *voltar* e *volver* diversa segundo a lingua que consideremos.

#### 4.7.4. Funcionamento xenérico do grupo

Os verbos de movemento reverxente teñen un desenvolvemento paralelo á hora de describir un desprazamento. Son unidades que explicitan un modo concreto de realizalo –caracterízase o desprazamento como un retorno– e que esixen o punto final deste, que é un lugar xa visitado ou onde se estivo antes.

O funcionamento deste grupo semántico pluralízase cando se abandona o plano espacial e se entra nas acepcións vencelladas ó ámbito metafórico. Aquí o funcionamento entre linguas e entre verbos diversifícase. Deste modo, en galego a versión correspondente ó esquema base de movemento mantense como a primeira opción construtiva, é dicir, o requirimento do modo en que se desenvolve a acción e do punto final deste son os roles semánticos que entran en xogo, xa que se describe unha mudanza de estado. Pola contra, en portugués a situación pluralízase: ora estamos ante un verbo descriptor dun estado e, por conseguinte, non se explicita ningún punto final xa que non hai ningún proceso que nos leve a ningures; ora funciona primeiramente como un verbo dicendi, de maneira que o ES cambia.

De todos os xeitos, as diferenzas máis substanciais entre idiomas e que lle afectan ó comportamento destes verbos segundo a lingua son dúas: o hábito de uso de cada un deles e a porcentaxe de emprego como verbo de desprazamento. Segundo a

importancia destes dous criterios encontramos unha diferente escala na predisposición destas unidades para funcionaren como verbos de movemento reverxente e, singularmente, encontramos unha relación distinta entre o par *volver-voltar*.

Deste modo, mentres o uso nos amosa dúas xerarquías para cadanseu idioma,

Lingua galega:

*volver* (1175 rexistros) > *voltar* (312 rexistros) > *tornar* (103 rexistros)

Lingua portuguesa:

*voltar* (2917 rexistros) > *tornar* (2077 rexistros) > *volver* (1175 rexistros)

estas non se manteñen na importancia da idea de desprazamento nos seus respectivos corpos semánticos. Neste caso, a escala é común para os dous idiomas (*voltar* > *volver* > *tornar*), aínda que con conclusións diferentes.

En galego, tanto *voltar* coma *volver* son verbos cun corpo de significados singularmente circunscrito á idea de desprazamento, mentres que *tornar* se especializa na descrición de accións fóra do plano espacial. Isto é, este último verbo está máis marcado semanticamente, o que fai o seu uso máis raro como verbo de desprazamento, mentres que *voltar* e *volver* son dúas unidades sinónimas con clara vantaxe no uso para *volver*.

En confronto, en portugués este par en tensión, aínda que mantén *tornar* na periferia como verbo de desprazamento, o hábito de uso á hora de indicar a acción de moverse dunha maneira reverxente muda radicalmente entre eles. *Voltar* é un verbo case en exclusiva de desprazamento; *volver* presenta como sentido prototípico o significado ‘responder’, de maneira que a idea de movemento é secundaria. Isto é, encontramos os dous verbos, pero cunha diferente especialización. Mentres *voltar* se caracteriza como verbo de desprazamento reverxente, *volver* faino como unidade dicendi.

En conclusión, aínda que son verbos que comparten boa parte do seu corpo semántico, a súa sinonimia é parcial por teren unha distinta distribución de usos en cada un dos dous idiomas que tratamos neste traballo.

#### **4.8. Verbos modais: movemento secuencial**

O movemento descrito por *parar* diferénciase dos restantes tipos en que con el se focaliza a súa interrupción, xa que hai un desenvolvemento da acción por secuencias.

## Tendencias xerais no significado

Isto non quere dicir que o funcionamento semántico deste subgrupo verbal difira en grande medida do xa visto. Todo o contrario; aínda que a perspectiva presentada do desprazamento é distinta, o comportamento semántico é paralelo ó dos restantes verbos deste traballo, tanto no que se refire á clase de acepcións dominantes, coma á construción semántica ou á súa relación coa causatividade (véxase Táboa 8 do Anexo IV).

No ámbito do significado, *parar* desenvólvese primeiramente como un verbo de desprazamento non causativo, tanto en galego coma en portugués. Por conseguinte, as acepcións metafóricas ou desvencelladas da idea de movemento cobren un plano secundario do corpo semántico de *parar* e aí será onde as súas posibilidades construtivas se pluralicen.

A respecto do tipo de roles semánticos que require, aínda que este verbo se caracteriza como unha unidade de maneira de moverse, a figura central non é modal, senón locativa: o Dt. A xustificación para este comportamento está en que a maneira implícita de desenvolverse o desprazamento que describe *parar* é unha caracterización do propio destino. Para os verbos secuenciais (*parar*, *aparcар*, *estacionar*, *atracar*...) o lugar de chegada márcase como o espazo onde se interrompe o movemento, o que xustifica o papel fundamental no plano semántico desta indicación locativa final.

PARAR				
ES	LG		LP	
	exemplo	%	exemplo	%
Mb + Dt	<i>O día 15, de camiño para Compostela, pararemos en Monforte (FGRANO985).</i>	57%	<i>Frei Gaspar fazia-nos parar diante de cada monumento (L0011).</i>	63%
Ini +Mb + Dt	<i>Colle cara prás escaleiras, pero claro, o outro xa ua parou nas escaleiras, e pos claro, a Balbina non berrou (LCAFAL990).</i>	9%	<i>À ordem do polícia, José parou o carro mas recusou-se a soprar no balão (J34791).</i>	15%
Ax+ Amb	<i>Mais o cabaleiro con ninguén se parou (LFRNIN905).</i>	14%	<i>Não podia parar com os percevejos! (L0443).</i>	9,5%

**Táboa 52: ES base de *parar***

Á vez, a causatividade tampouco é unha discordancia co conxunto. Observamos que a maioría dos verbos de movemento con desprazamento contan tanto con construcións causativas coma non causativas, diferenciándose entre si segundo dominen unha ou



outra opción. Con *parar* acontece o mesmo: predomina a non causatividade, pero o funcionamento causativo tampouco é incompatible co dito verbo.

Por conseguinte, combinando a esixencia do destino coa súa preferencia non causativa obtemos os esquemas base de *parar* (véxase Táboa 52).

Cando o verbo non describe un desprazamento, o destino mantense como unha figura central se *parar* refire un proceso de transformación cara a un novo estado.

*Veremos en qué para esto* (VALMAX880).

*Com o Big Brother abre-se um precedente e não sei onde é que se vai parar* (J53153).

Mais, neste eido semántico metafórico, o esquema preferente de *parar* muda a referencia espacial polo *ámbito* de actuación. É unha estrutura non causativa onde unha realidade [ $\pm$ humana] desenvolve a acción nun contexto, área intelectual, etc. A escolla da preposición *en* propia deste verbo para introducir o punto de referencia da chegada fai que a fusión deste locativo coa idea de situación nun lugar ou ámbito sexa moi común. Deste modo, este esquema conta con dúas variantes secundarias para a construción de *parar*. Ora múdase a figura semántica do *ámbito* por un locativo situacional ora pola *compañía*.

Cun locativo situacional séguese describindo o campo de actuación, pero neste caso é o lugar onde queda, onde permanece algo ou alguén, polo que xa non é un ámbito metafórico, intelectual, etc., senón un espazo físico. Tampouco ten cabida aquí a causatividade e desenvolve un uso similar entre linguas situado na periferia.

*A miña cabeza parecía un urizo cacho, o sombreiro non quería parar nela* (LPXCON928).

*Um brilho feroz e metálico parou-se profundamente nos olhos de Adriano* (L0095).

Unha segunda forma de interpretar a estrutura Ax + Amb xorde co esquema Ax + Cía. Nestes casos, a *compañía* refire o ámbito, o espazo metafórico en que alguén se detén, pero como se lle engade o sema de acompañamento (‘vivir alguén con outro alguén, permanecer nun lugar con alguén’), consideramos adecuado mudar o tipo de figura semántica. Esta é unha fórmula moi minoritaria en lingua galega, só recollida no corpus escrito; en portugués nin no corpus de traballo nin nas fontes lexicográficas consultadas recolleemos ningún exemplo ou referencia a este sentido.

Finalmente, restan dous esquemas, un biactancial causativo (Ax/Cau + Pac) (I) e un monoactancial non causativo (Ax/Ent) periféricos (II), pero que se desenvolven en coherencia co visto ata o de agora.

(I) *O desexo de pousar a vista no teu pulso de parar a escrita ese instante* (PATNIN996).

*Creio que situação começou a inverter-se quando parámos essas operações* (J61706).

(II) *A máquina de rolar discos non paraba* (NEIHIS968).

*No alto da colina o moinho parara, transido na larga friagem do ar* (L0379).

Nestes casos o verbo indica un cese da acción, en que, ó non corresponderse cun desprazamento, non importa o punto alcanzado porque sempre é o mesmo: a non actividade, a fin do funcionamento de algo ou alguén causado ou non por algo ou alguén. É un valor secundario para este verbo nas dúas linguas, pero propio para ambas, xa que o esquema causativo en que a realidade que produce a acción é [-humana], aínda que non foi rexistrado no noso corpus de traballo, é tamén posible en galego.

*A inspección de traballo parou parte dos traballos do Porto Exterior da Coruña esta mañá. A inspección de traballo parou parte dos traballos do Porto Exterior da Coruña esta mañá* (A Nosa Terra Diario. <<http://www.anosaterra.org/nova/paralizadas-as-obras-do-porto-exterior-.html>>, [08/03/09]).

En conclusión, en contra do que podería parecer atendendo o tipo de movemento descrito por *parar*, o funcionamento semántico deste verbo é acorde co rexistrado para os verbos de movemento ata o de agora. É dicir, caracterízase por transmitir un desprazamento de causatividade variable focalizado nun dos lindes locativos que condiciona a perspectiva da acción, tanto en lingua galega coma na portuguesa.

#### 4.9. Conclusión

Neste capítulo fíxose unha revisión dos valores e ES máis habituais dos verbos que centran este estudo na busca de tendencias xerais que nos permitisen agrupalos e non ter que traballar, á hora de enfrontar a análise dos verbos de movemento, con unidades illadas sen relación. Encontráronse suficientes regularidades no seu funcionamento semántico que nos permiten defender a rendibilidade do emprego dunha clasificación dos verbos de movemento que defina, a priori, cales son as xeneralizacións que se pode esperar de cada un.

Cinco esquemas, con cadansúas catro variacións segundo sexa unha acción causativa ou non e segundo o verbo carrete movemento ou non, son compartidos por case a

totalidade dos verbos de movemento. A diferenza encóntrase no status que cada unha destas construcións ten nos diferentes subgrupos semánticos que establecemos.

1. ES biactancial causativo ou monoactancial non causativo. Recóllese coa maioría dos verbos de movemento como esquema secundario, pero só caracteriza o funcionamento das unidades semanticamente máis neutras do conxunto dos verbos de movemento (*mover*). É dicir, baixo esta estrutura descríbese un desprazamento, pero nin se foca unha referencia locativa concreta (Dt, Or ou Tr), nin a maneira en que este se desenvolve; óllase o proceso como unha acción xenérica.

2. ES triactancial causativo ou biactancial non causativo con explicitación do Dt. É a construción semántica máis repetida no conxunto dos verbos de desprazamento. Funciona como o esquema primeiro para as unidades de movemento na verticalidade con sentido ascendente, na horizontalidade focalizados no Dt, para os verbos de movemento reverxente (ó describir un desprazamento e xunto do rol modal) e para os secuenciais. Ó mesmo tempo, desenvólvese como unha opción construtiva secundaria para a práctica totalidade dos restantes tipos.

A recorrente explicación deste rol semántico vén dada polo tipo verbal que estamos a analizar. Se se describe un desprazamento vén de seu que este sexa cara a un lugar, polo tanto, é comprensible que esta figura sexa a máis repetida para este grupo de verbos.

3. ES triactancial causativo ou biactancial non causativo con explicitación do Tr. É outra posibilidade construtiva que se repite como esquema secundario ó longo dos diferentes subtipos de verbos de movemento, pero só funciona como estrutura base coas unidades que describen un desprazamento na horizontalidade focalizando o Tr e coas modais continuas. O papel destacado do Tr para a construción semántica dos verbos continuos débese ó carácter durativo destas accións; ó describir un movemento en proceso non ten cabida concretar, como situación primeira, os puntos locativos que limitan o referido desprazamento en curso.

4. ES triactancial causativo ou biactancial non causativo con explicitación da Or. Os verbos de movemento na liña horizontal focalizadores do punto de partida, xunto dos que se sitúan na verticalidade cun sentido descendente son os únicos subtipos que contan con este rol dentro da súa construción prototípica. De todos os xeitos, é habitual que estas unidades se coloquen nunha situación fronteiriza e precisen a

concreción do Dt xunto da Or (*vir, levar* ou *baixar*). A fincapé no punto de partida con estes verbos non é tan clara, pois concorre esta indicación, en importancia, coa de chegada, ó compartir ES ou favorecer a presenza do Dt e a non esixencia da Or.

5. ES triactancial causativo ou biactancial non causativo con explicitación dunha referencia modal. Moitos dos verbos de movemento con desprazamento están a sufrir un proceso, en diferente grao segundo o lexema, de baleirado semántico que os leva a funcionar como unidades copulativas, ou sexa, descritoras dun estado de cousas (*ir, vir, saír, andar*, os verbos reverxentes, etc.). Nestes contextos as referencias locativas perden importancia e pasan a ocupar o seu lugar outras de natureza modal.

Alén destes contextos, os verbos continuos e os reverxentes refiren de seu unha maneira de realizarse o desprazamento ('sen interrupción e cunha velocidade constante' 'de retorno'), polo que xunto destes subtipos o primeiro ES é aquel que esixe a dita especificación modal. Non acontece o mesmo cos verbos secuenciais, xa que nestes o que se caracteriza, a través do seu significado, é o punto de chegada como o espazo onde se interrompe o desprazamento; de maneira que as indicacións de modo toman un rol secundario ó non viren no propio corpo semántico do verbo.

Abandonando os subgrupos verbais, ó longo deste capítulo achamos tendencias no comportamento dos verbos de movemento con desprazamento a partir doutros aspectos: segundo o significado se adscriba á idea de movemento ou non, segundo se encadre nun texto oral ou escrito e, finalmente, segundo se atenda a lingua galega ou a portuguesa.

A respecto do primeiro nivel, cando o verbo non describe un movemento con desprazamento o seu comportamento pode pluralizarse chegando a abandonar o grupo semántico primeiro ó que foi adscrito ou o funcionamento predicativo.

No confronto entre a lingua oral e a escrita, en todos estes lexemas o segundo soporte é o máis anovador, onde teñen maior cabida construcións secundarias. Na comunicación oral, froito da limitación temporal á hora de elaborar a mensaxe, téndese a escoller os sentidos e construcións prototípicas dun verbo. É dicir, a oralidade semella o tipo de fonte máis idóneo na busca da definición xenérica destes lexemas.

No que se refire á oposición entre idiomas, alén das diferentes escollas ou distribucións que recollemos dentro de verbos que comparten certos espazos semánticos (*voltar/volver*, *chegar/achegar*) ou do funcionamento completamente diverso entre linguas con certas unidades (*baixar* e *marchar* destacan neste punto), outra discordancia constante áchase na causatividade. No conxunto dos verbos de movemento esta é unha capacidade construtiva maior na lingua galega ca na portuguesa. Só con dous lexemas se rompeu esta tendencia (*baixar* e *chegar*), e débese a que no idioma luso estas unidades teñen un funcionamento semántico diferente ó do grupo en que os encaixamos, en confronto co propio para o galego.

En resumo, hai coincidencias xenéricas reguladas polo tipo de código, pola lingua, polo subgrupo semántico ó que pertenza o verbo e pola dimensión de significado á que se adscriba o uso concreto. É dicir, propomos que o uso dunha clasificación dos verbos de movemento presenta máis vantaxes ca inconvenientes ó amosarse como unha ferramenta útil para afrontar a tentativa de achegármonos ó coñecemento semántico prototípico do conxunto dos verbos de movemento na busca de liñas de comportamento comúns. Con ela podemos establecer e delimitar o esperable, o maioritario para cada subgrupo, pero, para facer un uso lexítimo de calquera proposta epistemolóxica, debemos ser conscientes dos seus límites. O que describimos como xenérico, propio dun determinado subgrupo verbal, non nos dará en ningún caso todo o conxunto de potencialidades semánticas e construtivas dunha unidade verbal no plano do significado. Os verbos presentan sentidos e usos metafóricos adquiridos, ó igual que pluralidade de estruturas semánticas secundarias, que lles son exclusivas en moitos casos e que son imposibles de predicir só a partir do grupo ó que cada un sexa adscrito.

## **5. Discurso fixo e os verbos de movimento**



No terceiro capítulo fixemos unha presentación do corpo semántico dos verbos de movemento con desprazamento e das súas correspondentes construcións. A partir de aí, no cuarto establecemos cales son os sentidos e os conseguintes ES prototípicos de cada unidade; dende eles, determinamos o funcionamento dos grupos verbais obxecto de estudo nesta tese. Mais houbo unha casuística particular refirida ó ámbito do significado deixada de lado: aqueles contextos en que os lexemas se inclúen en estruturas de discurso fixo, entendendo a cualificación *fixo* como “a term used in Linguistics and Phonetics to refer to an unchanging aspect of the Structure of a linguistic unit; opposed to Free” (Crystal, 2004: 182).

Un falante ten a capacidade de crear discurso libre atendendo a gramática da lingua que está a usar, pero tamén ten ó seu dispor expresións non novas que “obedece[n] a unha tradición, a un saber histórico” (González García, 1995: 7). Este tipo de construcións fixas e non anovadoras denomínanse *discurso repetido*<sup>1</sup>, *linguaxe literal*<sup>2</sup> ou *discurso fixo*<sup>3</sup>; referímonos a expresións destinadas a ser repetidas sempre nos seus propios termos sen apenas variación. Pero para o seu tratamento hai dúas dificultades que destacan: a primeira é que a fronteira co discurso libre é difusa; e a segunda sitúase na súa diversidade tipolóxica, tanto pola extensión e fixación coma pola súa finalidade no discurso. Considéranse estruturas de discurso fixo as expresións lúdicas, a fraseoloxía e os marcadores discursivos (MMDD).

Refráns, oracións ou cántigas configuran un conxunto denominado como expresións lúdicas, que posúen unidade conceptual e/ou funcional. Da mesma maneira cás expresións lúdicas as frases feitas funcionan como unha unidade autónoma no discurso, pero é característico destas últimas contaren cunha extensión máis reducida, teren, aínda que con fortes restricións, unha maior capacidade de variación e seren “unha unidade lingüística que se emprega para crear textos e se vincula cunha situación dada” (Álvarez de la Granja, 2003: 11). Por outra banda, os MMDD son realidades lingüísticas dunha extensión aínda menor e empréganse para “pór de manifesto a disposición que lle quixo dar [o emisor] ás diferentes partes que o

---

<sup>1</sup> “Discurso repetido son trozos de discurso ya hecho y que se pueden emplear de nuevo.” (Coseriu, 1977: 259)

<sup>2</sup> “Llamemos *lenguaje literal* al empleado en comunicaciones que deben ser descifradas en sus propios términos y que así deben conservarse.” (Lázaro Carreter, 1980: 160)

<sup>3</sup> Nós imos empregar esta etiqueta por estar menos circunscrita a un tipo de elementos discursivos non espontáneos.



constitúen [o discurso], ou ben para lle transmitir ao interlocutor as indicacións precisas sobre a articulación do texto e sobre as relacións que se producen no seu interior, e asegurar desa forma o desenvolvemento da comunicación” (Freixeiro Mato, 2005: 9; para outras definicións similares destes elementos véxase Martín Zorraquino, 1991: 255; Martín Zorraquino e Portolés Lázaro, 1999: 4057; ou Vázquez Veiga, 2003: 51-57). Polo dito ata agora, vese que un dos trazos diferenciadores máis evidentes entre os tres subtipos é a súa dimensión, pero non hai unha determinación clara de que tamaño mínimo ou máximo ten cada unha delas. Por outra banda, o funcionamento destas unidades é moi plural, tanto semántica coma sintacticamente, polo que non existe unha definición pechada de ningunha, o que dificulta diferencialos.

Esta situación explica que as estruturas de discurso fixo fosen e sexan nos estudos semánticos ou lexicográficos obxecto de estudo á parte. En Freixeiro Mato (1999: 19) asegúrase que

[non] deben ser obxecto de estudo da lexicoloxía as expresións fixas –xiros, modismos, frases feitas–, por presentaren un funcionamento en bloque, o que impede que os seus componentes se conmuten por outras pezas lexicais, e por non teren o mesmo tipo de estruturación que o resto do léxico.

Ou sexa, o seu funcionamento afastado do discurso libre aconsella o seu tratamento tamén apartado. Pero a fronteira entre estes dous tipos de mensaxes (espontáneo e fixo) non é sempre clara.

O proceso de fixación é lento polo que antes de acadar a fosilización total cada expresión irá gradualmente inmovilizándose ata chegar á necesidade de ser repetida sempre nos mesmos termos. A oposición sintagma libre-sintagma fixado non é tallante senón gradual (...) entre os extremos formados polo sintagma libre (libremente conmutable) e a locución que presenta unha palabra idiomática danse moitos casos, todos distintos (González García, 1995: 8).

Esta situación xustifica que o repertorio de discurso fixo non se poida mostrar como unha realidade pechada, senón como un ámbito en que a vitalidade e a capacidade de mudanza dun idioma concreto se evidencia. De todos os xeitos, podemos presentar tres características fundamentais que definen a grandes trazos unha estrutura como discurso fixo.

A primeira é a imposibilidade de conmutar ou mudar os seus membros; son estruturas fixadas na fala dunha comunidade. Esta propiedade non se cumpre do mesmo modo en todos os tipos de discurso fixo. Mentres nas expresións lúdicas (refrás, oracións,

etc) ou nos MMDD as posibilidades de variabilidade son moi reducidas ou nulas, na fraseoloxía os lexemas formantes da unidade poden contar con morfemas gramaticais diferentes, morfemas derivativos, etc. Teñen unha capacidade de variación tamén limitada, pero maior cós outros dous tipos de expresións fosilizadas.

A segunda característica do discurso fixo é que os membros da estrutura (indistintamente do número de palabras que a conformen) non teñen un significado propio, senón un sentido adquirido polo conxunto. Por conseguinte, estas expresións poden estar formadas por palabras inventadas, arcaísmos ou contar con numerosas variantes; o sentido é do conxunto, polo tanto, estas circunstancias non producen consecuencias no significado final da expresión.

Por último, como son creacións non individuais para manter dentro do saber comunitario, a súa forma debe chamar a atención. Isto explica que sexan moi comúns recursos retóricos non habituais no discurso espontáneo: construción con forma de pareados, rimas, xogos de palabras, aliteracións, paradoxos, rupturas coa liña entoativa do discurso, etc.

Distinguímos dous tipos de discurso fixo (véxase cap. 3): a fraseoloxía (indicada cun F) e os MMDD (indicados cun Q). Non diferenciamos o que serían as expresións lúdicas, xa que as incluímos no primeiro subtipo. Estes dous, na práctica, son moi difíciles de distinguir e, semántica e sintacticamente, non encontramos razóns que xustificasen a aposta por unha clasificación diferencial. Optamos polo tratamento conxunto deste tipo de unidades tal e como o fixeron noutros traballos máis especializados nesta área da lexicografía. Algúns exemplos son o traballo de Veiga Días<sup>4</sup> (1996) ou o de López Taboada (1995), tal e como se expón no prólogo da obra feito por González García<sup>5</sup>. Deste modo, o conxunto de construcións de discurso fixo en que se inclúe un verbo de movemento con desprazamento foi clasificado neste traballo segundo os referidos dous tipos.

---

<sup>4</sup> “En moitas ocasións non é doado establece-las diferencias entre fraseoloxía e refraneiro, e por iso mesmo algunhas expresións que aquí se inclúen poderían considerarse refráns.” (Veiga Días, 1996: 85)

<sup>5</sup> “O corpus que nos comprace prologar céntrase sobre todo nas locucións, pero as dificultades de delimitación e o desexo xeneroso de ofrecer máis que de limitar leva ás autoras a introducir algúns casos límites, quizais máis próximos ó refrán ou á fórmula lúdica” (González García, 1995: 9)

### 5.1. *Marcadores discursivos*

A análise do discurso presentouse nas últimas décadas como unha ferramenta moi rendible para ollar o feito lingüístico dende outra perspectiva. Aquí o discurso considérase un todo, de maneira que pasan a ocupar un lugar central nas investigacións fenómenos lingüísticos que, por non regulares no seu comportamento, eran tratados dunha forma superficial ou non considerados noutro tipo de estudos da lingua. Un deses fenómenos son os MMDD. Estamos a nos referir a elementos lingüísticos que presentan un moi alto uso no discurso, pero, ó analizalos, as etiquetas da sintaxe tradicional non son válidas, nin tampouco é posible facer unha descrición única para o conxunto e incluso determinar todos os formantes dese grupo é unha tarefa difícil (véxase Martín Zorraquino, 1988: 13; ou a introdución do *Diccionario de partículas discursivas del español*<sup>6</sup>). Toda esta complexidade e falta de uniformidade provoca que haxa discrepancias no seu tratamento que afectan aspectos tan fundamentais como pode ser a propia etiqueta para sinalalos. Deste modo, encontrámonos con diferentes denominacións contemporáneas: *conectores*, *partículas discursivas*, *partículas pragmáticas*, *MMDD*... (véxase Vázquez Veiga, 2003: 51-57). Cada unha delas reflicte tamén un modo diverso de ollar. Na actualidade triunfa MD, por ser a máis englobadora; é dicir, funciona en certa maneira como un hiperónimo das restantes etiquetas máis delimitadoras por pretenderen translucir a variabilidade de funcións no discurso destes elementos (véxase Freixeiro Mato, 2005: 70). Outro problema é a clasificación destes elementos; a partir da diversidade de funcións, xurdiron múltiples formas de organizalos e de designar os seus roles no enunciado, de maneira que aínda non se conta cunha proposta única e común á hora de enfrontarse ao estudo destes elementos (véxase Freixeiro Mato, 2005: 71-83).

Como xa indicamos, os MMDD non teñen unha función sintáctica na oración; o seu labor sitúase no ámbito discursivo: ora desenvólvese como unha ferramenta fundamental para a cohesión textual ó organizar o discurso dunha forma interna ou a respecto da intervención do interlocutor, é dicir, regulan a orde dos elementos, xerarquizan a información emitida ou relacionan o discurso coa exposición propia ou coa do outro; ora transmiten a intención comunicativa do emisor. Fóra do dito, hai

---

<sup>6</sup> (Briz, 2008)

moi poucos trazos que sirvan para definir o conxunto dos MMDD, polo que non se logrou elaborar unha definición pechada desta unidade discursiva. Mais si se foron determinando unha serie de características que, en maior ou menor grao, definen o funcionamento destes elementos:

- Son un tipo de partículas de moi diversa orixe gramatical [adverbio (*ben*), verbo (*mira*), conxunción (*pois*), interxección (*ai*), etc.] que perderon as características gramaticais e sintácticas que lles eran inherentes ós tipos de palabra.
- Non desenvolven unha función sintáctica no discurso.
- Non adoitan permitir a complementación (aínda que pode haber fosilizacións do seu pasado gramatical).
- Non admiten a negación.
- Funcionan a nivel do discurso.
- Íllanse entoativamente do resto do discurso.
- Teñen a capacidade de combinarse entre si diferentes MMDD ou de facelo con outros tipos de elementos externos.

Unha vez presentada a idea de MD con que traballamos, podemos comezar co tratamento daqueles que recollemos no noso corpus, formados a partir dos verbos de movemento con desprazamento.

Unha das categorías da gramática tradicional que se formula como das máis rendibles para a formación de MMDD é o verbo. A importancia no uso desta xustifica a súa progresiva fosilización e posterior funcionamento como un elemento pragmático fóra da oración. Por outra banda, este fíxase na forma imperativa ou, en menor medida, no presente de Indicativo. Este modo e tempo verbais son os empregados para a interacción co outro, un dos valores fundamentais dos MMDD, singularmente dos propios da conversación –sexa esta oral ou escrita, sexa real ou simulada ó ficcionalizar un suposto diálogo, por exemplo, co lector–.

Por outra banda, no noso corpus de traballo, encontramos que non todos os verbos desenvolveron estruturas de discurso fixo a este nivel. Achamos que para que un lexema verbal poida adquirir un funcionamento no discurso como partícula pragmática deben darse dous condicionantes:

- Ter o verbo un amplo corpo semántico.
- Poder funcionar como unha unidade copulativa (véxase o cap. 4).

Combinando estas dúas propiedades obtemos as unidades verbais que abandonan esta categoría e pasan a funcionar como MMDD: *ir, andar, vir, levar, baixar, pasar, volver, voltar e parar*.

A única excepción que xorde neste traballo é *saír*. Este é un verbo cun amplo corpo semántico e tamén admite un funcionamento copulativo, pero, pola contra, non desenvolve un funcionamento discursivo. A razón está na súa resistencia ó proceso de baleirado semántico, requisito fundamental para o abandono da categoría verbal e pasar á de partícula discursiva. *Saír*, como verbo copulativo, describe un estado de cousas, pero sen perder o seu significado base: mantense a idea de orixe. En construcións do tipo *sae bo o xabón de lagarto*, consérvase a noción de que ese produto ten unha orixe concreta que condiciona o seu resultado final como mercadoría ou ben. Polo tanto, se como unidade copulativa mantén en grande medida o seu significado primeiro, enténdese que o verbo rexeite a necesidade de perda semántica que significa o funcionamento discursivo.

Os lexemas que adquiriron o funcionamento de MMDD padeceron un proceso de baleirado semántico progresivo que os levou a comportarse como unidades discursivas. Este proceso conta con catro estadios fundamentais. En primeiro lugar, como verbos de movemento con desprazamento, describen esta acción que alguén ou algo realiza.

*Quem for ao Rivoli esta noite terá o privilégio de ouvir a primeira audição absoluta* (J60149).

*Estaban ó lado dun camiño por donde eu iba* (FNZPRO810).

Nun nivel intermedio, alguén motiva a outro para que desenvolva o referido desprazamento.

*Vai, meu Abelardiño, e traí ben petadiño o pan* (BLABIO962).

*Porque não vais ao Fulano? É formidável, não calculas* (L0233).

Dende aquí, mantense a chamada á actividade, pero ó abandonar a idea de movemento pode ser unha simple provocación para a acción, non xa espacial nin física.

*Quer dicer, vai ao grao, ao seguinte paso, á seguinte cena* (3nt993).

*Vai um copito do rascante?* (L0523).

Finalmente, poderase usar como unha ferramenta para atraer a atención do receptor e, dende aí, ir desenvolvendo co tempo outros valores prototípicos das partículas discursivas.

*Despois, ¡vai-che boa!, como desapareceron nunha selación, sigúñ para diante (LFRNIN905).*

*Vai, que fiz eu? (L0075).*

Segundo sexa maior a versatilidade semántica do verbo e estea máis avanzado o seu proceso de transformación en unidade copulativa, maior será o uso destes elementos como MMDD. Deste modo, enténdese que os MMDD derivados dun verbo de movemento con desprazamento sexan fundamentalmente formados por *ir* (15 elementos), *andar* (9 elementos) e *vir* (4 elementos); mentres que cos outros lexemas (*baixar, pasar, levar, volver, voltar e parar*) non se recollen máis de dous MMDD formados con cada un deles.

Esta mesma característica distingue que os verbos de movemento con desprazamento poidan funcionar como MMDD simples (sen acompañamento doutras palabras) ou, pola contra, pasen a formar parte dun MMDD composto (acompañados doutros elementos, pero funcionando como unha única unidade discursiva, non como unha acumulación de varias partículas independentes). *Ir, vir e andar* presentan diferentes valores funcionando como un MD simple, aínda que tamén poden formar parte de MMDD compostos. *Baixar, levar, voltar, volver e parar* só admiten a construción composta. Pola contra, *pasar* desenvolveuse como MD simple en confronto co definido aquí como común, mostrando que esa caracterización só é unha liña de comportamento coas súas posibles excepcións.

Como non existe unha única proposta de clasificación dos MMDD, imos facer unha escolla daquelas etiquetas que para a súa análise nos resultaron máis rendibles. Polo tanto, imos distinguir:

- Marcador de control de contacto (Portolés, 2001: 135-146): “se centra en la relación entre hablante y oyente” (Briz, 2008).
- Marcador de recepción (Vázquez Veiga, 2003: 112): a conversa é un espazo de interacción e unha “manifestación estratégica de un propósito negociador” (Briz, 1988: 123), polo que haberá un grupo de MMDD coa única finalidade de marcar o modo en que a información se está a recibir.

- Operadores discursivos: “modify discourse constituents and may have scope over long stretches of discourse” (Polanyi, 1995: 14).
- Organizadores do discurso (Freites Barros, 2006: 263): son fórmulas para organizar e xerarquizar o discurso a respecto do enunciado ou do que se vai enunciar polo emisor ou polo interlocutor.

Baixo estas catro clasificacións incluímos, á súa vez, diversas concrecións de uso que imos ir desenvolvendo ó tempo que presentamos os MMDD recollidos no noso corpus. Debemos anotar antes de iniciar o desenvolvemento desta cuestión que, naqueles casos en que un determinado elemento do discurso non foi recollido no corpus, comprobouse en fontes alleas a este se é posible para a lingua en cuestión; polo tanto, nalgúns casos, aínda que non hai exemplos na base de datos de estudo, preséntanse mostras do MD externas a el, sempre explicitada a fonte.

➤ Marcador de control de contacto: ánimo á acción

É a función baixo a que maior número de verbos de movemento desenvolven o papel de MD. Aquí a partícula pretende provocar unha reacción no receptor ó animalo a entrar en acción. Este é o sentido máis facilmente derivable da súa natureza verbal: son lexemas que describen un desprazamento, que pasan a chamar a un outro para que se mova e, finalmente, abandonando a categoría verbal, motivan á acción, á actuación en xeral (véxase Táboa 53).

Todos os MMDD presentados se rexistran nos dous idiomas. Só precisamos puntualizar as construcións Q3 e Q4 do verbo *ir*.

Q3 é unha variable do MD Q2 e aparece no noso corpus e nos alleos consultados exclusivamente no portugués. En galego non admite a ampliación co adverbio, mentres que en portugués é un dos elementos discursivos máis recorrentes para tentar producir un cambio na actitude do receptor favorable á intención do emisor.

Por outra banda, Q4 só se rexistrou no corpus de traballo en galego, pero encontramos fóra del esta estrutura en portugués. De todos os xeitos, non queda claro que o significado sexa absolutamente equivalente. O único aspecto definitivamente compartido é que nos dous idiomas é un MD de pouco uso, froito do seu sentido moito máis concreto có das outras partículas.

Discurso fixo e os verbos de movemento

verbo	MD	significado	LG	LP
Ir	Q2 <sup>7</sup> . <b>Vamos / Vamos, vá</b>	Expresión para animar ou meter présa.	122 rexistros <i>¡Vamos, non lle deás desaire, nenos!</i> (IGLFON882).	82 rexistros <i>-Vamos; adiante. -Pois bem; para as fazer calar, é preciso... - É preciso o quê?</i> (L0523).
	Q3. <b>Vá, vamos lá</b>	Expresión coa que se introduce unha petición, súplica ou ánimo á acción.	0 rexistros	20 rexistros <i>Vamos lá, vamos lá... Não se ganha nada em saber dos outros!</i> (L0379).
	Q4. <b>Va, vai vaia... (a) que / Vá que</b>	Expresión usada para introducir unha aposta.	1 rexistro <i>Iban a quen dixera máis barbaridade e empezaron</i> (CEFLUG963).	0 rexistros <i>Vá que o PSOL tenha razão...</i> (Feil, Cristóvão: 'Vá que o PSOL tenha razão...' en <i>Diario Gauche</i> [06/03/09]).
Vir	Q2. <b>Veña! / Venha!</b>	Expresión para animar a unha persoa a que faga algo.	18 rexistros <i>¡Veña, ho! ¡Tira-lle o ollo mau ao meu pequeno!</i> (MEFARR991).	13 rexistros <i>E num grito de triunfo: - Rêde ao mar! venha a chata! A rêde é lançada ao mar e fixa pela chata</i> (L0009).
			0 rexistros <i>¡Veña, pasa, veña, vaca ei!</i> [Araúxo, Emilio (1996): <i>Cinsa do vento</i> . Noitarenga, Santiago.].	0 rexistros <i>Agora xô, passa, vá embora!</i> (< <a href="http://vivacataventovi.va.wordpress.com">http://vivacataventovi.va.wordpress.com</a> > [17/09/07]).
Pasar	Q1. <b>Pasa! / passa!</b>	Expresión de ánimo para que alguén ou algo marche, fuxa ou faga algo.	0 rexistros	0 rexistros
			45 rexistros <i>Ande, muller. Dígallo ó amo a ver si a deixa vir</i> (CEFLUG963).	35 rexistros <i>Anda, diže... Não sejam má... Anda... Onde está o robe-de-chambre?</i> (L0379).
Andar	Q1a. <b>¡Anda/e!</b>	Expresión coa que se pide, con impaciencia, que comece a facer o outro algo.	45 rexistros	35 rexistros
			0 rexistros	0 rexistros

Táboa 53: MMDD modalizadores, ánimo á acción

➤ Marcador de control de contacto: captar a atención

Como extensión do anterior sentido, é común o uso do MD como ferramenta de interacción para captar a atención do receptor. Este é un valor só recollido con *ir* como MD. Neste caso a acción que se quere impulsar é a de asegurar a recepción da mensaxe por parte do receptor.

<sup>7</sup>Estas referencias son as que lles corresponderon a cada unha destas entradas no capítulo 3.



## Discurso fixo e os verbos de movemento

verbo	MD	significado	LG	LP
Ir	Q2a. <b>Vamos a ver</b>	Expresión con que se chama a atención do receptor sobre o discurso que se vai iniciar.	2 rexistros <i>Vamos a ver, señor cura ¿e usté terá algunha faltiña?</i> (COUTDI976).	31 rexistros <i>Mas ele fez logo questão de sublinhar que não se tratava nada disso. A ver vamos! João Pinto recuperou Gomes Pereira</i> (J42995).
	Q3. <b>Vá, vamos lá</b>	Expresión coa que se introduce unha explicación.	0 rexistros	8 rexistros <i>Às vezes nem sete, nem dez escudos se ganham, não é. Vá lá o senhor, ou outro senhor qualquer: “Senhor, quer engraxar?”</i> (328P136).

**Táboa 54: MMDD modalizadores, captar a atención**

O MD Q3 caracterízase, como vimos no punto anterior, por ser unha ferramenta lingüística para conseguir unha mudanza na actitude do receptor; o uso como captación da atención do oínte é secundario na lingua portuguesa. Pola contra, en galego os dous sentidos teñen o mesmo desenvolvemento: sonlle fórmulas alleas.

➤ **Marcador de recepción: marca de resposta**

Para a interacción entre os participantes dunha comunicación, as marcas que aseguran o correcto desenvolvemento desta son fundamentais. Deste modo, existen estratexias fixas para transmitir certas respostas ó discurso que se lle acaba de presentar ó emisor para confirmar ou continuar o proceso comunicativo. Os MMDD derivados dos verbos de movemento con desprazamento empréganse, fundamentalmente, para pór en dúbida o dito polo outro ou para a aceptación ou afirmación do que se está a dicir (véxase Táboa 55).

A falta de coincidencia entre galego e portugués neste tipo de organizadores discursivos é evidente (só comparten o MD Q2 con *ir*), amosándose máis reducida a gama de MMDD formados dende verbos de movemento con esta funcionalidade no idioma portugués.

Discurso fixo e os verbos de movemento

verbo	MD	significado	LG	LP
Ir	Q1. <b>Vaia</b>	Expresión que se emprega para aceptar unha oferta ou suxestión.	1 rexistro	0 rexistros
			<i>Unha miguíña, hó. Pedro.- Vaia logo.</i> (VPOALM922).	
	Q1g. <b>Vai por aí, para o nabo</b>	Expresión que marca como non crible ou carente de interese o dito por outro.	3 rexistros	0 rexistros
			<i>¡Non hai nada que lle facer! E dicen: « Vaia pó nabo». Porque queren pasear en coche</i> (REGTD989).	
	Q1h. <b>Vaiche boa</b>	1. Expresión con que se indica que algo ocorreu xa hai tempo, aínda que a persoa á que se dirixe o recorde agora.	8 rexistros	0 rexistros
			<i>Volvín despois por alí segunda e terceira vez, con algúns amigos, e as pinturas ¡vai-che boa! xa desapareceran de todo</i> (LFRNIN905).	
			3 rexistros	0 rexistros
			<i>- ¡Pero esta xente é tan mala? - Excelente. ¡Vai-che boa! Xusga pola desta sala</i> (CURDIV880).	
	Q2. <b>Vamos / vamos, vá</b>	Retrouso retranqueiro sobre a credibilidade de algo ou alguén.	1 rexistro	0 rexistros
			<i>«Supón que a censura abre a túa carta e ímo-los dous á cadea, vai-che boa»</i> (FGRANO985).	
15 rexistros			12 rexistros	
Levar	Q1. <b>Madía (que) leva!</b>	Expresión co significado de ‘así calquera!’, ‘home claro!’, ‘poucas gracias’.	3 rexistros	0 rexistros
			<i>Todos deron coma un salouco afirmativo. Madialeva</i> (PNR997).	

Táboa 55: MMDD organizadores, marcador de resposta

➤ Operador discursivo : intensificador

O seguinte chanzo na evolución deste tipo de partículas é o abandono da idea de acción, isto é, déixase de marcar o comportamento do receptor e pásase a pór o acento sobre a propia mensaxe.

Os MMDD poden empregarse como instrumentos para intensificar o grao, a importancia, a calidade, etc. dunha afirmación, dito, realidade ou doutro elemento do discurso.

Discurso fixo e os verbos de movemento

verbo	MD	significado	LG	LP
Ir	Q1b. <b>Vaia</b> [+ subst]	Expresión que se usa para indicar as calidades negativas ou positivas en grao extremo de algo ou alguén.	70 rexistros <i>Vaia barbaridá! Catr' ou cinco días sin'terrar</i> (REGTD989).	0 rexistros <i>És demais!! Vaia mulher!</i> (Violeta13: Blue! < <a href="http://bluetisthelifeofwaters.blogspot.com">http://bluetisthelifeofwaters.blogspot.com</a> > [10/03/06]).
	Q1c. <b>Vaia se</b> [+ acción]	Expresións que se usa para afirmar a veracidade de algo.	2 rexistros <i>E a outra vaia se se baixou do coche</i> (REGTD989).	0 rexistros
Levar	Q2. <b>Leve</b> [+ pronome] o <b>demo/ Leve</b> [+ pronome] o <b>diabo</b>	Expresión que indica sorpresa ou certeza intensificadora do dito.	2 rexistros <i>¡Ai levecho o demo! ¡Xa o leva comido!</i> (LCAFAL990).	0 rexistros <i>Leve-me o diabo se sei a que é que vinha este banquete</i> (Machado de Assis (1892): <i>A semana</i> . < <a href="http://www.portalsao francisco.com.br">http://www.portalsao francisco.com.br</a> >).
Volver	Q1. <b>Volverse</b> [+ pronome] <b>todo</b> [+ inf]	Expresión que indica atención exclusiva a un asunto ou actividade.	1 rexistro <i>Ó Prof. Gamillscheg todo se lle volvía parolar a parte co Armesto</i> (RISMIT934).	0 rexistros
Parar	Q2. <b>¡Onde vai parar!</b>	Expresión para ponderar que algo ou alguén posúe unha calidade en grao extremo, que non ten comparación posible.	1 exemplo	0 exemplos
			<i>Quero decir, ser era máis, pero... ... onde vai a parar, un bicho de quinientos quilos!</i> (REGTD989).	

Táboa 56: MMDD modalizadores, focalizadores da información

Os MMDD Q1c de *ir*, Q1 de *volver* (tampouco recollido con *voltar*) e Q2 de *parar* non xurdiron na lingua portuguesa nin no corpus nin en fontes externas, de modo que debemos concluír que son fórmulas inexistentes ou de uso moi raro neste idioma.

De todos os modos, coa salvidade do primeiro MD da táboa, en galego preséntanse como fórmulas cun escaso uso. Esta situación intensifícase coas partículas discursivas constituídas a partir de *levar*, *volver* e *parar*; non aparece ningunha construción que faga uso destes MMDD na rede en galego (en confrontación cos formados con *ir*). Este feito revela unha tendencia de retroceso no uso.

- Operador discursivo: marcador de sorpresa

Un tipo específico de focalización dáse a través dun MD que marque a información como un feito sorprendente. Céntrase a atención sobre o discurso ou unha parte del,

Discurso fixo e os verbos de movemento

pero a razón do destaque é sempre a mesma: consideralo un dato ou realidade que non se espera.

verbo	MD	significado	LG	LP
Ir	Q1d. <b>Vaia por Dios, polas ánimas/ Vá por Deus</b>	Expresión coa que se indica sorpresa ou decepción.	11 rexistros <i>Xa non cobramos máis que un peso cada un ¡vaia por Dios!</i> (REGTD989).	0 rexistros <i>Amá-lo como antes, vá por Deus!/Não fica!... fica aqui no meu leito...</i> (Trujilho, Marilena: "Ponto final" en <http://www.vidatransparente.com.br> [28/05/03]).
	Q1f. <b>Alá vai</b>	Expresión que indica que algo desapareceu ou rompeu.	2 rexistros <i>Será moi bo entrenador, pero como o equipo non funcione, alá vai o patrón</i> (PEAHOM004).	0 rexistros
	Q1i. <b>Vaia / Vai</b>	Expresión que indica sorpresa negativa, ofensa polo oído.	1 rexistro <i>Vaia, vaia, pau de obra que ti será xa vou vendo</i> (PINGAI853).	1 rexistro <i>Vai, que fiz eu?</i> (L0075).
Andar	Q1. <b>Anda /e!</b>	Expresión con diferentes valores, como sorpresa, asombro, desprezo, censura, súplica.	26 rexistros <i>¡Pois ande que tivemos sorte, señor cura, que se o oe a burra e se arrodilla, imos os dous a tomar polo cu!</i> (CCGCTI998).	11 rexistros <i>Ora faz-te de novas, anda! Bem me finto eu que ainda o não saibas?</i> (L0583).
	Q1b. <b>Anda cos diaños!</b>	Expresión usada para marcar estupefacción, sorpresa.	1 exemplo <i>¿Qué ch'insinou ó mundo? ¡Anda cos deños! ¡Ben da paxara parda outro se rira Se poidese loitar c-o teu direito!</i> (IGLFON882).	0 exemplos

Táboa 57: MMDD modalizadores, marcador de sorpresa

Volve haber un diferente desenvolvemento ou formación de partículas discursivas entre idiomas. Os MMDD Q1f e Q1i con *ir* xorden nos corpus como propios da lingua galega; adscribíense á coloquialidade e contan cunha grande versatilidade de sentidos que condiciona o contexto comunicativo en que se inclúen as referidas partículas.

## Discurso fixo e os verbos de movemento

Ademais, neste apartado vemos a plasmación dunha das propiedades con que caracterizamos o discurso fixo: o sentido global e non individual dos formantes do discurso fixo. Os elementos que forman un mesmo MD poden mudar (en lingua galega: *vaia por Dios, polas ánimas*) sen que iso signifique un cambio no sentido da expresión. Volveremos encontrar exemplos disto mesmo noutros tipos de MMDD (en galego: *vai para aí, para o nabo; vai con Dios, coas almiñas*; en portugués: *vá lá, vamos lá*), pero son especialmente recorrentes na fraseoloxía.

### ➤ Operador discursivo: marcador de reiteración

verbo	MD	significado	LG	LP
Vir	Q1. (e) <b>Veña / Venha</b> [a, de, 0 + Inf.; a, con + subst....]	Expresión coa que se indica reiteración na acción.	58 rexistros <i>E eu ría a cachón e veña de petar cos cotobelos na porta verde</i> (MEFARR991).	5 rexistros <i>Elvirazinha venha ouvir o romance</i> (L0216).
	Q3. <b>Vai, vén / Vai, vem</b>	Expresión que indica reiteración nunha acción, mentres vai pasando o tempo sen consciencia de tal.	5 rexistros <i>Viño vai viño vén , e entra na taberna o máis célebre dos zapateiros</i> (PNR997).	1 rexistro <i>Ali, na bruta serra, sem andar de taleija às costas Brasil vai, Brasil vem, se fez ricaço</i> (L0284).
	Q3a. <b>Vai non vai</b>	Expresión que indica indecisión repetida.	0 rexistros <i>Porque aquí todo semella un xogo de damedouches, vai non vai, facédea xa, me cagho ninghún diós que te me saques de diante</i> [Vázquez Pintor, Xosé (1999): <i>A tribo sabe</i> . Xerais, Vigo].	0 rexistros
	Q3b. <b>Vá que não vá</b>	Expresión que indica tolerancia cara a unha situación.	0 rexistros	0 rexistros <i>Se fosse para beber, vá que não vá, mas para purificação, é muita água</i> (João: 'Bodas de Canão' en <i>Evangeo segundo São João</i> . < <a href="http://www.site-berea.com">http://www.site-berea.com</a> > [06/08/09]).
	Q3c. <b>Vas que non vas</b>	Expresión que indica indecisión repetida.	1 rexistro <i>Levantat'a ver qué 'stá facendo, va que non vas</i> (REGTD989).	0 rexistros
Voltar	Q2. <b>Volta a, con</b> [+ inf / subst] / <b>com</b> [+ inf / subst]	Expresión que indica reiteración sobre un asunto ou acción.	3 exemplos <i>E volta a correr d'eiquí pr'alá, subir e baixar escaleiras</i> (RISMIT934).	1 exemplo <i>Toino Revel levantou-se: - Não me voltes com ditos, Maltês!</i> (L0095).

**Táboa 58: MMDD modalizadores, marcador de reiteración**

## Discurso fixo e os verbos de movemento

Noutros casos, o MD funciona como un elemento que marca a información como un feito reiterativo, non novo. É máis propio este valor en verbos que conteñen no seu corpo semántico a idea de ‘retorno’; dende ese significado adquiren este valor como MD.

No plano discursivo é posible que dúas construcións parellas ou con pequenas variacións entre si poidan mudar de sentido segundo o idioma, xa que a (parcial) coincidencia na forma non trae consigo necesariamente a equivalencia semántica. Co valor de reiteración xorden tres MMDD Q3a, Q3b e Q3c cunha clara relación formal: Q3a e Q3c son fórmulas galegas equivalentes no sentido, pero con lixeiras diverxencias na estrutura; por outro lado, Q3b coincide formalmente case por absoluto cos dous anteriores, aínda que se presenta como un MD propio do portugués e cun sentido non coincidente coas ditas partículas galaicas.

- Organizador do discurso: marcador de pausa

A pausa no discurso introducida polo MD pode referirse ó discurso propio ou a unha imposición de corte sobre o do outro. Cando a interrupción é sobre a propia enunciación, encontrámonos cunha fórmula da oralidade utilizada para gañar tempo con vistas a reformular ou pensar o dito ou o por dicir.

verbo	MD	significado	LG	LP
Vir	Q4. <b>Vir</b>	Expresión usada para introducir outra acción, fundamentalmente, verbos dicendi.	13 rexistros <i>En seghida que vaise, eu cheghaba ó Cruceiro, e el viña tamén: -Oes, hoxe non é día de traballar (COUTDI976).</i>	3 rexistros <i>Depois vem um senhor: «Ó grava, engraxador», eu às vezes chateio-me (328P135).</i>
Andar	Q3. <b>E andar</b>	Expresión coa que se marca unha pausa no discurso.	1 rexistro <i>Era unha paloma vella, ¿non?, e vai non murría e nunca murría e andabamos, xughabamos coa paloma ó fútbol (COSTDI986).</i>	0 rexistros
Parar	Q1. <b>Para (aquí) o carro / Pare(m) o carro!</b>	Expresión para interromper o desenvolvemento do discurso e animar o outro á reflexión, á tranquilidade nunha determinada acción ou toma de decisión.	0 exemplos <i>-¡Para o carro, Manoela! ¿Estades tolos...? ¿É que non sabedes faguer as cousas como vos ensinei...? (Barxa, Francisco (1975): Os ovos da pita choca. Castrelos, Vigo).</i>	1 exemplos <i>Como é que se chama aquela aldeia? E aquela cumeada? Parem o carro! Encostem à berma! Vamos falar com aquele pastor! (J34562).</i>

Táboa 59: MMDD organizadores, marcador de pausa

## Discurso fixo e os verbos de movemento

Todas estas fórmulas fixas xorden nas dúas linguas, coa excepción do MD Q3 de *andar*; este élle alleo á portuguesa nos corpus consultados, aínda que tamén é unha fórmula pouco habitual na galega.

### ➤ Organizador do discurso: marcador de resumo ou conclusión

A través destes MMDD avísase que o seguinte vai pechar o discurso. Deste modo, pode marcarse a conclusión dunha intervención ou conversa por xa o tema perder o seu interese por diferentes razóns; ou, noutros casos, procúrase introducir un resumo final tamén conclusivo. As estratexias para un ou outro fin son normalmente diferentes segundo o idioma.

verbo	MD	significado	LG	LP
Ir	Q1a. <b>Vaia que</b>	Expresión que se usa para introducir un resumo.	10 rexistros <i>Vaia que polo señor Arias Pérez, ben podías estar</i> (LFRNIN905).	0 rexistros
	Q1e. <b>Ir co demo / Ir co diabo</b>	Expresión coa que se conclúe unha argumentación afirmando o desinterese por algo ou alguén.	0 rexistros “-Coido que era coma ti - respondeu Stephen; un home emocional. - ¡Que vaia co demo! -dixo Cranly categoricamente.” [Joyce, J (1994): <i>Retrato do artista cando novo</i> . Laiovento, Santiago de Compostela.]	1 rexistro <i>O cunhado respondeu-lhe que fosse para o diabo</i> (L0289).
	Q2. <b>Vamos / Vamos, vá</b>	Expresión que se usa para introducir un resumo ou idea final.	0 rexistros <i>Vamos, que estamos nunha palabrería moito máis propia dun fervorín para monxas despistadas que dun texto de historia</i> (F. de la Cigoña, Francisco J. (2002): “Os bispos de Lugo no século XIX” en <i>Pontevedra: revista de estudos provinciais</i> , 20).	1 rexistro <i>Mas vamos, que a isso é que eu venho cá hoje, para te falar nisso...</i> (L0003).
	Q2b. <b>Vai ti saber</b>	Expresión con que se afirma que algo é difícil de saber ou con que se comeza para formular unha hipótese.	0 exemplos <i>Primeiro cavilouse nalgún acarreo de piñeiros que lle saú no camiño, ou de area, vai ti saber, i o Raúl aproveita todo</i> (Rivas, Manuel (1993): <i>En salvaxe compañía</i> . Xerais, Vigo).	0 exemplos

Discurso fixo e os verbos de movemento

Baixar	Q1. <b>A conto acabado, báixalle o can seu rabo</b>	Fórmula fixa usada para a conclusión de contos ou historias.	1 exemplo	0 exemplos
			<i>Porque entonzas parcellles que foi a vella qu'iba ós figos, e o outro qu'iba tras dela. E... e fora da outra maneira. E conto acabado, baixall'o can seu rabo (REGTD989).</i>	
Andar	Q2. <b>E andando</b>	1. Apoio para non dicir algo ou deixar aberto.	1 rexistro	0 rexistros
			<i>Non se fai...non se puido facer con eles e andando, non... (REGTD989).</i>	
	2. Partícula conclusiva da acción.	11 rexistros	0 rexistros	
		<i>Bueno, pos aora ... voume, voume poñer solo e andando E puxenme solo (REGTD989).</i>		
Q2a. <b>Éravos así, éravos andando</b>	1. Expresión usada para arremedar a descrición de alguén que desgusta por repetitiva ou excesivamente boa.	1 rexistro	0 rexistros	
		<i>En Lobosandaus todo lle é o capador por eiquí, o capador por alá, o tío Nicasio eravos así, o tío Nicasio eravos andando, que parece que non haxa outra conversa en cas Aparecida (MEFARR991).</i>		
	2. Expresión coa que se indica que se pode describir como se queira.	1 rexistro	0 rexistros	
		<i>Nin un só dirá qu'eu son un fulano que son malo, usté é así ou é andando, ¿cál foi o mal que ch'eu fixen a ti ou a calquera? (COSTDI986).</i>		
Q2b. <b>E faille andando</b>	Expresión coa que non se especifica, déixase aberta a información.	1 rexistro	0 rexistros	
		<i>Me cago 'n ningún Dios, faill' así, faill'andando (REGTD989).</i>		
Q2c. <b>Cagando e andando</b>	Expresión coa que se indica que algo ou alguén non é importante para outro algo ou alguén.	0 rexistros	0 rexistros	
			<i>To cagando e andando para aqueles que iram falar alguma coisa de mim" (Martins, Marco Aurélio (2007): O dicionario informal. &lt;<a href="http://www.dicionarioinformal.com.br">http://www.dicionarioinformal.com.br</a>&gt; [15/09/07]).</i>	
Q4. <b>Anda lá com</b>	1. Expresión coa que se afirma a necesidade de que alguén se amaíe de seu, que non conte con outro.	0 rexistros	1 rexistro	
			<i>-Anda lá com a tua vida... - teimou ainda Narcisa Soqueira, antes de se afastar (L0002).</i>	



	2. Expresión para concluír a conversa sobre un asunto ou opor unha opinión.	0 rexistros	0 rexistros <i>-Olha-me para este agora! Anda lá com isso, pá! Cartas da farinha amparo! Hoje qualquer um tem carta! Por isso é que isto anda tudo entupido e é só acidentes!</i> (Morais, Norberto (2008): “Se eu fosse a contar...” en < <a href="http://www.mimblogrio.blogspot.com/">http://www.mimblogrio.blogspot.com/</a> > [16/11/08]).
--	---	-------------	--

**Táboa 60: MMDD organizadores, marcador de resumo e conclusión**

Como puidemos ir observando, son moi poucas as fórmulas que funcionan como organizadores do discurso compartidas polas dúas linguas. Os macroentidos son os mesmos, pero os MMDD, simples ou compostos, tomados por cada un dos idiomas son diferentes.

### 5.1.1. Os MMDD e o contraste entre idiomas

Os MMDD formados a partir dos verbos de movemento con desprazamento son o ámbito de maior afastamento entre idiomas visto ata o de agora. Isto débese á sensibilidade que este nivel de lingua ten para o cambio, para a interferencia intralingüística e para a súa dependencia das modas sociais. Polo tanto, o feito de seren dous idiomas cun pasado común non é suficiente para que presenten unha evolución parella neste nivel. Comparten macroentidos, pero no que se refire ós valores dos MMDD e ás súas fórmulas léxicas é difícil que coincidan en ambas as dúas dimensións.

Como dixemos, as partículas discursivas son moi dependentes de modas lingüísticas, son produtos inmediatos da comunidade idiomática, polo que

general social trends cause the actual words being used as discourse markers to change over time. Most social trends (clothing, behavior, etc.) are considered to be class distinction mechanisms. In other words, what society thinks of as fashionable and higher class, is imitated by lower classes in an attempt to gain entry (Kuhn, 2008: 64).

Deste modo, o feito de que o portugués e o galego leven séculos sen ter unha mesma sociedade de falantes xustifica a distancia neste eido entre idiomas.

## 5.2. Fraseoloxía

As estruturas frásticas que establecemos (véxase cap. 3) poden ser clasificadas segundo dous diferentes parámetros: a macroacepción con que se relaciona e a súa forma.

Atendendo o primeiro aspecto, debemos dicir que existe unha predisposición diferente segundo o macrosentido para desenvolverse unha construción frástica baixo ese ámbito semántico. Aínda que se recolleron exemplos de fraseoloxía nas oito macroacepcións que establecemos neste traballo [movemento con desprazamento (MCD), movemento sen desprazamento (MSD), localización (LOC), mudanza de estado (MDE), descrición dun estado (EST), acción (AC), relación (REL) e cantidade (CANT)], estas seguen unha xerarquía atendendo o número de verbos que rexistran estruturas fixas con cada unha delas. Encontramos que os macrosentidos máis repetidos no conxunto dos verbos de movemento á hora de desenvolvérense como construcións fosilizadas son MCD, MSD, AC e MDE; ou sexa, aquelas macroacepcións que refiren un proceso. Mentres, as outras que describen unha situación –un estado, unha localización, unha relación ou unha indicación de cantidade– son espazos semánticos máis difíciles para os verbos de movemento desenvolver unha construción frástica. A dita predisposición vén regulada pola importancia semántica que ten cada un destes dous tipos de accións (procesos fronte a estados) cos verbos de desprazamento: aquelas macroacepcións en que é máis probable encontrar construcións fosilizadas coinciden coas que representan unha maior porcentaxe do corpo de significados dos ditos verbos. Quérese dicir, os ámbitos semánticos descritores dun proceso, que caracterizan en maior medida este tipo de verbos, son os mesmos que teñen unha maior predisposición para que o verbo desenvolva unha construción fixa; polo tanto, a adquisición dun funcionamento frástico só é posible a partir de sentidos primeiros do verbo e non dos secundarios.

Por outra banda, ese mesmo criterio sérvenos para xustificar a diferente variabilidade semántica que presenta cada un dos verbos de movemento que tratamos neste traballo. Os lexemas que cobren coa súa fraseoloxía un menor abano de macrosentidos presentan un corpo semántico máis reducido: *achegar*, *partir*, *atravesar* ou *tornar* só se compatibilizan cun macrosentido, comunmente desvencellado da idea de movemento; *marchar* non presenta ningunha estrutura

fraseolóxica; e *mover, subir, baixar, pasar, camiñar* ou *parar* fano cun máximo de 3 e un mínimo de 1, segundo o idioma.

Polo tanto, podemos concluír que a amplitude semántica é unha condición fundamental tanto para un verbo poder desenvolver fórmulas fixas coma para que nun determinado eido de significado poida aparecer este tipo de estruturas cun lexema concreto.

Un segundo criterio para diferenciar entre si as frases feitas encóntrase na súa forma. Achamos dous tipos base de fraseoloxía:

- Admiten cambios nos seus formantes, xa que non son fórmulas completamente establecidas.
- Non admiten cambios, xa que son fórmulas plenamente fosilizadas.

As estruturas frásticas que admiten mudanzas nos seus elementos son construcións que constan dunha parte fosilizada á que se lle engade un outro lexema ou conxunto de lexemas variables segundo a situación comunicativa. Non nos referimos nestes casos a que sexan fórmulas en que os elementos fosilizados poidan mudar (*Pasarlle pola cabeza/miolos/mente*), xa que as palabras nunha estrutura frástica teñen sentido como conxunto; senón a construcións que constan dunha parte adaptable ó contexto discursivo (*ir para a cama con:* o emisor decidirá en cada caso con quen vai á cama). Establecemos estes dous tipos fraseolóxicos para comprobar se traen consigo algunha diferenza na selección verbal, de macrosentido ou na súa construción semántica. Os resultados deste traballo indican que se tratan de diferentes estratexias de construción fraseolóxica sen consecuencias máis alá de seren dúas ferramentas do sistema.

O contraste entre o galego e o portugués é outro dos obxectivos neste apartado. Neste eido construtivo encontramos a mesma situación que a descrita para os MMDD, xa que é un ámbito onde o afastamento entre idiomas é máis evidente. O feito de que un verbo sexa unha unidade total ou parcialmente diferente no seu significado para cada unha das linguas (véxase *baixar* e *achegar* no cap. 3 e no cap. 4) ou que cada idioma presente unha preferencia léxica oposta a respecto dun par (*volver* e *voltar* é o mellor exemplo) son aspectos do propio sistema que van influír na fraseoloxía, pero non revelan as regras do propio proceso construtivo. Este segundo aspecto, no referido á escolla dos verbos de movemento con desprazamento, será o centro do noso interese.

De maneira que proporemos regras de funcionamento que regulen a diversa selección do núcleo verbal segundo a lingua.

Nas últimas décadas fixéronse diferentes recollidas da fraseoloxía galega como resposta á perda pola comunidade de falantes de boa parte das frases feitas propias consideradas tradicionais, mentres que outras novas se incorporan. Moitas destas últimas non son innovacións internas, senón fórmulas vindas do español ou chegadas doutros idiomas vía a dita lingua estatal (véxase mostras deste tipo de estruturas foráneas en Pena, 2001). A fraseoloxía, da mesma maneira cós MMDD, é moi dependente das modas lingüísticas que son, á vez, reguladas polos patróns de conduta social; ó seren estes externos, é xustificable que a fraseoloxía tamén o sexa. Pero o feito de que a fraseoloxía se caracterice por ser un eido sensible e facilmente mutable é común a todas as linguas, aínda que os procesos de cambio non se deban a unha situación de convivencia conflitiva entre idiomas como a do galego. A transformación interxeracional nas frases feitas que representan un grupo de idade, sexual, cultural, etc. son exemplos disto. Deste modo, enténdese que as diverxencias entre o galego e o portugués neste nivel sexan maiores cás vistas no discurso libre.

Por último, antes da presentación das estruturas frásticas, temos que dicir que, do mesmo modo ca na revisión dos MMDD, a ausencia dunha estrutura frástica no corpus será suplida cun exemplo externo sempre que sexa unha construción posible no idioma en cuestión. Dúas fontes externas fundamentais para o galego son o *Diccionario Fraseolóxico Galego* (Colectivo Leiras Pulpeiro, 2000) [DFG] e o *Diccionario Cumio de Expresións e frases feitas* (Xosé Antonio Pena, 2001) [DCEFF], as cales, por recorrentes, referimos aquí.

Nas seguintes páxinas faremos unha presentación da fraseoloxía dos verbos de movemento obxecto de estudo deste traballo, ordenada segundo sexan construcións con ou sen mudanza formal, o macrosentido en que se inclúen e o verbo de movemento a partir de que se forman.

Interésannos fundamentalmente cinco aspectos: facer unha recollida da variabilidade fraseolóxica destas unidades, delimitar os ámbitos semánticos preferentes para a creación fraseolóxica, comprobar se a plena fixación ou non da estrutura frástica trae consigo consecuencias (ou condicionantes) profundas, observar as diferenzas entre o galego e o portugués e comprobar que a proposta de marcos semánticos que demos

para os verbos de movemento é válida para as súas estruturas frásticas. Como neste nivel hai unha diverxencia entre significado literal e significado real, ó ser este metafórico, é necesario concretar que plano nos interesa. Neste traballo vemos máis rendible facer unha proposta dos ES a partir da primeira, xa que a adquisición do significado frástico é posterior e entra nun plano lingüístico situado fóra do noso interese.

### 5.2.1. Frases feitas con mudanza formal

- Frase feita con mudanza formal e incluída no macrosentido MCD

Os macrosentidos máis desenvolvidos para os verbos de movemento con desprazamento son MCD e AC (véxase cap. 3); o primeiro, porque o sentido base destas unidades é a descrición dun movemento e o segundo porque, sempre que non refiran un desprazamento, tenderán a indicar un proceso nun plano metafórico.

As ditas predisposicións semánticas destes verbos mantéñense no discurso fixo: MCD e AC volven ser os ámbitos onde é máis común que este tipo de verbos se desenvolvan como formantes dunha frase feita, indistintamente do tipo de movemento que indiquen e da lingua.

Isto non quere dicir que o funcionamento nos dous idiomas sexa idéntico. Do mesmo modo cós MMDD, o afastamento entre portugués e galego no discurso fixo frástico é maior ca no espontáneo. As diverxencias que atopamos neste macrosentido redúcense a tres tipos:

- Construcións frásticas propias dunha das linguas e allea para a outra.
- Construcións frásticas con igual forma, pero diferente significado.
- Construcións frásticas sinónimas, pero con distinto núcleo verbal.

O obxectivo deste traballo non é encontrar cales son os procesos que regulan a creación de discurso fixo nunha lingua determinada, polo que os dous tipos primeiros de diverxencia non nos interesa máis que anotalos. Situación diferente é o terceiro. Aquí tentaremos entender que regula a escolla dun ou doutro verbo de movemento ou a preferencia entre un verbo de movemento e outro que non indica tal.

A diferente selección do núcleo verbal regúlase a partir da perspectiva que se dá da acción. A escolla de *levar no sangue* en galego fronte a *correr no sangue* en portugués fai que no idioma galaico se describa como un estado o que no portugués é visto como un

## Discurso fixo e os verbos de movemento

proceso; ó mesmo que con *facerse público* e *vir a público*, mostrando a mesma preferencia en galego pola descrición estativa fronte á procesual na portuguesa. Noutros casos muda o control que hai sobre a acción: en *traer á tona* ou *á baila* existe unha figura que mostra un dominio sobre a acción que con *vir/voltar à tona* ou *à baila* se elide. E, finalmente, con *subirlle ás barbas* en galego hai un reforzo semántico da construción (remárcase a idea de dominio, control) que en portugués se suaviza coa escolla de *chegar-lhe às barbas*. Polo que mentres en galego se tende ó ollar estativo, con [+control] ou á redundancia semántica, en portugués óptase polas opcións opostas se hai posibilidade de escolla.

verbo	frase feita	significado	LG	LP
Mover	F6. <b>Mover a billa de</b>	Facer actuar algo.	2 exemplos	0 exemplos
			<i>Kohl vía fracasar a súa política conservadora e decidía mover a billa dos intereses crediticios</i> (3nt993).	
Subir	F1. <b>Subirlle ás barbas a</b>	Dominar, asoballar, tomar o control de alguén ou algo.	1 exemplo	0 exemplos
			<i>Poida que non tarde muito en andar o idioma impreso e que se lle suba ás barbas a outros que andan mui tesos</i> (PINGAI853).	(Véxase: <b>chegar-lhe às barbas</b> )
	F2. <b>Subir á cabeza a/ Subir à cabeça a</b>	1. Embriagarse cunha bebida alcohólica ou outra substancia narcótica.	0 exemplos	1 exemplo
			<i>Señores, subiuselle o viño á cabeza</i> (Pérez Placer, Heraclio (1895): <i>Contos da terraña</i> . Andrés Martínez editor, A Coruña).	<i>Parece que o cheiro dos cravos e das rosas nos subia à cabeça</i> (L0028).
	2. Sobreestimar unha situación ou logro.	0 exemplos	0 exemplos	
		<i>¿A fama subiulle á cabeza?</i> (M.R.P.: “Home de carácter” en <i>Galicia Hoxe</i> . [16/04/09]).	<i>Amigos próximos dizem que o sucesso subiu à cabeça de Andressa Soares</i> (Ego (2008): “Depois da fama, Garota Melancia agora enfrenta seu inferno astral” en <i>Globo</i> [27/05/08]).	
Ir	F4. <b>Ir tras</b> ou <b>detrás de / Ir atrás</b> ou <b>detrás de</b>	1. Perseguir.	13 exemplos	18 exemplos
			<i>¡Vamos allá!, fuxiu dando brincos coma se o demo fose tras il</i> (FOLLUS953).	<i>Esperemos que se rendam, caso contrário vamos atrás deles</i> (J53176).
		2. Seguir.	5 exemplos	5 exemplos
			<i>¡Ai, señor, olle prá serpe que vai tras vostede!</i> (FOLLUS953).	<i>Júpiter e Mercurio, ao ouvir isto, olharam um para o outro, sorriram, foram atrás de Filémon e Báucis, e sentaram-se no mesmo banco</i> (L0395).

Discurso fixo e os verbos de movemento

	F4a. Ir à ou para a cama com	Tolerar, potenciar ese alguén ou algo.	0 exemplos	4 exemplos <i>Nós sabemos que há países que literalmente vão para cama com este tipo de empresas (J42676).</i>
	F5. ¿A onde vas, vai, van... (con...)?	Expresión con que se indica que algo que unha persoa leva ou fai se considera esaxerado ou inadecuado.	2 exemplos <i>¿Ti a onde vas tamborileiro? ¿Quen te mete a ti a predicador? (PINGAI853).</i>	0 exemplos
	F6a. Ir a [persoa]	1. Pegarlle a alguén.	4 exemplos <i>Murillo [...] porque fose con moita xente, ou con pouca, alá iba ós Franceses, é tirabase a eles (FNZPRO810).</i>	0 exemplos
		2. Pedir a axuda de alguén.	0 exemplos <i>A raíña Lupa no Pico Sacro apareceuse a un pastor e le asustouse. Foi ó cura, e díxolle que non tivera medo (A Ulla (2000): Tradicións xacobeas. &lt;<a href="http://es.geo.cities.com/valdoulla">http://es.geo.cities.com/valdoulla</a>&gt; [03/02/00]).</i>	1 exemplo <i>Autarcas vão ao «papa» (J43262).</i>
Chegar	F2b. Chegar-lhe às barbas a	Dominar, asoballar, tomar o control de alguén ou algo.	0 exemplos <b>(Véxase: subirlle ás barbas)</b>	0 exemplos <i>Epá, duvido. Se houvesse quem o fizesse ele não teria a vida tão facilitada. Não há super-heróis, relembro que aí há uns anos o falecido “Pestinha” chegava-lhe às barbas (Cesar, Micael (2008): 8mxtu-ga. &lt;<a href="http://www.bmxtuga.com">http://www.bmxtuga.com</a>&gt; [21/04/08]).</i>
	F6. Chegarse a (instrumento)	Poder traballar nun lugar con unha máquina concreta.	1 exemplo <i>- Si, chamábanlle d' arredor dos algarro... dos ... dos... dos... dos demos dos... dos barrancos, que non se chegaban as máquinas; que había furaos, que había terras mui malas que non entraba... (REGTD2989).</i>	0 exemplos
Entrar	F1. Entrar pola porta / Entrar pela porta dentro	Conseguir algo sen esforzo.	1 exemplo <i>E outros, sin encomendars'a Dios nin ó diacho, entrandolles a sorte pola porta! (VALMAX880).</i>	0 exemplos <i>Ele anda à procura de um motivo para me rejeitar de uma vez por todas, e esta tarde esse motivo entrou-lhe pela porta dentro (Duarte, M<sup>a</sup> Filomena (2008): Dia da mãe patricida mcdonald.&lt;<a href="http://www.scribd.com">http://www.scribd.com</a>&gt; [18/10/08]).</i>

Discurso fixo e os verbos de movemento

Achegar	F1. <b>Achegar-se ó estómago</b>	Prestar, que é algo de bo comer, que está saboroso.	1 exemplo	0 exemplos
			<i>Deixandolle un pernil, ou cousa polo estilo que s'achegase ó estómago, na casa</i> (LAMGAL887).	
Traer	F4. <b>Traerlle un conto a</b>	Contarlle un ruxerruxe a alguén.	1 exemplo	0 exemplos
			<i>Ninguén me trouxo eiquí conto ningún, nin ía ser eu quen os escoitase</i> (DIEFIE958).	
	F6. <b>Traer para a mesa / Trazer para a mesa</b>	Presentar un asunto, querer tratalo.	0 exemplos	1 exemplo
			<i>A ler a introdución preguntábame se os lectores deste blogue están minimamente familiarizados con o concepto de “mestre” que ti agora traes para a mesa</i> (Ferreiro, Alfredo (2007): “Dous poemas de Hafez” en <i>O levantador de minas</i> . < <a href="http://olevantadordeminas.blogaliza.org">http://olevantadordeminas.blogaliza.org</a> > [03/03/07]).	<i>Quero trazer algo de novo para a mesa. Quero fazer algo que as minhas adversárias nunca fizeram</i> (J26757).
	F6a. <b>Traer á baila / Trazer à baila</b>	Facer entrar na orde do día un feito ou asunto, normalmente dunha forma inesperada ou inoportuna.	0 exemplos	1 exemplo
			<i>Aparece rexistrada esta frase feita no DCEFF, pero nin a referida fonte dá un exemplo nin o encontramos noutra fonte.</i>	<i>Trouxe esta semana à baila, de novo, a discussão sobre dois dos mais assustadores casos</i> (J60167).
F7. <b>Traer á superficie/ Trazer à superfície</b>	Facelo presente, notable, patente.	0 exemplos	2 exemplos	
		<i>A voz procedente do máis profundo da condición humana que trae á superficie nunha soa palabra a solución para tódolos enigmas humanos</i> (López, Ramón (2003): “Para unha sistemática de Ramón Piñeiro” en <i>Cadernos de Ramón Piñeiro</i> ,1).	<i>O adversário dos castigos corporais que jaz no nosso mais fundo íntimo, que trouxe à superfície o amigo das crianças fisicamente maltratadas</i> (J60257).	
F7a. <b>Traer á tona / Trazer à tona</b>	Facelo presente, notable, patente.	0 exemplos	0 exemplos	
		<i>Neste punto, queremos traer á tona o Pacto de Goberno asinado polo BNG e o PsdeG en 2005</i> (“Texto resumido para as assembleas comarcais” en <i>Por un BNG de futuro e con futuro</i> . < <a href="http://renovarbng.blogaliza.org">http://renovarbng.blogaliza.org</a> > [17/03/09]).	<i>Educar é un trabalho que consiste em trazer à tona a natureza divina oculta no ser humano</i> (Pirssununga (2009): <i>Educar</i> . < <a href="http://www.edumedeiros.com">http://www.edumedeiros.com</a> > [13/05/9]).	



Discurso fixo e os verbos de movemento

Levar	F5. <b>Non levar a lado ningún / Não levar a parte nenhuma</b>	Non obter bos resultados; non ser rendible; non ser útil.	0 exemplos <i>Concordo en que a violencia pola violencia non leva a lado ningún</i> (Blanco, Juan (2008): "Ovos da serpe" en <i>Fragments da Galaxia</i> < <a href="http://fragmentosguttenberg.blogspot.com">http://fragmentosguttenberg.blogspot.com</a> > [13/02/08]).	4 exemplos <i>A guerra não leva a parte nenhuma</i> (J35382).
	F8. <b>Levar o vento</b>	Non se ter en conta, non ter importancia.	4 exemplos <i>Ou canto fora máis certo, deixando sonhos que axiña terá de levar o vento</i> (CABMAR926).	0 exemplos <i>O pasado leva-o o vento... mas a memória fica!</i> (Fall, Jilly (2009): <i>Jilly Fall blog</i> . < <a href="http://jillyfall.blogspot.com">http://jillyfall.blogspot.com</a> > [07/04/09]).
	F9. <b>Levar a (para casa) / Levar a (para casa)</b>	Casar con alguén.	4 exemplos <i>O home que a min me leve tén de ser valente e rexo, bo mozo, con labia fina e porte de cabaleiro</i> (CABMAR926).	4 exemplos <i>O que eu te digo, Joaquim, é que o homem que a levar, leva a mulher mais virtuosa que há no mundo</i> (L0289).
	F10. <b>Levar o demo / Levar o diabo</b>	1. Sufrir un dano moi grande; ter unha grande rabia.	12 exemplos <i>Meteuse na bebida e xogaba todo o que tiña. Levabame o demo ó velo tumbado polos camiños</i> (FOLLUS953).	0 exemplos <i>Se encontra-me, leva-me o diabo</i> (Pena, Martins (2009): <i>As ca-sadas solteiras</i> . < <a href="http://www.ig.com.br">http://www.ig.com.br</a> > [13/05/09]).
		2. Desaparecer alguén.	2 exemplos <i>E non acabará de levado o demo, si e si, qu'eu quedaba mui a gusto sin il</i> (LCAFAL990).	1 exemplo <i>Nenhum soube dar notícia dele, ficou sem amparo a família, abandonada a terra, ou então levou-o o diabo</i> (L0486).
	F13. <b>Levar arriba</b>	Crecer, saír adiante, non morrer.	1 exemplo <i>As que prantache casi secaron todas. -¡Tén razón! sólo dúas levaron arriba</i> (LPXCON928).	0 exemplos
	F14. <b>Levar no sangue</b>	Serlle propio.	0 exemplos <i>Estou orgullosa de ser mariñeira desde que era unha mocosa (...)</i> <i>Son filla de navegantes, lévoo no sangue.</i> (Nash, Elisabeth (2002): "A Galicia férvelle o sangue mentres os políticos se vén salpicados pola marea negra". < <a href="http://webs.uvigo.es">http://webs.uvigo.es</a> > [07/12/02]).	0 exemplos (Véxase: <b>correr no sangue</b> )
	F15. <b>Levar adiante / Levar avante ou à frente</b>	Defender algo, facer o posible para que se realice.	22 exemplos <i>A Xunta carece de vontade para levar adiante o proxecto</i> (3nt993).	10 exemplos <i>Uma manhã os meus amigos acordam bem dispostos garantia o coronel e levam tudo à frente</i> (L0061).

Discurso fixo e os verbos de movemento

Saír	F3. <b>Sair a terreiro contra</b>	Ir ó campo de loita ou de discusión.	0 exemplos	5 exemplos <i>Ainda não tinha reunido o Concílio de Trento para sair a terreiro contra o protestantismo que campeava na Europa (L0011).</i>
	F6. <b>Sair ó encontro de / Sair ao encontro de</b>	Recibir a alguén.	8 exemplos <i>Saíndo ó encontro das señoras, saudarons'entre si moi cortesmente (VALMAX880).</i>	1 exemplo <i>Saiu ao encontro, bradando: - Ai, o meu José! (L0822).</i>
	F8. <b>Sair en defensa de ou por / Sair em defensa de ou em seu apoio ou em seu patrocínio</b>	Defender a alguén ou algo.	3 exemplos <i>Agora espera que saian en defensa do seu inimigo, para aboialo (3nt993).</i>	3 exemplos <i>E o primeiro-ministro saiu em defesa do «patriarca» mas não quis desautorizar o seu número dois (J43545).</i>
Vir	F6. <b>Vir ter com alguém</b>	Encontrarse con alguén.	0 exemplos	27 exemplos <i>Daí a dias veio ter comigo (L0011).</i>
	F7. <b>Vir á luz / Vir à luz</b>	Darse a coñecer.	0 exemplos <i>Para solucionar os problemas económicos derivados destas dúas dificultades principais, veu á luz a Nova Política Económica (“Revolución rusa de 1917” &lt;http://gl.wikipedia.org).</i>	1 exemplo <i>A gestão cibernética foi amadurecida por Wolfgang Mewes nos anos 50 e 60 e veio à luz nos anos 70 em cursos por correspondência (J43975).</i>
	F7a. <b>Vir à tona</b>	Darse a coñecer.	0 exemplos (Véxase: <b>traer á tona</b> )	5 exemplos <i>A crise que se arrasta no PCP há dez anos veio à tona na Festa do "Avante!" (J52748).</i>
	F7b. <b>Vir a público</b>	Darse a coñecer.	0 exemplos No seu lugar úsase <b>facerse público</b>	8 exemplos <i>Ontem foi a vez do patrão dos patrões gaulês ter vindo a público condenar a acção dos proprietários das empresas de transporte (J59785).</i>
	F7c. <b>Vir à superfície</b>	Darse a coñecer.	0 exemplos	1 exemplo <i>O seu velho génio contraditório e combativo vinha ainda à superfície (L0002).</i>
	F7d. <b>Vir à baila</b>	Darse a coñecer.	0 exemplos (Véxase: <b>sacar, traer á baila</b> )	5 exemplos <i>O tema das acessibilidades é quase inevitável que venha à baila nos discursos (J35431).</i>

Discurso fixo e os verbos de movemento

	F7e. <b>Vir a talhe</b>	Darse a coñecer.	0 exemplos	1 exemplo <i>É um caso portanto antigo que só veio a talhe por viver a mulher onde o padre está vivendo (L0486).</i>
Andar	F6. <b>Andar dacabalo de</b>	Subir enriba de alguén coma se fose un cabalo.	1 exemplo <i>As que xuran e perxuran que viron de noite a rente do adro da eirexa andar o demo dacabalo dun morto d'aldea, proba de que morreu condenado (LAMGAL887).</i>	0 exemplos
Camiñar	F1. <b>Camiñar detrás de / Caminhar atrás de</b>	Perseguir algo ou a alguén.	1 exemplo <i>A non ser pol-as uñas d'as sogras, si son tan desgraciados que as teñen, ou polas arrautadas que poidera facer a mulleriña, os casados camiñarian detrás das mozas gallegas (LAMGAL887).</i>	0 exemplos <i>T.S. Elliot escreveu sobre esta sensación: alguém, um home ou uma mulher, está caminhando atrás de nós. Acontece (...) em grandes espaços abertos (“Quem é este homem que caminha atrás de mim” en A natureza do mal. &lt;http://anaturezadomal.blogspot.com&gt; [15/07/03]).</i>
Correr	F1. <b>Correr por algo</b> ou <b>alguén</b>	Perseguir, buscar, ir na busca de, loitar para conseguir algo.	1 exemplo <i>¿o mercado mundial da televisión de alta definición, correrá aínda polo dominio tecnolóxico xaponés? (3nt581993).</i>	4 exemplos <i>Todos gostávamos de subir, claro, mas há tantas equipas a correr por esse objetivo! (J26431).</i>
	F1a. <b>Correr para algo</b>	Traballar, esforzarse para algo.	0 exemplos	2 exemplos <i>Várias vilas portuguesas continuam a correr para serem cidades (J43901).</i>
	F2. <b>Correr a algo</b>	Abalanzarse sobre algo, querer conseguilo.	0 exemplos	1 exemplo <i>Quando se anunciou a Revista de Portugal o Público correu a ela, e do primeiro número comprou 3000 exemplares (L0288).</i>
	F4. <b>Correr (de ou a)trás de / Correr atrás de / Correr atrás de ou a</b>	1. Perseguir.	15 exemplos <i>Empezou a correr tras das mulleres, as mulleres escapando todas (LCAFAL990).</i>	29 exemplos <i>E súbito se inundava a rua de rapazes, rotos, descalços, alguns quase nus, correndo atrás do burro, gritando-lhe (L0583).</i>
		2. Encargarse de, traballar con.	2 exemplos <i>Agora corre tu, un vello, un vello que logo ten cen anos, e...e corre tras da vaca. Eu xa non vou con elas, xa non traballo (REGTD989).</i>	1 exemplo <i>O seu refeitório era a grande serra, que guardava segredo, e ele corria de manhã a sol-pôr atrás de duas ovelhas ranhosas (L0284).</i>

Discurso fixo e os verbos de movemento

	<b>F5. Correrlle polas veas / Correr-lhe nas veas</b>	Ser herdado; ser inherente, de seu.	0 exemplos <i>É doce ese fastío quecorre polas veas, Xa todo ficou dito no memorable tango</i> (Fonte, Ramiro (2001): <i>A rocha dos proscritos</i> . Deputación de Pontevedra, Pontevedra).	5 exemplos <i>Ninguém poderá acusá-la de perder de vista a essência da tradição que lhe corre nas veias.</i> (J43883).
	<b>F5a. Correr no sangue</b>	Serlle propio algo a alguén.	0 exemplos (Véxase: <b>levar no sangue</b> ).	1 exemplo <i>Iniciei também outra luta adjacente que não mais cessou pela vida fora: a da aniquilação do «ente espectacular» que desde muito jovem me corre com ímpeto no sangue</i> (L0026).
Volver	<b>F1. Volver(se) atrás de</b>	Ir atrás de algo ou alguén outra vez.	1 exemplo <i>Aí volve meu pai detrás de nós, i agora non sei se se me deixará</i> (PRICON958).	0 exemplos
Voltar	<b>F2. Voltar à tona</b>	Ter de novo suceso, fama	0 exemplos (Véxase: <b>traer á tona</b> ).	2 exemplos <i>Depois disto, ele, como é de seu feitio, submergiria por algum tempo, até voltar à tona com um novo trabalho</i> (J60167).

Táboa 61: Fraseoloxía con mudanza formal, incluída no macrosentido MCD

No que se refire á construción semántica destas estruturas frástica, observamos que reproducen na súa maioría os esquemas considerados prototípicos de cada un dos grupos semánticos de verbos de movemento con desprazamento.

ES	verbo	frase feita
Ini + Mb	mover	F6
	levar	F8, F9, F10
Ini + Mb + Dt	achegar	F1
	traer	F6, F6a, F7, F7a
Ini + Mb + Benef	traer	F4
Ini + Mb + Or + Dt	levar	F5, F13, F14, F15

Táboa 62: ES causativos da fraseoloxía con mudanza formal, incluída no macrosentido MCD

Se son construcións non causativas as opcións diversifícanse: o móbil sempre se acompaña doutra figura, que pode ser o *destino*, a *orixe*, o *traxecto* ou o *modo*, ou a combinación de varios destes en simultáneo.

Discurso fixo e os verbos de movemento

ES	verbo	frase feita
Mb + Dt	subir	F1, F2
	ir	F4, F5, F6a
	chegar	F2b, F6
	entrar	F1
Mb + Dt + Md	ir	F4a
	volver	F1
	voltar	F2
Mb + Or + Dt	saír	F3, F6, F8
	vir	F6, F7, F7a, F7b, F7c, F7d, F7e
Mb + Tr	correr	F5, F5a
Mb + Md	andar	F6
	camiñar	F1
	correr	F1, F1a, F2, F4

**Táboa 63: ES non causativos da fraseoloxía con mudanza formal, incluída no macrosentido MCD**

A distribución que acabamos de presentar coincide case exactamente co funcionamento prototípico destes verbos; ou sexa, as frases feitas encadradas aquí, na súa maioría, constrúense a partir do ES primeiro ou primeiros do seu verbo de movemento. A excepción a esta regra xeral encontrámola con tres construcións frásticas de *levar* e unha de *ir*.

No primeiro dos verbos, o ES biactancial causativo Ini+Mb é case residual no total do corpus do verbo; pero, pola contra, é a versión no plano do movemento do esquema Ax+Pac, que é a construción máis importante para *levar*. De modo que a irregularidade en realidade non é tal. Con *ir* hai unha ampliación do ES base co rol modal (Mb+Dt+Md). Deste modo, pátese tamén da fórmula prototípica de *ir*.

➤ Frase feita con mudanza formal e incluída no macrosentido MSD

O movemento neste caso non carrega un desprazamento. Este sema diferenciador fai que sexan menos os verbos que desenvolven unha estrutura frástica baixo este macrosentido.

No contraste entre idiomas, as diverxencias máis comúns para as frases aquí incluídas mantéñense nos tres tipos marcados co grupo anterior: a exclusividade de certas frases feitas nunha das dúas linguas (en galego non xorden ningunha das construcións frásticas recollidas en portugués con *chegar* nin a construción F5 de *baixar* nin a F11 de *entrar*), a non coincidencia plena no sentido entre estruturas frásticas compartidas entre os dous idiomas (*ir lle das mans* e *ir-lhe das mãos* teñen un sentido diferente

Discurso fixo e os verbos de movemento

segundo o idioma; e *entrar-lhe pelos olhos* presenta unha maior diversidade semántica ca *entrarlle polos ollos*) ou a diverxencia formal ó rexer diferentes núcleos verbais segundo sexa en portugués ou en galego.

Nesta última casuística recolleemos dúas situacións diferentes. Nunha primeira encóntranse pares sinónimos cunha distinta distribución idiomática (é o caso xa referido de *volver* e *voltar*) e noutra as diverxencias son froito de modos diversos de ollar a acción; sexa porque en galego se presenta como un estado (*estar nas mans de*) o que en portugués se ollar como un proceso en desenvolvemento (*correr pelas mãos*), sexa porque na lingua galaica hai [+control] sobre a acción (*írselle das mas*) fronte ó portugués (*sair das mãos de*).

verbo	frase feita	significado	LG	LP
Mover	F5. <b>Mover unha man por / Mover uma mão para</b>	Axudar a alguén ou algo.	1 exemplo <i>Hoxe ninguén move unha man porque ese xeito de organización morreu</i> (3nt993).	0 exemplos <i>A fama tem seu preço, o ministro de cultura que não moveu uma mão para melhorar alguma coisa no país</i> (Olodum (2007): “Viva o carnaval de Salvador” en <i>Centro de mídia independente</i> . <http://www.midiaindependente.org> [30/01/07]).
	F5a. <b>Mover un dedo por / Mover um dedo por</b>	Axudar a alguén ou algo.	2 exemplo <i>Xa sabía que aquilo se ía producir e non fixo nada nin moveu un dedo para impedi-lo</i> (Víctor Freixanes (1982): <i>O triángulo inscrito na circunferencia</i> . Gala-xia, Vigo).	1 exemplos <i>Mas ainda não moveu um dedo para despoluir a ria Formosa</i> (J44070).
Baixar	F1. <b>Baixarlle un pau no lombo a / Baixar um pau em</b>	Baterlle a alguén ou algo, física ou metaforicamente.	3 exemplos <i>Entonces colleu un pau e baixoullo no lombo, decindolle: - ¡Arre burra; caga diñeiro!</i> (PRICON958).	0 exemplos <i>Ontem Jorge Kajuru baixou um pau no Bernardino pela história com o Ricardinho, que disse estar parecendo a seleção de Cuba</i> (Silva, Mateus (2003): “SBT” en <i>Papo de Bola</i> . <http://www.papodebola.com> [02/06/03]).
	F5. <b>Baixar os olhos para</b>	Darlle atención a ese asunto ou persoa.	0 exemplos	1 exemplo <i>E quem, lendo uma biografia de Churchill, baixando os olhos sérios para a vida desse grande homem, pode levar a cabo a tarefa</i> (J44027).

Discurso fixo e os verbos de movemento

Ir	F8. <b>Ir(selle) da(s) man(s) / Ir das mãos de</b>	1. Non controlar algo.	1 exemplo <i>Xa non son posíbeis, mentres as guerras rexionais se lle van das mans</i> (3nt993).	0 exemplos (Véxase: <b>sair das mãos de</b> ).
		2. Ser guiado, ser dirixido por algo ou alguén.	0 exemplos <i>O seu primeiro intento de abrir un camiño no munod da literatura foi da man da poesía</i> (Constela, Xesús (2010): “Do meu tan admirado Edgar Allan Poe” <blogoteca.com/xesus constela> [15/12/10]).	0 exemplos <i>Foi das mãos da esquerda partidária que saiu a aprovação reforma da povidência</i> (Lattuff (2003): <i>Os anarquistas sempre estiveram certos</i> . <http://lattuff.deviantart.com> [26/08/03]).
Chegar	F9. <b>Chegar a roupa ao pêlo a</b>	Pegar, golpear a alguén.	0 exemplos	1 exemplo <i>- Vem por aí teu cunhado que te chega a roupa ao pêlo... - Não lhe pegue meu cunhado</i> (L0280).
			F10. <b>Chegar-lhe em</b>	Atacar, pegar.
Entrar	F4. <b>Entrarlle alguén polos ollos a / Entrar-lhe pelos ollos (dentro) a</b>	1. Gustar, atraer.	3 exemplos <i>Pero non consentiría ningunha alteración na fisonomía dos persoaxes e no coorido das esceas, a menos de que o convencimento lle entrase polos ollos antes do estreno</i> (CASVEL953).	0 exemplos <i>Olhou para cima e aquele sorriso entrou-lhe pelos olhos dentro sem pedir licença</i> (Pereira, João (2007): <i>Quinze dias numa só noite</i> . <http://quinze-dias-numanoite.blogspot.com> [15/12/07]).
		2. Ser consciente de algo.	0 exemplos	0 exemplos <i>Quando tomou conta das operações militares na Guiné entrou-lhe pelos olhos dentro que não havia possibilidade de ganhar a guerra</i> (L. de Oliveira, José (1987): <i>Xavier e o Caraça</i> . <http://www.letras.ufmg.br> [12/02/08]).
	F10. <b>Entrar nos cofres de</b>	Enriquecer, conseguir iso para ese alguén ou algo.	0 exemplos	5 exemplos <i>2, 4 milhões de contos que entraram nos cofres da nova fundação</i> (J60220).
			<i>Si mi señor, estou, qu'o que bebín ó xantar non lle me levou a cabeza</i> (BOADIA823).	

Discurso fixo e os verbos de movemento

Saír	F9. <b>Sair das mãos de</b>	Non estar baixo o control de alguén.	0 exemplos (Véxase: <b>írselle das mans</b> ).	1 exemplo <i>O que foi o mesmo que dizer que o assunto já tinha saído das mãos de Fernando Gomes (J35426).</i>
	F10. <b>Sair do lombo de / Sair do lombo de</b>	Ser froito do esforzo, do traballo de alguén.	1 exemplo <i>Nosoutros que, de unha maneira ou outra, do lombo nos ha de salir (LPXCON928).</i>	0 exemplos <i>Levaram pau duratne a crise e agora o conserto vai sair do lombo do agricultor (Nascimento, Carlos (2009): Notícias agrícolas. &lt;http://www.noticiasagricolas.com&gt; [20/05/09]).</i>
			0 exemplos <i>Esta política de feitos consumados suporá o ter que pagar cuantiosas indemnizacións que saen do bolsillo de tódolos cidadáns (Comunicado urxente da coordiadora (&lt;http://www.galeon.com&gt; [20/02/01])).</i>	3 exemplos <i>A partir de agora, os protestos vão sair do bolso dos atletas leirienses (J2904).</i>
F11. <b>Sair do bolsillo de / Sair do bolso de</b>	Pagar alguén algo.			
Pasar	F2. <b>Pasar (tempo, situación...) por / Passar (tempo, situação...) por</b>	Notárenselle os anos, o paso do tempo a alguén.	3 exemplos <i>¡Ai meu tío! -dixo a tía- non pasa un ano por vostede (FOLLUS953).</i>	19 exemplos <i>Não sei como nunca se desmantelou - pois tantas outras noites vieram, passaram tantos anos sobre a velhice envernizada dessa madeira remendada (L0518).</i>
Correr	F7. <b>Correr pelas mãos de</b>	1. Controlar alguén algo.	0 exemplos No seu lugar úsase <b>estar nas mans de</b>	1 exemplo <i>Na abastança conservava os costumes laboriosos de tempos mais árduos. Tudo lhe corria pelas mãos, a tudo superintendia (L0432).</i>
			0 exemplos No seu lugar úsase <b>estar nas mans de</b> .	1 exemplo <i>É verdade que não têm corrido pelas minhas mãos esses negócios (L0432).</i>
		2. Posuír alguén algo.	0 exemplos	1 exemplo
			0 exemplos	0 exemplos
Volver	F3. <b>Volver as costas a</b>	1. Non atender, ter en conta ou axudar a alguén.	0 exemplos <i>O compositor, pola súa parte, debido ao pouco interese que a súa composición espertara, volveulle as costas á danza e non escribiría máis (Fundación Caixagalicia (2007): “O lago dos cisnes, polo Ballet Nacional de Romanía”. &lt;http://www.fundacioncaixagalicia.org&gt; [02/03/07]).</i>	(Véxase: <b>voltar as costa a</b> )



Discurso fixo e os verbos de movemento

		2. Traizoar, abandonar a alguén	4 exemplos <i>Unha i outra podenseche volver a espaldas, e se non, ó tempo</i> (LPXCON928).	0 exemplos [Véxase: <b>voltar (as) costa a</b> ]
Voltar	F3. <b>Voltar (as) costas a</b>	1. Non atender, ter en conta ou axudar.	0 exemplos (Véxase: <b>volver as costa a</b> )	139 exemplos <i>Voltam costas ao mundo, tão-só porque o mundo está cheio de tentacións e enganos</i> (L0518).
		2. Traizoar, abandonar alguén.	0 exemplos No seu lugar úsase <b>darlle as costa a</b> .	24 exemplos <i>A piedade, meu amigo, há-de beijar a face do inocente, e voltar as costas à criminosa</i> (L0728).

Táboa 64: Fraseoloxía con mudanza formal, incluída no macrosentido MSD

A estrutura semántica non causativa destas frases feitas segue a mesma tendencia có exposto para as encadradas baixo o macrosentido MCD: a súa construción encádrase nos ES prototípicos do seu grupo verbal ou, cando menos, nos dunha representatividade en certa medida de relevancia (este é o caso da F2 de *pasar*).

ES	verbo	frase feita
Mb + Dt	entrar	F4, F10
Mb + Or + Dt	ir	F8
	saír	F9, F10, F11
Mb + Tr	pasar	F2
	correr	F7

Táboa 65: ES non causativos da fraseoloxía con mudanza formal, incluída no macrosentido MSD

Baixo unha construción causativa, todos desenvolven a construción prototípica do verbo cando hai unha relación de causatividade. Deste modo, mantémonos no funcionamento semántico base para os verbos de movemento con desprazamento.

ES	verbo	frase feita
Ini + Mb	mover	F5, F5a
Ini + Mb + Dt	baixar	F1, F5
	chegar	F9, F10
Ini + Mb + Md + Dt	volver	F3, F3a
	voltar	

Táboa 66: ES causativos da fraseoloxía con mudanza formal, incluída no macrosentido MCD

➤ Frase feita con mudanza formal e incluída no macrosentido AC

A diversidade semántica que inclúe este macrosentido é moito máis ampla ca nos dous casos anteriores e có conxunto de eidos de significado establecidos no traballo, xa que o único punto en común é que as estruturas de discurso fixo indiquen unha acción sen idea de movemento. A dita largura trae consigo dúas consecuencias evidentes. En primeiro lugar, esta é a dimensión onde un maior número de verbos presentan unha forma fosilizada. Os lexemas que non se inclúen aquí como núcleo verbal dunha frase feita son ou unidades que non desenvolven este tipo de construcións en ningún caso (*marchar*), ou que a fraseoloxía asociada a elas se sitúa sempre nun nivel aínda estreitamente vencellado ó significado verbal base deste tipo de verbos, ou sexa, dentro dos macrosentidos MCD ou, en menor medida, MSD e MDE (*mover*, *achegar* e *camiñar*). En segundo lugar, tamén é aquí onde o número total de estruturas frásticas rexistradas (61 fórmulas) supera ó dos restantes ámbitos semánticos (cun significado encadrado en MCD recolleemos 43 construcións fixas con mudanza, sendo o segundo en importancia dentro do traballo). Por isto concluímos que este é o espazo de significado habitual en que un verbo de movemento desenvolve unha construción de discurso fixo.

No contraste entre idiomas, volvemos encontrar os mesmos tres tipos de diferenzas cóos vistos nos grupos anteriores: construcións moi raras ou non rexistradas nin no corpus propio nin noutros dunha das linguas; estruturas con igual forma, pero con discordancias no significado; e unidades sinónimas, aínda que con diverxencia formal, habitualmente na escolla do núcleo verbal. Tornamos a centrarnos na última.

Mentres a lingua galega presenta o maior número de frases feitas con verbos de movemento, á súa vez, este mesmo idioma prefire en varios casos unha unidade allea á idea de desprazamento en estruturas frásticas que en portugués rexen unha desta natureza. A aparente contradición que encontramos aquí xustifícase porque, entre idiomas, téndese a presentar a acción dunha forma diferente que regula seleccións verbais distintas; ou sexa, non muda o funcionamento dun mesmo verbo segundo a lingua, cambia a perspectivación do dito. Esta mesma explicación sérvenos para entender a maioría dos casos en que os dous idiomas non coinciden na escolla de verbo de movemento.

## Discurso fixo e os verbos de movemento

Recollemos nos macroentidos anteriores todas as diverxencias rexistradas aquí a este respecto: nuns casos, o que nunha lingua se entende como un estado de cousas, na outra como un proceso, favorecendo esta última a escolla dun verbo de movemento; a preferencia por ser redundante no plano léxico de modo a asegurar a transmisión da intención comunicativa; e, finalmente, a necesidade de explicitar ou non o control sobre a acción tamén diverxe segundo o idioma.

Deste modo, en galego téndese a presentar como un estado (*poñerse colorado/a*, *tomar a peito*, *estar nas mans de*) o que en portugués se ollá como un proceso (*subirlle a côr*, *levar a peito*, *correr polas mãos de*), de maneira que se favorece a presenza dun verbo de movemento con desprazamento na última lingua.

Como xa vimos nos apartados anteriores, na lingua galaica óptase por unha unidade que redunde o sentido da frase, neste caso o valor durativo do proceso que se desenvolve ó longo dun fragmento temporal (*correr a chacota con*), fronte ó portugués onde non xorde esta necesidade (*fazer a chacota com*).

E, por último, a explicitación ou non do control regula as diferentes escollas verbais por linguas. En *ir aos ouvidos de* a acción ten [-control], xa que se describe como o asunto se aproxima ó receptor, sen importar quen o fai chegar; pola contra, na galega *chegar ós oídos de* o verbo trae consigo que alguén (quéirase concretar ou non) necesariamente foi o causante do coñecemento desa noticia ou asunto.

Para concluír coas diverxencias léxicas entre linguas, noutras estruturas frásticas non se debe a diferente escolla en opcións de perspectivación, senón a seleccións léxicas opostas de seu entre sistemas; o exemplo máis claro témolo entre o par *voltar* e *volver* (*volver por* e *voltar por*).

verbo	frase feita	significado	LG	LP
Subir	F3. <b>Subir-lhe a côr a</b> alguem	Avergonzar, colocar a alguén nunha situación que atenta a súa moral ou pudor.	0 exemplos (Véxase: <b>poñerse colorado/a</b> )	2 exemplos <i>Perdôa-me o obrigar-te a assistir a uma cena que faz subir a côr ao rosto de quem, como nós, abençôa os sacrifícios</i> (L0016).
	F3a. <b>Subir-lhe as cores a</b> alguem	Avergoñarse.	0 exemplos No seu lugar úsase <b>poñerse colorado</b> .	0 exemplos <i>Thayer sentiu que lle subiam as cores à cara. Tomou a sua noiva do braço e a tirou depressa da sala</i> (Howell, Hannah (2008): <i>A bela da besta</i> . Santillana, Lisboa).

Discurso fixo e os verbos de movemento

Ir	F22. <b>Ir con ou contra de / Ir com ou contra de</b>	Pensar, actuar da maneira que se expresa.	8 exemplos <i>Conscentes disto os especuladores ían contra as moedas febles</i> (3nt993).	3 exemplos <i>A disposición de correr riscos sérios e a coragem de ir contra as rotinas estabelecidas</i> (J43242).
	F22a. <b>Ir a prol de / Ir em prol de</b>	Apoiar.	1 exemplo <i>A propia sociedade que, cos ollos pechos, vai a prol dun ensino universitario</i> (3nt993).	0 exemplos <i>Aceitar a autonomia ou quedar na mesma situación é algo indesejável porque nos queremos ir em prol da autonomía</i> (Presidente do CRCAS (2008): “Imprensa Audiovisual”. < <a href="http://www.corcas.com">http://www.corcas.com</a> > [20/06/08]).
	F25. <b>Ir ó gran de / Ir ao grão de</b>	Tratar un asunto directamente	1 exemplo <i>Chegando ao último parágrafo onde xa vai ao grao da súa invitación e me pede o meu apoio</i> (3nt993).	0 exemplos <i>Temos que deixar as teorías, ir ao grão, aos fatos, à prática, meus caros irmãos</i> (Barnard (2003): <i>Verdades e mentiras a respeito de Bernard</i> . < <a href="http://www.averdadesobrehercolubus.hpg.ig.com">http://www.averdadesobrehercolubus.hpg.ig.com</a> > [03/09/03]).
	F26. <b>Ir por diante</b>	Facer que quede claro algo.	1 exemplo <i>Vaia por diante tamén, o descontento dos veciños</i> (PNR997).	0 exemplos
	F27. <b>Ir por</b>	Expresión que se emprega para brindar por algo.	4 exemplos <i>¡Vaia pola ialma dos difuntos todos da casa!</i> (LENETN939).	0 exemplos
	F30. <b>Ir aos ouvidos de</b>	Pasar ó seu coñecemento.	0 exemplos (Véxase: <b>chegar ós oídos de</b> )	1 exemplo <i>Foi aos ouvidos do sacristão e o sacristão foi dizer ao senhor abade</i> (31P083).
Chegar	F25. <b>Chegar ó(s) oído(s) de / Chegar ao ouvido de</b>	Decatarse, pasar a saber algo.	6 exemplos <i>S'había algo así dunha fiasta, algún comentario que lle cheghara ós oídos, (...) ai Dios mío!</i> (PSATDI987).	5 exemplos <i>Pelo dia adiante a noticia chegou aos ouvidos do Lopes</i> (L0494).
Entrar	F16. <b>Non entrar nin saír en / Nem entrar nem sair em</b>	Non opinar sobre ese algo, non tomar parte.	0 exemplos <i>Non entro nin saio nas leas que poida ter esta plataforma con Suso Lista</i> (Anónimo (2008): <i>Seirugalimpa</i> . < <a href="http://seirugalimpa.blogspot.com">http://seirugalimpa.blogspot.com</a> > [27/02/08]).	0 exemplos <i>O certo é que, de todos os problemas terá sido o charuto! (...)</i> <i>Eu nem entro nem saio</i> (Serra, Pedro (2008): <i>De narizes e charutos</i> . < <a href="http://pedroserra.wordpress.com">http://pedroserra.wordpress.com</a> > [07/03/08]).
	F18. <b>Entrar en falas con / Entrar em falas (mansas) com</b>	Iniciar unha relación, habitualmente de carácter amoroso.	1 exemplo <i>Por ela non me casei, anque tiña entrado en falas cunha rapaza de Monforte</i> (NEIHIS968).	0 exemplos <i>Helder acho que tu não debes entrar em falas mansas com o Mafiosi</i> (Sousa, Helder (2008): <i>Cartaz definitivo</i> . < <a href="http://www.futsalamador.net">http://www.futsalamador.net</a> > [06/03/08]).

Discurso fixo e os verbos de movemento

Traer	F20. <b>Traer cola</b>	Provocar consecuencias, debate, discusión...	2 exemplos	0 exemplos
			<i>Gayoso, nunha atitude sorprendente no meio público galego, xa trouxo algo de cola (3nt993).</i>	
Levar	F29. <b>Levar camiño de / Levar caminho de</b>	1. Prognosticar un resultado.	3 exemplos	0 exemplos
			<i>Elimina por decreto o ensino da tecnoloxía para 1 de ESO e leva camiño de eliminala tamén para 2 de ESO por unha (PNR997).</i>	<i>Agora, Bib Webb leva caminho de ocupar un assento no Senado dos Estados Unidos (Palmer, Diana (1995): A última chance. &lt;<a href="http://www.scribd.com">http://www.scribd.com</a>&gt; [10/09/08]).</i>
	2. Actuar dun modo determinado.	1 exemplo	0 exemplos	
		<i>¡Por Dios vivo, no alcanzaio ni-adiviño onde vai! PEDRO MIRANDA ¡Pois levar, leva camiño...! (CABMAR926).</i>	<i>Isto leva caminho de lle chegar aos ouvidos (Pimentel, Alberto (1895): Asnetas. Parceria, Lisboa).</i>	
	F30. <b>Deixarse levar por / Deixar-se levar por, de</b>	Perder o control.	5 exemplos	15 exemplos
			<i>Ás veces o seu canto deixase levar polo ritmo do blues (3nt993).</i>	<i>Nunca pensara que o Costa se deixasse assim levar pelo dinheiro (L0233).</i>
	F31. <b>Levarse de algo</b>	Ter como razón o que se indica.	1 exemplo	0 exemplos
<i>Canso de calar estreveuse a darlle as queixas. O sancristan viu a tostada do dito e comeuna, respondendolle solamentres «que se levaría do chocolate» (LAMGAL887).</i>				
F32. <b>Levar a cabeza a</b>	Marearse, non ter control sobre un mesmo/a.	1 exemplo	0 exemplos	
		<i>Si mi señor, estou, qu'o que bebín ó xantar non lle me levou a cabeza (BOADIA823).</i>		
F33. <b>Levar ás costas / Levar às costas</b>	Soportar.	0 exemplos	1 exemplo	
		<i>Pois hom'hai, (¡falo formal!) acó, sin sangre nas venas, que leva ás costas máis penas, qu'as do Código penal (Labarta Pose, Enrique (1889): Bál-samo de Fierabrás. Librería de Fernando Fe, Madrid).</i>	<i>Talvez demasiado fraco para poder suportar todas as ofensas que leva às costas (J60139).</i>	
F33a. <b>Levar aos, sobre ombros</b>	Cargar coa responsabilidade de algo.	0 exemplos	1 exemplo	
		<i>(Véxase: <b>levar ás costas</b>)</i>	<i>Não distingue os jogos menores dos jogos maiores e consegue levar uma equipa aos ombros (J35060).</i>	

Discurso fixo e os verbos de movemento

	F34. <b>Levar conta de / Levar à conta de</b>	Responsabilizarse de algo.	0 exemplos <i>Alguén leva conta de facerlle copia de seguridade á vida?</i> (Cesare (2004): <i>Perdas</i> . < <a href="http://astuas.balas.com">http://astuas.balas.com</a> > [12/07/04]).	1 exemplo <i>Se de repente tenho uma reacção... que se pode levar à conta de, de superstição... talvez o homem até seja dado um bocado a isso</i> (1325P292).
	F35. <b>Levar as rendas de</b>	Dirixir, encargarse de algo.	1 exemplo <i>Pro urxe, aprecia, que o pensamento leve as rendas das manifestaciós máis descompostas do sentimento...</i> (FRNSEG963).	0 exemplos
	F36. <b>Levar a peito</b>	Tomar algo moi en serio, dramatizando	0 exemplos <b>No seu lugar úsase tomar a peito.</b>	2 exemplos <i>QUANDO se trata de protestar contra os separatistas bascos da ETA, os espanhóis levam a causa a peito e transformam as ruas num mar de gente</i> (J60213).
	F37. <b>Levar em conside-ração</b>	Considerar algo, telo en conta.	0 exemplos	4 exemplos <i>É uma explicação conspirativa, demasiado fantasiosa, e que aliás não leva em consideração outros fenómenos com uma importância igualmente radical</i> (J60704).
Saír	F24. <b>Saírle as cores (á cara) a</b>	Avergoñarse.	1 exemplo <i>Este condenado de mocoso faine saír as coores á cara</i> (VPOALM922).	0 exemplos (Véxase: <b>subir-lhe as cores à cara</b> ).
	F31a. <b>Saír a colación</b>	Desenvolverse un tema a partir doutro asunto.	0 exemplos <i>Vironse de novo noutras ocasiós, e cando saú a colación o nome das parroquias, un raio que tivera caído aos seus pés, non lles fixera máis efeuto.</i> (Fernández, Xesús (1925): <i>Como son os do grorioso</i> . Lar, A Coruña).	0 exemplos (Véxase: <b>vir a colação</b> )
Vir	F14. <b>Vir da man / Vir mão de</b>	Ser a consecuencia, ser simultáneo.	1 exemplo <i>O escándalo viu da man da delegación nicaraguana</i> (PNR997).	0 exemplos <i>Eles também querem ter certeza de que as pragas vêm da mão de Deus</i> (Samuel: "As mãos de Dagom e a Mão de Deus". < <a href="http://www.biblia.org">http://www.biblia.org</a> > [08/05/09]).
	F15. <b>Vir em bem com</b>	Facer as paces.	0 exemplos	0 exemplos <i>Mas alguém diria que eu seria hipócrita se disser que vier em bem com todas as pessoas</i> (Kanarski, Nan-do (2008): <i>O Orkut vai casar!</i> . < <a href="http://www.under.google.com">http://www.under.google.com</a> > [24/06/08]).

Discurso fixo e os verbos de movemento

	F16. <b>Vir-lhe no encalço a</b>	Facerlle caso a alguén.	0 exemplos	0 exemplos
				<i>Parecia-lhe que toda a gente da casa de Ivan Nikiforovitch lhe vinha no encalço</i> (Nikolai, Gogol (2008): <i>A briga entre os dois irmãos</i> . < <a href="http://www.logoslibrary.eu">http://www.logoslibrary.eu</a> > [28/02/08]).
	F17b. <b>Vir a colação</b>	Desenvolver-se un tema a partir doutro asunto.	0 exemplos	2 exemplos
			(Véxase: <b>saír a colación</b> )	<i>Nada tem a ver com o meu repúdio das ideias e falsos deuses dos pagãos. Vem a colação apenas para notificar que desde muito novo me habituei</i> (L0011).
	F19. <b>Vir por alguén ou algo</b>	Defender.	1 exemplo	0 exemplos
			<i>O home viña, coñe, viña tal, viña por eles a mais ¿non?, e deulles un cigarro</i> (REGTD989).	
	F20. <b>Nin lles vai, nin lles vén</b>	Non incumbir.	1 exemplo	0 exemplos
			<i>Darse de golpes por unha cousa que non lles vai nin lles vén, nin proveito lles reporta!</i> (LPXCON928).	
Pasar	F7. <b>Pasar por algo/ Passar por algo</b>	1. Someter á acción de algo.	42 exemplos	74 exemplos
			<i>A escravatura a nivel individual rematou, pero non sen ter pasado por un longo proceso de loita</i> (3nt993).	<i>O interesse de Portugal não passa pelo alinhamento com qualquer das partes</i> (J43560).
		2. Ser requisito para algo, serlle propio, ter.	22 exemplos	168 exemplos
			<i>A dinámica de desenvolvemento económico previsível que pasa, inevitavelmente, por unha maior integración</i> (3nt993).	<i>A distribuição passou a ser mais cuidada em que sentido? Passou por escolher bem os pontos de venda</i> (J34910).
	F8. <b>Pasar polas mans de ou [posesivo] man / Passar pelas mãos</b>	Controlar, coñecer, tratar algo alguén.	4 exemplos	3 exemplos
			<i>A solución que pasaba polas súas mans</i> (PNR997).	<i>E o médico dizia que em certos casos que lhe passavam pelas mãos</i> (J60250).
F10a. <b>Pasar pola faltriqueira</b>	Non considerar algo.	1 exemplo	0 exemplos	
		<i>El seguiu considerandose administrador do monte da Picaraña, pasando pola faldriqueira a Lei de Montes</i> (PNR997).		
F12. <b>Pasar por (en)riba / Passar por cima de</b>	Asoballar, menosprezar, non considerar.	8 exemplos	4 exemplos	
		<i>Nesa resposta, a razón empresarial tende a pasar por riba da razón redaccional</i> (3nt993).	<i>Senhor rei, ficae certo de que, para assassinar vosso irmão, vos é mister passar por cima do cadaver de vosso segundo pae</i> (L0215).	

Discurso fixo e os verbos de movemento

	<b>F15. Pasar por alto/ Passar por alto</b>	Omitir algo a propósito ou sen decatarse.	4 exemplos <i>O material xa publicado mostra que non se pasou por alto o obxectivo, patente dende Poesía galega (3nt993).</i>	3 exemplos <i>São alimentos literários, que se querem leves. Não podemos contudo resignar-nos a passa-la por alto inteiramente (L0016).</i>
	<b>F17. Pasarlle factura</b>	Ter consecuencias algo.	1 exemplo <i>Pode non dar agora a batalla e agardar aos resultados eleitorais para pasarlle factura a Presedo (3nt993).</i>	0 exemplos
	<b>F18. Pasarlle as contas a</b>	Axustar, facer xustiza, castigar.	1 exemplo <i>Aínda que sempre desexei que existira un Deus bo e xusto para que pasara contas a algúns que cren nel aquí na Terra (PNR997).</i>	0 exemplos
	<b>F19. Pasar a ou para as mans de / Passar para as mãos de</b>	Posuír, controlar algo ou alguén.	3 exemplos <i>As millores pezas de carballeira e toxal pasaron ás mans dos amigos do Tutano (OPEMAO928).</i>	8 exemplos <i>A Singer SGPS passou para mãos portuguesas (J61684).</i>
Atravesar	<b>F1. Atravesarse no camiño de/ Atravesar-se no caminho de</b>	Ser un impedimento para que algo ou alguén se realice.	0 exemplos <i>Se non fora por ela, que s'atrasou no meu camiño e me fixo perdé-la pouca vocación qu'eu tiña, distas horas, en logare d'estare eiquí, papando moscas, estaría na reitoral (Rodríguez, Avelino (1930): Obras teatrales galegas. Faro de Vigo, Vigo).</i>	2 exemplos <i>Que me importa a mim o abjecto alcaide deste abjecto burgo de Zarza? Se ele se atravessar no meu caminho, meto-lhe o meu punhal na garganta (L0289).</i>
	<b>F2. Atravesar as paredes</b>	Facerse público, coñecido, sabido.	0 exemplos	1 exemplo <i>Descarecidos de autoridade e temerosos de que o escândalo atravesasse as paredes, em vão martelavam as secretárias com as régulas (L0026).</i>
Andar	<b>F25. Botar a andar</b>	Poñer algo a funcionar, facer que comece a ter éxito ou a acadar os obxectivos para os que foi creado.	7 exemplos <i>A III Edición deste proxecto educativo xa botou a andar cara ó vindeiro día seis de xuño (PNR997).</i>	0 exemplos



Discurso fixo e os verbos de movemento

F25a. <b>Pór a andar a</b>	Poñer algo a funcionar, facer que comece a ter éxito ou a acadar os obxectivos para os que foi creado.	1 exemplo	0 exemplos
		<i>Cando tiñan que ter posto a andar a súa construción, dubidan da súa necesidade (PNR997).</i>	<i>Petrobas põe MinC para andar (...) a Petrobas fez um acordo com o Ministério de Cultura para acelerar a avaliação dos projetos (Domingues, João (2008): Petrobas põe MinC para andar. &lt;http://www.canalcontemporaneo.art.br&gt; [08/07/08]).</i>
F29a. <b>Anda para adiante</b>	Traballar, evolucionar, seguir funcionando a pesar da situación explicitada.	1 exemplo	0 exemplos
		<i>Cando eu era nova, íbamos á roza (...) cavando na roza, e comendo pan, e un pouco touciño e anda pra diante (REGTD989).</i>	(Véxase: <b>Anda para frente</b> )
F29b. <b>Anda para frente</b>	Evolucionar, continuar funcionando.	0 exemplos	0 exemplos
		(Véxase: <b>Anda para adiante</b> )	<i>O mundo só anda para frente, e a gente não avança sem deixar um monte de coisas para trás (Alice: “O retorno de Elvira Cipriano”. &lt;http://www.episodioscomentados.com.br&gt; [11/10/08]).</i>
F39. <b>Andar detrás, atrás ou tras de / Andar atrás de</b>	Perseguir algo ou alguén, procuralo, facer por conseguilo.	25 exemplos	12 exemplos
		<i>¿E non andas tras das rapazas? (FOLLUS953).</i>	<i>No mais, encolhido e calado, ia andando atrás do sol de Inverno pelo passeio da venda do Brissos (L0095).</i>
F39a. <b>Andar ó encalzo / Andar no encalço de</b>	Buscar, seguirille a pista.	0 exemplos	1 exemplo
		<i>Se de certo quere acceder ó posto, máis vale que se espila, porque Mercedes ándalle ó encalzo (Pena, 2001: 776).</i>	<i>Já na época finda o treinador andou no encalço do jogador mas não foi bem sucedido (J26828).</i>
F39b. <b>Andar á caza de / Andar à caça de</b>	Perseguir, ir na busca de alguén ou algo.	2 exemplos	2 exemplos
		<i>A sensación é talmente de qu'os autos andan á caza do transeúnte (RISMIT934).</i>	<i>À caça andava eu de ti... - disse afávelmente o pai (L0296).</i>
F40. <b>Andar (en)riba ou encima de / Andar encima de</b>	1. Insistirle a alguén a respecto dunha idea ou opción.	1 exemplo	1 exemplo
		<i>Ben sabes que D. Eduardo andaba riba de nós, enchendonos de ameazas pra que deixásemos a Sociadá dos agrarios (VPOALM922).</i>	<i>Não me competia, nem eu podia, andar sempre em cima dele, a fazer-lhe recomendações (L0416).</i>
	2. Estar moito detrás de alguén ou algo.	1 exemplo	1 exemplo
		<i>E a parte deso, moitos lobos non, non hai. Alghún, alghún debe habé-lo, pero non; como lle andan encima e andan cuidando (FRETOC993).</i>	<i>O reitor, que andava sempre com os olhos em cima do rapaz, disse-lhe dias depois (L0523).</i>

Discurso fixo e os verbos de movemento

	F42. <b>Andarlle unha mosca a</b>	Estar a piques de darse algo, de que aconteza.	1 exemplo <i>Así e todo anduvolle unha mosca; houbo pra todos; ai foi arresquiladamente, polos pelos</i> (LPXCON928).	0 exemplos
	F44. <b>Andarlle no, co lombo a</b>	Baterlle a algo ou alguén.	3 exemplos <i>¿E...e a muller que che dixo, ho? Ai, por pouco ch'anda co lombo, e faciache pouco</i> (REGTD1989).	0 exemplos
Correr	F10. <b>Correr da, a ou pola conta de</b>	Ocuparse ou facerse alguén responsable de algo.	7 exemplos <i>Nin que dicir ten que todo correu da nosa conta, que todo foi custeado por nós</i> (FGRANO985).	1 exemplo <i>Quanto às despesas com as viagens e o meu sustento, não me preocupasse: tudo correria por conta da Congregação e dos seus fundos</i> (L0518).
	F10a. <b>Correr a cargo de</b>	Ocuparse ou facerse alguén responsable de algo.	10 exemplos <i>A clausura do curso correrá a cargo dos alumnos das clases maxistras</i> (PNR997).	0 exemplos <i>A organização da Conferência corre a cargo da OTRI da Universidade da Lagoa (Universidade da Lagoa (2009): "Tenerife acolhe a Conferência Anual de RedOTRI". &lt;<a href="http://contenidos.universia.es">http://contenidos.universia.es</a>&gt; [28/05/09]).</i>
	F12. <b>Correr a chacota con</b>	Burlarse de, rirse de alguén ou algo	1 exemplo <i>Chamuscabase todo, mentres os demais comezaban a ouvear e correr a chacota con el</i> (LFRNIN905).	0 exemplos No seu lugar úsase <b>fazer chacota com.</b>
Volver	F9. <b>Volver por alguén</b>	Apoiar ou axudar a alguén, ser partidario de algo ou de alguén, defendelo.	6 exemplos <i>Tiñao de criado, entre trasno e bufón, e volvía por il cando lle chegaban as queixas</i> (BLABIO962).	0 exemplos (Véxase: <b>Voltar para</b> )
	F10. <b>Volver contra algo ou alguén</b>	1. Opor algo.	0 exemplos <i>Nada ha quedar desa xente ruín que volve agora contra nós, coma hai mil anos...</i> (Víctor Freixanes (1982): <i>O triángulo inscrito na circun-ferencia</i> . Galaxia, Vigo).	0 exemplos
		2. Oporse en contra de.	0 exemplos <i>Todo se volve contra nós -di ao fin</i> (Dié-guez, Lois (1986): <i>A canción do vaga-mundo</i> . Sotelo, Santiago).	0 exemplos (Véxase: <b>Voltar-se contra</b> )

Discurso fixo e os verbos de movemento

		3. Pasar a estar en contra de.	0 exemplos <i>E toda a confianza volveuse contra o fabulador, unha vez desvelada a impostura</i> (Iglesias, Bieito (1999): <i>O mellor francés de Barce-lona</i> . Galaxia, Vigo).	0 exemplos (Véxase: <b>Voltar-se contra</b> )
		4. Lanzarse en contra de.	0 exemplos <i>Volveuse contra os seus propios basallos (xq el ben sabe q sin Budawsh a caudrilla mantekilla non é nada) e comezou a golpear o coche de skizople</i> (Millán, Diego (2008): <i>El rincón del Fénix</i> . < <a href="http://die.gomn1986.spaces.live.com">http://die.gomn1986.spaces.live.com</a> >).	0 exemplos (Véxase: <b>Voltar-se contra</b> )
Voltar	F9. <b>Voltar para alguem</b>	Apoiar ou axudar a alguén, ser partidario de algo ou de alguén, defendelo.	0 exemplos (Véxase: <b>Volver por</b> )	3 exemplos <i>Levará un familiar a uma denúncia? - Acha que eles tiveram medo que você não voltasse para os seus filhos?</i> (J57593).
			F10. <b>Voltarse contra algo ou alguén / Voltar-se contra algo ou alguem</b>	1.Oporse a algo ou alguén. (Véxase: <b>Volverse contra</b> )
	2. Pasar a estar en contra de algo ou alguén. <i>Aquel poder voltouse contra eles</i> (O pastor eléctrico (2009): <i>As ovelas eléctricas</i> . < <a href="http://asovellaselectricas.blogspot.com">http://asovellaselectricas.blogspot.com</a> > [07/03/09]).	0 exemplos <i>A esquerda deixou cair o seu patrocínio e portanto os 'media' e as elites voltaram-se contra nós</i> (J52716).		
		3. Lanzarse en contra de algo ou alguén. <i>A súa irmá voltouse contra miña coma unha gata de Algalia e arrabuñoume unha meixela</i> (MEFARR991).		1 exemplo <i>Os intelectuais e os artistas não pertencem ao sistema porque se voltam contra ele e o acusam</i> (L0450).
	F11. <b>Voltar os olhos para</b>	Darlle atención a algo ou a alguén.	0 exemplos	1 exemplo <i>Não voltamos os olhos só para as questões internas do partido</i> (J52616).
	F13. <b>Em matéria de, foi e já voltou</b>	Dominar moito un asunto.	0 exemplos No seu lugar úsase <b>estar de volta de</b> ; aquí <i>volta</i> funciona como un substantivo, polo que non incluímos esta frase feita no noso traballo.	1 exemplo <i>Froilán, está exultante e su padre, que em matéria de beleza foi ali e já volta, está todo orgulhoso</i> (J61849).
	Parar	F4. <b>Parar-lhe à porta a</b>	Ter, posuír algo.	0 exemplos

## Discurso fixo e os verbos de movemento

<b>F6. Parar mentes en / Parar mentes em</b>	Dedicarlle atención a algo.	2 exemplos	0 exemplos
		<i>Camiñou por fin o cabaleiro afundido en cavilacións sin parar mentes no camiño</i> (OPEMAO928).	<i>Às editoriais não lhes traz grandes lucros -parece- parar mentes nos chamados 'livros de autotres minoritários'</i> (Veiga, Carlos (2005): "O débil livro". < <a href="http://www.blog.comunidades.net">http://www.blog.comunidades.net</a> > [18/09/05]).

**Táboa 67: Fraseoloxía con mudanza formal, incluída no macro sentido AC**

As construcións semánticas abandonan a dimensión do movemento; isto non significa que non requiran figuras de natureza locativa, aínda que neste caso sexan referidas a planos non espaciais, non físicos. Ademais baixo esta macroacepción non é necesario que a construción das estruturas frásticas coincida cos ES prototípicos dos verbos. O feito de que se amplíe o abano de significados trae consigo a diversificación construtiva e a maior acollida para modos de desenvolverse minoritarios, aínda que non alleos ou innovadores en ningún caso.

<b>ES</b>	<b>verbo</b>	<b>frase feita</b>
Ax / Ent	andar	F25, F25a
Ax / Ent + Dt	subir	F3, F3a
	ir	F25, 30
	chegar	F25
	entrar	F16, F18
	parar	F4
Ax / Ent + Or + Dt	saír	F24
Ax / Ent + Md + Dt	voltar	F13
Ax / Ent + Tr	pasar	F8, F9, F10a, F12, F19
	atravesar	F1
Ax / Ent + Md	ir	F22, F22a, F26, F27
	saír	F31a
	vir	F14, F15, F17b, F19
	pasar	F15
	andar	F29a, F29b, F39, F39a, F39b
	correr	F10, F10a,
Ax / Ent + Md + Benef	vir	F16, F20
	andar	F42, F44
Ax / Ent + Pac	traer	F20
	levar	F29, F32, F34 (G), F35
	pasar	F17, F19
	atravesar	F2
	correr	F12
Ax + Pac + Md	levar	F33, F33a, F31, F36, F37
	pasar	F18
	volver	F9, F10
	voltar	F9, F10, F11
	parar	F6
Cau + Pac	levar	F30, F34 (P)
Cau + Pac + Dt	traer	F19

**Táboa 68: ES da fraseoloxía con mudanza formal, incluída no macro sentido AC**

Como remate, imos resaltar a primeira estrutura frástica con igual núcleo verbal, pero diferente construción semántica en cada un dos idiomas. Ata o de agora as diverxencias centrábanse na selección verbal a partir da perspectivación da acción; no caso de *levar a conta de* e *levar á conta de*, cun mesmo verbo ofértase unha ollada diversa. Deste modo, mentres na primeira unha realidade [ $\pm$ humana] controla algo, na segunda esa mesma realidade é a causante, a razón de que ese outro algo se realice. De maneira que se mantén a preferencia no idioma galego pola plasmación do sema [+control], neste caso non a través do verbo senón do ES.

➤ Frase feita con mudanza formal e incluída no macrosentido MDE

Así como imos abandonando a idea de movemento e entrando en sentidos moi marcados semanticamente, o número de estruturas de discurso fixo e de verbos que se desenvolven nese plano redúcese. As doce construcións frásticas encadradas nesta macroacepción fórmanse a partir de catro lexemas verbais, que contan todos cunha ampla diversidade de significados e pertencen ó subtipo verbal de movemento menos marcado: lexemas de movemento con desprazamento na horizontalidade e focalizadores do destino (*ir*, *chegar*, *entrar* e *traer*). Ou sexa, segundo como se vaia reducindo o abano de significados acollidos dentro dun macrosentido, reduciranse as opcións de que verbos cun menor corpo de sentidos poidan presentar algunha estrutura frástica nel.

A pesar da dita redución de formas, o contraste entre idiomas segue as mesmas pautas que as vistas ata o de agora. As diferenzas encóntranse entre estruturas que lle son alleas a unha das linguas (*chegar à foice* non foi recollida nin no corpus de traballo nin noutros externos da lingua galega) ou en que muda a selección de núcleo verbal.

Como vén sendo a tónica común, a selección dun diferente núcleo verbal non responde a diverxencias intrínsecas ós verbos de movemento entre linguas, senón a modos distintos de interpretar a acción segundo o idioma. En galego, nestes casos, descríbese como un feito, un estado de cousas (*estar nas últimas*, *ir por bo camiño*, *pórse na pel de* ou *poñerse a lume de biqueira*) o que en portugués é visto como un proceso (*chegar às últimas*, *entrar no bom caminho*, *entrar na pele de* ou *chegar ao rubro*).

Discurso fixo e os verbos de movemento

verbo	frase feita	significado	LG	LP
Ir	F9. <b>Ir camiño de / Ir a camiño de</b>	Estar para realizarse ou para realizar algo.	1 exemplo	1 exemplo
			<i>Convidovos a que estas Festas do Monte, que van camiño de cumprilo centenario, as sigades celebrando</i> (PNR997).	<i>De todas as diferentes interpretacións existentes, que já vão a camiño das três centenas de discos</i> (J60704).
	F11. <b>¡Onde vai que!</b>	Expresión que indica o moito tempo que hai dende que se deu algo.	8 exemplos	0 exemplos
Ir	F13. <b>Ir adiante / Ir avante ou por diante</b>	Realizarse, cumprirse algo.	1 exemplo	2 exemplos
			<i>De ir o casamento adiante, celebraron unha voda</i> (CCGCT1998).	<i>Foi a própria fundação que perdeu todas as condições para ir avante com o seu projecto</i> (J44077).
	F14. <b>Chegar á alma / Chegar à alma</b>	Sentir algo, ser importante.	3 exemplos	0 exemplos
Chegar	F17. <b>Chegar um cereal à foice</b>	Estar case maduro para a sega.	0 exemplos	1 exemplo
				<i>Os trigos começam-se a chegar à foice, aloirando já</i> (L0280).
	F18. <b>Chegar à fala com</b>	Conseguir falar con alguén.	0 exemplos	1 exemplo
				<i>Não havia registos de alguém ter chegado à fala com o futebolista</i> (J34697).
	F19. <b>Chegar ao rubro</b>	Alcanzar algo ou alguén o seu punto álxido.	0 exemplos	1 exemplo
			No seu lugar úsase <b>poñerse a lume de biqueira</b> .	<i>Debaixo do sol brasileiro as emoções chegam ao rubro</i> (J52818).
F20. <b>Chegar às últimas</b>	Acabar, esgotarse.	0 exemplos	1 exemplo	
		No seu lugar úsase <b>estar nas últimas</b> .	<i>Num dia em que as pilhas internas do computador chegavam às últimas</i> (J43134).	
Entrar	F12. <b>Entrar no bom camiño</b>	Funcionar algo ou alguén ben, adecuadamente, con ou sen mudanza de actitude ou estado.	0 exemplos	4 exemplos
			(Véxase: <b>Ir por bo camiño</b> ).	<i>As dificuldades principiam a aplanar-se e a administração entrou no verdadeiro camiño</i> (L0432).
Entrar	F14. <b>Entrar na pele de</b>	Tomar o rol, vivir o que lle corresponde á per-soa que se especifica, chegar a entendela/a.	0 exemplos	1 exemplo
			No seu lugar úsase <b>pórse na pel de</b> .	<i>É a que dá nome ao livro, e deixa-nos entrar na pele de um homem devorado por uma enxurrada de caracóis</i> (J34672).

## Discurso fixo e os verbos de movemento

	<b>F15. Entrar na casa de</b>	Chegar a esa idade.	0 exemplos	1 exemplo <i>João, um jovem nascido em Almada (a sul do Tejo), a entrar na casa dos trinta, trabalhava num hotel de cinco estrelas em Vilamoura (J60748).</i>
Traer	<b>F9. Traer ó rego / Trazer à rédea</b>	Facer que volva a acatar as ordes, que volva ter un comportamento xui-zoso.	0 exemplos <i>Ás mulleres o que lles vai é iso, o castigo, o tío que as trae ó rego</i> (Laxe Freire, M. Anxo (1986): <i>Loita e morte</i> . Xerais, Vigo).	1 exemplo <i>Descansa, que eu me encarregarei de a trazer à rédea (L0494).</i>

**Táboa 69: Fraseoloxía con mudanza formal, incluída no macrosentido MDE**

Outra das consecuencias da clara demarcación semántica deste macrosentido é a redución nos modelos construtivos. Todas estas frases feitas se reducen a un mesmo ES con dúas variantes, unha non causativa (Ax/Ent+Dt) e outra causativa (Ax+Pac+Dt). Descríbese un proceso de mudanza, ou sexa, de desprazamento non espacial cara a un novo estado. Por isto se entende, por unha banda, esta construción semántica compartida e, pola outra, a rexencia deste subtipo de verbos de movemento con desprazamento.

➤ Frase feita con mudanza formal e incluída no macrosentido EST

Encontramos baixo este macrosentido exclusivamente verbos cun amplo corpo semántico e con capacidade de funcionamento copulativo. Polo tanto, para que unha frase feita describa o estado en que algo ou alguén se encontra, como é este caso, o núcleo verbal debe ter a capacidade de facer tal de seu. Ou sexa, a descrición dun estado non é posible, nin en discurso fixo, con verbos alleos ó funcionamento atributivo.

Por outro lado, o galego e o portugués continúan afastándose do mesmo modo que nos grupos anteriores: por contar un dos idiomas con estruturas non recollidas no outro ou por escolleren diferente verbo. As razóns de seleccionar un ou outro núcleo verbal son compartidas co visto ata o de agora: que sexa unha acción con [+control] ou que o verbo reforce semanticamente a idea conxunta da frase feita.

Na lingua galega óptase por construcións con [+control]; deste modo, en *ter na punta da lingua*, alguén posúe algo, mentres con *trazer na punta da lingua* formúlase como unha situación accidental, un estado de cousas que vén de seu, alleo á vontade do

Discurso fixo e os verbos de movemento

posuidor da lingua. Por outro lado, mentres en *levar/traer en palmas* o verbo redonda a noción de que alguén carga con outro alguén dun determinado modo, este matiz dilúese en portugués en *andar nas palminhas com* por ser o núcleo verbal unha unidade semanticamente máis baleira.

verbo	frase feita	significado	LG	LP
Ir	F15. <b>Ir algo da man de / Ir da mão de</b>	Vir algo xunto doutra situación, ser causado ou simultáneo de algo.	2 exemplos	0 exemplos
			<i>A privatización anunciada por Fraga de gañar os comicios iría da man dos socios galegos de Antena (3nt993).</i>	<i>Isso quer dizer que a democratização deve ir da mão da desmercantilização (Meiksins, Ellen (2007): Capitalismo e democracia. Boren, Atilo A.).</i>
	F17. <b>Ir por bo camiño / Ir por bom caminho</b>	Desenvolverse ben algo ou alguén.	1 exemplo	0 exemplos
			<i>As xestións, que van por bo camiño, da Estrada de Pontecaldelas (PNR997).</i>	<i>A Tailândia, com o seu modelo único, está mais bem armada do que outros países para responder a este desafio e parece estar a ir por bom caminho na via do desenvolvimento sustentável (Monthéard, Xavier: Banquecoque protege e exporta o arroz tailandês. &lt;http://pt.mo dediplo.com&gt; [05/03/09]).</i>
F20. <b>Irse por un ou pronome</b>	Mexarse ou cagarse enriba.	3 exemplos	0 exemplos	
		<i>Estonces o Nicolao do Fresnedal, co medo, foise por onde non se debera ir polas cirigolas (LAMGAL887).</i>		
F21. <b>Vai, vén</b>	Pasar o tempo dun modo.	8 exemplos	0 exemplos	
		<i>Porra vai , porra vén, deso xa no m'acordo (LCAFAL990).</i>		
Chegar	F21. <b>Non chegar á planta dos pés de / Não chegar aos calcanhares de</b>	Non ser tan bo coma alguén.	0 exemplos	2 exemplos
			<i>Xantamos historias, histerias e traballos/ Que non nos chegan á planta dos pés. (Castro, Claudia (2009): “A cidade invisible” en Andar 21. &lt;http://andar21.fiestras.com&gt; [20/04/09]).</i>	<i>É uma bêbeda que nunca há-de chegar aos meus calcanhares (L0296).</i>
F24. <b>Chegarlle a hora a / Chegar-lhe a hora a</b>	Morrer.	1 exemplo	1 exemplo	
		<i>O señor Fuco é un vello e cando lle chegue a súa hora, xa verás ti como chaman na túa porta os mellores mozos da parroquia (CASVEL953).</i>	<i>Sentiu-a tactear-lhe o pescoço e compreendeu que a sua hora tinha chegado (L0518).</i>	



Discurso fixo e os verbos de movemento

Traer	F11. <b>Traer sabido</b>	Estar ou ter experiencia con algo.	2 exemplos	0 exemplos
			<i>Precisamos un bon xurista. Trae ben sabidas as leises dos latinos (CUNHAM958).</i>	
	F12. <b>Traer de cabeza a</b>	Preocupar, ocupar a alguén un asunto.	1 exemplo	0 exemplos
			<i>Vernholes di que outro risco no horizonte traerá de cabeza aos gobernantes da CE (3nt993).</i>	
	F13. <b>Traer entre mans / Trazer entre mãos</b>	Estar ocupado cun asunto.	1 exemplo	0 exemplos
			<i>Non, ese non falou de memoria, e sabía o que traía entre as maos (LPXCON928).</i>	<i>Luis de Granada tem ocasião de elogiar a eloquência de Maffei que lhe leu algumas páginas da obra que começava a trazer entre mãos (A companhia de Jesus na Península Ibérica nos séculos XVI-XVII. &lt;<a href="http://books.google.pt">http://books.google.pt</a>&gt; [22/04/05]).</i>
	F13a. <b>Trazer na manga</b>	Estar ocupado cun asunto.	0 exemplos	1 exemplo
				<i>Digo isto porque a mesquizez leva sempre a desconfiar de que o elogio público traz qualquer coisa na manga (J61564).</i>
	F14. <b>Traer sempre na boca / Trazer sempre na boca</b>	Falar ou mencionar continuamente un mesmo asunto.	0 exemplos	1 exemplo
			<i>Daqués que poñen empeño moi grande en se sacrificar pola pátreia e sempre trà na boca a felicidade do pobo (A Monteiro, 1889).</i>	<i>Completamente estranhas ao "interesse nacional" que esses partidos trazem sempre na boca (J53017).</i>
	F14a. <b>Trazer na ponta da língua</b>	1. Falar sempre de algo.	0 exemplos	1 exemplo
			No seu lugar úsase <b>ter na punta da lingua</b> .	<i>Cidade que Luís M. trazia na ponta da língua (L0464).</i>
		2. Ter preparado un discurso, unha resposta, algo para dicir.	0 exemplos	0 exemplos
				<i>A questão abriu uma brecha para Lula expor os dados que traz na ponta da língua sobre o setor energético do País (Chrispm, Denise (2008): "Lula fala de biocombustíveis em visita oficial à Indonésia" en Estadão. &lt;<a href="http://www.estadao.com.br">http://www.estadao.com.br</a>&gt; [12/07/08]).</i>
	F17. <b>Trazer debaixo de ollo</b>	Gustarlle, escoller a alguén.	0 exemplos	4 exemplos
			(Véxase: <b>entrarlle polos ollos/entrar-lhe pelos olhos</b> )	<i>Diz que ainda é nova... Já a trago debaixo de olho desde o Santo António (L0494).</i>

Discurso fixo e os verbos de movemento

	<b>F18. Traer na palma da man, nas mans / Trazer nas palminhas</b>	Darlle todos os caprichos a alguén, coidalo ben.	0 exemplos <i>Aquel túzaro, que facía honor ó seu nome invariablemente, non se atrevía a tocala nin a levantarlle a voz, cumpría obediamente as súas atinadas observacións e traíaa na palma da man</i> (Miranda, Xosé (1998): <i>Morning Star</i> . Xerais, Vigo).	1 exemplo <i>Deixar o brasileiro que a trazía nas palminhas... E por quem?</i> (L0443).
Levar	<b>F25. O estómago non lle leva</b>	Non aguantar algo, non se lle dar ben a alguén.	2 exemplos <i>Dende que (...) sintiu qu'o estómago non lle levaba o latín, (...) o Narciso d'as Petadas consagrouse ó servico de Dios</i> (LAMGAL887).	0 exemplos
	<b>F27. Levar xeito / Levar jeito</b>	Estar feito ou desenvolverse satisfactoriamente.	2 exemplos <i>Non botés a naide a culpa, que meta a man no seu peito cada cal, e aquel que teña disculpa diga si eso leva xeito ben ou mal</i> (PINGAI853).	0 exemplos <i>Um jovem ET tenta abduzir um humano, mas ele não leva jeito</i> (Blue Bus (2007): <i>Blue bus</i> . < <a href="http://www.x.bluebus.com.br">http://www.x.bluebus.com.br</a> > [19/07/07]).
	<b>F27a. Levar xeito de / Levar jeitos de</b>	Prognosticar un posible resultado.	0 exemplos <i>Pode ser unha simple sobrecarga, aínda que leva xeito de tendinite</i> (Miro (2006): "Carrei-ras populares" en <i>Foro de Becerreá</i> . < <a href="http://www.becerreá.net">http://www.becerreá.net</a> > [03/09/06]).	1 exemplo <i>Orçava pelos quarenta, e levava jeitos de morrer solteiro</i> (L0284).
	<b>F28. Levar ao rubro</b>	Facer que estea ou chegue a unha situación extrema.	0 exemplos	5 exemplos <i>Explana noções básicas às distintas posições que, nas décadas de 60 e 70, levaram ao rubro o debate sobre o desenvolvimento científico</i> (J43202).
	<b>F28a. Levar en palmas</b>	Darlle todos os caprichos a alguén, coidalo ben.	0 exemplos Aparece rexistrada esta frase feita en DCEFF, pero non coloca ningún exemplo.	0 exemplos (Véxase: <b>Andar nas palminhas com</b> ).
	Saír	<b>F21. Saírlle grila a</b>	Non resultar algo como se esperaba.	1 exemplo <i>De non lles vir foi unha creba do oficio: saíulles grila</i> (LAMGAL887).
Andar	<b>F16. Andar a rego</b>	Desenvolverse algo como é esperable.	1 exemplo <i>Na casa comíase a difrentes horas e nada andaba a rego</i> (OPEMAO928).	0 exemplos

## Discurso fixo e os verbos de movemento

F17a. <b>Andar nas palminhas com</b>	Darlle todos os caprichos a alguén, coidalo ben.	0 exemplos	1 exemplo
		(Véxase: <b>Levar/traer en palmas</b> ).	<i>Andavam contigo nas palminhas, héin?</i> (L0045).

**Táboa 70: Fraseoloxía con mudanza formal, incluída no macrosentido EST**

Semanticamente, os tipos de construción neste ámbito, tal e como en MDE, son reducidos. Ó seren estruturas descritoras dun estado de cousas requírese un elemento modal: Ax / Ent +Md, nas construcións non causativas; e Ax + Pac + Md nas causativas. Só hai dúas excepcións a isto. Cando se describe unha situación e non se indica un estado, dilúese a necesidade de introducir un elemento modal. Isto acontece na frase feita F21 con *ir*, onde o ES se reduce a un único elemento: Ent. Por último, está o caso illado de *chegar*; con este verbo o estado en que se encontra algo ou alguén é visto como un punto alcanzado, polo que semanticamente máis que funcionar o segundo elemento como un rol modal é visto como o lugar de chegada (Ax / Ent + Dt en F21 e Ent + Benef en F24). Este verbo describe todas as accións como un proceso, estea xa alcanzado ou non, o que xustifica que na súa construción semántica a figura de destino (ou o seu equivalente [+humano], o beneficiario) sexa central fronte ás indicacións modais das outras unidades verbais baixo este macrosentido.

- Frase feita con mudanza formal e incluída nos macrosentidos LOC, REL e CANT

Os tres macrosentidos que restan son ámbitos de significado propios de poucos verbos de movemento con desprazamento. Tal e como vimos con MDE e EST, xorden só unidades que contan cun corpo de sentidos moi amplo e que, por engadido, teñen a capacidade de desenvolverse como unidades copulativas: *chegar*, *levar*, *saír* e *andar*. Ademais, no contraste entre idiomas, volvemos encontrar os mesmos puntos discordantes: estruturas frásticas só recollidas en fontes dunha das linguas e diferente escolla de núcleo verbal entre si.

No macrosentido LOC, xorden frases feitas só con *andar* e exclusivamente na lingua portuguesa. En galego as construcións en que se describe un estado ou situación como

as aquí presentadas tenden a rexer un verbo estativo<sup>8</sup> do tipo *estar*, fronte á lingua portuguesa, que prefere verbos durativos<sup>9</sup> tal como *andar*. Deste modo, xustifícase que baixo a macroacepción LOC *andar* teña un uso maior en portugués.

Onde non hai variación é no ES das tres frases feitas (Ax/Ent + Amb): unha realidade [+humana] acompáñase do ámbito en que se localiza, espazo este sempre non físico.

verbo	frase feita	significado	LG	LP
Andar	F9. <b>Andar na ribalta</b>	Ser o centro de atención.	0 exemplos	1 exemplo
				<i>Assumiu em Novembro passado o comando técnico da União de Leiria e o seu nome já anda de novo na ribalta (J43438).</i>
	F10. <b>Andar em terrenos de</b>	Pertencer a un grupo.	0 exemplos	1 exemplo
				<i>Ainda nas TMT, a PT-Multimédia andou em terrenos positivos (J61767).</i>
	F10a. <b>Andar na casa de</b>	Pertencer a ese grupo de idade, social, etc.	0 exemplos	1 exemplo
				<i>No "jurídico. online" andam na casa dos 20-30 anos. No "e-legal" chega a haver solicitações de crianças (J52763).</i>

**Táboa 71: Fraseoloxía con mudanza formal, incluída no macrosentido LOC**

Nas seguintes construcións de discurso fixo adscritas ó macrosentido REL descríbese unha relación entre dúas partes, por conseguinte o ES é triactancial: consta dunha realidade [+humana] que se relaciona dun modo con outro alguén.

Con *chegar* descríbese un proceso que leva a alguén a un tipo de relación con outro alguén: Ax + Dt + Ref. Nos casos de *saír* e *andar*, descríbese un proceso que leva a un estado o vencello entre dúas persoas. Desta maneira, o ES muda á formulación Ax + Md + Cía. Este non foi presentado como unha das formulacións base para ningún dos dous

<sup>8</sup>“On Semantic grounds, stative, static or state verbs can be said to express states of affairs, rather than actions, i.e. the expression of relational processes or of inactivef perceptual or cognitive processes. In confront with dynamic verbs” (Crystal, 2003: 433).

<sup>9</sup>“Durative: A term used in the Grammatical analysis of aspect, to refer to an event involving a period of time” (Crystal, 2003: 152).

## Discurso fixo e os verbos de movemento

verbos no discurso libre. Poden aparecer como construcións contextuais, pero non como extrapolables do corpo semántico dos verbos. Deste modo, observamos que o discurso fixo ten a capacidade de fosilizar, con sentidos moi concretos, construcións ampliadas a partir das básicas das unidades verbais. A busca das razóns ou dos principios que regulan esas posibilidades queda fóra dos obxectivos desta investigación, pero poden ser o obxecto dun traballo focalizado neste tipo de partículas.

No contraste entre idiomas, volvemos encontrar unha presentación da acción como un proceso (*sair a bem ou a mal com*) na lingua portuguesa o que en galego se formula como un estado (*quedar, poñerse a ben ou a mal con*).

verbo	frase feita	significado	LG	LP
Chegar	F26. <b>Chegar às boas com</b>	Namorar.	0 exemplos	1 exemplo
				<i>Já lá iam cinco anos e, graças a ela, pudera chegar às boas com uma carochinha de Vila d' Igreja, deliciosa em sua primavera (L0284).</i>
Saír	F32. <b>Sair a bem ou a mal com</b>	Acabar unha relación dun modo positivo ou negativo con alguén.	0 exemplos	0 exemplos
			No seu lugar úsase <b>quedar, poñerse a ben ou mal con</b> .	<i>Gomes foi um excelente jogador (...) Não saiu a bem com o clube, mas não é caso único (Kostadinov (2006): “Ídolos de Outrora” en FÊCÊPÊ. &lt;http://fecepe.blogspot.com&gt; [20/10/06]).</i>
Andar	F45. <b>Andar ben ou mal con / Andar de bem ou mal com</b>	Estar amigos/inimigos ou levarse ben/mal con alguén.	1 exemplo	2 exemplos
			<i>Oies, pequeno, a ver si deixas de andar chupando o aceite da lâmpara, que, se non , vamos andar mal (CEFLUG963).</i>	<i>Ó Maria do Carmo, toma lá uma pinga, mulher! Lá por andarmos de mal há quinze anos, isso acabou-se! (L0583).</i>
	F46. <b>Andar en boas contas con</b>	Manter un bo trato, unha boa relación con alguén.	2 exemplos	0 exemplos
			<i>I eso que non sentía gastar estas dúas onciñas se atopara un medio de non pagarlle ó veciño, porque hai unha temporada que non andamos en boas cuentas (CEFLUG963).</i>	

**Táboa 72: Fraseoloxía con mudanza formal, incluída no macrosentido REL**

Baixo o macrosentido CANT recolleemos en todo o corpus unha única frase feita. Aínda que *ir* e *sair* tamén contan con acepcións semánticas encadradas nesta dimensión, só se desenvolveu como formante dunha estrutura de discurso fixo neste

espazo de significado o verbo *levar*. Como estamos vendo, segundo se vai delimitando o sentido, así se van reducindo as opcións de fixación de discurso fixo.

Esta construción, só recollida na lingua galega, presenta o ES primeiro do verbo (Ax+Pac), de modo que, aínda sendo un macrosentido periférico pola súa concreción semántica, non require necesariamente un tipo de construción secundaria.

verbo	frase feita	significado	LG	LP
Levar	F40. <b>Levar a conta de</b>	Contar algo, saber canto hai de algo.	6 exemplos <i>Algús cunha chea d'anos que non hai quen leve a conta</i> (RISMIT934).	0 exemplos

Táboa 73: Fraseoloxía con mudanza formal, incluída no macrosentido CANT

### 5.2.2. Frases feitas sen mudanza formal

As seguintes estruturas frásticas non admiten variación nos seus elementos, xa que se desenvolven como unha fórmula totalmente fosilizada. A distinción feita entre construcións con certa variación na súa forma fronte a outras completamente estabilizadas ten a súa razón na busca de consecuencias na plena fosilización da fraseoloxía. Ver se no marco semántico ou no comportamento contrastivo entre idiomas hai formas de funcionar para este tipo de construcións xeradas a partir dos VM reguladas pola plena fixación dos elementos da estrutura frástica ou non é un dos obxectivos deste capítulo.

No tratamento que levamos feito do discurso fixo, xorden dous condicionantes que regulaban as opcións dun verbo para aparecer neste tipo de construcións. En primeiro lugar, deben ser lexemas cun campo semántico amplo; e en segundo lugar, é preferible que admitan a construción copulativa. Esta última revela un proceso de baleirado semántico intensificador da diversidade de sentidos que poida adquirir o verbo e de contextos en que pode este aparecer. Estes requisitos xerais agudízanse cando o discurso está plenamente fosilizado. Deste modo, verbos cun ámbito semántico máis concretado como *achegar*, que se desenvolven dentro de construcións con certa variabilidade, non xorden en estruturas con constituíntes pechados. Polo tanto, o grao da fosilización nas formas está estreitamente vencellado co tipo verbal,

## Discurso fixo e os verbos de movemento

coa súa diversidade semántica e co seu proceso de perda de significado no plano do discurso libre.

Por último, advertimos que na presentación destas construcións, ó igual ca nas anteriores, a ausencia de exemplos no corpus dunha estrutura posible nunha das dúas linguas será cuberta con mostras extraídas de fóra del.

### ➤ Frase feita sen mudanza formal e incluída no macrosentido MCD

O paralelismo no comportamento entre o conxunto de estruturas frásticas con ou sen mudanza nos seus formantes é moi alto: o macrosentido MCD continúa sendo a dimensión (xunto con AC) preferencial para os verbos de movemento fosilizarse como discurso fixo, mantéñense os mesmos tipos de diferenzas entre o galego e o portugués e comparten os principais ES de construción.

Pero, por outra banda, existe un punto de afastamento, alén das posibilidades da propia forma (mutable ou non). O número de verbos que poden desenvolverse nunha estrutura frástica fixa redúcese neste caso: as unidades cun corpo semántico limitado que no grupo anterior xurdían dentro de discurso fixo, aquí ou non teñen acollida (*camiñar*, *achegar* ou *subir*) ou aparecen moi diminuídas as súas opcións construtivas (*correr* conta con 5 estruturas con variación formal e 1 completamente fosilizada). Esta será unha tendencia máis ou menos constante no conxunto dos macrosentidos: a perda de capacidades de verbos moi marcados semanticamente para funcionar en discurso plenamente fixado.

verbo	frase feita	significado	LG	LP
Mover	F2. <b>Non moverse da casa / Não mover-se de casa</b>	Non facer nada para conseguir algo.	1 exemplo	0 exemplos
			<i>A popularidade que envexaban tódolos avogados liberais que non se moveran da casa (OPEMAO928).</i>	<i>Permite-lhe dar a volta ao mundo sem mover-se de casa? (NASA WORLD WIND (2005): O mundo inteiro ao alcance do seu mouse. &lt;http://terra brasil.softonic.com&gt; [04/07/05]).</i>
Ir	F1. <b>Ir ó rechán</b>	Rodear unha pendente para subir máis cómodo.	1 exemplo	0 exemplos
			<i>Iba pola serra adiante, por un carreiriño moi costoso. Tiña que ir ó rechao, agatuñar, recuar (FOLLUS953).</i>	

Discurso fixo e os verbos de movemento

F2. <b>Ir ó fondo / Ir ao fondo</b>	Afundir.	8 exemplos	4 exemplos
		<i>Morreron aí non sei cantos de Ondárroa, un bonitero foise ó fondo...</i> (PEAHOM004).	<i>Mas não diz aqui se os navios foram ao fundo...</i> (L0342).
F2a. <b>Ir a pique</b>	Afundir.	6 exemplos	0 exemplos
		<i>Se nos colle coas portas abertas, vamos a pique</i> (PEAHOM004).	<i>Submarino foi a pique</i> (Cardoso, Carlos (2007): "Submarino foi a pique" en <i>Meio Bit</i> . < <a href="http://meiobit.pop.com">http://meiobit.pop.com</a> > [10/09/07]).
F3. <b>Ir á ronsa</b>	Avanzar arrastrando a áncora.	1 exemplo	0 exemplos
		<i>Pareceme que aínda así non poderá pechar. Vaise moito á ronsa</i> (DIEFIE958).	
F6. <b>Ir ás mans / Ir à mão</b>	Pelexar.	1 exemplo	2 exemplos
		<i>Chamoume señorito. Houben de irme ás maos co'il</i> (DIEFIE958).	<i>Se ninguém nos for à mão,/ Hemos de dar cabo dela</i> (L0822).
F6b. <b>Ir a, ó, en pelo / Ir ao pêlo</b>	1. Pegar, bater en alguén.	0 exemplos	1 exemplo
		<i>Algúns veciños, os do bloque máis pegado ao socavón, tiñan ganas de irlle ao pelo a alguén, e non fose que me viñesen a min por metida</i> (Cures, Luz (2008): "Carmel en Bertamiráns" en <i>Espazo de luz</i> . < <a href="http://luzcures.mobile.spaces.live.com">http://luzcures.mobile.spaces.live.com</a> >).	<i>Tens medo que tuas tias te vão ao pêlo?!</i> (L0284).
	2. Cabalgar sen cadeira.	0 exemplos	0 exemplos
		<i>Seica gañou un cabaleiro de Valonga, que estaba afeito a ir a pelo dende Valonga ó Fonte, para darlle de beber á besta daquelas augas limpas da Serra do Pradairo</i> (Gómez, Xosé M <sup>a</sup> (1992): <i>Historias intra da bisbarra</i> . Deputación de Lugo, Lugo).	
	3. Cadrarlle ben algo a alguén.	0 exemplos	0 exemplos
		<i>Neste caso Kurt Russell non é que vaia a conseguir un óscar pero o papel vaille ó pelo</i> (Mr. Rojo (2007): "Death Proof". < <a href="http://www.curtasnarede.es/bitacorras">http://www.curtasnarede.es/bitacorras</a> > [08/09/07]).	



Discurso fixo e os verbos de movemento

	<b>F7. Ir para o outro mundo / Ir ao outro mundo</b>	Morrer.	0 exemplos <i>Un vello que vivía ca súa filla mailo marido e co seu neto, empezou a dicirlles que quería ver o tren antes de ir para o outro mundo</i> (Gael (2009): “Dos arqui-vos do trasno”. <http://rincondelvago.com> [11/06/09]).	0 exemplos <i>Sempre que acontece isso a única coisa que todos podem fazer para sobreviver é rezar muito. Se não der certo, prepare-se para ir ao outro mundo</i> (Desciclopédia (2009): “Vulcão”. <http://desciclopedia.pt> [14/06/09]).
Chegar	<b>F1. Chegar e encher</b>	Lograr o que se pretende inmediatamente e sen esforzo ningún.	0 exemplos <i>Tu queres chegar e encher, e non é así</i> (Santiago, Silvio (1961): <i>Vilardevós</i> . Galaxia, Vigo).	0 exemplos
	<b>F2. Chegarlle á porta / Chegar-lhe à porta</b>	Vir xunto dunha persoa para algo.	7 exemplos <i>¿coidabas ti qu'había de soltar eu a rapaza a un calquera que me chegase á porta?</i> (VALMAX880).	1 exemplo <i>E se, para alguns, existe uma justificação para nunca se terem ligado à rede, uma vez que esta só há pouco tempo lhes chegou à porta, para outros esta medida não vai alterar hábitos antigos</i> (J35275).
	<b>F2a. Chegar pola porta</b>	Vir xunto dunha persoa para algo.	2 exemplos <i>A mai eran a ovella e o castrón, i os fillos os cabritos. E nesto chegaron pola porta: ¡tun! ¡tun!</i> (TABTDI979).	0 exemplos (Véxase: <b>chegar-lhe à porta</b> ).
	<b>F3. Chegar ó cabo do mundo</b>	Pasar a estar nun lugar moi afastado ou descoñecido.	1 exemplo <i>Sabíalle buscar as cóxegas do esprito e con il rían e por il eran homes pra chegar ó cabo do mundo</i> (OPEMAO928).	0 exemplos
	<b>F4. Chegar ó mundo / Chegar ao mundo</b>	Nacer.	2 exemplos <i>De pouco foi que non nacese alá. Aos poucos de chegar ao mundo, meu pai, coronel de infantaría, foi destinado</i> (3nt993).	0 exemplos <i>Romeo chegou ao mundo!!! (...) Ele veio ao mundo con 2,850 kg</i> (Tati (2008): <i>A jeca urbana</i> . <http://jeca urbana.blogspot.com> [16/01/08]).
	<b>F5. Chegar a terra</b>	Desembarcar.	1 exemplo <i>E cando chegaban á terra aquelas sopas viñan ¡Ai, madre querida!</i> (REGTD989).	0 exemplos <i>Assim que a embarcação chegou a terra puseram-se em fuga</i> (Martinheira, Pau-la (2007): “23 africanos falham Cádiz e chegam a Olhão” em <i>Diário de Notícias</i> . [18/12/07]).

Discurso fixo e os verbos de movemento

	<b>F7. Chegar a bo porto / Chegar a bom porto</b>	Obter un bo resultado.	1 exemplo <i>Tiveron problemas coa empresa, mais ao final chegaron a bo porto e conseguiron sacala adiante (DFG).</i>	1 exemplo <i>Conta com Ana Ester Neves, Luís Rodrigues e músicos da Orquestra Gulbenkian para chegar a bom porto (J60710).</i>
Entrar	<b>F2. Entrar pola porta grande/ Entrar pela porta grande</b>	Facer algo ben desde o inicio, comezar ben.	1 exemplo <i>Se chegan ir unidos ás eleccións, os neonazis entrarían pola porta grande na Bürgerschaft (3nt993).</i>	1 exemplo <i>O técnico espanhol entrou pela porta grande e deixou claro o que quería (J26823).</i>
			<b>F3. Entrar num beco-sem-saída</b>	Non ter solución algo ou alguén.
Traer	<b>F1. Traer camiño (andado)</b>	Levar parte do traballo realizado, estar en desenvolvemento para alcanzar un fin.	1 exemplo <i>Cóntanselle os ósos. Vostede xa o ve. El non se laia de nada. Traemoslle moito camiño andado (VPOALM922).</i>	0 exemplos
	<b>F2. Traer ó mundo / Trazer ao mundo</b>	Parir.	27 exemplo <i>Xa non sei cómo te trouxeron a 'ste mundo porqu'es un folgazán (REGTD989).</i>	3 exemplo <i>Ele próprio seria um prolífico continuador da dinastia Bach, trazendo ao mundo 20 filhos resultantes de dois casamentos (J35339).</i>
	<b>F2a. Traer á vida / Trazer à vida</b>	1. Renacer.	0 exemplos <i>A nova película vai sobre un home que é traído de volta á vida. Tras desta experiencia cercana á morte, sofre unha transformación (Novafantasia (2005): "Terramar será un anime".&lt;<a href="http://www.novafantasia.com">http://www.novafantasia.com</a>&gt; [16/12/05]).</i>	1 exemplo <i>Brinquedos doados pelo hospital de Marsden de "crianças que ela ajudou a trazer de novo à vida (J38998).</i>
		2. Parir.	0 exemplos <i>Foi moi femoso, puiden traer á vida a unha pequena estúpida criatura que desde que naceu fai unha semana non parou de chorar (Raúl (2008): "20 días no mundo exterior" en A horta marziana.&lt;<a href="http://aiqueraul.blogspot.com">http://aiqueraul.blogspot.com</a>&gt; [11/10/08]).</i>	0 exemplos <i>No período da campanha contra a despenelazião do aborto, tornou-se claro que muitas grávidas em dificuldades se sentem de tal forma pressionadas a rejeitar o seu filho que, freqüentemente deixam de o trazaer à Vida pela situação de desespero (Costa, Bárbara (2009): Ponto de apoio à vida &lt;<a href="http://www.aborto.com.br">http://www.aborto.com.br</a>&gt; [09/06/09]).</i>

Discurso fixo e os verbos de movemento

	F5. <b>Dios o traia / Deus o traga</b>	Expresión que implica que veña ben ou para ben algo ou alguén.	1 exemplo <i>Moito a chamas, pro non vén. ¡Dió-la traia! ¡Está ben agarrada!</i> (LENETN938).	0 exemplos <i>Deus o traga, para pôr isto a dereito!</i> (“ <i>Sciencias, agricultura e industria</i> ” en <i>Revista Universal Lisbonense</i> , 30. [02/05/1850] ).
	F8. <b>Traer pola rúa da amargura</b>	Facer que alguén estea mal, preocupado ou incómodo.	0 exemplos <i>Na prensa madrileña máis conservadora practican o todo vale contra ZP, que os trae pola rúa da amargura coas súas chicuelinas no círculo</i> (Vieiros: “Estado e ámbitos de codecisión”. <http//vello.vieiros.com> [15/02/06]).	0 exemplos (Véxase: <b>Andar pelas ruas da amargura</b> ).
Levar	F1. <b>Levar á mesa / Levar à mesa</b>	Discutir, tratar algo.	1 exemplo <i>A situación de Xerusalem levarase á mesa de negociación nun prazo de dous anos</i> (3nt993).	0 exemplos <i>O agravo interno previsto no artigo 557 é exclusivo para decisão monocrática e tem por objetivo levar à mesa a matéria julgada</i> (Tribunal de Justiça do Estado de Rio Grande do Sul (2008): <i>Acórdão nº 70027155761</i> . <http://br.vlex.com> [13/11/08]).
	F2. <b>Levar a escena / Levar a cena</b>	Representar.	3 exemplos <i>Agora só falta que alguén, con ideas e talento, ouse levala á cena</i> (3nt993).	9 exemplos <i>O Teatro Regional da Serra de Montemuro leva a cena Lobo/ Wolf</i> (J43956).
	F3. <b>Levar os cartos á casa / Levar o dinheiro a casa</b>	Gañar un soldo.	2 exemplos <i>Voltanse mestres da picaresca cando son os responsábeis de levaren os cartos á casa</i> (3nt993).	2 exemplos <i>Minha mãezinha entrevada lá em casa, à espera que eu lhe leve uns tostões, e não levo nada por causa destes malandros</i> (L0342).
	F4. <b>Levar a bo porto / Levar (o barco) a bom porto</b>	Facer que se desenvolva satisfactoriamente algo.	2 exemplos <i>Amosaron que hoxe é perfectamente posíbel levar a bon porto unha iniciativa destas características</i> (3nt993).	4 exemplos <i>Diamantino Miranda assegura que uma equipa regular consegue sempre levar o barco a bom porto</i> (J26288).

Discurso fixo e os verbos de movemento

F5a. <b>Levar pola rúa da amargura</b>	Facer que alguén estea mal, preocupado ou incómodo.	0 exemplos	0 exemplos
		<i>A pasta, o poder da guita, que nos leva pola rúa da amargura, porque os españois non poden chegar a fin de mes con tanta inflación</i> (López, Xosé R. (2008): “Servir e non servirse” en <i>Galicia Hoxe</i> . [30/01/08]).	(Véxase: <b>Andar pelas ruas da amargura</b> ).
F6. <b>Levar a eito</b>	1. Atropelar todo, pasar por riba.	4 exemplos	0 exemplos
		<i>Aquelas mareas de homes que viñan cal río cheo asolagando cidades e levando todo a eito</i> (PINGAI853).	
	2. Facer algo dunha forma ordenada, sen saltos.	0 exemplos	0 exemplos
			<i>Também escolhi, como estratégia, levar a eito cada Núcleo Gerardo e só quando o terminasse iniciava outro</i> (Egydo, Eugenia (2008): <i>Apun-tamentos</i> < <a href="http://eugeniaegydo.blogspot.com">http://eugeniaegydo.blogspot.com</a> > [07/03/08]).
F6a. <b>Levar por diante</b>	Atropelar, destruír algo ou alguén (física, psíquica ou socialmente).	6 exemplos	10 exemplos
		<i>Houbo máis que palabras no tema da presa que o propio río levou por diante</i> (PNR997).	<i>Apareçam diante da comunidade internacional como parceiros, para levar por diante as suas responsabilidades</i> (J39180).
F6b. <b>Levar moitos por diante</b>	Estar en bo estado a pesar da idade avanzada.	1 exemplo	0 exemplos
		<i>MULLER 3ª Aínda estás para lebares a moitos por diante</i> (CASVEL953).	
F7. <b>Levar Deus deste mundo</b>	Morrer.	14 exemplos	2 exemplos
		<i>Levouna Dios á miña sogra sin disposición, porque n'houbou quen lle dixese nada</i> (BOADIA823).	<i>- Se tu pedisses a Deus que me levasse deste mundo!... - Porquê, minha senhora? porque quer morrer?</i> (L0115).
F7a. <b>Deus o leve</b>	Expresión que indica desexo de que algo desapareza, marche ou acabe.	2 exemplos	0 exemplos
		<i>O que poida marche axiña -e Dió-lo leve- é o meu neto</i> (VPOALM922).	

Discurso fixo e os verbos de movemento

F7b. <b>Como alma que leva o demo / Como alma que leva o diabo</b>	Facer algo alguén moi enfadado, rabioso.	0 exemplos	0 exemplos
		<i>Sáú do local como alma que leva o demo e xa o condutor lle notou que non estaba o forno para bolos</i> (Senín, Xavier (2007): "Urxencias de axenda" en <i>El Correo Gallego</i> . [26/03/07]).	<i>Quantas sinais mais de advertência necesitava para saber que devia pôr distância com este tipo e afastar-se como alma que leva o diabo?</i> (King, Sherri I. (2009): <i>Fogo selva-gem</i> . < <a href="http://www.scribd.com">http://www.scribd.com</a> > [11/06/09]).
F10a. <b>Como quen ou almas que leva o demo</b>	Facer algo rapidamente, con présa.	1 exemplo	0 exemplos
		<i>Partiron agora mesmo, sin decir oste sin moste, com'almas que leva o demo</i> (CABMAR926).	
F10b. <b>Levar o demo de papas</b>	Ter o control ou o dominio sobre algo ou unha situación.	1 exemplo	0 exemplos
		<i>Parecía que levab'o... demo de papas e non levaba nada</i> (REGTD989).	
F11. <b>Levar o mesmo camiño</b>	Contar coa mesma sorte que outro.	2 exemplos	0 exemplos
		<i>Eses coma seus compañeiros, tamén levaron o mesmo camiño: desque acabamos, collemosche todo</i> (FNZPRO810).	<i>Cansei na vida persoal de procurar equil'brío (...)</i> Agora esta pega da vida profesional está a levar o mesmo camiño, tenho de por um ponto final e seguir sozinha (Praia, Teresa (2009): <i>Amar o mar</i> . < <a href="http://amar_o_mar.blogspot.com">http://amar_o_mar.blogspot.com</a> > [22/03/09]).
F11a. <b>Levar</b> (determinante) <b>camión</b> / <b>Levar</b> (determinante) <b>caminho</b>	Actuar, desenvolverse dun modo determinado.	1 exemplo	5 exemplos
		<i>O rock ten que levar outro camiño distinto do das audiencias</i> (PNR997).	<i>Só nos faltam as barbas grisalhas e o escorbuto mas pelo caminho que as coisas levam eu seja cego se não lá iremos</i> (L0061).
F12. <b>Levar a bo camiño / Levar a bom caminho</b>	Facer que se desenvolva satisfactoriamente.	1 exemplo	0 exemplos
		<i>O que ocorre ás veces é que non hai posibilidades de levalas cousas ó bo camiño</i> (PNR997).	<i>A nossa postura é a de ouvir todos aqueles que nos queiram dar sugestões, que nos ajudem a crescer e a levar a bom caminho a nossa missão</i> (Rodrigues, Isabel (2009): <i>Te-le-empendedor</i> . < <a href="http://www.pdc.pt">http://www.pdc.pt</a> > [11/06/09]).

Discurso fixo e os verbos de movemento

Saír	F1. <b>Saír de escena / Sair de cena</b>	Abandonar algo.	0 exemplos	2 exemplos
			<i>Unha excesiva dependencia destes movementos das posicións anti Fraga leváronos a un calello sen saída, toda vez que o que era visto coma un dos principais problemas saíu de escena</i> (Ribeira, Roi (2006): “As loitas cidadás despois da era Fraga” en <i>Vieiros</i> . [19/12/06]).	<i>Quem estava com esse espírito ficou desiludido com o casamento BES. BPI e saiu de cena</i> (J60205).
	F2. <b>Saír á rúa / Sair à rua</b>	Manifestarse, protestar publicamente por algo.	3 exemplos	9 exemplos
			<i>A semana pasada nas Azores saíron á rúa máis de 2.000 agricultores armados de paus</i> (3nt993).	<i>Mesmo assim, a arraia-miúda saiu à rua</i> (J6174).
	F4. <b>Sair a caminho</b>	Comezar a andar, comezar unha viaxe.	0 exemplos	1 exemplo
				<i>Já prestes com pão, água e uma pouca de farinha, repartida a carga entre nós, saímos a caminho o venerável Cali, dois caloiros seus companheiros e nós três</i> (L0011).
	F5. <b>Saír ó paso / Sair ao passo</b>	Aparecerlle a alguén no camiño que leva.	1 exemplo	0 exemplos
<i>Josefito saíu ó paso do seu amigo e dixolle: Ímonos ir ti mais eu</i> (PNR997).			<i>Um homem do guarda fez gesto de lhe sair ao passo, mas o sultão o deteve</i> (Sellers, Alexandra (2009): <i>Filhos do Deserto</i> . < <a href="http://www.scribd.com">http://www.scribd.com</a> > [11/06/09]).	
F7. <b>Saír dos (posesivo) trumiños</b>	Perder o control.	1 exemplo	0 exemplos	
	F14. <b>Volver á carga</b>	Seguir actuando, continuar insistindo.	0 exemplos <i>O líder da centrodereita esperou pouco máis dun mes desde a súa reelección como presidente do Goberno para volver á carga cunha nova versión desta norma (Cabrejas, Cristina (2008): "Berlusconi blíndase" en <i>Galicia Hoxe</i>. [28/06/08]).</i>	0 exemplos <b>(Véxase: Voltar à carga.)</b>

Discurso fixo e os verbos de movemento

	F14a. <b>Volver ó ataque</b>	Seguir actuando, continuar insistindo.	1 exemplo <i>O grupo de Vilanova de Lourenzá volve ó ataque co casete titulado O verme homicida (PNR997).</i>	0 exemplos (Véxase: <b>Voltar ao ataque.</b> )
	F15. <b>Volver ó escenario</b>	Retomar o traballo, a vida pública...	1 exemplo <i>Tras o éxito do Directamente Paco, Carlos Blanco volve ao escenario incorporando a tecnoloxía punta ao seu espectáculo (3NT993).</i>	0 exemplos (Véxase: <b>Voltar ao palco.</b> )
Voltar	F14. <b>Voltar à carga</b>	Seguir actuando, continuar insistindo.	0 exemplos (Véxase: <b>Volver á carga.</b> )	8 exemplos <i>Eu volto à carga: - Diga-me cá isso de o Gonçalo ter engan... - Ora! - interrompe-me (L0416).</i>
	F14a. <b>Voltar ao ataque</b>	Seguir actuando, continuar insistindo.	0 exemplos (Véxase: <b>Volver ó ataque.</b> )	0 exemplos <i>O Aparelho socialista decide voltar ao ataque à Igreja Católica, como pretexto para desviar as atencões da derrota eleitoral (Gaião, Paulo (2009): "PS dividido no ataque à Igreja Católica" en <i>Semanário</i>. [16/06/09]).</i>
	F15. <b>Voltar ao palco</b>	Retomar o traballo, a vida pública...	0 exemplos (Véxase: <b>volver ó escenario.</b> )	1 exemplo <i>Para já, volta em cheio ao palco com um programa de comentário político na TVI (J43992).</i>
	F15a. <b>Voltar à ribalta</b>	Retomar o traballo, a vida pública...	0 exemplos	5 exemplos <i>Perdidos e colaborador regular em projectos de Vítor Rua( Pós-GNR, Vydia), volta à ribalta com novo projecto (J43686).</i>
Tornar	F1. <b>Torna dun lado, e torna doutro</b>	Chegar a un resultado positivo a través de pequenas accións ó longo do tempo ou realizadas por diferentes individuos.	2 exemplos <i>E levan, pois, un pau ghrande, e un torna dun lado e outro torna do outro, e fais'unha festa moi divertida (FRETOC993).</i>	0 exemplos

Discurso fixo e os verbos de movemento

Parar	F5. <b>Pararlle os pés a</b>	Reprender a alguén.	1 exemplo	0 exemplos
			A <i>Confederación Hidrográfica paroulle os pés na desfeita que quería facer na Ponte (PNR997).</i>	

**Táboa 78: Fraseoloxía sen mudanza formal, incluída no macrosentido AC**

Na construción semántica das frases feitas adscritas á macroacepción AC, aínda que non teñen que desenvolver necesariamente os ES base fundamentais, nunca se formulan a través dunha estrutura impropia do modo de construírse o verbo no discurso libre. Ademais, cando os verbos teñen construción frástica con e sen mudanza formal, adoitan repetir os mesmos ES.

ES	verbo	frase feita
Ax / Ent + Dt	subir	F4
	ir	todas, agás F24, F28, F31, F32 e F33
	entrar	todas
Ax / Ent + Md	correr	F18 e F19
	ir	F24 e F28
	vir	F17, F17a e F17c
	pasar	F11a
	andar	todas
	tornar	F1
Ax / Ent + Md + Dt	volver	F14, F14a e F15
	voltar	F14, F14a, F15 e F15a
Ax / Ent + Or	saír	todas, agás F26, F27, F28, F30, F30a e F31
	partir	todas
Ax / Ent + Or + Dt	ir	F31, F32 e F33
	saír	F26, F27, F28 e F30a
	vir	F18
	pasar	F11
Ent + Or + Md	saír	F30 e F31
Ax / Ent + Tr	pasar	F13, F13a e F16
	correr	F9, F11, F15, F16, 16a e 17a
Ax / Ent + Pac	baixar	todas
	levar	todas
	correr	F13 e F14
Ax + Pac + Dt	traer	todas
	pasar	F10
Ax + Pac + Benef	parar	F5
Ax + Pac + Md	volver	F12
Ax / Ent + Pac + Tr	mover	F7
	pasar	F9 e F14

**Táboa 79: ES da fraseoloxía sen mudanza formal, incluída no macrosentido MSD**

No caso de F4 de *subir*, mantense unha das construcións prototípicas do verbo, porque entendemos que o elemento *polo pau* refire o obxectivo mesmo da acción, só que dende unha perspectiva durativa. Por conseguinte, permanece na normalidade construtiva deste lexema.

Pola contra, encontramos unha situación que rompe con esta dinámica: a frase feita F5 de *parar*. Encontramos a ampliación dun esquema base do verbo en discurso espontáneo, pero que como expresión fixa tamén fosiliza outra figura periférica de primeiras. Como estamos ante un sentido fortemente contextualizado, xustifícase que se poida fixar na estrutura un rol non nuclear para o corpo semántico do verbo. De todos os xeitos, é unha excepción en todo o conxunto, que non invalida a regra xeral formulada.

➤ Frase feita sen mudanza formal e incluída no macrosentido MDE

En contra do mostrado ata o de agora, no eido MDE, as estruturas plenamente fosilizadas e os verbos que se desenvolven como tal son máis ca aquelas e aqueles que admiten certo cambio na súa forma. Recordemos que estamos ante un campo semántico máis delimitado cós tres primeiros expostos, polo que podemos extraer a conclusión de que o carácter [+marcado] semanticamente da acepción trae consigo unha maior fosilización dos membros das estruturas frásticas que se formen no referido ámbito. De todas as maneiras, continuamos encontrándonos con que as unidades verbais que se desenvolven como discurso fixo nesta dimensión de significado son os lexemas cun corpo de sentidos máis amplo. Só saíría desta tendencia *camiñar*, pero na estrutura frástica que rexistramos con el (con un único exemplo), este verbo compite en pé de desigualdade con outros núcleos verbais máis amplos nos seus sentidos (*andar/ir para as ancollas*): no TILG, en 7 construcións en que se rexistra esta frase feita “*para as ancollas*”, en cinco casos o núcleo verbal é *ir*, mentres que os dous restantes se reparten entre *andar* e *camiñar*. Por conseguinte, podemos observar que o uso do verbo que nos interesa aquí (*camiñar*) é excepcional, en oposición con *ir*, manténdose entón a predisposición de que en macrosentidos máis marcados só, ou preferiblemente, teñan cabida unidades verbais cun corpo semántico xustamente menos marcado.

Por outra banda, os tipos de distincións idiomáticas neste ámbito son os mesmos cós vistos para as estruturas con certa mudanza formal; reducen a triloxía tipolóxica a dous únicos casos de oposición: ou xorden estruturas frásticas recollidas só nunha das linguas, preferentemente no galego (*ir ó seu*, por exemplo) ou en cada un dos idiomas aparece un diferente núcleo verbal. Neste último caso, a diverxencia débese a que na lingua galega volve preferirse a escolla dunha unidade que redonda o sentido global da construción

Discurso fixo e os verbos de movemento

fronte ó portugués que selecciona lexemas menos marcados no seu significado (véxase *ir pelo ar*).

verbo	frase feita	significado	LG	LP
Ir	F10. <b>Ir ó seu</b>	Recuperar algo ou alguén o seu estado normal ou natural.	1 exemplo <i>Vilacide íbamos un día un, e outro *dí... Eran os oito días, qu' iba o... cada un o seu</i> (REGTD1989).	0 exemplos
	F10a. <b>Ir polo seu sitio</b>	Recuperar algo ou alguén o seu estado normal ou natural.	1 exemplo <i>¿Talvez prevaleza o individualismo, cada un vai polo seu sitio?.</i> (3nt993).	0 exemplos
	F12. <b>Ir polo río abaixo / Ir pelo rio abaixo / Ir por água abaixo</b>	Botarse a perder algo, non realizarse, non cumprirse.	0 exemplos <i>Todo o que eu roubei que vaia polo río abaixo. Ela conformabase con que lle quedase para ir buscalo peixe ó outro día e seis ou sete pesetas gañadas</i> (Araújo, Emilio (1996): <i>Tempos sero-dios</i> . Cumio, Vigo).	3 exemplos <i>Outros abusos tinham de acabar, sob pena de tudo aquilo ir por água abaixo</i> (L0494).
	F12a. <b>Ir para a rúa / Ir para a rua</b>	Ser expulsado dun posto, dun local, dunha actividade...	0 exemplos <i>Agora chégannos dende o INEM os datos de emprego de febreiro, que din que en Galicia 1.575 persoas máis foron para a rúa</i> ("O paro segue medrando" en <i>Galicia Hoxe</i> . [06/03/02]).	1 exemplo <i>E os "tarecos" de Elton foram para a rua Os instrumentos do cantor foram evacuados de manhã</i> (J61780).
	F12b. <b>Ir pelo ar</b>	Explotar algo, destruírse, deixar de ser válido.	0 exemplos No seu lugar úsase <b>saltar polo aire</b> .	2 exemplos <i>Um ciclone, pai... A casa parece ir pelos ares!</i> (L0045).
	Chegar	F11. <b>Chegar á xente / Chegar à gente</b>	Facerse coñecido ou estender algo.	4 exemplos <i>Sen ningún interés porque a música chegase á xente</i> (3nt993).



Discurso fixo e os verbos de movemento

	<b>F12. Chegar á rúa</b>	Facerse público ou coñecido algo.	1 exemplo <i>A historia chega á rúa debidamente orquestada dende o propio Concello (PNR997).</i>	0 exemplos
	<b>F13. Chegar ó corazón / Chegar ao corazón</b>	Entender, compartir algo con alguén.	2 exemplos <i>Disposto ó sacrificio, súas verbas precisas, firentes, fortes, chegaron ó corazón dos homes (OPEMAO928).</i>	0 exemplos <i>Champagne quer chegar ao corazón dos portugueses (Costa, Teresa (2007): "Champagne quer chegar ao coração dos portugueses" en <i>Jornal de Notícias</i>. [11/03/07])</i>
	<b>F15. Chegarlle o santo</b>	Ter sorte, estar inspirado.	1 exemplo <i>Foron a ducias, i o tío Crimente viuse negro pra non perder; chegoulle o santo como suele dicirse (LPXCON928).</i>	0 exemplos
	<b>F16. Chegar na piriñaca</b>	Emborracharse.	1 exemplo <i>Cada vegada qu'o Liño botaba unhas chiquitas servíase outra pra il. Eisi chegaba ás noites sempre na piriñaca (ALSCON955).</i>	0 exemplos
Entrar	<b>F13. Entrar en vía morta</b>	Non avanzar algo.	2 exemplos <i>A promulgación dunha nova Constitución á marxe do Parlamento, entrou en vía morta (3nt993).</i>	0 exemplos
Levar	<b>F17. Ir levando a vida</b>	Subsistir.	0 exemplos <i>E mentres, vai medrando o consumo de ansiolíticos e de somníferos para podermos ir levando a vida (Castro, Francisco (2008): "Os séculos escuros aínda son estes" en <i>A Nosa Terra</i>. [11/04/08].).</i>	1 exemplo <i>Um negócio que "dava para ir levando a vida" (J42944).</i>
	<b>F18. Levar a cabo</b>	Realizar algo.	56 exemplos <i>Ieltsin non pode levar a cabo as eleccións en Decembro sen apoio (3nt993).</i>	58 exemplos <i>Foi um acto de terrorismo sem precedente na história criminal, porque foi levado a cabo no interior de comboios cheios de gente (J24419).</i>

Discurso fixo e os verbos de movemento

	<b>F19. Levar á práctica / Levar à prática</b>	Realizar no plano real algo teórico.	5 exemplos <i>A estrutura do Encontro é totalmente horizontal, tentando levar á práctica os principios organizativos (PNR997).</i>	2 exemplos <i>Traduzem-se na impossibilidade de levar à prática o programa maioritariamente sufragado (J35030).</i>
	<b>F20. Levar a término / Levar a termo</b>	Terminar algo.	1 exemplo <i>Non embargantes, polas razóns que xa espuxemos noutros intres diste traballo, fomos capaces de esforzar-nos asta levá-lo a término (FRNSEG963).</i>	0 exemplos <i>Basta olharmos para os promotores da CPI, para concluímos que visam levar a termo (PCB (2009): “Por trás da CPI, AEPET vê intereses em privatizara Petrobrás”. &lt;http://www.pcb.org.br&gt; [12/06/09]).</i>
Saír	<b>F12. Saír adiante / Sair adiante</b>	Conseguir levar algo a cabo.	11 exemplos <i>Todos, opoñense sistematicamente a que esta cooperativa saia adiante (FOUENT990).</i>	0 exemplos <i>A mudança em forex e os esforços para sair adiante (Forex (2009): Alertas &lt;http://www.forexalertas&gt; [12/06/09]).</i>
	<b>F13. Saír do paso / Sair do passo</b>	Resolver unha situación cunha medida non demasiado eficaz, pero válida para o momento.	1 exemplo <i>Mais como a cousa non é grave, principio esencial de toda comicidade, o home sai do paso ríndose (FRNSEG963).</i>	0 exemplos <i>Lê-se para sair do paso, com rotina, preguiça ou desintereresse ( Menassa, José (2001): “Bíblia Verdadeiro Anúncio”. &lt;http://www.delecampio.com.br&gt; [02/07/01]).</i>
	<b>F14. Ter por onde saír / Ter por onde sair</b>	Gañar a vida.	1 exemplo <i>N'aldea teñen vacas, n'aldea teñen por donde salir (REGTD989).</i>	0 exemplos <i>Ver as coisas elas são / E não ter por onde sair (Tihurna (2006): “De longe” en <i>Um dia de cada vez.</i> [cd]).</i>
	<b>F15. Saír por camiños</b>	Buscar a vida de mala maneira.	0 exemplos	1 exemplo <i>Aqui está a dama de espadas, que é uma mulher de má língua por causa duns dinheiros grandes, que é o dous de ouros, vê? ela amanhã sai por camiños (L0296).</i>

Discurso fixo e os verbos de movemento

	<b>F16. Saír da torre de marfil / Sair da torre de marfim</b>	Abandonar un estado de illamento da realidade.	0 exemplos <i>Federico de Onís quixo darlle un novo rumbo, vincularsecoas escolas, saír da torre de marfil do mundo académico</i> [Monteagudo, Henrique (2008): “Medio século de desterro americano: conversa con Víctor Fuentes” en <i>Grial</i> , 180].	2 exemplos <i>Sublinhou a necesidade de Bruxelas "sair da torre de marfim" à conquista do apoio da opinión pública</i> (J52986).
	<b>F17. Saír voando polos aires / Sair voando pelos ares</b>	Explotar, deixar dunha forma violenta o seu lugar algo por un golpe, choque, etc.	0 exemplos <i>O crucifixo que levaba a caixa saíu voando polos aires e o corpo do intelectual houbo que voltar a metelo dentro...</i> (Xornal Certo (2009): “Cabodano do pasamento de Ramón M <sup>a</sup> del Valle-Inclán” <eniacinformatica.com/xornalcerto> [4/11/09].)	1 exemplos <i>Todo o bricabraque que guarnecía o enorme cuarto saíu voando pelos ares</i> (L0468).
Vir	<b>F8. Vir o día</b>	Amencer.	3 exemplos <i>Chamase un galo e canta á media noite i on pouco antes de vir o día</i> (PRICON958).	0 exemplos
Camiñar	<b>F2. Camiñar para as ancollas</b>	Facerse vello.	1 exemplo <i>Canto máis entraba en anos e camiñaba prás ancollas, máis o sancristán de Vilela sintíase collido pol-a nugalla</i> (LAMGAL887).	0 exemplos
Volver	<b>F5. Volver en si</b>	Recuperar a consciencia.	11 exemplos <i>Cuando volveu en si decía: -¡Quién me metería a min a partidor!</i> (PRICON958).	0 exemplos (Véxase: <b> Voltar a si.</b> )
	<b>F6. Volver ás andadas</b>	Recuperar unha forma de comportamento ou un tipo de problemas.	2 exemplos <i>Dabanlle antoxos de volver ás andadas</i> (LAMGAL887).	0 exemplos
	<b>F6a. Volver ás súas.</b>	Recuperar unha forma de comportamento ou un tipo de problemas.	1 exemplo <i>Entón o tío Xan discurrió un conto pra ver si o Xorxe se asustaba e non volvía ás súas</i> (CEFLUG963).	0 exemplos

Discurso fixo e os verbos de movemento

	<b>F7. Volver ó rego</b>	Recuperar unha forma de comportamento considerado o correcto.	3 exemplos <i>Tanto saber traite cego; mais, ou morres condenado ou téis que volver ó rego</i> (CURDIV888).	0 exemplos (Véxase: <b>Voltar ao rego.</b> )
	<b>F7a. Volver ó camiño</b>	Recuperar unha forma de comportamento considerado o correcto.	2 exemplos <i>¿Cómo habemos de facer pa que esta xente volva ó camiño que perdeu?</i> (COUTDI976).	0 exemplos (Véxase: <b>Voltar ao camiño.</b> )
	<b>F8. Xente nova e leña verde vólvese toda fume</b>	A aparencia, o entusiasmo ineficaz é o que caracteriza a mocidade.	0 exemplos <i>Xente nova e leña verde todo se volve fume</i> (Varios (1999): <i>A carón do lume</i> . Citania, Lugo).	0 exemplos No seu lugar úsase <b>lenha verde é que faz fumaça.</b>
Voltar	<b>F5. Voltar en si / Voltar a si</b>	Recuperar a consciencia.	2 exemplos <i>Tío Xan.- Xa volta en si, seique...</i> (VPOALM922).	5 exemplos <i>Fidalgo, fidalgo, volte a si - bradava Ana</i> (L0432).
	<b>F6. Voltar ás andadas</b>	Recuperar unha forma de comportamento ou un tipo de problemas.	1 exemplo <i>Calouse un anaquiño, logo voltou ás andadas, falando ben «de alá» e mal do que iamos aquí</i> (BLABIO962).	0 exemplos
	<b>F7. Voltar ao rego</b>	Recuperar unha forma de comportamento considerado o correcto.	0 exemplos (Véxase: <b>Volver ao rego.</b> )	0 exemplos <i>Como é óbvio, o CIP “convernceria” a CAP a voltar ao rego da concertación social</i> (Dinis, João (2008): “Primeiro Ministro e dirección da CAP servem-se reciprocamente enquanto pioera a situación dos agrícolas”. < <a href="http://www.agroportal.pt">http://www.agroportal.pt</a> > [25/07/08]).
	<b>F7a. Voltar ao camiño (certo)</b>	Recuperar unha forma de comportamento considerado o correcto.	0 exemplos (Véxase: <b>Volver ó camiño.</b> )	0 exemplos <i>No final do dilúvio (...) Deus lança de novo o homem à aventura da vida na Terra, onde inevitavelmente voltará a cometer erros (...) mas de onde poderá sempre voltar ao camiño certo, convertendo-se ao Amor</i> (Ferreira, José M. (2009): “Uma alianza definitiva”. < <a href="http://www.paroquia-sbelem.pt">http://www.paroquia-sbelem.pt</a> > [01/03/09]).

Discurso fixo e os verbos de movemento

Parar	F1. <b>Ir parar / Ir parar</b>	1. Atoparse, chegar algo a algún lugar ou a mans de alguén.	15 exemplos	16 exemplos
			<i>Foron parar os seixos lascados do chan ourensán, ó mesmo caixote (CUEPRO962).</i>	<i>Aonde foi parar a minha alma de franciscano? (L0011).</i>
	2. Atoparse, chegar alguén a algún lugar ou situación.	18 exemplos	27 exemplos	
		<i>Por máis ofertas que os parentes fixeran ós santos, tiña qu'ir a parar debaixo das herbas do campo santo (LAMGAL887).</i>	<i>Pela primeira vez, "Siga" podía ir parar à prisão (J35438).</i>	
	F1a. <b>Ir parar en / Ir parar em</b>	Reducirse unha cousa ou o resultado dunha cousa ó que se expresa; ir dar en.	8 exemplos	2 exemplos
			<i>Por iso o seu esforzo voltouse ausurdo, veu parar nunha traxedia (FRNSEG963).</i>	<i>O advogado discutiu a imigração clandestina, passou pela toxicodependência e parou nas forcas armadas (J35289).</i>
F1b. <b>Ir parar ás mans de / Ir parar às mãos de</b>	Herdar, conseguir, chegar a posuír algo dun modo fortuíto ou procurado.	2 exemplos	7 exemplos	
		<i>Armas e estantiños de marfín orientais han ir parar a malas maus (RISMIT934).</i>	<i>O Prémio Marcello Mastroianni, destinado ao melhor jovem actor, que foi parar às mãos da britânica Megan Burns (J59899).</i>	
F2. <b>Ben parado / Bem parado</b>	Sen dano, con éxito e proveito, despois de pasar unha dificultade, proba, xuízo, etc.	3 exemplos	0 exemplos	
		<i>De seguro que sairá mellor parado Ramiro Oubiña (3nt993).</i>	<i>Igualar não tem por que ser sempre correto para sair bem parado fora de tempo (Pokernautas (2007): "Estratégia Básica do Poker". &lt;http://www.pokernautas.com/pt&gt; [26/02/07]).</i>	
F2a. <b>Mal parado</b>	Con dano, fracasado, despois de pasar unha dificultade, proba, xuízo, etc.	2 exemplos	0 exemplos	
		<i>Mais naquela ocasião foi a policía a que saíu mal parada (3nt993).</i>	<i>Lutar por uma gaja que não nos ama é perder o tempo e arriscar a sair mal parado (Quote (2008): Consultório de Maria. &lt;http://www-chupamos.com&gt; [04/12/08]).</i>	

Táboa 80: Fraseoloxía sen mudanza formal, incluída no macrosentido MDE

Aínda que ó aumentar os verbos e as estruturas frásticas no discurso plenamente fosilizado tamén se dobran as opcións de construción a respecto das estruturas que admiten mudanza na súa forma, a limitación semántica deste macrosentido produce

unha redución nos modelos construtivos, se os contrastamos cos grupos anteriores. Desta maneira pasamos do único ES (con versións causativa e non causativa) recollido nas frases feitas con cambio nos seus elementos a tres opcións nas completamente fixadas.

ES	verbo	frase feita
Ax / Ent + Dt	ir	F10, F10a e F12a
	chegar	F11, F12, F13, F15 e F16
	entrar	F13
	vir	F8
	camiñar	F2
	volver	F6, F6a, F7 e F7a
	voltar	F6, F7 e F7a
	parar	F1, F1a e F1b
Ax / Ent + Or	saír	F13 e F16
Ax / Ent + Md	ir	F12 e F12b
	saír	F12, F14, F15 e F17
	volver	F5 e F8
	voltar	F5
	parar	F2 e F2a
Ax / Ent + Pac + Dt	levar	F17, F18, F19 e F20

**Táboa 81: ES da fraseoloxía sen mudanza formal, incluída no macrosentido MDE**

Ó describirse un proceso de mudanza, ou sexa, de desprazamento non espacial cara a un novo estado enténdese que este sexa percibido como o lugar alcanzado pola realidade que experimenta o cambio; pero noutros casos, non se focaliza o estado final do proceso. Pode interesar o modo en que se produce a transformación [con verbos que admiten un comportamento copulativo (*ir* e *saír*) ou pertencentes ó subtipo de modo de movemento (*volver*, *voltar* e *parar*)] ou o punto de partida que se quere abandonar e que xera a mudanza (cos verbos focalizadores da orixe, tipo *saír*). Estas tres perspectivas, con diferente relevancia entre si atendendo a tipoloxía semántica da unidade, entran en xogo cando os verbos de movemento con desprazamento se desenvolven como discurso fixo na dimensión semántica de MDE.

➤ Frase feita sen mudanza formal e incluída no macrosentido EST

Volvemos encontrar baixo este macrosentido unha maior diversidade construtiva na fraseoloxía plenamente fosilizada; aumentan os verbos de movemento que se presentan como formantes de discurso fixo e tamén aumentan as estruturas fraseolóxicas en contraste coas que admiten mudanzas na súa forma. Por conseguinte,

## Discurso fixo e os verbos de movemento

mantense a predisposición a unha maior fixación deste tipo de construcións cando nos situamos en ámbitos de sentido máis demarcados.

Por outro lado, o galego e o portugués continúan afastándose do mesmo modo que nos grupos anteriores: por contar un dos idiomas con estruturas non recollidas no outro (por exemplo, *trazer fogo nas rodas* só o recolleemos en portugués, encanto *vir en acordo* aparece exclusivamente na lingua galega), por non compartir todo o corpo semántico en frases feitas comúns (é o caso de *ir indo*, *pasalo ben* ou *pasalo mal*, frases feitas cun abano semántico máis amplo en galego, pero que comunmente presenta como sentido máis habitual neste idioma o coincidente co portugués) ou por escolleren diferente verbo. A selección de distinto núcleo verbal trae consigo (ou é o froito) unha diferente perspectivización do expresado. No conxunto destas frases feitas a escolla de distintos verbos de movemento como núcleos do discurso fixo vén regulada pola tendencia de presentarse na lingua galega como un estado de cousas (*estar no aire*, *poñerse fóra de si*, *facerse público* ou *de andar pola casa*) o que en portugués se formula como un proceso en curso (*ir para o ar*, *sair de si*, *vir a público* ou *trazer por casa*). Esta predisposición particular de cada idioma veuse recollendo ó longo de todo este apartado, polo que se mantén como caracterizadora da oposición entre linguas.

verbo	frase feita	significado	LG	LP
Ir	F14. <b>Ir no mesmo carro</b>	Ter o mesmo posicionamento, interese, etc.	1 exemplo	0 exemplos
			<i>Non coinciden, o que resulta certo é o feito de que todos ían no mesmo carro</i> (PNR997).	
	F16. <b>¿Como lle vai? / Como lhe vai?</b>	Fórmula de cortesía con que se lle pregunta a alguén pola súa saúde, traballo, etc.	8 exemplos	0 exemplos
			<i>Antonio Serio, pero con cordialdade: ¿Cómo lle vai, don Miguel?</i> (DIEFIE958).	- <i>E Vm.cê, como lhe vai? -Sempre na mesma, graças a Deus</i> (Alencar, José (2007): <i>O Gaúcho</i> . < <a href="http://pt.wikisource.org">http://pt.wikisource.org</a> > [10/08/07]).
	F16a. <b>Ir lle mal</b>	Pórse mal, enfermo.	2 exemplos	0 exemplos
			<i>A xente que pasaba tod'arredor bailando, paseando, iballe mal coa risa, de ver o... -De ver outro co... co pitillo dormindo</i> (REGTD989).	

Discurso fixo e os verbos de movemento

	F16b. <b>Ir indo / Ir indo</b>	1. Desenvolver-se dun modo aceptable.	9 exemplos	0 exemplos
			<i>{ENTREV}.- ¿Daba moito o negocio? {A}.- Iba indo. Muito non daba, que daquela... (CACQUE986).</i>	<i>Há que ser optimista e... vamos indo! (Machi (2008): "Vamos indo...". &lt;http://blogs.sapo.pt&gt; [26/09/08]).</i>
	2. Ser convencido, ceder.	3 exemplos	0 exemplos	
		<i>¡Ba!, el foi indo, foi indo, fú-no embobinando, fú-no embobinando (PSATDI987).</i>		
	F18. <b>Ir para o ar</b>	1. Ser reproducido a través dun medio audiovi-sual.	0 exemplos	4 exemplos
			No seu lugar úsase <b>estar no aire.</b>	<i>À meia-noite vai para o ar "Boa Noite", um programa de Fernando Teófilo (J39097).</i>
	2. Chegar, alcanzar o éxito.	0 exemplos	1 exemplo	
		No seu lugar úsase <b>estar no aire.</b>	<i>Foi assim que Bush perdeu em 1992; foi assim que o PSD foi ao ar em 1995 (J38983).</i>	
	F19. <b>Ir en voltas</b>	Acabar unha persoa de mala maneira, ter un mal fin.	1 exemplo	0 exemplos
			<i>E de eso quen ten a culpa senón o xeneral da Cruña? Ben que xa a tubo de que os facciosos chegasen aco [...] Far. Más novas: aínda el vaia en voltas, xa que tan ben nos puxo (ANODAL836).</i>	
Chegar	F22. <b>Chegar o caso</b>	Alcanzar, aparecer o momento oportuno para algo.	4 exemplos	0 exemplos
			<i>O señor Ramiro díxerlle que tiña que facer unha encarga e mais darlle un billete pra cando chegase o caso (LFRNIN905).</i>	
	F22a. <b>Chegar o intre</b>	Chegar o momento oportuno para algo.	1 exemplo	0 exemplos
			<i>Cando chegaba o intre, puñase moi agarimosa facendome as beiras (BLABIO962).</i>	
	F23. <b>Chegar a fin de mes / Chegar ao fim de mês</b>	Ter cartos suficientes para sobrevivir ata a seguinte mesada.	0 exemplos	1 exemplo
			<i>Non sei como vou chegar a fin de mes (Alonso, Dámaso (1969): Narraciones orales gallego-asturia-nas. Obras Completas, Gredos, Madrid).</i>	<i>Com exibições destas o clube chega ao fim do mês e consegue pagar os salários (J26381).</i>



Discurso fixo e os verbos de movemento

Traer	F10. <b>Traer no colo / Trazer ao colo</b>	Ter un neno sobre o peito.	2 exemplos	11 exemplos
			<i>Inés [...] non solo un duro cada mes l'ofreceron por leitala, senón que a trougo no colo (VALMAX880).</i>	<i>E aquele que a mãe traz ao colo e a pequena que está na cidade (L0432).</i>
	F10a. <b>Traer nos brazos / Trazer nos braços</b>	Ter un neno sobre o peito.	1 exemplo	0 exemplos
			<i>Traguendo tamén Caitán nos brazos ó seu filliño (VALMAX880).</i>	<i>Chendo em casa Sakura viu o espso trazer o filho nos braços e correu ao encontro deles desesperada (Naruto (2009): Pai e filho e as coisas da vida. &lt;<a href="http://www.ffsol.org">http://www.ffsol.org</a>&gt; [12/06/09]).</i>
	F15. <b>Traer no sangue / Trazer no sangue</b>	Herdar, virlle de familia; ter algo dun modo intrínseco.	0 exemplos	1 exemplo
			<i>Cada vez somos máis, aínda que seían pequeniños, igual xa o trae no sangue (Sherpas (2008): “Un novo membro” en &lt;<a href="http://www.sherpas.lef ora.com">http://www.sherpas.lef ora.com</a>&gt; [23/07/08]).</i>	<i>O ladrão traz no sangue, e assim o comunica, o fogo da tentação (L0002).</i>
F16. <b>Trazer por casa</b>	Non formal, non ben elaborado, a sucio.	0 exemplos	1 exemplo	
		(Véxase: <b>De andar pola casa.</b> )	<i>Ou pequenas mentiras. Discursos de trazer por casa (L0013).</i>	
F19. <b>Trazer fogo nas rodas</b>	Apurar, correr moito, andar con moita présa.	0 exemplos	1 exemplo	
			<i>Nem prantaram seu pezinho em terra. Foi só de vivas. Parecia que traziam fogo nas rodas (L0461).</i>	
Levar	F21. <b>Levar a palma</b>	Ter o comportamento máis extremo nun asunto.	1 exemplo	5 exemplos
			<i>Mal é que o diga, pro son dunha xente que ningunha lle lev'a palma (BOADIA823).</i>	<i>Com a certeza de que nem Vila Franca nem Alcochete lhe levam tão cedo a palma (L0280).</i>
F22. <b>Levar a razón</b>	Ser quen está no certo.	3 exemplos	0 exemplos	
		<i>A miña nai díme iso decote, e cando miña nai mo di é que tén razón, porque a miña nai leva sempre razón no que di, ¿sabes? (BLABIO962).</i>		

Discurso fixo e os verbos de movemento

	<b>F23. Levar un mico</b>	Ser enganado, sentirse burlado.	1 exemplo <i>Van negros; menudo mico que se levaron; pro, como ganen, xa vos podeis preparar</i> (LPXCON928).	0 exemplos <i>O primeiro passo para não levar un mico é tentar identificar o antigo propietario</i> (Quatro rodas (2003): “Carros usados do mês” en <i>Quatorrodas</i> . <http://quatorrodas.abril.com.br> [01/04/03]).
	<b>F24. Levar sumiço</b>	Desaparecer.	0 exemplos	4 exemplos <i>Daí a dias a cadela levou sumiço, que ninguém lhe tornou a pôr a vista em cima</i> (L0468).
	<b>F26. Levar as de perder ou as de gañar</b>	Ter moitas posibilidades de perder ou de gañar, de saír ben ou mal dun asunto.	0 exemplos <i>Neste caso xorde unha disxuntiva sobre o uso dos recursos públicos adicionais, na que a RB pode levar as de perder respecto a outros bens e servizos públicos</i> (Lago, Santiago (2006): “O financiamento da renda básica en España” en <i>Revista da EGAP</i> , 3.).	0 exemplos
Saír	<b>F18. Saír de ton / Sair de tom</b>	Actuar con malos modos, sen que corresponda á ocasión.	0 exemplos <i>Houbo quen descubriu a fealdade do sistema en que vivimos cando se secuestrou unha revista por facer unha brincadeira sobre a familia real, que non ten reparo en saír de ton e provocar un conflito</i> (Ctnl (2007): “Outro ano. Bo ano”. <http://www.blogoteca.com/cartafoldomandeo> [31/12/07]).	0 exemplos <i>Mas fumar no show de J. Velloso é sair de tom, de estragar a harmonia</i> (Moreira, Flávio (2008): “Blogueiros do VOL debatem sobre Dia Nacional de Combate ao Fumo”. <http://cienciaesaude.vol.com.br> [29/08/08]).
	<b>F18a. Saír do guión / Sair do guião</b>	Comportarse de xeito que non se corresponde co esperado.	1 exemplo <i>Penso que o único que se saíu do guión foi Celestino F. de la Vega, e un pouco tamén Manolo Beiras</i> (FGRANO985).	0 exemplos <i>Ocupe cada um as suas posições, desempenhe cada um o seu papel, sem sair uião e daqui a um ano estaremos melhor que hoje</i> (Correia, António (2009): “Governabilidade”. <http://economy.sapo.pt> [16/02/09]).

Discurso fixo e os verbos de movemento

	F19. Saír a tódolos aguillóns	Ser valente.	1 exemplo <i>Era buxo e forte coma un carballo. Era dobregadiño, azoso, e salir, salía a tódolos aguillós (LENETN939).</i>	0 exemplos
	F20. Sair de si	Enfadarse.	0 exemplos No seu lugar úsase <b>poñerse fóra de si.</b>	1 exemplo <i>A senhora não me faça sair de mim! A senhora não me faça perder a cabeça! (L0443).</i>
	F22. Saír (o tiro) pola culata / Sair (o tiro) pela culatra	Non resultar algo como se esperaba.	1 exemplo <i>Pro, esta vez equivocachete, saliuche o tiro pola culata (LPXCON928).</i>	2 exemplos <i>E saiu pela culatra porque os movimentos sociais mais importantes do Brasil sabem fazer bem a sua política "doméstica" (J44096).</i>
	F23. Saír coa súa / Sair com a sua	Facer que se impoña a súa opinión, conseguir o que pretende.	9 exemplos <i>Tiña xurado e perxurado que había de saír ca súa (LFRNIN905).</i>	1 exemplo <i>Fica o árabe embatucado, envergonhado, por não sair com a sua (L0011).</i>
Vir	F9. Vir a conto	Ser adecuado.	11 exemplos <i>¿Para qué falarei de todas estas cousas, que non veñen a conto? (FOLLUS953).</i>	0 exemplos
	F9a. Vir ó caso / Vir ao caso	Ser adecuado.	8 exemplos <i>Iremos contando logo o que máis ó caso veña (VALMAX880).</i>	4 exemplos <i>Mas isto não vem agora ao caso, que a foto é de festa (J43550).</i>
	F9b. Vir (muito) a propósito	Ser adecuado.	0 exemplos	13 exemplos <i>Sem tempo para mais, recebi a sua estimada cartinha, que veio muito a propósito, porque eu já não estava bom (L0296).</i>
	F9c. Vir fora de propósito	Non ser adecuado a algo.	0 exemplos	2 exemplos <i>É esta uma maneira de se apurar o que nas antologias escolares vem fora de propósito (L0075).</i>

Discurso fixo e os verbos de movemento

F9d. <b>Vir ó pelo / Vir a pêlo</b>	Ser adecuado.	0 exemplos	1 exemplos
		<i>Ós que estamos English, vainos vir ó pelo practicar</i> (Milprimaveras (2009): “Os pares”. < <a href="http://www.blogoteca.com/donsecon">http://www.blogoteca.com/donsecon</a> > [15/02/09]).	<i>E agora por isso vem a pêlo dizer a outra coisa que me trouxe cá</i> (L0432).
F10. <b>Vir a terra</b>	Perder, caer derrotado, cansar.	0 exemplos	1 exemplo
			<i>A França cedía, vinha a terra, como os velhos soalhos que já não suportam grandes pesos</i> (L0019).
F11. <b>Vir por cabo</b>	Rematar.	1 exemplo	0 exemplos
		<i>Veu por cabo a derradeira resistencia, e por fin o vencimento e a sumisión</i> (CUEPRO962).	
F11a. <b>Vir ó cabo / Vir a cabo</b>	Realizarse algo, rematar nun punto.	1 exemplo	1 exemplo
		<i>O extravío duns e doutros vén ao cabo do mesmo trabucamento inicial</i> (RISMIT934).	<i>Estão os ricos-homens de Portugal contra o seu casamento, e, no caso de vir este a cabo, a probabilidade de ser annullado pelas censuras da igrexa é muito alta</i> (L0215).
F12. <b>Vir a lume</b>	Ser publicado ou dado a coñecer algo.	0 exemplos	4 exemplos
		<i>O seu contributo á revista Grial é sinxelamente extraordinario: sirvan de testemuño números que el coordinou como</i> Sobre a sociedade da cultura, <i>ou o que acaba de vir a lume precisamente nestes días</i> (Monteagudo, Henrique (2008): “Xan Bouzada” en <i>A Nosa Terra Diario</i> . < <a href="http://www.anosaterra.com">http://www.anosaterra.com</a> > [08/05/08]).	<i>Ele próprio autor de um catecismo que veio a lume em 1566</i> (L0011).
F12a. <b>Vir a público</b>	Ser publicado ou dado a coñecer algo.	0 exemplos	2 exemplos
		No seu lugar úsase <b>facerse público</b> .	<i>E nos últimos días os propios agentes da administración fiscal vieram a público lembrar, com profesionalismo, que não dispõem de meios</i> (J34908).

Discurso fixo e os verbos de movemento

	F13. <b>Vir a si</b>	Recuperar a consciencia.	0 exemplos	1 exemplo <i>Quando veio a si parecia doida!</i> (L0583).
	F13a. <b>Vir en acordo</b>	Recuperar a consciencia.	1 exemplo <i>E cando estaban todos cabo da defunta, ésta veu en acordo pouco a pouco</i> (CEFLUG963).	0 exemplos
Pasar	F3. <b>Pasalo ben / Passar bem</b>	1. Divertirse.	26 exemplos <i>Gústalle visitar os museos, ver sitios novos..., aínda que tamén o pasa ben nas tendas de roupa</i> (3nt993).	0 exemplos
		2. Non ter malestar.	25 exemplos <i>Eles teñen vergonza, ¡malpocados! Paseo ben e conservese. Volveremos cabo vosté</i> (VPOALM922).	2 exemplos <i>E o avôzinho de Vossa Excelência passa bem? - Obrigado, Domingos, passa bem</i> (L0379).
	F3a. <b>Pasalo de ben, de marabilla, de medo, mellor, estupendo</b>	Divertirse.	5 exemplos <i>Comías comía-l'alí, pero vaia, pasábalo de marabilla</i> (COSTDI986).	0 exemplos
	F4. <b>Pasalo mal / Passar mal</b>	1. Aburrirse.	1 exemplo <i>¡Mira, aburrínme coma unha ostra! Paseino mal</i> (REGTD1989).	0 exemplos
		2. Atravesar unha situación difícil ou desagradable, física ou psíquica.	11 exemplos <i>As neves apertan i a colleita do feno foi má, entonces as vacas pasárono mal; de é o seu delor</i> (PRICON958).	2 exemplos <i>Últimamente passara mal... Mas, olhando o relógio, Afonso interrompeu a relação desses achques</i> (L0379).
	F5. <b>Pasar á(s) historia(s) / Passar à posteridade</b>	Formar parte da historia, ser coñecido, ser importante.	3 exemplos <i>Señora, non quero pasar ás historias como asesíño, nin aínda nunha comedia</i> (CUNHAM958).	1 exemplo <i>A cabeça do ministro caíu no cadafalso, e a sua memoria passou á posteridade manchada pela calunnia</i> (L0215).
	F5a. <b>Pasar á historia / Passar à história</b>	Non ser útil nese momento.	1 exemplo <i>Estes grupos non teñen que dicir porque as súas ideoloxías pasaron a historia</i> (3nt993).	3 exemplos <i>Perguntando-lhe Almeida se a morgadinha de Athey passara à história, respondeu: - Pois então!</i> (L0289).

Discurso fixo e os verbos de movemento

	<b>F6. Pasar de moda / Passar de moda</b>	Non ser moderno, non ser practicado ou do gusto da maioría.	1 exemplo <i>Vestida cun vestido pasado de moda hai moitos anos, negro (RISMIT934).</i>	4 exemplos <i>Ora hoje, meu tio, que o mundo está quase todo descoberto e em que já passaram de moda as conquistas dos mouros (L0432).</i>
Andar	<b>F11. Andar na(s) boca(s) das xentes ou do mundo / Andar nas bocas do mundo</b>	Ser criticado.	3 exemplos <i>Vostede tolea, Don Ramonciño. ¡Xa ando na boca das xentes pola súa culpa! (CASVEL953).</i>	3 exemplos <i>Mas ouça, meu senhor, eu tenho muito medo de andar nas bocas do mundo (L0284).</i>
	<b>F12. Andar na lua</b>	Estar ausente por algo, non estar no mundo real a causa de algo.	0 exemplos <i>Andar na lúa é 'estar medio tolo transitoriamente' (Faginas, Sandra (2002): "Luar" en La Voz de Galicia. [23/07/02]).</i>	3 exemplos <i>A considerável porcentagem de portugueses que habitam na ilha anda na lua com a presença das duas equipas mais representativas do futebol (J26283).</i>
	<b>F13. Andar às aranhas</b>	Estar confuso.	0 exemplos	1 exemplo <i>Eu cada vez ando mais às aranhas com a gente desta casa (L0432).</i>
	<b>F13a. Andar às cambalhotas</b>	Ter unha vida desorganizada.	0 exemplos	1 exemplo <i>Até quando é que a criança pode esperar pela recuperação dos pais? Não pode andar mais do que um ano, ano e meio, dois anos, no máximo, por aí às cambalhotas (J42344).</i>
	<b>F14. Andar coa cabeza no aire / Andar (com a cabeza) no ar</b>	Estar despistado.	0 exemplos <i>Aterra, meu, que andas coa cabeza no aire (Sun Iou Miou (2007): Haicu. &lt;http://haicu.blogspot.com&gt; [26/09/07]).</i>	3 exemplos <i>A menina anda sempre com essa cabeça no ar! (L0045).</i>
	<b>F15. Andar em (muito) maus lençóis</b>	Ir por mal camiño.	0 exemplos	1 exemplo <i>Este filme mostra que Polanski ANDA em muito maus lençóis: longe do virtuosismo das suas melhores obras (J43513).</i>

Discurso fixo e os verbos de movemento

F17. <b>Andar nas palminhas das mãos</b>	Vivir con tódolos coidados.	0 exemplos	1 exemplo
			<i>O casório deu-lhe grande volta aos miolos, não há que ver. Ai, aquela moça vai andar nas palminhas das mãos!</i> (L0284).
F18. <b>Andar en mantelas</b>	Ser aínda un neno, ter pouca idade.	1 exemplo	0 exemplos
		<i>Uns querían por Rey a este seor Emperador que hai agora, que estonces era ¡miña xoia! un picariño que aínda andaba en mantelas</i> (LFRNIN905).	
F19. <b>Andar fóra de contas</b>	Estar para parir porque xa pasou o tempo de xestación.	1 exemplo	0 exemplos
		<i>Veú, si, cando fóra de conta andaba esta que nin por canto hai quería a sorprendese o lance en Santiago</i> (VALMAX880).	
F20. <b>Andar ó sol, á chuvia... / Andar ao sol, à chuva...</b>	Estar ó descuberto ou sufrindo ese fenómeno atmosférico.	0 exemplos	2 exemplos
		<i>Aquelo non era escravo de andar ó sol pero eran moitas horas de traballo</i> (Soutelo, Raúl (2004): “Os documentos orais na historio-grafía social sobre a Galicia do século XX” en <i>Actas do I, II e III Encontros O son da memoria</i> . CCG, Santiago Compostela).	<i>Se mais não houvera do que caminhar, andar ao Sol ou furar águas, então eu poderia dizer: «Eis-me»</i> (L0235).
F21. <b>De andar pola casa / De andar por casa</b>	De calidade normal, do día a día.	1 exemplo	0 exemplos
		<i>Digo os mellores internacionalmente. Os mellores de andar pola casa, de aquí do Grove, tamén os teñen</i> (FPRENT990).	<i>Super-herói de andar por casa. Criança que entra no programa de Verão do Visionarium sai do mesmo com super poderes</i> (Visionarium (2008): “Super-herói de andar por casa”. < <a href="http://www.lifecooler.com">http://www.lifecooler.com</a> > [25/06/08]).
F22. <b>Como anda a festa</b>	Modo en que está ou se desenvolve certo asunto.	1 exemplos	0 exemplos
		<i>Pois nese mesmo tempo que tomastes a primeira vez a Santiago era cando nos tiñamos encerrados os de Lugo ¡mira como andaba a festa!</i> (FNZPRO810).	

Discurso fixo e os verbos de movemento

	<b>F23. Andar contra as ancollas</b>	Envellecer, facerse vello.	1 exemplo <i>E tiña que llo facer o sancristán, pola mor de que a señora ama que andaba tamén escontr'as ancollas, sempre chegaba tarde (LAMGAL887).</i>	0 exemplos
	<b>F24. Andar aos caídos</b>	Non ter cartos.	0 exemplos	1 exemplo <i>Se vocês querem saber, ando aos caídos. Positivamente. Não arranjo nada. Também a culpa é minha, em parte (L0043).</i>
Correr	<b>F8. Correr perigo / Correr (um) perigo</b>	Estar nunha situación de risco.	4 exemplos <i>A operatividade da OPEP é escasa e agora corre perigo a sua propria existencia (3nt993).</i>	27 exemplos <i>Moradores do aglomerado de Monsanto correm perigo sempre que decidem apanhar um autocarro (J42886).</i>
	<b>F8a. Correr (un) risco / Correr (um) risco</b>	Enfrontarse a un perigo, exporse a ter problemas.	15 exemplos <i>Se non consumes drogas corres o risco de convivir con outro preso drogodependente (PNR997).</i>	124 exemplos <i>Os japoneses não quiseram correr riscos (J34572).</i>
Parar	<b>F3. Non parar / Não parar</b>	1. Non soportar a realidade ou sensación que se expresa por experimental a con intensidade.	2 exemplos <i>Taba alí un día de frío que non se paraba (COUTDI976).</i>	2 exemplos <i>Filho, cá teve tua mulher dois bichos, que não há quem possa parar em palácio, e então vê o que determinas dela (L0583).</i>
			0 exemplos <i>Nunca sei porque lle chamo días de descanso (...) o conto é que non paro (Anduria (2008): "Rematou o entroido". &lt;http://andurina.nireblog.com&gt; [08/02/08]).</i>	1 exemplo <i>Junho de 1999, passou a presidência da África do Sul a Thabo Mbeki, Mandela não parou... nos primeiros seis meses do ano 2000, fez apenas uma dezena de viagens (J24456).</i>
		3. Estar ou ser inquieto.	0 exemplos <i>Coñezo a expresión 'fervelle a buxa' (...) para dicir que alguén está nervioso, inqueda, que non para (DePeixes (2008): "De-trás do vicio, vén o fornicio". &lt;http://www.blogoteca.com/orefraneiro&gt; [08/02/08]).</i>	0 exemplos <i>Não paro, não sossego, não descanso (Macedo, Manuel de (2004): "Ode" en Seis poemas inéditos. Revista da Faculdade de Letras-Língus e Literaturas, 2).</i>



## Discurso fixo e os verbos de movemento

		4. Non cesar ata conseguir algo.	1 exemplo	2 exemplos
			<i>Como Margot Spener é un trono, non paramos deica non atopar un señor que nos noticiou de qu'o Profesor Thurnwald marchara para África (RISMIT934).</i>	<i>Começou a ganhar em Wimbledon, à custa de Davenport, e desde então não mais parou (J26757).</i>
	<b>F3a. Non se parar con / Não parar com</b>	Haber un cantidade enorme de unha certa realidade ou de persoas.	1 exemplo	1 exemplo
			<i>Na casa non se paraba coa calor (CSRVEN981).</i>	<i>Hoje então, que chegam as cartas do Brasil, ninguém pára com este povo (L0016).</i>
	<b>F3b. Nin deus paraba</b>	Ser algo totalmente insoportable.	1 exemplo	0 exemplos
			<i>Armaren un cipizape aí Dior mío, que nin Dios paraba, berraban, que non era de broma (OCHGRO994).</i>	

**Táboa 82: Fraseoloxía sen mudanza formal, incluída no macrosentido EST**

Semanticamente, os tipos de construción neste ámbito mantéñense en grande medida cos vistos para as frases feitas que admiten mudanzas na súa forma. Desta maneira, ó seren estruturas descritoras dun estado de cousas, un elemento modal é o máis requirido: Ax/Ent + Md, nas construcións non causativas; e Ax + Pac + Md nas causativas. Pero, cando se describe unha situación e non se refire un estado alcanzado, dilúese a necesidade de introducir un elemento modal, de maneira que se desenvolve a partir dun ES monoactancial non causativo ou dun biactancial causativo. Tal e como acontecía coas estruturas frásticas que admiten mudanza nos seus formantes, hai unha terceira posibilidade: as construcións en que o estado en que se encontra algo ou alguén é visto como un punto locativo. Para o discurso totalmente fixado, alén de poder requirirse o rol semántico de destino, pódese focalizar o punto ou estado de partida. O requirimento dun ou doutro rol regúlase pola natureza semántica do verbo; ou sexa, *saír*, como unidade focalizadora do punto de partida, enténdese que neste eido de significado tamén se constrúa frasticamente requirindo este rol semántico, mentres que *ir* esixirá o de destino, se o estado non é puramente modal.

Discurso fixo e os verbos de movemento

ES	verbo	frase feita
Ax + Pac + Md	traer	F10, F10a, F15, F16 e F19
Ax / Ent + Md	ir	F4, F16, F16a, F16b e F19
	saír	F19, F22 e F23
	vir	F9, F9a, F9b, F9c, F9d e F11
	parar	F3a
	pasar	F3, F3a, F4 e F6
	andar	todas
Ax / Ent	parar	F3 e F3b
Ax + Pac	levar	todas
	correr	F8 e F8a
Ax / Ent + Dt	chegar	F22, F22a e F23
	ir	F18
	vir	F10, F11a, F12, F12a, F13 e F13a
	pasar	F5 e F5a
Ax / Ent + Or	saír	F18, F18a e F20

Táboa 83: ES da fraseoloxía sen mudanza formal, incluída no macrosentido EST

- Frase feita sen mudanza formal e incluída nos macrosentidos LOC, REL e CANT

Dos tres macrosentidos que restan (LOC, REL e CANT) só xorden con estruturas frásticas plenamente fosilizadas os dous primeiros, pero mantense a mesma liña de funcionamento que a vista para a fraseoloxía con opción de mudanza nos seus formantes: son ámbitos de significado propios de poucos verbos de movemento con desprazamento e neles a diversidade de construcións de discurso fixo redúcese amplamente en contraste coas outras macroacepcións. Tal e como vimos con MDE e EST, hai unhas fortes restricións para as unidades verbais, xa que deben, por unha banda, contar cun corpo de sentidos moi amplo e, por outra, ter a capacidade de funcionaren como unidades copulativas. Neste caso a nómina aínda se reduce máis ca nas estruturas con cambios na forma, ó apareceren só dous lexemas: *levar* e *andar*.

As frases feitas incluídas no macrosentido REL describen unha relación entre dúas partes, por conseguinte, o ES é triactancial: consta dunha realidade [+humana] que se relaciona dun modo con outro alguén. No caso de *levar* a relación é entendida como un estado, de modo que xorde como terceiro elemento semántico o *modo* (Ax + Md + Benef). No caso do idioma portugués, encontramos unha frase feita sinónima con mudanza no núcleo verbal: ambas as dúas estruturas son un estado, pero no caso da galega engádeselle o sema de [+control] que opón á fórmula portuguesa.

Discurso fixo e os verbos de movemento

verbo	frase feita	significado	LG	LP
Levar	F39. <b>Levarse coma o can e o gato.</b>	Ter unha moi mala relación.	1 exemplo	0 exemplos
			<i>O Fuco de Mondoñedo, que se levaba coa súa parenta como se levan o can i o gato, sempre rifaba co'ela</i> (LAMGAL887).	No seu lugar úsase <b>ser o cão e o gato.</b>

Táboa 84: Fraseoloxía sen mudanza formal, incluída no macrosentido REL

No campo semántico de LOC volve aparecer *andar* como único verbo en que xorden frases feitas, pero, neste caso, as fórmulas recolléronse exclusivamente na lingua galega. De todos os modos son frases feitas pouco utilizadas neste idioma (recolleuse para cada unha delas un único rexistro), de maneira que a argumentación que presentamos sobre a escasa importancia neste tipo de contexto dun verbo durativo do tipo *andar* na lingua galega fronte a outros estativos mantense.

Onde non hai variación é no ES das frases feitas; haxa mudanza nos seus formantes ou non, unha realidade [+humana] acompáñase do ámbito en que se localiza: Ax/Ent + Amb.

verbo	frase feita	significado	LG	LP
Andar	F7. <b>Andar no verde</b>	Alimentarse un animal con herba fresca.	1 exemplo	0 exemplos
			<i>Daba lustrosa, i a bestia estaba... andaba no verde, qu' er' así no mes d' outono, cas vacas, e, tiña bon color</i> (CACQUE986).	
	F8. <b>Andar no monte</b>	Non facer algo útil, estar a perder o tempo.	1 exemplo	0 exemplos
			<i>Eu ben digo que non andan todos no monte. E ti, cañón ¿cómo probas que ese home que seique é santo, era gallego, e aínda máis que era de Pontevedra?</i> (PINGAI853).	

Táboa 85: Fraseoloxía sen mudanza formal, incluída no macrosentido LOC

### 5.3. Conclusión

Este capítulo céntrase no estudo do discurso non espontáneo que ten como núcleo verbal unidades de movemento con desprazamento. En primeiro lugar, fixemos unha distinción entre dous tipos de discurso fixo: MMDD e fraseoloxía; a caracterización destes dous conceptos aínda está en proceso, por iso presentamos o sentido que lle damos a cada un deles neste traballo. De todos os xeitos, ó centrarse o noso interese no funcionamento dos verbos de movemento con desprazamento no discurso fixo en contraste co libre, non ofertamos unha descrición pechada destes fenómenos lingüísticos; somos conscientes de que deixamos moitas portas abertas para a delimitación e estudo destes elementos.

No discurso fixo con verbo de movemento con desprazamento, encontramos certas constantes que regulan as escollas verbais, independentemente do tipo de unidade discursiva (sexa un MD ou unha estrutura frástica). Aqueles lexemas verbais cun corpo de significados máis amplo e, singularmente, que no discurso espontáneo teñen a capacidade de funcionar como unidades copulativas, teñen unha maior disposición para desenvolverse como MMDD (simple ou composto) ou seren os núcleos verbais de frases feitas. Deste modo, lexemas coma *ir*, *levar* ou *andar* son moito máis recorrentes neste ámbito lingüístico ca *marchar*, *partir* ou *tornar*, unidades cun sentido fortemente limitado.

No achegamento á fraseoloxía fixemos unha distinción novamente dobre: atendemos o macrosentido ó que se adscribían as frases feitas e tamén o grao de fosilización dos seus elementos. A partir do primeiro criterio puidemos comprobar que os ámbitos semánticos máis recorrentes para os verbos de movemento son, á súa vez, os eidos onde con máis normalidade este tipo de unidades se desenvolven como discurso fixo: MCD, MSD e AC. Cos restantes macrosentidos (MSD, EST, REL, LOC e CANT) redúcense os verbos que funcionan no discurso fixo, quedando esta opción case en exclusiva para as unidades máis diversas semanticamente. Por outra banda, estas mesmas macroacepcións, alén de seren máis restritivas nas unidades verbais, tamén permiten en menor medida a variación na frase feita; ou sexa, a fosilización crece segundo se restrinxe o ámbito semántico.

Fóra do referido, a fosilización non trae outras consecuencias na distinción entre frases feitas con ou sen mudanza na forma, é dicir, nin na construción semántica nin

no contraste entre idiomas encontramos diverxencias dentro dun mesmo macrosentido reguladas pola posibilidade de variación dos formantes da frase.

A construción semántica destas estruturas de discurso fixo adoita coincidir coas propostas prototípicas que referimos para o núcleo verbal en discurso espontáneo. De non presentaren o ES primeiro ou os primeiros do verbo en cuestión, adoptarán a forma doutro(s) secundario(s). Son poucos os casos en que encontramos como estrutura da frase feita a prolongación dun ES base, ou sexa, en que non reproducen ningunha das construcións que establecemos no capítulo 4, xa que son ampliacións ou variacións dunha delas. De todos os xeitos, alén de seren moi poucos estes casos (a construción F5 de *parar*, as estruturas de *sair* e *andar* ó describir unha relación ou algunhas construcións de *mover*), non representan unha estrutura anovadora para o verbo. Fossilizan como construción propia un desenvolvemento contextual que pode adquirir o lexema verbal.

Todo o dito ata o de aquí son trazos compartidos polo galego e o portugués. Mais é neste tipo de unidades discursivas onde o afastamento entre linguas se agudiza, en contraste co discurso libre. Ó longo do capítulo encontramos catro tipos de diferenzas:

1. Frases feitas que non se recollen nas dúas linguas, isto é, xorden só nunha delas.
2. Frases con igual forma, pero con diverxencias no plano semántico, sexa en todo o seu corpo de significados ou en parte.
3. Frases sinónimas, pero con diverxencia formal, normalmente por rexer diferentes núcleos verbais.

Esta terceira distinción centrou a nosa atención, pois pretendemos, ó termos como obxectivo un maior coñecemento do funcionamento verbal, revisar que consecuencias produce ou que condicionantes regula a mudanza de verbo. Encontramos que dous tipos de situacións regulan a escolla de lexema.

- a. Diferente distribución entre pares en tensión.

Hai unha translación ó discurso fixo das preferencias léxicas diferentes segundo o idioma no discurso libre. É o caso de *voltar* e *volver*: a distribución de *volver* para o galego e *voltar* para o portugués mantense ó longo do

conxunto da fraseoloxía, independentemente do macrosentido ou de que muden ou non os elementos da unidade discursiva.

b. Diversa toma de perspectiva da acción.

Noutros casos, a escolla dun verbo ou outro determínase pola perspectiva que se adopte ante a acción. Encontramos unhas diferentes preferencias a este respecto segundo o idioma.

i. Estado ou proceso.

En galego óptase por presentar o dito como un estado de cousas (*levar no sangue, estar nas mans de, poñerse colorado/a, estar nas mans de, estar nas últimas, ir por bo camiño, pórse na pel de* ou *poñerse a lume de biqueira, estar no aire, poñerse fóra de si, facerse público* ou *de andar pola casa*), cando en portugués se prefire referilo como un proceso (*correr no sangue, vir a público, correr pelas mãos, subirlle a côr, correr polas mãos de, chegar às últimas, entrar no bom caminho, entrar na pele de, chegar ao rubro, ir para o ar, sair de si, vir a público* ou *trazer por casa*). Deste modo, na lingua portuguesa son moitos os casos en que se escolle un verbo de movemento que dá a idea de progresión non requirida en galego que optará por un lexema doutra natureza semántica.

ii. Carácter [ $\pm$ durativo] da acción.

Estreitamente relacionado co anterior encóntrase a segunda situación. Cando nas dúas linguas se describe a acción como un proceso, na portuguesa refórzase o sema [+durativo] a través do verbo (*passar uma rasteira*), encanto en galego se escolle outro lexema, comunmente alleo á categoría de movemento, onde non xorde esta idea (*facer unha cambadela*).

iii. Explicitación de [ $\pm$ control] sobre a acción.

Noutros casos muda o control que hai sobre a acción: en galego téndese a describir a acción como un feito con [+control] (*traer á tona* ou *á baila, írselle das mas, chegar ós oídos de, ter na punta da lingua, levar/traer en palmas*) mentres que na lingua portuguesa se desfai esa relación causativa (*vir/voltar à tona* ou *à baila, sair das mãos de, ir aos ouvidos de, trazer na punta da língua, andar nas palminhas com*).

iv. Busca do [±reforzamento semántico] da acción

A cuarta liña de distinción que rexistramos ó longo deste capítulo foi a predisposición na lingua galega por escoller un verbo que reforza a través do seu significado a idea da frase feita (*subirlle ás barbas, correr a chacota con, entrar na pel de, saltar polo aire*), en oposición ó portugués que opta por outra unidade menos marcada semanticamente, deixando a carga do sentido ó conxunto da estrutura (*chegar-lhe às barbas, fazer a chacota com, pôrse na pel de, ir pelo ar ou sair voando*). Aínda que o significado dunha frase feita non é a suma dos seus elementos por illado, en galego, de haber a opción, prefírese a selección dunha unidade verbal que redunde no sentido global, mentres que no portugués non.

4. Frases feitas parellas con diferente construción semántica entre idiomas. Só se recolleu nun caso (*levar conta de / levar à conta de*), o que reflicte a anomalía desta posibilidade. De todos os xeitos, a falta de coincidencia reproduce unha tendencia diversa na perspectivación da acción entre linguas que se coloca en paralelo co descrito cando o que muda é o núcleo verbal. O sema [+control] regula as escollas, de maneira que en galego xorde este trazo semántico que en portugués se elude.

En resumo, o estudo contrastivo da fraseoloxía galega e portuguesa referida ós verbos de movemento fornécenos argumentos para defender o estreito ligamento entre estes dous idiomas apoiado no seu pasado común. Mais tamén demostra que o feito de pertenceren a comunidades lingüísticas diferentes dende hai máis de 500 anos produce o afastamento evidenciado en planos da lingua tan mudables polas modas sociais como é o discurso fixo.

## **6. Delimitación dos principais esquemas sintácticos**





Neste capítulo o obxectivo é delimitar os esquemas sintácticos máis recorrentes para cada un dos verbos de movemento con desprazamento, é dicir, os esquemas argumentais (EA) dos lexemas obxecto de estudo neste traballo. Unha vez establecidos, observaremos que o feito de seren verbos pertencentes a un mesmo grupo semántico fai que compartan as construcións sintácticas. Nos capítulos 4 e 5 comprobamos que hai coincidencias na rexencia dos participantes semánticos entre estas unidades, en destaque entre os membros de cada subgrupo de verbos de movemento con desprazamento. Agora comprobamos que se dá o mesmo no plano sintáctico.

A primeira necesidade que nos xorde é delimitar que entendemos por sintaxe. Dixon (1991) define a sintaxe como a forma en que as palabras combinan entre si: unha unidade ten un sentido que condiciona as súas posibilidades de combinación. Mais ese vencello entre significado e sintaxe é interpretado de maneiras moi diversas nos estudos lingüísticos, ó igual que a visión do concepto sintaxe tampouco é única.

A relación entre semántica e sintaxe pode entenderse como puramente instrumental, é dicir, a sintaxe é un instrumento para chegar ó obxectivo final que se sitúa no plano do significado; na gramática de casos (Fillmore, 1968) a sintaxe é a vía para a busca da estrutura semántica profunda dun verbo. Pola contra, a descrición da sintaxe é o elemento primario e central na perspectiva construcional da lingüística cognitiva (Goldberg, 1995). E, finalmente, hai unha terceira tendencia en que se tratan equiparadamente as dúas dimensións ó consideralas estreitamente relacionadas. Mais tamén aquí hai diferenzas. O modelo funcional entende o vencello entre significado e sintaxe como continuación dunha dimensión na outra; o xenerativismo chomskiano (1965) considera a sintaxe como proxección do léxico; mentres que Levin (1993) establece unha relación biunívoca entre o plano sintáctico e semántico.

Atendendo esta diversidade de opcións, é necesario delimitar o posicionamento teórico de que imos partir neste traballo. Entendemos que existe unha estreita relación entre significado e estrutura sintáctica, pero non consideramos para nós central determinar que inflúe en que, senón debuxar a intensidade dese vencello. Dende o noso punto de vista, é consecuente esperar que, se as unidades analizadas pertencen a un mesmo grupo semántico, presenten puntos comúns na estrutura sintáctica. Non dicimos que compartan a estrutura ou estruturas sintácticas que lles son propias,

porque, como se viu nos dous capítulos anteriores, aínda habendo relación entre significado e sintaxe non hai correspondencia exacta entre estas dúas dimensións. Deste modo, no caso dos verbos, o EA concíbese como propiedade relacionada coa estrutura léxico-conceptual, aínda que non dun modo unívoco. Cada verbo predetermina que argumentos rexerá, mais non dunha forma totalmente pechada. Esta situación referiuna Rothstein (1985) ó deixar ver o potencial dun sistema que distinga entre predicación primaria e secundaria, en que na segunda aparecen complementos que o verbo de seu non require; ou Napoli (1989), ó advertir que o sistema semántico non se corresponde exactamente con sistema sintáctico; ou Jackendoff (2010) ó presentar a súa teoría da *Parallel Architecture* onde

The basic premise of the theory is that phonology, syntax, and semantics are independent generative components in language, each with its own primitives and principles of combination [...] Even though syntactic and semantic argument structures are normally closely correlated, it is important to keep them distinct. There is a double dissociation between them (Jackendoff, 2010: 1-17).

Na busca desa fronteira mantemos o interese de observar a rendibilidade de traballar con grupos semánticos: procuramos regularidades lingüísticas que permitan predicir o comportamento sintáctico de cada lexema e, así, partir do concreto para chegar ó xeral (será no capítulo 8 onde afondaremos dende unha perspectiva de conxunto sobre a interrelación das construcións semántica e sintáctica para os verbos de movemento con desprazamento).

Xa no ámbito exclusivamente sintáctico, mencionamos enriba a diferenza entre predicación primaria e secundaria. Esta idea, que foi desagregada de diferente forma ó longo dos últimos tempos, refire a existencia de unidades sintácticas rexidas dun modo máis esperable ca outras para cada un dos verbos. Segundo Givón (1980), os complementos sitúanse nunha xerarquía de implicación co verbo. Ó redor da dita diverxencia na implicación co núcleo do predicado aparecen unha gran diversidade de propostas teóricas para afrontar esta situación, unhas describindo os distintos tipos de esquemas e outras centrándose no propio status das unidades sintácticas segundo a súa dependencia para o verbo. Aquí imos facer un breve repaso polas que conseguiron un maior eco.

En primeiro lugar, debemos citar a gramática funcional (Dik, 1989) que desagrega a teoría de Rothstein (1985) ó falar de tres tipos de predicacións: nuclear, central (*core*) e estendida. A nuclear correspóndese coa primaria do anterior autor: determínase

polas posibilidades combinatorias do predicado e está formada exclusivamente polos argumentos que o verbo require. As dúas seguintes configuran o ámbito que Rothstein denomina predicación secundaria. Deste modo, a central esténdese a partir da nuclear, correspondendo co esquema *operador predicativo1 + predicación nuclear + satélite 1*; mentres que na estendida se colocan complementos accesorios ou que modifican o conxunto da unidade e non xa exclusivamente o verbo [operador predicativo2 + complemento externo + predicado centro + satélite + (complemento externo)].

Baseados no criterio da indispensabilidade para completar o sentido do verbo triunfaron nos traballos de lingüística dous conceptos diferentes: *valencia* (Tesnière) e *argumento* (na gramática funcional, entendéndose como un contrario de *satélite*), ambos referindo a complementación base dunha unidade verbal. En simultáneo, estes termos compiten con outras propostas; por exemplo, Jackendoff (1987) muda a oposición *argumento-satélite* da gramática funcional por *argumento* fronte a *adxunto*, de maneira que o primeiro ten un rol nuclear mentres que “Adjuncts in syntax normally correspond to modifiers in CS” (Jackendoff, 2010: 21).

Outra clasificación dos complementos verbais ofértaa Halliday (1994); coloca os roles nos procesos en diferentes clases: o verbo sería o *proceso*, as funcións *participantes* son roles específicos que asumen as persoas e obxectos (suxeito e OD) e, finalmente, as funcións *circunstanciais* son os correspondentes ós satélites da gramática funcional.

Para concluír, a gramática relacional (Blake, 1990) tamén dá a súa proposta de clasificación dos tipos de complementos verbais. Diferencia entre os *termos* (correspóndense cos *participantes* de Halliday ou os *argumentos* da gramática funcional) e os *non termos* (paralelos ós *circunstanciais*, *satélites* ou *adxuntos* para as nomenclaturas xa presentadas). Á vez, nos primeiros distingue entre os *termos nucleares* (o suxeito) e os *termos obxecto* (en que coloca o OD e OI).

Ante esta gran diversidade terminolóxica, optamos polas etiquetas *argumento* fronte a *satélite*, por seren as máis recorrentes. Co primeiro referímonos a aqueles complementos esixidos polo propio verbo, é dicir, que presentan unha alta relación de implicación. Mentres, con satélites, indicamos a complementación elidible que pode

acompañar o verbo de forma ocasional. En definitiva, na xerarquía de implicación co verbo os argumentos contan cunha posición privilexiada fronte ós satélites.

Para chegar a establecer o paradigma de argumentos dunha unidade verbal unha vía útil de traballo é basearse no uso. A gramática cognitiva (Langacker, 1991) defende que a frecuencia é un factor fundamental na conformación da estrutura lingüística, xa que as regularidades existentes dentro de cada dominio de significado permiten predicir o comportamento gramatical de cada lexema. Quérese dicir, son o instrumento para establecer os argumentos básicos de cada unidade verbal. Deste modo, o traballo con contextos reais, cun corpus, é fundamental na procura de delimitar os esquemas sintácticos de cada unidade. Utilizamos o plural porque debemos recordar que, tal e como acontecía cos ES, as alternancias construtivas son unha constante. As unidades léxicas adoitan presentar variacións no significado e poden, á vez, entrar en diferentes esquemas construtivos. Mais as variacións de estrutura sintáctica non se deben exclusivamente a mudanzas semánticas do verbo. As alternancias de diatese proporcionan tamén conceptualizacións alternativas que amosan diferenzas de perfil, atención e focalización ou responden a escollas do falante ou a contextos en que a enunciación sae do prototípico para esa unidade verbal.

Así debemos partir dun ou varios EA básicos para cada verbo e explicar ou ampliar a xustificación doutras alternativas construcionais; é dicir, establecemos un ou varios marcos predicativos que caracterizamos como principais; e o mesmo se fai atendendo os grupos semánticos dos verbos de movemento, xa que o noso obxectivo é alcanzar unha xeneralización final a través de que establecer predisposicións construtivas segundo o tipo verbal. Desta maneira, a metodoloxía empregada ten en conta elementos recollidos de diferentes escolas e propostas sintácticas.

### **6.1. Estruturas sintácticas**

Baseándonos na clasificación dos verbos de movemento con desprazamento feita, semella esperable que todos eles presenten como argumento un complemento circunstancial indicador de lugar, sexa de orixe, de destino ou de traxectoria. En grande medida esa suposición cúmprese, pois veremos neste capítulo que a combinatoria de cada lexema con cada unha destas figuras sintácticas se rexe en gran medida polo grupo semántico do verbo e o sentido que adquire na estrutura. Mais este

feito non describe por completo os EA base dun verbo, pois o ámbito semántico non debe ser o único a ter en conta. O primeiro impedimento para isto encontrámolo na non unívoca correspondencia entre rol semántico e rol sintáctico. Argumentos diferentes poden coincidir no rol semántico, sempre e cando non se encontren nun mesmo predicado; por exemplo, rexistramos verbos compatibles con dúas opcións sintácticas para indicar o locativo de traxecto –a través dun complemento circunstancial con preposición (*subiu polas escaleiras*) ou un obxecto sen preposición (*subiu as escaleiras*)– ou fórmulas sintacticamente diversas para referir no plano do significado o destino do desprazamento –pode ser expresado por un circunstancial de destino (*foi á casa*), por un circunstancial de localización (*penetrar na vivenda*), por un OI (*levoullo a el*<sup>1</sup>) ou por un obxecto-lugar (*abandonar a illa*), existindo nalgúns verbos varias destas opcións. Por outro lado, unha figura sintáctica pode corresponderse tamén con roles semánticos diferentes; un dos casos xa mencionado nesta investigación é o OD que pode funcionar no plano semántico como complemento locativo ou como paciente da acción. As diferentes posibilidades teñen un valor comunicativo diferente; incluso cada unha das escollas entre varias opcións cun mesmo valor semántico trae consigo un matiz interpretativo que opón as diversas posibilidades construtivas e que precisamos delimitar para, a partir de aí, debuxar o cadro de predisposicións segundo a unidade verbal. Por conseguinte, o campo semántico non é o único factor para ter en conta á hora de determinar os formantes da construción primeira dun verbo. Alén da información referida ó significado debemos atender a súa descrición sintáctica a respecto da transitividade<sup>2</sup>, da súa capacidade pronominal e de se rexe unha preposición concreta.

A presenza xunto do verbo de movemento de *me, te, se, nos, vos* non representa sempre o mesmo contexto construtivo. Neste traballo rexistramos tres diferentes funcionamentos:

- Pronome reflexivo: desenvólvese nunha construción transitiva en que o suxeito e o obxecto coinciden no referente.

---

<sup>1</sup> No capítulo 7 presentamos a nosa proposta de delimitación dos límites entre OI e locativo.

<sup>2</sup> Ao longo deste traballo irase constatando unha diferenciación de construción dentro dos verbos que rexen obxecto: imos opor certas construcións onde esa rexencia xa non existe, de maneira que funcionan como verbos intransitivos, doutras en que o obxecto está elidido. Nestas últimas, os verbos continúan funcionando como unidades transitivas.

## Delimitación dos principais esquemas sintácticos

- Formante léxico: o verbo combínase cun pronome sen función referencial de persoa á hora de adquirir certos sentidos concretos, de maneira que pasa a formar parte do lexema verbal.
- Partícula discursiva: aparentemente cobre o oco de OD en contextos en que o suxeito e o obxecto coinciden en referente, pero a súa elisión é posible sen que mude o sentido global da estrutura; a súa presenza ten unha finalidade discursiva xa que lle engade á mensaxe certos valores comunicativos centrados na idea de control sobre a acción.

Por outro lado, encontramos que existe unha estreita relación entre estes verbos e certos nexos prepositivos. Da mesma maneira que a presenza dos elementos morfolóxicos *me, te, se, nos, vos* non significa un único contexto construtivo, estas preposicións tampouco teñen o mesmo tipo de relación co lexema verbal. Encontramos tres contextos sintácticos:

- Obxecto marcado por preposición: o nexos introduce o obxecto sen que o verbo o esixa e utilízase cunha finalidade aspectual concreta.
- Complemento preposicional: o verbo rexe unha preposición concreta en certas acepcións.
- Complemento circunstancial: son circunstancias recorrentes no EA do verbo, pero non xorden en contextos semánticos particulares que sempre esixan ese argumento.

Finalmente, neste traballo contrastamos o funcionamento base de dous idiomas a respecto dos verbos de movemento, pero tamén a evolución no tempo ou o estilo de lingua poden afectarlle á consideración como argumento ou satélite dunha determinada unidade sintáctica.

O conxunto destas catro premisas (significado, multiplicidade argumental, definición sintáctica e variabilidade na lingua) será a guía na nosa tentativa de delimitación dos principais EA dos verbos de movemento. Para isto e ó longo das seguintes páxinas, facemos un percorrido polas estruturas sintácticas dos verbos de movemento con desprazamento. No Anexo VI presentamos todos os esquemas sintácticos recollidos no noso corpus de traballo e, a partir desas táboas, no capítulo actual damos a nosa proposta dos EA base de cada unidade. Para facelo tomamos como referencia a relevancia de cada unha das estruturas recollidas, de modo que aquelas que

porcentualmente representen unha marxe superior de estruturas son tratadas como EA base. É dicir, en liña co defendido pola lingüística de corpus ou a lingüística (histórica) computacional (teórica) (Gómez Guinovart, 2000: 221), avogamos por partir dun traballo de corpus para describir, a partir das cifras obtidas, o comportamento sintáctico dos verbos de movemento con desprazamento en galego e portugués; datos que despois serán postos en contraste entre os dous idiomas.

Para describir os esquemas sintácticos no corpus, partimos da noción de función sintáctica da gramática funcional, isto é, “Syntactic functions [...] are then assigned to elements of predication, and expressed in sentences through the use of expression rules” (Crystal, 2004: 193). Para iso escollemos as seguintes etiquetas, sendo conscientes das dificultades que hai tras delas:

- **Suxeito (S)**: sendo un concepto da gramática tradicional, non está libre de dificultades a delimitación de que se entende por suxeito nunha oración. Por exemplo, a distinción entre o suxeito gramatical e o que sería o suxeito lóxico nas oracións en voz pasiva. De todos os xeitos, consideramos o suxeito o “major constituent of sentence or clause structure” (Crystal, 2004: 441) que concorda en número e persoa co verbo.
- **Predicado (P)**. Cando o verbo é pronominal (pr) tamén o indicaremos, entendo esta caracterización como os verbos “que na súa construción precisan dos pronomes *me, nos, te, vos, se*” (Álvarez e Xove, 2002: 239)].
- **Obxecto directo (OD, r** cando é un pronomes reflexivo) e **obxecto indirecto (OI)**: as análises tradicionais “distinguishes a direct versus an indirect object [...] by a contrast using prepositions and word-order, and in inflecting languages by different cases [...] In Generative Grammar, the direct object is caller simply object, and contrasted with indirect object.” (Crystal, 2004: 322).
- **Complemento preposicional (CP)**: “Coma o OD, complementa de maneira inmediata o significado do verbo, pero leva sempre unha preposición esixida polo verbo e non é pronominalizable en acusativo; tampouco se converte en Sux.-Pac. da construción pasiva.” (Álvarez e Xove, 2002: 72).
- **Predicativo (PVO)**: “complementa ó mesmo tempo o verbo e o suxeito (CPvo. do Sux.) ou o obxecto directo (CPvo. do OD), cos que mantén relacións de concordancia.” (Álvarez e Xove, 2002: 72).



- **Complemento circunstancial locativo** [destino / orixe / traxecto / localización (CLD, CLO, CLP, CL)] ou **modal** [de modo / cantidade / compañía / comparación / transporte / instrumento / finalidade / causa (CM, CCANT, CCÍA, CCOMP, CTRANSP, CINTR, CFIN, CCAU)]: “Son complementos que indican as circunstancias en que se desenvolven a acción ou proceso” (Álvarez e Xove, 2002: 72); non nos é válida a noción desta etiqueta presentada pola gramática de valencias, xa que para os verbos de movemento os complementos circunstanciais, singularmente os locativos, teñen moitas probabilidades de seren argumentais para o EA destes lexemas.

Para desenvolver este percorrido seguiremos o camiño marcado polos grupos semánticos establecidos dos verbos de movemento con desprazamento.

### 6.1.1. Arquisemema mover

*Mover* pode describir calquera tipo de movemento, ó ser o hiperónimo<sup>3</sup> deste grupo semántico verbal. Deste modo, engadíndolle complementos que especifiquen a acción describe o mesmo tipo de desprazamento cás unidades máis marcadas polo seu significado. Así, *moveuse de novo ata a túa casa* é parello a *regresou á túa casa*; ou *moveuse rapidamente ata a túa casa* de *correu ata a túa casa*. Isto explica que recollésemos 22 esquemas sintácticos diferentes baixo os que se desenvolve esta unidade; mais o número de estruturas que representan un uso merecente de consideración redúcese drasticamente, como veremos neste apartado. De primeiras, para establecer os esquemas sintácticos base de *mover* imos partir da súa caracterización sintáctica a respecto da existencia de OD.

A transitividade define este verbo, mais fórmase de dúas maneiras: o obxecto e o suxeito poden ser entes diferentes ou coincidiren. Se hai identificación entre estas dúas figuras, cubrindo o rol de obxecto aparece un pronome reflexivo. Nas dúas linguas a construción con pronome reflexivo e aquela con obxecto diferente ó suxeito teñen un uso similar.

Os escasos rexistros en que non aparece un OD explícito responden nas dúas linguas a unha mesma situación: o complemento coincidente en referente co suxeito elídese.

---

<sup>3</sup> “A superordinate term with reference to which the subordinate term can be defined” (Crystal, 2003: 222).

## Delimitación dos principais esquemas sintácticos

É unha información que se pode sobreentender, e deste xeito é posible a súa ausencia. Son construcións en que a economía lingüística aparece como principio máximo. De todos os xeitos, a porcentaxe de uso no corpus caracteriza esta construción como inhabitual para os dous idiomas, aínda que o contexto en que esta se dá en cada un deles é diverso. Mentres na lingua galega<sup>4</sup> son exemplos exclusivos da oralidade, xa que son estruturas que se afastan do considerado modelo de lingua, en portugués aparecen en textos cun alto grao de formalidade.

*Anduven outro pouco máis adiante e volvína a ver mover* (REGTD989)

*Como se elas fossem montanhas de ferro a mover* (L0379).

Son tamén construcións non comúns, marcadas, pero dunha forma inversa á galega; en portugués connotan un coidado lingüístico que en galego non refiren nunca. De todos os xeitos, en ambas as dúas situacións estamos ante construcións transitivas, polo que *mover* é un verbo exclusivamente transitivo.

<b>Mover</b>				
<b>esquema</b>	<b>LG</b>		<b>LP</b>	
	<b>exemplo</b>	<b>%</b>	<b>exemplo</b>	<b>%</b>
transitivo	<i>Todos movendo brazos e pernas ó mesmo compás</i> (LPXCON928).	45%	<i>Apalpava-o, movia-o para o desentorpecer</i> (L0014).	42,5%
transitivo reflexivo	<i>Meu pai non se moveu</i> (REGTD1989).	54%	<i>A mão direita, oculta pelo corpo, devia mover-se lentamente</i> (L0342).	56,5%

**Táboa 86: Transitividade con *mover***

O EA de *mover* fórmase tanto en galego coma en portugués, baixo unha estrutura transitiva biactancial, sen ningunha outra concreción argumental fóra do suxeito e do obxecto. Semanticamente, o verbo describe un movemento sen necesidade de especificar ningún aspecto concreto del; deste modo, enténdese que o EA base de *mover* tampouco requira ningún tipo de complementación.

A partir deste EA encontramos no corpus de traballo dúas opcións construtivas que consideramos variantes do esquema biactancial básico: a construción de obxecto con preposición e a ausencia de obxecto. O seu reducido peso –ningunha das dúas supera o 2% da base– e, especialmente, por poderen ser entendidas como marcos

---

<sup>4</sup> Unha explicación máis pormenorizada sobre a elisión dos pronomes nestes contextos encóntrase en Blanco (1996) ou en Pereira Maceda (2009) que rexistra o funcionamento do pronome de obxecto da oración de infinitivo correferente co suxeito do verbo principal de percepción que rexe, á vez, un obxecto oracional.

predicativos en concorrencia co esquema base, considerámolas as súas variantes. A respecto da ausencia de obxecto, xa foi tratada enriba, polo que agora nos centraremos na capacidade de o obxecto introducirse por un nexos prepositivo. Esta construción só foi recollida na lingua galega e en fontes orais; en todos os casos o enlace é *en*.

*-Do lado dreito está parálitica toda, e do' zquierdo está siempre movendo no... no brazo (REGTD989).*

Esta construción débese a que

algúns verbos poden presentar un OD marcado por *en*, co significado de acción que se exerce sobre un OD, pero sen completarse nel o proceso verbal (...) A preposición *en* emprégase coma se se tratase do lugar en que se realiza a acción, e non do obxecto afectado. O uso de *en* con este valor de acción en curso e non completada no OD é frecuente tamén cando o propio tempo verbal ou unha perífrase expresan o mesmo aspecto cursivo. (...) Só admiten este complemento verbos cun significado que permite que a acción se estenda no tempo, ben porque dura, ben porque se repite; estes verbos transitivos opoñen esta construción á outra (sen prep. ou con *a*) mantendo o mesmo significado léxico (Álvarez e Xove, 2002: 99).

No exemplo que aparece no noso corpus o verbo forma parte dunha perífrase temporal durativa, polo que se sitúa baixo a explicación referida polos autores. É dicir, aparece como unha fórmula de establecer unha relación específica entre o suxeito e o obxecto. Como xa foi dito, no noso corpus o OD marcado por preposición foi recollido exclusivamente na lingua galega; veremos no capítulo actual que este idioma adoita ter unha maior capacidade có portugués en rexer este tipo de construcións. Non son en moitos casos exclusividade da lingua galega, pero si demostra ter unha mellor predisposición cara a elas.

Xunto do esquema base biactancial primeiro, encontramos dúas opcións secundarias que amplían o EA base e que teñen un uso relevante no corpus de traballo: engádenlle ó esquema biactancial ora un locativo situacional ora un complemento circunstancial modal (véxase Táboa 87).

Como indicamos no comezo deste capítulo, ó analizar un verbo de movemento vén de seu revisar a rexencia que presenta dos complementos locativos: con *mover* esta é unha opción reducida en importancia, e só o locativo situacional conta cunha presenza considerable. *Mover* é un verbo de movemento que non ten que referir necesariamente un desprazamento, nin precisa marcar unha dirección de habelo. Polo tanto, de escoller un circunstancial de lugar, este comportamento semántico trae consigo a preferencia polo situacional.

## Delimitación dos principais esquemas sintácticos

<b>Mover</b>				
<b>EA</b>	<b>LG</b>		<b>LP</b>	
	<b>exemplo</b>	<b>%</b>	<b>exemplo</b>	<b>%</b>
S+P+OD/r	<i>¿E a auga move a roda logo?</i> (LCAFAL990).	<b>64%</b>	<i>Gueorguiev aceitou sem hesitar, assumindo claramente que é o desafío que o move</i> (J26262).	<b>35%</b>
S+P+OD/r+CL	<i>Ás veces, no fondo da tenda, movendose no pequeno espazo que deixan as preciosidades alí</i> (RISMIT934).	<b>12%</b>	<i>Distraída, apenas move os dedos no peito do pé esquerdo descalçando o sapato</i> (L0231).	<b>16%</b>
S+P+OD/r+CM	<i>Eres un usurpador, moveste en segredo</i> (CUNHAM958).	<b>9%</b>	<i>O doente moveu os lábios como para articular algumas palabras</i> (L0523).	<b>10%</b>
S+P+OD/r+CFIN	<i>O ánimo invadido pola quentura espiroal do entusiasmo e da fe que moveu a Fontenla Leal i a Curros Enríquez a promover esa empresa</i> (PINLIN967).	<b>4,5%</b>	<i>Apalpava-o, movia-o para o desentorpecer</i> (L0014).	<b>17%</b>

**Táboa 87: EA de mover**

Manténdonos no movemento –real ou metafórico– sen desprazamento, o locativo situacional concorre con especificacións modais. Deste modo, xorden o CM e o CFIN como satélites con que o verbo se pode combinar preferentemente.

En definitiva, *mover* é un verbo transitivo, en que o referente do suxeito e do obxecto pode ou non coincidir, sen que isto produza mudanzas na construción sintáctica da oración. O seu funcionamento prototípico non se diferencia nas dúas linguas obxecto de estudo, xa que neles este verbo conta cun EA biactancial; a estrutura base pode ampliarse con complementos satélites de natureza locativa ou modal, mais en todo caso situámonos xa en estruturas secundarias para a construción sintáctica do verbo.

### 6.1.2. Desprazamento no eixo vertical

Os verbos de orientación vertical presentan, tal e como acontecía con *mover*, diversas estruturas sintácticas, mais só un número moi reducido delas contan cun valor porcentual de uso relevante. Varias das construcións recollidas teñen un peso pouco máis ca residual ó roldar ou nin alcanzar o 1% do total do corpus, de maneira que funcionan como EA claramente secundarios ou como extensións de EA nucleares.

En grande medida, a pluralidade na predicación de *subir* ou de *baixar* débese á súa natureza de lexemas de transitividade variable, isto é, poden funcionar como unidades transitivas ou intransitivas. Simultaneamente, a súa transitividade non sempre ten o mesmo funcionamento semántico: nuns casos carrega causatividade, é dicir, o suxeito causa un movemento que padece o obxecto (I) e noutros é non causativa ó indicar o obxecto o espazo polo que se desenvolve o desprazamento (II).

## Delimitación dos principais esquemas sintácticos

(I) *Cásique á forza subiuno ó seu cabalo* (PNR997)

*Baixou o touro a pastagens atravessadas por muita gente* (L0508)

(II) *Subiam dois viandantes a encosta de um monte* (L0016)

*E un día ó cabo, atopámonos baixando a rúa do Hórreo* (FGRANO985).

Estas diverxencias no plano do significado terán as súas consecuencias no marco predicativo do verbo. Así, da mesma maneira que nas estruturas intransitivas, cando o OD é o PAC da acción, a referencia espacial indícase cun complemento circunstancial; mentres que, se o obxecto non é o paciente será el o que demarque o espazo. Por conseguinte, o obxecto concorre no plano semántico co circunstancial de lugar (de destino ou de traxecto), mais isto non significa que sexan fórmulas absolutamente equivalentes no plano do significado. É dicir, entre (1) *subir a escaleira*, (2) *subir pola escaleira* e (3) *subir á escaleira* non existe sinonimia total. En (1) descríbese un espazo telúrico (indica cal é o destino final do traxecto) alén de especificar o percorrido da acción, xa que remite á idea de totalidade: sóbese a escaleira completa. Pola contra, con (2) a idea de totalidade non vén de seu, pódese utilizar a escaleira para ir a un lugar máis alto, pero sen empregar o instrumento por completo; deste modo é un espazo non telúrico que refire o traxecto polo que se desenvolve o desprazamento. En oposición a estes dous, en (3) refírese o destino final do movemento, mais non o traxecto polo que se chega a ese lugar. Polo tanto, son opcións concorrentes, pero non equivalentes. E isto mesmo acontece con *baixar*. Pero respecto á transitividade o funcionamento destes dous verbos non está configurado exclusivamente por coincidencias.

*Subir* é unha unidade predominantemente intransitiva tanto en galego coma en portugués. Con *baixar* a situación muda, xa que non hai un funcionamento parello entre linguas.

esquema			Subir	Baixar
transitivo	LG	%	33%	28%
		exemplo	<i>Entra no portal e sube as escaleiras</i> (CSRVEN981).	<i>Baixei as escaleiras</i> (NEIHIS968).
	LP	%	19%	62%
		exemplo	<i>Talvez à espera de um homem atrevido que suba as escadas</i> (L0280).	<i>Baixando os olhos Dona Céu seguiu</i> (L0095).
intransitivo	LG	%	67%	77%
		exemplo	<i>Chamou a nai d'Otilia pola última, subeu</i> (VALMAX880).	<i>Namentras baixa unha pesca berrando</i> (RISMIT934).
	LP	%	81%	38%
		exemplo	<i>E tu subias e demoravas-te</i> (L0468).	<i>Os preços de entrada baixaram</i> (J34784).

**Táboa 88: Transitividade con *subir* e *baixar***

Mentres no galego, tal e como recollemos con *subir*, se desenvolve como un verbo fundamentalmente intransitivo, en portugués funciona preferentemente como unha unidade transitiva. A explicación encontrámola no ámbito semántico xa visto no capítulo 4. En portugués, *baixar* compite con dous verbos (*abaixar* e *descer*) en pé de desigualdade<sup>5</sup>, o que trouxo consigo unha especialización no significado e tamén no nivel construtivo. Deste modo, ó desenvolverse como unha unidade practicamente sinónima perfecta de *abaixar* tamén restrinxen en boa parte a súa capacidade construtiva ás estruturas transitivas; en confronto, a intransitividade para indicar un movemento con desprazamento descendente na verticalidade queda circunscrita a outra forma, *descer*.

Antes de tratar os esquemas sintácticos base destas unidades, imos referir dous tipos construtivos estreitamente relacionados coa transitividade que consideramos de relevo para ter unha visión completa deste aspecto sintáctico: o uso do pronome que concorda co suxeito e a rexencia de preposición.

Os elementos morfolóxicos *me*, *te*, *se*, *nos* e *vos* con estes verbos non funcionan como un pronome reflexivo. Desenvólvense como formantes léxicos ó intergrarse como parte do lexema verbal con certos sentidos concretos ou como unha partícula discursiva. Como formante léxico, só se combinan con *baixar*, aínda que o fan nas dúas linguas. Nestes casos o verbo significa ‘perder alguén a dignidade ou o orgullo ó facer ou dicir algo’.

*"Não me baixo ao seu nível", disse Reding à revista alemã "Focus" (J28652).*

*Solteiriña quedarei,/ solteiriña quedarei;/ os ricos non me quixeron/ ós pobres non m'abaixei (CCGCTI998).*

Máis complexa se presenta a segunda casuística, nesta volta compatible tanto con *subir* coma con *baixar*. O pronome aparentemente cobre o oco de obxecto, de modo que marca a coincidencia de referente entre o suxeito e o OD. Sintáctica e semanticamente non hai diferenzas entre estas estruturas e aquelas en que o obxecto non remite á mesma realidade có suxeito. Polo tanto, poderíamos consideralas dúas variantes dun mesmo esquema sintáctico para os dous verbos. Pero, para esta

---

<sup>5</sup> Fronte ós 443 rexistros de *baixar* no corpus portugués, *abaixar* nesas mesmas fontes aparece en 745 construcións e con *descer* recóllense un total de 1609 estruturas.

interpretación, xorde unha dificultade: cando o OD e o suxeito coinciden no referente o pronome pódese eliminar e a estrutura segue mantendo o seu significado. Nos seguintes exemplos (I), no corpus de traballo xorde *se*, pero a construción non sufriría ningunha mudanza no sentido se este desaparece (II)

(I) *Ela pra ser unha probe ten o xenio soberbiño; nunca me citou ó moíño, antes ás nubes se sobe* (FANCAS812)

*Á mañá, cando se baixóu do castiro, xa estaban os lobo mortos* (CEFLUG963)

*Viram-no baixar-se rapidamente, e, olhando outra vez, já lá não estava* (L0486)

(II) *Ela pra ser unha probe ten o xenio soberbiño; nunca me citou ó moíño, antes ás nubes sobe.*

*Á mañá, cando baixóu do castiro, xa estaban os lobo mortos.*

*Viram-no baixar rapidamente, e, olhando outra vez, já lá não estava.*

A capacidade de elisión do pronome sen que haxa mudanzas de sentido na estrutura caracterízao como unha partícula redundante que non encontra no plano sintáctico a súa razón de uso. Se fose unha construción exclusiva dunha das dúas linguas, poderíase apuntar a que estamos ante un estranxeirismo sintáctico, importado da lingua española caracterizada por presentar un uso destas partículas redundantes moito máis habitual ca nos dous idiomas atlánticos. Pero é unha construción recollida nos dous<sup>6</sup> e que atravesa o conxunto da franxa temporal considerada neste traballo (dende o século XIX ata a actualidade), polo que defender a súa caracterización como unha contaminación simultánea é difícil de soste. Por outra banda, a presenza deste elemento gramatical innecesario sintacticamente xunto de *subir* e *baixar* colócase en liña coa capacidade de certos verbos intransitivos, tanto de movemento coma estativos, para admitir un reflexivo experimentando o significado da construción algún tipo de matización a respecto do control do suxeito sobre a acción. A escolla da partícula discursiva reforza a idea de [+control], ou sexa, o funcionamento do pronome sitúase no nivel comunicativo e non no sintáctico.

---

<sup>6</sup> No noso corpus, a presenza desta partícula discursiva é unha construción con máis importancia na lingua galega para os dous verbos, xa que con *subir* só foi rexistrada neste idioma (cun 11% do corpus) e con *baixar*, mentres representa o 4,75% do corpus portugués, en galego atopámolo no 10% dos rexistros.

## Delimitación dos principais esquemas sintácticos

En definitiva, este elemento ou funciona en contextos intransitivos como un formante léxico xunto de *baixar* ou como unha partícula discursiva ó lado de *subir* e *baixar*, coa finalidade de intensificar a idea de [+control] que o suxeito ten sobre a acción.

Unha última situación, xa para concluír coa transitividade, é a rexencia de preposición. É unha opción construtiva moi reducida para as dúas linguas (en galego só foi recollida no corpus con *subir* e nun 0,5% dos rexistros; en portugués, para as bases dos dous verbos representa o 2% das construcións analizadas). Os nexos prepositivos rexistrados son *en* e *de*, que se empregan sempre nun mesmo contexto: o complemento con preposición refire o ámbito afectado pola acción en que se realiza a ascensión ou o descenso, sendo sempre un campo abstracto por marcar unha calidade.

*Cunha casa coa tradición e prestixio de Casa Barcia entón o listón sube de altura* (PNR997).

*A TSF foi a estação de rádio que mais subiu nas audiências* (J43134).

*Os guinchos da mulher histórica baixavam de decibel* (L0717).

Polo tanto, consideramos que estamos ante un complemento preposicional, por ser un contexto comunicativo de rexencia prepositiva.

Unha vez revisada a compatibilidade e as particularidades da transitividade con estes dous verbos, imos internarnos na delimitación dos seus EA.

*Subir* constrúese fundamentalmente baixo dúas fórmulas intransitivas: un esquema monoactancial e un biactancial con presenza do locativo de *destino*.

Subir				
EA	LG		LP	
	exemplo	%	exemplo	%
S+P	<i>As moscas suben, fuxen pola pileta enriba, pero eu doulles para abaixo</i> (CSRVEN981).	25,5%	<i>Eu não dei conta dele subir</i> (894P221).	28%
S+P+CLD	<i>Que antes ou despois sen dúbida debemos Tomar ese camiño subir a ese tranvía</i> (FORBAR002).	23,5%	<i>Arregaçar a saia ao subir para o carro</i> (L0284).	35%

**Táboa 89: EA de *subir***

Ó ser un verbo ascendente explícase a importancia do *destino* para esta unidade. Pero en moitos casos o lugar para alcanzar trala ascensión é ou absoluto ou predicible polo contexto, polo que a súa elisión é esperable, desenvolvéndose entón cun esquema monoactancial. Estas dúas variables construtivas representan unha maior porcentaxe nas fontes orais (véxase Anexo VI) independentemente da lingua. A inmediatez, o



menor tempo de reflexión e a necesidade de facilitarlle ó receptor a comprensión da información porque non vai poder retornar sobre ela explican este comportamento: na oralidade practicamente non teñen cabida estruturas pouco habituais ou que poidan causar estrañeza e dificulten o éxito da comunicación, en confronto coa escrita onde as estruturas de maior elaboración son máis esperables. Esta será unha constante que se irá repetindo no conxunto dos verbos de movemento con desprazamento.

A transitividade para *subir* é unha opción construtiva periférica. Isto non carreta, fóra da presenza do propio OD, grandes variacións das escollas construtivas na lingua galega, xa que encontramos como EA unha estrutura biactancial (S+P+OD: cun 10% do corpus) (I) e unha triactancial coa rexencia de CLD (13% do corpus) (II).

(I) «*Bueno, a ver, un voluntario pa subí-la bandeira*» (REGTD989)

(II) *O barco estaba arrimado ó muelle e, para subilo ó carro do varadero, quitáronlle toda a auga da sentina* (PEAHOM004).

Mentres, na lingua portuguesa, o EA redúcese á fórmula biactancial (19% da base) (I), xa que a construción con rexencia de CLD funciona como un EA secundario (co 2% do corpus).

(I) *Sinto-os subir a escada* (1338P297)

(II) *Subindo mais uma dezena de metros para nordeste encontra-se o principal centro* (J34547).

A perda de importancia en portugués do rol circunstancial de destino explícase polo tipo de construción semántica que hai por tras da estrutura transitiva. Vimos no cuarto capítulo que a causatividade con *subir* é practicamente nula no idioma portugués, mentres que no galego conta cun importante peso. A súa tradución no plano sintáctico é que, así como medren as posibilidades de o obxecto desenvolver un rol semántico locativo de destino, así a necesidade dun circunstancial de lugar se reducirá. Por conseguinte, na lingua portuguesa, nas construcións transitivas, o locativo de destino perde relevancia porque na concorrencia que se establece entre el e o obxecto, o segundo é o preferido para desenvolver o rol semántico de espazo final do desprazamento transitivo. Pola contra, na lingua galega o obxecto pode, nun número porcentualmente moi similar, desenvolver tanto o rol semántico de destino (e, polo tanto, o circunstancial locativo queda fóra da construción) coma o rol de experimentador dun proceso causativo e, así, de especificarse o destino da acción só se poderá facer a través dun circunstancial. En resumo, encontramos unha

configuración semántica diferente segundo o idioma dentro da transitividade que ten os seus efectos no EA.

No referido a *baixar*, como xa indicamos, a transitividade e a intransitividade teñen unha distribución inversa nos dous idiomas. Agora imos percorrer os seus EA atendendo este trazo sintáctico, de maneira que imos comprobar que o afastamento non só se sitúa na disposición cara a esixencia dun OD.

Baixo unha construción transitiva e indistintamente da lingua, o EA base é biactancial sen complementación circunstancial.

*Baixei toda a rúa* (RISMIT934).

*Sinto-os subir a escada* (1338P297).

Aínda que na lingua galega representa o 12% do corpus e en portugués a metade dos rexistros totais, encontramos a mesma xustificación para o dominio desta construción nos dous idiomas: o rol semántico do obxecto. Para *subir* relacionamos o EA biactancial co esquema semántico transitivo non causativo en que o obxecto desenvolve un rol locativo; con *baixar* a situación é a mesma. O obxecto pode ocupar o oco semántico do circunstancial espacial de destino ou de traxecto xa non necesarios sintacticamente.

Nas estruturas intransitivas o EA primeiro é a variante con ausencia de obxecto do EA transitivo. Baixo este EA encontramos dous contextos semánticos diferentes: o verbo describe un descenso na calidade, prezo, intensidade, etc., é dicir, adscribese á acepción 15 deste verbo; ou o rol semántico do locativo de destino ou de traxecto non vén explicitado por ningunha figura sintáctica, xa que ou se sobreentende ou xa foi referido noutro momento no contexto comunicativo ó igual que o punto de partida. No noso corpus da lingua portuguesa, o EA monoactancial intransitivo de *baixar* describe unicamente unha acción desvencellada da idea de movemento no plano físico. Pola contra, en galego o común é que o verbo funcione como unha unidade de movemento con ou sen desprazamento. Isto xustifica que neste idioma, alén deste EA xurdan como nucleares outros tres que son ampliacións deste primeiro: con explicitación dun dos dous lindes espaciais –o punto de partida e o de chegada– ou do traxecto percorrido (se é un movemento non telúrico); nestes casos, o contexto non é suficiente para elidir estas referencias, polo que se concretan verbalmente.

En portugués estes EA son fórmulas secundarias para a construción de *baixar*, xa que, para indicar o tipo de movemento con ou sen desprazamento e non causativo que describe o verbo galego, neste prefírese *descer*.

## Delimitación dos principais esquemas sintácticos

<b>Baixar</b>				
<b>EA</b>	<b>LG</b>		<b>LP</b>	
	<b>exemplo</b>	<b>%</b>	<b>exemplo</b>	<b>%</b>
S+P	<i>Pola noite, vestínme coa roupa de garda e baixei (NEIHIS968).</i>	25%	<i>Os preços de entrada baixaram (J34784).</i>	18%
S+P+CLD	<i>le logho baixamos abaixo ó pueblo (PSATDI987).</i>	12%	<i>Arregaçar a saia ao baixar até ao chão (L0284).</i>	3%
S+P+CLO	<i>O curso do Loña, que baixa das terras altas do Pereiro de Aguiar (CUEPRO962).</i>	10%	<i>Apressava-me em pedir-lhe que recolhesse ao céu (de onde não devia ter baixado) (L0290).</i>	4%
S+P+CLP	<i>Envoltos na fragancia que baixa entre os oboes (FORBAR002).</i>	8%		-

**Táboa 90: EA intransitivos de *baixar***

En conclusión, respecto ós EA destes dous verbos encontramos que a transitividade e o tipo de referencia locativa regulan as diferenzas entre a perspectiva ascendente ou descendente da acción (sexa ascendente sexa descendente) e entre as linguas deste traballo. Deste modo, mentres *subir* só admite no seu EA un locativo de destino, para *baixar* este concorre coa explicitación da orixe ou da traxectoria. Pero esta concorrencia no segundo verbo é exclusiva da lingua galega, do mesmo modo que só neste idioma o obxecto e un complemento circunstancial de destino compiten en pé de igualdade por ocupar o rol semántico de punto de chegada nas construcións transitivas de *subir*.

### 6.1.3. Direccionais, centrados no destino

A transitividade é un criterio sintáctico fundamental que confronta os verbos deste grupo ó aparecer como opción construtiva de diferente grao segundo a unidade. Partimos de verbos transitivos, pasamos por outros en que a transitividade é unha opción e chegamos, finalmente, a aqueles con que este tipo de construcións é incompatible.

Lexemas transitivos son *achegar* e *traer*, aínda que isto non significa que presenten un único tipo de relación co obxecto. *Achegar* aparece con esquemas transitivos de obxecto diferente ó suxeito (OD), transitivas reflexivas en que o suxeito e o obxecto refiren a mesma realidade (r) e estruturas en que non hai obxecto por elisión (0) (véxase Táboa 91).

O OD é unha figura argumental para *achegar*, pero a súa capacidade reflexiva contrapón o funcionamento do verbo nos dous idiomas deste traballo. En galego a construción maioritaria absoluta é a que rexe un obxecto que co suxeito coinciden no referente, mentres que en portugués o complemento ten tantas posibilidades de coincidir coma de non facelo. Este distinto comportamento débese a que nas construcións reflexivas que encontramos con *achegar* na lingua galega, en portugués óptase por usar o verbo *chegar*; de modo que, noutra volta, o corpo semántico dos lexemas verbais ten

## Delimitación dos principais esquemas sintácticos

unha correspondencia coa súa construción sintáctica base e na diferenciación entre idiomas.

Un terceiro contexto recollido nas dúas linguas é a ausencia de obxecto en construcións transitivas. Porcentualmente é unha construción de pouca importancia e exclusiva das fontes escritas. A explicación desta opción construtiva é paralela á situación vista en *mover*: a ausencia de obxecto é froito da elisión do pronome reflexivo; quérese dicir, un efecto da economía lingüística ou dunha consciencia purista que non entorpece a comprensión final da mensaxe polo coñecemento da identidade que se vai desprazar a través do suxeito da acción. De todos os xeitos, xustifícase que non se use na oralidade polo feito de que a recuperación do referente do obxecto só pode estar segura en contextos comunicativos onde o receptor pode volver en calquera momento sobre a mensaxe. En resumo, a ausencia do obxecto non é froito de que este verbo permita unha construción intransitiva, pois é a elisión dunha figura requirida polo núcleo do predicado.

<b>Achegar</b>				
esquema	LG		LP	
	exemplo	%	exemplo	%
r	<i>-A verdade que eres fermosa, rapaza. ¡Achegate!</i> (ALSCON955).	73%	<i>Vemo-la rondando esse monte de édretons, que é o leito do Dr., medrosa de se achargar</i> (L0430).	40%
OD	<i>Esta compañía de baile achega así o seu repertorio de danzas</i> (PNR997).	26%	<i>O velho achegou-o ao peito, beijou-o</i> (L0379).	50%
0	<i>E iba el mui teso a bulrarse dela, cando un mozo que lle deran noticia do que pasaba estivo asexando, e o tempo que iba achargar a unha pouca palla, vaíse por detrás</i> (ENZPRO810).	1%	<i>Mas vamos lá agora num ai que eles quando achegarem e a virem nesses preparos, haveram de ficar pesarosos com a gente</i> (L0216).	10%

**Táboa 91: Transitividade con *achegar***

*Achegar* é un verbo transitivo con tres EA: unha estrutura biactancial e outros dous ampliados coa especificación dun circunstancial locativo de destino ou dun OI (véxase Táboa 92).

A referencia locativa do punto cara a onde unha realidade se aproxima a través de *achegar* pode coincidir co lugar onde se encontra o falante se estamos ante unha construción reflexiva; pode ser un espazo de seu, polo que se debe explicitar cun circunstancial de lugar; ou pode ser supoñible polo contexto, de maneira que volve estar ausente o locativo. Nos corpus dos dous idiomas encontramos estas tres posibilidades. Mais na lingua galega, os EA resultantes destas tres casuísticas teñen un uso equilibrado; pola contra, en portugués a ausencia explícita dun circunstancial de lugar fórmulase como o EA base de *achegar*. A razón encontrámola na concorrencia entre *achegar* e *chegar* nesta lingua: cando se describe unha

## Delimitación dos principais esquemas sintácticos

aproximación dunha persoa cara a outra sen necesidade de explicitar lexicamente o destino, en portugués o verbo preferente no uso é *chegar*, mentres que en galego *achegar*. Esta diferente distribución léxica xustifica, en portugués, o uso especializado do verbo que estamos a tratar con rexencia do circunstancial de lugar de destino.

<b>Achegar</b>				
EA	LG		LP	
	exemplo	uso	exemplo	uso
S+P+OD/r	<i>Esta compañía de baile achega así o seu repertorio de danzas (PNR997).</i>	35,5 %	<i>Vemo-la rondando esse monte de édretons, que é o leito do Dr., medrosa de se chegar (L0430).</i>	30% <sup>7</sup>
S+P+OD/r+CLD	<i>Com'os merlos, cando ollan que s'achegan ós niños ou ós fillos xentes, gatos ou páxaros grandes (LENETN939).</i>	36%	<i>Achegando-se do filho pôs-se a escutar-lhe a respiração (L0583).</i>	60%
S+P+OD/r+OI	<i>Deu unha reviravolta de galo e foisenos achegando (NEIHIS968).</i>	16%		-

**Táboa 92: EA de *achegar***

Na lingua galega este verbo desenvolve un terceiro EA ausente en portugués: con rexencia de OI. A preferencia por esta figura sintáctica en galego non é unha exclusividade de *achegar*. Este idioma, principalmente nas fontes escritas, ten unha maior capacidade de uso do OI có portugués. Pola contra, a presenza deste complemento inflúe no EA de *achegar* dunha forma non compartida polo conxunto dos verbos de movemento. Basicamente referímonos á incapacidade do OI para combinarse cun circunstancial de destino. Esta incompatibilidade vén explicada polo rol semántico do OI, que marca a referencia locativa final do desprazamento, pero como unha realidade [+animada]

*Achegaselle un rapaz e dille: -¿Bailas? (CSRVEN981).*

Polo tanto, situándonos na lingua galega, a indicación do espazo final do desprazamento pódese facer a través de dúas unidades sintácticas diferentes: un circunstancial locativo ou un OI. O que regula a escolla dun ou doutro é a natureza do referente espacial, de maneira que o trazo [+animado] será definitorio do OI fronte ó circunstancial. Pola contra, esta disputa por un mesmo oco semántico non se

---

<sup>7</sup> Engadimos nesta porcentaxe o 10% dos rexistros do corpus onde o esquema é monoactancial sen obxecto, xa que argumentamos que esta construción non é intransitiva, senón que se elide, por economía lingüística, o obxecto reflexivo.

## Delimitación dos principais esquemas sintácticos

desenvolve no noso corpus en portugués con *achegar*, ó admitir exclusivamente un complemento circunstancial como referencia locativa de destino.

*Traer* desenvólvese como unidade transitiva baixo dúas formas: coincide con *achegar* na construción con obxecto de referente distinto ó suxeito (OD) e na ausencia de obxecto por elisión (0). Xunto destas dúas xorde un terceiro contexto onde o obxecto comparte espazo coa partícula discursiva *me, te, se, nos, vos* (se+OD), que comparte referente co suxeito.

<b>Traer</b>				
esquema	LG		LP	
	exemplo	%	exemplo	%
OD	<i>E foi e trouxe unha colmea</i> (TABTDI979).	94,2%	<i>Quero que me traga alguma coisa da rua?</i> (L0233).	93,2%
0	<i>-Había que levar pa traer</i> (REGTD989).	5,7%	<i>Vão lá comprar as coisas à feira, é? A: E trazem?</i> (75P088).	6,7%
se+OD	<i>le así, i antón a Maruja do Correo cos secretos todos que se traía pra faé-los vistidos</i> (PSATDI987).	0,1%	<i>A que paixão se traz agora aforado o coração?</i> (L0523).	0,1%

**Táboa 93: Transitividade con *traer***

As dúas últimas son opcións construtivas pouco máis ca anecdóticas nos corpus, xa que a presenza dun obxecto non reflexivo, tanto para o portugués coma para o galego, é a fórmula definitoria de desenvolverse a transitividade para *traer*. Neste punto afástase de *achegar*, para o que a construción con obxecto reflexivo representa, cando menos, unha posibilidade tan importante coma a de OD non coincidente co suxeito.

Ademais, con *achegar* o funcionamento do pronome que comparte referente co suxeito é a de obxecto reflexivo, mentres que en *traer* este elemento morfolóxico non desenvolve un rol sintáctico. O pronome non cobre o rol de OD, xa que este ocúpao un obxecto co que se combina e que non coincide en referente co suxeito. Pero tampouco forma parte do lexema verbal, xa que a súa presenza ou ausencia non carrega ningunha mudanza no significado de *traer* nese contexto, pois aínda que os dous exemplos se adscriben a unha mesma acepción –‘actuar alguén dun modo’–, aparecen outros exemplos en que non se constrúe con pronome reflexivo e o verbo mantén o mesmo significado.

*-Entonzas viñ'ái o Anicet' ese, o sobriño do ... A mas trãguítamo-lo paso, eh* (REGTD989).

*Tem de trazer originalidade e frescura, pôr toda a sua técnica e personalidade ao serviço da musica* (J34496).

## Delimitación dos principais esquemas sintácticos

De modo que a única dimensión de actuación que lle resta é o nivel discursivo. A presenza desta partícula marca o axente como o que a realiza a acción e tamén como o interesado do proceso, ou sexa, engádelle á estrutura un matiz sinónimo a ‘para/sobre si mesmo/a’. De modo que, como vimos con *subir* e *baixar*, xunto de *traer* este elemento morfolóxico desenvólvese como partícula discursiva ó mediatizar a interpretación da mensaxe e engadirlle a idea de [+control] ó suxeito sobre a acción.

A elisión do obxecto nunha construción transitiva é unha posibilidade moi minoritaria para *traer*, da mesma maneira que o era para *achegar*. Pero ata aquí chegan os paralelismos entre os dous verbos. Mentres que con *achegar* era unha opción construtiva da lingua escrita, en *traer*, a pesar de aparecer nos catro corpus, ten un maior peso na oralidade. Isto débese a que, aínda sendo cos dous verbos unha elisión do obxecto, o tipo de realidade elidida é diferente. Con *achegar* non se especifica un complemento coincidente co suxeito, é dicir, recuperable na propia unidade verbal. Con *traer* omítese un obxecto non reflexivo que se debe recuperar por outras vías: basicamente o contexto comunicativo. Nestes casos o que temos é unha referencia anterior habitualmente nun punto próximo do tempo discursivo da mensaxe, polo que a súa explicitación sería redundante. Polo tanto, o principio lingüístico de economía volve xustificar ese oco sintáctico, aínda que mentres na escrita é froito de que o obxecto se pode recuperar coa relectura, na escrita débese a que é unha información mencionada e moi próxima ó espazo en que debería aparecer o obxecto.

*Traer* comparte con *achegar* a transitividade como trazo definitorio, pero tamén os EA base: un esquema biactancial e outros dous ampliados en que se rexe ou un circunstancial de destino ou un OI.

<b>Traer</b>				
EA	LG		LP	
	exemplo	%	exemplo	%
S+P+OD	<i>E foi e trouxe unha colmea (TABTDI979).</i>	47,25%	<i>E eles então pegam na, na, no milho, trazem-no e depois ganham (757P180).</i>	38%
S+P+OD+CLD	<i>E con todo, moitas veces volves a cando eras unha nena pequena, unha orfíña, e te trougueron eiquí (CUNHAM958).</i>	11%	<i>Se com isso não perturbar o trabalho de Baltasar e Blimunda, trarei para cá um cravo (L0486).</i>	18%
S+P+OD+OI	<i>E traíame unhas exquisitas empanadillas e un café con leite (PNR997).</i>	16%	<i>Vão lá dentro ao cofre do pai e tragam-me todo o dinheiro que encontrarem (L0026).</i>	11%

**Táboa 94: EA de traer**

Tanto en galego coma en portugués, o EA base primeiro é unha estrutura transitiva biactancial, onde o punto de chegada non se explicita ora por ser supoñible a través do contexto comunicativo ora por estar indicado noutro punto do discurso. Deste modo, a ausencia do circunstancial de destino débese á súa elisión para evitar a redundancia.

Finalmente, e en paralelo co descrito para *achegar*, a rexencia do OI agudízase na lingua galega fronte á portuguesa; ademais, tampouco a combinación deste complemento cun circunstancial de destino, aínda sendo posible con *traer*, xorde como unha construción habitual. Isto débese a que o rol semántico que o OI adoita presentar é espacial –ou adquire este sentido por coincidir esta referencia co lugar en que se encontra o OI–, tal e como acontece con *achegar*.

*Traigo-che unha pedra preciosa (CUNHAM958).*

*Quando éramos miúdos, era o pão quente acabado de fazer, lembro-me que ela trazia sempre uns pãezinhos de tamanho especial para nós (682P174).*

Alén de constatar que son dous complementos diferentes, cando o OI se combina cun complemento de dirección débese a dous contextos comunicativos: a presenza do locativo é redundante e, polo tanto, enfática (I), ou o OI indica o referente do locativo, é dicir, o locativo sitúase a respecto do OI

(I) *Ninguém me trouxe eiquí conto ningún, nin ía ser eu quen os escoitase (DIEFIE958).*

(II) *A «revolta» da PSP foi objecto de diagnósticos e projectos de terapia que me trouxeram ao espírito certo paralelismo com os aspectos correspondentes no 16 de Março (J44011).*

A respecto da escolla entre un locativo e un OI, o mesmo requisito que formulamos para *achegar* é válido para *traer*: o carácter [+animado] determinará a presenza do OI (véxase cap.7).

Un segundo subgrupo dos verbos de movemento con desprazamento focalizadores do destino son aqueles de natureza fundamentalmente intransitiva, pero en que as construcións transitivas son unha opción. Sitúanse aquí *chegar* e *entrar*. Os rexistros transitivos son os menos para os dous verbos (véxase Táboa 95), aínda que en cada un responden a situacións diferentes.

Con *chegar* o OD pode coincidir en referente co suxeito (I) ou non (II), quérese dicir, a transitividade pode ser reflexiva.

(I) *Os companheiros chegavam-se a ele, impacientes (L0453).*



## Delimitación dos principais esquemas sintácticos

*Chegou-se Ramil á devesa* (LFRNIN905).

(II) *E vanlle cheghando terra dun lado e doutro* (COSTDI986).

*O pai encheu o cachimbo e eu cheguei-lhe lume* (L0213).

Sexa como for, en todos os casos encontramos un mesmo contexto semántico: a sinonimia con *achegar*, unidade transitiva por definición. Cando *chegar* comparte significado con este verbo xorden as estruturas con OD: os significados máis comúns nestes casos do verbo son ‘pór unha cousa onda outra ou ó alcance de alguén’ (construción transitiva non reflexiva) ou ‘pórse alguén ou algo cerca ou a menor distancia de algo ou alguén’ (construción transitiva reflexiva), pero poden xurdir aínda outros sentidos tamén compartidos con *achegar* (acepcións 15c, 23a e 31). De todas as maneiras, neste espazo semántico compartido, a concorrencia entre os dous lexemas –*chegar* e *achegar*– non é parella entre o galego e o portugués.

esquema	Chegar		Entrar	
	LG	LP	LG	LP
<b>transitivo</b>	1,7%	2,8%	1%	1%
	<i>Chega eses tízós, Francisco, inda has de deixar morrer o lume</i> (LPXCON928).	<i>Se calhar foi vossemecê que os chegou, e está agora a encobrir</i> (L0494).	<i>Cando entrín alí, aquilo foi terrible, parece qu'entraban o paraíso del cielo</i> (OCHGRO994).	<i>la ser um desses dóceis e infelizes pombos, mal entrasse os muros do seminário</i> (L0518).
<b>intransitivo</b>	98,3%	97,2%	99%	99%
	<i>E chegharon alí i o burro non 'staba</i> (TABTDI979).	<i>Eu cheguei a casa e na noite</i> (262P131).	<i>E'ntonces nosoutros entramos</i> (REGTD1989).	<i>Não me foi muito difícil entrar para aqui</i> (795P198).

**Táboa 95: Transitividade con *chegar* e *entrar***

Con *chegar* os rexistros en que o OD non ten o mesmo referente có suxeito (son un 0,6% dos corpus) representan unha porcentaxe menor nas dúas linguas ca aqueles en que un pronome reflexivo desenvolve esta función (1,1% en galego e 2,5% en portugués). Con *achegar* xa encontramos esta situación na lingua galega. Polo contrario, en portugués o funcionamento de *achegar* é inverso ó rexistrado con *chegar*. Neste idioma os dous verbos concorren en pé de igualdade no ámbito semántico referido, de maneira que houbo unha especialización sintáctica segundo o lexema; no galego nestes contextos *chegar* está en clara desvantaxe con *achegar* por iso o funcionamento sintáctico é paralelo.

*Chegar* amais de compartir espazo semántico con *achegar* ó rexer obxecto –reflexivo ou non–, tamén esixe o mesmo tipo de complementación: o argumento máis recorrente é un locativo de dirección. Cos dous verbos o obxecto desenvolve o rol semántico de móbil que padece un desprazamento causativo, polo que a indicación de destino só se pode especificar cun circunstancial.

## Delimitación dos principais esquemas sintácticos

Situación totalmente diferente é a rexistrada con *entrar* a respecto da transitividade. Segue a estela do visto para *subir* ou *baixar*: o OD con este verbo coincide no ES cun rol locativo. Con este papel no ES concorre no EA co circunstancial de destino. A situación é desvantaxosa para o OD nas dúas linguas, xa que o resultado é que sexan máis recorrentes as construción intransitivas co circunstancial. De todos os xeitos, esta proxección semántica común xustifica que en ningún rexistro deste verbo as dúas figuras sintácticas aparezan nunha mesma construción.

*Parece qu'entraban o paraíso del cielo, eu non sabía xa p'onde había de ir* (OCHGRO994).

*Entrou emfim a porta do quintal* (L0016).

Pasando ás estruturas maioritarias destes verbos, é dicir, á intransitividade, encontramos os mesmos EA base para os dous lexemas: unha construción monoactancial e outra biactancial cun circunstancial de destino. A suma destes dous EA representa unha moi alta porcentaxe dos rexistros totais de cada un dos corpus (superan o 70%), polo que a variabilidade de construción destes verbos é reducida. A presenza do locativo de destino adoita formularse como o EA base, pero en moitos casos non é necesaria a súa referencia. A ambigüidade comunicativa, o descoñecemento deste dato ou a economía lingüística (xa que foi mencionado noutro momento do discurso a indicación espacial final) poden ser diferentes explicacións para a escolla do esquema monoactancial; esta proposta construtiva é lixeiramente máis recorrente na oralidade (véxase Anexo VI), pódose en paralelo coas predisposicións construtivas xa vistas con outros verbos de movemento a respecto deste código (véxase a elisión do obxecto con *traer*).

verbo	lingua		EA	
			S+P	S+P+CLD
<b>Chegar</b>	LG	exemplo	<i>Entonces chegou un irmao, cheg'on irmao e según chegó un irmao, entrou</i> (LCAFAL990).	<i>E chegharon alí i o burro non 'staba</i> (TABTDI979).
		%	26,5%	48,3%
	LP	exemplo	<i>Ainda tá tudo por arrumar, chegou, chega[ram], chegou ontem</i> (1016P247).	<i>Eu cheguei a casa e na noite</i> (262P131).
		%	38%	48,5%
<b>Entrar</b>	LG	exemplo	<i>E'ntonces nosoutros entramos</i> (REGTD1989).	<i>O rapaz e Manoel entran na taberna</i> (VPOALM922).
		%	29,5%	40,5%
	LP	exemplo	<i>Mostrou-me a casa toda. Nós entramos</i> (886P219).	<i>Não me foi muito difícil entrar para aquí</i> (795P198).
		%	30,5%	41,5%

**Táboa 96: EA de chegar e entrar**

Antes de continuar coa delimitación dos esquemas argumentais dos restantes verbos encaixados neste subgrupo semántico, debemos facer unha mención á construción do locativo de *destino* con *entrar*. Este verbo presenta unha singularidade dentro do

## Delimitación dos principais esquemas sintácticos

subgrupo de verbos de movemento con desprazamento centrados no destino. Ó igual que se verá con *parar*, o complemento de lugar introducido por *en* –que, en principio, é un locativo situacional– con *entrar* indica o destino do movemento, cara a onde se despraza.

*Sem querer entrar na alcova por pudor* (L0443).

*Botan todos detrás do can, na mesa quedan os platos, entra un porco na cociña, todos os puxo en pedazos* (CEFLUG963).

Noutros casos o complemento de destino vai introducido ou por *para* ou por *a*.

*Pero, así qu'entrei prá casa, colleume por un brazo* (REGTD989).

*Em casa, abri a porta, entrei para o meu quarto que estava às escuras* (L0342).

*Entrou á cociña, dou un bico ó afillado, deitou Inés á nena* (VALMAX880).

*Atravesso as ruas desertas do povoado e entro à ponte* (L0348).

Estas tres opcións non contan nin coa mesma presenza –destaca polo seu alto uso *en*– nin tampouco o mesmo valor. Hai dous aspectos que mostran a non equivalencia destas fórmulas. En primeiro lugar, non se rexistrou con este verbo ningún caso de acumulación de locativos introducidos por *en* e *para/a*, fronte a outros en que si se recolleron estruturas onde compartían estrutura [*Aquí'n Vinsios entonses íbamos á'scuela* (COSTDI986)]. E en segundo lugar, o locativo presenta diferentes capacidades combinatorias segundo o nexo introdutor; encabezado por *en* non comparte espazo con ningún outro locativo, mentres que se o nexo do destino é *para* ou *a* pode ir xunto da especificación do traxecto do desprazamento. Observando estes aspectos podemos deducir que non son nexos equivalentes porque presentan diferentes especializacións e a súa escolla trae consigo consecuencias particulares para a estrutura. Neste punto só mencionaremos esta cuestión, xa que todo o referido á construción e tipoloxía dos complementos locativos será o centro de atención do capítulo 7.

Un último tipo dentro dos verbos de movemento con desprazamento focalizados no destino configúranos *ir*. O seu tratamento illado responde a dúas premisas: a ausencia de estruturas transitivas e o seu dobre funcionamento como verbo de movemento con desprazamento centrado na dirección e como unidade copulativa.

A diversidade semántica de *ir* (véxase cap. 3 e cap. 4) fai que se lle presupoña unha variabilidade argumental paralela; pero, pola contra, como acontecía con todas as unidades encaixadas baixo a etiqueta de verbos focalizados no punto de chegada,

## Delimitación dos principais esquemas sintácticos

reduce as súas construcións a un número limitado de EA base. Tres estruturas representan o funcionamento argumental de *ir* de boa parte dos rexistros que configuran a nosa base de datos: un esquema monoactancial e dous biactanciais, onde o segundo argumento é ou un locativo de destino ou un argumento modal. Imos considerar dunha maneira alargada esta etiqueta, xa que incluimos nela os circunstanciais de modo, compañía, transporte ou finalidade ou o complemento predicativo.

<b>Ir</b>				
esquema	LG		LP	
	exemplo	%	exemplo	%
S+P	<i>Per'os de Sián iban, acordome</i> (COSTDI986).	25,5%	<i>Os Valbons vão, e provavelmente o Governo há-de querer que eu também parta</i> (L0290).	14%
S+P+CLD	<i>Hai varios, e van a moi lonxe</i> (FRETOC993).	28,2%	<i>- Nós vamos para França</i> (L0289).	46,5%
S+P+modal	<i>Cando íles beilan, inda que xa van vellos, todo díos queda embebido</i> (LENETN938).	21,6%	<i>-Vou triste; mas cumpro um dever</i> (L0289).	18%

**Táboa 97: EA de *ir***

Os dous primeiros EA xa foron tratados dentro deste grupo semántico dos verbos de movemento, de maneira que só xorde como singularidade deste verbo o terceiro EA. A importancia do esquema con complementación modal é froito do funcionamento copulativo de *ir*, é dicir, dos contextos en que o verbo describe un estado en evolución, dende unha perspectiva durativa. Describimos a adquisición dese valor por parte de *ir* como un proceso en progresión que pode levar á súa conversión nunha unidade copulativa, estadio na actualidade aínda non alcanzado (véxase cap. 4). Este é un cambio en curso nos dous idiomas obxecto de estudo.

A suma dos tres EA representa unha boa parte do corpus total, sobre todo no referido ó portugués e á oralidade (véxase Anexo VI); quérese dicir, volvemos encontrar o código oral como o espazo onde as construcións prototípicas dunha unidade demostran a dita caracterización como fórmulas definitorias e a lingua galega como máis versátil na construción sintáctica do verbo. Os rexistros que non se definen baixo estes tres EA adoitan tomar a forma de variacións ou ampliacións destes. Imos referir agora dous contextos sintácticos que destacan polo seu uso e por seren puntos de desencontro no funcionamento do verbo entre linguas. A suma dos esquemas sintácticos primeiros e destas variables resulta en todos os corpus na superación do 80% do total.

## Delimitación dos principais esquemas sintácticos

En primeiro lugar, con sentidos vencellados á idea de abandono o verbo rexe a presenza dun elemento pronominal con función de formante léxico.

*Auto continuo forons'os primeiros (VALMAX880).*

*- A D. Guilhermina e os fillos aínda lá están? - Já se foram (L0494).*

É unha opción máis propia da lingua galega (13%) cá da portuguesa (3%) e da escrita ca da oralidade. Neste contextos o pronome forma parte do verbo, polo que non desenvolve un rol sintáctico.

Unha segunda situación recollida en *ir* é a rexencia, con algunhas acepcións particulares, dun complemento preposicional. Neste caso non estamos ante un OD marcado cunha preposición –lembros que *ir* é un verbo intransitivo–, pois o complemento preposicional é necesario para o sentido da construción. A dimensión semántica por que se moven este tipo de construcións é a ‘posesión’ ou ‘carga’. Isto é, un sentido que habitualmente rexe OD, pero que ó tratarse de *ir* –verbo intransitivo– esixe para a súa concreción unha preposición (*con* ou *de*).

*Pero, ó fin, un día morreo de verdade, e cando iban con el pró cementerio a muller choraba moito por il (CEFLUG963).*

*Tendo ordenado a Cristóvão que fosse com a lenha às costas (L0299).*

*Non sabían de qué ía (PNR997).*

Alén de ser unha opción cun peso superior para o galego (5,5%) ca para o portugués (0,9% do corpus), estes dous últimos tipos de construcións son novamente para *ir* extensións dos seus tres EA base, ou sexa, o complemento preposicional ora xorde como único acompañante do suxeito ora xunto dunha indicación de destino ou dun argumento modal.

Como resumo do comportamento sintáctico dos verbos de movemento focalizadores do destino, destacamos que, independentemente da natureza transitiva ou intransitiva dos lexemas, preséntanse como un conxunto harmónico no referido ó seu funcionamento prototípico. Formúlanse dous EA: ou o verbo non ten máis acompañamento có suxeito (e o OD nos EA transitivos) ou require da explicitación dun circunstancial de destino. Estas dúas posibilidades entran en concorrencia, de maneira que a escolla dunha ou doutra dependerá de aspectos semánticos (se existe outra unidade sintáctica que desenvolva o rol semántico de indicación do punto de chegada, como pode facer o OD nas construcións transitivas non causativas),

contextuais (se foi xa mencionado ese lugar) ou comunicativos (se hai ou non interese, posibilidade ou necesidade en especificalo). Fóra destes dous EA, aparecen outras opcións construtivas que só con certas unidades adquiren un peso de relevo. Se o destino é marcado como unha realidade [+animada] ocupará o lugar do circunstancial locativo un OI; ou, se o verbo abandona o seu funcionamento predicativo e adquire un comportamento copulativo, entón ocupan as indicacións modais un status argumental na estrutura.

#### 6.1.4. Direccionais, centrados na orixe

Dentro dos verbos de movemento con desprazamento focalizado na orixe escollidos para a análise neste traballo só *levar* é unha unidade transitiva; os restantes –*saír*, *vir*, *marchar* e *partir*– son exclusiva ou fundamentalmente intransitivos.

Para *levar* a ausencia de obxecto nunha construción transitiva representa unha porcentaxe mínima no conxunto do corpus de investigación: non alcanza o 5% da base nin en portugués nin en galego. Ó igual que para *traer*, explícase que non se explicita o OD por estar xa referido noutro momento do discurso:

*Per'a madre quer'as lövar, que lövaban sacos pó muño, querían lövar e traer* (REGTD989).

Nalgúns casos a súa elisión débese a que se quere caracterizar o referente do obxecto como unha entidade indeterminada, de xeito que calquera realidade –normalmente [+humana]– poida cubrir ese oco. Neste contexto, o verbo significa ‘ter unha vía de comunicación unha dirección, indo dun lugar ata outro’.

*Pola corredoira sombriza con fondas rodeiras de carros que leva á ermida, vén camiñando un frade* (ALSCON955).

*Indo por ele, pasado um desvio que leva às casas do «monte», encontra-se, a um quarto de hora de marcha, um soute* (L0014).

En definitiva, a intransitividade non é unha opción sintáctica para *levar*. A ausencia de obxecto é unha variable contextual da construción transitiva pois o OD está simplemente elidido.

Mais tampouco a transitividade describe unha única situación comunicativa para este verbo. Semanticamente, o obxecto pode desenvolver tres diferentes roles, que van corresponderse con EA diferentes para o verbo; nuns casos, indica a entidade levada, ou sexa, experimentadora da acción.

*Un día colleronme e levaronme á sala de castigos* (CSRVEN981).

## Delimitación dos principais esquemas sintácticos

*Onde a crise é patente e notória são os pontos escolhidos pelo candidato para levar a sua mensagem (J43262).*

Noutros refire a dirección do proceso.

*O rock ten que levar outro camiño distinto do das audiencias (PNR997).*

*E vocemecê, que destino leva? (L0494).*

Finalmente, pode especificar o espazo temporal en que se mantén unha realidade en determinada situación ou localización.

*Agora están no local da Cruz Vermella en Pontevedra, levan alí vinte días (3nt993).*

*Operações que levam as tais 48 horas e que obrigam a ter um batalhão de 280 trabalhadores (J52783).*

Este último valor no plano do significado xustifícase pola interdependencia e relación en que se encontran o espazo e o tempo, ó seren ámbitos comunmente transvasables.

A referencia que fixemos ó ámbito semántico débese a que o EA do verbo é diferente segundo o rol que lle corresponda ó OD no ES; é dicir, a natureza semántica do obxecto está estreitamente interligada coa rexencia locativa de *levar*. Cando o obxecto especifica a dirección, o verbo non esixe ningún circunstancial de destino, polo que a construción sintáctica é biactancial; pola contra, se o obxecto especifica o móbil do desprazamento adoita ampliarse o esquema sintáctico coa explicitación dun circunstancial de destino ou dun modal (destaca o CFIN, pero tamén contan cun uso relevante un cm ou un PVO) que xa pode referir de seu un lugar final para o traxecto. Porén, cando o obxecto ten valor temporal, o verbo pasa a describir un estado de cousas, o que explica que o locativo con que se adoita acompañar nestes casos sexa un situacional (véxase Táboa 98).

Os dous primeiros EA teñen unha representatividade de uso parella entre os dous idiomas, pero non acontece o mesmo cando entra en xogo un locativo situacional ou un complemento modal. Este diferente comportamento traduce unha interpretación do verbo dispar nestas casuísticas marxinais. Cando o verbo require un CFIN, mantense no status de unidade de movemento con desprazamento; pola contra, cando se combina cun locativo situacional, cun CM ou cun PVO, *levar* pode abandonar este ámbito semántico e pasar a funcionar como unha unidade copulativa, xa que describe un estado de cousas. Abandónase a focalización do desprazamento, para centrarse na descrición dunha situación, sen que iso signifique a perda absoluta do sentido primeiro do verbo. Estamos ante un cambio en progreso que xustifica este estadio

## Delimitación dos principais esquemas sintácticos

intermedio. O proceso de baleirado semántico no noso corpus caracteriza en maior medida a lingua galega cá portuguesa; esta é unha tendencia que *levar* comparte cos restantes verbos de movemento con desprazamento que admiten construción copulativa.

EA	Levar			
	LG		LP	
	exemplo	%	exemplo	%
S+P+OD	<i>¡Considera o camiño que levarían!</i> (FNZPRO810).	36,5%	<i>Só que a bola nunca levava o rumo certo</i> (J43063).	29%
S+P+OD +CLD	<i>Levaronme á habitación</i> (RISMIT934).	20%	<i>Embarcaram num dos seus navios que o levou para o exílio em França</i> (J43071).	23,5%
S+P+OD +CL	<i>Levaba máis de oito anos fóra do pueblo</i> (FOLLUS953).	10%	<i>Leva 41 dias de liderança na corrida espanhola</i> (J26459).	2,5%
S+P+OD+CFIN	<i>Un capitalista que veu en verano e dixoñe se ño levaba pescar, e o fulano que o levou pescar era moi simpático</i> (OCHGRO994).	3%	<i>Vendo-me irresoluto, ficaste ansiosa e quiseste levar-me a morar na casa onde trabalhavas agora</i> (L0468).	12%

**Táboa 98: EA de levar**

No referido ó tipo de fonte, achamos que o primeiro EA presentado (estrutura biactancial en que o verbo esixe o suxeito e o obxecto) toma máis importancia na oralidade ca na escrita (véxase Anexo VI). Esta non é unha liña de comportamento nova, xa que se volve dar unha predisposición deste tipo de código cara os EA máis básicos en que se eluden por diversas razóns (semánticas, sintácticas ou contextuais) complementos que na escrita é máis recorrente encontrar.

Antes de concluír coa revisión do funcionamento sintáctico base de *levar*, imos atender cinco aspectos construtivos recorrentes nos membros deste grupo e nos verbos de movemento en xeral, aínda que para os lexemas focalizados na orixe non representen en ningún caso un EA nuclear. A presenza dun pronome con función de partícula discursiva, dun pronome formante léxico, a rexencia dun complemento preposicional, o uso dun obxecto marcado por preposición e a combinación con circunstancias recorrentes.

O pronome con función de partícula discursiva aparece en construcións dos cinco verbos de movemento con desprazamento focalizados na orixe. Estas estruturas representan unha porcentaxe marxinal dos corpus: non superan en ningún caso o 5% en ningunha das dúas linguas. O pronome e o suxeito coinciden en referente, pero a elisión do primeiro non trae ningún tipo de mudanza no sentido literal da oración. É unha partícula que non ten función sintáctica e que xunto destes verbos marca o axente da acción como o interesado no desenvolvemento do proceso, é dicir, reforza a



## Delimitación dos principais esquemas sintácticos

idea de [+control] sobre a acción. Este mesmo tipo de pronome partícula discursiva encontrámola cos verbos *subir*, *baixar* ou *traer*.

No caso de *levar*, verbo transitivo, o oco sintáctico do obxecto está ocupado, polo que a presenza desta partícula que ten o mesmo referente có suxeito é innecesaria; son construcións recollidas exclusivamente nos corpus galegos e rexistradas dende as obras máis antigas:

*-Van negros; menudo mico que se levaron* (LPXCON928).

Para *sair*, *marchar* e *partir*, unidades intransitivas, a presenza deste elemento –e a súa ausencia– tampouco carreta ningún tipo de consecuencia nin sintáctica nin semántica. Só *sair* conta con exemplos deste tipo de estruturas na lingua portuguesa, todos situados no ámbito da coloquialidade.

*E a mim, ainda se me vai sair o cinzento dos miolos pelos tubinhos do cabelo de tanto pensar na vida* (L0461).

*Pasou unha muller fuxindo, e salese de contado un francés tras dela* (FNZPRO810).

*Vai o fulano, salese do puente* (OCHGRO994).

Con *marchar* a presenza desta partícula discursiva é posible cando o verbo adquire o sentido de ‘abandonar un lugar’. Isto non quere dicir que sexa un significado que requira dunha construción pronominal do verbo, xa que a súa elisión non muda o valor verbal. En portugués esta dimensión semántica é practicamente inexistente para *marchar*, polo que o pronome non ten opcións de combinarse co verbo nesta lingua.

*Durmía moitas veces na casa dil, de Rego de Cás, cando se marchaba dela, decía sempre* (LENETN939).

*Fai o movimento de se marchar* (DIEFIE958).

*Vir* afástase dos outros verbos pola cantidade superior de rexistros que aparecen con esta partícula discursiva, pero no referido ó funcionamento é parello a *marchar*: a presenza do pronome dáse cando o verbo expresa o ‘abandono dun lugar ou estado’; mais a súa ausencia non carreta a desaparición total desa idea, aínda que si de parte da firmeza interpretativa que hai con el.

*E bueno, así que nos pareceu que ... xa a operación estaba feita, viñémo- nos prá casa* (LCAFAL990).

*Porque é que você se veio embora?* (L0342).

Finalmente, é neste contexto onde colocamos o único rexistro en que *partir* se combina cun pronome con idéntico referente ó suxeito: a súa presenza non carreta mudanzas de

## Delimitación dos principais esquemas sintácticos

significado nin tampouco cobre ningún rol sintáctico debido á intransitividade do núcleo verbal.

*Cando os cás se partiron ós respectives lugares a espola cos calcañares espetou no cabalo*  
(PINGAI853).

Por conseguinte, estamos ante unha partícula discursiva que, tal e como rexistramos xunto de *subir*, *baixar* ou *traer*, ó lado dos verbos de movemento con desprazamento se utiliza para reforzar a idea de [+control] sobre a acción.

Nun segundo contexto, o pronome funciona como un formante léxico en construcións pronominais. Recollemos estruturas pronominais con *levar* e *saír*. *Levar* en construción pronominal indica un tipo de relación entre dúas persoas ou dunha con outra:

*Nunca nos levamos ben no mar cos de Cedeira* (PEAPES001).

*Entón comigho tamén non se levaba mui ben* (COSTDI986).

Ó redor da idea ‘resultar dun modo’ móvense as construcións pronominais de *saír* recollidas en ambas as dúas linguas:

*Também se tinham saído bem no combate à "ameaça submarina" simulada pelo "Barracuda"*  
(J34773).

*Na cabeza ou nos pés, haste saír a quen es* (PRICON958).

Por conseguinte, o formante léxico e a partícula discursiva son funcións do pronome en que este abandona o plano sintáctico propio da súa categoría gramatical ao non ter un referente nin actuar no nivel da construción como un argumento.

Un segundo bloque de casuísticas engloban os tres aspectos construtivos que nos restan: o tipo de relación de estreito vencello entre os verbos de movemento e certas preposicións. Neste grupo encontramos primeiro construcións en que o verbo rexe un complemento preposicional en determinados contextos semánticos. En todos os verbos esta é unha opción construtiva minoritaria, aínda que propia das dúas linguas –non alcanza en ningún caso unha porcentaxe de uso considerable–. Só con *partir* non se rexistrou este tipo de rexencias, nin en portugués nin en galego. No que se refire ós nexos introdutores, redúcense a *con*, *a* e *de*.

A preposición *con* combínase cos catro verbos. Coas unidades intransitivas o sentido do núcleo verbal pasa a situarse na dimensión semántica da posesión. Deste modo, *saír* e *marchar* configúranse como construtos sinónimos de ‘levar’:

*Tiña que salir co carro, pois a vaca non respondía* (COUTDI976).

## Delimitación dos principais esquemas sintácticos

*Eu tava a limpar e pensar que queria dar banho a esta, para, para saír com ela, e queria ir com ela ao médico* (1020P249).

*El marchóu cos bois, pero non houbo quen lle dixera siquera quén vende equí* (CEFLUG963).

*Maneira que o velho marchou para a feira, com um cavalo que era uma lindeza!* (L0583).

*Vir* adquire o sentido de ‘traer’ –esta é a única rexencia prepositiva posible para *vir* en portugués–.

*Había tamén, coma tal esas peixeiras que viñan co peixe, que non viñan com'aghora* (OCHGRO994).

*Vinhas com alguma intenção de a namorar?* (L0342).

Noutros casos *saír* adquire a idea de ‘conseguir’ rexendo a preposición *con*.

*Tende ánimo e confiade nas vosas forzas, que n'é mester máis pra saír ca nosa* (MURDIS891).

*Fica o árabe embatucado, envergonhado, por não saír com a sua* (L0011).

Por outro lado, *levar* xunto de *con* pode utilizarse, nunha construción pronominal, como indicador de tipo de relación. En portugués non recolleemos ningún exemplo desta construción nin no noso corpus nin nas fontes lexicográficas consultadas.

*Entón comigho tamén non se levaba mui ben* (COSTDI986).

*Saír* e *vir* poden rexer a preposición *a*, mais o resultado semántico en cada un dos casos é diferente. Co primeiro, emprégase para indicar ‘semellanza con, herdanza’; no corpus deste traballo só se recolleron exemplos en lingua galega, habitualmente presentando unha construción pronominal.

*Na cabeza ou nos pés, haste saír a quen es* (PRICON953).

En portugués é unha acepción recollida en DHLP, polo que para este idioma tamén é unha opción construtiva.

*Parecer-se com alguém sob o aspecto físico, moral ou intelectual (ser a única neta que saiu à avó).*

Finalmente, o complemento preposicional introducido por *a*, xunto de *vir*, indica a materia ou asunto a que alguén se dedica temporalmente ou como oficio.

*-¡Mirai!, ¡vinde á palla! E iamos á palla todas as mozas* (TABTDI979).

Cando este mesmo verbo rexe *de*, o complemento aproxímase á función dun predicativo, xa que realiza unha dobre predicación. Por un lado, complementa o suxeito da acción e, polo outro, a acción verbal que pasa a significar ‘actuar como, ter a profesión de’.

## Delimitación dos principais esquemas sintácticos

*-Neno, ¿queres vir de criado para min, para a miña casa? (CEFLUG963).*

Xunto de *levar* a preposición *de* que introduce o obxecto non é esixida polo verbo en contextos semánticos concretos, xa que é unha fórmula para marcar o OD. No caso de *levar* o OD introducido por este nexos refire substantivos continuos, indica unha porción indeterminada de certa materia (Álvarez e Xove, 2002: 98). Hai exemplos nas bases das dúas linguas.

*Os frailes qu'había aquí levabanll'alí de comer ó castillo (AVVTDI990).*

*E Caim, acreditando, levou do "fruto da terra" (L0280).*

Por último, aparecen xunto destes verbos e nas dúas linguas outro tipo de complementos introducidos preferentemente polas preposicións *por* e *a* que introducen a finalidade do desprazamento.

*Pero ó cabo dos oito días como non estea casado, vimos por usté (COUTDI976).*

*El marchou por un feixe de nabos (LCAFAL990).*

Consideramos máis acertado tratalos como circunstanciais de finalidade e non como figuras que teñan unha influencia específica no sentido final do verbo; é dicir, decidimos non consideralos complementos preposicionais porque son estruturas que aparecen na gran maioría dos verbos de movemento e sempre como a razón final para que o desprazamento se desenvolva.

Polo tanto, estes nexos prepositivos xunto dos verbos de movemento focalizadores da orixe introducen argumentos fundamentais para completar o sentido do verbo, satélites que indican a finalidade da acción ou marcan o OD dalgún modo particular.

Unha vez tratados os valores do pronome sen función referencial e sintáctica e a relación dos verbos con certos nexos prepositivos, retornamos á determinación dos EA nucleares dos verbos de movemento focalizadores da *orixe*. Na delimitación destas construcións base, achamos que as fórmulas caracterizadas como esquemas base para *levar* se repiten no conxunto, con dúas matizacións. En primeiro lugar, non hai un OD ó formulárense como lexemas intransitivos; e, en segundo, dilúese o peso da esixencia dun locativo situacional e aumenta, no seu lugar, a necesidade de explicitar a orixe. Debemos recordar que baixo esta construción sintáctica, o OD con *levar* refería no plano semántico o tempo en que algo ou alguén se encontraba nun lugar ou situación, é dicir, o papel semántico do OD trae consigo o requirimento deste circunstancial. Esta necesidade desaparece coa non existencia deste argumento.

Os EA dos catro verbos restantes son:

## Delimitación dos principais esquemas sintácticos

<b>Saír</b>				
<b>EA</b>	<b>LG</b>		<b>LP</b>	
	<b>exemplo</b>	<b>%</b>	<b>exemplo</b>	<b>%</b>
S+P+CLO	<i>Cando eu saín da Folgueira quedaba ouveando o Lobeiro (FOLLUS953).</i>	27,7%	<i>Acossados pelos cavalos que os espanhóis fizeram sair de Badajoz. (L0486).</i>	26%
S+P	<i>-¡A ver, é hora de levá-lo almorzo! ¿Fulana, tu sales, tu ...? (LCAFAL990).</i>	25%	<i>As suas obrigações consistiriam em acompanhar o Senhor sempre que ele saísse (L0299).</i>	22%
S+P+CLD	<i>Lavase e sae ao tránsito (CSRVEN981).</i>	12,5%	<i>De pronto ignorado pela população, que saiu à rua (J42987).</i>	13%
S+P+CM/PV O	<i>Saen vestidos de aldeáns (CABMAR926).</i>	13,5%	<i>Os resfôlegos das ventas saíam em jactos de fumo (L0297).</i>	15%

**Táboa 99: EA de saír**

<b>Marchar</b>				
<b>EA</b>	<b>LG</b>		<b>LP</b>	
	<b>exemplo</b>	<b>%</b>	<b>exemplo</b>	<b>%</b>
S+P	<i>E deixáronos, deixáronos... circular outra vez, deixáronos marchar (REGTD989).</i>	31%	<i>Cristóvão ia como uma torre que marchava (L0299).</i>	40,5%
S+P+CL D	<i>Con esto acabouse a entrevista; e cada un marchou pra a súa casa (LFRNIN905).</i>	33,5%	<i>E a felicidade única sería [...] marchar para onde me chama o coração (L0288).</i>	11,5%
S+P+CM	<i>O vivo foi marchando, xa así con certa tristura (PRICON958).</i>	9%	<i>Longas filas de miseráveis que de esfomeados não podiam marchar depressa (L0299).</i>	37%

**Táboa 100: EA de marchar**

<b>Vir</b>				
<b>EA</b>	<b>LG</b>		<b>LP</b>	
	<b>exemplo</b>	<b>%</b>	<b>exemplo</b>	<b>%</b>
S+P	<i>Épere que veña máis xente e pasa canda ela (AVVTDI990).</i>	36%	<i>O de Edimburgo não veio! (L0460).</i>	19%
S+P+CLD	<i>Pero a miña teima era vir pra Bos Aires (NEIHIS968).</i>	17,5%	<i>Se o senhor já cá veio é porque o Tarrafal está a evoluir (J35036).</i>	29,5%
S+P+CLO	<i>Sinteu-se un troupeleo de cabalos que viñan da parte de Lalín (LFRNIN905).</i>	7,5%	<i>Tinham vindo de terras distantes (J28607).</i>	15%
S+P+CFIN	<i>¿Entón pra qué vén? (BLABIO962).</i>	11%	<i>Vêm para noivar e fazer casa (L0280).</i>	14,5%

**Táboa 101: EA de vir**

<b>Partir</b>				
<b>EA</b>	<b>LG</b>		<b>LP</b>	
	<b>exemplo</b>	<b>%</b>	<b>exemplo</b>	<b>%</b>
S+P+CLO	<i>As frotas de Indias tamén partían da Coruña (3nt993).</i>	59%	<i>Outras andorinhas voltam, não as que partiram dos beirais no Outono (J52655).</i>	38,5%
S+P	<i>O consolo de ollar por derradeira vês a terra que tampouco os vía partir (ALSCON955).</i>	22%	<i>Por fim o rebocador partiu (L0453).</i>	22%
S+P+CLD	<i>Xa chega o voso compañeiro Laertes ó navío en que partides prás bocas do Reno (CUNHAM958).</i>	3%	<i>Jordão parte para Inglaterra (J26604).</i>	13%
S+P+CM	<i>Dous equipos ponteareáns partían con distintos obxectivos (PNR997).</i>	8,5%	<i>Redemoinhava, partia com silvos desolados (L0379).</i>	10%

**Táboa 102: EA de partir**

Semanticamente, neste grupo inclúense verbos que colocan a perspectiva da acción no punto de orixe; focalizan o desprazamento como abandono dun espazo. Deste modo sería esperable que este locativo tivera unha alta concreción léxica. Pero non sempre é así. O

punto de partida é unha información que ten máis posibilidades de ser coñecida polo receptor ca outros datos –o destino, o tempo, a finalidade, o modo en que se desenvolve a acción, etc– por coincidir co lugar en que se encontran os participantes do acto comunicativo ou por ser unha referencia xa indicada noutro punto do discurso; por conseguinte, a rexencia desta circunstancia pode pasar a un segundo lugar para estes verbos. Deste modo a explicitación do circunstancial de orixe non chega ó 2% do corpus de *levar*, nin en portugués nin en galego (I), ou sitúase no 5% da base de lingua galega de *marchar* (II), mentres que en portugués non recollemos ningún exemplo con este circunstancial xa que este verbo neste idioma non focaliza o desprazamento no punto de partida senón no traxecto neste idioma (véxase cap. 4).

(I) *Levárono desde alí, desde a casa donde durmían* (PSATDI987).

*O padre António Teixeira de Sousa, que muita prática leva de cá* (L0486).

(II) *Un galego, en troques, ó marchar da terra non queda xunguido a ela* (CUEPRO962).

Non se encontra esta tendencia en todos estes verbos. Para *partir* e *saír* a explicitación do punto de partida configura o EA base. Polo tanto, evidénciase que un comportamento tan diverso referido a un mesmo aspecto argumental dentro de verbos que comparten grupo semántico é froito dun principio regulador da rexencia deste locativo.

Os extremos deste contínuum de preferencia cara á concreción léxica da orixe están ocupados, por un lado, por *saír* e *partir* e, polo outro, por *levar* e *marchar*; colócase nun punto intermedio *vir*. Ademais, é unha posibilidade construtiva recorrente que se acompañe do destino (como é a norma para *levar*). Como xa indicamos, a coincidencia da orixe co lugar en que se encontra o emisor ou o feito de este ser mencionado con anterioridade no acto comunicativo explican a ausencia deste complemento. Mais a súa explicitación régúlase polo predicible que poida ser o punto de partida a partir do verbo e a importancia no plano semántico que teña o destino para este. Deste modo en *levar* e *marchar* (este último na lingua galega) a orixe identifícase con máis normalidade co espazo onde se encontra algo ou alguén habitualmente e, por conseguinte, é máis deducible ca con *partir* ou *saír*. Ademais, para os dous primeiros verbos, o punto de chegada é nuclear ó focalizarse semanticamente. Pola contra, en *partir* ou *saír* a explicitación de cara a onde se vai non xorde como argumental. Isto é, encontramos unha nova intersección entre os ámbitos semántico e sintáctico: canto máis facilmente supoñible sexa o punto de

partida do desprazamento e maior sexa a focalización do punto de chegada, encontraremos unha explicitación menor do circunstancial de orixe nos formantes deste grupo verbal.

Un segundo EA compartido polo grupo é o monoactancial intransitivo ou o biactancial transitivo –só presente con *levar*–. A capacidade de elisión da orixe xustifica que esta estrutura sexa moi común con estes verbos. Deste modo enténdese o seu status de EA base primeiro para aqueles lexemas verbais que preferentemente non rexen a explicitación da orixe –*levar, marchar e vir*, en ambos os dous idiomas–. Neste grupo verbal mantense en grande medida unha constante xa presentada nas anteriores unidades de movemento: a ausencia de complementación é máis habitual na lingua oral ca na escrita. Con estes lexemas ou os dous tipos de códigos presentan unha porcentaxe de uso moi próxima ou, de haber distancias, sitúanse preferentemente no lado da oralidade, código en que as referencias locativas teñen máis opción de elidirse porque, se coinciden cos parámetros do contexto comunicativo, a súa lexicalización sería redundante.

Continuando coa referencia espacial o locativo que entra en concorrencia directa coa orixe xunto destes verbos é o destino. O seu uso ou é parello ó da explicitación da orixe –tal e como vemos en *vir*– ou xorde como o referente espacial preferente para aquelas unidades que prefiren a elisión do punto de partida. É o caso de *levar e marchar*, unidades para as que a concreción da *orixe* non é o esperable.

Xorde aínda un cuarto EA base: unha estrutura biactancial intransitiva ou triactancial transitiva cun complemento modal, sexa un circunstancial –de modo ou finalidade, fundamentalmente– ou un predicativo. Todos os verbos se poden combinar con cada unha destas referencias. *Partir e marchar* son as únicas unidades con que non recolleemos este tipo de complementación nun dos seus corpus, sempre do ámbito oral, isto é, do espazo onde teñen menos cabida construcións que non se caracterizan como primarias (véxase Anexo VI).

Boa parte dos rexistros desta construción sintáctica correspóndense a estruturas en que o verbo adquire un funcionamento copulativo, quérese dicir, que describe un estado de cousas. As indicacións de modo e, con máis fincapé, o predicativo son fórmulas con que o verbo abandona a idea de acción e pasa a referir un estado. Ademais, outra volta, volve ser na lingua galega (tal e como viramos que acontecía con *ir*) onde o valor copulativo do verbo se desenvolve con máis dominio, en confronto có portugués, no que, de escoller un circunstancial desta natureza, será preferentemente un complemento de finalidade.

Cos referidos catro EA presentados superamos en todos os casos o 70% dos rexistros; esta porcentaxe indícanos que as opcións construtivas destes verbos son menos variadas do que poderían facer pensar a diversidade de acepcións. Aínda sendo así, as diferenzas construtivas que encontremos entre lexemas ou entre idiomas vanse xustificar na variabilidade semántica (ou viceversa) e no uso do verbo. Isto explica o afastamento para *marchar* entre o portugués a o galego: na primeira lingua as catro construcións referidas suman case a totalidade dos rexistros, fóra de que unha soa –o esquema base intransitivo monoactancial– xa representa o 40%; mentres, en galego a porcentaxe redúcese e tamén se diversifica o reparto porcentual entre as catro construcións presentadas como prototípicas. Explícase por estar o verbo na lingua portuguesa máis limitado semanticamente ca no galego, situación intensificada no referido ás acepcións vencelladas á idea de movemento, que no seu caso se focaliza no traxecto propio das unidades que indican un movemento continuo, como é o seu caso (véxase apartado 6.1.6.). O mesmo criterio nos serve para *partir*, pero neste caso nos dous idiomas. Esta é unha unidade cun abano de significados, referidos á idea de movemento, reducido e, por outra banda, lingüísticamente tamén está marcado como un lexema propio do estilo formal; eses dous condicionantes explican a importancia dos EA e o pouco espazo que resta para construcións secundarias.

En conclusión, os EA máis recorrentes dos verbos de movemento con desprazamento focalizadores da orixe redúcense a catro. Xurdiron ó longo deste apartado diferenzas entre verbos e linguas. No que se refire ós verbos, a presenza do obxecto como única posibilidade construtiva de *levar* fronte á intransitividade definitoria dos restantes, ou as diferentes predisposicións nas rexencias locativas son algúns dos aspectos onde encontramos as discordancias. Entre os dous idiomas obxecto de estudo, naceron os maiores puntos díspares na predicación de verbos cun corpo semántico diferente segundo a lingua, na presenza e funcionamento do pronome como elemento alleo á construción sintáctica do verbo ou en certas rexencias prepositivas dos verbos. Pero, aínda atendendo as particularidades de cada unidade, lingua ou código (escrito fronte ó oral), podemos proxectar un funcionamento prototípico común para o conxunto de verbos de movemento con desprazamento focalizadores da orixe.

### **6.1.5. Direccionais, centrados no traxecto**

A transitividade é novamente o criterio básico que distingue os verbos que situamos neste subtipo de movemento: *atravesar*, *pasar* e *andar*. Deste modo, mentres *atravesar* se



## Delimitación dos principais esquemas sintácticos

caracteriza como unha unidade transitiva, este tipo de construcións son minoritarias para *pasar* e a intransitividade practicamente define a *andar*.

<b>construcións transitivas</b>				
verbo	LG		LP	
	exemplo	%	exemplo	%
Atravesar	<i>E'ntoz... atravesamos o vilar todo</i> (REGTD989).	88%	<i>O certame já atravessou o oceano</i> (J34781).	80,5%
Pasar	<i>El pasou outros por eiquí, prá ribeira</i> (TABTDI979).	25,5%	<i>Se havia algum grande lamaçal, ficava à beira dele para passar aos ombros os homens e os animais</i> (L0299).	29,5%
Andar	<i>Aquilo é unha carretera que se podía andar</i> (PSATDI987).	6%	<i>Este andou bastante mundo</i> (L0289).	0,9%

**Táboa 103: Transitividade cos verbos focalizados no traxecto**

Con *atravesar* o número de rexistros en que o obxecto está ausente son poucos e correspóndense con construcións transitivas con obxecto elidido, xa que a súa ausencia non significa que non se saiba que figura ocupa ese oco. O feito de non estar explicitado responde ou a enunciarse nas proximidades do contexto discursivo (I), ou a que a través dun outro complemento –comunmente un circunstancial de traxecto– se pode sobreentender cal é o OD (II).

(I) *E atravesaronme. Picaron tres balas, dúas, e unh'atravesou* (REGTD989).

*Só então ele sentiu a tristeza inteira que trouxera do bairro acabado de atravessar* (L0019).

(II) *En confianza, quixo atravesar por donde estivera o día antes co sargento* (OCHGRO994).

*Por onde as galinhas continuavam a atravesar e a lançar as poias* (L0461).

É dicir, a economía lingüística explica o oco sintáctico recollido nestes rexistros. Por engadido, en todos os casos en que este argumento está elidido presenta un mesmo valor semántico: especifica o traxecto polo que se desenvolve o desprazamento; isto é, concorre co complemento locativo introducido por *por*, o que reforza as posibilidades de ser elidido cando aparece este circunstancial.

Fóra do dito rol semántico, o obxecto de *atravesar* pode referir o móbil dun movemento causativo.

*Ele pode atravesar o jipe no portão* (J43076).

*Por el sacaronlle a cabeza, abrironlle a boca cun fungueiro i atravesaronllo en forma de tranca pra que non puidese trabar* (LPXCON928).

Este é o sentido que adquire o OD na maioría das construcións en que aparece un pronome reflexivo.

## Delimitación dos principais esquemas sintácticos

*Inicia-se a campanha «para que nenhuma criança se atravesse no seu caminho» (J43911).*

*O carreteiro quixo afastar os bois. Non poido. Atravesaronse no camiño (VPOALM922).*

O cambio no papel semántico do complemento sintáctico está parello cunha mudanza no EA do verbo, no que o OD xa non se elide en ningún caso ó non concorrer co circunstancial de traxecto.

A transitividade de *parar* móvese polas mesmas dúas dimensións semánticas. Nunha primeira, o obxecto indica, no plano do significado, o traxecto da acción, sexa esta un desprazamento (I) ou non (II).

(I) *Cheghamos a ir ás fiastas a Portugal, pasábamo-lo río nunha barquiña (PSATDI987)*

*Confío em um vigário que os case clandestinamente. Depois, passam a raia e seguem para a Estremadura espanhola (L0289)*

(II) *Os que aquí están desexamoslles pasar uns momentos de alegría (PNR997)*

*E oxalá que assim sejam porque, na verdade, nós tamos a passar muitos tormentos para conseguirmos fazer comunicações telefónicas (633P168)*

Cando o verbo abandona a idea de desprazamento físico, o OD tamén delimita a franxa de tempo en que se desenvolve unha acción. Neste caso abandona a dimensión espacial e pasa a situarse na temporal, polo que estamos ante un intercambio entre dous planos estreitamente interligados que xa foi tratado neste capítulo (véxase 6.1.4., o valor do OD con *levar*).

*Lá para as bandas de Maфра, onde sempre passa fins-de-semana e feriados, na quinta que os austeros pais tratam (L0416).*

*¿E por qué pasou el a mañá toda Impedindoll'o paso a nai coitada? (IGLFON882).*

O segundo rol semántico do obxecto é indicar o móbil dun desprazamento causativo.

*E tiña que pasá-lo río, e tiña unha barca, pra pasar pasaxeiros (REGTD989).*

*Sôbre a água que não bole, passou agora mesmo um pincel molhado em tinta acabada de fazer (L0009).*

Finalmente, se a acción verbal se desvencella do desprazamento físico, no canto do móbil, o obxecto pasará a referir sobre quen ou que recae a acción (paciente).

*Abondaban as [películas] de reivindicacións lingüísticas e pasou unha de nenos e nenas, «Semente da Galiza Nova» (3NT993).*

*Enquanto escrevo, passam os moços ao papel a história da sua vida (L0075).*

## Delimitación dos principais esquemas sintácticos

No referido a *andar*, este é un verbo intransitivo. As construcións con obxecto representan unha porcentaxe moi baixa no noso corpus, en destaque na lingua portuguesa. Mais, a pesar do reducido da súa presenza, esta figura ten un comportamento semántico acorde co recollido para os outros dous verbos. Na maioría dos rexistros indica o traxecto do desprazamento (I) ou, se non hai movemento, a dimensión por que se desenvolve a acción (II). É común que nestes casos, tal e como vimos con *pasar*, o obxecto poida adquirir un valor temporal demarcando a duración dunha situación ou proceso.

(I) *Cando eu tería dazaseis anos xa tiña andado os vals de cinco légoas arredor do noso pobo* (OPEMAO928).

*Eu recordo-e que era pequeno e eles sacrificavam-se a andar quilómetros e quilómetros a pé para ir para as barragens trabalhar* (79P091).

(II) *Para concluír a súa programación estival no mes que andamos* (3nt993).

*Andaria vários anos para trás* (L0450).

Con *andar*, o obxecto nunca desenvolve o papel de móbil, pero si o seu correspondente para as accións desvencelladas do movemento físico, isto é, o rol de paciente da acción.

{ENT}- *¿Andalo, chamase?* {CP}- *Andalo, pa que salia ben cocido* (LCAFAL990).

*Deixaram o pessoal dirigente da DGCI - aquele que faz andar ou não andar a máquina fiscal - num estado de pré-insurreição* (J60736).

En resumo, cando aparece o obxecto con estes verbos adoita corresponderse no plano do significado ou co móbil do desprazamento (paciente, se non hai idea de movemento) ou co traxecto (espacial ou temporal) polo que se desenvolve a acción verbal. Estes tres verbos foron definidos como unidades focalizadoras do espazo percorrido, razón pola que o OD, como referente semántico do espazo, non indica o destino ou a orixe ó igual que cando acompaña predicados encaixados nos subgrupos anteriores, senón o lugar *por onde*. Ademais, o feito de que nos encontremos con un ou con outro rol semántico ten as súas consecuencias no EA do verbo: estas aféctanlle á presenza dun circunstancial de traxectoria e ás posibilidades de elisión do OD.

Como vimos cos verbos de movemento focalizados no destino ou na orixe, a especificación dos valores semánticos deste argumento sintáctico ten interese neste capítulo porque están estreitamente ligados cos EA transitivos do verbo. Imos partir dos EA de *atravesar* para analizar o funcionamento transitivo dos verbos focalizados

## Delimitación dos principais esquemas sintácticos

no traxecto, contrastando o seu comportamento co das restantes unidades deste grupo cando rexen OD.

<b>Atravesar</b>				
<b>EA</b>	<b>LG</b>		<b>LP</b>	
	<b>exemplo</b>	<b>%</b>	<b>exemplo</b>	<b>%</b>
S+P+OD	<i>Tiñan que atravesar a campa de Xan da Cruz</i> (FOLLUS953).	54%	<i>Atravessou a outra sala</i> (L0508).	50%
S+P+OD+CM	<i>Aproveitábamos para ir a dar unha volta a Ferrol, atravesando a pé a ponte do tren</i> (PEAHOM004).	12%	<i>Viu-o atravesar a rua, em passo tranquilo</i> (L0717).	12%

**Táboa 104: EA de *atravesar***

A concorrencia no plano do significado polo mesmo rol entre o obxecto e o circunstancial de traxecto explica as limitacións de que as dúas figuras compartan EA, facendo que a estrutura transitiva máis repetida sexa biactancial. Deste modo, a metade dos rexistros con rexencia de obxecto de *pasar* (I) e a case totalidade de *andar* (II) son construcións en que o verbo só se combina co suxeito e co obxecto.

(I) *A ser posible non deben nin pasa-la porta da sede da sociedade* (PNR997).

*Aquele comboio rolaria, passando as estações* (L0508).

(II) *Ainda nos falta moito camiño por andar* (FRNSEG963).

*Este andou bastante mundo* (L0289).

De ampliarse o EA con outra figura, esta será fundamentalmente un complemento modal, que especifica como se realiza a acción, sexa esta un movemento con desprazamento ou non.

*Na guerra pasei tres... pasei tres días sin comere* (REGTD989).

*Viu dois jovens a passarem droga à descarada* (J34753).

*O áuside principal que se pode andar todo ao redor* (LFRNIN905).

*Andamo-lo [o caminho] com mais brevidade do que cuidávamos* (L0011).

Cando o obxecto comparte espazo cun locativo de traxectoria e describen ambos unha circunstancia locativa, isto non quere dicir que haxa unha redundancia informativa, xa que o obxecto non se solapa semanticamente co complemento de lugar. Ó conviviren os dous, co obxecto refírese unha distancia, mentres que co circunstancial a vía ou o lugar que se segue para facer o percorrido.

*Iba sempre a caballo, pois tiña que andar máis de catro légoas por fragas, devesas e cavorcos* (FOLLUS953).

*Cómo atravesara montes e serras á media noite por antre os lobos* (LFRNIN905).

## Delimitación dos principais esquemas sintácticos

*O tránsito, esse, continuava a atravessar a reserva através de uma velha estrada (J34655).*

Deste modo, aínda que con este grupo de verbos o obxecto e o locativo de traxecto (*por*) presentan, en grande medida, a mesma función no plano do significado, o tipo de indicación que refiren cada un deles non é sinónimo; é dicir, non se poden intercambiar sen que o sentido da mensaxe mude. Ó acompañárense por un OD locativo designan un desprazamento telúrico: hai un obxectivo para superar e especificase o seu traspaso (sexo un linde, sexo unha distancia). Pola contra, cun circunstancial de traxecto a referencia locativa indica a vía, o espazo que se percorre para chegar a outro lugar. Dilúese a teluricidade da acción, focalízase o desprazamento no seu desenvolvemento (I), de maneira que, para concretar se o movemento alcanzou o seu punto final, necesítase outro circunstancial locativo, neste caso de destino (II).

(I) *Vira atravessar as dúas sombras pola calva do monte (LFRNIN905)*

(II) *Atravessam de casa a esta torre por uma mina escavada na pedra viva (L0011).*

Antes de abandonar a transitividade, imos revisar as posibilidades de funcionamento do pronome con igual referente ó suxeito<sup>8</sup>. As posibilidades funcionais deste varían segundo a transitividade do verbo. Con *atravesar*, unidade transitiva, o pronome é reflexivo, é dicir, ocupa o rol de OD.

*Levabaa disposto a clavarlla ao pirmeiro que se lle atravesase didiante (PRICON958).*

*Atravessa-se-lhe um homem á frente do carro, ele parou de repente (913P222).*

O feito de que o obxecto e o suxeito coincidan en referente ou remitan unha realidade diferente cada un deles non repercute no EA, xa que se manteñen as mesmas propostas como definitorias.

Cos verbos fundamentalmente intransitivos, a construción con pronome reflexivo non foi recollida. No seu lugar encontramos un pronome formante léxico ou un pronome partícula discursiva.

Rexistramos o pronome formante léxico xunto de *pasar*. Nos contextos pronominais o verbo pode adquirir tres sentidos diferentes. Tanto en galego coma en portugués, o

---

<sup>8</sup> As porcentaxes no noso corpus de rexistros onde xorde este tipo de pronome, indistintamente da súa función, son menores: na lingua galega en ningún caso alcanza o 4% do corpus e en portugués oscila do 10% de *pasar* ó 0,2% de *andar*

lexema sitúase na dimensión semántica de ‘actuar fóra dos límites’, tomando diferentes matices de sentido ó redor desta idea (véxase cap. 3).

- *A tia Angélica está-se a passar!* (L0494).

*¡No ser! pra pílora pasabase de longa* (LAMGAL887).

Os outros dous contextos son exclusividade do galego. Neles o verbo significa ou ‘esquecer, despistarse’ (I) ou ‘cociñarse, madurar de máis’ (II).

(I) *¡Jasús!, pero mira que se me pasou a min o día ese, qu'ese, qu'andan câ, câ cincerradas* (FRETGE985)

(II) *Graxa e pingo encontraron, e meteronchas alí, de sorte que se pasaron e coceron sei que máis cá manteiga* (FNZPRO810).

Na lingua portuguesa, o primeiro sentido nin se recolleu no corpus do traballo nin tampouco aparece rexistrado nas fontes lexicográficas consultadas, pola contra o segundo significado xorde no DHLP

Não estar mais (fruta, legume, etc) em sua melhor condição (*essa laranja passou*),

pero baixo unha construción intransitiva sen rexencia de pronome. Polo tanto, a pesar de que a importancia porcentual deste tipo de estruturas con *passar* é maior en portugués ca en galego, nesta segunda lingua a diversidade de significados que adquire a construción pronominal é máis ampla.

O funcionamento como partícula discursiva foi rexistrado exclusivamente cos verbos intransitivos. Aquí o pronome non desenvolve unha función sintáctica, ben porque a construción é intransitiva (I), ben porque o oco do obxecto xa está cuberto<sup>9</sup> (II).

(I) *Pasóuse Jesucristo pró outro lado e San Pedro arrimóuse canto puido á rilleria da cama* (CEFLUG963).

*Tivermos sorte. Quer dizer que o barco passouse para fora* (1293P286).

(II) *Pois quería ganhar algo pro... e paseim' ensehida dous anos aí* (CACQUE986).

Ademais a súa elisión non provoca unha mudanza no significado da oración, de maneira que non é esixida polo verbo cando admite un significado concreto, sexa no

---

<sup>9</sup> Esta construción en que comparten espazo un obxecto e o pronome partícula discursiva non a rexistramos no noso corpus en portugués nin tampouco nas fontes lexicográficas consultadas desta lingua. En galego tamén é unha forma complexa que precisaría unha atención e estudo que non é posible neste traballo, polo que é unha cuestión de interese para outra investigación posterior.

## Delimitación dos principais esquemas sintácticos

ámbito do movemento con desprazamento (ver os exemplos de construción intransitiva) sexa no plano metafórico:

*Non volveron a vir... chegou a vé-lo que se pasaba* (COUTDI976).

*É uma tristeza, e a gente, a gente, não é, não, não faz ideia do que se passa e há montes de coisas neste género* (53P085).

Por conseguinte, estamos ante unha partícula discursiva que, ó igual que xunto doutros verbos de movemento, se utiliza para intensificar o interese, o control, por parte da realidade que coincide en referente con el, no desenvolvemento da acción. No que respecta ó uso desta partícula discursiva, aínda que o seu valor comunicativo é igual para o galego e o portugués, existe unha clara diferenza entre si: mentres na lingua portuguesa en construcións intransitivas (fundamentalmente cando o verbo rexe un complemento introducido por *con*) é un elemento moi recorrente, na lingua galega no noso corpus redúcese practicamente á oralidade, froito do tipo de informante que se escolle nas gravacións que configuran o corpus. Determinar se estamos ante evolucións diferentes para os dous idiomas ou se responden a modelos de lingua alleos (singularmente o escrito formal) non é a finalidade deste traballo, senón definir o funcionamento e as tendencias de uso da partícula.

O número de rexistros en que *andar* aparece acompañado cun pronome partícula discursiva é moi reducido. Na lingua galega, na maioría dos casos en que se rexistra faino en estruturas fixas ou fosilizadas, en que o verbo xa non funciona como unha unidade independente indicadora de acción. Nestes casos desenvólvese como un conxunto frástico con función de modalizador.

*Anda que te andarás chegaron xunto dun prado que tiña unha cancela moi ben feita* (CEFLUG963).

Esta partícula discursiva tamén se encontra xunto de estruturas de discurso libre de *andar*.

*Así se anduveron de filinghranas, pero antes de Antonio, as que había antes, causabaas Pedro de Platas, Había que vencelos por riba de todo!* (COUTDI976).

*Ademais, non é dos que se andan con chiquitas...* (BLABIO962).

## Delimitación dos principais esquemas sintácticos

*Talvez tivesse coração, vagar e pachorra para se andar<sup>10</sup> de amores com uma terceira criatura (L0289).*

Nestes contextos, o verbo adoita rexer un complemento preposicional, pero o pronome é elidible. Unha mostra do seu carácter sintacticamente prescindible nestas estruturas de verbo con rexencia prepositiva é o feito de que a maioría destes rexistros non contan con construción pronominal.

*O certo é que Alonso alporizouse ó conocer o número de Galicia Emigrante, dixo que aquilo era (...) andar de confidentes da policía (FGRANO985).*

*Quer vossemecê ver que a delambida da rapariga anda de namoro com ele! (L0296).*

En todos os casos, estamos ante unha partícula discursiva intensificadora do control do suxeito sobre a acción.

En definitiva, segundo o funcionamento deste elemento cos verbos de movemento focalizados no traxecto, establecemos tres modelos de construcións. Un primeiro xorde nas construcións transitivas: estamos ante un pronome reflexivo que sintacticamente é o OD da acción. Nas unidades intransitivas o pronome funciona como un formante léxico ou como unha partícula discursiva. Como formante léxico preséntase como un morfema do verbo en determinados contextos semánticos. Como partícula discursiva o pronome utilízase para intensificar o interese e o control da persoa que concorda coa partícula sobre a acción.

Outra construción minoritaria no uso, pero habitualmente ligada coa transitividade, é a rexencia de complementos preposicionais por parte dos verbos. Tradicionalmente enténdese este tipo de unidades sintácticas como “o complemento de un verbo transitivo indirecto, isto é, o complemento que se liga ao verbo por meio de preposição” (Cunha, 1994: 144). Mostra da dificultade de defender ese posicionamento é, por exemplo, que *atravesar* –única unidade plenamente transitiva– non recolle ningún rexistro en que esixa este tipo de complementación, mentres que tanto en *pasar* coma en *andar* si aparecen. En todos os rexistros en que estes dous verbos esixen a presenza dun complemento con preposición, a construción é intransitiva. Fóra da mencionada constante, poucas máis se encontran: o vencello coa

---

<sup>10</sup> Na lingua portuguesa *se* pode aparecer co infinitivo para marcar que o suxeito é indeterminado, fronte á lingua galega onde se utiliza neses casos un pronome indefinido “un” como persoal de indeterminación. No exemplo que colocamos aquí consideramos que non se adscribe a unha marca de impersonalidade xa que o suxeito é unha persoa concreta anunciada no discurso.



## Delimitación dos principais esquemas sintácticos

idea de movemento é dispar, o mesmo que o tipo de nexos que aparecen con estas unidades.

*Andar* lígase a complementos introducidos polas preposicións *a*, *con*, *de* e *en*. Con todos eles o verbo adquire o sentido de ‘traballar, ocuparse de’ e a preposición introduce o obxecto de ocupación.

*Este andaba con un coche ó pescado, qu’ era el pequeno* (REGT989).

*Fiz-me detective particular e andei uns anos ao serviço do Sr. Henry Ford* (L0085).

*Andaba cas ovelas, i andaba descalzo* (CACQUE986).

*-Anda lá com a tua vida...* (L0002).

*Andiven moito de canteiro* (REGTD989).

*-Acho que andarei de praticante uns dois anos* (L0342).

*Unhas veces sendo Alcalde, e outras remangando o sacho, sempre anduven na lidieira contra o partido atraizoado* (SEOLIB855).

*Unha vez era un zorro que andaba nas cirolas namenteras relampeaba* (CEFLUG963).

*Anda no bacalhau* (L0342).

Menos habituais son aqueles rexistros en que o complemento, introducido por *de* ou *con*, a acción refire un estado ou unha forma de actuar (I) ou aínda menos común é a presenza dun complemento introducido polo nexo *por* con que o verbo adquire o significado ‘ser coñecido como’ (II).

(I) *De cartos non andab’ alá gran cousa* (CACQUE986).

*-Toma ora, dálle arriba, e non andes con miocos* (LPXCON928).

*Falava apressada. Que quem andar com ditos por via da morte da cadela fora o Maltês* (L0095).

(II) *Armador Vila, que andaba por Pacheco* (PEAPES001).

Estas tres últimas estruturas no noso corpus só foron recollidas na lingua galega; ademais, en ningunha das obras lexicográficas consultadas aparecen como propias para o portugués. De todos os xeitos, a rexencia de preposición por parte de *andar* ten un uso parello entre idiomas no noso corpus: cobre o 13% dos rexistros en galego e o 16% en portugués.

*Pasar* combínase con tres dos cinco nexos con que aparece *andar*: *de*, *por* e *con*. Os significados e rexencias que presenta en cada lingua son diferentes e a noción de movemento aparece diluída con distinto grao segundo o caso. Se o verbo se

## Delimitación dos principais esquemas sintácticos

acompaña dun complemento introducido por *de*, encádrase na idea de superación non física sexa dun estado (I) ou dun asunto por non ser xa do interese de ninguén (II).

(I); *No ser! pra pílora pasabase de longa* (LAMGAL887)

(II) *Axude a este arredamento da mocidade que «pasa» de corpus e de flores* (PNR997).

Este tipo de construcións dáse, na base deste traballo, exclusivamente na lingua galega, pero en DHLP recóllese como unha construción propia tamén para o portugués.

Ser superior a ou exceder, superar, ultrapassar (*isso já passa dos limites*).

Pola contra, só foi rexistrada en portugués na base de datos do traballo a introdución dun complemento polo nexo *por* cun valor similar ó que ten esta figura xunto de *andar*. Neste caso o verbo *pasa* a significar ‘ser considerado ou coñecido como’.

*Não passam entre os seus conterrâneos senão por homens cujas virtudes foram reduzidas* (L0002).

Aínda que no corpus non aparece ningún caso con esta construción, recollémola no GDXLG, polo que nos encontramos cunha diferenza froito do corpus e non da propia estrutura lingüística.

Seguido da preposición *por*, ser considerado como (*sempre pasou por intelixente*).

Por último, tanto en galego coma en portugués apareceron exemplos de complementos introducidos por *con*. O verbo significa ‘amosar’ en galego (en portugués non o encontramos nin no corpus nin en fontes externas consultadas) (I); ou, tanto en galego coma en portugués, ‘conformarse con’ (II) ou ‘acontecer’ (III).

(I) *Dandose conta de que o galleguiño lle pasara cos cuartos por diante dos fociños sin darse conta* (PRICON958).

(II) *Había que pasar, co pan que se collera* (LCAFAL990).

*E se é vulgar um ligeiro a "diesel" ter 2000 de cilindrada, passa muito bem com apenas 90 cavalos* (J34913).

(III) *¿E coas vacas tamén lle pasaban casos deses?* (CACQUE986).

*¿que está a pasar coa xente?* (3nt993).

*O que se passou comigo não teve a ver com inadaptação ao futebol português* (J26163).

Neste último adoita convivir o esquema biactancial xunto da súa extensión cun OI ou cun locativo situacional.

## Delimitación dos principais esquemas sintácticos

A suma de todas estas opcións construtivas para *pasar* cobre unha porcentaxe menor de rexistros: en galego non alcanza o 2% e en portugués queda no 4%.

En definitiva, os verbos intransitivos deste subgrupo esixen, dunha forma minoritaria, a rexencia de determinados complementos preposicionais introducidos por nexos específicos á hora de adquirir sentidos moi concretos, habitualmente desvencellados da idea de movemento con desprazamento.

Internándonos agora nos EA intransitivos base destas unidades, vemos que hai unha serie de puntos en común entre si.

Xa vimos que con *atravesar*, sempre que o obxecto se explicita, o máis habitual é que o esquema sexa biactancial, estrutura ampliable cun circunstancial de modo, xa que o traxecto do desprazamento indíca semanticamente o OD. De estar elíptico o obxecto, o traxecto é a complementación máis común, pois con estes verbos son figuras que poden concorrer no plano do significado. A respecto das construcións transitivas de *parar* ou *andar*, os paralelismos construtivos son evidentes. Así xorden tres EA: un biactancial (S+P+OD) e a súa ampliación con especificacións modais; finalmente, a presenza do complemento de traxecto nun terceiro EA dependerá de que o obxecto cubra o rol semántico de móbil ou distancia espacial percorrida e non vía seguida; se o seu papel é locativo, a presenza do circunstancial é practicamente nula a pesar de non seren plenamente sinónimas as referencias semánticas. Pero estes dous verbos son maioritariamente intransitivos, polo que debemos observar a súa construción argumental coa ausencia do obxecto.

Para *andar*, obtemos catro EA nucleares intransitivos (véxase Táboa 105): esquema monoactancial, esquema con complementación modal, esquema con complementación locativa de traxecto e estrutura biactancial con explicitación dun locativo situacional. Ou sexa, constrúese dunha maneira parella á transitividade, sempre que o obxecto non se corresponda no ES cun rol locativo de lugar por onde.

A importancia da complementación modal para *andar* está na dobre natureza semántica e predicativa deste verbo. Por un lado, cando analizamos o significado de *andar*, observamos que pode funcionar como unha unidade focalizadora do traxecto –como se ve nos esquemas transitivos ou nos intransitivos complementados por un locativo de traxectoria– ou do modo en que se realiza o desprazamento, neste caso, continuo. Baixo esta segunda dimensión, a complementación máis habitual do verbo é, polo tanto, un circunstancial de modo ou un predicativo. Por outro lado, *andar* definímolos en capítulos anteriores como unha unidade que está a adquirir un funcionamento copulativo en

## Delimitación dos principais esquemas sintácticos

determinados contextos, o que xustifica a rexencia dun predicativo en boa parte das estruturas en que aparece.

<b>Andar</b>				
<b>EA</b>	<b>LG</b>		<b>LP</b>	
	<b>exemplo</b>	<b>%</b>	<b>exemplo</b>	<b>%</b>
S+P	<i>Berremos «erguete e anda»</i> (3nt590993).	18,25%	<i>Andem. E elas andam</i> (L0461).	17,5%
S+P+CLP	<i>Andiveron por Constitución, San Telmo, Praza de Maio, Retiro...</i> (NEIHIS968).	15,25%	<i>Foram andando pelo corredor</i> (L0095).	12%
S+P+PVO	<i>Pero daquela, o viño andaba más escaso</i> (LCAFAL990).	15%	<i>Havia de ser boa ama. Mas que lhe andassem direitas!</i> (L0443).	20,5%
S+P+CL	<i>¿Quién anda aí?</i> (VPOALM922).	11,5%	<i>O policía que anda na rua serve, actualmente, apenas para andar a passear a farda</i> (J35164).	15,25%
S+P+CM	<i>De xeito moi formal e tan buligueiro como si andivese de pé, a señora Fermína comenzou a aduanar</i> (BLABIO962).	8,75%	<i>Andar a pé é o que se pretende neste tipo de feiras</i> (J34788).	8,5%

**Táboa 105: EA de andar**

No referente ós complementos locativos, neste caso a orixe ou o destino dilúen o dominio que presentan nos grupos verbais anteriores e deixan paso ó traxecto e, en menor medida, a un locativo situacional. Nas construcións transitivas o obxecto pode desenvolver o rol semántico do traxecto; nas intransitivas o seu oco na estrutura semántica será cuberto por un circunstancial de lugar, converténdose nunha das complementacións máis habituais para *andar* e no locativo preferente. Fronte ó visto cos anteriores verbos de movemento con desprazamento, se para unha unidade verbal o traxecto é un dato fundamental, a súa elisión non é tan doada coma no caso da orixe ou do destino, xa que non coincide coas coordenadas espaciais en que se poida encontrar nese momento o emisor. Isto xustifica a alta porcentaxe de explicitación deste complemento con *andar*.

No referente ó locativo situacional, o mencionado funcionamento copulativo que defendemos para *andar* xustifica a maioría dos rexistros en que se especifica a situación dunha realidade. Nestes casos o verbo adoita afastarse da idea de movemento e o complemento situacional refire o asunto ou ámbito en que se produce un determinado proceso.

*Pasar*, sempre que non haxa un OD explícito, presenta tres EA: un monoactancial e dous biactanciais, un con locativo de traxectoria e outro con OI, sendo este segundo non nuclear en portugués. Poñemos en interrelación os EA biactancial transitivo e monoactancial intransitivo para explicar os desequilibrios entre linguas no referido ó EA sen complementación. Na lingua portuguesa a importancia do EA biactancial transitivo é maior ca na galega, mentres que en galego aparecen máis rexistros

## Delimitación dos principais esquemas sintácticos

monoactancias ca en portugués. En realidade, o que aquí se mostra é que a elisión de obxecto é máis posible na lingua galaica ca na lusa, xa que os esquemas monoactancias en grande medida son construcións transitivas con complemento elidido. É dicir, no uso no noso corpus de *pasar* a importancia da transitividade para as dúas linguas é parella coa salvidade de que en galego a elisión de obxecto é máis habitual.

<b>Passar</b>				
<b>EA</b>	<b>LG</b>		<b>LP</b>	
	<b>exemplo</b>	<b>%</b>	<b>exemplo</b>	<b>%</b>
S+P(r)	<i>Así que pasou a barca, dixolle ao vello</i> (PRICON958).	32%	<i>Sai-te p' ra lá, Lobo; passa Tirano!</i> (L0016).	21,5%
S+P(r)+CLP	<i>Cando Canosa pasa por unha parada de taxis recibe insultos e ameazas</i> (3nt993).	15,5%	<i>Por onde passavam os rebanhos transumantes</i> (J34890).	21%
S+P(r)+OI	<i>Pasaballe por diante, puñase a carón, quedabame atrás</i> (BLABIO962).	11%	<i>A "febre" do ciclismo passou para o seu fillo mais velho</i> (J42822).	0,5%

**Táboa 106: EA de *pasar***

Á súa vez, a existencia dun locativo de traxecto, tal e como explicamos con *andar*, está en estreito vencello coa ausencia de obxecto. Estes dous complementos sintácticos concorren entre si porque poden desenvolver un mesmo rol semántico: o traxecto do desprazamento. Esta é unha figura esixida pola gran maioría das construcións semánticas de *pasar*, polo que ou un ou outro deben explicitarse para cubrir ese oco informativo. Deste modo explícase a importancia deste circunstancial nas construcións intransitivas de *pasar*.

O terceiro esquema que definimos como referencial para *pasar* xorde como unha illa no contraste coas outras dúas unidades: a existencia dun OI como segunda figura dun esquema biactancial. No noso corpus é unha fórmula argumental propia da lingua galega, xa que na portuguesa se presenta como unha opción construtiva secundaria, ó igual que para os outros dous verbos do grupo nos dous idiomas. Mais a diverxencia no uso non se encontra no valor da unidade sintáctica. Este complemento especifica no plano do significado o afectado ou interesado da acción (I), o referente dun dos argumentos sintácticos (sexa o complemento locativo, o suxeito ou, en menor medida, o OD) (II) ou a dirección do movemento (unicamente con *pasar*) (III).

(I) *Que m'ha pasar?* (LCAFAL990).

*Isto foi de entrada e durante a viagem, porque depois foi-me passando a admiração* (L0028).

(II) *Sabe Dios cando me pasará outro por diante dos fociños* (LPXCON928).

*A sorte também sempre sorriera àqueles que lhe passaram pela frente na estrada* (J43584).

(III) *Un pasall'a pelota ó outro* (COSTDI986).

## Delimitación dos principais esquemas sintácticos

*As verei agitarem-se com um frufu lascivo, a passar-me a mostarda e a paixão!* (L0290).

É dicir, estamos ante un complemento que non entra en concorrencia co argumento *traxecto* e que se revela como un instrumento para a concreción referencial doutros elementos argumentais da construción. Esta figura ten un uso máis recorrente en galego no conxunto dos verbos de movemento (véxase cap. 7), o que xustifica o afastamento entre idiomas con *pasar*.

En resumo, *atravesar*, *pasar* e *andar*, como unidades focalizadoras da traxectoria do desprazamento, esixen na maior parte dos rexistros unha figura que especifique no plano do significado esa dimensión espacial. Mais a función sintáctica dese único rol semántico é diferente segundo esteamos ante construcións transitivas ou intransitivas. Mentres nas primeiras o obxecto cobre na maioría dos casos ese oco, nas intransitivas faino un CLP. Partindo deste punto, os paralelismos entre verbos e idiomas son numerosos dentro deste tipo de unidades, pero tamén xorden diferenzas relevantes situadas basicamente nas posibilidades de formulárense como verbos pronominais, na rexencia dun pronome reflexivo, na combinatoria cun pronome partícula discursiva, nas rexencias prepositivas e na predisposición para a combinación co OI.

Á súa vez, con *atravesar*, ó non rexer complementos preposicionais e ó funcionar o pronome *me*, *te*, *se*, *nos*, *vos* sempre como un obxecto reflexivo, as diverxencias entre linguas son practicamente nulas, o que choca coa situación recollida con *pasar* e *andar*, en que os puntos discordantes aumentan nos restantes aspectos referidos.

### 6.1.6. Modais, movemento continuo

No grupo anterior tratamos o funcionamento de *andar*, unidade que focaliza nuns casos o traxecto do desprazamento e noutros o modo continuo en que este se realiza. Esta segunda dimensión é a dominante nos verbos que revisaremos agora: *camiñar* e *correr*. Eles céntranse en especificar que o movemento se realiza sen interrupcións e cunha velocidade ou maneira determinada. Mais veremos que os paralelismos construtivos entre estes e os focalizadores do traxecto son os suficientes para xustificar a clasificación ponte que fixemos de *andar*.

*Correr* e *camiñar* son verbos primeiramente intransitivos, pero para os que, tal e como *andar*, a rexencia de obxecto é posible. Cos tres a transitividade significa unha opción construtiva secundaria, tanto en galego coma en portugués.

Amais do peso relativo da construción transitiva compartido, nas dúas linguas, por parte de *camiñar* e *correr* con *andar*, o funcionamento é tamén común para os tres lexemas nos

## Delimitación dos principais esquemas sintácticos

restantes aspectos vencellados coa presenza do obxecto. En primeiro lugar, coinciden nos roles semánticos que desenvolve o OD. Con sentido espacial indica o traxecto ou a distancia percorrida durante o desprazamento.

*Seus pés e súas maus lavou, Seu camiño camiñou* (LENETN940).

*Caminhamos mais de meia légua para oriente* (L0011).

*Currián tod'este barrio* (FRETGE985).

*Correu o Entrudo essas ruas* (L0486).

<b>construcións transitivas</b>				
verbo	LG		LP	
	exemplo	%	exemplo	%
Andar	<i>Aquilo é unha carretera que se podía andar</i> (PSATD1987).	6%	<i>Este andou bastante mundo</i> (L0289).	0,9%
Camiñar	<i>Países ou cidades estrañas e distantes Que outrora camiñei</i> (FORBAR002).	5%	<i>Teríamos caminhado uma milha, chegamos ao aduar do nosso guia</i> (L0011).	1,75%
Correr	<i>E levanteime, corrín medio quilómetro</i> (REGTD989).	12,5%	<i>E o que ele corria, léguas, sempre no mesmo passo?</i> (L0028).	12%

**Táboa 107: Transitividade cos VMM continuo**

Aínda que nestes casos o máis habitual sexa unha construción biactancial sen complementación ou, en tal caso, con modificación modal (por ter xa o obxecto un rol semántico locativo), é posible a convivencia do obxecto cun locativo de traxecto. No noso corpus só aparecen exemplos con *camiñar*, pero tamén o admite *correr*.

*Tinham agora de caminhar descalços seis léguas, por montes e vales* (L0486).

*Camiñei non sei cánto por Rivadavia* (NEIHIS968).

*Corri cerca de um quilómetro pelo mato espesso.* (J.C. Pádal (1996): 'Perdido na selva' en *Memórias de um caçador africano*. Lisboa: Meribéria Liber Editores.)

*Mamá estou moi cansa, corrín tanto polo monte!* (María Hermida (2004): 'Maruxa' en *La Voz de Galicia: Relatos 04*. V. 2413, p. 84. Arteixo, [10/08/04].)

Este encontro do OD con valor locativo e o complemento circunstancial de traxecto foi recollida con *andar* e nos tres verbos a situación é idéntica: as dúas unidades sintácticas poden compartir estrutura porque non se solapan no significado. O OD refire a distancia percorrida, mentres que o circunstancial a vía ou o espazo polo que se desenvolve o desprazamento para alcanzar o tramo indicado polo obxecto. Polo tanto, a non coincidencia do tipo de referencia para estas dúas unidades sintácticas (aínda que ambas se sitúan na idea de traxectoria) permite a súa acumulación.

Partindo da determinación da traxectoria espacial, o obxecto pode pasar a concretar a duración temporal en que se desenvolve a acción.

## Delimitación dos principais esquemas sintácticos

*O tío Ramón camiñou un bo anaco en silencio* (BLABIO962).

*Xa está un pouco obsoleto e non ten razón de ser nos tempos que corremos* (FOUENT990).

Na nosa base só aparecen exemplos nos corpus galegos, pero, tal e como *andar*, son opcións construtivas posibles tamén para o portugués.

*Caminhar a vida* (Ana Sousa (2008): ‘Caminhar a vida’ en *Suixinho*. <<http://suixinho.blogs.sapo.pt/9259>> [28/11/08]).

*Corro a vida, vou vivendo/ para lá da morte, é o meu destino.* (João Castela (1995): ‘Paisagem humanizada’ en *1000 imagens*. <<http://www.1000imagens.com>> [24/10/95]).

Fóra xa da indicación da traxectoria, o obxecto cobre o rol semántico de móbil do desprazamento (I) ou de paciente da acción, se esta non indica un movemento (II).

(I) *Ti tan forte eres que correlo ghato que com'o rato...* (FRETOC993).

*De maneira que os correu a todos...* (L0379).

*Contarei usos costumes e correrei as cortinas de casas* (PINGAI853).

*O observador correu a vidraça* (L0296).

(II) *Coas zocas fai un muito ruído, e corre, ademais, peligro de afogar os pés* (LPXCON928).

*Laborinho foi ofendido e, como se compreende, não ia correr o risco de o ser uma segunda vez* (J43909).

A construción causativa non é posible con *camiñar* (véxase cap. 3 e cap. 4). Pola contra, con *correr* é nos contextos en que o obxecto desenvolve o rol semántico de móbil ou paciente cando este xorde con máis normalidade xunto de complementos locativos, destacando o traxecto.

*Correu a mão por a frente* (L0432).

*Tamén se correu pola aldea que a Xinoveva a mór das fillas tivera que ver co hóspede* (OPEMAO928).

Deste modo, observamos que a transitividade ten un comportamento paralelo dentro deste subgrupo de verbos e, á súa vez, interlígase ó anterior, especialmente a través de *andar*. Con todos eles as dimensións polas que se move este complemento son dúas, ou refire o traxecto do desprazamento ou o que o experimenta (coa excepción de *camiñar*). É dicir, a partir do valor locativo que pode adquirir o obxecto, comprobamos que *camiñar* e *correr*, aínda que indican un tipo de movemento específico (continuo), na focalización dunha referencia da liña espacial escollen o traxecto, do mesmo modo que *andar*.



Outro espazo de coincidencia entre os verbos que escollemos de mostra deste grupo verbal e *andar* é a posibilidade de combinatoria co pronome partícula discursiva. O uso desta partícula é moi pouco habitual con todos; no noso corpus nin en *camiñar* nin en *correr* alcanza en ningún caso o 1%. De todos os xeitos, funciona da mesma maneira có visto nos restantes grupos semánticos. Modaliza a mensaxe para focalizar o suxeito da acción, xa que será o desencadeante das consecuencias do proceso ou o que está máis interesado no seu desenvolvemento; é dicir, refórzase este elemento cun sema de [+control] sobre a acción.

*Quen desprocatado se camiña fiando ter na man a súa sorte verá...* (PINGAI853).

*Non hai quen as aguante con tanto lavar; si branquea, non podes con ela, de orgullosa que está non hai coadas com' s súas; si non sucede esto, é peor; que si o cubilote está roto, que si perde a lexía, que si se correo a bogada* (LPXCON928).

*Moça da rua dos Mercadores, por quem os peralvilhos da cidade se não corriam de andar rivalizando* (L0297).

Por conseguinte, non estamos ante unha partícula sintáctica, senón discursiva que actúa como guía da interpretación da mensaxe.

Finalmente, aínda que non hai ningún rexistro na nosa base con *camiñar* e poucos con *correr* (o 2% dos rexistros do corpus galego e o 0,1% do portugués), imos achegarnos a aquelas construcións en que o verbo aparece xunto dun determinado nexo prepositivo co que mantén un estreito vencello. Aquí debemos diferenciar dúas posibles situacións: a marcación do OD cunha preposición e a rexencia dun complemento preposicional.

Co obxecto introducido pola preposición *en* contéplase a acción como un acto durativo, reiterado e non acabado.

*En cambio estoutras non paran con el correndo nas moscas, que as volven tolas* (LPXCON928).

Esta situación entra na capacidade que teñen outros verbos de admitir

complementos con preposición que engaden significados aspectuais de diversos tipos, sobre todo atinxentes á rapidez no desenvolvemento ou á precipitación na fin da acción (Álvarez e Xove, 2002: 100).

O mesmo tipo de situación e valor ten a presenza do nexo prepositivo *con* xunto do obxecto de *correr* en lingua portuguesa. Neste caso o verbo desenvolve a idea de ‘expulsar’ e pode presentar unha construción transitiva con ou sen nexo prepositivo.

## Delimitación dos principais esquemas sintácticos

*Armando Vara, o novo ministro-adjunto, mal soube que ia substituir Sócrates, correu com as bizarras e decorou o gabinete a preceito (J43579).*

*Mas os dois rapazes comezaron a rir... De maneira que os correu a todos... (L0379).*

O OD refire o móbil da acción, pero a presenza da preposición reforza a perspectiva durativa desta unidade.

Situación diferente é a recollida naqueles casos en que o complemento se une ó verbo a través de *con* e adquire a idea de ‘estar alguén ó cargo de algo que se expresa’; ou con *de* e pasa a significar ‘ter apuro, serlle urxente algo a alguén’.

*O Concello da Coruña corre coa conta grande dos gastos da Orquestra (3nt993).*

*Eu é que vou correr com esta demanda por muitas razões (L0297).*

*Moça da rua dos Mercadores, por quem os peralvilhos da cidade se não corriam de andar rivalizando (L0297).*

Nestes casos o verbo rexe as referidas preposicións para adquirir novos sentidos, de maneira que funcionan como complementos prepositivos argumentais neses contextos semánticos.

Mais o funcionamento base de *andar*, *camiñar* e *correr* é intransitivo. O primeiro deles, formúlase baixo cinco EA que revelan tres comportamentos diferentes do verbo: ora como unidade focalizadora do traxecto (*anda pola casa*), ora como verbo de maneira de moverse (*anda con moito estilo*) e ora como unidade copulativa (*anda contento*). No caso de *camiñar* e *correr* a súa diversidade argumental reproduce o paralelismo entre os verbos de movemento continuo e os focalizados no traxecto.

Tanto *correr* coma *camiñar* son verbos que describen de seu un modo de moverse e este é o aspecto central; por conseguinte, as referencias espaciais son secundarias para o seu EA. Isto supón que a súa construción sintáctica non require ningún complemento diferente do suxeito ou, de xurdir algún, este será de natureza modal: un CM (véxase Táboa 108 e Táboa 109 ) ou un PVO.

*Eu berreille a Pepe que parecía camiñar moi distraído (VPOALM922).*

*Ele caminhava grave e vaidoso (L0299).*

*Ti eres A causa de qu'eu corra desprezada (IGLFON882).*

*Corria agarrado aos seus cabelos (L0299).*

Cando o verbo *correr* abandona a noción de movemento (acepción 14), a rexencia deste tipo de argumentos traduce un funcionamento próximo ó copulativo.

## Delimitación dos principais esquemas sintácticos

*Pra qu'a vida do fogar poida correr leda e mansamente* (RISMIT934).

*As coisas no ano passado não correram bem* (J43223).

O seu uso é moito máis común en portugués (véxase Anexo V), xa que no seu lugar en galego prefírese o verbo *pasar*, o que xustifica o desequilibrio de cada un destes EA no noso corpus de traballo.

<b>Camiñar</b>				
<b>EA</b>	<b>LG</b>		<b>LP</b>	
	<b>exemplo</b>	<b>%</b>	<b>exemplo</b>	<b>%</b>
S+P	<i>Non lle fixen caso. Seguín camiñando</i> (NEIHIS968).	41%	<i>Pensando em turbilhão, mas sem pensar em nada, caminhando, caminhando</i> (L0717).	14,5%
S+P+CM/PVO	<i>Camiñei máis a présa</i> (FOLLUS953).	18%	<i>Por baixo de toda a folha, se sentia o roçar de gente que caminhava em silêncio</i> (L0299).	25,5%
S+P+CLP	<i>Envolto nela, montou e camiñaron pola vila enneboirada</i> (OPEMAO928).	9,5%	<i>Caminhámos pelas ruas já desertas</i> (L0011).	12,5%
S+P+CLD	<i>A continuación, debían camiña-los congregados cara ó outro outeiro</i> (PNR997).	18%	<i>E, caminhando para a urna, parou defronte dela</i> (L0016).	19%

**Táboa 108: EA de camiñar**

<b>Correr</b>				
<b>EA</b>	<b>LG</b>		<b>LP</b>	
	<b>exemplo</b>	<b>%</b>	<b>exemplo</b>	<b>%</b>
S+P	<i>A par da vía víase algo que fumejava. Botei a correr</i> (BLABIO962).	42%	<i>Voltou a correr o lobo</i> (L0583).	32,5%
S+P+CM/PVO	<i>Corría coas maos na cabeza dando ao vento as faldras do fraque</i> (MEFARR991).	15,5%	<i>Alguém com certeza a tinha visto correr de rabo entre as pernas</i> (L0468).	28%
S+P+CLP	<i>E correr polas hortas e prados, Onde leda pasou miña infancia</i> (AONPOE878).	8%	<i>Vem aí o canzarrão - exclamou Guedelhas, correndo por entre as árvores</i> (L0453).	3%
S+P+CL	<i>¡Corra o meu no bendito altar da patria!</i> (CABMAR926).	3,25%	<i>Foi examinada pelos médicos, que afirmaram não existir impedimentos para Wurz correr em Hungaroring</i> (J42250).	14%
S+P+CLD	<i>E a meniña correu ao faiado</i> (MEFARR991).	4%	<i>Corri para a janela, e vi o recepcionista</i> (J35300).	9,5%

**Táboa 109: EA de correr**

Por último, restan os esquemas biactancias en que o verbo se acompaña dun complemento locativo. Destacamos nestes casos a alta presenza da indicación do traxecto do desprazamento. Este aparece cun uso similar ó locativo de destino. O feito de que o traxecto sexa un locativo referente para estes verbos ponos en paralelo con *andar*: neste verbo a especificación da traxectoria do desprazamento comparte importancia de uso coa do modo en que se realiza a acción; polo tanto, a dobre opción non é exclusiva del, xa que nas unidades que refiren un movemento continuo é unha posibilidade construtiva común. É dicir, aínda que estas unidades describen

fundamentalmente unha maneira concreta de realizar a acción, iso non significa que deixen de ser unidades direccionais na horizontalidade. En realidade, o modo en que se desenvolve o desprazamento vén determinado polo propio corpo semántico verbal, polo que, se non se precisa máis información cá carretada polo lexema, as posibilidades de apareceren concretadas referencias espaciais son maiores. Ademais, o tipo de movemento que describen é continuo, polo que se explica que haxa unha alta compatibilidade coa especificación do lugar por onde se desenvolve ese movemento sen interrupción. O destino é unha referencia espacial destacada para todos os verbos de movemento –é importante saber cara a onde se vai cando hai un desprazamento–, pero non acontece o mesmo coa traxectoria. Ata o de agora os únicos lexemas que teñen unha relación argumental con esta figura son os focalizados na traxectoria e os indicadores dun movemento continuo, polo que se comproba que estes dous grupos están estreitamente ligados e que o caso de *andar* non é unha excepción.

A respecto do locativo situacional, xunto destas unidades, ten un valor próximo ó circunstancial de lugar por onde, xa que indica a localización en que se vai desenvolver o desprazamento, singularmente cando é unha carreira. Isto xustifica o uso argumental deste complemento para *correr*.

Por todo o visto podemos achegar unha serie de conclusións xerais reveladoras do funcionamento dos verbos focalizadores dun modo continuo de realizarse o desprazamento. En primeiro lugar, destacamos o paralelismo no funcionamento de *camiñar*, *correr* e *andar*. A presenza nos corpus e o valor do OD, o funcionamento destes verbos xunto dun pronome partícula discursiva e os EA máis habituais son todos aspectos compartidos por estes tres verbos, algo que, atendendo a dobre clasificación que fixemos de *andar*, parecería non esperable. Mais aquí está a segunda conclusión que queremos presentar: o comportamento sintáctico destes tres verbos, aínda non sendo idéntico, amosa moitos paralelismos con aqueles que focalizan a traxectoria do desprazamento. Semanticamente é comprensible: un movemento continuo non destaca nin o punto de partida nin de chegada, senón o seu desenvolvemento. Deste modo, esta é unha figura locativa máis común con este grupo verbal ca para as unidades focalizadoras do punto de partida ou de chegada e do que vai ser, como veremos, cos restantes grupos de maneira de moverse. Por outra banda, e como un trazo máis para confirmar a referida preferencia locativa, observamos que

nos escasos rexistros transitivos destes verbos, o obxecto concorre co locativo de traxecto, de modo que se non se explicita o circunstancial o seu oco semántico será ocupado polo OD. Este presenta como referente espacial só o Tr, quedando vetadas as outras indicacións de lugar.

En conclusión, *andar*, situándoo como ponte entre estes dous subgrupos, reflicte un funcionamento que aparece nas tres unidades aquí analizadas. O modo en que se desenvolve a acción é importante, mais como unidades de movemento focalizan, na liña espacial, a traxectoria, é dicir, definen o seu movemento como atélico.

### 6.1.7. Modais, movemento reverxente

Continuamos neste grupo cos verbos centrados no modo en que se desenvolve o desprazamento; neste caso é reverxente, quérese dicir, hai un retorno a un lugar en que xa se estivo antes. Antes de internarnos nos EA deste tipo de VMM, imos tratar a transitividade.

construcións transitivas				
verbo	LG		LP	
	exemplo	%	exemplo	%
Tornar	<i>Un axitamento que fixo pular a un tempo tudo seu corpo na cadeira, tornouno á realidade (ALSCON955).</i>	23%	<i>Glòrinha mal tornou os olhos e prossegiu com a costura (L0284).</i>	20%
Voltar	<i>Non cavilou no feito de que é a autora a que volta a cabeza atrás (PATNIN996).</i>	2%	<i>Arranja lugar junto à janela e volta para o vidro o rosto pensativo (L0416).</i>	11%
Volver	<i>Como cantou o poeta, vol'os ollos i o corazón ó fogar (PORDIS916).</i>	14%	<i>Elrei volveu olhos lentos para um e outro lado (L0215).</i>	7%

Táboa 110: Transitividade cos VMM reverxente

Aínda que *tornar*, *voltar* e *volver* son unidades en que comparten espazo construcións transitivas e intransitivas, existe unha diferenza de comportamento entre verbos e entre linguas. A xustificación desa diverxencia encóntrase, por unha banda, no significado do lexema e, pola outra, no seu hábito de uso, feitos que, á súa vez, están estreitamente vencellados. Segundo diminúe o peso das acepcións vencelladas co movemento con desprazamento, aumenta proporcionalmente a importancia da transitividade para a unidade. Nos tres lexemas que estamos a analizar, a partir dos datos presentados no capítulo 4, podemos establecer a seguinte escala representativa da importancia dos sentidos sen idea de movemento no plano físico: *tornar* > *volver* > *voltar*. Por outro lado, o hábito de uso dun determinado lexema reverxente condiciona a súa variabilidade construtiva, de modo que a maior presenza correspóndelle maior

diversidade de estruturas. A escala de uso lembremos que segue a xerarquía: *voltar* (en LP) e *volver* (en LG) > *tornar* > *voltar* (en LG) e *volver* (en LP).

Combinando estas dúas propiedades podemos predicir como é o comportamento da transitividade con estes verbos. Debido ó peso dos significados non indicadores dun movemento con desprazamento (supera en todos os corpus o 60% dos rexistros), en *tornar* a transitividade ten unha compatibilidade global porcentualmente maior ca nos outros dous. No que se refire a *voltar* e *volver*, a distribución da transitividade vén dada pola combinatoria das dúas propiedades referidas: *volver* conta cunha maior presenza do obxecto, froito do seu corpo semántico; pero, na oralidade, o escaso uso que ten este verbo no portugués e *voltar* en galego, explican a ausencia na nosa base de datos de estruturas transitivas nestes casos (véxase Anexo VI). A explicación desa especial sensibilidade da oralidade sitúase en que neste ámbito comunicativo, ó contar o emisor con menos tempo de reflexión, as unidades tenden a aparecer cos seus sentidos prototípicos ou primeiros e tamén coas construcións que lles son máis recorrentes; ou sexa, reflicte o funcionamento base dunha lingua. Deste modo, se un determinado lexema é pouco habitual ou conta con certos sentidos ou construcións moi anovadoras ou secundarias, estes teñen moitas menos opcións de aparecer en contextos non escritos informais<sup>11</sup>.

Minoritariamente, a construción transitiva con estes verbos pode ser reflexiva, isto é, o obxecto pode estar ocupado por un pronome reflexivo. Este contexto sintáctico debe ser diferenciado doutros dous onde este pronome non ten un rol sintáctico xa que funciona como formante léxico ou partícula discursiva.

Nas dúas linguas e cos tres verbos deste grupo, sempre que aparece este pronome colocámonos en dúas dimensións semánticas base: a mudanza de estado ou o cambio de posición.

Co primeiro macrosentido, o funcionamento do pronome é de formante léxico, isto é, o verbo presenta unha construción pronominal.

*Un día tivera ledicia da nenez, calor de nai, e que agora se lle tornarían duros rochedos contra os cales viríase a esnaquizar* (ALSCON955).

*Uma arrelia de cozinha, numa doença demorada, a quem se há-de tornar senão à família do Honório, à companhia da Laurinha?* (L0045).

---

<sup>11</sup> As fontes orais do noso corpus adscribíense fundamentalmente á coloquialidade (véxase cap. 2).

## Delimitación dos principais esquemas sintácticos

*Ao poñelas sobor do peito do seu pai, a rosa roxa voltouse branca ao soio contacto de aquilo corpo purificado* (ALSCON955).

*Mostrar seus males, senão que também se lhes volte em asco a caridade* (L0460).

*Estábamos aí todos, aquela muller volvíase parva* (COSTDI986).

*O meu mundo interior ampliou-se -volveu-se infinito, e hora a hora se excede!* (L0707).

Baixo esta mesma dimensión de significado, atopamos construcións transitivas con obxecto non reflexivo no noso corpus con *tornar*, nas dúas linguas, e *volver* só en galego, pero en fontes alleas tamén encontramos esta construción para *voltar* no idioma galego.

*Por máis que fortifiques o íntimo castelo Que ampara e torna immune robusto corazón* (FORBAR002).

*Tentam voltar a tornar visível a cobaia* (J39013).

*Cada herba volve tolo ao máis discreto* (PINGAI853).

*O tipo voltou tola el só a toda a defensa do Zaragoza* (Efcarrasco: <<http://comunidad.celeste.org>> [22/04/07]).

Con *voltar* e *volver* en portugués, non rexistramos ningún exemplo nas fontes consultadas polo que podemos concluír que son, se non incompatibles con estes verbos neste idioma, unha opción construtiva con importancia de uso moi reducida. O feito de xurdiren estruturas con OD non reflexivo non quere dicir que o funcionamento do pronome *me*, *te*, *se*, *nos*, *vos* sexa reflexivo. A interpretación semántica é diferente en cada un dos casos, xa que a aparición do formante léxico trae consigo que non se explicita a causa ou causante da acción, o que fai que a eliminación do pronome converta a estrutura en agramatical. O suxeito é o experimentador e a estrutura é formalmente activa. Deste modo optamos polo tratamento pronominal deste tipo de construcións, tal e como o fan o DRAG e o DHLP ó revisar as acepcións dos tres verbos que se corresponden con estas construcións.

O funcionamento do pronome muda cando nos situamos na segunda dimensión de significado, ó presentar os verbos o sentido ‘xirar’. Tanto o DHLP coma o DRAG consideran que o pronome forma parte dunha construción transitiva con OD reflexivo. Volvemos recoller nos corpus estruturas con OD de diferente referente ó suxeito (I) e con pronome reflexivo (II), pero aquí non observamos mudanza de sentido nos verbos para defender a consideración pronominal destas estruturas, polo que tal e como indican as obras lexicográficas referidas, estamos ante un pronome reflexivo.

(I) *Volvín a testa e vín que o Papa choraba* (CURDIV888).

*Henrique volveu o olhar para o auditório* (L0016).

*Turnaban a iaugha, pra que fose pro, pos reghos* (FRETCE993).

*Glòrinha mal tornou os olhos e prosseguiu com a costura* (L0284).

## Delimitación dos principais esquemas sintácticos

*É a autora a que volta a cabeza atrás* (PATNIN996).

*Aqui e ali os suspiros dela, voltando as folhas* (L0450).

(II) *Adoecido volvese á multitud* (PORDIS916).

*-Xa te avisarei -respondeu sin se voltar* (BLABIO962).

*Todos se volveram para Michaux* (L0019).

Con *voltar*, na lingua portuguesa, e *volver*, na galega, no noso corpus non hai ningún exemplo deste tipo de construción. Esa limitación é produto da propia base, xa que xorden noutras fontes externas.

*João Carlos tomou um gole de vinho, voltou-se para todos e disse* (Hosmany Ramos (2002): *Seqüestro sangrento*. São Paulo: Geração Editorial.).

*Nadaba un pouco e logo tornábase cara ao ceo, ollando o follaxe dos castiñeiros* (Eduardo Moreiras (1972): *Follas de vagar*. Xornal. Vigo: Galaxia.).

Pola contra, con *tornar*, na lingua portuguesa, amais de non aparecer ningún exemplo paralelo na nosa base, tampouco o encontramos fóra dela. Deste modo podemos concluír que *tornar*, neste idioma, só presenta a construción pronominal baixo o sentido ‘mudanza de estado’, onde o pronome funciona como un formante léxico, mentres que a construción con pronome reflexivo lle é allea.

Para concluír con este morfema gramatical, debemos tratar un terceiro contexto. O DHLP formula para *tornar* a posibilidade de funcionar como un construto pronominal dentro do campo semántico de cambio de posición. Recollemos exemplos desta construción nas dúas linguas e para os tres verbos, coa excepción de *volver* en portugués.

*Logo de chegar á España Añón Tornouse ó comando da súa Santa Compañía* (CURDIV888).

*Tornei-me para casa muito contente por haver bem negociado* (L0011).

*En fin, que non é posible voltarse atrás* (PNR997).

*Conde de Paris tem massa, e o povo dorminhoco ainda agora se voltou pr' ò outro lado* (L0460).

*Escurricha no diñeiro de San Pedro toda túa honrada probeza, e volveráste prá casa, nobre e santo, nunha peza* (CURDIV888).

Neste contexto a presenza do pronome é redundante, en primeiro lugar, porque especifica unha información dada polo suxeito da oración e, en segundo, porque é gramatical a súa elisión, como mostran os seguintes exemplos en que os verbos teñen o mesmo significado, pero non se combinan con ningún pronome.

*Tornei, cangado de anos, ao xardín de San Carlos* (3nt993).

*Torna à mesma poisada em cata da sua herança* (L0028).

*Cando voltei a Esperantes non estaba Arxemiro* (FOLLUS953).

*Esta noite, Eddie Vedder e seus pares voltam a Portugal para um concerto no Estádio do Restelo* (J60772).

*Non o quixeron recibir e volveu a Ourense cã bolsa baleira* (OPEMAO928).

*O rapaz volveu à cama* (L0284).



Ademais o feito de aparecer non trae consigo un novo sentido para o verbo, polo que nós defendemos que o funcionamento deste pronome se sitúa no nivel discursivo. Con el focalízase o interese do suxeito na acción referida sempre a un movemento con desprazamento. En definitiva, o pronome é unha partícula discursiva que reforza a idea de [+control] que caracterizamos como un dos seus valores xunto dos VM (véxase apartado 6.1.).

Deste modo concluímos que este pronome pode desenvolver tres roles distintos ó igual que foi recollido para os restantes grupos de verbos de movemento con desprazamento: funciona como un formante léxico nunha construción pronominal, como un pronome reflexivo que ocupa o rol de OD ou como unha partícula discursiva que reforza a idea de [+control] sobre a acción por parte do suxeito.

En definitiva, a rexencia de obxecto é unha opción construtiva para os tres verbos, pero, sumando as construcións con OD e con pronome reflexivo con función de obxecto, encontrámonos con que seguen unha xerarquía de predisposición cara á transitividade. No cume da escala encóntrase *tornar*, nunha posición intermedia está *volver* en lingua galega e *voltar* na portuguesa e no extremo sitúanse *volver* na lingua lusa e *voltar* na galaica. De maneira que a presenza do obxecto se condiciona polos dous principios reguladores da transitividade que formulamos: o desvencello semántico co desprazamento físico e a amplitude de uso de cada un dos lexemas en cadanseu idioma.

A respecto dos EA destes verbos, hai tres trazos que nos axudarán a encadrar o funcionamento xenérico destas unidades. En primeiro lugar, este grupo especifica de seu un modo determinado de movemento, por conseguinte, o EA monoactancial intransitivo ou biactancial transitivo son fórmulas comúns para todos eles; polo outro, tamén focalizan o espazo final ó que se vai retornar, de maneira que o circunstancial de destino é tamén unha figura nuclear para o grupo; finalmente, ó seren unidades de modo de moverse, os complementos de natureza modal contan tamén cun uso preferente, aínda que en moitos casos estes complementos adquireos o verbo ó abandonar a dimensión espacial e ó pasar a describir unha transformación ou cambio na natureza de algo ou alguén. Imos agora revisar a relación de cada verbo con cada unha destas propostas de construción.

Con *tornar* a distribución destas tres opcións é diferente segundo esteamos ante unha construción transitiva, pronominal ou intransitiva. Mentres nas construcións intransitivas a complementación dominante é a locativa de destino, xunto do obxecto e a pronominal, de haber algún argumento diferente ó suxeito e ó obxecto, será preferente un modal. A xustificación desta situación está no significado do verbo (e non no rol semántico do

## Delimitación dos principais esquemas sintácticos

obxecto, como vimos noutros lexemas) nas construcións transitivas e tamén na pronominal: de referir un movemento é absoluto, polo que a referencia de dirección é innecesaria ou predicible, pero o máis común é que describa un estado, polo que a indicación locativa non ten cabida.

<b>Tornar</b>				
<b>EA</b>	<b>LG</b>		<b>LP</b>	
	<b>exemplo</b>	<b>%</b>	<b>exemplo</b>	<b>%</b>
S+P	<i>Un que vai e que torna, outro que pasa</i> (CABMAR926).	14%	<i>Era a reflexión que as acordava... aquela vinha espontânea; era repelida, e tornava, e tornava</i> (L0003).	6%
S+P+CLD	<i>Ambos perseguidores tornan pra as súas casas</i> (PRICON958).	20,5%	<i>Eu para a praça não torno</i> (L0289).	16%
S+P+OD	<i>As moscas molestanlle moito. Ás veces pón o pano na cabeza para tornalas</i> (CSRVEN981).	12%	<i>Glòrinha mal tornou os olhos e prosseguiu com a costura</i> (L0284).	0,5%
S+P+OD+PVO	<i>Dos bos modales por diante e da navallada por detrás, que tornan a todos os políticos iguais</i> (3nt993).	3%	<i>Detectar um problema desta gravidade num exame de rotina torna a recuperação relativamente fácil</i> (J26082).	16%
S+Pr+PVO	<i>A brasa a cinza emerxía aquela ferida e tornabase irrealidade a vida</i> (PATNIN996).	17%	<i>O que se torna um desperdício</i> (J60219).	44,5%

**Táboa 111: EA de tornar**

Con *voltar*, tanto en galego coma en portugués, o EA base, independentemente da presenza ou non dun obxecto, é aquel en que xorde un locativo de destino. O afastamento con *tornar* débese ó tipo de significados que adoita adquirir o lexema con construción transitiva. Co primeiro dominan os sentidos vencellados coa idea de mudanza de estado, do tipo ‘facen alguén ou algo que outro algo ou alguén deixe de ser dunha maneira para ser doutra’; pola contra, con *voltar* na gran maioría dos rexistros con obxecto o verbo indica un movemento físico, cun destino determinado (‘xirar cara a, facer alguén ou algo xirar unha cousa en calquera sentido, cambiándoa de posición’), polo que a indicación locativa pasa a ser central.

*Fernando voltou a cara para tras* (MEFARR991).

*No momento em que volta a cabeça para trás* (L0009).

Cun uso relativamente próximo encontramos o EA monoactancial non transitivo que define o verbo como descriptor dun movemento que inclúe de seu unha maneira de realizarse e un lugar de chegada presumible polo contexto comunicativo.

A partir do noso corpus de traballo (véxase Anexo VI), xorde na lingua galega unha construción cun uso relevante (15% dos rexistros) que, aínda que tamén recollida en portugués, non o está coa mesma importancia no conxunto (cobre o 2% dos rexistros). É

## Delimitación dos principais esquemas sintácticos

unha estrutura en que o circunstancial de lugar de chegada lle cede o seu oco nuclear a un de orixe.

*El Rei vello non voltou de Bohemia* (CUNHAM958).

*Pizzi ainda não voltou da Argentina* (J34972).

Esta estrutura sintáctica é unha ampliación da construción cun circunstancial de destino: a orixe trae consigo ou sobreentende un destino para o regreso que xa non é preciso especificar. Semanticamente, *voltar* é un verbo que se move fundamentalmente na idea de desprazamento, fronte a *volver* e, singularmente, a *tornar*, para os que os sentidos metafóricos son máis comúns. Isto xustifica que as ampliacións do EA base con circunstancial de destino sexan máis usadas para este verbo.

<b>Voltar</b>					
<b>EA</b>	<b>LG</b>			<b>LP</b>	
	<b>exemplo</b>		<b>%</b>	<b>exemplo</b>	<b>%</b>
S+P	<i>Ó voltar, perguntoull'o lobo</i> (LENETN940).		25%	<i>Ninguém sabe quando Laetitia volta</i> (J43949).	20%
S+P+CLD	<i>Non podería voltar a súa casa</i> (ALSCON955).		34%	<i>Volta ao rebanho, Ruça!</i> (L0583).	42%

**Táboa 112: EA de *voltar***

*Volver* é un verbo cunha presenza moi reducida na lingua portuguesa. Unha mostra é o corpus oral desta lingua: nel non recolleemos ningún exemplo con este verbo. Esta limitación de uso non ten practicamente consecuencias no contraste dos EA nucleares do verbo en galego e en portugués.

Na lingua galega a definición sintáctica que demos de *voltar* sérvenos para describir os EA de *volver*. Formúlanse dúas construcións como base: un esquema monoactancial intransitivo e un biactancial cun argumento circunstancial de destino. No primeiro EA o verbo describe un movemento focalizado na súa natureza reverxente cun destino predicible; no segundo tamén se focaliza unha referencia espacial. Este último EA conta cunha versión intransitiva e cunha transitiva (véxase táboa 113). A combinación deste locativo xunto do obxecto é o EA transitivo máis recorrente para *volver*, e tal como acontecía con *voltar* a explicación encóntrase no tipo de significado que o verbo adquire cando rexe OD.

No idioma portugués, cando a construción de *volver* é transitiva con OD explícito, o funcionamento non diverxe co recollido para o galego no mesmo verbo ou, para os dous idiomas, con *voltar*: o obxecto tende a acompañarse dun locativo de destino. A situación muda cando o OD se elide. Neste caso xorde un EA nuclear biactancial con rexencia dun complemento modal. O verbo desenvolve o significado ‘responder ou oporlle alguén

## Delimitación dos principais esquemas sintácticos

unha opinión con outra a outro alguén'; nestes casos o lexema funciona como un verbo dicendi que contextualiza o acabado de dicir, ou sexa, o referente do OD do verbo.

*Sabes tu que mais? -volveu Simão já enfiado (L0297).*

No exemplo anterior, o discurso directo '*sabes tu que mais?*' é o referente do obxecto de *volver*, o que parafraseando sería '*volveulle esa resposta*', pero que para evitar un caso de redundancia se elide. Deste modo explícase que a complementación sexa fundamentalmente modal; son contextos transitivos en que o verbo non refire un movemento con desprazamento, polo que se comportan segundo a pauta que describimos nestas páxinas a respecto de *tornar* nese mesmo ámbito semántico-sintáctico.

<b>Volver</b>				
<b>EA</b>	<b>LG</b>		<b>LP</b>	
	<b>exemplo</b>	<b>%</b>	<b>exemplo</b>	<b>%</b>
S+P	<i>Anque volvedes vosoutros, que non volva eso (REGTD989).</i>	36%	<i>Afastava-se, volvia e tornava a marrar ali (L0019).</i>	22,5%
S+P+CLD	<i>E volvemos á casa (LCAFAL990).</i>	16,25%	<i>O rapaz volveu à cama (L0284).</i>	15%
S+P+PVO	<i>Se chovera xa volvías negro por dentro (OCHGRO994).</i>	1%	<i>E atreveu-se a procurar um hotel honesto! - volveu a outra encolerizada (L0728).</i>	16,5%
S+P+OD+CLD	<i>O escribano, que oía, foi correndo volver os cen ducados ó sitio (CEFLUG963).</i>	9%	<i>Elrei volveu olhos lentos para um e outro lado e disse (L0215).</i>	16%

**Táboa 113: EA de *volver***

Para finalizar coa revisión sintáctica dos verbos reverxentes, imos internarnos nunha construción secundaria, pero relevante para o contraste cos restantes grupos semánticos de movemento con desprazamento: a rexencia prepositiva. Ó presentar determinados sentidos, sempre fóra da dimensión de movemento con desprazamento, esixen a presenza dun complemento preposicional. O número de rexistros en que recollemos este tipo de construcións é moi reducido: en lingua galega movémonos dende o 2% do corpus de *voltar* ata o 4% de *tornar* e en portugués mantéñense os mesmos verbos como puntos extremos cunhas porcentaxes de uso do 0,25% e do 5% respectivamente. As preposicións rexidas por estes verbos son: *en*, *con*, *de* e *por*. Con cada unha delas o verbo adquire un sentido propio.

Con *en*, o argumento especifica o estado novo alcanzado por unha realidade en transformación. Deste modo, a frase preposicional concorre por cubrir ese oco semántico con outros dous tipos de unidades: frases adxectivas [*Sei que en tempo de festa a vida se torna extraordinaria (3nt993).*] e frases nominais [*Os que viven torpemente volvense todos borralla (PINGAI853).*]. A aparición do nexa *en* é propia da construción pronominal do verbo. No corpus recolléronse rexistros con *tornar* e, só en lingua galega, con *volver*, pero cos outros verbos e nas dúas linguas recollemos exemplos en fontes

## Delimitación dos principais esquemas sintácticos

alleas ás nosas bases, polo que son opcións construtivas posibles para os tres lexemas e os dous idiomas).

*As augas cristalinas do regueiro tornaronse nunha poza de rans* (ALSCON955).

*Tentar uma conversa decisiva com Catarina, que desde a noite da festa se lhe tornara numa obsessão* (L0494).

*Non facía máis ca estar mirando sempre pra o pan, oservou que se volvía en sangue e comprendeu que algunha cousa mala ía pasar* (PRICON958).

*Achei Anica na fonte/ lavando sobre uma pedra/mais corrente, que a mesma água,/ mais limpa, que a fonte mesma. / Salvei-a, achei-a cortês, / falei-a, achei-a discreta / namorei-a, achei-a dura, / queixei-me, voltou-se em penha* (Gregório de Matos: ‘Anica’ en *Obra poética*. Record, Rio de Janeiro, 1992<sup>3</sup>).

*A faculdade de retenção voltou-se em genuíno direito de retenção* (Bernardino Santos (2008): *Acórdão do Supremo Tribunal de Justiça*. <<http://www.dgsi.pt/jstj.nsf/954f0ce6ad9dd8b980256b5f003fa814/1a8184131cfea65b8025750f0033od2a?OpenDocument>> [27/11/08].)

*Pero coma sempre pasa nas películas, no momento máis inesperado, a brisa mariña voltouse nun ciclón de furia* (<<http://ausencias.wikispaces.com/Aqu%C3%AD+nadie+es+Ahab>> [07/05/07]).

Rexistramos dous contextos con enlace *en* do complemento preposicional en que o verbo deixa de ser pronominal. Nun único exemplo o complemento preposicional comparte espazo cun OD ó que o suxeito lle causa a transformación.

*De néboa, de soidade, en xélido extravío Os cantos tornará* (FORBAR002).

Cando tratamos o funcionamento do pronome xunto do verbo con significado de mudanza de estado, definímolos como un formante léxico dunha construción pronominal non causativa. Ademais, concretamos que de haber unha explicitación do OD a interpretación da acción cambia, de forma que hai un causante que inicia o proceso padecido polo obxecto. Isto xustifica a construción non pronominal.

Na construción *voltar/volver + en + pronome reflexivo*, a razón da ausencia do formante léxico está en que o complemento preposicional aparece como unha alternativa oblicua da presenza do pronome átono. Isto último formula outra vez argumentos sobre a discusión da natureza deste pronome adxunto ó verbo, é dicir, sobre se ocupa o lugar de obxecto reflexivo ou é un formante léxico do verbo con construción pronominal. Neste traballo mantemos a escolla da segunda vía, xa que non se realiza a acción sobre unha outra entidade, pero é evidente que non se cobre con esa descrición toda a pluralidade do seu comportamento.

*Xa volta en si, seique...* (VPOALM922).

*Salpicaslle unhas pingadas a teu irmau na cara, que ha de volver en si* (PRICON958).

A respecto da construción anterior, debemos dicir que en portugués non apareceu ningún exemplo, porque nesta lingua non se fai uso da expresión *volver + en + pronome* con

## Delimitación dos principais esquemas sintácticos

rexencia de preposición. Hai unha mudanza no nexo prepositivo, isto é, *en* deixa lugar a *a*. Fóra da mudanza de nexo, vemos que o verbo tamén presenta unha construción non pronominal.

*Persistiu por algum tempo o silêncio, sem que os espectadores pudessem voltar logo a si* (L0016).

*Luís Alves volveu a si, proferindo em alta voz esta simples palavra: -Não há dúvida; é uma ambiciosa* (Machado de Assis (1998): *A mão e a luva*. São Paulo: Ática.).

Por outra banda, a adquisición do referido sentido verbal ‘transformarse en’ e a construción pronominal, pode rexer a preposición *de* no canto de *en*. O verbo mantense como unidade pronominal, pero a escolla de nexo do complemento preposicional non é indistinta no plano do significado. Con *en* indícase unha mudanza absoluta, mentres que con *de* pódese manter parte das súas propiedades orixinarias. É unha opción construtiva só recollida na lingua galega, sexa no noso corpus ou en fontes alleas a el. Non apareceu ningún exemplo con *voltar*, o que se suma como un argumento máis para demostrar o uso periférico deste lexema na lingua galega.

*Volvense de ouro*<sup>12</sup> *ardente as fenestras todas do oucidente* (RISMIT934).

*Cando baixou dela, a súa embarcación tornouse de pedra* (Lara González (2008): *De Ortigueira a Cedeira: na procura dos confíns do mundo*. <<http://centros.edu.xunta.es/eoicoruna/babel/babel08/viaxar/ViaxeaCedeira.pdf>> [09/11/08]).

Cos tres verbos recollemos un complemento preposicional introducido por *con*. Este especifica o obxecto a tratar outra vez, despois dunha interrupción máis ou menos longa. Na lingua galega, só se recolleu no noso corpus xunto de *volver* e tampouco encontramos exemplos con *voltar* ou *tornar* noutras fontes, polo que para este idioma é unha construción moi minoritaria, posible co seu verbo reverxente prototípico.

*Como se isso não bastasse, após o intervalo o pianista volta à carga com o Scherzo em Si Bemol Menor* (J44040).

*Mas que tu tornes com essa história, não* (L0342).

*À tardinha volveu ela com esculcas* (L0284).

*Agora volven coa canción* (3nt993).

Non estamos ante un obxecto partitivo con preposición, xa que o nexo é un formante requirido polo propio verbo para adquirir o sentido especificado.

---

<sup>12</sup> Con *de* a fiestra pode manter a súa forma propia e só mudar o material en que está fabricada ou construída; con *en* a fiestra pode deixar de ser tal e pasar a converterse nun monte, lingote, pedra, etc. de ouro.

## Delimitación dos principais esquemas sintácticos

*Volver*, ou, en menor medida, *voltar*, exclusivamente na lingua galega, rexe un complemento preposicional introducido por *por* cando significa ‘apoiar ou axudar a alguén, ser partidario de algo ou de alguén, defendelo’.

*Esto deberan de volver un pouco polo... pol' aghricultura* (REGTD989).

*Dempois dum tempo, ó verse que o afiador non voltaba por il, mandaronse propicios a aquelas terras* (BLABIO962).

En galego, este mesmo verbo co sentido ‘exercer alguén de novo en algo, ser outra vez algo’ require a preposición *de*.

*Pero un día enfadouse o tolo e dixo que el non volvía de pastor, e tuvo que ir o listo* (PRICON958).

En todos estes casos, a presenza das preposicións dáse nun contexto semántico concreto de modo que a xuntanza do verbo co nexo funciona como un construto frástico cun significado particular. Por conseguinte, aínda que a rexencia preposicional é variada e máis ampla para o galego e, neste idioma, para *volver* e os sentidos verbais son tamén diversos, o paralelismo entre o comportamento destes tres verbos é relevante.

E isto pódenos servir para concluír o apartado, xa que trala revisión do funcionamento sintáctico das tres unidades, atopámonos cun grupo harmónico no seu funcionamento xeral, pero con matices que os afastan entre si e entre as linguas. Os tres contan cos mesmos EA base, aínda que non ordenados de igual forma segundo a súa preponderancia; comparten a dobre construción transitiva e intransitiva, pero a predisposición cara á combinatoria co obxecto tampouco é común a todos ou ás dúas linguas; todos eles poden presentar unha construción pronominal, poden admitir un OD reflexivo ou adxuntar unha partícula discursiva, mais a importancia destes valores do pronome tamén difire con cada unha das unidades e nas dúas linguas; e son compatibles cun complemento preposicional, aínda que os puntos discordantes tamén aparecen. En definitiva, o funcionamento base dos verbos de movemento reverxente é compartido, pero se nos fixamos nas construcións menos habituais ou nas diferenzas porcentuais entre as prioritarias veremos que se entrevén distancias entre o galego e o portugués, por un lado, e entre, fundamentalmente, *voltar* e *volver* polo outro. É dicir, aínda parecendo unidades sinónimas por situarnos nunha dimensión semántica moi concreta (‘o retorno a un lugar xa visitado’), estes verbos non chegan á simbiose perfecta, nin sequera entre *voltar* e *volver* que adoitan ser considerados como unidades absolutamente substituíbles a unha pola outra.

### 6.1.8. Modais, movemento secuencial

*Parar* é unha unidade que se illa polo seu significado dos restantes verbos de movemento con desprazamento analizados: a acción de moverse fócuse no momento da súa interrupción, da fin. Este afastamento semántico, de intensidade variable segundo o lexema escollido para o contraste, non parece tan relevante no seu comportamento sintáctico.

Coma a maioría dos verbos de movemento con desprazamento, pode construírse con ou sen OD.

Parar				
esquema	LG		LP	
	exemplo	%	exemplo	%
transitivo	<i>E ben contentos por poder parar o golpe que lles viña encima (LPXCON928).</i>	11,5%	<i>Roseta pára o tránsito (J60166).</i>	12%
intransitivo	<i>Cuando cheghei lâ á carretera de Soutelo, vin xente, parei (PSATDI987).</i>	88,5%	<i>Saltou para o chão antes de o cavalo parar (L0095).</i>	89%

Táboa 114: Transitividade con *parar*

A ausencia de obxecto domina con este verbo, polo que, indo do xeral ó particular, comezaremos coa análise dos EA intransitivos de *parar*. As construcións base non difiren co visto ata o de agora para os restantes verbos de movemento tratados. Estes redúcense a tres opcións: un EA monoactancial intransitivo e dous ampliados ora cun circunstancial locativo –neste caso de destino– ora cun complemento de natureza modal –xunto de *parar* será de finalidade ou causa–. As singularidades aparecen no tratamento máis pormenorizado dalgunhas destas construcións.

Parar				
esquema	galego		portugués	
	exemplo	uso	exemplo	uso
S+P	<i>O Miño vén por aí, polo lado de alá e entonces chegou alá e parou (CCGCTI998)</i>	33%	<i>Ahi viu cousa que o fez parar (L0215).</i>	40%
S+P+CLD	<i>E volven a quedar ás escuras, i a correr, habendo home que non parou hasta a súa casa (LPXCON928).</i>	40%	<i>Por fim parou junto da cama (L0235).</i>	42,5%
S+P+modal	<i>Paramos pra vé-las regatas (RISMIT934).</i>	10,5%	<i>Não a tinha visto - disse Clara, parando à espera dela (L0523).</i>	6,25%

Táboa 115: EA de *parar*

A importancia destes tres esquemas regúlase segundo o tipo de código en que nos encontremos (véxase Anexo VI). Deste modo, observamos que na oralidade a porcentaxe das construcións sen ningún tipo de complementación é ou superior ou similar a aquelas en que xorde un locativo de destino, mentres que na escrita (tanto en galego coma en portugués) a esixencia desta indicación espacial representa máis da metade das



construcións intransitivas. Esta mesma distribución fórmola vendo na gran maioría dos verbos de movemento con desprazamento, polo que é unha tendencia de funcionamento nestas unidades. Na oralidade a referencia locativa ten unha maior capacidade de elisión porque é máis predicible ó poder coincidir coa situación espacial do emisor ou do receptor. Na lingua escrita as indicacións de lugar non están determinadas polo acto comunicativo, o que xustifica a maior ambigüidade e a esixencia de concreción léxica.

Unha particularidade destes verbos, só compartida por *entrar*, a respecto do locativo de destino está no tipo de unidade que desenvolve esta función. É un complemento que pode ser introducido por diferentes preposicións, aparecendo como a máis importante *en*. Este nexos funciona, de primeiras, como introdutor dun locativo situacional, mais con estes dous verbos –*parar* e *entrar*– indica cal é o punto de chegada do desprazamento. Nun número moito menor de rexistros, a dirección pode introducirse con outras preposicións (*a* e *entre*, nas dúas linguas, mentres que *sob* exclusivamente en portugués e, por exemplo, *contra* en galego) ou diversas locucións prepositivas do tipo *diante de*, *defronte de* ou *xunto a/de*, en galego, e *junto a/de* en portugués. Para os dous idiomas, o segundo nexos máis recorrente, tras *en*, é *a*, mais este nexos xorde case sempre en construcións subordinadas a *ir*, o que fai dubidar se o locativo é rexido por *parar* ou por *ir*.

*O mais fraco é que ia parar ao hospital...* (657P172).

*Vai parar a un campo de concentración* (3nt993).

Son moi poucos os casos en que o locativo está introducido por *a* sen a presenza de *ir* (na lingua galega temos que buscar os exemplos en fontes externas ó noso corpus); mais nestes non hai diferenzas semánticas a respecto dos primeiros.

*O cavalo parou espontâneamente ((SIC)) à porta da Casa Mourisca* (L0432).

*O carro fúnebre parou mesmo á porta da Universidade* (Daniel Pino Vicente (2001): *No leme das lembranzas*. Pontevedra: Litoral das Rías.)

A conclusión á que podemos chegar é que a rexencia do nexos *a* para indicar o destino final do desprazamento adoita ser máis común se o verbo se inclúe nunha estrutura subordinada a *ir*.

De todos os xeitos, as distintas opcións de nexos non contan nin coa mesma presenza – destaca polo seu alto uso *en*–, nin co mesmo valor, nin coas mesmas opcións combinatorias (véxase cap. 7, apartado 7.2.8.). Unha mostra témolo na acumulación de locativos. Xunto deste verbo é unha construción moi minoritaria, pero cando o nexos introdutor é *en* non recolleemos ningún exemplo en que o circunstancial de destino aparece acompañado doutro complemento de lugar. Mentres, se o nexos é *a*, pode xurdir un CLP.

## Delimitación dos principais esquemas sintácticos

*O home non se atopa a gusto: por toda-las vías posíbeles sempre vai parar ó mesmo sitio, ó ausurdo (FRNSEG963).*

Só rexistramos no corpus escrito galego esta posibilidade, mais se o contrastamos co descrito para *entrar* veremos que ambos os dous verbos teñen un comportamento idéntico a este respecto: o destino (nunca introducido por *en*) só se combina con outro locativo se é de traxecto. Con *entrar* é unha opción moi reducida, pero posible para as dúas linguas e tanto na escrita coma na oralidade; con *parar* semella que a restrición ó corpus escrito galego é máis froito das limitacións do noso corpus ca das potencialidades construtivas deste verbo en portugués ou na oralidade.

Un terceiro, e último, esquema sintáctico cunha presenza relevante nos corpus é aquel en que se especifica a finalidade ou a causa da acción. Dentro dos verbos de modo de movemento que revisamos neste traballo, a aparición dun complemento modal con rol de argumento é moi común, mais que este non sexa un circunstancial de modo ou un predicativo, xa non o é tanto. Aínda así, como EA de relativo uso, coincide na rexencia dun circunstancial de finalidade con *mover*, *levar* ou *vir*. De todos os xeitos, a presenza destas construcións ten o seu relevo, pero a distancia que hai entre elas e as dúas anteriores é moi destacada, polo que se lle debe dar unha consideración con matices, do mesmo xeito que fixemos ó tratar a presenza do argumento circunstancial de finalidade con *mover* (véxase apartado 6.1.1.), *levar* ou *vir* (véxase apartado 6.1.4.). Por outro lado, a falta de relevancia do modo en que se realiza a acción está no corpo semántico do verbo: describe un movemento na súa interrupción. Describir como se fai a detención non é relevante ou, cando menos, non unha información argumental para este verbo.

Definimos *parar* como unha unidade con dobre posibilidade construtiva: intransitiva e transitiva. Que exista esa dupla opción non significa que a súa importancia de uso sexa igual. Como vimos, a transitividade representa ó redor dunha sexta parte dos rexistros totais, pero, a pesar desa distancia de uso, o tipo de complementación que atopamos é o mesmo, independentemente de que haxa un OD ou non. Deste modo, os esquemas sintácticos transitivos máis recorrentes son:

1. EA biactancial sen complementación (o 7,5% das estruturas transitivas en galego e o 7% en portugués):

*Parei o burraco, que se puxo a ornear (BLABIO962).*

*Greve na TAP ameaza parar a manutención (J24544).*

2. EA triactancial con especificación do locativo de destino (o 2% no corpus galego e o dobre no portugués):

## Delimitación dos principais esquemas sintácticos

*Tendeu ó redó-la vista, e parandoa na primeira aldeña que dexergou* (VALMAX880).

*Parou-os [os dedos] na janela* (L0442).

3. EA triactancial con complemento modal a través da determinación da finalidade ou da causa da acción (o 2% en galego e a metade no portugués):

*O tío parara un instante o faco pra ollar a posta do sol* (OPEMAO928).

*Simone parou o carro para participar aos outros a nova ideia* (L0233).

As construcións intransitivas e transitivas comparten a complementación argumental, pero non a ordenación xerárquica de cada un dos EA correspondentes. Deste modo, en primeiro lugar e independentemente da lingua ou do tipo de código, hai unha opción que é a prototípica para todos eles: o EA biactancial transitivo. A presenza de obxecto elude en maior medida a especificación locativa porque normalmente se inclúe en acepcións que non indican un movemento con desprazamento ou a interrupción deste, polo que non hai chegada a un novo lugar. De todos os xeitos, o obxecto ten a capacidade de combinarse cun CLD, o que é posible porque o seu rol semántico non é espacial, xa que cobre outros papeis semánticos. De feito, funciona como o móbil do desprazamento (I) ou o paciente daquelas accións en que non exista a noción de movemento (II).

(I) *Foron recibidos coma eminencias musicais, e a xente parabaos polas rúas para saudalos* (PNR997).

*Quando me viu atrapalado, pára o automóvel ao meio* (913P222).

(I) *O home viuse tan apurao que, parou a música e, bot' á carreira por equí abaixo* (CACQUE986).

*Mateus Dulmo parou com um olhar inteligente e afirmativo o constrangimento de Roberto* (L0045).

Deste modo enténdese que non conorra en ningún caso coas especificacións locativas.

Con *parar*, o OD nunca é reflexivo. Xunto deste verbo o morfema pronominal funciona como formante léxico nunha construción pronominal ou como partícula discursiva.

O pronome formante léxico só aparece recollido nos corpus galegos. O verbo pronominal xira ó redor da idea de ‘dedicarlle tempo a algo ou alguén’. Nestes casos *parar* rexe un complemento preposicional introducido polas preposicións *con*, ou un circunstancial de finalidade con nexo *a* ou *en*, ó igual ca, por exemplo, *deterse con*, *a*, *en*, outro verbo deste mesmo grupo semántico.

*Eu subía e según pasaba saludoume; dixo «¡Adiós María!». Eu pareime con ela* (REGTD989).

## Delimitación dos principais esquemas sintácticos

*Pero agora non hai tempo a pararse a poñer trebellos, nin a' stá-los velando* (LCAFAL990).

*Non vou a pararme agora en referir os promenores de cómo esto pasou* (LFRNIN905).

Nun único exemplo do noso corpus, construído coa preposición *con*, o verbo non presenta unha construción pronominal.

*O home colleu as cousas en veras, e entonces, se había parar dúas horas con ela, pois parou por aí unha ou media* (CCGCTI998).

Esta é a situación común en portugués: as mesmas rexencias e significados constrúense con ausencia do formante léxico. Polo tanto, podemos marcar que unha posibilidade construtiva para o galego (a non esixencia dun pronome como formante léxico), funciona na lingua portuguesa como norma.

*Não podia parar com os percevejos!* (L0443).

*Súbito bifurca-se o caminho e, hesitantes, paramos a perscrutar o rumo* (L0011).

*Ega parou ainda, numa derradeira curiosidade* (L0379).

No noso corpus e para as dúas linguas, recollemos unha segunda función para este pronome: partícula discursiva. Nestes casos concordan en referente o pronome e o suxeito, pero as posibilidades de elidir a partícula discursiva sen consecuencias para o significado final da construción afástaos de desenvolver un papel no EA.

*Nunca das galerias lhe gritaram "que se parasse"* (L0280).

*De pronto parouse o coro, volveuse pra min o guía i acenoume* (CURDIV888).

O seu carácter prescindible sintacticamente e o feito de non mudar o significado do verbo ou da construción fan que busquemos a funcionalidade desta partícula no plano discursivo. O labor da partícula discursiva é focalizar o suxeito da acción para intensificar o seu interese e [+control] sobre a acción.

Polo tanto, este pronome xunto de *parar* funciona ou como un formante do verbo en construcións pronominais galegas ou como unha partícula discursiva focalizadora do suxeito da acción nos dous idiomas obxecto de estudo deste traballo.

Enriba, ó falar da posibilidade de construción pronominal con *parar*, indicamos que nestes casos o verbo se combina cun complemento sintacticamente diferente segundo o seu nexos introdutor. Mentres *a* e *en* son preposicións intercambiabes porque ambos os dous marcan a finalidade da detención, a compatibilidade rómpese se o nexos é *con*. Aquí é o complemento requerido cando o verbo ten o significado ‘atender, dedicarlle alguén un tempo a estar con algo ou alguén’; quérese dicir, neste caso estamos ante un complemento preposicional. É unha posibilidade construtiva para os dous idiomas e, tamén para ambos,

## Delimitación dos principais esquemas sintácticos

o seu uso é moi reducido no corpus de traballo (non alcanza en ningunha das bases o 2% dos rexistros).

*O home colleu as cousas en veras, e entonces, se había parar dúas horas con ela, pois parou por aí unha ou media (CCGCT1998).*

*Não podia parar com os percevejos! (L0443).*

Rexistramos no corpus unha estrutura particular que presenta un complemento introducido por *con*.

*Sacámola do corro; i era verdá, que non paraba coa cabeza, pro turroa non era (LPXCON928).*

*A Luíza não está aqui para te desfeitear ou desafrentar-se, pára lá com a cantilena! (L0416).*

Estamos ante unha construción transitiva en que o uso do enlace prepositivo lle engade un matiz aspectual á estrutura: indica que a acción se prolonga e se repite no tempo. Polo tanto, nestes casos a preposición é un marcador do OD utilizado para unha finalidade comunicativa referida ó aspecto da acción. Fóra do dito e a pesar de que *parar* é un verbo que admite a construción transitiva, debemos advertir que este OD non depende deste verbo. *Parar* introduce un infinitivo elidido<sup>13</sup> regulador do mencionado OD marcado por preposición; a elisión da forma finita débese a que é facilmente supoñible a partir do propio OD.

Unha vez revisado o funcionamento sintáctico de *parar* podemos concluír que este é parello ó da maioría das unidades de movemento con desprazamento –singularmente cos focalizados no destino–, no referido ós EA base. Mais tamén ten un desenvolvemento paralelo ó descrito como propio para os verbos de movemento con desprazamento dentro de ámbitos sintácticos menos habituais: na rexencia dun pronome formante léxico, nas posibilidades combinatorias cun pronome partícula discursiva ou nas rexencias prepositivas. Polo tanto, as súas singularidades dentro do grupo de verbos de movemento con desprazamento céntranse no ámbito semántico e na construción do circunstancial de destino, que mantén un paralelismo intenso co visto para *entrar*.

No referente ó contraste entre linguas, volven aparecer as diferenzas nos puntos máis recorrentes que fomos vendo ó longo do capítulo: na construción pronominal e nas rexencias prepositivas. Son opcións construtivas minoritarias que non describen o

---

<sup>13</sup> Sobreenténdese unha construción do tipo “*paraba de moverse coa cabeza*” ou “*para de enervar com a cantinela*”.

comportamento prototípico do verbo, pero que apuntan preferencias diferentes segundo o idioma.

## **6.2. Marcando tendencias de uso**

Ó concluírmos a revisión das construcións semánticas dos verbos de movemento con desprazamento atopamos, por unha banda, un funcionamento paralelo entre unidades dun mesmo subgrupo e, pola outra, tendencias compartidas por todos os lexemas incluídos nesta tipoloxía verbal. Unha situación idéntica é a rexistrada no nivel sintáctico.

Ó inicio deste apartado colocamos como obxectivo establecer os esquemas sintácticos básicos dos verbos de movemento con desprazamento partindo do criterio do uso. Unha vez feito, comparando os propostos para cada unidade vese que o funcionamento entre si é moi parello.

A pesar de que a transitividade non significa, argumentalmente, o mesmo para todos os verbos de movemento, os EA base repítense en grande medida. Segundo a rexencia de obxecto, dentro dos verbos de movemento con desprazamento, hai unidades exclusivamente transitivas (*mover, chegar, traer, levar* ou *atravesar*), en que, cando o OD non está presente, débese a un proceso de elisión para evitar redundancias; verbos intransitivos, en que a rexencia dun OD é unha imposibilidade construtiva (*ir*); unidades para as que, aínda sendo a intransitividade a norma, existe a posibilidade de rexer un OD [*subir, baixar* (en lingua galega), *chegar, entrar, pasar, andar, camiñar, correr, tornar, voltar, volver* e *parar*]; e outros con que a transitividade é a norma, pero as construcións intransitivas tamén son posibles (*baixar* na lingua portuguesa). En confronto a esta diversidade, o conxunto de verbos de movemento con desprazamento comparten os EA prototípicos. As posibilidades redúcense a tres:

- EA base: monoactancial (construcións intransitivas) ou biactancial (transitivas) sen complementación verbal.
- EA base + complementación locativa.
- EA base + complementación modal.

Estas seguen unha serie de tendencias reguladas, fundamentalmente, polo subgrupo semántico verbal e o tipo de código.

### 1. Esquema base sen complementación verbal.

Un esquema monoactancial, nas construcións intransitivas, ou biactancial, nas transitivas, é unha das opcións fundamentais de desenvolverse sintacticamente para todos os verbos

## Delimitación dos principais esquemas sintácticos

de movemento, pero o seu dominio adoita ser maior no código oral; recolleuse esa tendencia en 17 dos 22 verbos deste traballo [*mover, baixar* (intransitivo), *achegar* (na lingua galega), *traer, entrar, ir, levar, saír, vir, partir, pasar* (transitivo), *andar* (intransitivo), *correr, tornar* (transitivo), *voltar* ou *parar*], polo que se pode afirmar como unha liña de comportamento común a estas unidades. A razón está, fundamentalmente, en que o contexto comunicativo nas mensaxes orais revela boa parte dos datos da acción se coinciden os parámetros do primeiro cos da segunda. Polo tanto, vólvese redundante especificar información que se pode extraer da situación discursiva.

Este EA responde a catro situacións diferentes:

- As referencias espaciais son extrapolables a partir do contexto comunicativo ou do propio discurso.
- O obxecto desenvolve, no plano do significado, un rol locativo.
- As indicacións locativas non son necesarias porque se describe un movemento focalizado na maneira en que este se desenvolve.
- O verbo adquire un significado non vencellado co desprazamento espacial, de maneira que a acción non require concrecións circunstanciais.

### 2. Esquema base + complementación locativa.

O tipo de locativo que se explicita depende directamente do significado do verbo, ou sexa, do subgrupo ó que foi adscrito. As catro referencias espaciais (destino, orixe, traxecto e situación) gozan dun status destacado con diferentes tipos de verbos.

#### a. Destino:

O destino é a complementación locativa que dispón dun papel argumental nun maior número de unidades. É fundamental para os VD no eixo vertical do tipo *subir*; na horizontalidade, tamén desenvolve un rol argumental coas unidades focalizadoras do destino (*achegar, traer, chegar, entrar* ou *ir*) e cos VMM reverxente (*tornar, volver* ou *voltar*) ou secuencial (*parar*). Cos restantes subtipos pode desenvolver un papel argumental, pero xa compartido con outros locativos nucleares, case sempre máis importantes có destino.

Unha variante do EA con circunstancial de destino é aquel en que aparece un OI con valor espacial. Nestes casos, a referencia [+animada] da realidade que desenvolve este papel xustifica a forma de OI; esta variante do EA dáse especialmente na lingua galega (véxase capítulo 7, apartado 7.3.2.).

b. Orixe:

A través deste traballo observamos que a orixe é unha referencia locativa cunha maior capacidade de elisión cás restantes: en moitos casos coincide con parámetros xa coñecidos ó cadraren co contexto comunicativo ou con indicacións dadas con anterioridade no acto discursivo. Isto xustifica que para verbos focalizadores do punto de partida do tipo *levar* ou *marchar* esta referencia espacial se rexistre nun número menor de casos có destino. De todos os xeitos, a natureza argumental desta indicación locativa só se rexistra con unidades que focalizan este punto, sexa na verticalidade (*baixar*, fundamentalmente na lingua galega) sexa na horizontalidade (*partir*, *saír* e *vir*).

c. Traxecto:

Na maioría dos verbos de movemento, este circunstancial é un satélite do EA. Pola contra, desenvolve un rol argumental coas unidades focalizadoras desta referencia locativa e cos VMM continuo. Unha das conclusións máis destacadas deste capítulo é a confirmación de que os verbos que indican o modo de realizarse un movemento, amais de focalizar esa característica, tamén regulan as combinacións cos locativos: cada subtipo de VMM conta cunhas diferentes preferencias para as referencias espaciais. Deste modo, mentres os verbos reverxentes e secuencias se sitúan en liña cos verbos focalizadores do destino, os continuos cos do traxecto.

d. Situacional:

Estamos ante verbos de movemento con desprazamento; isto fai supor que o locativo situacional non ten un papel argumental con estas unidades. É así con boa parte deles, pero con *mover*, *baixar* (singularmente na lingua portuguesa) e os verbos focalizadores do traxecto (*atravesar*, *pasar* e *andar*) esta referencia goza dun status nuclear nun dos seus EA.

Con *mover* descríbese un movemento xeral, polo que a indicación do lugar en que se realiza pasa a ter moita importancia. Para os verbos focalizadores do traxecto a xustificación é parella: non importa nin o punto de partida nin o de chegada do desprazamento, só o feito de que haxa movemento; deste modo enténdese que a explicitación do lugar en que (con estreita relación semántica co lugar *polo que*) se realiza a acción sexa argumental. Con *baixar* en portugués a situación é diferente. Nesta lingua, o verbo aparece na maioría dos rexistros baixo unha construción transitiva en que o obxecto indica en moitos casos o destino da acción, polo que aumentan as posibilidades de aparecer outras referencias espaciais coma a situacional.



3. Esquema base + complementación modal.

Dentro da designación complementación modal introducimos tres circunstanciais (de modo, de finalidade e de causa) e o complemento predicativo. Este tipo de argumentos ten un gran peso coas unidades verbais focalizadoras do modo de moverse e de *mover*, arquismema de movemento en que a especificación direccional perde importancia en confronto coas referenciais modais.

Ademais, os verbos de movemento poden admitir unha construción copulativa, pola que o seu EA rexe un predicativo que especifique o estado alcanzado ou por alcanzar.

Fóra xa dos EA nucleares, conseguimos tamén delimitar certas constantes no comportamento sintáctico secundario dos verbos de movemento con desprazamento:

1. A lingua galega é o idioma en que estes núcleos verbais contan cunha maior diversidade construtiva; a falta de presión dun estándar durante boa parte da súa historia pode ser unha xustificación desta variabilidade de diatese, que se circunscribe sempre ós esquemas secundarios. Mais a consideración deste fenómeno coa necesaria atención que merece queda fóra do noso obxecto de estudo, xa que aquí nos circunscribimos á caracterización xenérica deste grupo verbal e as estruturas particulares quedan na simple mención.

2. A presenza dun nexo prepositivo cun estreito vencello con estes verbos responde a tres situacións diferentes sintacticamente:

a. A preposición marca o OD cunha finalidade aspectual.

b. O verbo rexe un complemento preposicional ó presentar certos significados particulares.

c. O nexo prepositivo introduce certas circunstancias (especialmente a finalidade), que por recorrentes no grupo verbal e non traer consigo ningún significado concreto para o lexema, decidimos non considerar como complementos preposicionais.

Xa dentro das construcións prepositivas con que o verbo toma certos significados, os nexos con que se combinan os lexemas de movemento con desprazamento son cinco: *en*, *con*, *de*, *a* e *por*. *En* aparece xunto de verbos indicadores dunha forma de moverse (*andar*, *tornar*, *volver* e *voltar*) que pasan a referir un estado, sexa un traballo ou unha situación nova alcanzada; unidos a *con* o lexema indica posesión, relación ou ocupación (*ir*, *levar*, *saír*, *marchar*, *vir*, *andar*, *pasar*, *correr*, *volver* ou *parar*); *de* combínase con

## Delimitación dos principais esquemas sintácticos

practicamente os mesmos verbos có nexos anterior, e o conxunto adquire o sentido de descrición dunha posesión ou carga (*ir*), dun estado que pode ser un linde a superar (*pasar*) ou unha profesión ou forma de actuar (*vir*, *andar*, *tornar*, *volver* ou *correr*); con *a* o verbo marca semellanza (*saír*) ou ocupación (*vir* e *andar*) e, finalmente, xunto de *por* refiren a forma ou modo en que algo ou alguén é coñecido (con *andar* e *pasar*) ou a defensa de algo ou alguén, sempre en galego, con *voltar* ou *volver*. Por conseguinte, obsérvase que os ámbitos semánticos polos que se moven os verbos rexendo estes nexos prepositivos son similares e circunscribense, en grande medida, ó macrosentido EST.

3. A combinación dun verbo de movemento con desprazamento xunto dun pronome con igual referente có suxeito, describe tres contextos diferentes en que a partícula funciona como:

a. Pronome reflexivo: teñen que ser verbos fundamental, ou exclusivamente, transitivos [*mover*, *achegar* (en destaque na lingua galega), *chegar*, *atravesar*, *voltar* e *volver*], de maneira que o pronome ocupa o lugar do obxecto.

b. Formante léxico: tanto xunto de unidades direccionais [*baixar*; con *ir*, *pasar*, *levar* e *saír* (fundamentalmente na lingua galega)] coma coas que indican un modo de realizar o desprazamento [*tornar*, *volver*, *voltar*, *parar* (só recollido na lingua galega)] o verbo fórmase como unha unidade pronominal con certos sentidos concretos do seu corpo semántico.

c. Partícula discursiva: engádelle o sema de [+control] ó suxeito sobre a acción verbal. Coa excepción de *mover*, esta partícula discursiva aparece no noso corpus con todos os subtipos de verbos de movemento e coa práctica totalidade dos lexemas que consideremos neste traballo (*baixar*, *subir*, *traer*, *levar*, *marchar*, *vir*, *partir*, *saír*, *pasar*, *andar*, *camiñar*, *correr*, *tornar*, *voltar*, *volver* e *parar*).

Por todo o visto, concluímos que en grande medida pode predicirse os EA sintácticos base dos verbos de movemento con desprazamento a partir do subgrupo semántico ó que sexa adscrito. Pero farase atendendo sempre ó feito de que nos estamos circunscribindo ás xeneralidades, ós esquemas máis habituais, xa que todos os verbos presentan diferentes particularidades de diatese que xa non son tan facilmente predicibles se non é a través dun estudo pormenorizado do propio verbo en cuestión.

Por coseguinte, a caracterización sintáctica dos verbos de movemento mostra que a elaboración dun dicionario de rexencias argumentais semántico-sintácticas base é unha ferramenta rendible e factible que aínda está pendente na lingua galega. Nestes

momentos, ao dispor da falante e da comunidade investigadora para este idioma encontramos fundamentalmente dous tipos de ferramentas: ou presentan o paradigma formal dos verbos e indican informacións xerais sobre a súa construción coma a transitividade, a pronominalización ou rexencias de preposición particulares ou máis habituais para cada lexema verbal (Rodríguez, 1993); ou afondan na análise semántico-sintáctica dos verbos galegos, pero circunscribíndose a ámbitos concretos xa que non dan unha caracterización xenérica do verbo galego [Lantes Vitueira (1996), Sousa Fernández (1998a, 1998b, 1999, 2002 e 2005), Soto Andián (2000, 2001, 2002 e 2009), Rodríguez Guerra (2004), Sánchez Rei (2006), Fernández Salgado (2009) ou Pereira Maceda (2009)].

A situación no portugués é similar. Aínda que contan cun número superior de títulos publicados en que o cerne é o verbo, a gran maioría destas obras atenden exclusivamente a transitividade, a pronominalización e as rexencias prepositivas [Silva e Tavares (1997), Guedes e Guedes (1999), Ventura e Caseiro (2004) ou Tavares e Moranguinho (2008)] ou as estruturas frásticas en que o verbo é un dos seus constituíntes (Ramalho, 1990). Noutros casos encontramos obras que fan unha descrición do EA base deste verbo, pero sen poñelo en parello co ES, xa que presentan exemplos concretos a partir dos que a lectora debe extrapolar a referida construción (Busse, 1994). Finalmente encóntranse traballos que formulan a construción semántico-sintáctica a través do número de elementos nucleares que rexe cada lexema pero sen chegar a concretalos a eles e a súa natureza. Esta información debe extraela a persoa que consulta a obra a partir dos exemplos que acompañan cada proposta estrutural (Luft, 1987).

Por conseguinte, unha ferramenta que formula os EA e ES de cada unidade verbal pondo en diálogo estas dúas faces de construción, isto é, un instrumento parello ó proxecto FrameNet da lingua inglesa (véxase cap. 2) é aínda un obxectivo por alcanzar tanto para a lingua galega coma para a portuguesa. No ámbito galaico, traballos como os xa citados ou esta investigación tentan ir cubrindo ese oco que a unha obra máis global e ambiciosa, isto é, ó proxecto *Construções verbais e sintaxe da oración* (ILG-RAG) lle corresponde.

## **7. Os complementos locativos**



## Os complementos locativos

Ó analizar os verbos de movemento con desprazamento e delimitar os seus EA base, describimos as circunstancias de lugar argumentais para cada un dos grupos semánticos. Neste capítulo afondamos no funcionamento destes locativos.

A información espacial organízase basicamente en dúas fronte. Opóñense os complementos de situación ós direccionais. Nestes últimos, a referencia pode indicar o punto de partida (CLO), o de chegada (CLD) ou o lugar por que se desenvolve (CLP) o desprazamento. Para cada un deles rexistramos un tipo de construción prototípica, mais en moitos casos nin a distinción entre complementos, nin a especialización das preposicións locativas é inequívoca.

No Anexo VII inclúense os cadros onde mostramos todas as posibilidades de nexos introdutores de cada un dos tipos de complementos espaciais para cada verbo; neles recóllense as preposicións ou locucións prepositivas que unen o núcleo do predicado cun circunstancial de lugar de orixe, traxecto ou destino. Tamén rexistramos os casos en que os circunstancias están desenvolvidos por un adverbio ou unha frase nominal sen preposición que a una co verbo. Para facernos unha idea da diversidade construtiva rexistrada, presentamos unha táboa (Táboa 116) coa cifra exacta de nexos introdutores para cada complemento locativo. Fixemos, á vez, unha división por grupos semánticos dos verbos de movemento con desprazamento (para o valor das siglas, véxase cap. 1, Táboa 19) á hora de presentar os mencionados resultados conxuntos. Ó final da táboa incluímos unha fila en que pode observarse o número total de nexos diferentes que encontramos en cada lingua introducindo cada un dos circunstancias de lugar, xa que moitos dos nexos son compartidos polo conxunto de verbos de movemento con desprazamento, pero outros só os rexistramos cun dos grupos semánticos.

Grupo	LG			LP		
	CLD	CLO	CLP	CLD	CLO	CLP
Arquismema VDM	5	1	1	3	1	3
VD na verticalidade: <i>subir</i>	7	2	1	9	1	3
VD na verticalidade: <i>baixar</i>	7	3	2	2	1	-
VD de destino	<b>34</b>	3	11	<b>40</b>	2	5
VD de orixe	26	<b>4</b>	3	21	<b>3</b>	7
VD de traxecto	12	2	<b>15</b>	18	2	<b>25</b>
VMM continuo	7	1	7	10	2	13
VMM reverxente	12	1	1	9	1	2
VMM secuencial	9	-	1	6	-	1
<b>nº total de nexos</b>	<b>52</b>	<b>5</b>	<b>22</b>	<b>47</b>	<b>3</b>	<b>29</b>

**Táboa 116: Diversidade de nexos introdutores dos complementos circunstanciais locativos**

A utilidade desta táboa é dobre. En primeiro lugar, permítenos ver que non todos os locativos contan coa mesma versatilidade no referido á súa construción. Seguen unha

escala gradativa regulada pola nuclearidade destas circunstancias para os verbos de movemento con desprazamento (véxase cap. 6, apartado 6.2.), de maneira que o resultado é  $CLD > CLP > CLO$ .

En segundo lugar, constatamos que un mesmo locativo non presenta a mesma diversidade no tipo de nexos que o poden introducir no conxunto dos verbos de movemento con desprazamento. Existe un estreito vencello entre tipo verbal e diversidade no nexo introdutor do locativo incluído nos seus EA base. Hai unha predisposición entre grupo de verbos de movemento con desprazamento e referencia locativa (véxase cap. 6), de maneira que non funcionan os tres circunstancias como argumentos do EA de todos os verbos. Á vez, esta predisposición dun verbo cara á rexencia dun determinado locativo regula a diversidade de nexos con que se pode introducir esa circunstancia. Se a indicación de lugar é un argumento do EA, a variabilidade na construción deste é maior. Esta regra cúmprese tanto cando o verbo é de dirección coma se é unha unidade de modo de moverse. Deste modo enténdese que cos verbos de dirección focalizados no traxecto e cos de modo de movemento continuo o CLP presente unha alta variabilidade no nexo que introduce a circunstancia, xa que con estes dous grupos semánticos esta circunstancia é un argumento.

Finalmente, neste capítulo imos revisar outras dúas posibilidades sintácticas de que dispón o emisor para transmitir semanticamente as distintas referencias locativas. Estamos a nos referir ó OD e ó OI. A concorrencia cos circunstanciais de lugar non é libre, xa que existen condicionantes semántico-sintácticos e comunicativos que os formulan como posibilidades en desvantaxe fronte ó CLD, CLP e CLO.

### ***7.1. Aproximación ós locativos***

Antes de comezar coa revisión pormenorizada da relación dos locativos con cada subgrupo de verbos de movemento en particular, imos facer unha presentación xeral do funcionamento dos circunstanciais de lugar xunto destes lexemas verbais. Formulamos aquí un conxunto de constantes no seu comportamento que nos permiten establecer regras que guían o funcionamento prototípico destes complementos.

### 7.1.1. Locativo de destino

A localización de destino é a que se pode marcar a través dun maior número de nexos (véxase Táboa 116). Isto é froito da maior pluralidade semántica que rodea a especificación de lugar de chegada. O destino do desprazamento pode ser observado dende unha gran diversidade de prismas: podemos querer indicar permanencia no lugar de chegada (*foi para a escola*) ou unha visita puntual a este (*vou á escola*); temos a opción de marcar ese espazo como o límite alcanzado do proceso que significa o desprazamento (*chegou á casa*), polo tanto non hai a necesidade de determinar se vai haber permanencia, xa que esa é unha información secundaria; podemos concretar a dirección do movemento sen que teña que carretar que ese lugar sexa alcanzado (*entrou para a casa*); podemos especificar con este complemento diversas ideas a respecto do modo final de quen ou o que realice ese movemento: se estará en compañía de algo ou alguén (*foi para xunta de María*), o tipo de localización final (*levouno enriba/debaixo/ó lado desa casa*), etc. Con isto amosamos que a pluralidade de matices con que observar o punto final do desprazamento trae consigo a variedade de nexos, ou a diversidade destes amosa a amplitude de matices que pode acompañar a especificación do locativo de destino. Mais, lembrando que as ferramentas lingüísticas se crean para responder a necesidades comunicativas, este feito constata a importancia no feito comunicativo deste punto. Así se explica que esta sexa a única localización que apareceu no noso corpus con todos os grupos de verbos de movemento (véxase cap. 6) e que requira ou permita unha gran profusión de semas para concretar a súa descrición.

Mais se consultarmos as táboas que aparecen no Anexo VII a respecto do tipo de unidades e os nexos que introducen o complemento direccional de destino, veremos que, a pesar da gran variedade de enlaces referida, existe unha clara preponderancia de dúas preposicións: *a* e *para*. Só saen desta liña de comportamento dous verbos: *parar* e *entrar*; estes rexen, preferentemente, a preposición *en* como nexos introdutor do destino (véxase Táboa 117).

Deste modo xorden dúas cuestións que tentaremos resolver aquí: que regula, por un lado, o dominio destes dous nexos e, polo outro, a presenza de cada unha destas preposicións.



## Os complementos locativos

Grupo semántico	Verbo	LG		LP	
		oral	escrito	oral	escrito
Arquismema VDM	<i>mover</i>	para	a/para	-	para
VD na verticalidade	<i>subir</i>	a	a	-	a
	<i>baixar</i>	a	a	-	a/para
VD de destino	<i>chegar</i>	a	a	a	a
	<i>entrar</i>	en	en	en	en
	<i>achegar</i>	a	a	-	a
	<i>traer</i>	para	a	para	a
	<i>ir</i>	a	a	para	a
VD de orixe	<i>levar</i>	a	a	a	a
	<i>saír</i>	a/para	a	para	para
	<i>vir</i>	a/para	a	para	a
	<i>marchar</i>	para	para	-	para
	<i>partir</i>	para	a/para	-	para
VD de traxecto	<i>pasar</i>	a/para	a	para	para
	<i>atravesar</i>	para	a/para	a	a/para
	<i>andar</i>	para	para	fav/para	para
VMM continuo	<i>camiñar</i>	para	para	para	para
	<i>correr</i>	para	a/para	para	para
VMM reverxente	<i>tornar</i>	a	a	a/para	a
	<i>voltar</i>	a/para	a	fav/para	a
	<i>volver</i>	a	a	-	a
VMM secuencial	<i>parar</i>	en	en	a	en

**Táboa 117: Fórmulas primeiras para introducir o circunstancial de destino**

A resposta ó primeiro punto está na propia natureza semántica de *a* e *para*. Son os enlaces prototípicos de dirección, mais isto non quere dicir que sexan neutros no tipo de especificación que indican ou que o intercambio entre si non provoque unha mudanza de significado. Así enlazamos a resposta do primeiro interrogante coa do segundo. Trala revisión do noso corpus encontramos tendencias xerais no funcionamento de *a* e de *para*. Na lingua non sempre se dá unha escolla entre A e B, de maneira que A presenta un trazo e B o seu contrario; a tipoloxía de nexos que indica destino non é un caso en que só se ofrezan dúas alternativas mutuamente excluíntes. Polo tanto, o que procuramos é delimitar tendencias de uso que xustifiquen a escolla de *a* ou *para* entre todas as opcións posibles para marcar o destino, sen que iso signifique exclusión de ningunha outra escolla. Por engadido, os dous idiomas obxecto de estudo, por un lado, e a oralidade fronte á escrita, polo outro, condicionan á súa vez o uso das referidas predisposicións. De todos os xeitos, podemos establecer unha serie de valores e situacións máis prototípicas para cada un dos dous nexos.

A preposición *a* utilízase como o nexos introdutor dun circunstancial de destino cando este é entendido como:

## Os complementos locativos

1. Un lugar para visitar ou en que permanecer temporalmente: co uso de *a* márcase a temporalidade limitada da permanencia no lugar de chegada. Este é o punto base de contraste entre *a* e *para* na maioría dos verbos, xa que o uso do primeiro admite un matiz de transitoriedade da nova localización do móbil (*vou á casa* ou *levouno á casa* son contextos onde o desprazamento ata un lugar non ten que significar permanencia), que con *para* non é posible ó adscribirle un carácter definitivo ou de maior duración a esa nova situación espacial (*vou para a casa* ou *levouno para a casa*).

2. Un límite: nestes casos o destino é o límite alcanzado, sen necesidade de especificar se o móbil permanecerá máis ou menos tempo nel. Só se destaca o feito de ser un dos puntos estremeiros do desprazamento. Nestes casos *a* pode alternar con outras preposicións tal que *ata* (*chegou á miña casa*).

3. Un lugar cun fin concreto: en moitos casos o lugar ó que se dirixe o móbil carrega unha finalidade intrínseca. Habitualmente a acción que lle é propia conta cunha duración temporal limitada. Isto explica a escolla de *a* (*tróuxoo á escola*).

4. Un novo estado ou situación alcanzado ou por alcanzar: aquí a transitoriedade non é evidente, xa que o novo estado ou situación alcanzada pode ser de carácter definitivo (*chegou á máxima categoría*). Deste modo esperaríase que a preposición usada fose *para*. Pero, por outro lado, con este sentido abandónase o desprazamento propiamente físico, éntrase en significados de carácter metafórico con que adoita combinarse *a*. Estamos así nun espazo fronteirizo que explica a diferente rexencia prepositiva segundo o verbo e, moitas veces, segundo as preferencias de cada lingua. Deste modo, a lingua galega escolle nestes casos habitualmente *a* fronte ó portugués que se combina aquí con *para*.

Fóra dos valores referidos, encontramos tres contextos semántico-sintácticos onde o uso de *a* se ve favorecido:

5. Cando o verbo abandona a idea de desprazamento físico: nestes casos, singularmente na lingua galega, as probabilidades de escolla de *a* aumentan fronte ás de *para*. O menor peso semántico desta preposición explica que poida ser utilizada en contextos semanticamente diversos.

6. Cando un circunstancial de orixe se combina co de destino: o valor que presentamos como segundo (demarcar o límite do movemento) explica que, na

maioría dos casos en que se especifica a orixe do desprazamento, o destino sexa introducido por *a*. Esta rexencia prepositiva é máis clara no caso do galego.

7. Cando hai unha focalización do destino: canto menor sexa a focalización dos puntos da liña espacial diferentes ó destino ou doutros aspectos do movemento, maiores serán as posibilidades de que o CLD se introduza con esta preposición. Isto é, así como o verbo se vai cargando de significado e se focalizan outros aspectos da acción, fóra do propio destino do movemento, *a* vai perdendo importancia.

Pola contra, con *para* a estadía no lugar de chegada márcase como máis duradeira. Por conseguinte, os valores que se adscriben a esta preposición son:

1. Permanencia: o uso de *para* distínguese de *a* na maioría dos rexistros do noso corpus neste trazo; se o emisor procura marcar o destino alcanzado como un lugar de permanencia de longa duración ou definitivo (*veu para a casa ás 12*), o nexos introdutor dese complemento será *para*.

Con este sentido están relacionados outros tres, mais son concrecións deste valor que pola súa recorrencia no corpus imos tratar como especificacións singularizadas.

a. Destino dun produto: o lugar en que será comercializado ou consumido un determinado produto, debido ó seu carácter definitivo, será marcado con *para* (*esas laranxas van para Estados Unidos*).

b. Cargo ou posto nun grupo ou institución: hai unha mudanza de adscripción de algo ou alguén (*levouno para o seu partido*).

c. Estado ou situación: se o cambio se dá na propia configuración ou carácter do individuo, na lingua portuguesa é esperable que o estado ou situación novo vaian introducidos por *para*; pola contra, na lingua galega é máis común aparecer, como xa vimos, rexido por *a*, aínda que non é unha construción allea a esta lingua.

*Hóquei em Patins: Suarez chegou para o Barcelinhos (J26859).*

*Pero tamén era un bon propagandista pra... traendo... traendo xente prá s dreitas (REGTD989).*

2. Dirección: o locativo de destino non carrega a chegada a ese lugar, xa que demarca a dirección que se toma no desprazamento (*entrou para a tenda*).

Pero tamén hai tres contextos semántico-sintácticos que se revelan como predispostos para a selección de *para*:

3. Con verbo pronominal: cando o verbo ten un significado que xira ó redor da idea de ‘abandono’, a presenza de *para* pasa a ser practicamente obrigada (*foise para a casa*). De todos os xeitos, esta é unha tendencia de uso máis propia da lingua galega ca da lusa (véxase o apartado 7.2.4.).

4. Con circunstancial de orixe explícito: na lingua portuguesa é máis habitual a rexencia de *para* co locativo de destino se se concreta lexicamente o punto de orixe do desprazamento.

5. Cando o termo da frase preposicional é un adverbio existe unha predisposición cara á escolla de *para* (*subiron para aquí*). Determinar que regula a escolla entre *a* e *para* nestes contextos, como e por que esixe un traballo centrado nesta cuestión, polo que aquí só imos rexistrar os contextos que encontramos no corpus de investigación.

Ademais, como xa se foi vendo enriba, a lingua e o código mostran os seus propios condicionantes.

En trazos xerais, a partir dos datos do noso corpus, a lingua galega ten unha predisposición para *a* mentres que a lingua portuguesa cara a *para*. É unha tendencia xeral que observamos no conxunto dos verbos, aínda que o peso deste condicionante non é igual en todos eles. *Para* é unha preposición máis marcada semanticamente ca *a* na lingua galega, o que explica que a segunda sexa máis empregada ou versátil; pola contra, na lingua portuguesa *para* está a sufrir un proceso de baleirado semántico que xustifica a adquisición progresiva de novos valores. Este é un proceso alleo, segundo o noso corpus, á lingua galega. A partir de aí xustifícase o desequilibrio entre os dous idiomas.

Por outra banda, no noso corpus os modelos de lingua maioritarios nos corpus oral e escrito das dúas linguas son afastados entre si. Mentres nas fontes orais domina a coloquialidade, nas escritas son moi importantes as situacións comunicativas formais. Por conseguinte, este condicionante froito da natureza do noso corpus e o propio carácter non perdurable e inmediato da oralidade, condicionan o propio discurso de maneira que as regras que a regulan diverxen coa escrita. Deste modo explícase que neste tipo de textos os dous nexos non presenten a mesma capacidade de intercambiárense coma na escrita, pois a regularidade na conservación dos valores ou

contextos adscritos a cada unha é maior no discurso oral, en singular na coloquialidade.

Expuxemos aquí unha serie de principios reguladores da escolla das dúas opcións maioritarias de nexos introdutores do destino. Veremos nas seguintes páxinas que existen casos que se desvían deles, pero son minoritarios e habitualmente responden, á súa vez, a condicionantes diferentes que entran en concorrencia cos primeiros. Deste modo, hai unha forma de predicir que nexo ten máis posibilidades de aparecer nun determinado contexto a partir de regras e non dun modo arbitrario.

Para finalizar coa unidade sintáctica de destino, revisaremos un caso particular especialmente importante na construción deste complemento cos verbos *entrar* e *parar*: a rexencia da preposición *en* como indicativa do lugar final do desprazamento.

A oposición entre dirección e situación locativa non é constante, senón neutralizable en moitos casos, e incluso variable en canto á súa forza diferenciadora no discurso. O maior expoñente deste feito encontrámolo, dentro dos verbos de desprazamento aquí estudados, cos dous lexemas referidos. Aínda que semellan unidades afastadas polo tipo de movemento que describen, nas dúas estas dimensións locativas fúsiónanse na maioría dos casos.

As diferenzas entre os dous verbos sitúanse na conceptualización do desprazamento. Con *entrar* é visto como un proceso cara a un destino concreto, mentres que no caso de *parar* éo como unha acción que sofre diferentes interrupcións, é dicir, secuencial. Pero a partir de aquí comezan as coincidencias. Para os dous o destino desenvolve un rol argumental e este introdúcese primeiramente por *en*. A xustificación da escolla preferente deste nexo sitúase na dimensión temporal. Estas unidades focalizan a actividade dende unha perspectiva perfectiva. Deste modo o destino abandona o seu status de punto final dun desprazamento e pasa a definirse como lugar alcanzado, espazo onde se encontra o móbil despois de realizarse o desprazamento, ou sexa, situación. Logo, con cada verbo o locativo traerá consigo diferentes matices de significado. Con *entrar* o CLD enténdese como un contedor físico (*entrar na casa*) ou metafórico (*entrar no grupo*) (véxase apartado 7.2.1.), mentres que con *parar* este locativo describe o espazo onde se interrompe o desprazamento ou a acción (*parou na casa*), con idea de permanencia que pode estar verbalizada na construción oracional (véxase apartado 7.2.6.).

Cando estes dous verbos describen unha acción non perfectiva, o CLD únese ó verbo con *a* ou *para*, segundo os parámetros que lle son propios (*está entrando para a casa* ou *vai parar ó mesmo café todos os días*). En definitiva, a diferenza entre *en* e *a~para* está no modo en que se describe a acción. Se se observa como un proceso concluído aparecerá a primeira, se se destaca a duración ou o progreso da acción escollerase unha das outras. O que singulariza estes verbos dentro do grupo de verbos de movemento con desprazamento é ser o primeiro contexto o máis utilizado en todos os corpus.

### 7.1.2. Locativo de orixe

A orixe móstrase como unha circunstancia máis limitada no uso e na diversidade formal có destino. En primeiro lugar, porque a súa combinación cos verbos de movemento non é equiparable á da indicación de lugar de chegada; a súa presenza é máis reducida chegando con algúns verbos a ser absolutamente anecdótica. Por outra banda, é a circunstancia locativa con que rexistramos un número menor de nexos. No noso corpus só recollemos 10 formas diferentes de indicar o lugar de partida do desprazamento, mais, se nos fixamos no peso de cada unha delas (véxase Anexo VII), veremos que claramente destacan dúas sobre todas as outras.

A indicación de orixe márcase primeiramente con *de*, seguido por *desde/dende*. Na lingua portuguesa só se emprega *desde*, mentres que en galego conviven as dúas formas. Neste idioma, a preposición *desde* é moito máis empregada ca *dende*, pero ó longo de todo o corpus non encontramos razóns semánticas que opoñan entre si as dúas preposicións, polo que funcionan como sinónimos gramaticais. Existe unha certa especialización no estilo de lingua. Aínda que *desde/dende* son máis habituais nas comunicacións de estilo formal e que rexistramos exemplos con *dende* no estilo coloquial (I), *dende* posiciónase como unha estratexia de lingua coidada e de diferencialismo (II). Os rexistros que atopamos no noso corpus con *dende* son tirados fundamentalmente de obras da Época Nós, do período Galaxia e de xornais, onde o diferencialismo co español é un principio da elaboración do código escrito. Polo tanto, sen ser máis ca unha tendencia no uso e non unha regra absoluta, debemos establecer os criterios de selección entre estes dous nexos no estilo do texto e non nos valores das preposicións.

(I) *Primeiro viñeran asta Madrí; dend'alí marchaban pra Norteamérica* (REGTD989).

## Os complementos locativos

- (II) *Hoxe imos saborear a mesma vianda que César se facía levar ata Roma dende este lugar* (PNR997).

No contraste entre *de* e o par *desde/dende*, encontramos que este último cobre un número de rexistros considerablemente menor e aparece exclusivamente con verbos direccionais. A orixe é marcada como o linde, o punto de partida cara a outro lugar. É moi común que o CLD estea explícito; por exemplo, no noso corpus a totalidade dos rexistros do verbo *ir* en que o CLO se introduce por *desde/dende* presentan os dous locativos, CLO + CLD. Finalmente, a escolla deste nexo pode focalizar o lugar de partida e marcalo como un punto máis preciso á hora de indicar exactamente o lugar dende onde se inicia o desprazamento ou a acción.

Como xa indicamos, outro condicionante relativo na escolla de *desde/dende* é o estilo de lingua. No noso corpus a maioría dos rexistros extraírense das fontes cun estilo formal dos corpus escritos (I). De todos os xeitos, este é un parámetro que marca unha preferencia, non unha incompatibilidade, xa que a coloquialidade tampouco é allea ó uso destes nexos(II).

- (I) *A esta cámara chega-se dende o pequeno vestíbulo* (RISMIT934).  
*Tamén acesas baixan as granadas rapidamente desde o gran castelo* (PINGAI853).  
*Das ruas planas que vão num grande círculo, desde o fim das docas até à baía de Cascais...* (L0518).
- (II) *Pero dende as orellas pa tras saleume a piel toda da cara* (COUTDI976).  
*Despois alí terminous'a...o frente do Norte, desde alí fomos pra Teruel, alí xa m'empezaron a cribar a tiros* (REGTD1989).  
*Vai desde aquí... até aquí* (913P221).

En definitiva, a preposición primeira indicadora de orixe é *de*. Xorde como segunda opción o uso de *desde/dende*, escolla regulada por tres criterios, non necesariamente simultáneos: o estilo de lingua, a combinatoria con CLD e o tipo de CLO. *Desde/dende* fórmulase como unha marca de estilo formal, require a combinación co punto de destino, podendo elidilo se coincide coa localización presente do falante ou se foi xa antes referido, ou impón a marcación do punto de partida como unha referencia precisa en que non cabe a ambigüidade e imprecisión.

### 7.1.3. Locativo de traxectoria

A traxectoria funciona dunha maneira moi paralela á descrita para a orixe, tanto no que se refire á combinación verbal coma á rexencia prepositiva. O CLP é un satélite

do EA da maioría dos verbos de movemento con desprazamento. Só desenvolve un papel argumental cos VD focalizados no traxecto e cos VMM continuo.

No que se refire á súa construción, indicando o traxecto aparece un único nexa como prototípico, xa que as restantes opcións contan cunha presenza moi reducida. A preposición máis usada para marcar un complemento como locativo de traxectoria é *por*; destaca o seu dominio nas fontes orais, en que o índice de probabilidades de que o CLP se introduza con *por* supera sempre o 90% das construcións. As posibilidades diversifícanse lixeiramente na lingua escrita; nos nosos corpus *por* representa como mínimo o 85% dos rexistros na lingua galega e na portuguesa podemos baixar ata o 70%. A diminución do uso de *por* e a conseguinte amplitude de construcións xustifícase porque neste tipo de fontes o maior tempo de reflexión permite, por unha banda, ser máis precisos nas escollas léxicas e, pola outra, evitar repeticións. De todas as maneiras, aínda situándonos no corpus en que menos absoluta é a escolla de *por*, esta ten unha importancia á que non se lle aproxima ningunha outra.

Entre as construcións de CLP con nexa diferente a *por*, destacamos pola súa singularidade construtiva e polo uso tres estruturas: frase nominal con adverbio posposto (*vai río abaixo*), preposicións locativas propias doutras indicacións espaciais e nexos que concretan semanticamente o tipo de CLP.

En 19 rexistros do corpus o traxecto márcase a través dunha frase nominal cun adverbio posposto funcionando de modificador. O substantivo refire unha vía ou instrumento necesario para realizar o desprazamento, mentres que o adverbio marca a dirección deste.

*Non lle era doado facer nada por aquil porvir polo que mundo adiante saíra* (ALSCON955).

*Sair de casa rua abaixo com a certeza de que nenhuma excrecência lhe nasceu* (L0461).

*Desde lle pasou algo o atontamento botouse a andar camiño adiante e logo encontrou unha cocha cos seus ranchiños e díxolle:* (CEFLUG963).

Aínda sendo moi periférico o uso deste tipo de indicación do traxecto do desprazamento, os dous idiomas presentan unha tendencia diferente na súa rexencia. A lingua portuguesa fai un maior uso del nas fontes escritas, mentres que no galego é máis recorrente a súa escolla nos textos orais ou con intención de reproducir a oralidade. Este tipo de distribución inversa revela como é o estilo formal o eido onde o afastamento entre idiomas se intensifica ó responderen a modelos lingüísticos autónomos.



No referido á delimitación do tipo de verbos que rexen esta estrutura, vemos que segundo a carga semántica sexa menor e, polo tanto, poida ser usado nunha maior diversidade de contextos ou valores, a capacidade combinatoria con este tipo de construcións aumenta. Así se explica que con *ir* aparecen máis estruturas e en diferentes tipos de fontes, en oposición ás restantes unidades que recolleron un uso máis ocasional e restrinxido deste modo construtivo do CLP.

Nas fontes escritas do noso corpus, especialmente se o estilo de lingua é o formal, as preposicións indicadoras de destino *a*, *para*, *en* e a de orixe *de* poden abandonar o seu sentido primeiro e pasar a referir o traxecto. Este é un transvasamento semántico con consecuencias, xa que á idea de traxecto se lle engaden outros semas herdados do valor primeiro destes nexos. De todas as maneiras, estamos a revisar un número moi escaso de rexistros da base e só recollidos cos verbos que teñen esta circunstancia como argumento do seu EA: os VD de traxecto (*atravesar*, *pasar* e *andar*) e o VMM continuo *correr*. Semanticamente, a consecuencia destacada do transvasamento de valores das preposicións é a ambigüidade: *de* engádelle ó CLP a indicación do instrumento con que ou a través de que se realiza a acción (I), con *para* fúndese o traxecto cunha referencia espacial de destino imprecisa (II), con *a* engádeselle ó CLP o matiz semántico de límite (III) e con *en* o CLP é o contedor por que moverse e en que quedar un período breve de tempo (IV).

(I) *Uma das razões por que deve escolher andar de auto-estrada é a segurança. E não apenas rodoviária* (J34653).

(II) *Por causa desses correccionais que andam para aí à solta* (L0014).

(III) *Às vezes também me passavam borboletas à frente* (L0028).

(IV) *Ao passar na sala onde ainda estavam Jorge e Maurício, apenas lhes disse* (L0432).

*Às vezes, ela passou na sala para ver o trabalho de cada neno* (Banned (2007): *As coincidencias pasaron de nenos inocentes*. <<http://www.lbreopinion.net>> [13/09/07]).

No noso corpus e nas fontes externas consultadas non rexistramos ningunha construción paralela en lingua galega.

As preposicións diferentes a *por* que máis se repiten á hora de introducir o CLP son, en lingua galega, *vía*, *entre* e *a través de*; e en portugués, *através de* e *ao longo de*. Sempre que aparece un nexo diferente de *por* concretízase semanticamente o tipo de traxecto percorrido con máis precisión. Con *vía* e *a través de*~*através de* e *ao longo de* descríbese a maneira en como se alcanza un punto espacial ou metafórico (I) e

*entre* ou *a rente de~ao rente de* establecen uns límites polos que se desenvolve o desprazamento (II).

- (I) *Houbo fortes restriccións nos ingresos que chegan vía Deputación, vía Xunta e Goberno Central* (PNR997).  
*Os poucos rapaces que a través de Lugrís chegabamos a el, recibiamos un bombardeamento de galeguismo* (FGRANO985).  
*Através da nosa rede clandestina também chegavam algumas informações* (J61700).  
*Parte da cocaína colombiana chega aos Estados Unidos precisamente através do México* (J52873).
- (II) *Dun brinco puxenme no camiño que baixaba ó val, qui era moi fondo e iba antre xesteiras* (FOLLUS953).

En conclusión, sempre que se escolle unha fórmula diferente a *por* para introducir o traxecto é con vistas de enriquecer ou delimitar dalgún modo o sentido global do complemento.

#### 7.1.4. Acumulación de locativos

Os verbos de movemento con desprazamento non presentan incompatibilidades coas diferentes indicacións espaciais: a diferenza está nas posibilidades de que estas aparezan. Cando un circunstancial de lugar é un complemento argumento no EA do verbo, é máis esperable que se verbalice esta figura sintáctica. Este feito regula, á súa vez, as combinatorias de locativos nunha construción.

A acumulación de complementos de lugar satélites é moi pouco habitual. Isto xustifica que en *mover*, verbo que non require ningún circunstancial locativo no seu EA (véxase cap. 6), este tipo de xuntanzas sexa rara, ou que as combinatorias máis habituais sexan as que presentan como un dos circunstancias o CLD, o locativo máis compatible cos VM.

A orde en que aparecen organizadas estas circunstancias non é libre, independentemente da nuclearidade destes complementos no EA dos verbos de movemento. Existe unha colocación dos locativos non marcada: CLO + CLP + CLD (+ CL). Sempre que esta se rompe, débese a un condicionante que se superpón á regra xeral. Búscase un efecto comunicativo ou é produto da natureza semántico-sintáctica da estrutura en que o verbo presenta un estreito vencello co complemento. Deste modo, establecemos cinco situacións en que a orde non marcada se pode alterar:

1. Focalización do circunstancial: adiántase un locativo ás outras referencias espaciais na busca de poñer o foco de atención sobre el (*para a miña casa foi dende o colexio*).
2. Hipérbato: a desorde dos elementos da oración fórmase como un recurso propio da linguaxe literaria.
3. Redundancia informativa: o circunstancial é redundante no plano semántico porque é unha información xa enunciada antes, porque coincide coa situación comunicativa ou porque non se considera importante, de maneira que sería prescindible (*estaba no soto, baixo para alí pola escaleira*) o que permite a súa descolocación.
3. Construción frástica: se o circunstancial argumento e o verbo funcionan como unha construción frástica, o complemento irá xunto do verbo independentemente de que xurdan outros locativos (*viñan a terra dende os seus barcos*).
4. Construción do CLD con *en*: xunto de *entrar* e *parar* o CLD constrúese coa preposición *en*, de modo que se establece un vencello semántico maior entre o verbo e o argumento que xustifica a súa habitual anteposición ás restantes circunstancias locativas (*entrou na casa pola porta*). Se na construción destes verbos o CLD se introduce por outra preposición, mantense a orde que propomos como non marcada (*entrou pola porta para a casa*).
5. Concorrencia no plano semántico entre o OD e o CLP: nestes casos o destino pode anteceder o CLP (*mira que pasar xa tod'a Veigha Ghrande p'acá, polos Prados*).

En conclusión, observamos que nin a acumulación destas circunstancias nin a súa posición na oración son libres, xa que están reguladas por principios que establecen fórmulas predicibles de funcionaren os locativos xunto dos verbos de movemento con desprazamento.

## **7.2. Verbos de movemento con desprazamento e circunstancias de espazo**

Unha vez feita a revisión xeral dos tres complementos circunstanciais locativos obxecto de revisión neste capítulo, imos tratar o seu funcionamento particular con cada un dos grupos semánticos de verbos de movemento con desprazamento.

### 7.2.1. Arquisemema *mover*

A complementación locativa para *mover* ten unha importancia secundaria. Este tipo de circunstanciais chega a ser menos esixido polo verbo ca outros de dimensión modal ou cá presenza dun OI. Ningún EA base de *mover* inclúe un circunstancial de espazo non situacional como argumento; esta ausencia xustifícase no tipo de movemento que indica. Ó ser o arquisemema de desprazamento non concreta a acción máis alá de especificar un movemento en si, de modo que non se dá a esixencia de locativos, especialmente, os direccionais.

De todos os xeitos, *mover* pode combinarse con calquera dos tres puntos locativos da liña espacial, coa orixe (I), co destino (II) ou co traxecto (III); as porcentaxes de uso dos tres circunstanciais son similares entre si e entre idiomas, pois en ningún caso se supera o 5% do corpus.

- (I) *-¿Pro contas verdá? -Que non me mova do sitio* (LPXCON928).  
*Fechou a porta, e veio sentar-se junto do filho, que se não movera do canto do sofá* (L0379).
- (II) *Desprovido desa imaxe de marca que move viaxeiros de todo o mundo até Edimburgo* (3nt993).  
*Também a fé que desde há mais de oitenta anos move, a 13 de Maio, centenas de milhares de portugueses para o santuário de Fátima* (J43939).
- (III) *¿Como non, se na política, e mesmo nos termos polos que se move o mercado, están fartos de demostrarnos que non sempre reacciona igual?* (PNR997).  
*Olhou para êle com desconfiança e quasi julgou ver moverem-se sombras suspeitas por entre os troncos dos pinheiros* (L0016).

Por funcionar como complementos satélites, explícase que a combinatoria entre si tampouco sexa moi común. De darse, un dos elementos recorrentes é o destino, sexa xunto da orixe (rolda o 2% do corpus nas dúas linguas) (I), sexa xunto dun complemento situacional, do que só recolleemos un exemplo no corpus portugués (II).

- (I) *Ela move a cabeça da esquerda para a direita* (L0416).  
*A pouco qu'un se mova dun lado pr'outro* (RISMIT934).
- (II) *Trago ainda em meus olhos a imagem da multidão dos condenados movendo-se, para a formatura, no pátio* (L0085).

Independentemente do carácter anecdótico destas acumulacións de locativos, a posición e a orde na organización dos circunstanciais correspóndese coa que neste traballo definimos como non marcada: CLO + CLD + CL.

Finalmente, réstanos revisar a construción dos locativos xunto de *mover*. A diversidade de nexos que introducen cada un dos complementos muda segundo o tipo de circunstancial. Mentres a orixe, independentemente da lingua, sempre escolle a preposición *de* e o traxecto *por* –só na lingua portuguesa e nas fontes escritas en dous casos o nexo pasa a ser *entre* e nun outro *ao longo de*–, co destino as opcións multiplícanse nas fontes escritas nos dous idiomas. *Ata, cara a, contra* na lingua galega e *com direcção a* na portuguesa comparten indicación locativa con *a* e *para*. Estas dúas últimas caracterízanse como os nexos preferentes.

Como xa vimos, a rexencia de locativos de dirección por parte de *mover* nos nosos corpus é moi escasa. Isto explica que a presenza de *a* e *para* con este verbo sexa similar e que as fronteiras entre os valores ou contextos prototípicos que delimitamos para cada unha delas aquí se dilúan en grande medida.

Os locativos de destino con *mover* introducidos por estes dous nexos aparecen en tres contextualizacións diferentes. Nas dúas primeiras que imos presentar, a mudanza dun nexo polo outro non carrega diferentes interpretacións, mentres que na última desaparece a equivalencia.

1. Ambas as dúas preposicións son usadas para marcar o límite do espazo polo que se realiza o desprazamento convivindo co locativo de orixe.

*Outra señora con acento arxentino movese dun lado a outro (3nt993).*

*Ninguém se movia dum extremo a outro da mesa (L0019).*

*A pouco qu'un se mova dun lado pr'outro, remata por non saber por onde entrou (RISMIT934).*

*Mas ela move a cabeça da esquerda para a direita (L0416).*

2. Na lingua portuguesa apareceron os dous nexos indicando que o lugar de destino é definitivo ou inclúe de seu unha finalidade específica.

*Também a fé que desde há mais de oitenta anos move, a 13 de Maio, centenas de milhares de portugueses para o santuário de Fátima (J43939).*

*E o sistema me descreve das comunicações de antanho, cartas que do Porto se movem à vilória de pescadores (L0430).*

3. Pola contra, é exclusivo de *para* aparecer en construcións pronominais en que o CLD indica dirección.

*A mesma albarda movíáselle pra todos os lados pra ver se o tiraba (PRICON958).*

*Trago ainda em meus olhos a imagem da multidão dos condenados movendo-se, para a formatura, no pátio (L0085).*

Podemos entón concluír que co VDM tanto en galego coma en portugués presenta unha relativa neutralización entre os usos propios de *a* e *para* como nexos introdutores do CLD, coa excepción de aparecer en construcións pronominais, onde a única opción construtiva é *para* porque o circunstancial especifica a dirección do desprazamento.

### 7.2.2. Verbos de movemento con desprazamento na verticalidade

Na liña vertical o verbo de movemento indica un ascenso ou un descenso. A diferente dirección trae consigo unha particular estrutura argumental. Por conseguinte, o vencello entre *subir* e *baixar* cos diferentes complementos circunstanciais de lugar non coincide.

*Subir* rexe un circunstancial de destino como formante do EA base; é dicir, hai unha clara predisposición cara á rexencia deste punto espacial. Xa fóra dos EA prototípicos, encontramos que con *subir* o destino pode combinarse con outras referencias locativas e, en menor medida, elidirse a favor delas. A última posibilidade é moi minoritaria e desenvólvese dunha forma diferente segundo o idioma.

A indicación semántica do traxecto do desprazamento a través dun complemento circunstancial con preposición *por* e non dun OD ten un peso na lingua portuguesa case que inexistente (no corpus escrito representa o 2,6%), mentres que no galego o seu uso configúrao como un EA secundario (rolda o 10% do corpus galego).

*Iba solo e, como non podía subir todo polas pedras de San Xeao, viña a remos ata Cariño, a vender* (PEAPES001).

*Um fumo, como de fogueiras, subia por trás das muralhas* (L0299).

En confronto, no corpus portugués escrito o locativo, despois do destino, máis usado xa non é o traxecto, senón a orixe (I) ou a localización *en* (II).

(I) *Um murmúrio de desolação crescente subia do «sol»* (L0045).

*Nota vento que sobe, frío, das profundidades* (MEFARR991).

(II) *O dia subira nas manchas de sol dos sobrados e nos pastos que pareciam escorrer leite* (L0045).

*Os que neguen o celtismo están nunha illa onde o auga non pára de subir* (3nt993).

Os tres modelos construtivos son posibles nos dous idiomas, pero presentan unha predisposición diferente no corpus segundo nos situemos no galego ou no portugués.

## Os complementos locativos

De todos os xeitos, en todos os casos son construcións secundarias e máis recorrentes na lingua escrita, tipo de código en que a pluralidade de estruturas aumenta no conxunto dos verbos de movemento con desprazamento.

Esta mesma distribución minoritaria nas dúas linguas e máis común nas fontes escritas preséntana as construcións con acumulación de máis dun complemento circunstancial locativo. Tal e como anunciamos, as xuntanzas de complementos espaciais teñen como elemento común o circunstancial de destino. Este argumento para a construción sintáctica de *subir* ten a posibilidade de combinarse coa orixe (I), co traxecto (II) ou cos dous (III).

- (I) *Eu de tanto subir do morrillo ás travesas, cansabame dos pés* (BLABIO962).  
*Enfim chegou a termo, dali subiu à tribuna da casa de Benedictione* (L0486).
- (II) *Pensei a maneira de collela desde terra e tratei cun rapaz para subila pola ribeira arriba hasta Cedeira* (PEAPES001).  
*Acharam-se finalmente junto da escadaria de pedra, por onde se subia para uma espécie de patamar* (L0016).
- (III) *O quintal das tias, de onde se subia por três degraus de pedra para o pátio da criação, era cercado de um muro* (L0508).  
*A casa tiña unha gran solaina de pedra. Subíase a ilesa dende o horto por unha escafeira* (FOLLUS953).

A orde destes elementos na construción presenta moi poucas variables, seguen o que definimos como a orde non marcada: CLO + CLP + CLD. Cando esta disposición se altera, sempre se debe á busca da focalización do circunstancial antecedido (I) ou á súa natureza redundante no plano semántico (II), que lle permite preceder as outras referencias espaciais.

- (I) *Subíase a ela por cinco pasos de escafeira* (LFRNIN905).  
*Em cima a çoteia, para onde se sobe por degraus de tijolos* (L0009).
- (II) *A casa tiña unha gran solaina de pedra. Subíase a ilesa dende o horto por unha escafeira* (FOLLUS953).  
*Meia centena de leitores portugueses do Expresso subiram domingo de manhã, pela escarpa acima, da Ribeira até à Batalha* (J43666).

No caso de *baixar*, estamos ante un verbo cun comportamento sintáctico-semántico diferente segundo o idioma, de maneira que non coinciden nos EA base nin na súa relación cos locativos en xeral. Deste modo, na lingua galaica as referencias locativas de dirección poden ser argumentais, pero en portugués só contan con opcións de gozar dese status o locativo situacional ou o punto final de desprazamento; pola contra, a orixe e o traxecto ocupan sempre un rol satélite.

## Os complementos locativos

Á súa vez, as combinatorias entre estes circunstanciais recollidas en galego e en portugués tampouco son as mesmas, xa que no segundo se reducen as posibilidades á acumulación máis habitual de locativos, isto é, a orixe e mais o destino.

*Faz o grupo de telecomunicação baixar a sua participação de 68, 6% para 48, 6% (J43218).*

En galego, recollemos ademais desta combinatoria (I) a do destino co traxecto (II) e a da orixe co traxecto (III), sen que o destino estea explícito.

- (I) *El iba a falar cas vacas e baixou dun ... esí dun monte pr'on prado (LCAFAL990).*
- (II) *Pola trapela baixou á corte (LPXCON928).*
- (III) *Un suor salgado, con sabor a poeira, baixaballe da frente polas facianas páledas (ALSCON955).*

Son todas estruturas cun peso menor no conxunto das bases ó non superar nunca o 2% do corpus, pero marcan unha diferenza no comportamento do verbo entre idiomas.

Pola contra, en todas estas acumulacións a orde dominante é a que definimos como non marcada: CLO + CLP + CLD. No noso corpus, aqueles rexistros onde se altera esta colocación son froito da procura de focalizar o elemento descolocado ou a estarmos ante unha linguaxe máis poética onde a liberdade na colocación dos elementos oracionais se amosa como unha ferramenta esteticamente útil.

*Baixou a Italia desde os países nórdicos co comercio do ámbar (CUEPRO962).*

*O día seguinte baixaban car'o val do Barbantiño por malos camiños empedrados (OPEMAO928).*

*Arribadas que baixan polas costas dende o sitio mesmo en que remataban as obras defensivas dos poboados (CUEPRO962).*

Estas alteracións da orde común só foron rexistradas en galego e en fontes escritas redactadas nun estilo de lingua formal marcadamente literario, polo que a liberdade de construción se xustifica no tipo de mensaxe. En confronto, as limitacións idiomáticas son resultado do propio sentido do verbo en cada idioma: as referencias locativas son menos habituais con *baixar* en portugués porque aquí se dilúe o seu uso como unidade de movemento no plano físico; por conseguinte, a xuntanza deste tipo de referencias e as posibles alteracións na orde dos elementos tamén son menores.

No tratamento por illado de cada un dos circunstanciais de lugar, encontramos que para os dous verbos e nas dúas linguas a diversidade construtiva do CLD é superior á rexistrada para o CLO e o CLP (véxase Anexo VII). O nexo primeiro para introducir a orixe é *de*, seguido de lonxe no uso por *desde/dende*. O traxecto constrúese con *por*



## Os complementos locativos

e, en menor medida, con *entre*. Pola contra, o destino pode ser introducido por unha gran diversidade de nexos, aínda que *a* e *para* destacan sobre as restantes opcións. Os parámetros de selección seguen en grande medida os presentados como reguladores da escolla entre *a* e *para* xunto dos verbos de movemento con desprazamento.

Réxese *para* como nexo do CLD cando se quere indicar permanencia (I), a dirección dun desprazamento (II) ou cando o termo da frase é un adverbio (III).

- (I) *Un formigueiro de xente moza subía para o Paraninfo* (FGRANO985).  
*Cando hai cheas, crecidas, pos é cando elas veñen, baixan pró mar* (LCAFAL990).  
*Subiu para o quarto sob pretexto de dores no corpo e na cabeza* (L0045).
- (II) *Que poñían un... antes había unhas 'scaleiras, subindo pá feira, unhas escaleiras* (REGTD3989).  
*No recosto de um teso, elevado no extremo de extensa gandra que subia das margens do Guadamellato para o nordeste* (L0215).  
*Nas viñas que se meten polas costas que baixan prás ribeiras* (CUEPRO962).  
*O sol vai baixando para o lado da barra, já se estendem as sombras na terra* (L0486).
- (III) *A que non es home de subila para aquí...* (CSRVEN981).  
*O vestido não tem mais que pôr-lhe meias mangas, e subir a cintura para cima* (L0296).

Pola contra, escóllese *a* para reforzar o carácter temporal da visita a un lugar (I), cando o espazo ou a acción traen consigo unha finalidade intrínseca cunha duración temporal limitada (II), cando o destino é un límite e adoita combinarse coa orixe (III) ou se o destino é metafórico, pois indica un novo estado ou situación (IV).

- (I) *Sobe ao quarto e começa a despir-se diante do armário* (L0013).  
*Os seus tutores accederan e a xoven inválida foi subida á aldea e instalada na vella pousa familiar* (MEFARR991).
- (II) *Subir a pé descalzas á ermita deste monte.* (VALMAX880)  
*Terá agora a responsabilidade de o "fazer subir" a Conselho de Ministros para ser aprovado.* (J35100)  
*Baixou o touro a pastagens atravessadas por muita gente.* (L0508)
- (III) *Continuavam várias proposições de fisiologia do trono, e, do caso genérico baixando ao particular* (L0016).  
*Eu de tanto subir do morrillo ás travesas, cansabame dos pés* (BLABIO962).  
*O culto solar asociado ás figuras de cisnes, baixou a Italia desde os países nórdicos co comercio do âmbar* (CUEPRO962).
- (VI) *Podíase presaxiar que a única meta non era outra que a de non baixar á segunda rexional* (PNR997).  
*Manuel Tavares, que defende o título, ficou completamente fora da corrida, ao baixar à sexta posição* (J43886).  
*Baixándose á cativez de lle dar aqueles consellos á súa pareuta* (LAMGAL887).

A pesar de que formulamos a rexencia de cada unha destas preposición dun modo diferente, as fronteiras poden nalgúns contextos diluírse. Isto acontece con *subir* e *baixar* no noso corpus especialmente na lingua portuguesa. Deste modo, cando se indica un estado novo alcanzado, con *baixar* en portugués ten o mesmo uso *a ca para*.

*E por isso Portugal acaba de baixar do 7.º para o 10.º lugar no ranking (J26696).*

Ademais, cando o destino do desprazamento é telúrico e se combina cun locativo de orixe *subir* nas fontes portuguesas adoita rexer *para*.

*E um tépido bem-estar subia do pé para o resto do corpo (L0019).*

Por conseguinte, o comportamento de *para* defínese como unha diferenza constante entre os dous idiomas: o uso da preposición na lingua portuguesa é máis versátil, de modo que conta cunha presenza absoluta maior.

### **7.2.3. Verbos de movemento con desprazamento focalizadores do destino**

O circunstancial locativo de destino é un complemento sintáctico nuclear para o conxunto dos verbos focalizadores no plano semántico deste punto espacial, é dicir, é un complemento argumental para o grupo. En confronto, tanto a orixe coma o traxecto son satélites do EA destes verbos en galego e en portugués.

A orixe é compatible cos cinco verbos encadrados neste subgrupo semántico (*ir*, *chegar*, *entrar*, *traer* e *achegar*), pero en ningún caso os rexistros con CLO superan o 7% dos corpus galego e portugués. A preposición primeira de orixe é *de*; séguela no uso *desde/dende*, fundamentalmente nas fontes escritas e en galego. Foi nesta lingua onde só xurdiron exemplos con *chegar* ou *traer* xunto deste nexos, pero é unha limitación do corpus, xa que encontramos construcións portuguesas parellas en fontes externas.

*Como chegar desde Guarulhos até Guarujá (Praia do tombo) de carro? (Marina (2009): Yahoo resposta. <<http://br.answers.yahoo.com/question>> [01/06/09]).*

*Esta separação foi custosa, já que devimos trazer desde fora aquela energia que surge nas tormentas (Luiz Santo Cruz (1953): Poética menor. Rio de Janeiro: Caderno de Cultura.).*

A escolla desta preposición vén regulada polo estilo de lingua formal e a combinatoria cun CLD, estea explícito ou non. A orixe márcase como un límite dende o que se estende algo, sexa a través dun desprazamento ou dun modo metafórico. Singularmente claro é o dominio deste nexos fóra da idea de movemento no plano

## Os complementos locativos

espacial co verbo *ir* nas dúas linguas obxecto de estudo; mostra do dito é que en portugués só recollemos exemplos con este nexa xunto do referido verbo con sentido alleo ó do desprazamento.

*A esta cámara chegase dend'o pequeno vestíbulo* (RISMIT).

*Isla de los Estados é um excelente passeio para se sentir no Fim do Mundo (...) Se chega desde a Ushuaia em navio (Patagonia Ushuaia-Terra de Fogo. <<http://www.destinationargentina.com>> [01/12/09]).*

*O prezo da entrada vai desde as 1.200 pta. anticipada, ás 1.500 en taquilla* (3nt993).

*A causa de, do ferimento... que ali tenho. A: Que horror! X: Tá a ver? A: Che! X: Vai desde aqui... até aqui* (913P221).

Imos destacar un último tipo construtivo paralelo á *desde/dende*: coa preposición *entre*. Só apareceu con *ir* e no corpus escrito galego.

*A difrenza (...) que vai antr'a verdadeira democracia -que por algo non leva este nome erudito- creada polo pobo, e a que para xeringalo inventan para el os ideólogos* (RISMIT934).

O sentido do punto de partida é idéntico o anterior, xa que indica o límite polo que se move algo ou alguén, normalmente no plano metafórico, e rexé un punto de chegada. É unha opción construtiva moi secundaria, pero sérvenos para definir o espazo onde con máis facilidade a orixe pode estar introducida por unha preposición diferente a *de*.

O uso marxinal na construción destes verbos da indicación do punto de partida caracteriza tamén a rexencia do circunstancial de traxecto. Coa excepción de *achegar*, a dita referencia espacial aparece no corpus de traballo modificando o conxunto dos verbos de movemento focalizados no destino; de todos os xeitos, as porcentaxes que representan estes rexistros volven non ser nada relevantes (véxase Anexo VI).

No referido a *achegar*, a incompatibilidade co locativo de traxecto, na lingua galega, é froito das fontes con que traballamos e non dunha limitación do propio verbo, pois xorden exemplos fóra das nosas bases de datos.

*Para as 4 da tarde rompeuse a calma, achegáronse polo Oeste uns nuboeiros que soltaron unha curta pero intensa tromba de auga acompañada de treboada* ("Diario" en *Frussurf.com*. <<http://frussurf.com>> [25/03/05]).

Non acontece o mesmo en portugués. Neste idioma non recollemos ningún caso nin no corpus de traballo nin en fontes externas consultadas, polo que a partir deste feito podemos concluír que, cando menos, a frecuencia de que este lexema rexá a mencionada referencia locativa é reducida.

A respecto da construción deste circunstancial, o nexo primeiro é *por*. As posibilidades diversifícanse novamente nas fontes escritas. Mantense *por* como o nexo prototípico, pero neste tipo de obras concorre, en situación de clara vantaxe, con outras opcións secundarias. Das recollidas, imos destacar catro por seren as máis repetidas: *vía* e *entre*, en galego; *a través de~através de*<sup>1</sup> e unha frase nominal con adverbio posposto nos dous idiomas. Representan todas estas opcións un máximo do 7% do corpus, agás *através de* que en portugués copa o 27% do corpus. A escolla dunha preposición diferente a *por* sempre responde á intención de enriquecer ou delimitar dalgún modo o sentido global do complemento de traxectoria. Deste modo, *vía* e *a través de~através de* combínanse con *chegar* para, máis que indicar o percorrido do desprazamento, focalizar a maneira en como algo ou alguén alcanza outro algo ou alguén, sexa no plano metafórico (I) ou no espacial (II). En galego a preposición *entre* concorre coa acumulación de *por entre*, de maneira que son dúas fórmulas de especificar o traxecto polo que se desenvolve o desprazamento, sexa físico ou non (III). E, finalmente, o uso dunha frase nominal sen nexo prepositivo, pero cun adverbio posposto que indica dirección mentres o substantivo a vía percorrida é outra ferramenta útil para indicar o traxecto nas dúas linguas deste traballo, singularmente cos verbos *chegar* e *ir* (IV).

- (I) *Houbo fortes restricións nos ingresos que chegan vía Deputación, vía Xunta e Goberno Central (PNR997).*

*Os poucos rapaces que a través de Lúgrís chegabamos a el, recibiamos un bombardeamento de galeguismo (FGRANO985).*

- (II) *Através da nossa rede clandestina também chegavam algumas informações (J61700).*

*Parte da cocaína colombiana chega aos Estados Unidos precisamente através do México (J52873).*

- (III) *Dun brinco puxenme no camiño que baixaba ó val, qui era moi fondo e iba antre xesteiras (FOLLUS953).*

*Baixa ó muíño, moza. Has ir no comenzo por entre as chousas con hortas que hai por baixo mesmo do teu lugar (CUEPRO962).*

- (IV) *¡Ceo adiante, ceo arriba, vai-te detrás do teu sono, detrás da ilusión cativa, desa groria fuxitiva que che ten de dar un trono! (CABMAR963).*

*A passo vagaroso, com intento de sair-lhe a caminho, foi quintal abaixo (L0284).*

O carácter satélite da orixe e do traxecto xustifica que as acumulacións de locativos sexan menores no noso corpus. Só con *ir*, e sempre nas fontes escritas tanto en galego

---

<sup>1</sup> A locución prepositiva *a través de* é propia do galego, mentres que *através de* éo do portugués.

## Os complementos locativos

coma en portugués, a xuntanza de dous locativos alcanza un máximo do 3% do corpus; cos restantes verbos ou non alcanza o 1% do corpus ou non rexistramos ningún exemplo, como acontece con *achegar* en ambos os dous idiomas. O destino pode acompañarse coa orixe, co traxecto ou apareceren as tres referencias espaciais na mesma construción (I), pero estas non xorden nunca xuntas sen o destino, xa que nos contextos rexistrados onde non está explícito o CLD, pódese extrapolar do contexto (II).

- (I) *E engade que a nosa hora ...ha de ser na nosa xeración: «Un día irei do Caurel a Compostela por terras liberadas!»...* (FGRANO985).
- (II) *Visitar Galicia é fácil. (...) Por estrada podese chegar a través da N - VI dende Madrid* (PNR997).

A orde non marcada dos circunstancias de lugar é CLO + CLP + CLD.

*Por permissão do alto fun dend'a Corte astr'Ourense, com'unha lebre, dun salto* (CURDIV888).

*Eu cheguei de Paris ao Aeroporto da Portela* (J52663).

*Nós entrábamos polo portal pa dentro* (PSATDI987).

*Primeiro trilhou todas as vias dolorosas por onde pode ir a honra de uma mulher até ao calvário* (L0115).

A ruptura desta débese a tres dos parámetros propostos neste capítulo (véxase apartado 7.1.4.): a focalización do elemento adiantado (I), o carácter redundante da información do circunstancial, neste caso, do elemento posposto (II) ou o estreito vencello sintáctico entre o verbo *entrar* e o CLD introducido por *en* (III).

- (I) *Alcontrase un lavadeiro tipicamente romano, pra o que traguían as augas percisas desde o Bibei* (PRICON958).  
*Á humilde e escondida estância / Da venturosa Belem / cheguei* (L0016).  
*¿A dónde vas subindo tan calada dende acá triste roca?* (PINGAI853).
- (II) *E as personagens são um jovem japonês que chega à Austrália, de Tóquio, para comprar um Citroen DS que o obceca* (J52690).
- (III) *Acompanhado do dito estudante, de Xabregas à Cotovia, ambos a pé, entrando na cidade pela Porta de Santa Cruz* (L0486).  
*Ademais da prencipal, aberta por suposto na fachada do Poniente, entrabase na eirexa por outras tres portas laterales* (LFRN905).

Existe unha cuarta situación que tratamos dun modo separado porque non estamos propiamente ante unha acumulación de locativos. O complemento que funciona aparentemente como un CLD é un elemento discursivo utilizado para propiciar unha pausa ou focalizar a información espacial que o segue. Este tipo de ferramentas discursivas son habituais no estilo coloquial na oralidade en galego. O estudo do seu

## Os complementos locativos

comportamento non é un dos nosos obxectivos deste traballo; a súa complexidade e recorrencia xunto dos verbos de movemento con desprazamento fan dela unha interesante materia de revisión para outras posibles investigacións, pero a súa inclusión na oración non significa unha ruptura na orde prototípica de locativos porque non hai unha xuntanza desta natureza.

*Compraron unhos cestos qu'os tráguían eí unhos cesteiros de Nande (LCAFAL990).*

O destino, como referencia locativa central para este grupo semántico de verbos, é o circunstancial baixo o que se recolle un maior número de fórmulas de construción. Neste traballo destacamos tres nexos marcadores de punto final de desprazamento: *a*, *para* e *en*.

Con *en* descríbese a situación en que se encontra algo ou alguén; pero con certos verbos de movemento (dos que incluímos neste traballo, *entrar* e *parar*) é o modo primeiro para referir o punto final do desprazamento (véxase apartado 7.1.1.). Con *entrar* o CLD introducido por *en* descríbese como un contedor, sexa un lugar (I), un obxecto en que inserirse (II), un grupo social ou humano, unha situación, unha obra ou ferramenta de consulta ou o resultado dunha mestura de elementos que inclúe no seu interior (III).

- (I) *Cando entramos na vosa casa, vivo trasunto da tenda do pastor bereber, estonces é cando se fai patente pra nós, o perpetuo conflicto en que, en tódo-los ordens, vivimos convosco (MURDIS891).*

*Apenas Cristóvão entrara no palácio, as grossas portas, eriçadas de ferros, foram fechadas (L0299).*

- (II) *Así que, con nove anos, miña nai mandábame solo, nunha chalana, a coller o que entrara nas nasas (PEAHOM004).*

*A roupa suja entrou nas sacas de retalhos, que foram penduradas ao ombro (L0494).*

- (III) *O aborrecimento que lle produciu o «nouveau roman» impediulle entrar na selva de tal escola literaria (3nt993).*

*Teu pai tamén ten sesent'e nove, e cumplímo-los este ano e entra en setenta, coma min (REGTD989).*

*Quando Ferreira de Oliveira entrou na empresa, o valor de avaliação da Petrogal não chegava aos 200 milhões (J43217).*

*O rãguebi internacional entra agora num período de acalmia (J28616).*

Con *entrar* tamén se pode describir o proceso en evolución, desenvolvéndose. Nestes casos para que o nexo prepositivo poida seguir sendo *en* aparecen certos condicionantes. Require a presenza doutros elementos que marquen a acción como

## Os complementos locativos

non perfectiva, por exemplo, adverbios imperfectivos (I) ou a través da propia forma verbal (II).

- (I) *Según entra na ... no cuarto, pos levantou unha perna pa riba* (LCAFAL990).  
*As finalistas entran agora numa fase decisiva de traballo e promoción* (J26861).
- (II) *Se fose mozo xa estaba entrando nese baile, para quencer a paus...* (CASVEL953).  
*Foram entrando nele, como pequenas ondas tranquilas, os minutos dos séculos* (L0213).

Mais non deixa de ser esta unha posibilidade reducida. A tendencia xeral nestes casos é o uso de *a/para* á hora de marcar a acción como un proceso en desenvolvemento.

A escolla entre *a* e *para* con todos estes verbos regúlase en trazos xerais polos principios que definimos enriba (véxase apartado 7.1.1.). Deste modo, o CLD introdúcese con *a* para reforzar a idea de temporalidade na visita (I) ou para indicar que o CLD é un límite espacial ou metafórico (II), de xeito que será esperable que cando o CLD se combine co CLO se introduza con *a*, tal e como se observa nos rexistros de acumulación destes circunstanciais con *traer* e *ir* tanto en galego coma en portugués (III).

- (I) *E mantiñ' o ganao. El pagabamas, i eu traghi 'as á casa pra vendelas* (CACQUE986).  
*E também gosta de touros, vai sempre que pode, já foi três vezes à feira de Badajoz* (J59906).
- (II) *¿Haste levantar, ou traioche o desaiuno á cama?* (LCAFAL990).  
*Sabe que trazem à sua presença a função das carpideiras da família* (L0518).  
*¡Daquela as mulleres non entraban òn bar, eh!* (REGTD3989).  
*Pergunte a sua excelência se posso entrar à sua câmara com um amigo* (L0297).  
*Entramos ó trato* (CACQUE986).  
*Foram construídos apenas 20 destes aparelhos e só 14 entraram ao serviço* (J35187).
- (III) *E dicen qui é du burro que trouxo desde Andúxar ó Valle do Mao as reliquias de San Eufrasio* (CEFLUG963).  
*O elexido por Dios pra levar e traer as ánemas dunha parte a outra?* (LAMGAL887).  
*Il, caviloso, vai dunha banda a outra* (DIEFIE958).  
*E engade que a nosa hora ...ha de ser na nosa xeración: «Un día irei do Caurel a Compostela por terras liberadas!»...* (FGRANO985).  
*E adeus, que vou daqui a casa de meu irmão desembargador* (L0297).

Alén destes parámetros, e en trazos xerais, *a* formúlase como o nexa menos marcado xa que é a preposición rexida para introducir a indicación de destino na maioría dos sentidos verbais metafóricos ou sen desprazamento físico. Isto explica que o CLD introducido por *a* sexa a casuística maioritaria coa práctica totalidade dos verbos de movemento focalizados no destino (véxase Anexo VII).

## Os complementos locativos

O uso de *para* carrega a idea de permanencia no lugar de chegada, para quedar a vivir ou instalarse nel (I), por ser o destino de venda ou consumo dun produto (II), ou para formar parte dunha nova realidade ou grupo (III); marca o CLD como unha dirección do desprazamento (IV), valor recollido con *atravesar* (aquí sitúase o único rexistro que recolleemos en que o locativo se introduce con *para*), *ir* e con *chegar* con estrutura pronominal, polo que é unha construción máis habitual en portugués, porque co sentido ‘aproximarse’ en galego óptase por *achegar* (IV); e introduce o CLD cando o verbo indica ‘abandono’, como é o caso de *ir* que nestes contextos pode formularse como un verbo pronominal ou sen pronome formante léxico (V).

- (I) *Há muitos anos, José Miguel Júdice tentou trazer esta estimulante polémica para a fogueira mediática* (J61843).  
*E irán pá casa nova. ¿p'onde han d' ire ?* (AVVTDI990).  
*Eu tinha entrado para o hospital eram nove da noite* (913P223).  
*Se baixaba pelas escadeiras entraba para a igrexa por unha porta* (CCGCTI998)
- (II) *A boa para Valencia, Barcelona e o estranxeiro, sobre todo a de bonito, que iba para Estados Unidos* (PEAPES001).  
*Pedisse nossos produtos daqui da madeira fossem para a feira internacional* (816P202).
- (III) *Hóquei em Patins: Suarez chegou para o Barcelinhos* (J26859).  
*Pero tamén era un bon propagandista pra... traendo... traendo xente prás dreitas* (REGTD989).
- (IV) *Achegando para a cabeça um do outro os bornais que faziam de travesseiro* (L0583).  
*¿Ustedes van pa'Rmisende? ¿Non viron unha'rmita alá pa baixo?* (FRETGE985).  
*Os Comboios que vão para Shaoshan* (J52950).  
*O mendigo pôe os olhos na braseira, que está a um lado e vai-se chegando para ela* (L0028).
- (V) *E después, claro, il tamén terminou por irse pra Sarria* (LCAFAL990).  
*Em seguida, limpou-se rapidamente à toalha, abriu a porta da cozinha e foi-se embora para o quintal* (L0518).  
*Outra vês, fomos... pero eso foi antes de ir eu pa Francia* (AVVTDI990).  
*Estamos a tratar os imigrantes pior do que os nossos foram tratados quando foram para o estrangeiro* (J34872).  
*Ming. ¿E a dónde te fuches?* (FNZPRO810).

Estas tendencias de escolla non son máis que principios ou regras xerais. No noso corpus, cando o CLD indica unha dirección o complemento na construción de *atravesar* pode introducirse con *a* ou *de* (I); ou en lingua portuguesa *traer* cando na súa construción se acumula un CLD cun CLO, o nexo do primeiro adoita ser *para* ó igual que nas fontes orais portuguesas consultadas de *ir* (II).

- (I) *O velho achegou-o ao peito* (L0379).  
*Dois lavradores impediram que Benedita se achegasse do cadáver* (L0822).



## Os complementos locativos

(II) *Foi longa e aborrecida, esta tirada que trouxe o pelotão da Andaluzia para Castela-la-Mancha* (J26839).

*De além foi para a igreja e pronto* (1055P252).

Estes datos demostran que os principios que formulamos como reguladores da escolla entre nexos non podemos consideralos regras absolutas, senón tendencias que marcan o modo de construírse os locativos nos diferentes contextos semántico-sintácticos.

En definitiva, a revisión dos verbos de movemento con desprazamento focalizados no destino lévanos á delimitación de cinco liñas de funcionamento no que se refire ós nexos prototípicos deste complemento.

En primeiro lugar, a escolla entre *a* e *para* responde a diferentes condicionantes semánticos e sintácticos que se poden delimitar e que manteñen unha harmonía de comportamento xeral no conxunto destes verbos.

Ademais, *a* é un nexos menos limitado semanticamente, o que explica o seu uso maioritario xunto destes verbos que focalizan a atención sobre o destino do desprazamento, é dicir, a visión que a priori parece máis intuitiva da acción do desprazamento.

Para concluír co contraste entre *a* e *para*, a diferenza maior entre a lingua portuguesa e a galega está no hábito de uso de *para*; este é un nexos máis empregado e con valores máis variados na lusa. A separación referida agudízase entre os corpus escritos, porque é neles onde a presión do código estándar –ou o que se considera estándar– é máis forte, polo que tendencias de uso febles na oralidade se radicalizan na escrita. Desta maneira podemos observar que este nexos no idioma portugués está baleirándose semanticamente e, por conseguinte, ampliando o seu campo de uso, mentres que na lingua galega este é un proceso inexistente, segundo o noso corpus.

E, para concluír, vemos que xorde unha terceira opción de rexencia prepositiva. *Entrar* prefere *en* a *para* ou *a*. Volveremos encontrar esta mesma escolla con *parar*. Nestes verbos o destino e o locativo situacional neutralízanse, ó presentarse a acción, de seu, dun modo perfectivo. A fusión das dúas referencias espaciais xustifica a disposición destes verbos cara a *en*. Esta posibilidade construtiva non é exclusiva dos dous ditos lexemas, pero neles a opción convértese en preferencia.

#### 7.2.4. Verbos de movemento con desprazamento focalizadores da orixe

Os circunstanciais locativos de orixe e de destino son nucleares para os VD de orixe, mais a relación de cada verbo con cada un dos complementos non é idéntica. Depende das capacidades de elisión da orixe (véxase cap. 6). Así como aumentan as posibilidades de presuposición do punto de partida e a necesidade de que o desprazamento estea explícito, así crecen as opcións de elidir a orixe e de concretar verbalmente o punto de chegada.

En confronto, o circunstancial de traxecto é para este grupo verbal e nas dúas linguas un complemento satélite cun uso global moi reducido. Aparecen exemplos con todos os verbos, pero nunha porcentaxe absolutamente periférica. Por outra banda, na maioría dos casos este locativo explíctase combinado cos complementos argumentais da orixe ou do destino. Con case a totalidade destes verbos e nas dúas linguas xorde a combinación da orixe e do traxecto, aínda que nunca significa máis do 1% total do corpus.

*Comenzan as alegrías de aquela seifa a desexo e saen do areal por un cento de carreiros* (PINGAI853).

*A casa senhorial erguia a sua fachada simples e severa, de onde saía, através dos vidros miúdos encaixilhados em chumbo, a claridade pálida* (L0299).

*Marcháronse daquela casa polo mundo a ver se podían vivir millor* (CEFLUG963).

*Aituaba nas Portillas, arroubando ós viaxeiros que iban ou viñan de Castela pola vereda real* (PRINCON958).

*O vento suão penetrava tudo. Vinha, de longe, num bafo sufocante, vagaroso, pelas estradas poeirentas* (L0095).

*Era dali, saltando o muro, que eu partia para excursões maravilhosas através do pinheiral do Lage...* (L0009).

Esta acumulación non se rexistrou con *levar*, unidade para a que a verbalización do punto de partida non é habitual; con *marchar* en portugués, lingua en que o verbo non refire un desprazamento focalizado no punto de partida, xa que describe unha maneira de realizarse o movemento; e con *partir* en galego, a pesar de que con este verbo o CLO é o argumento locativo do EA. Neste caso estamos ante unha distinción froito do corpus e non espello dunha peculiaridade construtiva do idioma galaico con este verbo xa que rexistramos exemplos en fontes externas.

*Desde aqui en manifestación partían pola Avenida das Camélias até a Praza de América* (CIG (2008): “Milleiros de traballadores do Metal marchan polas rúas de Vigo” en *Avantar*. <<http://www.galizacig.com/avantar>> [06/11/08]).

## Os complementos locativos

Unha situación similar describe a acumulación do locativo de destino e o de traxecto: as porcentaxes de uso son moi reducidas pois tampouco superan o 1% do corpus, pero encóntranse exemplos en practicamente todos os verbos.

*Na estación, collimos un tren eléctrico, mellor qu'o Stadtbahn de Berlín, que cunha velocidade europea, levounos por Rentería e Pasaxes, a San Sebastián (RISMIT934).*

*Mesmo as barcaças que levam o lixo através do East River para a lixeira de Fresh Kil (J39184).*

*Salle pola direita, camiño do porto (IGLFON882).*

*Ele escrevinhava sem descanso, enquanto pela porta entreaberta saía para o corredor, como duma fornalha, o fumo dos seus cigarros (L0019).*

*Marchamos elí por unha terra arriba, cara prá casa de Bertalo (LCAFAL990).*

*Viñeche por Mourence p' aquí da igreia (REGTD989).*

*Auscultei-me e nenhum som me veio, pelas borrachas do estetoscópio, aos ouvidos (L0061).*

*Disse que tinha "partido da realidade para a ficção através dos homens do lixo (J59822).*

A única excepción vólvese rexistrar con *marchar* en lingua portuguesa, polo tipo de movemento continuo que describe para o que os puntos de partida e chegada non son nucleares, o que xustifica o seu comportamento illado no conxunto a respecto da súa combinatoria cos diferentes complementos espaciais.

Respecto á combinación dos locativos de orixe e de destino, esta recóllese en todos os verbos e chega a alcanzar o 3% total do corpus; por conseguinte, mantémonos en EA secundarios (I). No corpus galego non rexistramos esta acumulación xunto de *partir*, pero en fontes alleas encontramos exemplos que ratifican esta combinatoria de locativos como posible para o verbo (II). Mais, o feito de que volva ser neste idioma o espazo en que a acumulación de locativos sexa menos preferente merece destaque: para esta unidade a orixe é o complemento argumental primeiro, singularmente no corpus galego; ao tempo, a focalización do punto de partida deixa menos espazo para referir outros puntos da liña espacial que lle restarían nuclearidade. Deste modo, concluímos que a énfase no punto de saída dilúe a esixencia de concreción da referencia locativa de chegada ou do lugar por onde.

(I) *Levámolo endesd'aquí asta Santaballa, en bicicleta (REGTD989).*

*Eurico Guterres andou nos últimos dias a levar refugiados de Atambua para Kupang (J28599).*

*Salíamos da praia de San Xurxo hasta a Frouxeira ou hasta Prior (PEAPES001).*

*Eu sei melhor daquilo, das chamadas que saem da nossa estação, aqui da nossa zona para lá (633P168).*

*De alí marchou onde o lobo (PRICON958).*

## Os complementos locativos

*Da legião das pulgas do mar que se evadiam do poço aberto por Manuel João, marcharam duas, mais encorpadas, em direcção aos pés de Raquel (L0043).*

*Hai foliada por terra,/ hai foliada por terra,/ de vintecincos parroquias/ veñen os mozos a ela. (CCGCTI998).*

*Estamos agora à espera de peixe que venha dos outros lados para cá (764P185).*

*Tendo partido de Alcobça para Guimarães (L0215).*

- (II) *O voo partiu do inferno cara á esperanza (Rosa Aneiros (2005). “A escada do ceo” en Agardando as lagarteiras. <<http://www.culturagalega.org>>. [15/09/05]).*

En todas estas acumulacións de locativos, a organización non marcada é CLO + CLP + CLD. Nunha porcentaxe moi reducida esta orde rómpese e é froito da focalización da referencia espacial descolocada (I), ou da procura dun estilo literario reforzado polo uso do hipérbato (II). Nalgúns casos, a orde dos elementos reproduce a xerarquía de rexencia dos circunstanciais. Se o complemento nuclear funciona co verbo dun modo parello a unha estrutura frástica, xustifícase a súa ligazón na liña de discurso, aínda que iso supoña un corte coa organización habitual dos elementos na oración (III).

- (I) *Nisto chegaron defronte da porta, por onde Madalena tinha saído da quinta na noite passada (L0016).*

*Mesmo eu sentín vir aos meus narices, desde aquelas parroquias de cinta a abaixo, un fedor húmido e craso (MEFARR991).*

- (II) *Hoxe imos saborear a mesma vianda que César se facía levar ata Roma dende este lugar (PNR997).*

*Ao sempre difícil exercicio de fazer sair directamente para a boca o condimentado gastrópode da sua casca (J52727).*

- (III) *Concidíamos con pescadores rusos, que viñan a terra en lanchas desde os seus barcos-factorías (PEAHOM004).*

Para concluír con este grupo verbal, fica revisar a construción das circunstancias espaciais. A orixe presenta como enlace primeiro *de* e como segunda opción construtiva, aínda que cun uso moito máis reducido, *desde/dende*. Cando o punto de partida se observa como un dos lindes dun desprazamento, téndese a escoller *desde/dende* para destacar a distancia do percorrido limitado tamén no punto final, independentemente de que o CLD esta explícito ou non.

*Levárono desde alí, desde a casa donde durmían (PSATDI987).*

*Aventura iniciada em Agosto passado com uma caminhada de quatro meses que os levou desde Rio de Onor, Bragança, até Vila Real de Santo António, no Algarve (J60244).*

*Eu saíra desde Celeiro con outros catro barcos máis, que eran de alí (PEAPES001).*

*Viña descalza desde Viveiro a Villalba (REGTD989).*

*O cartaz deles diz que vieram à boleia desde Indianápolis só por causa dela (J43583).*

Unha variante de *desde/dende* é a locución *en desde*, rexistrada en lingua galega cos verbos *levar* e *vir*. Con esta refórzase a idea de límite que trae consigo a preposición.

*A este Leonardo, qu'está aí ás Muras casado, levámolo endes'daquí asta Santaballa, en bicicleta* (REGTD989).

*Vén unha zoca, dá no marco da porta, en der'da cociña de lareira, vén ó marco da porta* (LCAFAL990).

Fóra xa do ámbito de *de* –e todas aquelas locucións en que se constitúe nun dos seus elementos, entre as que incluimos *máis alá de* (I)– ou *desde/dende*, encontramos unha terceira fórmula para indicar a orixe cun uso relativo no conxunto do corpus: o pronome *onde*. O común é que se preceda pola preposición *de*, pero nalgúns rexistros non xorde este nexa (II).

(I) *Máis alá da porta da cela, polo corredor húmido e fedorento, viñalle ao prisioneiro rosmido de conversas e algún riso* (MEFARR991).

(II) *Agora dime tí si non parece cousa de milagre o ver convertido un sitio onde antes non saían máis que ouveos e allaridos que deixaban atirido de medo e espanto ao máis atrivido, [...] en mansión de paz* (LFRNIN905).

*E foise chegando ao xeitiniño ao sitio onde lle paricía que viñan os laios* (LFRNIN905).

Neste caso a ausencia de preposición débese á propia construción de oración de relativo e non ó EA do verbo de movemento. O relativo é un nexa que introduce unha oración cunha función sintáctica na oración principal ou nunha frase dela, para o que non se precisa ningunha preposición (*ao sitio onde*). A preposición é necesaria pola función sintáctica que desenvolve o pronome na oración subordinada (*de onde viñan os laios*). Nestes casos anteponse o valor de nexa ao de pronome que cumpre unha función na súa oración.

O locativo de traxecto é un satélite do EA destes verbos, pero a construción non varía co descrito como definitorio deste circunstancial (véxase apartado 7.1.3.). O nexa indicador de traxecto é *por* (véxase Anexo VII). Se non se introduce con esta preposición, o máis recorrente no noso corpus é o uso doutra que marca semanticamente o tipo de traxectoria dunha maneira máis precisa. Así con *entre* (I) ou *a través de~ó través de~de través de* (II) concretízanse os límites do traxecto, e con *a rente deló rente de*, en galego, e *ao longo de* (III), en portugués, focalízase un punto referencial para o percorrido.

(I) *E viñemos entre Soutocoubo e Terroso, e pasamos pola raia* (TABTDI979).

## Os complementos locativos

*Com as Surplices, os Espectros conseguem ir e vir entre o mundo dos vivos e o Mundo dos Mortos, sem que precisem despertar uma energia cósmica maior neles* (Kiba (2006): “The Hades Sanctuary Chapter” en *Anime Portugal*. <<http://www.animeportugal.net>> [22/07/06]).

- (II) *Veño ó través da campía, da noite na escuridá, para caír nos teus brazos namorada* (CABMAR926).  
*Estendia o brazo mostrando Cristóvão, que se bandeava com os Jacques, e partia através das campinas* (L0299).
- (III) *Unha estreita congostra chea de silvas, de vermes de luz, e de cobras que asobiaban, foi-me levando a rente da porta de prata* (LAMGAL887).  
*Guiados sempre pelo velho e pelo frade, partiram ao longo do regato* (L0299).

A respecto da construción do CLD, é a partir deste grupo de verbos onde se empeza a percibir que, segundo o verbo lle vaia restando importancia ó destino do desprazamento, *a* vai perdendo peso. Esta situación débese ó propio corpo semántico do grupo verbal. Con boa parte dos verbos deste grupo a mudanza de espazo é focalizada, isto é, obsérvase a acción verbal como un abandono para alcanzar unha nova localización que, habitualmente, se manterá nun período longo de tempo. O nexo transmisor desas dúas nocións, abandono e permanencia durativa, é primeiramente *para*. Deste modo, explícase o escaso peso de *a* con estas unidades. Por conseguinte, o uso de *para* regúlase por implicar: permanencia (I), que en moitos casos é debida a ser o CLD o destino final dun produto para ser comercializado ou consumido (II) ou porque se pasa a formar parte dun novo grupo ou sección (III), e dirección (IV).

- (I) *Metémola nunha caixa, entonses eu levéna pá casa e dinlle de comer* (COSTDI986).  
*¿Sabes que pra Madrí levan tamén a Maxina?* (VALMAX880).  
*O senhor quer ir para ali eu levo para ali e o senhor paga o que tem a pagar e mas nada* (426P142).  
*Já levou as duas estátuas equestres que ali se encontravam, há anos, para um depósito* (J35132).  
*Unhas horas destas así a escureser, saleu pó mar* (OCHGRO994).  
*Non saíran os galegos pra América, ficaran todos no chan* (VPOALM922).  
*A filla vaise casar e dicen que non vén pr' aí, pos esa casa, el non vai a quedar aí* (REGTD2989).  
*¿Vés logo para a aldea?* (ANODAL836).  
*Finda a guerra, José Osório reformou-se em marechal-de-campo e veio para aqui* (L0297).  
*Ele era natural aqui de perto de Vouzela, depois veio para aqui para um convento* (657P171).
- (II) *Outras veces levábamos barro, ou tamén carburo para os Altos Hornos de Bilbao* (PEAHOM004).  
*O Xacobeo está levando todo para Santiago* (3nt993).  
*Levai para longe a fome, a peste, a guerra e os amigos que mentem* (L0002).  
*O chicharrón preparábase en vinaghre, en barriles de 40 quilos, que salían para Valladolid* (PEAPES001).

## Os complementos locativos

*Ao lado do cais ficam os armazéns da salga, donde outrora saía a sardinha em barris para Oran e Marselha (L0009).*

*Non deixaron que funcionaran radios, a penas viña o Faro de Vigho pr'aí cas noticiñas (PSATDI987).*

*Todo o dinheiro são dólares e as notas não são marcadas para se saber como vieram para o nosso bolso (L0280).*

*O peixe vinha do barco para a areia? (765P185).*

- (III) *Foi então que o pai Roberts o levou para a sua recém-formada equipa de 500cc. (J57605).*

*Acabando o jogador por sair para o futebol espanhol a custo zero, com manifesto prejuízo para o Vitória (J26253).*

*No seu tempo, Marchena não teria vindo do Sevilha para o Benfica (J26890).*

- (IV) *Saía pola mañán ben cedo pra o seu trafejo (NEIHIS968).*

*O barco entrou em leixões mas hoje já saem para Lisboa, de Lisboa vão para a Dinamarca (1146P263).*

*Antes das onze xa salía prá casa (FRETCE993).*

*O Joaquim, por modos, sai amanhã para Lamego mai-lo padre Francisco (L0284).*

*Non sei si repararías ao vir pra acá nunhos montes que hai á man esquerda (LFRNIN905).*

*Luíza veio para ela com os braços abertos, beijaram-se muito (L0443).*

*Num ano vínhamos em viagem para (...) para Portugal, inda nos vimos enrascados a fugir (149P110).*

Por outra banda, utilízase *a* para indicar temporalidade xa que a visita ó lugar é puntual (I), referir un desprazamento cunha finalidade concreta que o CLD trae consigo (II), marcar o CLD como o límite final do desprazamento (III), de maneira que será a construción con *a* a habitual cando se combine cun CLO (IV); e concretar o CLD nunha acción metafórica sen idea de desprazamento, por exemplo, con *sair* co significado ‘ser herdado de’ (V).

- (I) *Porque vem a Portugal muita gente convencido que vêm comer comida portuguesa e não (41P084).*

*Algúns de Verín saíramos aquel día ao Furricolo, no Ford crema de Fernando (MEFARR991).*

*Os garotos, quando ela saía à rua, largavam-lhe na peugada, tocando em latas e apupando-a (L0284).*

*Marchóuse enseguida a casa do abogado (CEFLUG963).*

*Marcharon seguidamente a unha fonda pra desauarse (VALMAX880).*

*E é como se partisse para uma excursão aos Highlands (L0430).*

*Depois tratei de virme ó Ribeiro, que decían non había franceses ¡alí nonche digo nada! (FNZPRO810).*

- (II) *Com o Sapo, Zipnet e Telepac, a PTM. com sairá ao mercado com um valor da ordem dos 800 milhões de contos (J60740).*

*Por que non deixa vir a Rosa ó baile? (OCHGRO994).*

*Ao congreso de Compostela non viñeron as fisterras atlánticas (3nt993).*

*Hoje veio à aula o metodólogo, e eu continuei com a lição anterior (L0075).*

## Os complementos locativos

*Já fez a orquestração duma canção do Fernando Tordo e que este ano também virá ao festival (1242P276).*

- (III) *Os barcos vêm até aqui à muralha (147P109).*  
*Pressurosa, a Gertrudes saíu a chamar dois homens à cardenha (L0494).*  
*Os alemás souperon marchar de Kant a Stinnes (RISMIT934).*  
*Parte nessa altura em peregrinação à Palestina o bispo de Coimbra (L0011).*  
*O ánimo da grande foz do Tejo por onde a Europa se vem ao Atlântico ginga agora sobre um sobrado móvel (L0216).*
- (IV) *O qu'a ialma popular levou dun ó outro confín, sin que poida decirse pola fala (MURDIS891).*  
*Iam subindo a escadinha de ferro torneada que levava do jardim aos quartos de Carlos (L0379).*  
*Os barcos vêm até aqui à muralha (147P109).*  
*Sospiros voan da Moureira afora sospiros veñen dende afora ós eidos (PINGAI853).*  
*Do lago Ontário, querido, vim, pelo rio St. Lawrence, a esta linda cidade do Canadá (L0290).*
- (V) *Quem sai aos seus não degenera... (L0045).*

Os valores que lle estamos a adscribir a cada un dos nexos son predisposicións contextuais cara ás que mostran os verbos tendencias de escolla, pero non podemos entendelas como opcións exclusivas ou que anulen as posibilidades de que xurdan outros nexos. Deste modo, algúns verbos combinan a especificación da orixe cun locativo de dirección introducido por *para*. Poden presentar as dúas opcións cun uso equilibrado, tal e como acontece con *levar* nas fontes escritas galegas (I) ou na lingua portuguesa con *vir*, ou ser a construción habitual no noso corpus, como recolleemos con *saír* (III), verbo con que a acumulación destes locativos é moi pouco habitual.

- (I) *Edificante espello certamente levar os ollos desde Venus para Abel, e das foliadas de Orfeo ó Diluvio universal! (PINGAI853).*
- (II) *As minhas grandes decisões foram tomadas aos 5 anos, quando vim de Viseu para Lisboa (J29037).*  
*Estamos agora à espera de peixe que venha dos outros lados para cá (764P185).*
- (III) *Quando alguns anos depois saí do colégio para a vida livre e encontrei o António, pensei que o pai afinal fora. (L0233)*  
*Não saia daqui para lado nenhum. (764P185)*  
*¿Qué nova trola inventaría N. para min? —penso eu saíndo da Cripta para fóra coma o sapo-concho asoma a cabeza, con decisión e lentitude. (MEFARR991)*  
*Pero a xente como fai pa andar e salir dus laos pa outros, pos hai un carreiro. (REGTD989)*

Finalmente, e tal e como levamos visto ó longo deste capítulo, o idioma tamén marca a tendencia de escolla. Mentres o galego se decanta cara a *a*, o portugués faino cara a *para*. Non se recolleu esta situación só en verbos que presentan un uso diferencial



claro entre idiomas (véxase Anexo VII), coma *sair*, especialmente entre os códigos escritos onde as tendencias indicadas para cada unha das linguas se radicalizan, ou, en menor medida, *vir*. Tamén a rexistramos en unidades coma *levar*: aínda que *a* é o nexa escollido na maioría dos rexistros da base, a diferenza porcentual de uso entre os dous nexos redúcese considerablemente en portugués en contraste co galego.

En definitiva, a pesar de que existen diferenzas na rexencia prepositiva entre os verbos de movemento con desprazamento focalizadores do destino e os da orixe, os valores dos nexos son compartidos. Polo tanto, a causa de seren distintas as escollas está, xustamente, en que a información semántica que transmiten estes dous grupos verbais diverxe. Deste modo, explícase a selección de nexa a través das necesidades concretas das unidades verbais. É dicir, se para un grupo verbal ou lexema o destino é un complemento argumental, isto vai afectarlle á propia construción da unidade, xa que é de esperar que as fórmulas de expresión desta circunstancia se pluralicen, fronte a aqueles outros en que funciona como un satélite da súa predicación nuclear.

Tamén é relevante pór en destaque que as tendencias discordes que se van observando entre os dous idiomas e os estilos de lingua se manteñen ata o de agora nos diferentes grupos semánticos dos verbos de movemento. Referímonos ás diferentes preferencias idiomáticas de escolla entre *a/para* como nexa do CLD ou ó aumento da diversificación construtiva na lingua escrita, fundamentalmente cando o estilo é formal.

### **7.2.5. Verbos de movemento con desprazamento focalizadores do traxecto**

Os VD de traxecto, ó igual cós VMM continuo, requiren como argumento do seu EA un CLP. A nuclearidade do circunstancial dilúese cando o OD se corresponde no plano semántico cun rol locativo *por onde* ou cando o verbo adquire un significado metafórico desvincellado da idea de movemento onde o CLD ocupa un rol argumental (véxase cap. 6). Pola contra, a orixe e o destino fórmulanse sempre como satélites do EA dos verbos deste grupo. Deste modo, atopamos que, por primeira vez dende que comezamos a revisión dos verbos de movemento con desprazamento, o CLP é unha información relevante en concorrencia co CLD. As posibilidades de combinarse cun CLO ou cun CLD aumentan nas construcións transitivas: se o OD no plano semántico especifica o móbil (ou o paciente) da acción ou determina as

## Os complementos locativos

dimensións temporais da acción, a necesidade de concretar a traxectoria dilúese e, en contraste, as indicacións espaciais de destino ou de orixe teñen máis probabilidades de apareceren.

*Mandou que os pasaran á cociña* (FOLLUS953).

*Quando eu venho para aqui para passar férias para casa* (262P131).

De todos os xeitos, a especificación das circunstancias de punto de partida e de chegada non establecen unha competencia coa do traxecto. A combinatoria entre si é posible. Os tres verbos deste grupo (*atravesar*, *pasar* e *andar*) rexistran a acumulación dos tres locativos, aínda que sempre se dá nos corpus escritos e nunha porcentaxe inferior ó 0,4%. Son construcións pouco comúns, pero admitidas nos dous idiomas. No corpus rexistramos mostras destas xuntanzas de locativos con *atravesar* en portugués (I) e con *pasar* e *andar* en galego (II), pero en fontes externas encontramos exemplos de *atravesar* en galego e dos outros dous verbos en portugués (III).

(I) *A mítica e mais famosa estrada dos EUA tem cerca de 3 mil quilómetros e atravessa o país do Atlântico ao Pacífico, por alguns dos trechos mais remotos* (J34561).

(II) *Do barrio da estación ao barrio antigo, pasase por unha ponte* (RISMIT934).

*Eu aghora que hei de facer, ando por aquí atravesado dun lado pa outro* (OCHGRO994).

(III) *Noticioso, a mediados de marzo, de que o Bierzo está practicamente orfo de gornicións francesas, De la Romana atravessa pola montaña desde La Puebla de Sanabria, á Cabreira* (“Pedro Caro y Sureda” en *Galipedia*. <<http://gl.wikipedia.org>> [28/05/09]).

*Cerca de 18,3 mil veículos já passaram pelas praças de pedágio da freeway em direção ao Litoral Norte desde o centro da cidade nesta quarta-feira (Verão 2010.* <<http://www.clicrbs.com.br>> [23/12/09]).

*Ando de um lado para o outro pelo quarto do hotel* (Harold Von Kursk (2010). “Nasceu uma estrela” en *Máxima*. <<http://www.maxima.pt>> [12/01/10]).

Outras combinatorias de locativos posibles son a do traxecto co destino ou a do traxecto coa orixe. Son moi minoritarias: con *pasar*, tanto para o galego coma para o portugués, non supera o 0,1% do corpus nin a primeira combinatoria (I) nin a segunda (II); os rexistros con traxecto e destino teñen a mesma porcentaxe no corpus galego de *andar*, e en portugués debemos buscar exemplos desta xuntanza de locativas en fontes externas (III).

(I) *El pasou outros por eiquí, prá ribeira* (TABTDI979).

*Duas primaveras depois quando os soldados do rei, que morava em Lisboa, passaram por Vilamurada a caminho de Tavira* (L0461).

(II) *Os xenios que cal lóstrego pasaron Do mundo pola escena transitoria, Detrás de si deixaron Un-a estela de luz de inmensa gloria* (AONPOE878).

## Os complementos locativos

*E daí passava pelo pagode a agradecer aos deuses a graça do filho adoptivo (L0932).*

- (III) *Pois, mire, si non lle da os cartos ou a vaca, pro día do Gran Xuicio aparecerán no campo de Josafat ustedes os dous e a vaca andar por alí adiante a saltos hacia usted e embestindo -decía o cura (CEFLUG963).*

*O marido anda pela rua em direção à sua casa (Felipe Tazzo (2008): Roteiro o Sono do Bandido. <<http://www.felipetazzo.com.br/Roteiros/osonodobandido.pdf>> [27/06/08]).*

Polo tanto, son acumulacións moi minoritarias, prototípicas da lingua escrita e con máis posibilidades de darse en verbos que teñen un amplo uso e, por conseguinte, unha diversidade construtiva superior, xa que con *atravesar* non recolleemos ningún exemplo en que o traxecto comparta espazo sintáctico con calquera dos outros locativos por separado.

Finalmente, a orixe e o destino poden xurdir na mesma construción, sen a presenza do traxecto. Continuamos situándonos en porcentaxes moi reducidas, con preferencia a apareceren nos corpus escritos, aínda que se manteñen como opcións posibles nos dous idiomas. É dicir, seguimos ante EA secundarios, preferentes nas fontes escritas onde as construcións máis creativas para os verbos sempre teñen maior acollida.

*Incrúndo as que atravesan, de Santa Fe a Brasil (NEIHIS968).*

*Pessoas que atravessam de um lado ao outro com passo mais ou menos apressado (Laurinda Alves (2007): “Fragmentos de viagens” en A substância da vida. <<http://laurindaalves.blogs.sapo.pt/32538.html>> [24/12/07]).*

*Pasou o Tenente desde a Torre de Vixía ao adarve da muralla (MEFARR991).*

*Ficou a olhá-los, erguendo-os, passando-os de uma das mãos para outra (L0443).*

*Da parroquial astr'a casa do enfermo tiña que andar a carreiriña dun can (LAMGAL887).*

*Andar aos saltinhos de um lado para o outro (1325P292).*

No que respecta á orde dos locativos dentro da estrutura sintáctica, mantense como habitual a non marcada CLO + CLP + CLD (véxanse os exemplos presentados ata o de agora no presente apartado). As alteracións a esta orde son moi reducidas, representan o 1% destas construcións e sempre responden a unha mesma intención comunicativa: a focalización do locativo descolocado. Con estes tres verbos, o circunstancial espacial en que se coloca o foco de atención é comunmente o traxecto. O destaque desta referencia faise a través de diferentes estratexias: ou o locativo antecede as outras referencias espaciais (I), ou está separado entoativamente do resto da construción (II), ou cando menos dos outros locativos (III), ou pecha a estrutura para ter un lugar central na atención do oínte (IV).

- (I) *Eu aghora que hei de facer, ando por aquí atravesado dun lado pa outro (OCHGRO994).*

- (II) *Despois de botar un pedazo no Consulado, botamos a andar d'a pé pra Irún, pola ponte*

## Os complementos locativos

*internacional da Bidasoa feita pola Deputación de Guipúzcoa (RISMIT934).*

*A mítica e mais famosa estrada dos EUA tem cerca de 3 mil quilómetros e atravesa o país do Atlántico ao Pacífico, por algúns dos trechos mais remotos (J34561).*

(III) *Do barrio da estación ao barrio antigo, pasase por unha ponte (RISMIT934).*

(IV) *El estaba no curral e veu pasar dúah luces cara á Chaira polo vilar arriba (REGTD989).*

*Atravessam de casa a esta torre por uma mina escavada na pedra viva (L0011).*

Noutros casos, a descolocación do circunstancial de traxecto é froito da súa concorrencia semántica co OD. O obxecto describe o traxecto, mentres que o circunstancial refire a vía por onde se realiza o desprazamento, é dicir, non o percorrido que se desenvolveu. Esta construción semántica xustifica que o destino poida anteceder, contra o máis habitual, o circunstancial introducido con *por*.

*Mira que pasar xa tod'a Veigha Ghrande p'acá, polos Prados (OCHGRO994).*

Mais o dito valor semántico do circunstancial de traxecto non parece só permitir a focalización e descolocación nestes casos. É o trazo regulador desta capacidade xunto dos verbos de movemento con desprazamento. Este complemento admite cubrir un oco na estrutura sintáctica diferente ó que lle é prototípico (pospóndose á orixe e antecedendo o destino) sempre que o seu valor semántico sexa referir a vía por onde se realiza o desprazamento ou describa o lugar en que se realiza este, é dicir, funcione dunha maneira paralela á dun locativo situacional (*Eu aghora que hei de facer, ando por aquí atravesado dun lado pa outro*). Por conseguinte, tornamos a encontrar unha forte interligazón entre semántica e sintaxe, co engadido das diferentes estratexias comunicativas de que se dispón para a focalización de elementos dunha mensaxe.

Aínda que con *atravesar*, *pasar* e *andar* o locativo de traxecto desenvolve un papel nuclear na súa construción sintáctica, a versatilidade na súa construción non se amplía substancialmente. Nos tres mantense *por* como o enlace primeiro deste circunstancial, ó superaren estas construcións o 90% dos rexistros en que xorde un CLP. Esta porcentaxe vese lixeiramente reducida (alcanza un mínimo do 73% con *atravesar*) no corpus escrito portugués, pero é froito do tipo de obras que o conforma e non da estrutura do idioma. Neste corpus ten un gran peso a linguaxe xornalística, onde a procura de concreción leva á escolla de nexos máis marcados semanticamente. De todos os xeitos, *por* concorre con outras posibilidades para marcar o traxecto percorrido e estas son máis utilizadas nas fontes escritas, tanto en galego coma en portugués. Este código lévase presentado ó longo do capítulo como o espazo en que

## Os complementos locativos

as construcións secundarias teñen unha maior acollida. Outro condicionante que favorece a diversidade de nexos é a versatilidade semántica do verbo á hora de describir un desprazamento; segundo creza o corpo de significados, multiplícanse os posibles nexos, de maneira que con *pasar* e con *andar* áchase un número maior de construcións para o CLP ca con *atravesar*. Cando non se utiliza *por*, aparecen preposicións ou locucións prepositivas que lle engaden á circunstancia algún aspecto modal. *Entre, sobre, diante de, a rente de~ rente a<sup>2</sup>, ao longo de e a través de~ através de<sup>3</sup>* son as fórmulas máis repetidas e todos eles delimitan o traxecto dalgunha maneira que con *por* non sería posible, singularmente especifican o modo ou a natureza do locativo: se é un espazo estreito, se o movemento se fai por riba de algo ou por abaixo, etc.

*Estatua de bronce de Apolo, entre cuías pernas abertas debían pasa-las embarcacións que entraban no porto de Rodas (PNR997).*

*A capacidade de gerir "dossiers" polémicos como quem passa entre pingos de chuva sem se molhar (J35425).*

*O bom lenhador atravessou, sobre uma ponte feita de troncos, um riacho (L0299).*

Xesús andaba sobre as augas irritadas (Arthur Rimbaud (2007): *Unha estación no inferno*. <<http://www.bivir.com>>).

*Pasei diante dun café que se chama Kurfürstendamm (RISMIT934).*

*Todas estas feições, confusas e indistintas mas de estremada beleza todas, lhe passavam diante da vista (L0003).*

*O camiño que nos trouxera pasaba a rentes da casopa da que partira a maldición (MEFARR991).*

*Ao voltarmos a esquina, uma pedra partiu o vidro traseiro, e passou rente à minha cabeça (L0342).*

*Foi andando devagar ao longo da plataforma (L0508).*

*O seu bordo de inserción pasa ó longo da cabeza e corpo do páncreas ("Intestino grosso" en Galipedia. <<http://gl.wikipedia.org>> [02/12/09]).*

*Ela pasou a través de todo cara un destino máis alto (PATNIN996).*

*Andar altas horas através da casa: às escuras e sem tropeções (L0013).*

Moitos destes nexos aparecen tamén precedidos por *por*, o que reforza a idea de que transmiten a mesma circunstancia, aínda que concretando a súa natureza semántica.

*Pasei por entre as cepas sin lles mover unha folla (BLABIO962).*

*A separação entre dois mundos: um, em que já havia carros eléctricos passando por entre muros velhos (L0342).*

---

<sup>2</sup> A locución prepositiva *a rente de* é propia do galego, mentres que *rente* éo do portugués.

<sup>3</sup> A locución prepositiva *a través de* é propia do galego, mentres que *através de* éo do portugués.

## Os complementos locativos

*Por diante da cárcere pasa un can (CSRVEN981).*

Finalmente, o CLP pode construírse tamén con dúas fórmulas xa analizadas (véxase apartado 7.1.3.): o uso de nexos prototípicos doutros locativos para describir o lugar percorrido e a expresión deste circunstancial a través dunha frase nominal con modificador adverbial.

No primeiro subtipo encontramos as preposicións *de*, *a* e *en* (véxase exemplos en apartado 7.1.3.). A escolla destas preposicións produce que o circunstancial de traxectoria se fusione con outras circunstancias en simultáneo que fan moi plural o seu sentido, o que explica a escolla minoritaria destas opcións excesivamente ambiguas semanticamente. Na lingua galega non se recolleu ningún exemplo en que o CLP se introduza por *de* ou *a*, nin dentro nin fóra dos corpus de traballo, datos que nos revelan o carácter inhabitual desta construción nesta lingua.

Cando presentamos as posibilidades construtivas do circunstancial de traxecto cos verbos de movemento focalizados no destino, referimos a opción dunha frase nominal cun adverbio posposto que indica dirección. Esta posibilidade construtiva recolleuse na lingua galega con *andar*, verbo cun corpo semántico e construtivo amplo. Nos anteriores grupos verbais recolleemos esta construción singularmente no galego, polo que o aquí presentado sitúase na mesma liña de funcionamento.

*Desde lle pasou algo o atontamento botouse a andar camiño adiante e logo encontróu unha cocha cos seus ranchiños e díxolle (CEFLUG963).*

Coa orixe tamén se mantén o modelo de construción que foi presentado como caracterizador desta circunstancia: *de* é a preposición primeira para marcar orixe, e nalgúns casos cédelle o seu lugar a *desde/dende*. A presenza desta segunda opción é máis recorrente na lingua galega e, independentemente do idioma, no código escrito de estilo formal, manténdose a caracterización que demos destes nexos (véxase apartado 7.1.2.). A escolla destes nexos trae consigo os mesmos condicionantes que lle adscribimos como propios (véxase apartado 7.1.2.): referir un linde do desprazamento que ten o destino, explícito ou elíptico, como o outro punto limitador (I) ou precisar máis o punto exacto de saída do desprazamento.

(I) *Pasou o Tenente desde a Torre de Vixía ao adarve da muralla (MEFARR991).*

*Por varios epígrafes temos coñecencia doutros deuses dos cumes, que andan esparexidos dende Trás os Montes deica as Asturias (CUEPRO962).*

*Fun andando denda estación deica chegar á Market Platz (RISMIT934).*

## Os complementos locativos

*Tivo que andar a pé castrando ranchos dende Leixazós a Pacios ou dende Bustelo a Vilañán (FOLLUS953).*

*Andábamos desde a oca da Coruña ata Asturias (PEAPES001).*

*Daquela en Espasante había outo ou dez tarrafas. Andábamos desde A Coruña hasta Ribadeo (PEAPES001).*

*Di que a veu pasar unha noite d'inverno, dende Marquide a Vilamor (LENETN939).*

*É francès, chama-se Remy Bricka e tenciona atravesar a pé o Oceano Pacífico, desde Los Angeles até Sydney (J43580).*

*Aqui o teu tío, em 1917, atravessou a Alemanha desde a Áustria à Holanda (L0342).*

*Dende alí, medoso de caír prisioneiro, atravesei os montes en traza de romeiro (CABMAR926).*

- (II) *Córdoba García pasou directamente desde o despacho do Xulgado Número 2 (3nt993).*

O último circunstancial locativo que imos revisar é o destino. Con este grupo verbal a variabilidade de nexos que poden introducir este tipo de complemento é tamén ampla, pero outra volta as opcións máis repetidas son *a* e *para*. Aínda amosando desequilibrios porcentuais de uso destes nexos entre idiomas (*pasar* no corpus da lingua portuguesa combínase nun maior número de rexistros con *para* fronte a *a*) e cos grupos semánticos de verbos de movemento vistos ata o de agora (en trazos xerais *para* é máis empregada ca *a*), mantéñense os mesmo parámetros que regulan a escolla entre estas dúas preposicións. Deste modo, a presenza de *para* vén determinada por dous contextos semánticos: indicar permanencia (I) ou marcar a dirección do desprazamento (esta opción só foi recollida con *andar*) (II).

- (I) *De Teruel pasamos prá provincia de Tarragona, no Ebro (REGTD2989).*

*Passa para o quarto de estudo de trás, quer dizer, eles estão lá a dormir (377P141).*

*Moradores estão contra a intenção da junta de os passar para outra freguesia (J42525).*

*Façam o favor de cumprirem a obrigação que não têm e passem para cá 350 mil contos! (J53011).*

*E, collendo violentamente á Dorinda por un brazo, mandouna pasar diante para a casa (MEFARR991).*

*Para nós non hai grandes diferencias atravesá-lo río para un lado ou para o outro (PNR217997).*

*Se não tivesse atravessado, no vapor das nove, para o Alfeite... (L0379).*

- (II) *Despois de botar un pedazo no Consulado, botamos a andar d'a pé pra Irún, pola ponte internacional da Bidasoa (RISMIT934).*

*É tudo a andar para a frente (170P114).*

*Andando para leste, ganhavam-se horas (L0450).*

En confronto, o nexo do CLD é *a* para marcar o desprazamento como unha visita puntual e cunha duración temporal definida pola súa brevidade (I); ou para considerar o lugar chegada como un límite alcanzado ou por alcanzar, que adoita combinarse co

## Os complementos locativos

CLO. Con *atravesar* este último é o contexto maioritario en que xorde o CLD introducido por *a*.

- (I) *Mandou que os pasaran á cociña e que lles diran un vaso e algo de compango* (FOLLUS953).  
*Ficou-me de emenda, um andaime... agora de ver um gato preto atravessar à minha rua, ficar, fazer figas* (1325P292).
- (II) *Unha vez unha cochorra andaba dun carballo a outro no verao* (L0453).  
*Entre Ríos, e de Leandro Além a Callao, incruíndo as que atravesan , de Santa Fe a Brasil* (NEIHIS968).  
*Aqui o teu tío, em 1917, atravessou a Alemanha desde a Áustria à Holanda* (L0342).  
*Tivo que andar a pé castrando ranchos dende Leixazós a Pacios ou dende Bustelo a Vilañán* (FOLLUS953).  
*Sempre a andar dum lado a outro* (L0019).  
*Quando passa a, à idade escolar, passa a maior parte do tempo na escola* (836P207).  
*Pasa á páx. 13* (PNR219997).  
*Si pasamos do campo do racional ó campo do sentimento atopámolo* (PIÑLIN967).  
*Eu me lembro que as vosas casas tendes nesa praza e dela paso á rúa* (PINGAI853).  
*Entre Ríos, e de Leandro Além a Callao, incruíndo as que atravesan , de Santa Fe a Brasil* (NEIHIS968).  
*A mítica e mais famosa estrada dos EUA tem cerca de 3 mil quilómetros e atravessa o país do Atlântico ao Pacífico, por alguns dos trechos mais remotos* (J34561).

Estes contextos ou principios reguladores da escolla entre *a* e *para* son tendencias maioritarias, pero non se poden considerar regras absolutas. Deste modo, marcando dirección en portugués encontramos exemplos do CLD introducido por *a* con *andar* (I). Ou cando xunto de *pasar* o CLD indica un novo status, consideración ou estado no noso corpus hai exemplos de construcións coas dúas preposicións (II). Nestes casos o esperable, ó ser unha mudanza con idea de permanencia, sería *para*, mais ó afastarnos do sentido de desprazamento físico e entrar en significados metafóricos colocámonos no territorio de uso de *a*.

- (I) *A menina que há-de andar pelos treze anos lhe vem estender os braços dizendo, anda à Tina* (L0216).
- (II) *O único que se lles pide é que memoricen unhas materias para poder pasar ao curso seguinte* (3nt993).  
*Dali passou ao curso superior, na cidade de São Paulo* (Evaldo Pauli (2008): “Erval Velho” en *Enciklopedio Simpozio*. <<http://www.cfh.ufsc.br>> [03/06/08]).  
*É que tudo aquilo que nós sonhámos anteriormente passa para um plano secundário* (455P144).  
*O susto que apanhou com o meio pião à 13ª volta, que permitiu ao alemão passar para a frente* (J26792).  
*Dadas as dificuldades económicas do Metro de Madrid os anos 70 e 80 o resto do proxecto orixinal da liña 8 pasou para segundo plano e á súa vez construíse o túnel dunha única vía que comunicaba a liña 8 coa liña 7* (“Liña 8 (Metro de Madrid)” en *Wikilingua*. <<http://gl.wikilingua.com>> [15/08/08]).



Finalmente, o comportamento de *andar* neste tipo de construcións aparece como particular no conxunto por dúas razóns. En primeiro lugar, porque normalmente o locativo de destino é introducido por nexos diferentes a *a/para*; e, en segundo lugar, porque entre estes dous o que ten unha presenza maior é *para*, sexa no galego ou no portugués.

*Nosoutros que andabamos como o paxaro de seca para meca* (FNZPRO810).

*E andar aos saltinhos de um lado para o outro* (1325P292).

*Andamos, copo na mão de cá para lá, da cozinha para a sala* (L0416).

Con *andar* dáse esta situación porque o sentido fundamental do locativo introducido por *para* aquí é a dirección do desprazamento, valor intrínseco desta preposición. Polo tanto, o locativo de orixe demarca o punto de partida do traxecto que se está a especificar, xa que non se focaliza a chegada, senón o transcurso do movemento.

A revisión deste grupo de verbos de movemento evidencia, por unha banda, o estreito vencello entre o uso de *a* e a importancia que o verbo lle dea á indicación do destino do desprazamento; nestas unidades é unha información semanticamente secundaria, o que xustifica que *para* se presente como a preposición que nun maior número de rexistros introduce este locativo. Sendo este o funcionamento predominante, son varios os contextos en que *a* e *para* comparten espazo e importancia, situacións que volven trazar a distribución de *a* como nexo con máis probabilidades de empregarse nos corpus galegos fronte a *para* que ten máis potencialidades de uso nos contextos portugueses. É tal esta tendencia que, incluso en situacións como o feito de que a dirección poida ser construída na lingua portuguesa coa preposición *a*, rompendo co recollido na maioría dos verbos, cando este tipo de locativo se combina coa orixe do desprazamento, na mesma lingua é *para* quen introduce a dirección, o que causa outra ruptura coa tendencia xeral, pero volvendo así á rexencia habitual desta lingua. Deste modo, vese que, agás situacións moi concretas por estarmos en contextos fronteirizos, o funcionamento que imos delimitando para cada un dos nexos se mantén no conxunto dos verbos de movemento con desprazamento.

#### **7.2.6. Verbos de desprazamento indicadores dun movemento continuo**

Os verbos que describen un movemento continuo están estreitamente ligados cos que focalizan o traxecto no feito de que este locativo, comunmente satélite na construción

sintáctica dos verbos de desprazamento, é para os dous tipos unha figura nuclear. Esta natureza argumental provoca que con *camiñar* ou *correr* o CLP supere as porcentaxes de uso dos outros locativos ou se sitúe nas proximidades do que sexa máis empregado dos tres. Esta relación co traxecto ten a súa orixe no feito de que un verbo continuo describe un movemento sen interrupcións, é dicir, que a non focalización dos lindes – destino e orixe– vénlle de seu e, por conseguinte, de centrar a atención sobre unha referencia especial esta será particularmente o traxecto.

De todos os xeitos, estes lexemas verbais poden combinarse coas tres referencias locativas obxecto de revisión deste capítulo. Quérese dicir, a verbalización do destino ou da orixe é posible.

A orixe non supera nunca o 4% dos corpus, polo que os exemplos de acumulación de locativos con esta circunstancia son pouco habituais. Non xurdiu ningún rexistro en que o CLO comparte estrutura co CLP, de maneira que para encontrar algún exemplo tivemos que acudir a fontes externas.

*Conclue Nicolás expresando que «máis de cincuenta fragmentos narrativos constrúen e anoa a historia dunha vida pola que camiñamos desde o lugar de Antes (Ramón Nicolás (2009): “Balance do ano literario galego de Ramón Nicolás no suplemento Culturas” en Boletín Xerais. <[http://xerais.blogaliza.org/tag/ramon\\_nicolas](http://xerais.blogaliza.org/tag/ramon_nicolas)> [21/12/09]).*

*Os rios Tigre e Eufrates, importantísimas fontes aquíferas nessa região, correm a partir da provincia montanhosa de Mosul, no norte, de população Curda, primeiro pela provincia central de Bagdad (antiga Babilónia), de população Sunita, e depois pelas planícies férteis (Rui Namorado Rosa (2006): Olhar de um físico. <[http://janelanaweb.com/digitais/rui\\_rosa\\_21.html](http://janelanaweb.com/digitais/rui_rosa_21.html)> [05/10/06]).*

Rexistramos exemplos de CLO + CLD e de CLP + CLD, aínda que nunha porcentaxe que nunca supera o 1,5% do total de rexistros, o que demostra o seu carácter excepcional. O feito de que sexan verbos para os que a presenza de complementos espaciais non configuren o EA base explica que a súa acumulación aínda sexa máis anecdótica. Mais a escaseza no uso non carrega diferenzas na distribución dos elementos dentro da oración. Volvemos encontrar con estes verbos que a orde non marcada de presentación dos locativos é CLO + CLP + CLD.

*A vaca, como tiña, xa estaba gorda e boa, bota a correr polo camiño abaixo para a casa co lobo (CCGCTI998).*

*Onde a câmara «corria» de forma alucinante por entre cenários em direção aos personagens (J43961).*

*A verdade como matéria é-nos inacessível mas todos caminhamos pela "forma" para esse ponto atractivo (L0464).*

## Os complementos locativos

*Ao saír do museo, camiñamos pola beira do Sena ata a Place Vendôme* (IES Ricardo Carballo Calero (2008): *Memoria da viaxe a París*. <<http://centros.edu.xunta.es/iesricardo-carballocalero>> [12/05/08]).

*Como se se volveran tolos de repente, corrían dun lado pra outro* (LPXCON928).

*Alto, seco de carnes, com uma longa cicatriz vertical na face direita, correndo da comissura da pálpebra até ao queixo* (L0011).

*E as recordações prosseguem, com os encontros com um francês que se propôs caminhar desde Paris à Cidade do Cabo* (J35053).

"Callejeros" *camiña desde Roncesvalles ata Compostela* (EFE (2009): "Callejeros camiña desde Roncesvalles ata Compostela" en *Galicia Hoxe*. <<http://www.galicia-hoxe.com>> [03/07/09]).

A transgresión desta norma é produto da focalización discursiva do elemento desordenado. O hipérbato sintáctico destaca un dato considerado polo emisor merecente desa atención no plano comunicativo.

*Sete-Sóis, mutilado, caminhava para Lisboa pela estrada real* (L0486).

*Vendo mudar a expresión da muller que camiñaba cara a min desde ben lonxe* (Pelacho (2006): "Paxariños e paxaros" en *O blog dos Pelachos*. <<http://oblogdospelachos.blogaliza.org>> [05/06/06]).

*Rapazes corriam para ele de todos os lados da arena, formando um pequeno círculo em volta* (J52678).

*Corro pola cidade dun lado para outro* (Mariademallou (2005): "Días para o outono" en *Casatlantica*. <<http://casatlantica.blogaliza.org>> [19/10/05]).

Tamén a propia construción dos circunstancias mantense dentro dos parámetros descritos neste capítulo como os prototípicos. A preposición primeira para indicar traxecto é *por*, supera en todos os corpus o 70% dos rexistros con CLP. Só nas fontes escritas xurdiron outras opcións. A xustificación está no feito de que a presenza de enlaces diferentes a *por* trae consigo algún tipo de especificación semántica que con el non vén nunca dada; a definición do traxecto como un espazo que se desenvolve dalgunha maneira específica a respecto dun referente (ó seu través, redor ou sobre el, por exemplo) adoita ser o sentido máis común que lle engaden os nexos diferentes a *por* nas dúas linguas.

*O día 6 de agosto erguinme moi cedo para facer a romería da Nosa Señora da Peneda, camiñando a través das poulas, das gramas, da gándaras* (MEFARR991).

*Na adolescência, sonhei várias vezes que caminhava, com as mãos muito frias e vermelhas de sangue, através de uma aldeia* (L0213).

*Participou no treino vespertino de ontem, correndo à volta do relvado ao lado de Luís Vasco* (J26418).

*Entre as ochavas de alto a abaixo, corre unha estría* (LFRNIN905).

A orixe é introducida, novamente, case en exclusiva por *de*. Exemplos internos do corpus e externos a el (véxase a estrutura galega de acumulación de traxecto e orixe)

mostran que outros nexos teñen a capacidade de indicar a orixe xunto destes verbos; pero, do mesmo modo que cos grupos verbais xa revisados, non deixan de ser fórmulas minoritarias en confronto con *de*.

*Foi-me ensinado que o Tejo corria para Sul a partir de Vila Nova da Barquinha (J26198).*

O paralelismo construtivo entre os VD de traxecto e os VMM continuo mantense nas preferencias xerais na escolla de nexos para introducir o locativo de destino, xa que para os dous grupos é *para*. Aínda sendo así, para *camiñar* e *correr* a importancia deste nexos non é idéntica. Para o primeiro preséntase como a opción maioritaria en todos os casos, chegando a ser nula a rexencia de *a* nos corpus orais. Situación máis diversa é a recollida con *correr*. Nos textos escritos a proximidade porcentual de uso entre *a* e *para* é moito maior ca na oralidade; incluso no caso galego é lixeiramente superior o uso de *a* (14 rexistros fronte ós 9 de *para*). É dicir, *correr* presenta unha distribución máis próxima de *andar*, verbo ponte entre os dous grupos semánticos de verbos de movemento que referimos enriba.

A gama de valores posibles destes dous nexos aquí redúcese grandemente, o que é froito de que a importancia deste tipo de locativo con estas unidades tamén diminuíu. Deste modo, o locativo de destino marca, mais que o punto de chegada, a dirección do desprazamento, o que xustifica a preferencia do grupo cara á escolla de *para*. Partindo deste sentido primeiro, pódese engadir diferentes matices de información segundo a preposición escollida. Isto é, a diferente distribución non trae consigo valores semánticos diferentes ós vistos para cada unha destas preposicións. Partindo dun sentido xeral –a dirección– o tipo de nexos determinará a especificación locativa de diferente forma. Deste modo, aparece *a* se a estancia no lugar alcanzado é puntual, non de longa duración (I), se o destino especifica o límite do desprazamento (II) ou se o punto final non é físico, pois especifica un novo estado, situación ou status (III).

(I) *¿E logo pra que corrían coma a un xibaleu ao Auntamento con elas? (ANODAL836).*

*João Semana acreditou tudo aquilo, e correu a casa de José das Dornas (L0523).*

(II) *Seguindo o meu conto direivos que as tropas marcharon e eu camiñei a Santiago pra traballar na Xunta Central (OPEMAO928).*

*E as recordações prosseguem, com os encontros com um francês que se propôs caminhar desde Paris à Cidade do Cabo (J35053).*

*Ieu, como s' entreteneu a buscé-los dentes, nesóutrose botamos a correr a Villalba {a... a pie... a pie te quiero} (REGTD3989).*

*Corremos aos cabalos e marchamos de alí ao trote señorito (MEFARR991).*

*Várias vezes correu à janela do quarto para mostrar-se à namorada (L0342).*

## Os complementos locativos

- (III) *Para a administración das nosas propiedades, que nas mãos de frei Januário caminham a uma perda certa* (L0432).

E o nexa escollido é *para* cando se indica permanencia (I) ou exclusivamente dirección (II).

- (I) *Onde está agachado o meu papai, pensaba con forza. E botaba a correr prá casa* (MEFARR991).  
*Deste modo corria o oiro para as gavetas do Gaudêncio* (L0284).
- (II) *Vostedes Pancho, xa llo dicía cando viñamos camiñando pr'aquí, son amigos de Galicia* (VPOALM922).  
*A impressão que eu tenho é que se vai de facto caminhar para uma relativa estabilização* (1336P295).  
*«Bem, camaradas!» bradou Carlos caminando rapidamente para eles* (L0003).  
*E volta a correr d'eiquí pr'alá, subir e baixar escaleiras* (RISMIT934).  
*Vejo-os a correr para os táxis* (426P142).  
*Carlos correu para eles, foi todo um assombro* (L0379).

Deste modo, o sentido base que adquire o CLD determina a preponderancia de *para*, que só foi recollida con este grupo verbal e cos VD focalizadores do traxecto, singularmente *andar*, unidade ponte entre os dous grupos semánticos. Na maioría dos casos débese a que o locativo de destino con eles demarca a dirección do desprazamento. A partir de aí, a escolla entre *a* e *para* deberase a especificacións que inclúa o enunciado. Ou sexa, os subvalores serán determinantes na escolla da preposición, os que se regulan polos principios que formulamos como propios de cada un dos nexos.

### 7.2.7. Verbos de desprazamento indicadores dun movemento reverxente

O locativo de destino é un dos complementos argumentais para este grupo verbal, sexa nun esquema biactancial intransitivo, sexa nun triactancial con OD (véxase cap. 6). Pola contra, no EA de *tornar*, *voltar* e *volver* os outros dous circunstanciais de lugar –orixe e traxecto–, aínda sendo complementos con que se poden combinar, funcionan sempre como satélites.

A presenza no corpus dun locativo de orixe é practicamente anecdótica; só representa unha porcentaxe superior ó 10% (sempre na lingua galega) naqueles corpus configurados por un número reducido de rexistros, de modo que un único exemplo recollido significa a referida parte proporcional. A diminución de importancia deste locativo é máis intensa nas construcións transitivas. Lembremos que con OD estes

## Os complementos locativos

verbos adoitan indicar ora unha transformación na materia ou no individuo ora unha mudanza na posición, polo que o punto de partida (que se supón que é ou o contrario ó alcanzado ou o que lle é, en principio, propio) é redundante. Por outro lado, queremos destacar as diferenzas de rexencia da orixe entre *voltar* e *volver* na lingua galega (alleas á portuguesa polo status anecdótico de *volver*). A distinción entre estes no idioma galaico explícase nos dominios semánticos de cada un deles. *Voltar* nesta lingua ten unha diversidade de significados menor ca *volver*. En máis dun 70% dos corpus oral e do escrito *voltar* indica un movemento no plano espacial, mentres que esta dimensión semántica non alcanza o 40% do corpus de *volver* (véxase Anexo V). Isto xustifica que a referencia do punto de partida sexa superior con *voltar* ca con *volver*.

*Levan, pois, un pau ghrande, e un torna dun lado e outro torna do outro, e fais'unha festa moi divertida* (FRETOC993).

*Eu olhei para ele, mas não lhe respondi e continuei andando; ele tornou de lá* (L0432).

*Xa voltei do Brasil* (ALSCON955).

*Era sobre o meio-dia, voltavam as vacas da primeira pastagem e raparigas iam à fonte* (L0284).

*Mañá, si Dios quer, cando volva do prado, heille de decir á muller que prepare o té* (LPXCON928).

*Da representação delirante, Mioma volvia esfomeado de amor* (L0284).

Con estes verbos, o traxecto do desprazamento é o locativo menos presente na construción. Na nosa base non se combinou en ningún caso este complemento cun OD, xa que na descrición dun cambio de estado só se focaliza o estado primeiro e o final, pero non o que se encontra entre os dous extremos. Isto non quere dicir que nas construcións intransitivas o seu uso sexa relevante: non supera nunca o 2% do total do corpus.

*Ouvín cantar aos do Exército de Salvación. Tornar pola Neue Kantstr* (RISMIT934).

*Voltei polas rúas soedosas, polas prazas baleiras* (BLABIO962).

*O helicóptero ruidoso volveu polo ceo do Outeiro* (PNR997).

*Volvendo, ofegantes, à superfície, por entre cachões de espuma* (L0348).

*Desceu pela Rua de São José, dobrou a da Misericórdia, foi parar à Praia de Santa Luzia, tornou pela Rua de D. Manuel, enfiou de beco em beco* (Machado de Assis (1994): “Esaú e Jacó” en *Obra completa*. Rio de Janeiro: Nova Aguilar.).

*Quase cem anos depois, ela voltou pela porta grande aos salões onde costumava brilhar* (Manuela Gonzaga (2009): “Maria Adelaide voltou ao palácio de São Vicente” en *Histórias do irreal quotidiano*. <<http://gonzagamanuela.blogspot.com>> [14/10/09]).

## Os complementos locativos

Un aspecto destacable a respecto deste locativo é a súa relación co de destino nalgunhas construcións. Pode moverse nun espazo fronteirizo entre referir o traxecto ou o punto final do desprazamento, semanticamente aproxímase máis a esta última referencia locativa, pero, ó introducirse coa preposición *por*, carga de ambigüidade a súa natureza. Esta ligazón do traxecto co destino non fai máis que afirmar a natureza periférica do primeiro para os verbos de movemento reverxente.

*Vais com o sr. Ângelo aonde êle te disser, e voltas por aqui* (L0045).

O feito de que o traxecto e a orixe sexan complementos satélites cunha presenza moi reducida trae consigo que as acumulacións de circunstanciais de lugar non sexan recorrentes cos verbos de movemento reverxente. Unha mostra encontrámola con *tornar*, xa que no corpus de traballo non aparece ningún rexistro especificado con máis dun circunstancial de lugar. Ademais, para os VMM reverxente, de haber unha xuntanza de locativos, o máis común é que un dos membros sexa o destino. O punto final do desprazamento acompáñase da orixe (I) ou do traxecto (II). A orde non marcada dos circunstanciais está en liña coa que propomos neste capítulo: CLO + CLP +CLD. Esta tamén se conserva no único exemplo do corpus en que un locativo de orixe se combina cun de traxecto, sen estar explícito o destino, aínda que se sobreentende este lugar como xa mencionado ou coincidente co que contextualiza a acción (III).

(I) *Da última voltava de novo à primeira, e cada vez mais profunda comoção parecia dominá-lo* (L0016).

*Como outrora a Senhora indo ou tornando de Jerusalém a Belém!* (L0011).

*D'alí volvemos a Meira* (FNZPRO810).

*D'eiquí volveste tu a Samos* (FRETCE993).

*De Barzalona volvemos pa tras, pó Ebro* (REGTD989).

(II) *Voltei pola rue Solferino ao Boulevard Saint Germain* (RISMIT934).

*O rebanho voltava pelos mesmos caminhos, para o "apartamento"* (J34891).

(III) *Minga que volve da horta pola esquerda, cun cesto de hortalizas* (IGLFON882).

Cando se altera esta colocación sempre é froito do hipérbato propio da linguaxe literaria que utiliza a ruptura da orde primeira como marca focalizadora do elemento deslocalizado.

*Falta vergonzosa non terá perdón divino, senón cando a Cristo torne dos brazos de Constantino* (CURDIV888).

## Os complementos locativos

*Moedas de cobre, que eles iam procurar e apanhar com a bôca ao fundo do mar, volvendo, ofegantes, à superfície, por entre cachões de espuma (L0348).*

A construción de cada un destes locativos xunto dos verbos de movemento reverxente tamén seguen as pautas que presentamos como propias de cada un deles. Deste modo, a orixe e o traxecto, sempre que aparecen, escollen a preposición primeira de cada unha destas referencias espaciais: *de* para indicar orixe e *por* para introducir o traxecto. Só nun rexistro en portugués a preposición rexedora da traxectoria é diferente: xorde a locución *através de*, que carga de maior precisión a referencia locativa, o que xustifica que apareza nun texto escrito con estilo formal. Este tipo de nexos secundarios sempre concretan o tipo de traxecto que a escolla de *por* non trae consigo.

*Como através de um espaço universal se volta a um lugar (L0464).*

Á vez, o destino volve ser o locativo cunha forma máis diversa, pero tornan tamén a presentárense como os nexos máis recorrentes no uso *a* e *para*. Para os verbos reverxentes este locativo é argumental. A importancia no uso de cada unha destas preposicións lígase estreitamente ó destaque que o verbo lle dea ó punto de destino. Así, os verbos reverxentes *tornar*, *voltar* e *volver* combínanse cunha maior probabilidade con *a* en todos os corpus. De todos os xeitos, a escolla entre *a* e *para* régúlase por unha serie de parámetros xa definidos neste capítulo (véxase apartado 7.1.1.). Deste modo, é máis esperable encontrar o destino introducido por *para* cando se quere indicar permanencia no lugar de destino (I) ou dirección do movemento (II).

(I) *Eu estou sempre desejando que cheguem as horas de ele voltar para casa (356P137).*

*Vá Miserável, volta para Londres (L0290).*

*Mas eu sou muito amiga do meu filho, mas para lá não torno, por causa do calor (894P221).*

*Despedironse do señorito e abrazando a Maxina e a Ermelio, volveron pra a súa aldeia (VALMAX880).*

*O 4 de maio do ano de 1901 voltamos nosoutros pra Mondoñedo (LENETN939).*

*¿E qué me diríades ó vé-las co rodo na mau tornando as augas pró seu eido? (LAMGAL887).*

*Amais deso, tencionaba voltar á aldeia pra sempre (NEIHIS968).*

(II) *A cada momento volvia o olhar suplicante para a minha companheira (L0348).*

*Depois disse-me assim, voltei-me para ele e disse assim (376P139).*

*Voltei a vista para o home das botas de elástico (MEFARR991).*

*De pronto parouse o coro, volveuse pra min o guía i acenoume con decoro (CURDIV888).*

*Tornei-me para casa muito contente por haver bem negociado (L0011).*

*Ele voltando de novo para trás, agitando a cauda e chamando o homem (L0450).*



## Os complementos locativos

*O conde de Paris tem massa, e o povo dorminhoco ainda agora se voltou pr' ò outro lado* (L0460).

*A minha atenção volve-se mas é para Carlos Borromeu* (L0011).

*E, voltando-se para os repórteres fotográficos que acompanhavam o julgamento, gritou* (J61580).

*Todos se volveram para Michaux* (L0019).

*Tornei-me para casa muito contente por haver bem negociado* (L0011).

Pola contra, *a* é o nexa que ten máis posibilidades de aparecer para marcar a estancia no lugar de destino como un feito temporal ou puntual (I), se o locativo carrega unha actividade ou finalidade de seu (II), cando o CLD é visto como un límite dun desprazamento ollado ó través (III), e cando o verbo abandona a idea de desprazamento espacial e pasa a referir unha mudanza metafórica desenvolvida nun plano intelectual, psicolóxico ou laboral (IV).

- (I) *Quando passados anos de ausência do grande confluente das familias do Porto, volvi às praias da Foz e reconhecí a custo as belas damas da minha mocidade* (L0115).

*É unha vergonza, que, entre tanto home non haxa quen queira volver ó cuarto; mañá hanse de rir todos de nosoutros* (LPXCON928).

*Esta noite, Eddie Vedder e seus pares voltam a Portugal para um concerto no Estádio do Restelo, em Lisboa* (J60772).

*Mas não quer dizer que não torne lá à África (...) mas só pa[ra], só quero estar lá dois meses* (894P221).

*Moitos monçanenses voltan á terra polo verán* (PNR997).

*Sabe-se apenas que, passado muito tempo, em certa noite escura, torna à mesma poisada em cata da sua herança* (L0028).

*Cando voltei a Esperantes non estaba Arxemiro* (FOLLUS953).

- (II) *Chegamos a Villalba. E ieu, o caso foi que non volvín máis á custura, e ós dous días vén a... a Hortensia* (REGTD3989).

*Tornou ó traballo* (3nt993).

*Botar contas para voltar á escola* (3nt993).

*O vran que vén teño que volver á Santa Lucía de ofrecido* (CSRVEN981).

*OS ITALIANOS voltam amanhã às urnas, para mais um referendo múltiplo* (J60741).

*O rapaz volveu à cama, teimando em supor que a mãe fora desenterrar dinheiro* (L0284).

- (III) *Mexe-se bem e volta ao lume a tomar uma pequena fervura* (467P146).

*Um mês e meio na serra e, quase no final de Agosto, o rebanho voltava a Barbeita, pelos mesmos caminhos, para o "apartamento"* (J34891).

- (IV) *Cunha moeda aboiada (ou case) a Franza volve a unha situación incómoda* (3nt993).

*A sensação de alívio volvia à terra alagada* (L0019).

*Uma vez escritas nunca mais me volvem à lembrança* (L0348).

*Mas volvamos à história do nosso monumento* (L0280).

*Já o rouxinol tinha tornado ao seu canto* (L0003).

*Depois da dança e do teatro, o festival volta à música para um final com festa no castelo* (J42489).

## Os complementos locativos

*Falamos naquela fala qu'unque cásique morta, torn 'á vida doutros tempos e pormete durar por sigros (MURDIS891).*

*Logo de chegar á España Añón tornouse ó comando da súa Santa Compañía (CURDIV988).*

De todos os xeitos, no uso o transvasamento entre contextos prototípicos dos dous nexos é posible, especialmente nos corpus escritos. Isto é, a distribución dos parámetros de selección non marca unha conduta absoluta, senón unha tendencia de escolla. Deste xeito, rexistramos exemplos de CLD introducido por *a* con sentido de permanencia (I) ou de dirección (II). Todos os que encontramos nesta situación encáixanse en fontes escritas da lingua galega, polo que se volve reflectir aquí a tendencia de preferencia que esta lingua presenta cara a *a*. Aínda sendo así, é unha opción minoritaria que non nega a adscrición prototípica deste valor a *para*.

(I) *E así era: un tornaba á fría pensión vendo o mundo doutra maneira (FGRANO985).*

*Non podería voltar a súa casa (ALSCON955).*

*De volver ó patrio niño Ganas non me faltan (AONPOE878).*

(II) *Señorita, volvas'a cama (VALMAX880).*

Do mesmo xeito, *para* pode indicar destino cando este trae consigo unha finalidade (II) ou se o verbo abandona a idea de movemento no plano físico (II). Porcentualmente, a escolla de *para* nestes contextos é unha posibilidade minoritaria, singularmente na lingua galega.

(I) *Terminada a licenza, tornará para a guerra e ela voltará a esperá-lo (L0085).*

*Pó outor día volveu o Santiago e 'scapei pa Sancovade, volvín pá festa (REGTD3989).*

(II) *É certo que a morte de Bob Marley fez voltar o reggae para o submundo (J35498).*

Polo tanto, segundo o valor con que se queira definir o locativo hai máis probabilidades de que apareza un destes nexos, pero isto non significa que sexan opcións construtivas exclusivas de cada un deles. Na súa escolla entran en xogo ademais outros principios como a maior versatilidade de uso de *para* en portugués.

### **7.2.8. Verbos de desprazamento indicadores dun movemento secuencial**

O movemento secuencial tradúcese nunha centralización do desprazamento no seu punto final. Isto explica que as referencias espaciais diferentes a ese lugar estremeiro teñan un interese menor no marco predicativo, ou sexa, as indicacións locativas de orixe e traxectoria son satélites para esta unidade. Deste modo, no corpus de traballo non se recolleu ningunha construción en que aparecese a orixe, mais encontramos

exemplos en fontes alleas (I); e rexistramos tres construcións cun circunstancial de traxecto nos corpus de lingua escrita, unha estrutura en galego e dúas en portugués. A construción destes circunstancias mantense en liña co que definimos como a súa forma prototípica: rexen principalmente as preposicións *de* e *por* respectivamente.

(I) *A verdade é que estes días non parei de aquí para alí* (Guillermo Vázquez (2010): 'Vagar para escribir' en *O blog de Guillermo*. <<http://www.blgoisnacionalistasglegos.net/guillermo/archivos/156>> [02/07/10]).

*Não paro da Amazonia até Minas Gerais* (Iquinhaw (2008): *Filmes de terror*. <<http://www.habbo.com/br/grups/53/id/discussions/36412/id/page/2>> [19/10/08]).

(II) *Foron recibidos coma eminencias musicais, e a xente parabaos polas rúas para saudalos* (PNR220997).

*Subimos todos para os nossos quartos; e ele, pela escada acima, parava de repente, fazendo que nos chocássemos uns com os outros* (L0342).

*Pela Calçada, pela estrada da Beira, os rapazes paravam, pálidos de emoção, quando ela passava, reclinada na vitória* (L0379).

O locativo de traxecto xunto de *parar* conta cun valor moi próximo ó do destino, pois indica, aínda que dunha forma vaga, o espazo ó longo de que se realiza a detención do movemento. Como refire a dimensión en que se sitúa o lugar concreto de parada, podemos clasificalo como un complemento de traxectoria, pero é evidente que a fronteira entre os dous locativos é difusa. Do mesmo modo que cos VMM reverxente cun complemento introducido pola preposición *por*, a relación semántica entre estes dous complementos non é máis que unha mostra engadida do valor periférico e secundario da traxectoria que pode chegar a fusionarse ou ser un subtipo do argumento locativo destes verbos.

Só cando aparecen os dous locativos nunha mesma construción a fusión entre si desaparece. O circunstancial de traxectoria indica a vía seguida para alcanzar e deterse nun determinado punto, sendo este último o destino; normalmente o desprazamento dáse no plano intelectual mais que no físico. A orde dos locativos mantense coa presentada como non marcada: CLP + CLD.

*A literatura representativa do século vinte, até os nosos días, amosanos unha desesperación sin resquicios. O home non se atopa a gusto: por toda-las vías posíbeles sempre vai parar ó mesmo sitio, ó absurdo* (FRNSEG963).

*Pra o odio de clas', non debe haber fronteiras. Co cual vimos parar, por outro camiño e con outro fundamento, á antiga distinción burguesa qu'os teólogos e xuristas facían antre guerra xusta e guerra inxusta* (RISMIT934).

O destino é un complemento nuclear para a construción de *parar*. O seu uso rolda en todos os corpus o 50% dos rexistros totais, mais presenta unha particularidade que o coloca en liña co xa dito a respecto de *entrar*. Con estes dous verbos o nexo

## Os complementos locativos

preferente para introducir o punto final do desprazamento pasa a ser a preposición situacional *en* (véxase apartado 7.1.1.). Isto non quere dicir que a interligazón entre o destino e o verbo non se poida facer con *a* ou *para*. Estas, aínda que cun menor uso cá primeira, tamén son enlaces recorrentes. A escolla entre estas tres opcións non é libre.

Cando existe unha fusión entre destino e situación, a escolla primeira é *en*. A construción é perfectiva e con este nexo o CLD refire o lugar onde se interrompe o desprazamento (I), especialmente se este carrega unha idea de permanencia (II), a circunstancia ou momento temporal en que se detén a acción, podendo indicar o resultado desta (III); ou cando se marca o lugar como un espazo onde se estivo outra vez ou onde se está habitualmente (IV).

- (I) *Podíamos parar a almozar en Bande* (MEFARR991).  
*Pois hai que lle poñer unhos tornos pa que par 'o 'strobe alí no medio* (REGTD2989).  
*Parou-os na janela* (L0442).  
*Nunca foi pessoa que parasse na rua lá porque alguém gritou* (L0233).
- (II) *Eu fixen pormesa de vir dreitamente a Compostela sin pararme máis que nos hespitales do camiño* (LFRNIN905).  
*Ibanse de camiño, qu'elas non paraban nada no muíño* (REGTD1989).  
*E o pressentimento doloroso de que qualquer dia seria obrigado a parar numa vila de acaso, tolhido pelos anos, angustiava-o* (L0095).  
*Paramos un nada, pouca cousa, en Irixoa* (COUTDI976).
- (III) *Non vou a pararme agora en referir os promenores* (LFRNIN905).  
*Por iso o seu esforzo voltouse ausurdo, veu parar nunha traxedia que, á súa vez, é unha cómica solpresa* (FRNSEG963).  
*Mas afinal, porque tinham vindo parar naquilo?* (L0583).  
*O gosto amargo no fundo de todas as coisas, e de certo modo a recusa de parar nelas, de me ver desligada de um contexto gigantesco* (L0450).
- (IV) *E aquel cura paraba na casa de Casás* (REGTD1989).  
*O maior da xusticia de Santiago tiña por costume ir a ela e parar na casa do señor alcalde da Estrada* (LAMGAL887).  
*Por esta altura aquele adrega parava lá em casa!?* (L0284).

Cando a estancia no lugar de chegada se marca como permanente ou de longa duración, *en* concorre en vantaxe con *para*. Encontramos en fontes externas exemplos de rexencia de *para* nestes contextos para a lingua portuguesa.

*Tivemos sorte, o furacão desvio de última hora e foi parar para o lado de Cuba* (Lullo (2009): “Conheça Nassau-Bahamas” en *Mochileiros.com*. <<http://www.mochileiros.com> > [18/10/09]).

*Este camba, Presidente da Ensa, Manuel Gonçalves, não sei como foi parar para este cargo* (Angop (2010): “Ensa pode anular contratos com clientes reincidentes” en *Angonotícias*. <<http://www.angonoticias.com>> [11/02/10]).

Pola contra, na lingua galega esta opción non a rexistramos no corpus nin nas fontes externas consultadas. Este feito fainos entender que a diversidade de uso da preposición *para* como nexa introdutor do destino en portugués é maior ca no idioma galaico, tendencia compartida cós restantes grupos verbais.

Debemos diferenciar todos os casos anteriores doutros en que *en* introduce un locativo situacional, é dicir, onde a especificación incluída por *en* só especifica en que lugar se desenvolve algo ou alguén, desaparecendo a fusión co destino.

*Parou o balbordo naquel campamento e todos quedaron calados* (PINGAI853).

*Nen os presuntos entendidos de hoxe saben ou queren parar a guerra na ex-Iugoslavia* (3nt993).

*Na casa non se paraba coa calor* (CSRVEN981).

*Na sociedade norte-americana o proceso de aprendizagem e o 'desbravar terreno' nunca param», comenta a jovem quadro do ICEP-Investimentos, Comércio e Turismo de Portugal* (J43606).

*Acidente parou o tránsito durante sete horas no IP6* (J42530).

Por outro lado, con este verbo –tal e como con *entrar*– tamén foi recollida a posibilidade de atender o proceso en evolución, desenvolvéndose. Nestes casos o nexa prepositivo xa non é *en*, o locativo pase a ser anexionado ó verbo a través de *a* ou *para*. As tendencias de escolla entre unha preposición e outra nos dous verbos non é idéntica. Mentres con *entrar* o CLD tende a construírse con *para*, esta é unha opción construtiva do CLD que no noso corpus non recollemos en ningún caso con *parar*. Só rexistramos esta posibilidade en fontes alleas en portugués. A causa desta restrición está no feito de que *para* carrega dunha forma intrínseca a idea de dirección, incompatible con *parar*, mais non con *entrar*. Por iso, se se escolle este nexa en portugués é en contextos onde se dilúe este sema e se focaliza a idea de permanencia ou resultado dun proceso normalmente no plano físico. Na lingua galega non rexistramos esta posibilidade semántica, o que xustifica a ausencia de *para*.

Pola contra, o uso de *a* trae consigo unha focalización da natureza non perfectiva da acción verbal, fronte a *en*, que xustifica o seu uso. Con *parar*, o proceso é descrito durante o seu desenvolvemento ou defínese como atemporal de seu. Nestes casos o locativo refire a altura en que se detén ese movemento, ó funcionar como un límite do desprazamento; indica a conclusión do desprazamento físico ou non, observado no seu transcurso. Xunto de *a* é común que o verbo especifique a interpretación imperfectiva da acción verbal non só polo uso desta preposición, senón tamén pola

complementación que o acompaña ou pola súa forma, por exemplo, ó incluírse en perífrases verbais durativas.

*Por toda-las vías posíbeles sempre vai parar ó mesmo sitio, ó ausurdo (FRNSEG963).*

*Á Serra de Armeña van parar as culebras vellas (PRICON958).*

*Veja se alguém pára à sua porta para saber de si! (L0002).*

*Fui para a Paródia, ao despois à vinda da Paródia, fui parar a Sante Maria, a Santa Maria (913P222).*

En definitiva, a diferenza entre *en* e *a* está no modo en que se describa a acción. Se se observa como un proceso concluído aparecerá a primeira, se se destaca a duración ou o progreso da acción escollerase *a*. O que singulariza esta forma dentro do grupo de VM con desprazamento e que o coloca en parello a *entrar* é ser o primeiro contexto o máis utilizado en todos os corpus.

### **7.3. Outras unidades sintácticas con valor locativo**

Ó longo deste traballo demostramos que no plano do significado para os verbos de movemento con desprazamento son moi importantes as referencias espaciais, sexa de destino, de orixe ou de traxecto. O máis habitual é que exista unha correspondencia entre estes roles semánticos e os complementos sintácticos circunstanciais de lugar. É dicir, os roles semánticos locativos Tr, Dt e Or e os complementos circunstancias CLP, CLD e CLO xorden como figuras simétricas entre si á hora de relacionar os planos semántico-sintáctico. Mais esta correspondencia non sempre se dá. Existen outras fórmulas de verbalizar sintacticamente as indicacións espaciais do ES: co OD e co OI.

Ó longo das próximas páxinas imos revisar estas construcións: delimitamos os contextos en que xorden e as diferenzas que existen entre si e tamén con respecto ós circunstanciais de lugar. É dicir, deseñamos as consecuencias lingüísticas que trae consigo a escolla de cada unha, fronte á selección do circunstancial locativo correspondente no plano semántico.

#### **7.3.1. O obxecto directo**

O rol semántico correlativo da figura sintáctica OD muda segundo a causatividade da construción. Nun ES causativo, a realidade que experimenta ou padece a acción nun contexto causativo, é dicir, o móbil (Mb) nun desprazamento espacial e o paciente (Pac) nunha acción sen movemento teñen a súa plasmación sintáctica no OD. Pola

contra, nas construcións non causativas, esa correspondencia dáse entre o OD e un rol locativo, variable segundo o tipo verbal.

Con case a totalidade dos verbos de movemento con desprazamento, nas construcións transitivas o OD é preferentemente a plasmación no EA do rol semántico do experimentador dunha acción causativa (véxase Táboa 118); por conseguinte, é fundamental que exista outra realidade [ $\pm$ humana] que provoca ou causa o proceso experimentado por el. A causatividade está estreitamente ligada, á vez, polo peso que a transitividade ten na construción sintáctica do verbo. A importancia no EA da rexencia de obxecto regula as posibilidades de que a construción transitiva sexa causativa.

En simultáneo, as probabilidades de que a transitividade sexa non causativa establécense a partir de dous principios independentes entre si: a natureza fundamentalmente intransitiva do verbo e a selección do Tr como rol locativo nuclear do ES.

Algunhas unidades intransitivas poden desenvolver un EA transitivo secundario. Nestes contextos sintácticos dáse un transvasamento do ES base [-causativo] para o EA transitivo, de maneira que a rexencia de OD xorde como unha posibilidade de formular a mesma información ó entraren en concorrencia no plano sintáctico os circunstanciais de lugar co OD. Deste modo, a correspondencia entre OD e Mb ou Pac é secundaria, tal e como se recolle no noso corpus con *subir* e *entrar* (véxase Táboa 118).

Os VD de traxecto e os VMM continuo teñen como rol nuclear do ES o Tr. O sema perfectivo que a presenza dun experimentador da acción diferente a un causante lle engade á construción causativa é incompatible con estes verbos, de modo que a transitividade tende a funcionar como non causativa. Independentemente do peso da transitividade para estes lexemas –sexa a opción construtiva maioritaria (*atravesar*), sexa tan esperable coma a intransitividade (*pasar*), sexa unha posibilidade menor (*andar* ou *camiñar*)– esta tende a presentarse como non causativa. Nestes casos, o OD refire o espazo físico ou metafórico polo que se desenvolve a acción, isto é, interlígase co rol nuclear locativo do ES.

## Os complementos locativos

verbo	LG		LP	
	exemplo	%	exemplo	%
Mover	<i>A cadeira, sen que il fixese nada por movela, viña esvarando cara ó leito (FOLLUS953).</i>	100%	<i>Apenas move os dedos no peito (L0231).</i>	100%
Subir	<i>Amarrámolo ben, e subímolo a un cerro (FNZPRO810).</i>	48,5%	<i>Limpar os dedos às cuecas subir a braguilha e sair para a parada (L0061).</i>	24%
Baixar	<i>Despóis tiveron que subir ó abedul pra baixar ó bon do home (CEFLUG963).</i>	60%	<i>A mulher, de pé, no centro do círculo, baixou os olhos (L0409).</i>	96%
Chegar	<i>Boeno, se non me dis a outra verdá, non chego a barca á terra e non podes salir dela (CEFLUG963).</i>	84%	<i>Só esperam que o atum comece a saltar para o chegarem aos barcos (L0009).</i>	100%
Entrar		-		-
Achegar	<i>Pra lelas había que achegalas ó lume (LPXCON928).</i>	100%	<i>O velho chegou ao peito, beijou (L0379).</i>	100%
Traer	<i>Ás veces traía cacaghetes (PSATDI987).</i>	99%	<i>A mulher que traz a mensagem a Orfeu na ópera (J43587).</i>	99,5%
Levar	<i>O primeiro era levar o criado á bodega qu'estaba por debaixo da casa (OPEMAO928).</i>	99%	<i>Levo-o à cozinha a tomar um caldo quente com boroa esmigalhada (L0011).</i>	99,5%
Pasar	<i>Mandou que os pasaran á cociña (FOLLUS953).</i>	35%	<i>Se havia algum grande lamaçal, ficava à beira dele para passar aos ombros os homens e os animais (L0299).</i>	21%
Atravesar	<i>Abrironlle a boca cun fungueiro i atravesaronllo en forma de tranca (LPXCON928).</i>	16%	<i>Ele pode atravessar o jipe no portão (J43076).</i>	4%
Andar		-		-
Camiñar		-		-
Correr	<i>Corrín as cortinas, apaguei as luces (RISMIT928).</i>	75%	<i>E o homem das botas de água corria as mãos pelas faces dos rapazes (L0822).</i>	68%
Volver	<i>Volvendo os ollos en torno (CURDIV888).</i>	100%	<i>E não se atrevia a volver para trás os olhos da cara (L0284).</i>	100%
Voltar	<i>Non cavilou no feito de que é a autora a que volta a cabeza atrás (PATNIN996).</i>	100%	<i>Arranja lugar junto à janela e volta para o vidro o rosto pensativo (L0416).</i>	99%
Tornar	<i>¿E qué me diríades ó velas co rodo na mau tornando as augas pró seu eido (LAMGAL887)?</i>	100%	<i>Encostando-se ao sacho com que tornava a água do ribeiro (L0002).</i>	100%
Parar	<i>O tío parara un instante o faco pra ollar a posta do sol (OPEMAO928).</i>	100%	<i>À ordem do policía, José parou o carro (J34791).</i>	100%

**Táboa 118: Construcións con OD correlativo ó Mb/Pac dun ES causativo**

Encontramos no noso corpus dúas aparentes excepcións a estes parámetros que regulan a relación entre transitividade e causatividade: *chegar* e *correr*. A revisión do contexto semántico da construción móstranos que encaixan no funcionamento xeral. *Chegar* é unha unidade fundamentalmente intransitiva, polo que sería esperable que na súa construción dominase a transitividade non causativa. Este verbo xunto de OD comparte corpo semántico con *achegar*, unidade para a que a rexencia de obxecto é o seu EA base, de modo que a transitividade é preferentemente causativa cos dous lexemas.



## Os complementos locativos

*Correr* é un VMM continuo, fundamentalmente intransitivo e co Tr como rol semántico nuclear. Mais esta descrición non se mantén cando rexe OD. Ó funcionar como un verbo transitivo, adquire significados causativos en que focaliza a acción *de onde* ou *ata onde* e nunca *por onde* (acepcións 7, 7a, 7b e 9). Dáse, por conseguinte, un cambio no tipo verbal segundo a construción rexa obxecto ou non que determina a natureza causativa da transitividade.

Nas construcións transitivas non causativas, o OD concorre co CLD, CLP e o CLO no EA como proxección dos roles semánticos de espazo Dt, Tr ou Or. A correspondencia entre o OD e cada un destas figuras do ES non é equiparable no uso nin tampouco indistinta ó contexto semántico-sintáctico. O OD é un argumento do EA transitivo, de xeito que se entende que o seu rol espello no ES tamén goce do mesmo status. Para os lexemas de movemento con desprazamento, este tipo de figuras son de natureza espacial. Por conseguinte, segundo a importancia que cada unha das referencias locativas teña con cada un dos grupos verbais (véxase cap. 6 e apartado 7.2.) así se regulará as correspondencias co OD dentro desta área de significado. Deste modo enténdese, por exemplo, que con *levar* o OD indique fundamentalmente o lugar ata onde se desenvolve a acción cando se inclúe nunha construción non causativa. Este verbo focaliza semanticamente o punto de partida, pero sintacticamente ten unha necesidade secundaria de especificar esta referencia locativa por predicible a partir do contexto (véxase cap. 6), polo que o obxecto non referirá tampouco ese linde da liña espacial.

Grupo semántico	verbo	LG			LP		
		Or	Tr	Dt	Or	Tr	Dt
VD vertical	<i>subir</i>	-	-	51,5%	-	-	76%
	<i>baixar</i>	10%	-	30%	-	-	4%
VD de destino	<i>chegar</i>	-	-	16%	-	-	-
	<i>entrar</i>	-	-	100%	-	-	100%
	<i>traer</i>	-	-	1%	-	-	0,5%
VD de orixe	<i>levar</i>	-	-	1%	-	-	0,5%
VD de traxecto	<i>pasar</i>	-	65%	-	-	79%	-
	<i>atravesar</i>	-	84%	-	-	96%	-
	<i>andar</i>	-	100%	-	-	100%	-
VMM continuo	<i>camiñar</i>	-	100%	-	-	100%	-
	<i>correr</i>	-	25%	-	-	32%	-
VMM reverxente	<i>voltar</i>	-	-	-	-	-	1%

**Táboa 119: Construcións con OD correlativo ós roles locativos dun ES no causativo**

Cando o rol semántico de Dt se corresponde no EA co OD encontramos dúas posibles situacións reguladas polo aspecto da acción. Se esta é presentada como un feito perfectivo, o Dt indica o límite alcanzado, de maneira que pode combinarse con outras referencias espaciais diferentes, pero sintacticamente o OD non pode compartir construción con outros complementos sintácticos que refiran un punto de chegada.

## Os complementos locativos

Esta é unha posibilidade construtiva periférica que no corpus só rexistramos con verbos fundamentalmente intransitivos e focalizados de seu no punto final do desprazamento.

*Os setenta mesmo n'os chego* (REGTD1989).

*Parece qu'entraban o paraíso del cielo* (OCHGRO994).

*Entrou emfim a porta do quintal* (L0016).

Pola contra, o contexto máis habitual é que o proceso sexa formulado como aínda sen acabar, en progreso, é dicir, dáse unha ollada imperfectiva da acción. Neste caso o Dt marca a dirección que se segue, de maneira que a fronteira co Tr é difusa: o OD no plano semántico correspóndese co punto alcanzado e asemade co espazo que se percorre plenamente. Quérese dicir que escollendo esta figura sintáctica o desprazamento defínese como [+telúrico]. Isto permite que no EA o OD poida combinarse cun complemento circunstancial que refira un límite se este se inclúe de seu na referencia do OD, xa que a ausencia do circunstancial interprétase como que o punto final é o extremo máximo do OD.

*Antonte subira a rúa pensando en ser filósofo* (FGRANO985).

*Entrámos, subimos a escada até ao primeiro andar* (L0342).

*Baixando as escaleiras, enfermo case retirous'á súa pousada* (VALMAX880).

*Na segunda volta, duas das três portuguesas pioraram os seus resultados, baixando três lugares na classificação colectiva e na individual* (J26673).

*Si ves con boa idea, bien venido seas, que si ves con mala idea, o camiño que trougueche volvio a coller* (CEFLUG963).

*Andou quase meia légua pelo caminho que ele traria* (L0486).

*Todo todo pasou como o foguete sobe, estoupa e baixa sin rastro do camiño que levou* (PINGAI853).

*Como se quisese burlá-la no itinerário que leva* (L0430).

*Ao voltarmos a esquina* (L0342).

Da mesma maneira que a correspondencia entre OD e Dt trae consigo unha parcial fusión no plano semántico desta referencia espacial co Tr, así a ligazón OD e Tr carreta unha relativa neutralización deste rol semántico co Dt. Nestes contextos, descríbese un desprazamento polo que se percorre un espazo por completo, pero o obxectivo é alcanzar outro lugar que se pode especificar. É dicir, o CLD pode combinarse co OD con valor de Tr e non está incluído semanticamente na referencia do obxecto.

## Os complementos locativos

Á vez, a escolla do OD fronte ó CLP trae consigo diferenzas substanciais no tipo de desprazamento descrito. Co circunstancial, semanticamente só se está a explicitar o lugar por onde se desenvolve o desprazamento, a vía ou o camiño utilizados. Pola contra, co OD refírese que houbo un traspaso absoluto dese lugar, percorréndoo plenamente ou en boa parte das dúas dimensións. É dicir, escollendo o OD especifícase por onde se anda e focalízase esa información dun modo que non encontramos co CLP.

*Aínda nos leva tempo pasar Bélxica, e levaba unha fame adoecida* (RISMIT934).

*Passamos Jericó, umas vinte casas, que melhor chamaríamos cabanas ou choupanas* (L0011).

*Co obxectivo de atravesar toda Europa* (PNR997).

*Vin que xa tínhamos atravesado a fronteira* (CURDIV888).

*Agarrei o saco e tornei a atravesar a ponte na compañía dele* (L0468).

*Cando eu tería dazaseis anos xa tiña andado os vals de cinco légoas arredor do noso pobo* (OPEMAO928).

*Nos primeiros tempos calculava as léguas que andava por día* (L0486).

*Países ou cidades estrañas e distantes Que outrora camiñei* (FORBAR002).

*Caminhamos mais de meia légua para oriente* (L0011).

*Contos de amores e lendas onde xogan cabaleiros que correron longas terras* (CABMAR926).

*Mais de seis dezenas de grupos amadores correram os palcos, alguns improvisados, da ilha Terceira* (J34791).

Cando o OD refire unha realidade non extensiva e acompaña un verbo focalizado no punto de partida –como é o caso de *baixar*– entón desenvolve o rol de Or. O punto final do desprazamento é aquel que está máis abaixo do linde que refire o OD, polo que neste caso o rol semántico do obxecto non é o Dt do desprazamento.

*Pero eu non subía nunca ó andamio que non... que non baixase* (REGTD989).

*Em um movimento com a cabeça, ela conseguiu libertá-se e levantar um muro para proteger o resto. Depois de libertar o resto, ela baixou o muro* (G\_The \_bloodbender (2009): *Depois do fim*. <<http://www.mundoavatar.com.br/forum>> [28/02/2009]).

Á vez, a escolla dun OD fronte ó CLO, con que compite en clara desvantaxe de uso, encóntrase novamente no plano comunicativo. Coa escolla do obxecto focalízase o punto de referencia da baixada, marcándoo como o límite a partir do cal se realiza o desprazamento e dándolle un lugar central na mensaxe. Focalízase a atención no descenso a partir dese punto, o que pode ser considerado difícil, un risco ou, cando menos, un dato para ter en conta ó valorar a acción en si.

En conclusión, a transitividade debe ser non causativa para que o OD xunto dun verbo de movemento con desprazamento se proxecte no ES nun rol semántico espacial. A natureza deste dependerá, á súa vez, das predisposicións do propio lexema verbal cara á esixencia de concreción do Dt, da Tr ou da Or; da mesma maneira que a escolla do obxecto fronte á do circunstancial con que concorre no plano do significado tamén se regula pola finalidade comunicativa do emisor, xa que non son estratexias absolutamente sinónimas.

### 7.3.2. O obxecto indirecto

Na construción dos verbos de movemento con desprazamento, o complemento sintáctico OI pode corresponderse no ES con tres diferentes roles semánticos:

1. Benefactario: tende a ser unha realidade [+humana] ou unha institución sobre a que repercute a acción, dunha forma positiva (I) ou negativa (II).

(I) *Me cago'n Dios se non tiña que berrarlles que non me daban subido lousa* (REGTD989).

*Ora a Senhora Doutora está a ver! Só me subirem cinco escudos, não é, no quarto* (1358P298).

(II) *Cando xa non había vento e estábamos tranquilos, sen avisar, un gholpe de mar levounos todo o que tínhamos atado na cuberta* (PEAHOM004).

*Foi contra o propietario da casa, por tentativa de agressão, enquanto este lhe moveu um processo, tentando uma acção de despejo* (J42755).

2. Posuidor: indica posuidor gramatical ou pertenza dunha parte a un todo para o complemento argumental ó que se refire, isto é, para o OD (I) ou para o complemento locativo nuclear (II).

(I) *Pasei por entre as cepas sin lles mover unha folla* (BLABIO962).

*Na barra do lençol, esforçados, seis vezes os dedos se lhe moveram* (L0430).

(II) *¿Coidabas ti qu'había de soltar eu a rapaza a un calquera que me chegase á porta?* (VALMAX880).

*-Nem a minha tem escapado, cá por certos zunzuns que me chegaram aos ouvidos* (L0115).

É unha ferramenta útil para contextualizar estas figuras sintácticas, xa que a elisión do OI traería consigo unha ambigüidade pouco económica sobre a quen ou a que están referidos.

3. Locativo: de Dt ou, en menor medida, de Tr e de Or.

A correspondencia entre OI e rol semántico locativo ten claras consecuencias na estrutura sintáctica. Nos dous casos anteriores, na construción do verbo poden aparecer xunto do OI calquera circunstancial de lugar. En confronto, aquí a

## Os complementos locativos

combinatoria destas figuras non é sempre posible. Cando existe unha neutralización no plano semántico entre o beneficiario e o Dt (I), o Tr (II) ou a Or (III), na construción sintáctica só recollemos o OI e nunca a acumulación deste cun CLD, CLP ou CLO.

- (I) *Máis alá da porta da cela, polo corredor húmido e fedorento, viñalle ao prisioneiro rosmido de conversas e algún riso (MEFARR991).*  
*Do alto dos minaretos vinha-nos o bradar estrídulo dos cacizes convidando os crentes a rezarem seu salá (L0011).*
- (II) *Abrironlle a boca cun fungueiro i atravesaronllo en forma de tranca pra que non puidese trabar (LPXCON928).*  
*Quando a gente passámos um cabo, ao barco, e rebocámos para fora (1293P285).*
- (III) *Não havia dissuadi-la de vê-lo e levar-lhe os filhos! (L0728).*  
*-¿Cánto vos levou? (LPXCON928).*

Existen dous condicionantes para que un rol semántico locativo se corresponda co OI na construción sintáctica. En primeiro lugar, o verbo debe sempre transmitir a idea dun movemento, sexa no plano físico sexa no metafórico. Neste último incluímos os sentidos ‘oír’ (*entrar e vir*), ‘entender’ (*entrar*), ‘falar’ (*entrar*) ou ‘responder’ (*voltar e volver*) en que existe un desprazamento dun son ou dunha idea.

O segundo condicionante para a escolla deste complemento fronte a un circunstancial de lugar depende da natureza [+animada] do referente do rol semántico locativo; debe ser unha realidade animada ou unha institución humanizada. Deste modo fúndese o valor espacial co de beneficiario (positivo ou negativo) da acción. Esta fusión só se dá se o locativo con que compite espazo semántico non está explícito. De xurdir o circunstancial de lugar, o OI pasa a funcionar como o referente do locativo. Este comportamento encontrámolo con todos os verbos, correspóndase o OI co Dt, Tr ou Or.

A plasmación locativa máis común do OI no ES é o Dt, mais esta correspondencia muda cando o verbo no plano semántico ten como rol nuclear a Or ou o Tr. Neste caso o OI con sentido locativo é o espello sintáctico destas indicacións espaciais. Así no noso corpus de traballo encontramos exemplos de correspondencia entre OI e Or cos lexemas *levar* (ver exemplos anteriores) ou *saír* (I), e entre OI e Tr con *atravesar* e *pasar* (II).

- (I) *Escomenzóu a abambear-se todo e sentín gañas de trousar, pro só me saíu auga (BLABIO962).*
- (II) *Abrironlle a boca cun fungueiro i atravesaronllo en forma de tranca pra que non puidese*

## Os complementos locativos

*trabar* (LPXCON928).

*Quando a gente passámos um cabo, ao barco, e rebocámos para fora* (1293P285).

*Quería vé-la, pasarlle de cerco, aínda que non me ollase* (BLABIO962).

O funcionamento do OI con sentido locativo non rexistra grandes diverxencias entre o galego e o portugués: en sentido xeral, a esixencia dun OI cos verbos de movemento é reducida, singularmente na lingua portuguesa (nos corpus galegos rexistramos unha media do 4,2% dos rexistros totais para as construcións con OI fronte ó 1,7% en portugués); e o comportamento deste OI é paralelo. As diverxencias entre linguas que encontramos son todas froito das diferenzas que existen no propio corpo semántico dos verbos, isto é, non son sistémicas do idioma, xa que se deben ó funcionamento singular de cada lexema. Distinguimos catro posibles puntos de afastamento entre idiomas.

En primeiro lugar, as preferencias léxicas de cada lingua para determinado sentido inflúen na rexencia verbal do OI con valor locativo. Un exemplo encontrámolo na construción con OI na construción de *achegar*-*chegar*. Esta figura sintáctica en lingua galega no EA de *achegar* correspóndese sempre no ES cun rol espacial. En portugués a situación muda, xa que para as acepcións 1 e 1a (véxase cap. 3) en que este verbo rexe un OI con valor locativo o idioma luso escolle o lexema *chegar* (correspóndense coas acepcións 9 e 10 de *chegar*; véxase cap. 3).

*Pra lelas había que achegalas ó lume* (LPXCON928).

*Achegaime o lume aquí, recontra, e que non volva a mandar* (LPXCON928).

*Chega-me aí a toalha* (L0416).

*Chegou-se ao pé de mim* (956P227).

Noutros casos, o afastamento entre idiomas débese a que cun verbo se rexistran sentidos exclusivos nun dos idiomas; é o caso de *correr*. En galego pode significar ‘facer saír alguén ou algo dun lugar’ (acepción 7) e aquí o OI refire simultaneamente, no plano semántico, o benefactario e o destino da acción. Na lingua galega non encontramos este sentido no corpus nin nas fontes externas consultadas.

*E iba pa xunto dela e se ela che decía que non te quería entonces, co fazucho de pallas e a pedra aquela qu'ib'alí amarrada dentro do fazucho ¡venga leña! A correla pa outro, asta qu'había outra que decía que te collía* (REGTD989).

Un terceiro contexto dáse cando o verbo ten nos dous idiomas un corpo de significados común, pero experimenta unha maior especialización semántica por linguas que produce un uso desequilibrado do OI. Encontramos esta situación con

*voltar*, usado en lingua portuguesa co sentido de ‘responder’ (acepción 10) case no 50% dos seus rexistros, fronte ó galego onde nin alcanza o 1% (véxase o Anexo IV), de maneira que na primeira a presenza do OI é moito maior ca no idioma galaico.

*Nunca lhe voltaria uma opinião crítica* (L0043).

Finalmente, as diverxencias débense a que, aínda que haxa unha equivalencia na construción entre idiomas, nalgún deles concorre esta construción con outra. Co verbo *entrar* significando ‘falar, dicir alguén con firmeza algo a alguén’ (acepción 18) o Dt do ES correspóndese co OI do EA, mentres que en portugués a correspondencia pode establecerse co OI ou cun complemento preposicional.

*Logo-logo, a pouco e pouco breve, os outros me entram de supetão* (L0216).

*Enquanto comemos entro com ele: - Então, Luís, como vai o teu estado macho?* (L0011).

Por conseguinte, as discordancias neste punto entre idiomas son froito do funcionamento dos verbos de movemento con desprazamento en cada unha das linguas e non do comportamento do OI con valor locativo en particular.

## **7.4. Conclusión**

Este capítulo céntrase na relación entre os complementos sintácticos de lugar de destino, orixe e traxecto e os verbos de movemento con desprazamento. Despois de comprobar no capítulo 6 que existe unha predisposición entre tipo verbal e locativo argumental rexido, tres son os obxectivos básicos que nos guiaron ó longo de todo o apartado. En primeiro lugar, corrobóramos que non existen incompatibilidades entre os diferentes tipos verbais e os tres locativos centrais para este traballo, isto é, CLD, CLO e CLP, senón unha predisposición na selección destes circunstancias segundo o tipo verbal.

En segundo lugar, describimos as regras de funcionamento para estes complementos circunstancias que regulan a súa construción, combinación e colocación dentro da oración.

En terceiro e último lugar, fixemos un contraste no funcionamento entre a lingua galega e a portuguesa.

A revisión dos corpus de traballo demóstranos que, aínda existindo excepcións e situacións fronteirizas, é posible extraer conclusións finais que describen o

funcionamento xeral dos referidos locativos xunto dos verbos de desprazamento. Por conseguinte, encontrámonos cunha serie de principios base que establecen a interligazón entre complemento espacial e tipo de verbo de movemento con desprazamento.

1. Non existe unha limitación de compatibilidades entre tipo verbal e locativo. Sexa como unidade argumental ou satélite, todos os locativos poden xurdir cos VD e cos VMM.
2. Non todos os locativos teñen a mesma potencialidade para seren usados en todos os grupos verbais (véxase cap. 6). Mentres o destino funciona como unidade argumental para boa parte dos verbos de movemento con desprazamento, a orixe só é tal cos VD de partida e o traxecto cos VD focados nese punto espacial e cos VMM continuo. A propia natureza os verbos de movemento ó indicar un desprazamento xustifica de seu a nuclearidade do punto de chegada fronte ás outras referencias locativas, case sempre presupoñibles ou non necesarias para o éxito do proceso comunicativo.
3. Relacionado co vencello entre tipo semántico verbal e circunstancial locativo argumental rexido polo verbo, encontramos que así como a nuclearidade deste tipo de complementos aumenta, así tamén se diversifican as posibilidades de nexos entre o argumento e o lexema verbal. Polo tanto, a clase verbal determina o locativo argumental e a construción interna deste complemento.
4. A combinación do principio 3 coa potencialidade propia de uso de cada un dos complementos espaciais dá como resultado a diferente capacidade de cada un dos locativos en diversificar a súa construción. Quérese dicir, mentres o destino é o complemento circunstancial de lugar máis versátil na súa construción, tanto polo número de nexos que pode chegar a rexer como pola cantidade de enlaces prototípicos doutras circunstancias que pode tomar, a orixe pasa a ocupar o posto contrario nesta escala ó contar cun nexos prototípico (*de*) seguido moi de lonxe por outras opcións, fundamentalmente *desde* ou *dende* (esta última só en lingua galega).
5. Neste capítulo determinamos os nexos máis comúns para cada unha das circunstancias, de maneira que achamos principios que á súa vez regulan a escolla, en maior ou menor medida, de cada unha das posibilidades.



## Os complementos locativos

a. Para indicar o destino do desprazamento, tres nexos destacan como fundamentais: *a*, *para* e *en*. Non son opcións absolutamente excluíntes nin entre si nin con outras posibilidades construtivas menores no uso para introducir o CLD. Mais existen unha serie de principios que regulan as posibilidades de escolla, baseadas no tipo de información que se queira transmitir, na construcións sintáctico-argumental da estrutura ou na lingua.

i. A preposición *a* introduce o CLD nos seguintes contextos:

- O destino indica un lugar para visitar ou en que permanecer temporalmente.
- O CLD marca un límite polo que é habitual a copresenza co CLO, singularmente en galego.
- O lugar de chegada trae consigo un fin concreto ou intrínseco.
- O verbo abandona a idea de desprazamento físico, de xeito que o CLD refire un novo estado ou situación alcanzado ou por alcanzar.
- Hai unha focalización do destino.

ii. En confronto, os contextos de uso preferente de *para* son catro:

- O destino é un lugar en que se vai estar durante bastante tempo, de modo que o desprazamento carrega permanencia nese espazo.
- O CLD refire a dirección máis ca un punto de chegada.
- O verbo en construción pronominal xira ó redor da idea de ‘abandono’.
- Na lingua portuguesa, o CLD comparte estrutura co CLO.

En trazos xerais, cando nos situamos na lingua portuguesa aumentan as posibilidades de uso desta preposición, xa que experimenta un proceso de amplitude semántica que lle é alleo ó galego.

iii. Finalmente, xorde *en* para introducir o circunstancial de destino se a acción é presentada como un feito perfectivo.

b. Para a circunstancia de orixe, o número de nexos introdutores redúcese moito a respecto do destino. A opción prototípica é *de*. O segundo nexo no uso é *desde/dende*. En portugués só se emprega *desde*, mentres que na lingua galega son dúas formas sinónimas no nivel gramatical. Entre si existe unha certa

especialización a respecto do estilo de lingua: *dende* é unha marca de estilo formal e de diferencialismo. Indistintamente da forma e da lingua, *desde/dende* é unha preposición máis marcada ca *de*, que describe a orixe como un linde. Nestes contextos é habitual a indicación do destino. Ademais reforza a precisión do punto exacto de partida, sexa dun movemento ou non.

c. Finalmente, *por* é o nexa primeiro á hora de introducir o traxecto. As restantes opcións construtivas marcan este locativo dalgunha maneira no plano semántico, o que xustifica o seu uso moito máis restrinxido.

6. A acumulación dos complementos espaciais xunto dos verbos de movemento con desprazamento non é libre, respecta unha serie de constantes de funcionamento.

a. Todas as combinacións entre os tres locativos son posibles independentemente do verbo, pero non todas son igualmente recorrentes. A máis probable é a xuntanza do destino e da orixe, puntos lindeiros do desprazamento e, por iso, son os que contan con máis opcións de seren verbalizados.

b. Independentemente dos elementos combinados, existe unha orde non marcada para a acumulación dos tres locativos: CLO + CLP + CLD.

c. Sempre que a organización non marcada dos locativos é alterada, débese a unha finalidade comunicativa concreta. Comunmente, a desorde busca a focalización do elemento descolocado. Noutros casos as causas están nun nivel máis profundo da construción semántico-sintáctica da estrutura:

i. Estamos ante un falso locativo, quérese dicir, encontramos un elemento discursivo que toma a forma de CLD, pero que se usa como marcador de pausa ou focalizador da información que introduce, de maneira que a súa colocación non se regula a respecto dos circunstanciais de lugar.

ii. A información transmitida polo locativo é redundante, de modo que a súa descolocación non carrega unha desestruturación do ES por non ser información nova.

iii. O verbo e o circunstancial de lugar están estreitamente ligados nos planos semántico e sintáctico, pois funcionan como unha estrutura frástica fixa (por exemplo, *vir a terra* co significado ‘desembarcar’) ou o CLD introdúcese por *en* na construción de *entrar e parar*.

7. Existen unha serie de aspectos que afastan o funcionamento entre os dous idiomas obxecto de estudo desta investigación:

a. A amplitude semántica de *para* en portugués demostra un proceso de baleirado semántico deste nexo non recollido no galego, para o que a preposición máis oca semanticamente é *a*.

b. En portugués non se emprega *dende*.

c. As diverxencias semánticas que rexistramos en capítulos anteriores nunha mesma unidade entre idiomas (singularmente para os verbos *baixar*, *chegar* ou *marchar*) teñen unha tradución na rexencia ou no funcionamento dos locativos. Por conseguinte, corrobórase o estreito vencello entre tipo verbal e as súas posibles combinatorias con complementos espaciais.

8. Simultaneamente, o tipo de código tamén ten consecuencias sobre o construto final. A escrita ten regras de funcionamento diversas á oralidade, o que tamén ten os seus efectos neste plano da lingua. No noso corpus estes espazos de afastamento agudízanse pola propia natureza das fontes que configuran cada un dos corpus: o estilo de lingua formal caracteriza os corpus escritos, fronte ós orais en que o ámbito de comunicación máis común é o coloquial.

O maior tempo de reflexión na composición dos textos escritos permite a acollida de construcións secundarias que enriquezan o texto final evitando a repetición léxica, o que favorece que nestes corpus se amplíe o abano de escollas de nexo introdutores dos diferentes locativos en confronto ás fontes orais. Ademais, na lingua escrita pódese recuperar a información xa dada. Por un lado, isto potencia a creatividade lingüística, de tal modo que aquí os valores base de *a/para* ó introducir o destino, se hai outras ferramentas comunicativas que xa o indica, poden sufrir alteracións ou transvasamentos. Polo outro lado, a busca de precisión é maior nestas situacións comunicativas; así poden xurdir outros nexos que introducen as circunstancias de lugar concretando o tipo de desprazamento en maior grao que a preposición primeira. Pola contra, a oralidade, singularmente a non planificada, formúlase como o espazo máis útil para coñecer a estrutura base dun idioma.

Despois do exposto pódese afirmar que é posible trazar unhas pautas á hora de describir a rexencia locativa dos verbos de movemento, a construción destas circunstancias e a acumulación entre si. Estas regras xerais marcan o funcionamento

prototípico, xeral, pero non serven para deseñar a totalidade de posibilidades construtivas.

Nun último apartado deste capítulo faise unha aproximación a dúas figuras sintácticas que concorren no plano do significado cos circunstanciais de lugar, o OD e o OI. A escolla de cada unha destas tres opcións como plasmación sintáctica dos roles semánticos de Dt, Or e Tr trae consigo diferentes consecuencias no plano comunicativo.

O OD correspóndese no ES dos verbos de movemento fundamentalmente cun rol paciente nunha construción causativa. Mais cando a causatividade desaparece, os papeis locativos entran en xogo a través desta figura sintáctica, de maneira que o OD pasa a concorrer co CLD, CLO ou CLP. Existe unha serie de regras que regulan, por unha banda, a natureza non causativa da transitividade e, pola outra, o tipo de información locativa que transmite o obxecto. A respecto da transitividade non causativa, esta dáse cos verbos para os que a rexencia de OD é un EA secundario ou cos que focalizan a atención no desenvolvemento do propio desprazamento, isto é, VD de traxecto e VMM continuo. Nestes contextos, o papel semántico locativo que se corresponde co OD regúlase pola nuclearidade de cada unha das indicacións espaciais; o OD desenvolve no plano sintáctico o rol locativo nuclear do ES base do verbo. Deste modo, cos verbos focalizados no punto de chegada desenvolve o rol Dt, cos que o fan na traxectoria, o Tr e se o verbo focaliza o de partida pode funcionar como a Or.

Cando o OD coincide no plano do significado co Dt, a acción pode ser perfectiva, de xeito que o OD indica o linde ata onde se chega; ou pode ser imperfectiva, situación esta maioritaria en que o Dt se fusiona en grande medida co Tr por indicar a dirección e o espazo percorrido en simultáneo. Se a correspondencia se establece entre OD e Tr, descríbese un traspaso absoluto dun espazo –e en certo modo indícase, se non se especifica o contrario, que o punto de chegada é a extrema dese lugar–, de modo que non só se usa como vía ese lugar, xa que se centra a atención sobre el. Finalmente, para que exista unha equivalencia entre Or e OD, é preciso que se refira unha realidade non extensiva e, ademais, debe buscarse a focalización comunicativa deste punto inicial do desprazamento.

Por outra banda, para que o OI adquira un valor locativo é necesario que se cumpran tres condicionantes: o verbo debe transmitir idea de desprazamento físico ou metafórico, o espazo debe coincidir cunha realidade [+animada] ou humanizada e o oco sintáctico da figura semántica espacial só pode ser cuberta polo OI, o que fai incompatible a súa presenza cun circunstancial de lugar equivalente no plano semántico por expresar a mesma información e ser redundante. Ademais, novamente, esta figura sintáctica coincidirá no plano semántico co rol locativo argumental do verbo.

En conclusión, existen tres fórmulas diferentes para especificar cada un dos puntos espaciais do ES do movemento. A escolla dun circunstancial é a máis empregada e a menos marcada; mais esta opción sintáctica concorre co OD e co OI con valor locativo. Para a escolla destas últimas existen condicionantes semántico-sintácticos e comunicativos que as formulan como posibilidades en desvantaxe ós circunstanciais. Isto é, o funcionamento dos circunstanciais de lugar e a predisposición para que na construción apareza un OD ou un OI con valor locativo no lugar do correspondente circunstancial non é libre, xa que se regulan por unha serie de principios semántico-sintácticos que fan predicible os contextos e fórmulas de construción de cada un destes EA.

## **8. A relación entre o significado e a sintaxe**



Ó longo de todo este traballo de investigación fomos interligando os ámbitos semántico e sintáctico dos verbos de movemento con desprazamento para poder entender o seu funcionamento global e determinar que principios regulan a construción deste grupo verbal. Mais deixamos de lado o contraste concreto entre ES e EA. Este capítulo é o espazo en que estas dúas dimensións aparecen unha fronte á outra na busca de espazos de interligazón e correspondencia.

Dende o primeiro capítulo, os planos semántico e sintáctico aparecen continuamente interligados na tentativa de entender a construción dos verbos de movemento con desprazamento. O noso posicionamento de partida é ver o vencello existente entre estes dous ámbitos, pero sen determinar cal deles inflúe no outro ou cal se formula como primeiro na conceptualización lingüística. A razón está en que os entendemos como dimensións parellas que funcionan non de forma absolutamente equivalente, pero si en simultáneo, de maneira que se co-inflúen.

A demostración de que son eidos estreitamente interligados encontrámola en fenómenos sintácticos que só se poden xustificar pola construción semántica do verbo e tamén exemplos do contrario, isto é, aspectos da construción semántica que só teñen lóxica global a partir de comportamentos sintácticos. Deste modo, o EA dun verbo está estreitamente vencellado co seu ES, de modo que cando se pode adscribir a varios tipos semánticos tamén admite diferentes EA base. É o caso dos verbos de movemento que contan cun funcionamento copulativo (*ir, saír* ou *vir*, por exemplo), pero tamén cando un único verbo se pode adscribir a diferentes grupos semánticos dos verbos de movemento (por exemplo, *andar*) ou cando segundo a lingua o lexema verbal ten un comportamento semántico base diverso (é o caso de *marchar* ou *baixar*). Por outra banda, a causatividade esixe unha construción sintáctica transitiva, e o rol semántico do OD regúlase, á vez, pola capacidade ou non do verbo de describir unha acción cun causante e un paciente. Á vez, a causatividade influirá nas posibilidades de o OD combinarse con determinados complementos, fundamentalmente circunstanciais de lugar. Estes son só dous exemplos en que o EA e o ES xorden como dúas faces dunha mesma realidade para a construción verbal.

Neste capítulo imos focalizar o paralelismo entre EA e ES para os verbos de movemento con desprazamento. Atenderemos as construcións base ou prioritarias, xa que buscamos presentar o funcionamento normal ou prototípico deste tipo verbal, na



busca de comportamentos xerais que describan o conxunto destes lexemas e cada grupo de verbos de movemento con desprazamento.

Ademais, imos incluír en cada grupo de verbos de movemento con desprazamento non só os lexemas que clasificamos como tal, senón tamén aquelas unidades que minoritariamente poden adquirir un funcionamento semántico-sintáctico parello a outros grupos diferentes do seu referencial. Con esta inclusión confirmamos que existe un funcionamento base común para as unidades dun subtipo de movemento con desprazamento, independentemente de que a pertenza do lexema a ese grupo referencial sexa o seu sentido base ou secundario. Deste modo, este fórmase como un novo argumento para demostrar que na interdependencia das dúas dimensións aquí estudadas se encontra a explicación do comportamento global dos verbos de movemento con desprazamento.

### **8.1. Correspondencias na construción semántico-sintáctica dos verbos de movemento con desprazamento**

Imos seguir a orde de presentación tomada ó longo de todo este traballo, é dicir, a partir dos grupos semánticos de verbos de movemento con desprazamento. Mais engadiremos dous últimos apartados en que atender en cada un deles un aspecto específico da construción semántico-sintáctica dos verbos de movemento na busca de funcionamentos globais; estamos a nos referir á adquisición dun comportamento copulativo (véxase apartado 3.2.1.1.1.) ou á dun auxiliar nunha estrutura perifrástica. Ambos contextos semántico-sintácticos son ollados dunha forma superficial xa que o obxectivo é procurar os condicionantes que regulan as probabilidades de que un verbo de movemento con desprazamento desenvolva estes comportamentos.

#### **8.1.1. Mover**

Semanticamente, *mover* constrúese baixo dous ES base que teñen unha única correspondencia sintáctica: un EA biactancial con explicitación do suxeito e do OD.

Verbo	EA	ES
Mover	S + P + OD/r	Ini + Mb Cau + Pac

Táboa 120: Correspondencia ES e EA de *mover*

O paralelismo de construción nos dous eidos é moi alto no referido ó funcionamento prototípico do verbo. De todos os xeitos, cunha porcentaxe de uso do 64% no corpus en galego e 35% no portugués, este EA ten unha frecuencia afastada da dos referidos ES (90% nos dous idiomas); a explicación encontrámola en que o contexto comunicativo pode requirir a explicitación doutras figuras sintácticas satélites, fundamentalmente dun locativo situacional ou de circunstanciais modais. Nestes casos estamos ante ampliacións do EA base (véxase cap. 6). Deste modo, tanto semántica coma sintacticamente este verbo adoita non existir ningunha concreción locativa. Funciona como un hiperónimo do grupo con que poder describir, contextualmente, calquera tipo de movemento engadíndolle aqueles complementos satélites que nos fagan falla para cubrir as especificacións que outros verbos xa refiren co seu propio corpo de significado.

### 8.1.2. Subir e baixar

Nos verbos situados na verticalidade existe unha predisposición direccional diferente: poden dirixirse cara arriba ou cara abaixo. Esta diversa focalización nos puntos locativos do desprazamento teñen consecuencias tanto no EA coma no ES.

*Subir*, semanticamente, describe un movemento ascendente, polo que require a figura do destino, esteamos ante unha acción causativa ou non.

Verbo	EA	ES
Subir	S + P	Mb + Dt Ent + Dt (+ Ref)
	S + P(r) + CLD	
	S + P + OD	Ini + Mb + Dt
	S + P + OD + CLD	

Táboa 121: Correspondencia ES e EA de *subir*

Sintacticamente, o emisor ten ó seu dispor diferentes maneiras de formular este esquema conceptual. A figura do destino pode ser explicitada a través dun circunstancial locativo, pode elidirse por innecesaria e, en menor medida, pode estar formulada a través dun OD nunha construción non causativa. Son fórmulas non absolutamente equivalentes (véxase cap. 4 e cap. 7) nin no significado nin no uso, xa que a última está en clara desvantaxe.

Xa cunha construción causativa, encontramos as mesmas dúas posibilidades primeiras de desenvolverse sintacticamente o rol semántico do Dt xunto de *subir*: pode estar

## A relación entre o significado e a sintaxe

explicitado baixo un circunstancial ou elidido por xa non ser necesario polo contexto comunicativo. De xeito que encontramos que, fóra da figura dun causante e dun paciente da acción, o ES e o EA base deste verbo se ve afectado pola causatividade no tipo de unidade sintáctica que pode cubrir a figura semántica nuclear de Dt.

No que se respecta a *baixar*, este é un verbo cun comportamento diferente segundo o idioma. En galego, funciona como unha unidade de movemento situada na verticalidade que focaliza o punto de partida do desprazamento; no portugués, caracterízase como un verbo preferentemente transitivo, non descriptor dun movemento con desprazamento e de causatividade variable. Este comportamento na lingua portuguesa vén dado pola concorrencia en desvantaxe de *baixar* fronte a *descer* –unidade preferente para describir un desprazamento cara abaixo– e *abaixar*. Esta situación explica que haxa diferentes EA e ES base en cada unha das linguas.

Verbo	LG		LP	
	EA	ES	EA	ES
Baixar	S + P + CLO	Mb + Or + Dt	S + P	Mb + Or + Dt
	S + P + CLD			Ent
	S + P + CLP		S + P + OD	Ini + Mb + Dt
	S + P			Ax + Pac + Or + Dt

**Táboa 122: Correspondencia ES e EA de *baixar***

Cos verbos situados na verticalidade, sintacticamente, as referencias locativas son en grande medida predicibles: se se coñece un dos puntos estremeiros (o de partida ou o de chegada) ou o traxecto é fácil chegar a coñecer cales serán as outras referencias locativas aínda que estean omitidas. Isto xustifica que os complementos circunstanciais de lugar compitan en grande medida entre si e, por outra banda, sexa posible a elisión de todos eles. Por engadido, nas construcións transitivas o OD pode corresponderse no plano semántico co Dt ou co Tr, o que lle engade un novo concorrente sintáctico ós circunstanciais. De maneira que, aínda sendo verbos direccionais para os que as referencias espaciais son nucleares na construción semántica, non é predicible que sintacticamente estas sexan verbalizadas.

### 8.1.3. Verbos focalizados no destino

Para o conxunto dos verbos de movemento con desprazamento focalizados no destino, esta referencia locativa é argumental no seu ES, sexa este causativo ou non. Mais no plano sintáctico existen catro fórmulas para concretarse esa dita esixencia semántica:

- A través dun circunstancial de lugar (CLD).

### A relación entre o significado e a sintaxe

- Elídese, porque é información que se pode extraer ora do discurso (por estar mencionado ou porque a través doutro complemento se pode intuír) ora do contexto non lingüístico.
- A través dun OD, se a construción é non causativa.
- En menor medida, se o lugar de chegada é unha realidade [+animada], a través dun OI.

O paralelismo no comportamento base dos verbos focalizados no punto de chegada, sexa situado o movemento na verticalidade ou na horizontalidade, é absoluto. Con *subir* o Dt é a figura semántica nuclear que sintacticamente se pode elidir ou corresponderse cun CLD, un OD ou, aínda que dunha forma moi minoritaria, un OI se o Dt coincide cun referente [+animado] polo que esta noción semántica se fusiona en grande medida co beneficiario da acción.

Verbo	EA	ES
Achegar Traer	S + P + OD S + P + OD + CLD S + P + OD + OI	Ini + Mb + Dt  Ax + Pac + Dt
Entrar	S + P + OD	Mb + Dt  Ent / Ax + Dt
Chegar Entrar	S + P  S + P + CLD	
Ir	S + P + modal	

**Táboa 123: Correspondencia ES e EA dos verbos focalizados no destino**

Contextualmente e dunha forma minoritaria nos capítulos 4 e 6 encontramos que unidades adscritas a outros grupos semánticos de verbos de movemento poden admitir un funcionamento parello ós focalizados no Dt. Estamos a nos referir a *levar, pasar, andar, camiñar e correr*. Son usos secundarios pero que coinciden na construción prototípica vista ata o de agora en que o rol semántico do Dt se corresponde sintacticamente cun circunstancial de lugar ou co OD nunha construción non causativa.

Verbo	EA	ES
Pasar	S + P + OD + CLD	Ini + Mb + Dt Ax + Pac + Dt
Levar	S + P + OD	Mb + Dt  Ent / Ax + Dt
Pasar Andar Camiñar Correr	S + P + CLD	

**Táboa 124: Correspondencia ES e EA dos verbos que por extensión semántica poden focalizar o destino**

Do anterior podemos tirar dúas conclusións. En primeiro lugar, a nuclearidade do Dt é máis facilmente admisible por outros tipos verbais cá asunción de outra referencia locativa (véxase cap. 7); e, en segundo lugar, o comportamento base semántico-sintáctico dentro dun mesmo grupo de verbos de movemento é común indistintamente de se esa caracterización é prioritaria ou secundaria para os diferentes lexemas.

Continuando co funcionamento xenérico do grupo, encontramos que fóra do CLD, tanto o OD coma o OI non sempre coinciden no plano semántico co Dt nin tampouco os complementos modais son exclusivamente estratexias que favorecen a elisión do Dt. Isto resólvese en diferentes ES base con que concorren os primeiros. Deste modo, se o OD se adscribe a unha construción causativa, describe sobre quen recae a acción, de xeito que se acompañará (véxase Táboa 123) por un circunstancial locativo. O OI pode non referir o punto de chegada do movemento, senón o beneficiario da acción (Ini + Mb + Benef); este ES é unha variante do ES primeiro con rexencia de Dt, xa que co OI o linde entre estes dous roles semánticos –Dt e Benef– é difuso, pois existe unha fusión entre os dous papeis que só o contexto indicará cara a cal deles se inclina a balanza. Finalmente, a rexencia dun complemento de natureza modal pode estar tras unha mudanza no tipo de verbo cando este pasa a funcionar como unha unidade copulativa; este é o caso do ES Ax/Ent + Md de *ir* (véxase apartado 8.1.9.).

En resumo, observamos que atendendo a transitividade, a causatividade, o espazo focalizado na liña espacial e o tipo verbal (predicativo fronte a copulativo) é posible predicir en grande medida a construción semántico-sintáctica deste grupo verbal e de cada un dos verbos en cada unha desas situacións semántico-sintácticas que poida admitir.

#### **8.1.4. Verbos focalizados na orixe**

Os verbos deste grupo focalizan a acción no punto de partida, pero tamén o de chegada goza dun status nuclear, xa que a mención dunha saída trae consigo o necesario alcance dun novo lugar (véxase cap. 4). Por engadido, nese mesmo apartado encontramos que aqueles verbos que abandonan a nuclearidade semántica da Or non reflicten un comportamento específico do conxunto, senón que traducen unha mudanza de grupo semántico:

- *Marchar* en portugués pasa a adscribirse en boa parte do seu corpus de rexistros ós verbos de movemento con desprazamento continuo.

## A relación entre o significado e a sintaxe

- *Levar* como verbo de movemento e baixo unha construción non causativa funciona como un lexema focalizador do destino.
- Os verbos, cando se acompañan dunha figura modal, poden adquirir un funcionamento copulativo; *saír*, *vir* e *levar* (na práctica totalidade dos casos en que abandona a idea de movemento describe un estado de cousas, singularmente se a construción é non causativa) poden desenvolverse como verbos copulativos de modo que se afastan do comportamento dos verbos de movemento con desprazamento.

Estas tres situacións non serán consideradas na descrición xenérica do grupo de verbos de movemento focalizados no punto de partida por non seren contextos en que o verbo funcione como un membro deste grupo.

Pola contra, encontramos que verbos adscritos a outros grupos semánticos poden contextualmente adquirir un sentido parello a ‘saír dun lugar’ (*camiñar*) ou ‘facer saír dun lugar a alguén ou algo’ (*correr*), o que os sitúa dentro da lóxica deste grupo verbal polo que van ser tratados aquí para ver se tamén coinciden na construción semántico-sintáctica do grupo cando presentan ese significado.

Verbo	EA	ES
Camiñar	S + P	Mb / Ent / Ax + Or
Partir		
Saír		
Vir		
Marchar (LG)		
Saír	S + P + CLD	Mb + Or + Dt
Vir	S + P + CLO	Ent + Or + Dt
Marchar (LG)	S + P	
Correr	S + P + OD	Ini + Mb + Or + Dt
Levar	S + P + OD + CLD	Ax + Pac + Or + Dt
Saír	S + P + modal	Mb + Or + Fin / Md
Marchar (LG)		
Vir	S + P + modal	Mb + Or + Dt + Fin / Md
Levar	S + P + OD + modal	Ini + Mb + Or + Fin / Md Ini + Mb + Or + Dt + Fin / Compñ

**Táboa 125: Correspondencia ES e EA dos verbos focalizados na orixe**

A esixencia no plano semántico da Or correspóndese na construción sintáctica con dous contextos argumentais:

- Explícítase un complemento circunstancial de orixe.

- Elídese esta figura semántica porque se pode extraer do contexto comunicativo, do discurso ou porque xorden outros complementos que fan predicible o punto de partida, singularmente un circunstancial de destino ou un complemento modal.

Cando no ES o rol de Dt ou outros de natureza modal son nucleares, as posibilidades da elisión sintáctica do rol semántico de Or aumentan considerablemente.

Finalmente, existe unha cuarta regra de combinación no plano sintáctico: de requirirse unha figura modal no ES, sintacticamente non só se tende a elidir a concreción verbal do punto de partida, senón que tamén o de chegada semella asumible a partir da especificación circunstancial de modo.

Por conseguinte, con este grupo verbal non só a elisión do punto de partida é moi recorrente, senón que tamén o alcanzado a través do desprazamento tende a non ser verbalizado se o contexto comunicativo o pode facer supoñible dalgunha maneira.

#### **8.1.5. Verbos focalizados no traxecto**

Este grupo ten un funcionamento predicible cando describe un movemento focalizado no traxecto, tanto no plano semántico coma no sintáctico (véxase cap. 4 e cap. 6). Mais nos VD focalizados no traxecto encontramos novamente que os verbos non só admiten un movemento centrado nesta referencia locativa, pois poden adquirir outros comportamentos semántico-sintácticos:

- Funcionan como unidades copulativas.
- Adscribense ó grupo dos verbos focalizados no Dt.

Esta mudanza funcional provoca discordancias co comportamento xenérico do grupo, de maneira que son obxecto de estudo das seccións correspondentes deste capítulo na busca de ter unha visión global. Neste apartado só nos centramos en cando se desenvolven como verbos focalizados no traxecto.

*Andar*, *atravesar* e *pasar*, como unidades focalizadoras do traxecto, no seu ES precisan deste rol; pero sintacticamente esta necesidade conta con tres formas diferentes de resolverse:

- A través do OD, indicando un desprazamento telúrico.
- A través dun CLP, con que o desprazamento xa non é telúrico.

## A relación entre o significado e a sintaxe

- Elidir esta información por poderse extraer do contexto comunicativo.
- A través dun OI, se indica unha realidade [+animada].

Son fórmulas non absolutamente sinónimas, xa que mentres a escolla dun OD con valor locativo de Tr describe un desprazamento telúrico, co CLP este pasa a ser [-telúrico]. Isto explica que estas dúas figuras sintácticas poidan, minoritariamente, compartir estrutura indicando ambas as dúas unha referencia espacial de traxectoria, porque non indican exactamente o mesmo tipo de información: a distancia percorrida vén marcada polo OD, mentres que o circunstancial describe a vía escollida para realizar o desprazamento. Ademais, o OI con valor locativo aparece estreitamente fusionado co beneficiario da acción (véxase cap. 7), información ausente cando se escolle o OD ou un CLP para indicar o Tr do movemento.

En simultáneo, o OD non só se reflicte no ES co rol de Tr –ou o seu correspondente na franxa temporal ó definir un espazo de duración dunha determinada situación ou acción–, senón que con estes verbos pode coincidir tamén co experimentador da acción, sexa este un movemento (o rol Mb) ou non (Pac). Se o OD e un rol semántico locativo teñen o mesmo referente, as posibilidades de elisión do primeiro no EA é moi alta se xorde un CLP. Pola contra, se no ES se corresponde co Pac ou co Mb, a explicitación ou non do CLP no plano sintáctico non condiciona a elisión do obxecto. Desta maneira, a combinatoria destes dous aspectos semántico-sintácticos (figuras sintácticas que se corresponden co rol semántico do Tr e valores semánticos que se corresponden co OD) explican os EA e ES que poden desenvolver os formantes deste grupo de verbos.

Verbo	EA	ES
Atravesar	S + P + OD	Mb + Tr
Pasar	S + P	
	S + P + CLP	
Andar	S + P	Ax / Ent + Tr
	S + P + CLP	Ax + Amb <sup>1</sup>
Pasar	S + P + OD + CLP	Ini + Mb + Tr
Atravesar		

**Táboa 126: Correspondencia ES e EA dos verbos focalizados no traxecto**

<sup>1</sup> A figura de Amb é entendida neste caso como a versión do Tr cando a acción non describe un movemento con desprazamento (véxase cap. 4).



Estes ES e EA base poden verse ampliados por outras circunstancias modais e locativas con certa relevancia en cada un dos verbos. Deste modo, con *pasar* son ES base a ampliación coa Or + Dt cando indica un desprazamento e co Md cando non hai tal. Do mesmo modo que, sintacticamente, a indicación do modo en que se realiza o desprazamento tamén é recorrente con *atravesar* e *pasar*. Pero non deixan de ser concrecións puntuais dun comportamento xenérico de grupo que se pode determinar dunha forma global a partir dos esquemas base.

### 8.1.6. Verbos maneira de moverse continuo

Semanticamente, os verbos de movemento con desprazamento continuo especifican de seu unha maneira concreta de realizarse o movemento ou, se non se describe un desprazamento, a acción. Polo tanto, para o seu ES o rol modal é nuclear. Por outro lado, este pode estar acompañado dunha especificación de natureza locativa. A descrición dun movemento constante propia deste grupo verbal provoca que, cando no plano do significado se concreta unha referencia espacial, esta sexa o Tr. Isto é, hai un estreito vencello semántico entre os VMM continuo e os VD focalizadores do traxecto que non só caracteriza a *andar*, verbo que situamos como unidade ponte entre os dous grupos semánticos, senón a todos os lexemas que consideramos verbos de maneira de moverse continuo –*camiñar*, *correr* e *marchar*, este último na lingua portuguesa–. Un desprazamento continuo é por natureza imperfectivo, polo que se entende que o lugar de interese sexa o espazo polo que este se desenvolve e non as extremas do movemento que lindan a acción.

As correspondencias entre as figuras do EA e as do ES non son únicas, isto débese a que un rol semántico non ten unha única plasmación no plano sintáctico. Deste modo, no EA o complemento modal pode estar elidido. O propio significado do verbo ou o contexto comunicativo é suficiente para elidir a concreción do modo en que se realiza o desprazamento, polo que o acompañamento dun complemento modal –circunstancial ou preposicional– ten tantas opcións de aparecer coma de non facelo.

O Tr no EA tampouco ten un só modo de concretarse. Concorren diferentes posibilidades que non son absolutamente sinónimas:

- Un CLP, describindo un desprazamento atelúrico.
- O OD, describindo un desprazamento telúrico.

## A relación entre o significado e a sintaxe

- Un CL, con idea de contedor polo que se desenvolve a acción.
- A elisión do Tr porque o contexto ou a presenza doutro tipo de complementos satélites fan innecesario concretar esta información.

Verbo	EA	ES
Andar	S + P	Mb + Md (16 - 17)
Camiñar		
Correr	S + P + CM	Ax + Md (29 - 33)
Marchar (LP)		
Andar	S + P + CP	Mb + Tr + Md
Correr		
Marchar (LP)	S + P	
Camiñar	S + P + CM	
Correr	S + P + CLP	
Andar	S + P + CL	
Camiñar	S + P + OD	
Correr		
Andar		

**Táboa 127: Correspondencia ES e EA dos verbos de maneira de moverse continuo**

Da mesma maneira que cos VD focados no traxecto, a copresenza dun OD con valor locativo de Tr e dun CLP é posible porque o tipo de referencia espacial que transmiten non é absolutamente sinónima, de xeito que non ocupan exactamente o mesmo espazo no plano do significado: co OD refírese unha distancia, mentres que co circunstancial a vía ou o lugar que se segue para facer o percorrido.

O conxunto de ES e EA aquí formulados (véxase Táboa 127) son compartidos polo grupo verbal, aínda que existen dous condicionantes: en primeiro lugar, deben ser unidades que admitan a construción transitiva para que poidan rexer un OD con rol de Tr (por iso unidades intransitivas como *marchar* en lingua portuguesa non desenvolve este EA) ou para que o verbo admita certas rexencias prepositivas con valor modal é preferente que teña a capacidade de desenvolverse como unha unidade copulativa (así tanto *andar* coma *correr* presenta rexencias prepositivas con que o significado do verbo muda).

Xa para concluír con este grupo verbal, e enlazando coa última idea exposta, os lexemas aquí englobados poden desenvolver dunha forma minoritaria comportamentos propios doutros grupos verbais:

- VD focalizadores da orixe, sinónimas de ‘saír dun lugar’ (*camiñar* ou *marchar* en portugués) ou de ‘expulsar’ (*correr*).
- VD focalizadores do destino.

- Verbos copulativos (*andar e correr*).

Estes son tratados nos grupos correspondentes para comprobar a lóxica do funcionamento verbal sexa como funcionamento primario sexa como secundario.

### 8.1.7. Verbos maneira de moverse reverxente

Este grupo verbal caracteriza o Dt como un punto xa visitado con anterioridade. De maneira que, no seu ES este punto locativo é nuclear. A explicitación desta figura no EA é diversa: cun CLD, cun OD ou coa elisión desta figura.

O Dt pode elidirse porque o contexto comunicativo xa trae consigo un punto de chegada (singularmente cando se describe un movemento sen desprazamento ou unha acción sen movemento) ou porque hai outro complemento que fai deducible o punto de chegada; este é o caso do EA con concreción dun CLO.

O valor locativo que se corresponde no plano sintáctico co OD fórmulase como unha das mellores mostras de cal é a referencia espacial nuclear para cada un dos grupos verbais. Polo tanto, aínda que a correspondencia entre OD e locativo nos planos sintáctico-semántico sexa unha opción construtiva secundaria, revélase como un aspecto para ser destacado polas implicacións argumentativas que trae consigo esta correspondencia.

Verbo	EA	ES
Tornar Volver Voltar	S + P + OD + CLD	Ini + Mb + Md + Dt
	S + P	
	S + P + CLD	Mb + Md + (Or +) Dt
	S + P + CLO	Ent/Ax + Md + Dt
	S + P + OD	

**Táboa 128: Correspondencia ES e EA dos verbos de maneira de moverse reverxente**

A nuclearidade do modo e do destino do desprazamento define en grande medida o funcionamento semántico-sintáctico do conxunto dos verbos de movemento con desprazamento reverxente, pero ó referir un tipo de acción tan concreta encontramos que este grupo está formado por un número limitado de ES que concorren entre si. Os tres verbos que constitúen o noso conxunto de traballo teñen unha distribución e tipo de uso diferente segundo atendamos á lingua portuguesa ou á galega, o que vai influír na súa construción argumental. Segundo o peso que teñan en cada unha destas unidades as acepcións que indican un movemento, veremos unha diversidade construtiva diferente e tamén unha importancia da transitividade diversa. Deste modo,

no mesmo grao en que diminúa o peso das acepcións vencelladas co movemento con desprazamento, aumentará proporcionalmente a importancia da transitividade para a unidade; ou a concorrencia entre significados metafóricos e de movemento favorecerá a adquisición de sentidos e construcións secundarias que, aínda podendo ser compartidas cos outros lexemas, representan unha porcentaxe menor.

Deste modo enténdese o diferente comportamento semántico primeiro en cada un dos verbos segundo a lingua. *Volver* en portugués funciona como verbo dicendi en case a metade dos seus rexistros. Este sentido correspóndese co ES Ax + Pac + Benef e os EA en que se tende a elidir o dito e a quen foi dito por extraíble do contexto comunicativo e para evitar a redundancia informativa (S + P).

En confronto, para *voltar* redúcese sensiblemente a escolla deste sentido verbal na mesma lingua ó funcionar nela como a unidade prototípica para describir un movemento con desprazamento. En galego no noso corpus de traballo o dito significado de acto de fala conta cunha porcentaxe de rexistros moi menor xunto de *volver* fronte a *tornar*. E este último é o que desenvolve no noso corpus con máis normalidade un funcionamento copulativo para describir un estado de cousas. Aínda que é un valor común ás tres unidades, as porcentaxes recollidas con *tornar* son moi superiores ás que aparecen no noso corpus de traballo con *voltar* ou *volver* nas dúas linguas.

En resumo, os sentidos e construcións recollidas son posibles nos dous idiomas e cos tres verbos, pero regúlanse entre si dunha forma diversa segundo o lexema e o código sexa o galego sexa o portugués.

#### **8.1.8. Verbos maneira de moverse secuencial**

Este grupo verbal describe a interrupción absoluta ou temporal dun desprazamento. Este cambio de óptica a respecto dos restantes verbos de movemento analizados non trae consigo diferenzas substanciais no comportamento semántico-sintáctico do conxunto. Continuamos encontrándonos ante unha descolocación en que se focaliza, neste caso, o punto de chegada. Polo tanto, imos poñer en paralelo o funcionamento deste grupo (representado por *parar*) co referido para os verbos focalizados no destino.

A respecto do tipo de roles semánticos que requiren, aínda que se caracterizan como unidades de maneira de moverse, a figura central non é modal, senón locativa: o Dt. A xustificación para este comportamento está en que a maneira implícita de desenvolverse o desprazamento que describe, neste caso, *parar* é unha caracterización do propio destino. Para os verbos secuenciais (*parar, aparcar, estacionar, atracar...*) o lugar de chegada márcase como o espazo onde se interrompe o movemento, o que xustifica o papel fundamental no plano semántico desta indicación locativa final.

Dende os datos que nos fornece *parar*, encontramos que os ES e EA base coinciden co visto para os verbos focalizados no Dt. Deste modo, o rol semántico nuclear do Dt ou do Amb, forma de interpretar o espazo de actuación do verbo cando adquire significados desvencellados da idea de movemento con desprazamento (véxase cap. 4), resólvese no plano sintáctico de dúas maneiras:

- Explicítase a través dun CLD, comunmente introducido pola preposición *en* do mesmo modo ca con *entrar*.
- Elídese porque ora o discurso fai supoñible o espazo en que se interrompe o movemento ou a acción ora hai algún outro complemento –de natureza modal, indicando unha finalidade ou causa– a partir do que non é necesario lexicalizar esta referencia locativa que xa a inclúe de seu.

Verbo	EA	ES
Parar	S + P + OD	Ini + Mb + Dt
	S + P + OD + CLD	
	S + P	Mb + Dt Ax / Ent + Amb
	S + P + CLD	
	S + P + modal	

**Táboa 129: Correspondencia ES e EA dos verbos de maneira de moverse reverxente**

Aínda que estamos ante un grupo verbal que describe o desprazamento dunha forma particular ó atender o momento en que este se interrompe (véxase cap. 4 e cap. 6), o comportamento semántico-sintáctico mantense na lóxica de funcionamento dos verbos de movemento con desprazamento. Só encontramos unha relativa singularidade na rexencia prepositiva, a través de que se explicita a interrupción do proceso coa escolla dun nexos situacional para referir o destino (véxase cap. 7).

### **8.1.9. Funcionamento copulativo dos verbos de movemento con desprazamento**

Unha parte dos verbos de movemento con desprazamento está a sufrir un proceso de transformación profunda polo que en certos contextos vai adquirindo un valor copulativo para referir un estado de cousas. Este funcionamento compatibilízase coa construción predicativa que rexistran estas mesmas unidades na maioría das súas construcións. Mais o cambio que experimentan con este valor copulativo afecta o ES e EA. Antes de atender a súa construción queremos entender por que este tipo de lexemas son especialmente sensibles cara á toma deste funcionamento e buscar que condicionantes son necesarios para que un verbo de movemento teña máis probabilidades de adquirir un valor copulativo.

Os verbos de movemento describen, en primeira instancia, un desprazamento en progreso; á vez, cando indican un desprazamento poden acompañar a especificación locativa nuclear –*sex* o *Dt*, a *Or* ou o *Tr*– doutra modal, é dicir, que amais de focalizar un lugar tamén se atende o modo en que se realiza o desprazamento. Este é o ES base dos verbos de modo de moverse e cando menos un secundario para o conxunto deste tipo verbal. A partir do dito ES o verbo pode chegar a adquirir sentidos onde a referencia espacial deixa de ser nuclear, ó observarse o desprazamento como unha acción intrínseca que non importa a onde, de onde ou por onde vai levar, pero si se destaca a maneira en que se encontra quen realiza a acción. Finalmente, o verbo abandona a idea de movemento e pasa a describir un estado de cousas que pode estar en curso ou xa ser alcanzado tras un proceso anterior resolvido. Desta maneira encontramos que neste caso os verbos están a perder corpo semántico o que os vai aproximando ó funcionamento copulativo. É dicir, o verbo en maior ou menor medida perde o seu significado e funciona como a cópula entre a realidade e o seu estado. Este é o proceso que experimentan os verbos de movemento con desprazamento que adquiren un funcionamento copulativo. Polo tanto, en todos aqueles que o desenvolven, poden observarse estes tres chanzos:

- Descrición dun movemento con argumentos locativo e modal.
- Referencia dun movemento con argumento modal nuclear e sen rexencia locativa.

- Indicación dun estado de cousas con abandono da idea de desprazamento físico.

Son tres niveis que conviven no corpus de significados da unidade e que funcionan como un contínuum que explica o uso copulativo. De todos os xeitos, o funcionamento atributivo destes verbos aínda non é absoluto, senón que estamos ante un cambio en proceso non completamente alcanzado. Mostra disto é que os verbos de movemento non perden totalmente o seu significado cando describen un estado de cousas, senón que lle engaden algún matiz semántico que co uso de unidades como *ser* ou *estar* se perdería.

Por outra banda, esta é unha evolución non compartida polo conxunto dos verbos de movemento con desprazamento, xa que se precisan dous condicionantes para que esta se dea:

- O verbo debe ter un corpo de significados diverso: en parte deles a idea de desprazamento debe estar diluída e debe contar con sentidos en que as nocións do modo en que se realiza a acción sexan importantes.
- O verbo debe ser unha unidade cun uso común pola comunidade de falantes.

A partir dos datos do noso traballo, non existen fronteiras obxectivas para determinar en que momento unha unidade alcanza unha diversidade semántica e un uso suficiente para adquirir un valor copulativo, pero encontramos que estas dúas propiedades son compartidas polo conxunto dos verbos que nesta investigación admiten este uso. Son todos eles as unidades de modo de moverse (*andar*, *correr*, *tornar*, *voltar* e *volver*) ou os lexemas direccionais máis empregados no corpus (*ir*, *vir*, *saír*, *levar* e *pasar*) –véxase Anexo III– e contan cun abano de acepción tamén máis diverso (véxase Anexo V).

Só encontramos unha aparente excepción: *chegar*. É un dos verbos máis empregados no noso corpus e tamén dos que presentan un corpo de significados máis amplo, pola contra non admite un uso copulativo no mesmo grao cás unidades referidas. Mais con este lexema podemos describir tamén un estado de cousas (véxase cap. 3), aínda que o estado alcanzado sexa entendido non como unha indicación modal senón un espazo metafórico alcanzado; por engadido, este verbo funciona como sinónimo da paráfrase copulativa ‘ser suficiente’ (véxase acepcións 24 e 24a, cap. 3). Isto é, o proceso de

adquisición dun valor copulativo está nun estadio máis temperán do que para os restantes verbos caracterizados como tal, pero xa aberto cara a esa dirección.

Como verbos copulativos, os derivados dun verbo de movemento con desprazamento desenvólvense cun ES con rol modal ou de localización propio da descrición dun estado de cousas. No EA, estas rexencias semánticas concrétnanse a través dun complemento modal (predicativo e circunstancial de modo) ou un circunstancial de lugar *en*. Contextualmente tamén se pode elidir a indicación do estado en que algo ou alguén se encontra, fundamentalmente nunha construción causativa.

Verbo	EA	ES
Ir Vir Saír Andar Correr Tornar	S + P + modal / CL	Ax / Ent + Md / Loc
Levar Tornar Voltar Volver	S + P + OD + modal / CL	Ax / Cau + Pac + Md

**Táboa 130: Correspondencia ES e EA do funcionamento copulativo**

Sae desta construción argumental base unha única acepción de *pasar* como verbo copulativo: baixo a acepción 26, este verbo semanticamente non precisa unha especificación modal xa que el propio describe un estado de seu e pásase a focalizar o beneficiario desta (véxase acepción 26, cap. 3). Deste modo, o ES Ent+Benef correspóndese co EA S+P+OI. En definitiva, estamos ante unha variante da construción base prototípica deste tipo verbal con funcionamento copulativo, pois elídese o modo en que se encontra algo ou alguén ó focalizar a atención sobre quen padece ou experimenta ese algo ou alguén.

Encontramos que o ES e o EA destes verbos baixo o funcionamento copulativo é parello ó dos lexemas considerados tradicionalmente propiamente atributivos como *ser* (Crystal, 2003: 110).

### **8.1.10. Funcionamento auxiliar dos verbos de movemento con desprazamento**

Neste apartado non imos facer un tratamento pormenorizado das construcións perifrásticas a partir dos verbos de movemento con desprazamento, xa que é un aspecto de construción que require un traballo centrado exclusivamente nesa cuestión.



Agora só imos tentar dilucidar que tipo de verbos de movemento con desprazamento son máis propensos a admitir un funcionamento auxiliar e cales son os condicionantes requiridos para tal.

Auxiliar “is a term applied most commonly in either descriptive or analytical studies to forms bearing both morphological and positional resemblance to verbs and occurring with a ‘main verb’ but not independently” (Brown e Miller, 1999: 49). Por conseguinte, o baleirado semántico máximo alcanzado por un verbo dáse como auxiliar dunha estrutura perifrástica; dilúese o seu significado dentro desta estrutura de xeito que “funcionan como morfemas gramaticais, achegando significados correspondentes ás categorías verbais de modo, tempo, aspecto ou voz” (Álvarez e Xove, 2002: 335).

A teoría da gramaticalización define con esa etiqueta o proceso “que consiste na conversión gradual de entradas léxicas plenas en elementos gramaticais” (Sousa, 2002: 292); determina que o grao de gramaticalización dun elemento se pode establecer a partir dunha serie de parámetros: a desemantización, a descategorización, a clitización, a erosión e a integración oracional. Á vez Heine (1993) sinala que os verbos relacionados cos conceptos de movemento están en situación máis propicia para chegar a ser auxiliares ca outros. Neste traballo observamos que o funcionamento auxiliar por parte dun verbo de movemento con desprazamento está estreitamente vencellado co copulativo visto no apartado anterior. Non é unha capacidade común a todos os verbos de movemento con desprazamento, senón que se regula en grande medida polos mesmos requisitos de hábito de uso e extensión semántica. Ademais, se admite a construción copulativa enténdese o seu emprego como auxiliar dunha perífrase verbal como un chanzo máis no proceso de perda de significado iniciado pola unidade.

Desta maneira, encontramos que practicamente todos os lexemas que foron caracterizados como unidades copulativas (véxase apartado 8.1.9.) admiten o funcionamento auxiliar dentro dunha perífrase. Estamos a nos referir ás unidades de maneira de moverse *andar*, *tornar*, *voltar* e *volver* e ás direccionais *ir*, *vir*, *saír*, *levar* e *pasar*. *Correr* é o único que non recolle un comportamento auxiliar; mais tamén para esta unidade o valor copulativo representa unha porcentaxe de uso moi menor e neses contextos o sentido verbal primeiro aínda está moi presente, é dicir, o carácter

## A relación entre o significado e a sintaxe

inicial do camiño cara ó funcionamento copulativo xustifica o estadio non alcanzado como auxiliar.

Tipo	Subtipo	Perífrase Verbal		
Aspectual	Durativa	Ir + xer		
	Resultativa	Ir + part.	Levar + part.	Andar + part.
		Pasar a + inf.	Pasar + inf.	Chegar para + inf.
		Chegar a + inf.		
	Cesativa	Parar de + inf.		
	Extensiva	Andar a + inf.	Andar para + inf.	Andar + xer.
	Inceptiva	Entrar a + inf.	Entrar de + inf.	
	Cuantificadora	Levar a + inf.	Levar + xer.	
	Cuantificación con repetición	Tornar a + inf.	Volver + inf.	Voltar + inf.
		Voltar a + inf.	Volver a + inf.	
	Demarcativa	Saír e + verbo en forma persoal. (P4)	Ir (e) + verbo en forma persoal. (P4)	(E) chegar (e) + verbo en forma persoal. (P4)
	Demarcativa retrospectiva	Vir (a) + inf.	Vir de + inf.	Vir + xer.
	Aproximación.	Vir a + inf.	Vir + xer	
Temporal	Posteridade	Ir + inf.	Vir + inf.	
	Perfectiva	Ir + inf.		
Modal	Ter a intención de	Ir + inf.		

**Táboa 131: Perífrases verbais con verbo de movemento con desprazamento como auxiliar**

Por outra banda, encontramos dúas unidades que non admiten un funcionamento copulativo e que si as recolleemos como auxiliares dun grupo perifrástico: *entrar* e *parar*. Ambas as dúas teñen uns índices de uso relevantes, pero se observamos o valor que lle engaden ós construtos perifrásticos en que se inclúen (véxase Táboa 131) veremos que o seu significado como auxiliar é moi análogo ó que teñen de forma máis habitual como predicado de oración. Esta non é unha exclusividade destes verbos, senón que é unha propiedade admisible para os auxiliares perifrásticos, especialmente a partir de sentidos secundarios (véxase Álvarez e Xove, 2002: 335), pero simula unha tendencia sensiblemente superior para aquelas unidades que non admiten o funcionamento copulativo e si se desenvolven como formante perifrástico.

En definitiva, aquelas unidades de movemento con desprazamento que experimentaron ou están a experimentar un proceso aberto de baleirado semántico son os que teñen máis capacidades de funcionaren como cópulas dun predicado atributivo e como auxiliares dunha estrutura perifrástica. Se o proceso de perda do seu corpo semántico aínda está nun estadio inicial, polo que é evidente a interligazón entre o valor copulativo ou o tipo de información aspectual que lle engaden á estrutura perifrástica e o seu significado como núcleo do predicado, redúcense as posibilidades de que admita estes dous tipos de funcionamentos e só dunha forma moi

secundaria e estreitamente ligable co seu corpo de significados base pode desenvolver un rol copulativo ou auxiliar.

## **8.2. Conclusión**

Neste capítulo moveunos interligar o comportamento base dos verbos de movemento con desprazamento a respecto da súa construción semántica e sintáctica. Ao longo de todo este traballo de investigación fomos atendendo estes dous planos relativamente de forma separada, pero esa división xurdiu en numerosos casos como un impedimento que houbo que saltar. A interdependencia destes dous planos lingüísticos evidenciouse para xustificar cunha lóxica de grupo determinados comportamentos que de forma illada xurdían como anomalías particulares.

A partir do contraste dos ES e EA dos verbos de movemento con desprazamento, podemos establecer doce regras de funcionamento destas unidades.

- Regra 1: Os verbos de movemento con desprazamento desenvolven un funcionamento prototípico semántico-sintáctico segundo a referencia espacial que focalizan.
- Regra 2: O comportamento prototípico é común a todos os membros dun mesmo grupo semántico, independentemente de que a súa adscripción a ese sexa primaria ou secundaria. Non hai diverxencias no funcionamento semántico-sintáctico nuclear dun verbo independentemente de que focalice a acción nun referido punto locativo na gran maioría ou na totalidade do seu corpus de significados ou que o faga nunha parte menor do seu corpo semántico.
- Regra 3: Un mesmo verbo pode adscribirse a diferentes grupos semánticos, de maneira que a cada unha das categorizacións lle corresponde o desenvolvemento semántico-sintáctico base referente do dito grupo.
- Regra 4: Os verbos de maneira de moverse teñen unha predisposición segundo o tipo de movemento que describen cara á focalización dunha das referencias espaciais, que fai que o seu comportamento semántico-sintáctico sexa parello ó grupo direccional referencial.
- Regra 5: Non ten que haber unha correspondencia exacta entre ES e EA no referido ós seus constituíntes, xa que “The number and type of semantic

arguments in a sentence is a consequence of the conceptual formation rules, and is not entirely predictable from the syntax” (Jackendoff, 2003) e “The number, type, and order of syntactic arguments in a sentence is only predictable in part from the semantic arguments” (Jackendoff, 2003).

- Regra 6: O rol semántico locativo nuclear ten moitas posibilidades no EA de estar elidido sexa polo contexto ou porque aparecen outros complementos (fundamentalmente outros locativos ou modais) que o fan supoñible, de modo que a súa explicitación sería redundante. Desta maneira ratifícase que “The number of syntactic arguments that a verb takes on any given occasion is equal to or fewer than the number of its semantic arguments” (Jackendoff, 2003).
- Regra 7: O valor semántico locativo que se lle adscriba ó OD é definitorio para determinar que referencia espacial é nuclear para cada verbo ou grupo semántico.
- Regra 8: O OI pode corresponderse cun rol semántico locativo, sempre que o seu referente sexa [+animado], polo que a fusión entre os papeis locativo e benefactario da acción é alta.
- Regra 9: O ES base dun verbo de movemento posicionado na liña espacial, isto é, non hiperónimo do grupo, presenta un mínimo de dous elementos se é non causativo e tres se é causativo; e un máximo de catro formantes, cando non causativo, e cinco, se é causativo. Os seus correspondentes EA teñen un número igual ou inferior de roles sintácticos.
- Regra 10: O ES e o EA base dun verbo de movemento con desprazamento hiperónimo do grupo non ten ningún tipo de concreción locativa nin modal.
- Regra 11: Sintacticamente, é común a ampliación dos EA por necesidades contextuais, especialmente a través de referencias locativas ou modais satélites.
- Regra 12: Para que un verbo de movemento con desprazamento abandone o estadio predicativo e pase a funcionar como un verbo copulativo ou un auxiliar dunha estrutura perifrástica é preciso que:

## A relación entre o significado e a sintaxe

- Conte cun amplo corpo de significados, singularmente con acepcións onde a localización espacial perda nuclearidade a favor de referencias modais.
- Teña un uso habitual na lingua analizada.

Desta maneira parécenos irrefutable que facer unha análise da construción sintáctica dunha unidade verbal sen atender o seu corpo semántico ou o contrario é unha postura desacertada porque se perdería boa parte da súa lóxica construtiva e incluso da súa diversidade e amplitude funcional. Por conseguinte, concluímos que é predicible o funcionamento semántico-sintáctico base dun verbo de movemento con desprazamento a partir da súa categorización dentro da clasificación que formulamos no inicio deste traballo de investigación.

## **Conclusións finais**



## Conclusiones finais

Ata o de agora nos estudos lingüísticos galegos o enfoque semántico-sintáctico de análise da construción verbal como fórmula para coñecer a predicación base foi tomada por traballos que se circunscriben a unidades ou grupos de verbos concretos (véxase cap. 6). Esta investigación é a primeira que se centra no conxunto dos verbos de movemento con desprazamento en galego e en portugués, na busca dunha descrición xenérica dos ES e dos EA base desta tipoloxía verbal a partir dun cadro representativo de lexemas que exemplifican os diferentes subgrupos de que está composta.

Ao longo dos oito capítulos de que consta esta tese demostramos a rendibilidade de traballar con grupos semánticos verbais á hora de focalizar a análise semántico-sintáctica base desta categoría gramatical en galego e en portugués. Isto é, a partir de unidades concretas extraídas dun coprus fixo pódese predicir os ES e os EA prototípicos de calquera lexema verbal atendendo a súa clasificación dentro dun grupo semántico-sintáctico. Mais para isto é preciso establecer unha clasificación referencial en que se determine que tipo de trazos son os lingüisticamente rendibles na distinción dos diferentes subgrupos dunha mesma área de significado. No noso caso presentamos unha categorización propia do movemento con desprazamento nos dous idiomas obxecto de estudo e que se pon en diálogo coas utilizadas en diferentes traballos e proxectos de investigación parellos (véxase cap. 1) que toman en consideración aspectos semánticos e sintácticos. Este é un dos piares fundamentais do noso traballo: a interligazón entre o ámbito do significado e o da sintaxe. Entendemos estas dúas dimensións como non absolutamente correspondentes, pero si autoinfluentes. Existen fenómenos sintácticos que só se poden explicar dun modo regular se se atende o aspecto semántico, por exemplo, as restricións de copresenza do OD e do CLD que encontramos xunto de verbos como *pasar* débense a que son unidades sintácticas en tensión cun mesmo referente no ES; e o mesmo encontramos na relación inversa como se pode ver a través da profunda interligazón entre causatividade e transitividade. Esta situación fai que se nos presente como fundamental a atención destes dous ámbitos lingüísticos.

Alén desta primeira premisa, encontramos a necesidade de atender outros tres principios básicos á hora de enfocar un traballo no que se pretende describir o funcionamento prototípico semántico-sintáctico dun grupo verbal.



## Conclusiones finais

Para describir o comportamento dun verbo é preciso atender un feito moi recorrente: a polisemia. A diversidade de significados dunha unidade verbal concreta fai que o máis habitual sexa que non desenvolva un único ES ou EA base, senón que a súa construción chegue a diversificarse do mesmo modo que o seu corpo de significados. No que respecta ós verbos de movemento con desprazamento, encontramos que as súas acepcións poden ser agrupadas en oito macroacepcións compartidas:

- Movemento con desprazamento: onde se inclúen os significados prototípicos do grupo semántico referido.
- Movemento sen desprazamento: comparte en grande medida as acepcións coa anterior, mais o contexto carrega un movemento sen mudanza na localización.
- Localización: esta pode ser extensiva ou, en menor medida, situacional. No primeiro caso delimita a extensión pola que se desenvolve unha determinada realidade [-animada], especialmente unha vía ou un accidente xeográfico, polo que existe unha relación metafórica coa idea de movemento con desprazamento.
- Mudanza de estado: é unha macroacepción onde o desprazamento xa non é físico, senón que se dá no plano metafórico.
- Estado: baixo este macrosentido unha parte dos verbos de movemento adquiren un funcionamento copulativo produto dun proceso de baleirado semántico aínda en curso.
- Acción: esta é a macroacepción máis plural e diversa, xa que só require que o movemento físico estea ausente, aínda que se mantén, metaforicamente, o sema [+activo].
- Relación: o vencello entre individuos ou realidades é unha opción de significado para verbos cun corpo semántico amplo, en especial para as unidades centradas no destino da acción.
- Cantidade: colócase entre a descrición dun estado de cousas e a acción. Os verbos para desenvolverse nesta área de significado precisan estar marcados cun matiz de durabilidade.

Mais isto non quere dicir que a importancia de cada dimensión de significado sexa idéntica. Nin todas as macroacepcións representan o corpo semántico dos verbos de

## Conclusiones finais

movemento con desprazamento no mesmo grao, nin tampouco todas as acepción dun mesmo lexema verbal que se inclúen en cada unha ten o mesmo peso no uso para unha unidade concreta. Deste modo, encontramos dous principios que se deben ter en conta á hora de facer unha descrición do funcionamento base dun grupo verbal:

- O uso determina cal é o funcionamento prototípico base semántico-sintáctico dunha unidade e cales son ampliacións metafóricas ou valores secundarios que non describen o seu grupo de referencia.
- A diversidade de ES redúcese cando atendemos a área de significado referencial dun campo semántico, no noso caso estamos a nos referir á macroacepción movemento con desprazamento; por conseguinte, segundo nos internemos nos eidos metafóricos adquiridos polos verbos, maior será o número de ES que entran en xogo.

Ademais, a polisemia das unidades verbais tamén trae consigo que poida adquirir sentidos concretos que sitúen un lexema en parello con formas de diversos subgrupos. É dicir, rexistramos un terceiro principio:

- Un mesmo verbo pode adscribirse a diferentes grupos semánticos, de maneira que a cada unha das categorizacións lle corresponde o desenvolvemento semántico-sintáctico base referente do dito grupo.

Xa entrando na descrición da delimitación dos ES e dos EA base dos verbos de movemento, encontramos que existe unha serie de principios que regulan o funcionamento semántico, outros o sintáctico e un último conxunto de regras determinan a interligazón entre os dous planos. Esta serie de parámetros son compartidos polas dúas linguas obxecto de estudo deste traballo.

A respecto da construción semántica base dos verbos de movemento con desprazamento, determinamos:

- Principio semántico 1: Cada subgrupo de verbos predispónse dunha forma diferente cara a cada unha das referencias locativas.
- Principio semántico 2: Os verbos de maneira de moverse determinan a referencia locativa argumental do seu ES tal e como os direccionais.
- Principio semántico 3: Un mesmo ES presenta unha versión [+causativa] e outra [-causativa].

## Conclusións finais

- Principio semántico 4: Os ES base dun subgrupo verbal coinciden coas opcións de construción propias dos verbos cun corpo semántico menor e, polo tanto, con menos propostas estruturais.
- Principio semántico 5: As referencias locativas contan cunha xerarquía de predisposición xenérica cos verbos de movemento con desprazamento reguladora da capacidade de combinarse destes coas indicacións espaciais diferentes do argumental para cada grupo semántico: Dt > Or > Tr > Loc.
- Principio semántico 6: O tipo de roles semánticos, fóra das referencias locativas, que teñen un oco argumental cos verbos de movemento redúcense a referencias modais e ó beneficiario da acción.

Deste modo, encontramos que cinco ES, con cadansúas variacións [+causativa] e [-causativa] son compartidos polo conxunto dos verbos de movemento con desprazamento, mais a predisposición cara a cada un deles é diferente segundo o subgrupo ó que pertencen:

ES	Tipo verbal
ES monoactancial [-causativo] (ES_1)	Arquismema
ES biactancial [+causativo] (ES_1a)	
ES_1/1a + Dt	VD na verticalidade con sentido ascendente
	VD na horizontalidade focalizado no Dt
	VMM reverxente
	VMM secuencial
ES_1/1a + Or	VD na horizontalidade focalizado na Or
ES_1/1a + Tr	VD na horizontalidade focalizado no Tr
	VMM continuo
ES_1/1a + referencia modal	VMM reverxente
	VMM continuo
	Funcionamento copulativo

**Táboa 132: Distribución dos ES base por grupos semánticos dos verbos de movemento con desprazamento**

No plano sintáctico a delimitación dos EA dos verbos de movemento con desprazamento é predicible se se atende unha serie de principios:

- Principio sintáctico 1: cada grupo verbal presenta como argumental un circunstancial locativo.
- Principio sintáctico 2: aumentan as posibilidades de elisión do argumento espacial segundo como maiores sexan extrapolables as referencias de lugar a partir do contexto comunicativo ou do propio discurso.

## Conclusións finais

- Principio sintáctico 3: o OD e o circunstancial de lugar argumento dun grupo verbal entran en concorrencia nas construcións [–causativas] por poderen coincidir no rol semántico locativo que lles corresponda.
- Principio sintáctico 4: o circunstancial de destino concorre en desvantaxe co OI cando o referente do lugar de chegada é [+animado].
- Principio sintáctico 5: aumentan as posibilidades de que non sexan argumentais os circunstanciais locativos cando o verbo pasa a focalizar o modo en que se realiza un desprazamento ou abandona a idea de movemento.
- Principio sintáctico 6: a toma dun rol argumental por parte de complementacións de natureza modal fai que as posibilidades de que un circunstancial locativo sexa un argumento do EA do verbo se reduzan.
- Principio sintáctico 7: o tipo de unidade e de nexo que pode introducir un determinado tipo de circunstancial de lugar diversifícase no mesmo grao en que aumente a súa nuclearidade no EA do verbo.

Deste modo, os EA base dos verbos de movemento con desprazamento redúcense a cinco propostas que se regulan polo subgrupo de verbo de movemento que atendamos e por aspectos semántico-sintácticos como o contexto comunicativo ou a correspondencia no plano semántico do argumento sintáctico OD ou do OI:

EA	Tipo verbal
EA monoactancial [intransitivo] (EA_1)	Conxunto dos verbos de movemento con desprazamento
EA biactancial [transitivo] (EA_1a)	
EA_1/1a + CLD/OI [+animado]	VD na verticalidade con sentido ascendente
	VD na horizontalidade focalizado no Dt
	VMM reverxente
	VMM secuencial
EA_1/1a + CLO	VD na horizontalidade focalizado na Or
EA_1/1a + CLP	VD na horizontalidade focalizado no Tr
	VMM continuo
EA_1/1a + referencia modal	VMM reverxente
	VMM continuo
	Funcionamento copulativo

**Táboa 133: Distribución dos EA base por grupos semánticos dos verbos de movemento con desprazamento**

De contrastarmos agora os planos semántico e sintáctico descrito a respecto do funcionamento base dos verbos de movemento con desprazamento, veremos que se pode presupor unha serie de regras fundamentais que regulan a interligazón entre

## Conclusiones finais

estes dous ámbitos fundamentais para a comprensión da construción dos verbos de movemento con desprazamento; isto é, podemos deseñar unha serie de regras básicas coas que debuxar o funcionamento base do grupo verbal que nos interesa:

- Regra 1: Os verbos de movemento con desprazamento desenvolven un funcionamento prototípico semántico-sintáctico segundo a referencia espacial que focalizan.
- Regra 2: Un mesmo verbo pode adscribirse a diferentes grupos semánticos, de maneira que a cada unha das categorizacións lle vai corresponder o desenvolvemento semántico-sintáctico base referente do dito grupo.
- Regra 3: Os verbos de maneira de moverse teñen unha predisposición segundo o tipo de movemento que describen cara á focalización dunha das referencias espaciais, que fai que o seu comportamento semántico-sintáctico sexa parello ó grupo direccional referencial.
- Regra 4: O comportamento prototípico é común a todos os membros dun mesmo grupo semántico, independentemente de que a súa adscripción a ese sexa primaria ou secundaria.
- Regra 5: Non ten que haber unha correspondencia exacta entre ES e EA no que se refire ós seus constituíntes, xa que “The number and type of semantic arguments in a sentence is a consequence of the conceptual formation rules, and is not entirely predictable from the syntax” (Jackendoff, 2003) e “The number, type, and order of syntactic arguments in a sentence is only predictable in part from the semantic arguments” (Jackendoff, 2003).
